CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 14

2012

ISSN 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

Coordinador científico do CIRP

Manuel González González

Director Técnico de Lingüística

Guillermo Rojo Sánchez

Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.
Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico paremias@cirp.es
http://www.cirp.es

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2011
Autor Varios
Título Cadernos de Fraseoloxía Galega 14, 2012
Periodicidade Anual.
ISSN: **1698-7861** (Cadernos de Fraseoloxía Galega)
ISSN: **1698-787X** (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
D.L. C 229-2013

Imprime: Grafisant, S.L.

Cadernos de Fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: CIRBIRC, DICE, DIALNET, ISOC, LATINDEX, LINGUISTIC BIBLIOGRAPHY ONLINE, MLA, REBIUN e SUDOC-ABES e pode lerse en tódalas bibliotecas das Universidades de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista *Proverbium* (The University of Vermont). Recíbena máis de 100 fraseólogos de todo o mundo.

Pasados seis meses da edición en papel tódolos números poden baixarse íntegros en formato PDF de http://www.cirp.es e tamén dende a Biblioteca Letras Galegas do Instituto Cervantes (http://www.cervantesvirtual.com/) ou dende a páxina de EUROPHRAS (http://europhras.org/index.php?option=com_content&view=article&id=115&Itemid=95&lang=en).

A presentación, revisión por pares anónimos e aceptación de orixinais nesta revista segue estándares internacionais que se explican nas *Notas para a presentación de colaboracións* (páxs. 439-442).

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 14

2012

ISSN 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Director: Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Secretaria: María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)

Consello Científico

Margarita Alonso Ramos (Universidade da Coruña)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Xermán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Stefan Ettinger (Universität Augsburg)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luis González García (Universidade da Coruña)
Mª Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
Károly Morvay (Universidade Eötvös Loránd de Budapest)
António Nogueira Santos (Portugal)
Fernando Varela Iglesias (Universität Wien)
Gerd Wotjak (Universität Leipzig)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

Consello de Redacción

Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Carme López Taboada (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo)
Cristina Rodríguez Nieto (Porto do Son)
Emma Mª Salgueiro Veiga (CEIP de Sillobre, Fene)
María do Rosario Soto Arias (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Xacinta Varela Martínez (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Cristina Veiga Novoa (Santiago de Compostela)
Rebeca Lema Martínez

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseolóxica, está redactada en lingua galega porque, en primeiro lugar, pretende estimula-la recolla e investigación da fraseoloxía galega e da fraseoloxía universal en Galicia; pero tamén porque forma parte dun proxecto social de normalización da lingua propia de Galicia. Importantes fraseológos de Europa e de América colaboran xenerosamente neste proxecto de ecoloxía lingüística publicando en galego traballos inéditos nesta revista, que chega xa gratuitamente a noventa e cinco dos máis importantes fraseólogos do mundo e, en intercambio, a tódalas bibliotecas universitarias de España e Portugal. Chegará tamén a tódalas outras bibliotecas universitarias que o soliciten en intercambio. Os números anteriores, xa esgotados, poden baixarse integramente en formato PDF da Rede en http://www.cirp.es. Para máis información verbo das características técnicas, proceso de admisión, revisión e aceptación e a folla de estilo véxanse a páxina de créditos e mailas páxinas finais deste número; consúltese tamén http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseológica, está redactada en lengua gallega porque, en primer lugar, pretende estimular la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal en Galicia; pero también porque forma parte de un proyecto social de normalización de la lengua propia de Galicia. Importantes fraseólogos de Europa y de América colaboran generosamente en este proyecto de ecología lingüística publicando en gallego trabajos inéditos en esta revista, que ya llega gratuitamente a noventa y cinco de los más importantes fraseólogos del mundo y, en intercambio, a todas las bibliotecas universitarias de España y Portugal. Llegará también a las demás bibliotecas universitarias que lo soliciten en intercambio. Los números anteriores, ya agotados, pueden descargarse íntegramente en formato PDF de Internet en http://www.cirp.es. Para más información sobre las características técnicas, proceso de admisión, revisión y aceptación y sobre la hoja de estilo véanse la página de créditos y las páginas finales de este número; consúltese también http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, international yearbook of phraseological research, is edited in Galician language, firstly because it aims at promoting the collection and research of both Galician and universal phraseology in Galicia, but also because it is part of a social project of normalization of the autochthonous language of Galicia. Important European and American phraseologists generously contribute to this project of linguistic ecology by publishing unpublished works in Galician in this review, which is already received at no cost by ninety-five of the most important phraseologists in the world and, as an exchange, by all Spanish and Portuguese university libraries. It will also be received by those university libraries which apply for it in exchange. The previous numbers, already sold out, can be entirely downloaded on PDF format from the Internet at http://www.cirp.es. For more information related to technical aspects, admission process, text revision and acceptance and style sheet please consult the credits page and the final pages of this volume. Consult the next section of our website as well: http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revue internationale spécialisée en Phraséologie, est rédigée en galicien car non seulement elle prétend stimuler la collecte et la recherche de la Phraséologie galicienne et de la Phraséologie universelle présente en Galice, mais aussi parce qu'elle fait partie d'un projet social de normalisation de la propre langue galicienne. D'importants phraséologues d'Europe et d'Amérique prêtent généreusement leur collaboration à ce projet d'écologie linguistique en publiant des travaux inédits en galicien dans cette revue, qui est envoyée gratuitement à 95 des plus éminents phraséologues du monde entier, et à toutes les bibliothèques universitaires d'Espagne et du Portugal, en modalité d'échange. Elle sera également remise à toutes les autres bibliothèques universitaires qui veuillent bien la solliciter en échange. Les numéros antérieurs, déjà épuisés, peuvent être déchargés intégralement en format PDF sur la Toile au site: http://www.cirp.es. Pour plus d'information sur les caractéristiques techniques, le processus de soumission, révision et acceptation, ainsi que sur les consignes de style, voir la première et dernières pages de ce numéro et consulter aussi http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini

Die **Cadernos de Fraseoloxía Galega** sind eine phraseologische Zeitschrift, die auf Galicisch erscheint. Ihr Ziel besteht darin, den phraseologischen Bestand des Galicischen zu sammeln, zu erforschen und zu analysieren. Darüber hinaus beschäftigen sich die Cadernos de Fraseoloxía Galega aber auch mit der Phraseologie im allgemeinen. Bekannte Phraseologen aus Europa und Amerika tragen mit ihren bislang unveröffentlichten und von Experten begutachteten Artikeln, die jeweils ins Galicische übersetzt werden, zur Standardisierung und Modernisierung der galicischen Sprache bei. Knapp hundert angesehene Phraseologen aus aller Welt erhalten inzwischen die Zeitschrift Cadernos de Fraseoloxía Galega kostenlos und sie wird außerdem im Austausch an alle spanischen und portugiesischen Universitätsbibliotheken geliefert. Weitere Universitätsbibliotheken können die Zeitschrift auf Antrag im Austauschverfahren erhalten. Die früheren und inzwischen vergriffenen Zeitschriftennummern können vollständig aus dem Internet im PDF-Format unter http://www.cirp.es/ heruntergeladen werden. Für weitere Informationen über die stylesheets, Evaluierung und Aufnahme der Beiträge siehe bitte das Impressum und die letzten Seiten dieser Zeitschriftennummer; siehe auch unter http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini.

Cadernos de Fraseoloxía Galega («Тетради по Галисийской Фразеологии») — это международный журнал, посвященный фразеологическим исследованиям, выходит на галисийском языке, так как он издаётся в первую очередь с целью стимулировать сбор материала и проведение исследований по галисийской фразеологии и по универсальной фразеологии в Галисии, а также потому что он является составной частью социального проекта нормализации собственного языка Галисии. Видные фразеологи Европы и Америки щедро сотрудничают в рамках этого проекта по лингвистической экологии, публикуя свои неизданные труды на галисийском языке в этом журнале, который распространяется бесплатно среди девяноста пяти наиболее выдающихся фразеологов мира, а также высылается по межбиблиотечному обмену во все университетские библиотеки Испании и Португалии. Журнал будет также отсылаться во все те университетские библиотеки, которые запросят его по межбиблиотечному обмену. Предыдущие номера, тираж которых уже исчерпан, можно скачать полностью из сети в формате PDF с адреса http://www.cirp.es. Дополнительную информацию о технических характеристиках, о процессе принятия к рассмотрению, проверки и утверждения, а также издательскую инструкцию можно посмотреть на странице, где приводятся выходные данные, а также на последних страницах данного номера. См. также http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini

Índice

ESTUDOS / PAPERS 19

AUGUSTO, Mª Celeste. *Os enunciados (implicitados) de sabedoría no dicionario bilingüe conservan realmente a súa "sabedoría"?* / Do the (implicited) statements of wisdom in the bilingual dictionary really preserve their "wisdom"? 21

BIOSCA POSTIUS, Mercè e MORVAY, Károly. *A fraseoloxía moncadiana, 2* / The Moncadian Phraseology, 2 43

BRUNETTI, Simona. *Fraseoloxía e superstición. Usos e costumes comparados de dous pobos.* / Phraseology and superstition. Comparative uses and customs of two towns 63

BUJÁN OTERO, Patricia. *Pataqueiras e 'Radieschen': fraseoloxía da morte en alemán e galego* / Pataqueiras and Radieschen: Phraseology of death in German and Galician 83

FERRO RUIBAL, Xesús e VARELA MARTÍNEZ Xacinta. *Fraseoloxía e paremioloxía galega nos escritos do P. Martín Sarmiento (1695-1772)* / Galician phraseology and paroemiology of P. Martín Sarmiento OSB (1695-1772 99

HOLZINGER, Herbert. *Unikale Elemente. Apuntamentos sobre as palabras ligadas fraseoloxicamente do alemán actual* / Unikale Elemente. Notes about phraseologicaly bound words of current German 165

MONTORO DEL ARCO, Esteban. *Luis Montoto y Rautenstrauch (1851-1929), fraseólogo* / Luis Montoto y Rautenstrauch (1851-1929), phraseologist .. 175

OLZA MORENO, Inés. *'Fijo que este artículo te gustará': o emprego dalgúns fraseoloxismos pragmáticos na linguaxe xuvenil do español e do inglés* / 'I'm sure you'll like this paper': the use of some pragmatic phraseologisms in Spanish and English teenage language 203

ROBLES I SABATER, Ferran. *As locucións marcadoras de reformulación con 'decir', 'dir', 'sagen'* / Marker phrases of reformulation with 'decir', 'dir', 'sagen' 219

UGARTE BALLESTER, Xus. *A aldraxe proverbial da preguiza nas dúas versións españolas de 'The Way to Wealth' de Benjamin Franklin.* / Proverbial obloquy of sloth in the two spanish versions of Benjamin Franklin's 'The Way to Wealth' 245

VULETIĆ, Nikola *Os ditos do derradeiro en falar: notas de fraseoloxía dálmata* / Sayings of a last speaker: notes of Dalmatian phraseology 247

RECADÁDIVAS / COMPILATIONS 299

CASTRO OTERO, Salvador e outros. *Outros lances nos lanos do Morrazo. Nova recollida de unidades fraseolóxicas.* / A fresh haul from the deeps of O Morrazo: New collection of phraseological units 273

CERVIÑO FERRÍN, M. ª Victoria. *Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1* / Phraseology and paroemiology of Sebil, 1 287

FERRO RUIBAL, Xesús. *Fraseoloxía e paremioloxía galega anotada por José Pérez Ballesteros (1833-1918)* / Phraseology and paroemiology noted by José Pérez Ballesteros (1833-1918) 309

RECENSIÓNS / REVIEWS 335

BÁRDOSI, Vilmos e GONZÁLEZ REY, María Isabel (2012): *Dictionnaire phraséologique thématique français-espagnol. Diccionario fraseológico temático francés-español*. Por / By Xesús Ferro Ruibal 337

BARSANTI, Mª Jesús (2011): *Los refranes en la traducción de El Quijote de Ludwig Tieck. Estudio paremiológico contrastivo español-alemán*. Por / By Nely M. Iglesias Iglesias..... 340

BERMÚDEZ BLANCO, Manuel e CID FERNÁNDEZ Alba (2011-2012): *Fraseoloxía Visual (Galega) 1* (21.12.2011); *Fraseoloxía Visual (Galega) 2* (30.12.2011); *Fraseoloxía Visual (Galega) 3* (10.9.2012). Por / By Xesús Ferro Ruibal 341

DOYLE, Charles Clay (2012): *Doing Proverbs and Other Kinds of Folklore. Philological and Historical Studies. Vermont: Proverbium e The University of Vermont*. Por / By Rebeca Lema 345

LOSADA ALDREY, M. Carmen (2011): *El español idiomático da juego. 150 fraseologismos con ejercicios*. Por / By Nely M. Iglesias Iglesias 348

MARTINO RUZ, Xandru (2008): *Refraneru temáticu asturianu*. Por / By Xacinta Varela Martínez 351

MIEDER, Wolfgang (2012): *International Bibliography of Paremiography. Collections of Proverbs, Proverbial Expressions and Comparisons, Quotations, Graffiti, Slang and Wellerisms*. Por / By Xesús Ferro Ruibal 355

MOGORRÓN HUERTA, e MEJRI, Salah (dirs.) (2008): *Opacidad, idiomaticidad, traducción - Opacité, idiomaticité, traduction*. Por / By Juan Antonio Albaladejo Martínez 359

OLZA MORENO, Inés (2011): *Corporalidad y lenguaje. La fraseología somática metalingüística del español*. Por / By M. Carmen Losada Aldrey 361

PÀMIES I RIUDOR, Víctor (2012): *En cap cap cap. Diccionari de dites i refranys sobre el cap*. Por / By Xus Ugarte Ballester 365

PÀMIES I RIUDOR, Víctor (2012): *vpamies.dites.cat // refranyer.dites.cat // biblioteca.dites.cat // diccitionari.blogspot.com // didactica.dites.cat // tematic.dites.cat // polsim. dites. cat // frasesfetes.dites.cat // enciclopedia.dites.cat // etimologies.dites.cat // conferencies.dites.cat // topica.dites.cat // ulls.dites.cat // cap.dites.cat*. Por / By Joan Puigmalet 367

PIIRAINEN Elisabeth (2012): *Widespread Idioms in Europe and Beyond. A Cross-linguistic and Cross-cultural Research Project*. Por / By Xesús Ferro Ruibal .. 371

SCHEMANN, Hans (2012): *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten. 2. Auflage, erweitert um eine Einführung in die 'Synonymie und Idiomatik'. Unter Mitarbeit von Renate Birkenhauer*. Por By Carmen Mellado Blanco 374

NOVAS / NEWS 379

Libros, revistas ou artigos / Books, journals or papers 381

Recensións / Reviews 388

Recensionantes / Reviewers 390

Bibliografía paremiolóxica / Paroemiological bibliography 392

Congresos e Seminarios. / Congresses and seminars 393

Fraseologia & Paremiologia. Seconda giornata di studio. Università degli Studi. La Sapienza. Roma 6-7/6/2012 393

Coloquio Internacional FRADITRAD: Fraseología: didáctica de las lenguas y traducción. Universidade de Santiago de Compostela. Campus de Lugo. 29-31/10/2012 394

Language Change and Phraseology. Annual conference of the Society for the History of Germanic Languages University of Siegen 27-29/9/2012 .. 396

Il proverbio nella letteratura italiana dal XV al XVII secolo. Università Roma Tre - Fondazione Marco Besso - Istituto della Enciclopedia Italiana. Fondata da Giovanni Treccani. Roma 5-6 /12/2012 396

Seminarios para la formación doctoral en fraseología y paremiología. Universidad Complutense. Madrid. 9/2012 397

Recursos para el desarrollo de la competencia léxica: colocaciones, locuciones y fórmulas institucionalizadas. Instituto Cervantes. Napoli 397

Próximos Congresos ou Encontros de traballo fraseolóxico / Next phraseological conferences or meetings 397

International Congress Phraseology in Multiligual Society. EUROPHRAS. 19–22/08/2013. Federal University. Kazan 397

Workshop "FemininеMasculine" in contrastive lexicology and phraseology. FLSH, Université de Limoges, 06–08/03/2013 397

Premières Rencontres Phraséologiques. La phraséologie: des collocations aux séquences figées. Grenoble, Maison des Sciences de l'Homme Rhône-Alpes. 13-15/11/2013 398

XIII Simposio Internacional de Comunicacion Social. Centro de Linguistica Aplicada. Santiago de Cuba. 21-25/01/2013. (parcialmente fraseolóxico) 398

Recursos / Resources 398

ParemioRom. Paremiologia romànica: refranys meteorològics i territori 398

Collocazioni italiane. Italienische Kollokationen 399

Deutsch-russische Idiome online 400
Algunhas páxinas internacionais de referencia 400
Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship 400
Paremia 400
EUROPHRAS Yearbook of Phraseology 400
Endangered Metaphors. II. Unha convocatoria científica e humanística 401

BALANCE / OUTCOME 405

Índices de Cadernos de Fraseoloxía Galega / Index of Cadernos de Fraseoloxía Galega 407
1. Índices alfabéticos de artigos / Alphabethical index of papers 407
2. Índice da sección de Recadádivas / Index of Compilations section 411
1.3.1. Índice alfabético de recensións por autores / Alphabethical index of reviews by authors 412
1.3.2. Índice alfabético de recensións por recensionantes / Alphabethical index of reviews by reviewers 415
1.4. Índice da sección de Novas / Index of News section 418
2. Índice temático dos catorce números de Cadernos de Fraseoloxía Galega / Subject index of the fourteen issues of Cadernos de Fraseoloxía Galega 420
3. Índice global dos Cadernos de Fraseoloxía Galega / Global index of Cadernos de Fraseoloxía Galega 428
4. Procedencia dos autores de Cadernos de Fraseoloxía Galega / Origin of the authors of Cadernos de Fraseoloxía Galega 435
Presentación de colaboracións e proceso de admisión. Normas / Submissions and admission process. Norms 439
9 Recursos en liña e 202 publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades 1994-2012 / 9 online resources and 202 publications of the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades 1994-2012 443

Presentación

Con este número de Cadernos de Fraseoloxía Galega 14, 2012 xa publicaron nesta revista investigadores de vinte países (vexáse 435-437).

A sección de ESTUDOS ofrece once traballos que abordan primordialmente dúas grandes áreas: unha sincrónica, a comparación interlingüística; e outra, histórica ou xeográfica, o legado fraseolóxico ou paremiolóxico de catro importantes figuras do século XX, do XIX e do XVIII.

A comparación interlingüística ábrese co artigo Mª Celeste Augusto (*Os enunciados (implicitados) de sabedoría no dicionario bilingüe conservan realmente a súa "sabedoría"?*) no que compara o tratamento lexicográfico das paremias nun dicionario portugués – holandés; continúa no traballo de Simona Brunetti (*Fraseoloxía e superstición. Usos e costumes comparados de dous pobos*) no que se comparan dende un punto de vista fraseolóxico (en parte tamén antropolóxico) elementos da cultura italiana, alemá e galega; continúa no traballo de Patricia Buján que analiza a visión da morte en galego e alemán (*Pataqueiras e Radieschen: fraseoloxía da morte en alemán e galego*), co de Inés Olza Moreno que analiza os fraseoloxismos pragmáticos da mocidade española e inglesa (*'Fijo que este artículo te gustará': o emprego dalgúns fraseoloxismos pragmáticos na linguaxe xuvenil do español e do inglés*) e co de Ferran Robles i Sabater (*As locucións marcadoras de reformulación con 'decir', 'dir', 'sagen'*). A comparación tamén está implícita no traballo de Xus Ugarte Ballester (*A aldraxe proverbial da preguiza nas dúas versións españolas de 'The Way to Wealth' de Benjamin Franklin*).

Este número presta atención especial a catro personalidades históricas relevantes dende o punto de vista fraseolóxico ou paremiolóxico. Unha delas é do século XX, Jesús Moncada, que volve por segunda vez a esta revista (véxase CFG 11,2009, 49-64) cun novo traballo de Mercè Biosca Postius e Károly Morvay *A fraseoloxía moncadiana, 2*. Do século XIX recupéranse dúas figuras, unha española (Luís Montoto) e outra dálmata (Tuóne Udáina): primeiramente Esteban Montoro del Arco ofrece *Luis Montoto y Rautenstrauch (1851-1929), fraseólogo* e Nikola Vuletić recupera a figura de Tuóne Udáina, ofrecendo un traballo de verdadeira arqueoloxía fraseolóxica no seu artigo *Os ditos do derradeiro en falar: notas de fraseoloxía dálmata.*. A cuarta figura é do século XVIII, o P. Sarmiento, un frade galego que viviu case toda a súa vida en Madrid e redactou case toda a súa obra en castelán: en *Fraseoloxía e paremioloxía galega nos escritos do P. Sarmiento (1695-1772)*: Xesús Ferro Ruibal e Xacinta Varela Martínez recuperan os ditos e refráns galegos que o P. Sarmiento cita na súa obra en castelán e analizan a pervivencia no uso actual.

Naturalmente na visión comparatista ou historicista destes dous bloques non se resume todo o contido destes traballos: neles acláranse problemas, ábrense perspectivas e formúlanse explicitamente afirmacións e interrogantes sobre outros aspectos da fraseoloxía e da paremioloxía que explican que a dobre revisión anónima os considerase merecedores de publicación. Ve a luz tamén o traballo no que Herbert Holtzinger reflexiona verbo das palabras ligadas fraseoloxicamente en alemán (*Unikale Elemente. Apuntamentos sobre as palabras ligadas fraseoloxicamente do alemán actual*).

A sección de RECADÁDIVAS ofrece tres escolmas da Galicia occidental, dúas delas costeiras (O Morrazo e A Coruña) e outra rural pontevedresa (Sebil en Cuntis). Ábrese con *Outros lances nos laños do Morrazo. Nova recollida de unidades fraseolóxicas* realizados por un grupo de profesores que encabeza Salvador Castro Otero, e que continúan así a recolleita e catalogación que iniciaron no 2005 cun libro que poeticamente titularan *Unha maré de palabras*, aquel libro e este artigo achégannos á peculiar mirada mariñeira, unha mirada case sempre pouco atendida polos investigadores de moi diversas disciplinas. Segue unha escolma de fraseoloxía rural (pero a 25 km do mar) no traballo M. ª Victoria Cerviño Ferrín titulado *Frases feitas de Sebil, 1*, que, nese 1 desvela que a esculca segue activa e anuncia próximas anadas. Finalmente Xesús Ferro Ruibal exhuma uns manuscritos do arquivo da Real Academia Galega: *Fraseoloxía e paremioloxía galega anotada por José Pérez Ballesteros (1833-1918*), material recollido no inicio do século XX na bisbarra da Coruña. Todos tres contribúen a enriquecer cuantitativa e cualitativamente o corpus fraseolóxico e paremiolóxico galego e as dúas primeiras representan a esculca máis recente sobre a fraseoloxía viva neste segundo milenio.

Na sección de RECENSIÓNS valóranse doce libros ou recursos electrónicos. A fraseoloxía mundial está presente na recensión que da nova versión electrónica do *Widespread Idioms in Europe and Beyond. A Cross-linguistic and Cross-cultural Research Project* de Elisabeth Piirainen, que describe Xesús Ferro Ruibal. A paremioloxía mundial faise visible no catálogo do extraordinario arquivo paremiolóxico de W. Mieder: *International Bibliography of Paremiography. Collections of Proverbs, Proverbial Expressions and Comparisons, Quotations, Graffiti, Slang and Wellerisms* de Wolfgang Mieder (2012). Xesús Ferro Ruibal dá as dúas noticias. Dáse noticia de fraseoloxías bilingües: a hispano-alemá, na análise que Nelly Iglesias fai de *Los refranes en la traducción de El Quijote de Ludwig Tieck. Estudio paremiológico contrastivo español-alemán* de Mª Jesús Barsanti (2011); a franco-española, na recensión que Xesús Ferro Ruibal fai do *Dictionnaire phraséologique thématique français-espagnol. Diccionario fraseológico temático francés-español* de V. Bárdosi, e Mª Isabel González Rey (2012) .

Xa por linguas, a fraseoloxía alemá está presente coa detallada noticia que Carmen Mellado Blanco ofrece do monumental *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten. 2. Auflage, erweitert um eine Einführung in die 'Synonymie und Idiomatik'. Unter Mitarbeit von Renate Birkenhauer* do profesor Hans Schemann (2012). A fraseoloxía en lingua inglesa aparece na descrición que Rebeca Lema fai do volume misceláneo *Doing Proverbs and Other Kinds of Folklore. Philological and Historical Studies* de Charles Clay Doyle (2012). A fraseoloxía en lingua española está presente na recensión que M. Carmen Losada Aldrey fai de *Corporalidad y lenguaje. La fraseología somática metalingüística del español* de Inés Olza Moreno (2011) e tamén na que Nely M. Iglesias Iglesias fai dunha obra esencialmente didáctica *El español idiomático da juego. 150 fraseologismos con ejercicios* de M. Carmen Losada Aldrey (2011). A fraseoloxía en lingua catalá está presente na análise de dúas obras dun mesmo paremiólogo (Víctor Pàmies i Riudor): Xus Ugarte Ballester dá conta do premiado libro *En cap cap cap. Diccionari de dites i refranys sobre el cap* (2012) e Joan Puigmalet analiza esoutra presenza intensa que V. Pamies lle proporciona na Rede ó que podemos chamar paremioloxía dixital catalana. Xacinta Varela Martínez entra na paremioloxía asturiana describindo o *Refraneru temáticu asturianu* de Xandru Martino Ruz, (2008). A fraseoloxía galega aparece na recensión de *Fraseoloxía Visual (Galega) 1,2, e 3* que en Youtube presentaron Manuel Bermúdez Blanco e Alba Cid Fernández (2011-2012).

Esta sección complétase coa de NOVAS na que se dá conta dos 106 libros ou artigos aparecidos (nalgúns casos remitidos polos autores a esta Revista) e de 21 recensións: todos eles dan fe da actual vitalidade produtiva desta póla da ciencia.

Na sección de Congresos e Seminarios dáse conta da *Seconda giornata di studio. Fraseologia & Paremiologia* (Roma 6-7.6.2012) na que houbo 22 intervencións; do *Coloquio Internacional FRADITRAD: "Fraseología, Didáctica de las lenguas y traducción"* (Lugo 29-31.10.2012) no que houbo 51 intervencións; do *Language Change and Phraseology* (Siegen 27-29.9.2012) con 3 intervencións fraseolóxicas; do encontro I*l proverbio nella letteratura italiana dal XV al XVII secolo* (Roma; 19 intervencións). Dos 6 Seminarios de temática fraseolóxica (Madrid 9.2012) impartidos por Germán Conde Tarrío, André Gallego, Peter Barta, Carlos Crida Álvarez, Mª Isabel González Rey e Lavinia Similaru; e do impartido por José Barroso Esteban no Instituto Cervantes de Nápoles. Anúncianse para 19–22.8.2013 un Congreso Internacional *Phraseology in Multiligual Society* na Federal University Kremlyovskaya de Kazan; un *Workshop "FemenineMasculine" in contrastive lexicology and phraseology*. (Limoges 6–8.3.2013) e o XIII *Simposio Internacional de Comunicacion Social* (Santiago de Cuba 21-25/01/2013).

Dáse noticia de tres novos recursos en rede (*ParemioRom. Paremiologia romànica: refranys meteorològics i territori*; *Italienische Kollokationen* e *Deutsch-russische Idiome online)*; da páxina de EUROPHRAS e da convocatoria a participar no vol 2 de *Endangered Metaphors*.

Neste número están representadas 18 Universidades ou Centros de Investigación ou de Ensino: a Universidade de Santiago de Compostela; Universidade de Vigo; Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela; Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, IES María Soliño de Cangas do Morrazo. Tamén a Universidad de Navarra, o INS Estany de la Ricarda (El Prat de Llobregat), Universitat de Lleida, Universitat de Vic, Institut Interuniversitari de Llengües Modernes Aplicades de la Comunitat Valenciana, Universitat de València, Universidad de Granada, Universidad de Salamanca. Finalmente tamén están representadas a Universiteit Utrecht, Universität Leipzig, Technische Universität Dresden , Sveučilište u Zadru (Croacia), Eötvös Loránd Tudományegyetem de Budapest

Cadernos de Fraseoloxía Galega agradece os textos recibidos, a colaboración dos tradutores que se citan ó pé de cada traballo e a de Erin Mouré. Agradece xa as colaboracións que se anuncian e a atención con que a reciben diferentes investigadores e Universidades de Europa, África e América. Os números anteriores, xa esgotados, pódense baixar íntegros en formato PDF da nosa páxina na Rede http://www.cirp.es, onde tamén encontrarán as obras de Valerii Mokienko, A. Baránov e D. Dobrovolskij

As colaboracións para o vindeiro número deberán estar na Redacción antes do 1 de marzo do 2013 e a data de aceptación é o 15 de maio de 2013. Como a conversión de formatos entre diferentes procesadores de texto non sempre é doada, **Cadernos de Fraseoloxía Galega** solicítalles ós futuros colaboradores que se ateñan estritamente ás normas de publicación que se inclúen ó final deste número e á folla de estilo que se pode consultar na nosa páxina web (http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_presenta).

O Consello de Redacción

Preface

With this issue, researchers from twenty countries (see pages 429-432) have already published in Cadernos de Fraseoloxía Galega 14, 2012.

The ESTUDOS (PAPERS) section offers eleven works that address two main areas. One area is synchronic and based on interlinguistic comparison; the other is historical or geographical and presents the phraseological or paremiological legacy of four important figures of the 20th, 19th and 17th centuries.

Interlinguistic comparison begins with the paper of Mª Celeste Augusto, "*Do the (Implicited) Statements of Wisdom in the Bilingual Dictionary Really Preserve Their 'Wisdom'?*", which examines the lexicographical treatment of proverbs in a Portuguese-Dutch dictionary. Following that, Simona Brunetti's "*Phraseology and Superstition: Comparative Uses and Customs of Two Towns*" compares different elements from Italian, German and Galician culture from a phraseological (and, in part anthropological) point of view. Subsequently, Patricia Buján, in "*Pataqueiras and Raieschen: Phraseology of Death in German and Galician*", analyses the semantic field of death in Galician and German. Her paper is followed by the work of Inés Olza Moreno, who analyses pragmatic phraseologisms of Spanish and English teenagers in "'*I'm Sure You'll Like This Paper': the Use of Some Pragmatic Phraseologisms in Spanish and English Teenage Language*", and the work of Ferran Robles I Sabater, "*Marker Phrases of Reformulation with 'decir', 'dir', 'sagen'*". Comparative analysis is also implicit in Xus Ugarte Ballester's "*Proverbial Obloquy of Sloth in the two Spanish Versions of Benjamin Franklin's 'The Way to Wealth'*".

This issue pays special attention as well to four historical personalities relevant from the phraseological or paremiological point of view. One of them belongs to the 20th century, Jesús Moncada, who makes a second appearance in this yearbook (see CFG 11,2009, 49-64.) with a new work by Mercè Biosca Postius and Károly Morvay, "*Moncadian Phraseology, 2*". Two figures return from the 19th century, one Spanish (Luis Montoto) and the other Dalmatian (Tuóne Udáina), the first in the work of Esteban Montoro del Arco, "*Luis Montoto y Rautenstrauch (1851-1929), Phraseologist*", and the second in Nikola Vuletić's comprehensive phraseological archaeology in "*Sayings of a Last Speaker: Notes of Dalmatian Phraseology*". The fourth figure comes to us from the 18th century: Father Sarmiento, a Galician monk who lived mostly in Madrid and wrote most of his work in Spanish. In "*Galician Phraseology and Paroemiology of P. Sarmiento OSB*", Xesús Ferro Ruibal and Xacinta Varela Martínez resurrect the Galician sayings and proverbs quoted by Father Sarmiento in his Spanish work, and the analyse their survival in current usage.

All these papers reach beyond the comparative or historical aspects, of course; they clarify problems, open possibilities and make explicit statements and questions about other aspects of phraseology and paremiology. Our double blind-reviewers welcomed all these aspects in considering the papers worthy of publication. Additionally, we also feature Herbert Holtzinger's explorations of phraseologically bound words in German in "*Unikale Elemente. Notes about Phraseologicaly Bound Words of Current German*".

RECADÁDIVAS (COMPILATIONS) contains three selections from Western Galicia, two from coastal areas (O Morrazo and A Coruña) and the other from rural Pontevedra (Sebil in Cuntis). The first two papers present more recent search about living phraseology during the second millennium. The first, "*A Fresh Haul from the Deeps of O Morrazo: New Collection of Phraseological Units*", was compiled by a group of teachers directed by Salvador Castro Otero, and continues their selection and cataloguing first published in 2005 in a book poetically entitled "*A Tide of Words*". Both that book and their current paper focus on the phraseological particularities of the language of seafarers and fishermen and women, an area very often neglected by researchers. Next, we offer M.ª Victoria Cerviño Ferrín's collection of rural (but just 20km from the sea) phraseology in "*Phraseology and Paremiology of Sebil,1*"; the "1" in the title indicates that the research is still active and more works will be forthcoming. Lastly, Xesús Ferro Ruibal exhumes some manuscripts from the archive of the Real Academia Galega collected at the beginning of the 20th century in the region of A Coruña in "*Galician Phraseology and Paremiology noted by José Pérez Ballesteros (1833-1918)*". All three articles contribute quantitatively and qualitatively to enhancing the Galician phraseological and paremiological corpus.

Our RECENSIÓNS (REVIEWS) section features twelve books. Global phraseology is present in Xesús Ferro Ruibal's review of the new electrical version of *Widespread Idioms in Europe and Beyond. A Cross-linguistic and Cross-cultural Research Project* by Elisabeth Piirainen. Xesús Ferro Ruibal reviews as well a book that contributes to world paremiology by cataloguing an extraordinary global paremiological archive, "*International Bibliography of Paremiography. Collections of the Proverbs, Proverbial Expressions and Comparisons, Quotations, Graffiti, Slang and Wellerisms*" by Wolfgang Mieder (2012). Bilingual phraseology is present as well. Nelly Iglesias examines Spanish-German phraseology in "*Los refranes en la traducción de El Quijote de Ludwig Tieck: Estudio paremiológico contrastivo español-alemán*" by Mª Jesús Barsanti (2011) and Xesús Ferro Ruibal reviews French-Spanish phraseology in "*Dictionnaire phraséologique thématique français-espagnol. Diccionario fraseológico temático francés-español*" by V. Bárdosi and Mª Isabel González Rey (2012) .

The following reviews are categorized by language. German phraseology is present in Carmen Mellado Blanco's detailed review of the monumental "*Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten. 2. Auflage, erweitert um eine Einführung in die 'Synonymie und Idiomatik". Unter Mitarbeit von Renate Birkenhauer*" by Professor Hans Schemann (2012). Phraseology in the English language is present in Rebeca Lema's review of the miscellaneous volume "*Doing Proverbs and Other Kinds of Folklore. Philological and Historical Studies*" by Charles Clay Doyle (2012). Spanish phraseology is present in M. Carmen Losada Aldrey's review of "*Corporalidad y lenguaje. La fraseología somática metalingüística del español*" by Inés Olza Moreno (2011) and also in Nely M. Iglesias's review of a mainly didactic work, "*El español idiomático da juego. 150 fraseologismos con ejercicios*" by M. Carmen Losada Aldrey (2011). Catalan phraseology appears as well, in the analysis of two works by the paremiologist Víctor Pàmies i Riudor. Xus Ugarte Ballester presents Pàmies I Riudor's prize-winning "*En cap cap cap. Diccionari de dites i refranys sobre el cap*" (2012) and Joan Puigmalet analyses the strong presence of Catalan phraseology on the internet in "*Víctor Pàmies i la paremiologia digital*". Xacinta Varela Martínez brings Asturian paremiology into the light with a review of "*Refraneru temáticu asturianu*" by Xandru Martino Ruz (2008). Galician phraseology appears in the review of *Fraseoloxía Visual (Galega) 1,2, e 3* presented on Youtube by Manuel Bermúdez Blanco and Alba Cid Fernández (2011-2012).

In our NOVAS (NEWS) section, 106 published papers or books (in some cases sent to our yearbook by the authors) and 21 reviews are announced: all of them testify to the current vitality of production in this branch of science.

In our Congresses and Seminars section we bring news of the *Seconda giornata di studio. Fraseologia & Paremiologia* (Roma 6-7.6.2012) with 22 contributions; the *Coloquio Internacional FRADITRAD: "Fraseología, Didáctica de las lenguas y traducción"* (Lugo 29-31.10.2012) with 51 contributions.; the *Language Change and Phraseology* (Siegen 27-29.9.2012) with 3 phraseological contributions; the meeting *Il proverbio nella letteratura italiana dal XV al XVII secolo* (Roma; 19 contributions); the 6 phraseological seminars (Madrid 9.2012) given by Germán Conde Tarrío, André Gallego, Peter Barta, Carlos Crida Álvarez, Mª Isabel González Rey and Lavinia Similaru; and the José Barroso Esteban's seminar held at the Instituto Cervantes of Naples Readers will also learn about the *International Congress Phraseology in Multiligual Society* at the Federal University Kremlyovskaya of Kazan (19–22.8.2013); the *Workshop "FeminineMasculine" in contrastive lexicology and phraseology.* (Limoges 6–8.3.2013) and the XIII *Simposio Internacional de Comunicacion Social.* (Santiago de Cuba 21-25/01/2013).

Three electronic resources are announced: *ParemioRom. Paremiologia romànica: refranys meteorològics i territori; Italienische Kollokationen* and *Deutsch-russische Idiome online*, along with the website of EUROPHRAS and the call for papers to the vol 2 of *Endangered Metaphors*.

18 universities or Research/Teaching centres are present in this issue : the Universidade de Santiago de Compostela; Universidade de Vigo; Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela; Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, IES María Soliño de Cangas do Morrazo. Also the Universidad de Navarra, the INS Estany de la Ricarda (El Prat de Llobregat), Universitat de Lleida, Universitat de Vic, Institut Interuniversitari de Llengües Modernes Aplicades de la Comunitat Valenciana, Universitat de València, Universidad de Granada, Universidad de Salamanca. Finally, the Universiteit Utrecht, Universität Leipzig, Technische Universität Dresden , Sveučilište u Zadru (Croacia), Eötvös Loránd Tudományegyetem in Budapest are present as well.

Cadernos de Fraseoloxía Galega thanks the authors of the texts in this issue, along with the translators (quoted in footnotes) and Erín Moure (copy-edit of English abstracts). We are grateful as well for the attention and contributions of researchers (from universities in Europe, Africa and America). Earlier issues are sold out in print but can be completely downloaded in PDF at http://www.cirp.es, where you can also find the works of Valerii Mokienko, A. Baránov and D. Dobrovolskij.

The deadlne for contributions for the next issue is March 1, 2013; notices of acceptance will be sent in mid-May, 2013. Given that the conversion of formats is not always easy, Cadernos de Fraseoloxía Galega kindly asks that submissions strictly respect the norms of publication included at the end of this issue and the style sheet which can be consulted on our website. (http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_presentax).

The editors

Estudos
Papers

Os enunciados (implicitados) de sabedoría no dicionario bilingüe conservan realmente a súa "sabedoría"?

Do the (implicited) statements of wisdom in the bilingual dictionary really preserve their "wisdom"?

M. Celeste Augusto [2]

Universiteit Utrecht

Le fonds parémique d'une langue est en mouvement perpétuel
(Schapira 2000:83)

Resumo: O obxecto deste artigo é a inserción lexicográfica dos enunciados paremiolóxicos no dicionario bilingüe bidireccional portugués - neerlandés - portugués. Ao poñer en paralelo un repertorio de datos extraídos deste dicionario, constatamos que por mor dunha operación de "desproverbialización" (Schapira 2000) algunhas paremias non se incluíron coa súa forma canónica senón como secuencias pluriverbais fixas. Estes fraseoloxismos, que se volveron máis coñecidos e frecuentes, están localizados nos dicionarios de lingua e de expresións. O noso propósito é amosar que a mensaxe semántica, ben sexa un consello, unha opinión ou unha lección non se deteriorou, e que se mantén no novo segmento: como segue sendo recoñecible, o falante acéptao e emprégao nos contextos que o esixen.

Palabras clave: dicionario bilingüe bidireccional, paremia, fraseoloxismo, desproverbialización, implicitación, portugués, neerlandés.

Abstract: This paper addresses lexicographic placement of paremiological statements in the Portuguese - Dutch - Portuguese bilingual bidirectional dictionary. Drawing parallels between entries in this dictionary, we verify that owing to a "deproverbalisation" action (Schapira 2000) some proverbs were not included in their canonical form but as multi-verbal stereotyped sequences. These phraseologisms, which have become more well-known and common, are included in dictionaries. Our intention is to show that the semantic message, either advice, an

Data de recepción 20/03/2012. Data de aceptación 28/06/2012.

[1] Traducido por Rebeca Lema Martínez.

[2] A autora agradece aos seus compañeiros (maiormente a Jean Le Dû) e tamén aos pares que fixeron a dobre revisión anónima, os comentarios e valiosas suxestións.

opinion or a lesson, still exists in the new version, because the speaker can still identify it, accept and use it in suitable contexts.

Key words: bilingual bidirectional dictionary, proverb, phraseologism, deproverbalisation, impliciting, Portuguese, Dutch.

1. Introdución

O dicionario bilingüe xeral *Grote Woordenboek Portugees-Nederlands en Nederlands-Portugees* (2004) non é o lugar de rexistro das paremias por excelencia, sexan proverbios, frases proverbiais ou ditos. Aínda así, como instrumento indispensable para descodificar e codificar unha lingua, rexistra as que se consideran máis frecuentes e as que mellor se integran no discurso cotián. Por iso, en principio, este tipo de feito lingüístico non pode recibir o mesmo tratamento lexicográfico e semántico que se lle outorga nos dicionarios especializados, pola razón elemental de que a finalidade destes dous tipos de dicionarios non é a mesma. Aínda que o dicionario bilingüe xeral non exclúe a mensaxe paremiolóxica, fai fincapé sobre todo no aspecto formal, concretamente na parte sintagmática do enunciado, deixando de lado cuestións como variantes, valores semánticos ou sentido figurado.

As devanditas premisas, obxecto deste artigo, constitúen unha reflexión verbo do rexistro das paremias como por exemplo a portuguesa *Mais vale um pássaro na mão que dois a voar* e a súa equivalente en neerlandés *Beter een vogel in de hand dan tien in de lucht* ("Recibir algo real vale máis do que unha promesa"), principalmente como "construcións lingüísticas pluriverbais", no dicionario bilingüe bidireccional portugués - neerlandés / neerlandés - portugués xeral. Trátase dun dicionario que contrasta dúas linguas ben diferenciadas xeneticamente e que presentan diferenzas que se poden manifestar a todos os niveis: morfolóxico, sintáctico, léxico e cultural; é sobre todo este último aspecto o que fai moi atractivo o rexistro das paremias.

A seguinte parte incluirá tres apartados que representan, por así dicilo, tres obxectivos:

> sinalar os distintos modos de inserción lexicográfica dos enunciados paremiolóxicos, sobre todo no volume *portugués – neerlandés*;
>
> verificar, nos dous volumes, en que medida estes feitos lingüísticos testemuñan ou non un discurso de sabedoría;
>
> propor un modo de rexistro máis consecuente e que, de xeito eventual, permita reconstruír os proverbios que se presentan de forma truncada ou implicitada.

O noso texto seguirá as seguintes etapas: a primeira ofrecerá unha sucinta caracterización do dicionario, obxecto do texto, e tratará os problemas da tradución, non sempre posible, dun enunciado paremiolóxico; na segunda, consideraremos especialmente as secuencias estereotipadas do dicionario analizado e ofreceremos unhas táboas a partir dos datos seleccionados. Estas comentaranse consonte o equivalente atribuído na lingua de chegada e tendo en conta o seu rexistro; para acadar o terceiro obxectivo, faremos algunhas suxestións verbo da inserción das paremias nun dicionario bilingüe xeral. No remate da exposición tentaremos responder a pregunta que se formula no título.

2. Observacións xerais sobre o dicionario bilingüe bidireccional portugués – neerlandés / neerlandés – portugués e sobre a tradución dun enunciado proverbial

Nesta breve ollada ao dicionario bilingüe portugués – neerlandés / neerlandés – portugués contentarémonos con destacar o tipo de dicionario do que se trata e o alcance do feito de incluír construcións poliléxicas en cada un dos volumes.

O dicionario *Grote Woordenboek Portugees-Nederlands en Nederlands-Portugees*, publicado en 2004, está considerado o primeiro gran dicionario bilingüe que combina estas dúas linguas seguindo uns principios e unha metodoloxía lexicográficos [3]. Este dicionario, que ten como finalidade ser útil para a codificación e a descodificación do portugués ou do neerlandés, elaborouse a partir de dúas bases de datos que se fixeron expresamente para xerar dicionarios bilingües neerlandés / lingua x e portugués / lingua x; isto significa que tivemos en conta a especificidade de cada unha das linguas en contraste coa outra, sobre todo porque as dúas linguas postas en paralelo están moi afastadas a nivel xenético. Neste sentido, o desenvolvemento da microestrutura recibiu unha atención moi especial. Cómpre subliñar que se lles deu unha especial atención en cada volume ás combinacións léxicas ligadas a un sentido determinado, á inclusión de todo tipo de secuencias estereotipadas e ao seu frecuente emprego mediante exemplos. En resumo, a fraseoloxía [4] e a paremioloxía teñen unha ampla representación neste dicionario e o usuario atopa case todos os tipos de construcións pluriverbais, ben sexa a colocación, a locución ou o segmento de tipo proverbial. Porén, e aínda que os elaborou o mesmo equipo [5], os dous volumes diferéncianse no tocante á estrutura das entradas e á disposición lexicográfica da información, porque cada volume exemplifica unha orientación lexicográfica diferente que ilustraremos máis adiante.

2.1. Sobre a tradución dun enunciado proverbial

Concentrarémonos nos retos que presentan os problemas de tradución das paremias, sen intención de esgotarmos este tema. Por principio, e sen entrarmos nunha cuestión de nomenclaturas, que, malia os seus puntos de contacto, son numerosas, collemos de Sevilla Muñoz (2000: 101) o termo *paremia* como hiperónimo que cubre enunciados como *proverbio, frase proverbial* ou *refrán meteorolóxico* ou *de calendario*, así como a definición de *proverbio*. Este pode concibirse como unha paremia caracterizada pola súa estrutura en principio binaria e pola súa temática xenérica cando se refire a acontecementos ou feitos intemporais como *amor* e *odio, vida* e *morte, felicidade* e *infelicidade, traballo* e *descanso* e outros moitos. A estes trazos aínda queremos engadir outro tipo que é a mensaxe do tipo consello, opinión, lección de moral ou de

[3] Para máis detalles sobre este dicionario bidireccional véxase, entre outros, Augusto (2011).

[4] Consideramos a fraseoloxía como o estudo e/ou o conxunto de fraseoloxismos ou unidades fraseolóxicas dunha lingua e collemos estas como hiperónimo que inclúe construcións pluriverbais denominadas colocación, frase idomática, locución, fórmula lingüística, combinación léxica, etc., Augusto (2012).

[5] Este equipo, composto por falantes nativos portugueses e holandeses só tivo a posibilidade de introducir algunhas entradas, un número reducido de segmentos fraseolóxicos ou paremiolóxicos e algúns exemplos considerados completamente indispensables, no que se refire ao aspecto contrastivo portugués – neerlandés.

sabedoría [6] que a meirande parte dos proverbios segue transmitindo e que dá lugar a *enunciados sentenciosos*, como tamén recoñece Sevilla Muñoz (2004). Tamén defendemos que o proverbio, posto que ten un sentido, non se pode utilizar en calquera situación, cf. Kleiber (2005:20). Definimos o proverbio como enunciado lingüístico transmisor de sabedoría: este é o concepto que aquí se utilizará.

Traducir, ou máis ben trasladar un proverbio dunha lingua a outra, resulta unha tarefa ben difícil, porque iso implica buscar e atopar na lingua de chegada outro enunciado que, se é posible, se lle asemelle non só na forma, senón sobre todo no sentido e no uso semántico e pragmático. É ben sabido que a tradución palabra por palabra é inaceptable, posto que o sentido dunha paremia non é, como sabemos, o resultado da suma dos seus constituíntes. Verbo desta cuestión, e como base da análise que seguirá máis abaixo, inspirámonos unha vez máis en Sevilla Muñoz (2004), que denomina *correspondencia* a operación de transposición dun proverbio dunha lingua a outra e considera dous tipos de correspondencias: a correspondencia literal e a correspondencia conceptual. Na correspondencia literal, a paremia da lingua de chegada ten unha forma e un sentido equivalentes ou case aos da lingua de partida como por exemplo: *Longe da vista, longe do coração // uit het oog, uit het hart* ("a ausencia produce esquecemento"). Pola contra, a correspondencia conceptual, como o seu nome indica, mantén como principal obxectivo a obtención do mesmo sentido na lingua de chegada e pode verse en *Cada macaco no seu galho // Schoenmaker blijf bij je leest* ("cadaquén é máis hábil no seu propio medio"). Evidentemente e sobre todo no que se refire ao primeiro tipo, a correspondencia literal, hai graos de correspondencia, como veremos durante o comentario das táboas.

3. Os enunciados fixos no dicionario portugués – neerlandés / neerlandés – portugués: selección e disposición dos datos

Polas razóns xa mencionadas, a organización da información difire dun volume ao outro. Vexamos en que consiste a diferenza. O volume neerlandés – portugués presenta unha entrada á parte segundo a categoría gramatical da palabra, presenta unha microestrutura organizada segundo as súas diversas acepcións; os exemplos e os segmentos pluriverbais, sexan fraseoloxismos ou paremias, rexístranse consonte a acepción da que derivan.

Exemplos de entradas do volume neerlandés / portugués

achteruit [1] *n* (de) **1.** <bepaalde stand van de versnelling> marcha atrás; *in z'n achteruit (staan)* estar em marcha atrás.

achteruit [2] *adv* **1.** <naar achteren> para trás; *achteruit rijden* fazer marcha atrás.

nul [1] *n* (de;-len) **1.** bel <iemand die niets kan> zero (m), nulidade (f); *een grote/absolute nul* um zero à esquerda, uma nulidade absoluta.

[6] Consonte Buridant (1984: 2) o proverbio implica *un savoir, un savoir-faire et un savoir-vivre*.

nul [2] *adj* **1.** <nietig> zero (adj), nulo (adj); *nul komma nul* zero vírgula zero.
nul [3] *num card* **1.** <het getal 0 beginpunt van een schaal > zero (m); *nul komma nul* zero vírgula zero, zero vírgula zero; *dat is uit het jaar nul!* (→ **jaar:** *dat is uit het jaar nul!* isso é do tempo da minha avozinha/da Maria Cachucha/da pedra lascada, isso é da era dos Afonsinhos).

En cambio, no volume portugués – neerlandés, o rexistro lexicográfico faise dunha maneira diferente, sobre todo no que se refire aos segmentos fixados fraseolóxicos ou paremiolóxicos. E, así, a palabra recibe tamén aquí unha entrada á parte segundo a súa categoría gramatical; esta divídese en seccións consonte as posibles acepcións do termo, que se ilustran con exemplos e que se completan con construcións como colocacións e combinacións léxicas, como por exemplo *grão a grão* e *grão de sal*:

Entradas do volume portugués / neerlandés

grão [1] *nm* **1**. <corpúsculo, glóbulo> korrel (de); *grão de areia* zandkorrel (de); *grão de sal* zoutkorrel (de) **2.** <semente ou fruto> korrel (de), graan (het); *grão de arroz/milho/trigo* rijst-/maïs-/tarwekorrel; *grão de café* koffieboon (de); *pimenta em grão* grove peper **3.** Culin <grão-de-bico> kikkererwt (de) **4.** <textura> nerf (de), korrel (de); *grão da fotografia* korrel (de) 5. pop fig <dinheiro> poen (de/het); *esse tem muito grão* die heeft veel poen.

grão [2] *adj* 1. liter <grande> groot-.

grão [3] *loc adv* **1.** *grão a grão* fam beetje bij beetje; *grão a grão juntou uma pequena fortuna* beetje bij beetje heeft hij een aardig fortuin vergaard.

grão [4] *idioom; ter um grão na asa* fam aangeschoten zijn.

guarda [1] *nm* 1. <indivíduo que *guarda* ou vigia> bewaker (de), beveiligingsbeambte (de) **2.** <polícia> politieagent (de), politieman (de) **3.** <carcereiro> cipier (de), bewaker (de); *guarda prisional* cipier (de), gevangenisbewaarder (de).

guarda [2] *nf* 1. <acto de guardar, vigilância> zorg (de), toezicht (het), bewaking (de) **2.** <cuidado, protecção> zorg (de), hoede (de); *cão de guarda* waakhond (de);(...) **9.** <folha de resguardo> schutblad (het).

guarda, guardas [3] *nfpl* **1.** <anteparos laterais> balustrade (de), borstwering (de), parapet (het).

guarda [4] *loc adv* **1.** *em guarda* op je hoede; *põe-te em guarda!* wees op je hoede!

guarda [5] *loc prep* **1.** *de guarda a* op wacht bij; *ficou de guarda ao tesouro* hij waakte over de schat 2. *à guarda de* onder de hoede van.

guarda [6] *loc interj* **1.** *em guarda!* en garde! **2.** *ó da guarda!* help!

guarda [7] *idiom; ser da velha guarda* van de oude garde zijn.

De ser o caso, temos tamén unha última entrada etiquetada como *idiom* que integra enunciados fraseolóxicos como *lavo daí as minhas mãos* (aparece rexistrado no dicionario na entrada *lavar*[3] e/ou paremiolóxicos como por exemplo *pela boca morre o peixe* ou *correr Seca e Meca* (que aparecen rexistrados no dicionario nas entradas *boca*[3] e *seca*[3] respectivamente). Este volume inclúe 1.485 entradas etiquetadas como *idiom*, o que demostra a envergadura do volume e a grande importancia que se lle outorga a este tipo de construcións.

Cada unha destas modalidades de rexistro lexicográfico presenta uns aspectos positivos e outros non tanto. Aclaremos isto: no volume neerlandés – portugués cómpre examinar todas as entradas para atoparmos o segmento estereotipado, pero vemos claramente de cal acepción depende; pola contra, no volume portugués – neerlandés imos directamente á entrada *idiom*, o que é unha vantaxe no caso de microestruturas longas, pero hai que inferir a acepción que puido xerar o segmento estereotipado en cuestión. Nos fragmentos citados dos dous dicionarios vese claramente esta diferenza de microestrutura.

3.1. Táboas cos materiais seleccionados

Como xa indicamos anteriormente, os segmentos estereotipados son moi abundantes no dicionario bilingüe que aquí tratamos; pero realizar unha análise exhaustiva destes sería, como se di en francés, *la mer à boire,* e só para quedarmos nas estruturas estereotipadas. Así que decidimos elaborar catro táboas, unha para cada volume que representan unha mostra de enunciados proverbiais variados con ou sen segmento equivalente na lingua de chegada; estes, maiormente os portugueses, ás veces rexístranse de maneira máis ou menos elíptica. Cada táboa dispón de 8 columnas: a segunda indica a entrada de onde se sacou o enunciado e está ordenada alfabeticamente, agás cando o mesmo segmento aparece noutra entrada: nese caso esta rexístrase inmediatamente despois e enumérase cun apartado como na táboa 1 as entradas 3 e 3a, que utilizan o mesmo enunciado proverbial. A terceira columna indica se o enunciado está rexistrado ou non segundo a que será a súa forma íntegra (enunciado completo + ou -). Na liña de Sevilla Muñoz (2004), a sétima columna sinala se se trata dunha correspondencia literal (lit.) ou conceptual (con.), pero non menciona en que grao se verifica. A última columna amosa, ou un segmento proverbial equivalente en galego, ou o sentido do proverbio da lingua de partida. As táboas presentan os enunciados tal e como están escritos no dicionario bilingüe portugués – neerlandés – portugués, como por exemplo *pôr a estopa ao pé do lume* (táboa 1, 9), mesmo se esta forma non é a máis frecuente nos dicionarios de proverbios ou de fraseoloxía, como podemos constatar: Costa (2004), Parente (2005): *Estopas ao pé do fogo não estão seguras*; Costa (2004) *O fogo ao pé da estopa, vem o diabo e assopra.*

Táboa 1: Volume portugués – neerlandés							
	Portugués			Neerlandés		Corres-pon-dencia	Sentido
	Entrada	Enunciado	Enunciado completo	Proverbio Frase proverbial	Paráfrase	Concep-tual - literal	
1	amar	*Quem ama o feio bonito lhe parece*	+	*Liefde maakt blind*		con.	A ninguén lle parece feo aquilo que ama.
2	atalho	*Meter-se por atalhos*	-		Afdwalen		Ir polo camiño máis curto.
3	barba	*Põe as barbas de molho*	-	*Maak de borst maar nat*		con.	Precaverse.
3a	molho	*Pôr / deitar as barbas de molho*	-	*Je borst nat maken*		con.	Precaverse.
4	cabeça	*Cada cabeça sua sentença*	+	*Zoveel hoofden zoveel zinnen*		lit.	Hai tantas opinións coma persoas.
5	cavalo	*A cavalo dado não se olha o dente*	+	*Je mag een gegevenpaard niet in de bekijken*		lit.	A un regalo non se lle buscan defectos.
6	contar	*Contar com sapatos de defunto*	-		Hopen tegen beter weten in		Esperar mellorías ou ganancias incertas.
6a	defunto	*Esperar por sapatos de defunto*	-	*Wachten tot je een ons weegt*		con.	Esperar mellorías ou ganancias incertas.

Táboa 1: Volume portugués – neerlandés

	Portugués			Neerlandés		Correspondencia	Sentido
	Entrada	Enunciado	Enunciado completo	Proverbio Frase proverbial	Paráfrase	conceptual - literal	
6b	sapato	*Esperar por sapatos de defunto*	-	*Wachten tot je een ons weegt*		con.	Esperar mellorías ou ganancias incertas.
7	cuspir	*Cuspir para o ar*	-	*Zijn eigen lof zingen*		con.	Actuar con petulancia. Censurar defectos que un tamén ten.
8	Deus	*Deus ajuda a quem muito madruga*	+	*De morgenstond heeft goud in de mond*		con.	A laboriosidade ten premio.
9	estopa	*Pôr a estopa ao pé do lume*	-	*De kat op het spek binden*		con.	Aproximar dous perigos que se poden multiplicar.
10	galho	*Cada macaco no seu galho*	+	*Schoenmaker blijft bij je leest*		con.	Cadaquén é máis hábil no seu propio medio.
11	gato	*De noite todos os gatos são pardos*	+	*Bij nacht zijn alle katjes grauw*		lit.	A escuridade iguala todo.
12	gosto	*Correr por gosto*	-		lets voor de lol doen		Esforzarse por algo que agrada (é estimulante).

Táboa 1: Volume portugués – neerlandés							
	Portugués			Neerlandés		Co-rresp.	Sentido
	Entrada	Enunciado	Enunciado completo	Proverbio Frase proverbial	Paráfrase	Con. lit	
13	longe	*Longe da vista, longe do coração*	+	*Uit het oog uit her hart*		lit.	A ausencia produce esquecemento.
14	mal	*Para grandes males grandes remédios*	+	*Zachte heelmeesters maken stinkende wonden*		con	As medidas deben ser proporcionais aos problemas.
15	mouco	*Fazer orelhas moucas*	-	*Oost-indisch doof zijn*	Zich doof houden	con	Facer [alguén] coma quen que non oe.
15a	orelha	*Fazer orelhas moucas*	-		Geen aandacht schenken		Facer [alguén] coma quen que non oe.
16	noz	*Dá Deus nozes*	-		Het leven is niet eerlijk		Os recursos non sempre están nas mans máis eficaces.
17	nu	*Diz o roto ao nu*	-	*De pot verwijt de ketel*		con	É mais fácil vermos os defectos dos outros do que os nosos.
18	pássaro	*Mais vale um pássaro na mão que dois a voar*	+	*Beter een vogel in de hand dan tien in de lucht*		lit.	Recibir algo real vale máis do que unha promesa.
19	primeiro	*Quem primeiro vai à fonte, primeiro enche o cântaro*	+	*Wie het eerst komt, het eerst maalt*		con	Quen se anticipa normalmente saca proveito.
20	prevenir	*Mais vale prevenir do que remediar*	+	*Voorkomen is beter dan genezen*		lit.	A prevención é a mellor medicación.

Táboa 1: Volume portugués – neerlandés

	Portugués			Neerlandés		Co-rresp.	Sentido
	Entrada	Enunciado	Enunciado completo	Proverbio Frase proverbial	Paráfrase	Con. lit	
20a	remediar	*Mais vale prevenir do que remediar*	+	*Voorkomen is beter dan genezen*		lit	A prevención é a mellor medicación.
21	sair	*Sair aos seus*	-	*De appel valt niet ver van de boom*		con.	Ser parecido cos familiares en aspecto ou carácter.
22	vida	*Enquanto há vida há esperança*	+	*Zolang er leven is, is er hoop*		lit.	Mentres non chega a morte, sempre se pode ter esperanza.
23	vidro	*Ter telhados de vidro*	-	*Die in een glazen huis woont, moet geen stenen op zijn buurmans dak gooien*		lit.	Ter defectos moi facilmente censurables.

Táboa 2: Volume neerlandés- portugués

	Neerlandés		Enunciado completo	Portugués		Correspondencia conceptual/literal	Sentido
	Entrada	Enunciado		Proverbio / Frase proverbial	Pará-frase		
1	aap	*Al draagt een aap een gouden ring, het is en blijft een lelijk ding*	+	*O hábito não faz o monge*		con.	A aparencia externa non sempre é fiable.

Táboa 2: Volume neerlandés- portugués							
	Neerlandés		Enunciado completo	Portugués		Correspondencia conceptual/literal	Sentido
	Entrada	Enunciado		Proverbio / Frase proverbial	Pará-frase		
2	appel	*De appel valt niet ver van de boom*	+	*Filho de peixe sabe nadar*		con	As cualidades dos pais hérdanse.
3	borst	*Maak je borst maar nat*	+	*Põe as barbas de molho*		con	Precaverse.
4	honger	*Honger maakt rauwe bonen zoet*	+	*Quem tem fome até cardos come*		con	Con fame toda comida sabe ben.
5	hoofd	*Zoveel hoofden, zoveel zinnen*	+	*Cada cabeça sua sentença*		lit	Hai tantas opinións coma persoas.
6	hoop	*Zolang er is leven, is er hoop*	+	*Enquanto ha vida há esperança*		lit	Mentres non chega a morte, sempre se pode ter esperanza.
6a	leven	*Zolang er is leven, is er hoop*	+	*Enquanto ha vida há esperança*		lit	Mentres non chega a morte, sempre se pode ter esperanza.
7	jong	*Jong geleerd, oud gedaan*	+	*De pequenino é que se torce o pepino*		con	Un defecto adquirido na infancia nunca se dá corrixido.
8	Kat	*In het donker zijn alle katjes grauw*	+	*De noite todos os gatos são pardos*		lit	A escuridade iguala todo.
9	laat	*Beter laat dan nooit*	+	*Mais vale tarde do que nunca*		lit	Tarde é mellor ca nunca.
10	maag	*Een lege maag werkt niet graag*	+	*Barriga vazia não ouve sermões*		con	Que ten fame non cre en promesas.

Táboa 2: Volume neerlandés- portugués

	Neerlandés		Enunciado completo	Portugués		Correspondencia conceptual/literal	Sentido
	Entrada	Enunciado		Proverbio / Frase proverbial	Pará-frase		
11	malen	*Die het eerst komt, het eerst maalt*	+	*Quem primeiro vai à fonte, primeiro enche o cântaro*		con	Quen chega primeiro sempre ten vantaxe.
12	man	*Een gewaarschuwd man telt voor twee*	+	*Homem prevenido vale por dois*		lit	A prevención é moi útil.
13	mond	*Beter hard geblazen dan de mond gebrand*	+	*Mais vale prevenir do que remediar*		con	A prevención é a mellor medicación.
14	nood	*Als de nood het hoogst is, is de redding nabij*	+	*Não há mal que sempre dure nem bem que não acabe*		con	O bo e o malo non duran sempre.
15	pot	*De pot verwijt de ketel dat je zwart ziet*	+	*Diz o roto ao nu porque não te veste tu?*		con	É máis fácil vermos os defectos dos outros do que os nosos.
16	tevredenheit	*Tevredenheit gaat boven rijkdom*	+	*Mais vale um gosto na vida do que seis vinténs na algibeira*		lit	A satisfacción é mellor cá riqueza.
17	uitstellen	*Stel niet tot morgen wat je vandaag kunt doen*	+	*Não deixes para amanhã o que podes fazer hoje*		lit	Adiar un traballo non sempre é proveitoso.
18	vogel	*Beter een vogel in de hand dan tien in de lucht*	+	*Mais vale um pássaro na mão que dois a voar*		lit	Recibir algo real vale máis do que unha promesa.
19	voorkomen	*Voorkomen is beter dan genezen*	+	*Mais vale prevenir do que remediar*		lit	A prevención é a mellor medicación.
20	waarheid	*Waarheid ligt in het midden*	+	*No meio está a virtude*		con	O termo medio é o máis sensato.

Táboa 2: Volume neerlandés- portugués

	Neerlandés		Enunciado completo	Portugués		Correspondencia conceptual/literal	Sentido
	Entrada	Enunciado		Proverbio / Frase proverbial	Paráfrase		
21	weten	*Wat niet weten wat niet deert*	+	*O que os olhos não vêem o coração não sente*		lit.	A ausencia produce esquecemento.
22	wind	*Wie wind zaait, zal storm oogsten*	+	*Quem semeia ventos colhe tempestades*		lit	Quen crea problemas encontra problemas maiores.
23	zo	*Zo vader zo zoon*	+	*Tal pai tal filho*		lit.	Os fillos herdan cualidades e defectos dos pais.
24	zo	*Zo d'ouden zongen, zo piepen de jongen*	+	*Quem sai aos seus não degenera*		con	Os fillos manteñen o carácter dos pais.
25	zwaluw	*Eén zwaluw maakt nog geen lente/ zomer*	+	*Uma andorinha não faz / a primavera / o verão*		lit	Un feito non fai unha regra.

3.2. Consideracións lexicográficas e léxico-semánticas sobre os segmentos catalogados

Antes de comezar a lectura comentada dalgúns enunciados das dúas táboas, cómpre precisar que as observacións ímolas facer de xeito contrastivo [7]. O que nos sorprende dende o comezo é que a todos os enunciados neerlandeses lles corresponda un segmento en portugués, mentres que para algúns dos segmentos do portugués o tradutor non logrou atopar un correspondente e tivo que recorrer á paráfrase. Isto significa ou ben que estes enunciados proverbiais non existen en neerlandés, ou ben que o tradutor non os coñecía e que só unha busca máis minuciosa nas seleccións proverbiais neerlandesas monolingües poderá confirmar unha destas dúa hipóteses: existe ou non existe nesta lingua.

Unha segunda observación, tamén sorprendente, ten que ver co rexistro lexicográfico dos enunciados e afecta a información que se dá na cuarta columna: ou o dicionario bilingüe ofrece o enunciado completo, é dicir, sen a súa forma canónica e como se inclúe en xeral nos dicionarios paremiolóxicos, ou está truncado, *implicitado* para usarmos a terminoloxía de quen mellor estudou este asunto, Valerii Mokienko: foi el quen desvelou nesta parte de Occidente que a fixación fraseolóxica ten en relación dialéctica unha mobilidade que mingua ou amplía o tamaño da unidade fraseolóxica. Mokienko chámalle *implicitación* ao proceso de mingua e *explicitación* ó proceso de ampliación. Esta doutrina é ben coñecida dos lectores desta revista [8].

A táboa 2 amosa que todos os enunciados neerlandeses se rexistraron coa súa forma completa, cousa que non acontece na táboa 1 verbo do portugués, na que hai 11 segmentos incompletos. Con todo, cómpre recoñecer que ao enquisarmos falantes holandeses ou flamengos nativos semella que a secuencia proverbial 15 *De pot verwijt de ketel dat je zwart ziet* (táboa 2) tamén se adoita abreviar como *De pot verwijt de ketel*, ("é máis doado vermos os defectos dos outros do que os nosos") [9].

Vexamos agora o caso das secuencias portuguesas abreviadas rexistradas cando o portugués funciona como lingua de partida (táboa 1); trátase dos números 2, 3/3a, 6/6a e 6b, 7, 9, 12, 15/15a,16, 17, 21, 23. Nestes enunciados, "falta", aparentemente, ou a primeira ou a segunda parte. Nos enunciados 2, 3, 9 e 15 omítese o comezo; no resto, falta a fin; de todos os xeitos, a parte máis coñecida e a máis habitual consérvase. Para comprobarmos que non se trataba dunha omisión ou unha irregularidade da base de datos, consultamos estes segmentos no dicionario *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea (da Academia das Ciências de Lisboa)* (2001) e no dicionario bilingüe

[7] Consonte Kleiber (2005:19), unha das vantaxes da achega contrastiva é destacar identidades e diferenzas paremiolóxicas notables".

[8] Ao tema da *implicitación* e da *explicitación* dedicoulle Valerii Mokienko 116 páxinas (todo o capítulo 3) do seu libro *Fraseoloxía eslava* (Mokienko 2000: 201-317). Nótese que o orixinal ruso tivo a súa primeira edición en 1980 e a segunda en 1989.

[9] En galego con idéntico significado e función pragmática corren estes wellerismos: *Díxolle o pote ó caldeiro: 'Fuxe de aí, non me luxes'. Díxolle o pote ó caldeiro: 'Vaite de aí, que me luxas'.* E, curiosamente, tamén funciona truncado ou implicitado: *Díxolle o pote ó caldeiro,* porque os interlocutores xa dan por sobreentendido o resto da frase, que, por economía, omiten.

xeral *Dicionário Verbo Português - Inglês*, (DVPI 2000). Evidentemente, tamén aquí constatamos os mesmos enunciados truncados, 6 no primeiro dicionario e 4 no segundo; nun caso, no proverbio 6 contar com sapatos de defunto, o segmento abreviado ilústrase cun exemplo no que o proverbio se emprega na súa forma completa [10]. Deseguido, fixemos outro tipo de verificación; esta vez mediante a elaboración doutras dúas táboas comparativas (Táboa 3 e Táboa 4) nas que puxemos en paralelo os enunciados considerados truncados coas expresións que se colleron do *Dicionário de Expressões Populares Portuguesas* (Simões 1993) e cos proverbios que se atoparon n'*O Livro dos Provérbios* (Costa 2004).

[10] *Quem espera por sapatos de defunto, toda a vida anda descalço* (DLPC 2001).

Táboa 3					
	Dic. Portugués – Neerlandés			**Dicionário de Expressões Populares Portuguesas**	
	Entrada	Enunciado	Enunciado completo	Expresión	Sentido
2	atalho	*Meter-se por atalhos*	-	-	Procurar a saída dun problema polo camiño máis rápido
3a	molho	*Pôr / deitar as barbas de molho*	-	*Pôr /deitar as barbas de molho*	Precaverse; prepararse para un perigo inminente
6a	defunto	*Esperar por sapatos de defunto*	-	*Esperar por sapatos de defunto*	Esperar mellorías ou ganancias incertas.
7	cuspir	*Cuspir para o ar*	-	*Cuspir para o ar*	Actuar con petulancia. Censurar defectos que un tamén ten.
9	estopa	*Pôr a estopa ao pé do lume*	-	-	Aproximar dous perigos que se poden multiplicar.
12	gosto	*Correr por gosto*	-	-	Esforzarse por algo que agrada (é estimulante).
15	mouco	*Fazer orelhas moucas*	-	*Fazer orelhas moucas ; ouvidos de mercador*	Facer [alguén] coma quen que non oe.
16	noz	*Dá Deus nozes*	-	-	Teñen recursos os que non os saben aproveitar.
17	nu	*Diz o roto ao nu*	-	*Diz o roto ao nu; por vezes a frase é acrescentada com: por que não te vestes tu?*	Dillo quen está en mala situación a quen está nas mesmas condicións.

Táboa 3					
	Dic. Portugués – Neerlandés			**Dicionário de Expressões Populares Portuguesas**	
	Entrada	Enunciado	Enunciado completo	Expresión	Sentido
21	sair	*Sair aos seus*	-	*Sair aos seus*	Ser parecido cos familiares en aspecto ou carácter.
23	vidro	*Ter telhados de vidro*	-	*Ter telhados de vidro*	Ter defectos moi facilmente censurables.

Táboa 4					
	Dic. Portugués – Neerlandés			**O livro dos provérbios portugueses**	
	Entrada	Enunciado	Enunciado completo	Proverbio equivalente	Sentido
2	atalho	*Meter-se por atalhos*	-	*Quem se mete por atalhos , não se livra de trabalhos*	-
3a	molho	*Pôr / deitar as barbas de molho*	-	*Quem vê as barbas do vizinho a arder ponha as sua de molho*	-
6a	defunto	*Esperar por sapatos de defunto*	-	*Quem espera por sapatos de defunto toda a vida anda descalço*	-
7	cuspir	*Cuspir para o ar*	-	*Quem cospe para o ar na cabeça lhe cai*	-
9	estopa	*Pôr a estopa ao pé do lume*	-	*O fogo ao pé da estopa vem o diabo e assopra*	-
12	gosto	*Correr por gosto*	-	*Quem corre por gosto não cansa*	-

Táboa 4					
Dic. Portugués – Neerlandés				**O livro dos provérbios portugueses**	
	Entrada	Enunciado	Enunciado completo	Proverbio equivalente	Sentido
15	mouco	*Fazer orelhas moucas*	-	*A palavras loucas orelhas moucas*	-
16	noz	*Dá Deus nozes*	-	*Dá Deus nozes a quem não tem dentes*	-
17	nu	*Diz o roto ao nu*	-	*Diz o roto ao nu por que não te vestes tu?*	-
21	sair	*Sair aos seus*	-	*Quem sai aos seus não degenera*	-
23	vidro	*Ter telhados de vidro*	-	*Que tem telhado de vidro não atira pedras ao do vizinho*	-

Observemos na táboa 3 que 4 dos 11 enunciados da lista do *Dicionario Portugués-Neerlandés* non figuran no *Dicionário de Expressões Populares Portuguesas* pero que sempre dá o sentido da expresión, contrariamente ao *Livro dos provérbios*. É curioso que o seu autor presente unha selección persoal e completa nunha longa lista bibliográfica nas que non hai seleccións de proverbios. Máis aínda, Simões non utiliza nunca en todo o dicionario o termo *proverbio* e o seu obxectivo dedúcese claramente do subtítulo do libro: *Arcaísmos – regionalismos – calão e gíria – ditos – frases feitas – lugares comuns – aportuguesamentos – estrangeirismos – curiosidades da linguagem.* Na táboa 4, pola contra, recoñécense e pódense situar facilmente os enunciados considerados truncados nos presentes proverbios. Xa que non se inseriu o sentido preguntámonos se, ao darlle ao proverbio a forma canónica, o autor non sente a necesidade de explicitalo, como vimos nos dicionarios de expresións [11].

Este rexistro resumido en dicionarios de lingua recentes e elaborados a partir dun corpus, de listas de frecuencia e dunha base de datos e en dicionarios de proverbios e fraseoloxismos lévanos á conclusión de que:

> 1. algúns segmentos proverbiais, probablemente debido á frecuencia do seu emprego, entran no discurso cotián nunha forma *implicitada* pero aínda como estrutura pluriverbal metafórica
>
> 2. esta forma lapidaria semella familiar e, xa que logo, suficiente, tendo en conta que a mensaxe semántica do segmento completo non se perdeu nin danou e isto sabémolo porque o falante a recoñece e, por tanto, tamén a acepta e emprega nos contextos que así o esixen.

Por tanto, podemos dicir que os enunciados proverbiais sufriron unha especie de "desproverbialización", non no sentido de deixaren de ser proverbios ou de quedaren fóra de aplicación senón no sentido que lle dá Schapira (2000) que afirma que *la déproverbialisation constitue la restitution du proverbe au discours libre* (Schapira 2000: 93)*,* é dicir, que o proverbio simplemente se transforma nunha proposición do discurso coma outra calquera pero que, aínda así, esa desproverbialización permítelle ao segmento seguir sendo un proverbio (*rester proverbe*)*.* Como consecuencia, sempre que a mensaxe do proverbio completo, recoñecido como *sagesse des nations* (Schapira: ibidem), siga viva no segmento abreviado; e aínda que estea integrado no discurso como unha simple proposición ou rexistrado en infinitivo como nos enunciados 2, 6, 7, 12, 21 et 23 da táboa 1, manifestará a mesma sabedoría que a primeira secuencia.

Agora consideremos o tipo de correspondencia que se indica na columna 7 da primeira táboa: verificamos que a transposición dunha lingua á outra se fixo 14 veces a través dunha correspondencia conceptual fronte a 7 veces por medio dunha correspondencia literal. Isto non nos sorprende, se temos en conta que puxemos en paralelo dúas linguas xeneticamente diferentes. A correspondencia literal do resto, como defende Sevilla Muñoz (2004) e como o fixemos nós máis arriba (sobre a tradución do proverbio), presenta nas táboas 1 e 2 diversos graos e verifícase unha correspondencia total só con respecto aos enunciados 13 e 22 da táboa 1 e 6, 9, 6, 9, 12, 17, 22, 23 et 25 da táboa 2.

[11] Noutros dicionarios de proverbios tamén observamos que non se explicita o sentido dos enunciados.

Antes de rematarmos estas consideracións, gustaríanos chamar a atención sobre un caso bastante curioso que ilustra o enunciado 3 nas táboas 1 e 2. Trátase do segmento portugués *pôr as barbas de molho* e do neerlandés *maak de borst maar nat*. Estes dous enunciados que afirman que se hai que previr / preparar / tomar precaucións antes de que aconteza algo grave ou difícil, utilizan o mesmo elemento *auga* pero en dúas situacións referenciais moi distintas. Consonte o proverbio portugués, que ten como forma plena *Se vires as barbas do vizinho a arder põe as tuas de molho*, o consello é: se ves as barbas do teu veciño queimarse, debes poñer as túas a remollo. No segmento neerlandés, literalmente "*molla o peito"*, o consello que se dá é que a xente, antes de entrar no mar, para se bañar, faga unha especie de aclimatación mollando antes o peito. En calquera caso, nos dous enunciados trátase de advertir a alguén fronte a un acontecemento ou experiencia que pode ser desagradable e ofrecen un mesmo tipo de opinión / consello para poder evitar situacións lamentables.

No tocante ao rexistro lexicográfico das secuencias estereotipadas en xeral e dos proverbios que aparecen con forma canónica ou truncada como fraseoloxismos, as nosas propostas son as seguintes:

> 1. cruzar os métodos lexicográficos que se seguiron no volume 1 e no volume 2 do dicionario bilingüe portugués – neerlandés – portugués, é dicir, rexistrar tódalas secuencias estereotipadas, paremiolóxicas ou fraseolóxicas logo da aceptación da unidade léxica da que dependen como no volume neerlandés – portugués pero atribuíndolles unha etiqueta ao igual ca no volume portugués – neerlandés.
>
> 2. escoller só unha unidade dos enunciados para incluíla na entrada lexicográfica e así eliminar os duplicados que vemos nos enunciados 3-3a, 6-6b, 15-15a e 20-20a.
>
> 3. cada vez que un enunciado derive dun proverbio, indicalo cunha remisión a unha lista de proverbios na súa forma canónica que se inclúe ao final do volume.

Velaquí tres propostas que consideramos posibles na produción de futuros dicionarios bilingües bidireccionais.

4. Balance final

Chegados ao final, máis que conclusións temos observacións.

Acabamos de constatar que o dicionario bilingüe xeral, que non pretende encher lagoas senón ser útil para o usuario, busca moi a miúdo ofrecer unha reconstrución lingüística a través de enunciados proverbiais. Isto presupón por parte do redactor un amplo dominio da base proverbial das dúas linguas e un bo coñecemento do seu universo tradicional. Ademais, algúns proverbios teñen máis dunha interpretación e aí é onde entra a pragmática, como destacamos verbo do enunciado 3 das táboas 1 e 2. Trátase, logo, dunha operación lingüística e dun exercicio cultural.

Tamén observamos que algúns proverbios están rexistrados cunha forma truncada ou implicitada, é dicir, que non reflicte a súa forma canónica. Estes segmentos inclúense

no dicionario bilingüe ou monolingüe co verbo principal en infinitivo ou conxugado, cando son o suxeito dun exemplo, xa que é cando máis se utilizan no discurso cotián, sen perderen (para a nosa idea e seguindo a noción de *implicitación* de Mokienko e a de *desproverbialización* de Schapira) a súa esencia de discurso de sabedoría. Tivemos a ocasión de verificar este punto poñendo en paralelo os chamados enunciados truncados anotados no dicionario bilingüe cos datos dun dicionario de proverbios e outro de expresións populares.

En consecuencia, o carácter contraditorio do noso título queda aclarado e fai pensar, sobre todo se temos presente o concepto de "desproverbialización" que se indica máis arriba que, mesmo "truncados", estes segmentos lingüísticos que pasaron da paremia ao fraseoloxismo conservan unha mensaxe de sabedoría que aínda se podería denominar proverbial.

Que o tratamento lexicográfico das secuencias estereotipadas non se homoxeneizou verbo dos dous volumes do dicionario é notorio. Fundir os dous sistemas da maneira que amosamos máis arriba seméllanos proveitoso e amosaría que o rexistro dos enunciados proverbiais cunha forma canónica ou abreviada coma os enunciados metafóricos no dicionario bilingüe aínda é perfectible.

6. Bibliografía

6.1. Fontes primarias

AUGUSTO, M. Celeste / Eck, K. v. (2004): *Grote Woordenboek Portugees-Nederlands en Nederlands-Portugees*. 2 vols. Utrecht: Spectrum, Lisboa: Verbum.

COSTA, José Ricardo Marques da (2004): *O Livro dos Provérbios Portugueses*. 2ª edição. Lisboa: Editorial Presença.

PARENTE, Salvador (2005): *O Livro dos Provérbios*. Lisboa: Editora Âncora .

SIMÕES, Guilherme Augusto (1993): *Dicionário de Expressões Populares Portuguesas (Arcaísmos – regionalismos – calão e gíria – ditos – frases feitas – lugares comuns – aportuguesamentos – estrangeirismos – curiosidades da linguagem).* Lisboa: Publicações Dom Quixote.

6.2. Bibliografía secundaria

AUGUSTO, M. Celeste (2009): "Registo e função do fraseologismo nos dicionários bilingues de uso geral" en CARIDAD DE OTTO, Estefanía e LÓPEZ DE VERGARA MÉNDEZ, Alejandro F. (coords). (2009): *Las lenguas para fines específicos ante el reto de la Convergencia Europea*; 641-651. La Laguna: Servicio de Publicaciones Universidad de La Laguna.

(2011): "Do vocabulário ao dicionário: a lexicografia bilingue português - neerlandês – português" en SILVESTRE, João Paulo e VERDELHO, Telmo (eds.): *Lexicografia bilingue*. Lisboa: Universidade de Aveiro - Centro de Linguística da Universidade de Lisboa; 204-220.

(2012): "Unidades fraseológicas especializadas: uma abordagem contrastiva" en *Actas del V Coloquio Internacional Historia de los Lenguajes Iberorrománicos de Especialidad,* Leipzig, 27- 30 / 05 / 2010; no prelo.

BURIDANT, Claude e SUARD F. (ed.) (1984): "Richesse du Proverbe" en *Actes du colloque international de parémiologie*, 6-8 marzo, en Lille. Lille: PUL.

CORPAS PASTOR, G. (2003): *Diez años de investigación en fraseología: Análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos*. Madrid: Iberoamericana / Frankfurt am Main: Vervuert.

DLPC: AAVV (2001): *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea (da Academia das Ciências de Lisboa)*. Lisboa: Editorial Verbo.

DVPI: AAVV, (2000): *Dicionário Verbo Português - Inglês*. Lisboa: Editorial Verbo.

KLEIBER, Georges (2005): "Petite sémantique des proverbes avec une vue spéciale sur leur statut de dénomination" en ALMELA, A., RAMÓN TRIVES, E., WOTJAK, G. (eds.): *Fraseología Contrastiva*. Murcia: Universidad de Murcia, 19-38.

LEVI, Florence (1995): "Calar ou Falar! Le silence et la parole à travers des proverbes portugais faisant référence à la bouche et à l'oreille" en *Paremia* 4, 1995, 133-139. http://www.paremia.org/paremia/PAREMIA4/P4-6.pdf

MOKIENKO, Valerii (2000): *Fraseoloxía eslava.* Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; 502 páxs. [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_estudos]. [Data de consulta 20/01/2012].

QUITOUT, Michel (2009): "Traduci-los refráns. Elementos de tradutoloxía" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, 2009, 163-171.

SAID, Mosbah (2008): "Stéréotypie, variants et invariants dans la traduction lexicographique des proverbes" en *Meta* 53, 2, 2008, 294-309.

SEVILLA MUÑOZ, Julia (2000): "Les proverbes et phrases proverbiales français, et leurs équivalences en espagnol" en *Langages* 139, 2000, 98-109.

(2004): "O conceito correspondencia na tradución paremiolóxica" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, 2004, 221-229.

SCHAPIRA, Charlote, (2000): "Proverbe, proverbialisation et déproverbialisation" en *Langages* 139, 2000, 81-97.

A fraseoloxía moncadiana, 2

The moncadian phraseology, 2

Mercè Biosca Postius

Universitat de Lleida

Károly Morvay

Eötvös Loránd Tudományegyetem, Budapest

Resumo: O artigo continúa a presentación do proxecto de redacción dun *Diccionari fraseològic de Jesús Moncada*. O primeiro volume, practicamente rematado e que se atopa en fase de revisión, contén unhas 500 expresións non documentadas polos dicionarios cataláns. O material fraseolóxico completo, recollido nunha base de datos informatizada, está formado por 2395 combinacións de palabras de diferente tipo documentadas por 1073 lemas. Segundo o reconto manual o uso destas unidades está ilustrado cun total de 6449 exemplos que proveñen de tódalas obras do autor. Este material ademais de facilita-la comprensión e a tradución dos textos do autor ha de servir tamén para a caracterización da fraseoloxía moncadiana. Aquí preséntanse uns primeiros datos estatísticos que poden servir para esta finalidade. Os datos confirman a impresión subxectiva de que as obras de Moncada son moi ricas en fraseoloxía. Esta riqueza maniféstase non só no feito de que nos textos abunden os fraseoloxismos, senón tamén na acumulación de varias expresións dentro dunha mesma frase. Outro trazo característico da prosa de Moncada consiste na presenza do territorio –en determinados topónimos ou elementos característicos da topografía e/ou do clima da zona- e as referencias ó traballo dos *llaüters* [2] no léxico e a fraseoloxía das obras. A análise da fraseoloxía moncadianacomplétase cun primeiro intento de adaptación dun dos criterios do exame da idiomática de autor: o da categoría chamada unidades autoriais propiamente ditas, proposto por Baránov e Dobrovol'skij (2009).

Palabras clave: fraseoloxía, fraseoloxía catalá, dicionario fraseolóxico, fraseoloxía de autor, Jesús Moncada.

Data de recepción 14/03/2012. Data de aceptación 18/06/2012.

[1] Traducido por Rebeca Lema Martínez e Esteve Valls Alecha.

[2] Barqueiros da embarción denominada "llaüt" ou "llagut": embarcación pequena do Mediterráneo, dun pau e con vela latina.

Abstract: The paper is part of the ongoing Diccionari fraseològic de Jesús Moncada project.. The first volume, almost finished and now in verification, contains about 500 expressions not registered in Catalan dictionaries. The complete phraseological material, saved in a computer database, contains 2395 different word combinations with 1073 keywords. According to manual counts, these combinations are augmented by 6449 examples, taken from all the author's works. This material, apart from facilitating understanding and translation, is also useful for describing Moncadian phraseology. In this article, we focus on the latter aim and present our first statistical information, which supports the subjective impression of the phraseological wealth in Moncada's works. This is evident not only in the large number of phraseologisms but also in the accumulation of expressions in the same sentence. Other features of Moncada's prose are the presence of territory—in names for places, topographical elements, and climactic details—and the lexical and phraseological references to boatmen's labour. Our analysis of Moncadian phraseology concludes with a first attempt at adaptation of the so-called "authorial units" category proposed by Baránov and Dobrovol'skij (2009).

Keywords: phraseology, Catalan phraseology, phraseological dictionary, author's phraseology, Jesús Moncada.

1. Informacións preliminares

Nun artigo publicado en *Cadernos de fraseoloxía galega* (CFG) 11, 2009, 49-64 demos a coñece-las solucións fraseográficas utilizadas na redacción do *Diccionari fraseològic de Jesús Moncada* (DFJM). Este proxecto, iniciado por Mercè Biosca da Universitat de Lleida, conta actualmente coa colaboración de Maria-Pau Cornadó (Universitat de Lleida) e de Károly Morvay (Universidade ELTE de Budapest). Os primeiros resultados tamén se presentaron nunha comunicación no *Tercer seminari internacional sobre refranys meteorològics – Geoparemiologia romànica* (Morvay 2011). Os materiais do futuro DFJM consisten nunha base de datos informatizada que contén as unidades fraseolóxicas (UUFF) de toda a obra literaria de Jesús Moncada e de dous volumes en proceso de redacción, denominados provisionalmente *Aportacions fraseològiques de Jesús Moncada*. O terceiro volume será o DFJM completo con tódalas expresións idiomáticas e tódolos exemplos moncadiáns recollidos. (A continuación atoparedes máis detalles ó respecto).

Durante os tres anos que pasaron dende a aparición das primeiras informacións do noso proxecto para CFG (Biosca ~ Morvay 2009) fomos avanzando no traballo. Na primeira parte deste escrito queremos recapitula-lo que xa se fixera e explica-lo que aínda queda por facer. As limitacións de espazo impostas polo marco deste artigo non nos permiten dar a coñece-la vida e a produción literaria do polifacético Jesús Moncada (Mequinensa, Baix Cinca, 1941 – Barcelona, 2005), un dos escritores cataláns máis importantes do século XX. Tampouco podemos resumir aquí a historia de Mequinensa recreada na prosa do noso autor [3]. Na segunda parte realizaremos unha breve caracterización da fraseoloxía moncadianabaseada nos datos recollidos e intentaremos averigua-las posibilidades de aplicación dos criterios que Baránov e Dobrovol'skij, autores dun novo manual de teoría fraseolóxica, propoñen para poder establecer unha tipoloxía da idiomática de autor (Baránov ~ Dobrovol'skij 2009:479-489).

[3] Verbo disto atópanse moitas informacións na páxina web dedicada ó autor (www.jesusmoncada.cat).

A documentación das expresións idiomáticas utilizadas por un autor nun dicionario fraseolóxico non ten tradición na lingüística catalá. A pesar do crecente interese pola fraseoloxía nos Países Cataláns, non dispoñemos dun gran dicionario fraseolóxico (polo menos de ningún que se chame así). Semella que o único dicionario fraseolóxico dedicado a un autor catalán –polo menos iso atestan as recentes investigacións que se fixeron en internet– é a recollida das UUFF utilizadas en *Contalles de Cerdanya* de Jordi Pere Cerdà. O proxecto do *Diccionari fraseològic de Jesús Moncada* (DFJM) aproveita as experiencias do traballo denominado *Els bons usos es perden. Petit diccionari fraseològic cerdanià* (Morvay, 2006, 2012).

A opinión dos dous autores rusos reforza a nosa convicción de que é moi importante realizar investigacións sobre fraseoloxía e redactar dicionarios fraseolóxicos. Baránov e Dobrovol'skij consideran que a creación do novo dicionario fraseolóxico foi un dos obxectivos prioritarios da lingüística rusa. Segundo eles, esta finalidade xustifícase polo feito de que a fraseoloxía pertence a unha das áreas da lingua que se desenvolve de xeito máis dinámico. Como din, este fenómeno "maniféstase tanto nos cambios no conxunto das UUFF que se utilizan de maneira activa coma nas manipulacións creativas da idiomática, amplamente estendida non só en textos literarios e xornalísticos, senón tamén na fala coloquial cotiá". (Baránov ~ Dobrovol'skij 2009:409).

2. O proxecto do DFJM: o feito e o por facer

2.1. A base de datos informatizada

A recollida do material fraseolóxico das obras de J. Moncada é un traballo complexo e moi laborioso que Mercè Biosca comezou cando o autor aínda vivía. Máis tarde, esta completou os devanditos datos, ó tempo que verificaba a presenza das UUFF recollidas na primeira edición do *Diccionari de l'Institut d'Estudis Catalans* (DIEC) e no *Diccionari de locucions i frases fetes* de Joan Martí i Joana Raspall (DLFF). Os fraseoloxismos ausentes nestes dous dicionarios tamén se buscaron noutras obras lexicográficas, coma o *Diccionari català-valencià-balear* (DCVB). Máis tarde o DIEC2 e o *Diccionari de sinònims i frases fetes* de M. Teresa Espinal (DSFF), que recolle material de moitos outros dicionarios, achegaron novos datos [4]. De cada vez anotábanse as definicións propostas polos dicionarios en cuestión ou o feito de que non estivesen recollidas. O baleirado dos exemplos fraseolóxicos de tódolos libros de J. Moncada fixo posible a confección dunha base de datos informatizada creada co programa ACCESS que permite visualizar cada unha das fichas que conteñen os seguintes datos:

O fraseoloxismo en cuestión (en total 2396 unidades, unha máis das contabilizadas no reconto manual); a definición; a indicación da fonte de onde provén a definición, se se dá o caso de que o fraseoloxismo en cuestión está documentado por outros dicionarios; a palabra clave que describe a unidade (en total 1073 lemas); o concepto semántico

[4] Véxase a enumeración das fontes consultadas na bibliografía final do artigo de Biosca / Morvay 2009.

e/ou de función que se lle atribúe á unidade (en total 946 conceptos); o exemplo ou os exemplos de uso moncandián (en total 6449 exemplos segundo o reconto manual).

O programa ofrece tamén a posibilidade de visualizar estas informacións nun listado de tódolos fraseoloxismos reunidos, ordenados alfabeticamente segundo a primeira palabra da combinación. Ademais pódese consultar un listado que relaciona os conceptos –ordenados alfabeticamente– coas UUFF correspondentes. Para a caracterización da fraseoloxía moncadianaprecisaríase aínda poder reagrupa-los exemplos segundo as obras e poder facer un reconto destes exemplos, accións que ata o de agora só puidemos levar a cabo manualmente. Neste momento a base de datos do DFJM conta cunhas dúas mil catrocentas unidades recollidas nos 1073 lemas. Segundo o reconto manual temos un total de 6630 exemplos que ilustran o uso moncadián dos fraseoloxismos recollidos. Actualmente M. Biosca e os seus colaboradores estamos verificando, completando e, de se-lo caso, corrixindo este material, o que xustifica que haxa que considerar como provisionais os datos estatísticos e a súa caracterización.

2.2. Características do *Diccionari Fraseològic* de Jesús Moncada

Paralelamente ós traballos sobre a base de datos, comezamos a redacción dos dous primeiros volumes do DFJM, un traballo que en moitos casos esixe facer modificacións da forma e/ou significado das expresións reunidas co fin de adapta-las ó uso moncadián. O dicionario que estamos elaborando constará de tres volumes.

2.2.1. O primeiro volume do DFJM

A redacción do primeiro volume do DFJM, denominado provisionalmente *Aportacions de Jesús Moncada a la fraseologia catalana I*, atópase nunha fase avanzada. Aínda hai que acaba-la revisión do material e engadirlle a cada unha das unidades un concepto clave semántico e/ou de función. Cf. ó respecto o apartado 7 do noso artigo que presenta as solucións fraseográficas que utilizamos (Biosca ~ Morvay 2009). O orixinal das Aportacions...I –unhas 180 páxinas en formato DIN A4– rexistra arredor de cincocentas expresións idiomáticas non documentadas polos dicionarios cataláns, o que representa unha quinta parte de todo o material reunido. Trátase de fraseoloxismos como *anar curt de saula; (ésser) de cosco; fer una cara com un tello; fet una ferrolla; mirar amb un ull a Xerta i l'altre a Tivenys; ésser més inútil que una màquina de cosir pa; m'apostaria l'orella esquerra que...; quin bou se li escorna?; el temps passa com les bruixes; d'abrils i de senyors, n'hi ha pocs que no siguin traïdors.*

Os proverbios e as sentenzas (frases célebres, etc.) xeralmente non están recollidas nos dicionarios cataláns e canto ás compilacións de refráns, das que a máis completa é *Tots els refranys catalans de Anna Parés*, adoitan presenta-los ordenados por campos semánticos pero con escasas referencias ó significado. En textos publicados en internet podemos atopar moitos proverbios e sentenzas, a miúdo tamén sen definición, como é o caso do proverbio que acabamos de mencionar que aquí figura con outras variantes (*Abrils i senyors, tots traïdors; D'abrils i de senyors, pocs i que no siguin traïdors; D'abrils i de senyors, pocs n'hi han que no siguin traïdors*, etc.). Aproveito a oportunidade para comentar aquí o caso do título do conto *A l'Hèctor el que és de l'Hèctor*. Custounos decidir se tiñamos que incluír e de que xeito esta alusión a unha

frase bíblica que non aparecía enteira no título do conto. Finalmente decidimos documentala no primeiro volume no lema da preposición *a*:

> a + *nom propi* el que és de + *nom propi*
>
> *<frase proverbial que aconsella> donar a cadascú allò que li pertoca*
>
> Doc.: Ø. Obs.: *La forma completa d'aquesta dita d'origen bíblic és* donar a Déu el que és de Déu i al Cèsar el que és del Cèsar. *Moncada fa al·lusió a la forma abreviada en el títol d'un conte* d'Històries de la mà esquerra: *"A l'Hèctor el que és de l'Hèctor"*.

Segundo a terminoloxía, unha parte dos exemplos recollidos no primeiro volume pode considerarse "UUFF autoriais propiamente ditas" (Baránov ~ Dobrovolskij 2009:479) ou expresións idiomáticas coñecidas só na franxa catalá de Aragón. (Certas cuestións relacionadas coa tipoloxía do autor proposta polos dous fraseólogos rusos trátase no apartado 3.4). Porén, moitas formas tamén se utilizan noutros lugares e a miúdo empréganse na lingua coloquial. Trátase de combinacións de UUFF coñecidas ou das súas variantes formais como: *donar lliçons (a algú); dur clavada una espina al cor; engegar a l'altre barri; espellotar viu; ésser mort i enterrat; ésser un cas a banda; fondre's el cor; haver baixat molta aigua pel riu; lligar el ruc on mana l'amo; no aguantar-se dempeus; quina barra!,* etc., que deberían recollerse nos dicionarios.

2.2.2. O segundo volume do DFJM

No segundo volume *(Aportacions de Jesús Moncada a la fraseologia catalana II)* rexístranse unidades fraseolóxicas documentadas polos dicionarios cataláns, pero non na forma e/ou sentido utilizados por Moncada. Por exemplo: *amb uns collons com un toro; ésser un bocí de pa; fer vessar el got; no saber on girar veles; no tenir res a rascar; passar la nit de la xuta; posar el braç dintre la màniga; semblar una xemeneia; venir de l'horta.* Este traballo esixe a adaptación da forma e/ou significado das UUFF recollidas ó uso moncadián. Cómpre comentar brevemente o caso da unidade *venir de l'horta*.

Os dicionarios cataláns recollen as formas *venir de l'hort; baixar de l'hort*:

> DIEC2 hort 1 2 [...] *venir de l'hort* Ignorar una notícia coneguda de tothom, no estar al corrent del que passa.

DLFF *Venir (o baixar) de l'hort* No saber de què es tracta. DLFF, 487.

Nun contexto Moncada emprega esta expresión cun significado similar pero na forma *venir de l'horta*:

> *Potser es pensen que he d'empassar-me aquesta mentida! Es deuen creure que jo vinc de l'horta!* (*Històries*:31).

Noutro fragmento ten un uso diferente que propoñemos documentar coa forma *com aquell que ve de* l'hort e o significado de "con disimulo; coma se non pasase nada":

> *A mi, l'aldarull ja m'agrada. No li diré una cosa per una altra, perquè* [...]*(de tant en tant, com aquell que ve de l'horta, claves un pessic a unes bones anques i això aida molt a passar la vida)* (*Històries*:80).

O exame minucioso dos contextos nos que o noso autor utiliza os fraseoloxismos ten unha grande importancia. En moitos casos permítenos precisa-las posibilidades de combinación dunha forma básica e deducir, a partir de aí, as acepcións ignoradas polos dicionarios. Un bo exemplo é a UF que J. Moncada emprega nos seus textos coas formas: *fins al moll de l'os; fins al moll dels ossos; fins als ossos*. O DIEC2 non recolle estas expresións; só cita, sen os definir, os termos *moll de l'os* e *El moll dels ossos*:

moll11*m*.[LC][ZOA][MD]Medul·la 1 3 *Moll de l'os.*

os [pl. ossos] 11m.[...] L'os del braç. Els ossos del crani. Els ossets del puny. La fractura d'un os. El moll dels ossos.

O DCVB no apartado de locucións do artigo de **moll** cita as seguintes unidades e exemplos:

Loc.—***a)*** *Entrar dins el moll dels ossos*: penetrar fins al més íntim; es diu especialment del fred molt fort. *El cavaller, amb el fret en el moll dels ossos*, Rosselló Many. 230.—***b)*** *Fins al moll dels ossos*: fins a l'últim extrem, al màximum. *Ja el malehia fins al moll dels ossos*, Pons Auca 207. *Com era guilopo asta els molls dels osos*, Rond. de R. Val. 64.

O DSFF documenta a forma *fins al moll de l'os* acompañada polas etiquetas "*Pregonament i Profundament*". Baixo o primeiro concepto atopámo-lo exemplo: *Aquest crit ens va penetrar fins al moll de l'os*: *era realment esgarrifós*. Baixo "Profundament" consta: *Vaig mullar-me fins al moll de l'os; no vaig poder posar-me a sopluig i vaig haver de suportar tot el xàfec.*

Dos exemplos reunidos no DFJM pódese deduci-la existencia de diversas formas e acepcións:

1 (con verbos/participios)
- 1a *trasbalsar fins al moll de l'os*
- 1b *trasbalsar fins al moll dels ossos*
- 1c *trasbalsar fins als ossos*
- 1d *sotragar fins al moll de l'os*
- 1e *impressionar fins al moll dels ossos*

2 (con verbos)
- 2a *amarar fins al moll dels ossos*

3 (con adxectivos)
- 3a *republicà fins al moll de l'os*
- 3b *verdià fins al moll de l'os*

2.2.3. O terceiro volume, o *Diccionari fraseològic de Jesús Moncada* completo

O terceiro volume, o *Diccionari fraseològic de Jesús Moncada*, conterá toda a fraseoloxía moncadiana: reunirase o material dos dous primeiros volumes, completado cos fraseoloxismos utilizados polo autor de Mequinensa coa forma e sentido co que se atopan documentados noutros dicionarios, como *de mig a mig; no haver-n'hi per a tant; fer-ne un gra massa; no tenir pèls a la llengua; pagant, Sant Pere canta; tal dia farà un any!; ull viu!* A diferenza dos dous primeiros volumes, nos que por regra xeral se ilustra o uso dos devanditos fraseoloxismos denominados coa axuda dun só exemplo, no DFJM cítanse tódalas súas aparicións. Será no terceiro volume onde se atoparán xuntas as variantes dunha mesma expresión rexistrada en diferentes volumes, como é o caso das unidades *sortir els drapets al sol – treure els drapets al sol – treure a la llum draps i drapets.*

3 . Breve caracterización da fraseoloxía moncadiana

O material reunido, os 6.449 exemplos que ilustran o uso moncadián de 2.395 UUFF, ademais de facilita-la comprensión e a tradución dos textos de J. Moncada ha de servir tamén para a caracterización da fraseoloxía moncadiana, caracterización que esperamos poder facer máis en profundidade unha vez que estean listos os tres volumes do noso dicionario. De momento presentamos uns primeiros datos estatísticos e unha breve caracterización.

3.1. O material fraseolóxico do futuro dicionario en cifras

Ó examinármo-los datos facilitados por un reconto manual do material que se recolleu na base de datos pódese constatar que a maior parte das unidades, un 58 por cento, aparecen unha soa vez nas obras de Moncada. As expresións que figuran unha soa vez ou como máximo dúas veces constitúen case o 75 por cento do material. O número de fraseoloxismos que o autor utiliza máis de 15 veces é reducido, xeralmente trátase dun ou dous exemplos, entre os que hai poucas expresións idiomáticas "imáxicas". Cf. os datos e exemplos correspondentes no Apéndice (5.1. O material fraseolóxico do futuro dicionario en cifras). A análise da composición das listas rematadas e dos exemplos dos usos moncadiáns permitiranos examina-los tipos de fraseoloxismos máis utilizados. Para poder ter unha idea, aínda que de momento sexa superficial, presentamos –sen comentarios– a lista de UUFF utilizadas entre 10 e 15 veces nas obras de J. Moncada. (Véxase o punto 5.2. do Apéndice). Tamén se enumeran os contextos nos que o escritor utiliza a expresión *amb pèls i senyals*. (Véxase o punto 5.3. do Apéndice). Sobre a importancia e utilidade da análise detallada dos contextos, véxase o dito no apartado 2.2.2. verbo da combinación *fins al moll d'ossos.* Aquí só nos gustaría chama-la atención sobre o xogo de palabras que aparece nun dos exemplos:

> *Tomàs, el matxer, ha obert la tanda de comentaris explicant amb pèls i senyals (molts pèls i molts senyals, Penèlope), el que faria amb la Paula al llit fins que ella, esgotada, morta, demanaria misericòrdia.* (*Calaveres*, 136).

3.2. Riqueza fraseolóxica das obras

A obra de J. Moncada é moi rica en fraseoloxía. Nunha recensión que está na rede sobre a linguaxe dun dos contos publicados no volume *El Cafè de la Granota* pódese le-lo que segue:

> *"El més important del recull [...] és el brevíssim* Paraules des d'un oliver*, que reprodueix fil per randa un monòleg amb tota la riquesa lèxica i fraseològica, sense narrador interposat. Aquest serà l'estil que s'imposarà al tercer recull, escrit quinze anys més tard". (http://www.vicencpagesjorda.net/cat/biografia_lector/Contes-Jesus_ Moncada.pdf).* [Data de consulta: 12/02/2012].

Esta riqueza fraseolóxica maniféstase de dúas maneiras nas obras de Moncada: por unha banda, o autor usa un gran número de fraseoloxismos nos seus textos (3.2.1) e, pola outra, faino acumulando decote varias expresións idiomáticas nunha mesma frase (3.2.2).

3.2.1. Uso dun gran número de fraseoloxismos nos textos

En moitos textos de Moncada pódese observar unha gran saturación fraseolóxica. Un bo exemplo é o fragmento da conversa dos dous protatonistas do "Conte del vell tramviaire", o cobrador e o condutor de tranvía que se reproduce no Apéndice (5.4. Un texto rico en fraseoloxía). Véxase tamén a lista dos 89 fraseoloxismos que utiliza o autor no devandito conto. (5.5. Fraseoloxismos que o autor utiliza no "Conte del vell tramviaire").

3.2.2. Acumulación de diversas expresións idiomáticas nunha mesma frase

Moitas veces, o escritor utiliza diversas expresións no interior dunha frase. Aquí mencionamos só un exemplo, iso si, cheo de fraseoloxismos:

> *I si jo ho dic, podeu pujar-hi de peus; ja sabeu que sóc del morro fort i que no amollo un pam de sirga encara que em pelin, si no veig les coses clares com la llum del dia. (Històries*:123).

(Atópanse algúns exemplos máis no punto 5.6 do Apéndice).

Esta característica está intimamente relacionada coa da saturación fraseolóxica. Moitas unidades aparecen en frases consecutivas, coma nos exemplos que seguen:

> *-El món és ple de desagraïts!*
>
> *-Ens rebel·lem pel seu bé i ens ho pagaran amb guitzes!*
>
> *-Cria corbs...* (*Històries*:98).
>
> *-Dona, no ho agafis per la punta que crema –digué l'altre, conciliador-. Jo no et volia ofendre.*
>
> *-Sí, sí... El que passa és que si una no treu les ungles, de camí et fan passar el trill per l'esquena.* (*El Cafè*:7).

> *–¿Què li ha passat, home de Déu? Afanyi's, que avui tenim feina a coll, l'esperàvem amb candeletes.* (*Calaveres*:19).
>
> *Conec el Soler a fons, no és cap babau, n'ha vist de tots colors i sap el pa que s'hi dóna. Si ha dit que el Marcel·lí encara era viu, podem pujar-hi de peus, això va a missa.* (*Calaveres*:82).
>
> *Es veu que al vell li va per llunes*: *o cinc o cinquanta! Què hi farem! Tal dia farà una any!* (*Històries*:63).

3.3. Presenza do territorio e do traballo dos *llaüters* no léxico e a fraseoloxía das obras

A presenza do territorio –de determinados topónimos ou elementos característicos da topografía e/ou do clima da zona– no léxico e a fraseoloxía das obras e as referencias ó traballo dos *llaüters* coa axuda do léxico e expresións específicas é outra característica moi importante da linguaxe das obras de Moncada. Un aspecto desta cuestión, as expresións do ámbito fluvial, foi tratado por Mercè Biosca nun estudo (2009), no que a autora documentou o uso de 44 unidades nas obras de J. Moncada, ordenadas nos lemas *anguila, barca, carpa, codís, cullerot, deriva, estrop, maroma, mascaró, navegar, nedar, peix, pescar, peu, rem, riada, riu, saula, sirga, vela, vent e vora.* (Véxase a lista correspondente no punto 5.7 do Apéndice). Aínda se poderían engadir máis lemas, tales como *aigua* (utilizado como sinónimo de *riu), garbí, engarbinat,* os topónimos *Xerta* e *Tivenys* e cita-las expresións *més vell que l'aigua;* no *amollar un pam de sirga; fondre's com un poll engarbinat; mirar amb un ull a Xerta i l'altre a Tivenys*, estas dúas últimas discutidas nunha comunicación (Morvay 2011, no prelo). Poderíase valorar tamén a posibilidade de incluír aquí o termo *cullerot de bassa*, utilizado polo autor como un insulto, e combinacións de palabras como *el coneixen fins i tot les anguiles; des que el riu és riu; de rucs n'hi ha més que peixos*. E a lista aínda non está completa. Algunhas destas unidades poderíanse considerar como usos autoriais de Moncada.

3.4. Idiomática de autor

Baránov e Dobrovol'skij atribúenlle unha grande importancia ó exame da idiomática de autor. O capítulo 10 do seu manual está dedicado a esta cuestión, concretamente á análise das unidades fraseolóxicas nas obras de Dostoievski e á fraseoloxía d'*A dama de picas* de Puškin (Baránov e Dobrovol'skij 2009:479-532). No apartado 10.1 deste capítulo titulado *A UF de autor*: *cara a unha definición do concepto* os autores enumeran os seguintes fenómenos, cuxo exame ha de servir para establecer unha tipoloxía da idiomática de autor (páxina 479):

Modificacións autoriais léxicas dunha UF
Transformacións autoriais gramaticais
Modificacións autoriais semánticas dunha UF
Frecuentalismos autoriais
Dearcaísmos autoriais
UUFF autoriais propiamente ditas

A proposta desenvolvida polos autores parécenos moi interesante e esperamos te-la oportunidade de poder analiza-la fraseoloxía de J. Moncada coa axuda dos devanditos criterios. Esta vez intentaremos dicir algo sobre as dificultades da identificación de expresións moncadianas de tipo "*autoriais propiamente ditas*", que Baránov e Dobrovol'skij definen como "*combinacións de palabras que son utilizadas con frecuencia unicamente polo autor e que posúen propiedades da idiomaticidade do significado*." (páxina 487). Os dous fraseólogos rusos xa advirten ó comezo que se trata dun concepto complexo xa que o mesmo "*fenómeno das UUFF diferénciase por presentar unha estrutura [...] complicada*: *ademais da idiomaticidade, presuponse a presenza da fixación* (páxina 488).

Máis adiante engaden:

> *O concepto de UF de autor é un concepto aínda máis complexo, xa que caracteriza a conciencia lingüística dun falante da lingua e non de toda a comunidade lingüística no seu conxunto. Calquera valoración da fixación dunha determinada expresión no caso dun autor concreto é problemática. Malia a informalidade dos parámetros propostos para a clasificación das UUFF de autor, estes pódense utilizar como heurísticas produtivas para a busca* (Baránov e Dobrovol'skij 2009:488-489).

A falta de informacións fiables sobre a procedencia dos fraseoloxismos cataláns dificulta aínda máis o traballo. O único dicionario catalán que facilita informacións sobre o(s) lugar(es) onde se recolleu unha expresión é o *Diccionari Català-Valencià-Balear* (DCVB), pero habería que actualiza-los datos deste. Este sería, por exemplo, o caso da expresión *fet una ferrolla* 'd'aspecte deplorable' que aparece no seguinte fragmento:

> *Des del dia que ens van dir que avui ens jubilaven, vas fet una ferrolla.* (*Històries*:30).

O DIEC2 non recolle o termo **ferrolla**. O DCVB documenta dúas acepcións da expresión *fer forrolla*: FORROLLA o FERROLLA 3. **Fer forrolla: a)** Fer bon negoci, guanyar molt en poc temps (Vall d'Àneu, Ll., Plana de Vic, Solsona, Cardona, Camp de Tarr.); cast. *hacer su agosto*. [...] **b)** Fer soroll, adquirir molta anomenada (Urgell, Segarra, Vallès, Penedès, Camp de Tarr.); cast. *meter ruido, hacer furor* [...].

As consultas que aínda se lle puideron facer ó autor e actualmente as informacións privilexiadas da súa irmá e familia pódennos axudar a saber se nun caso concreto se trata dun fraseoloxismo coñecido ou non na fala de Mequinensa; en caso de non ser un fraseoloxismo vivo, recae sobre nós a responsabilidade de decidir se o debemos recoller ou non no DFJM como individualismo fraseolóxico do autor. Mencionamos aquí dous exemplos discutidos polos redactores do dicionario.

A expresión *no amollar un pam de sirga* aparece no conto *A l'Hèctor el que és de l'Hèctor* nunha frase chea de fraseoloxismos. Sobre se se trataba dunha expresión coñecida en Mequinensa, M. Biosca informounos de que: "La germana de l'autor i la seva família (ella ho ha preguntat també als cosins) diuen que no ho havien sentit mai i

que consideren que és una metàfora inventada pel Jesús". Cremos que esta afirmación nos autoriza a cualifica-la como exemplo de fraseoloxismo autorial propiamente dito. Buscando en internet localizamos a unidade en cuestión no texto do seminario "El gust per la lectura" 2000-2001, cualificada como expresión (http://www.xtec.cat/lic/centre/professorat/dossiersgust/Moncada_2000.pdf). [Data de consulta: 12/02/2012].

O caso da comparación *xombat com una bitlla <en mig d'un lloc>* é algo diferente xa que a consulta se lle fixo ó propio autor. Esta unidade aparece no conto *La lluna, la pruna*:

> *I l'esmolet, indecís, es va quedar xombat com una bitlla al mig de l'establiment.* (*Històries*:72).

A expresión parecíanos interesante xa que nin a segunda edición do dicionario do IEC (DIEC2), nin o DCVB documentan as palabras *xombar nin xombat* e a unidade tampouco figura no DSFF. Verbo disto, M. Biosca informou de que "Aquesta expressió li vaig preguntar al Jesús perquè a mi també em sonava a fraseologisme. Ell va dir-me que no ho era". Agora tócanos decidir se temos que recoller ou non esta comparación como unidade autorial propiamente dita.

Os textos de Moncada seguen presentando unha dificultade engadida por mor de que os contos, e como consecuencia a fraseoloxía de J. Moncada, teñen un toque especial: as esculturas e pinturas de santos charlan e actúan neles coma os vivos (*Debat d'urgència*) e os mortos xorden da tumba para reclamaren unha revancha (*Revenja per a un difunt*) ou levantan a tapa do cadaleito esixindo un enterro digno (*Traducció del llatí*). Isto fai que algúns elementos considerados polos nativos como combinacións libres de palabras poidan semellar unidades fraseolóxicas, sobre todo para os lectores e/ou tradutores estranxeiros. Por exemplo, un dos protagonistas do conto *Debat d'urgència*, a imaxe de san Pascual, intentando poñer orde entre os santos e santas asustados, pronuncia as seguintes palabras:

> *A veure si parem una mica d'atenció i no aprofitem que Nostre Senyor i la seva mare són a prendre les aigües a la Fontcalda per portar-nos malament i fer barrila, igual que els alumnes quan no hi és el mestre!* (*Històries*:97).

Dado que o Noso Señor e a nai non aparecen no conto, dubidamos se *ésser a prendre les aigües a la Fontcalda* era unha expresión idiomática. M. Biosca, despois de consulta-lo con algúns catalanfalantes da franxa catalá de Aragón que afirmaron que non a escoitaran nunca, propuxo incluír só *prendre les aigües* (recollida polos dicionarios) na base de datos. Con todo, considerando que esta combinación única posúe propiedades da idiomaticidade do significado, non descartámo-la posibilidade de recollela tal e como a utilizaba Moncada, acompañada dunha observación que a cualificaría como individualismo fraseolóxico do autor.

4. Conclusións

A prosa de Jesús Moncada é moi rica en fraseoloxía: o autor usa un gran número de fraseoloxismos nos seus textos, o que fai que a miúdo se acumulen diversas expresións

idiomáticas nunha mesma frase ou en frases consecutivas. Porén, obsérvase que a maioría das expresións aparecen unha soa vez nas obras de Moncada ou como máximo figuran nelas dúas veces. (Para máis información, véxase o apartado 5 do Apéndice).

A presenza do territorio –de determinados topónimos ou elementos característicos da topografía e/ou do clima da zona– no léxico e a fraseoloxía das obras, así como as referencias ó traballo dos llaüters coa axuda de léxico e expresións específicas son pezas clave do coidado estilo moncadián.

Unha parte de todo este material fraseolóxico non está documentada polos dicionarios cataláns. O primeiro volume do DFJM recolle unhas cincocentas unidades deste tipo, unha cantidade que representa máis do 20 por cento de tódolos fraseoloxismos reunidos. Máis adiante, un exame detallado permitiranos detectar cales destas expresións idiomáticas son creacións individuais do autor, cales se utilizan só na franxa catalá de Aragón e de cales se fai un uso xeralizado a pesar de non estaren recollidas nos dicionarios por mor do tratamento inadecuado do material fraseolóxico.

A carencia dun gran dicionario fraseolóxico catalán ben documentado e de investigacións detalladas sobre as características da fraseoloxía catalá en xeral e sobre as da lingua literaria en particular dificultan a adaptación das propostas de Baránov e Dobrovol'skij ó noso proxecto. Porén, estamos convencidos de que unha vez finalizado o *Diccionari Fraseològic de Jesús Moncada* e incorporados os criterios innovadores dos dous fraseólogos rusos, poderemos realizar unha caracterización máis ampla da fraseoloxía moncadiana.

5. Apéndice

5.1. O material fraseolóxico do futuro dicionario en cifras

Número de ocorrencias da UF	Número de exemplos de uso moncadián	Número total de exemplos	As unidades en cuestión. Tódolos exemplos se citan só se a UF aparece máis de 15 veces
1	1397	1397	*a* [+ subs.] *falta gent! ... xerrar més que fetge en brasa*
2	391	782	*a cop d'ull ... voler mal*
3	180	540	*a balquena ... xuclar la sang*
4	105	420	*a boca de canó ... xano-xano*
5	88	440	*a l'acte ... xerrar pels descosits*
6	43	258	*a empentes i rodolons ... voler dir*
7	41	287	*a cabassos ... vulguis no vulguis*
8	29	232	*a dojo ... veure's d'una hora lluny*
9	20	180	*a cau d'orella ... venir a l'esma*
10	15	150	*a banda i banda ... vet ací; vet aquí*
11	14	154	*amb penes i treballs ... tot just*
12	7	84	*de debò ... ves per on*
13	6	78	*anys i panys ... no tenir res a veure*

14	12	168	*de cap a peus ... sense remei*
15	7	105	*... amb pèls i senyals ...* [5]
16	3	48	*d'amagot; fer via; per descomptat*
17	8	136	*a l'aguait; de pressa; fer-se fonedís; forces vives; ni una ànima (vivent); ni de bon tros; no badar boca*
19	3	57	*fer cinc cèntims; posar els peus; vés a saber! (aneu vés a saber!)*
20	3	60	*de tant en tant; per força; tot i que*
21	1	21	*a corre-cuita*
22	1	22	*tenir en compte*
23	1	23	*a hores d'ara*
24	4	96	*anar a parar (a un lloc); a poc a poc; fill de puta; tenir raó*
26	1	26	*deixar córrer*
27	1	27	*ara i adés*
29	1	29	*fer cap (a un lloc)*
30	1	30	*valer més*
32	2	64	*d'altra banda; si més no*
33	1	33	*a la primeria*
36	3	108	*deixar de banda; de cop i volta; gens ni mica*
39	1	39	*sens dubte*
41	1	41	*és clar!*
73	1	73	*de nou*
75	2	150	*de sobte; fins i tot*
91	1	91	*amb prou feines*
TOTAL	**2.395**	**6.449**	**En total: 2.395 UUFF usadas en 6.449 exemplos**

5.2. Fraseoloxismos utilizados entre 10 e 15 veces nas obras de J. Moncada

15 unidades utilizadas 10 veces	14 unidades utilizadas 11 veces	7 unidades utilizadas 12 veces
a banda i banda	*amb penes i treballs*	*de debò*
a crits	*anar-se'n en orris*	*donar voltes* [a quelcom]
a fi i efecte de	*com un boig* [6]	*en sec*
a frec de	*de mala manera*	*posar al corrent*

[5] Véxanse tódolos exemplos do uso moncadián no Apéndice 5.3

[6] No reconto manual as formas como *buscar com un boig; córrer com un boig; riure com un boig* contabilizáronse á parte.

amunt i avall	*de passada*	*sense manies*
en secret	*fer cas de*	*si us plau*
fer-ne un gra massa	*pam a pam*	*ves per on*
no deixar d'ull	*per res del món*	*sense manies*
no haver-hi res a fer	*per sempre més*	*si us plau*
parar l'orella	*ras i curt*	*ves per on*
per sempre	*saber greu*	
per si de cas	*si bé*	
sense parar	*tant fer-se'n [tant li fa]*	
sense solta ni volta	*tot just*	
vet ací; vet aquí		

6 unidades utilizadas 13 veces	**12 unidades utilizadas 14 veces**	**5 unidades utilizadas 15 veces**
anys i panys	*de cap a peus*	*a fons*
de camí	*de cop* ~ cf. *de cop i volta*	*amb pèls i senyals*
de tota manera; de totes maneres	*de mig a mig*	*com cal*
fer mans i mànigues	*de ple; de ple a ple*	*de fet*
no cal dir	*de reüll* ~ cf. *mirar/mirada de reüll*	*en un tres i no res*
no tenir res a veure	*fer-se càrrec de*	*fotre el camp*
	fil per randa	*mai de la vida*
	més ben dit	
	pertot arreu ~ cf. *a tot arreu*	
	res de res	
	sense embuts	
	sense remei	

5.3. Contextos nos que o escritor utiliza a expresión *amb pèls i senyals*

amb pèls i senyals. De manera minuciosa (*DLFF*, 44).

> *El fartum del rector, amb l'esment enterbolit per libacions copioses, anticipava cabotades reprovatòries amb parsimònia abacial i les senyores es preparaven a escandalitzar-se en sentir el que, d'altra banda, ja sabien amb pèls i senyals.* (*Camí,* 56).

> *A les tertúlies, entre fortor de cigars i aromes de rom, els vilatans van rebre de boca del peó saguer notícia amb pèls i senyals de la trobada amb la madame, que ja els esperava, conjuminada com estava la cosa entre ella, el propietari de L'Edèn i l'Arquimedes Quintana, els únics que coneixien el secret a més de l'Aleix de Segarra.* (*Camí*, 70).

Una de les minyones, la Verònica –que va guardar-se com de caure al riu de confessar que havia aprofitat l'avinentesa d'un encàrrec per afegir-se a la gresca republicana–, explicà el cas amb pèls i senyals a la família Torres i Camps. (*Camí*, 143).

No els quedà altre déu sinó explicar l'afer amb pèls i senyals sota la mirada suspicaç dels del triconi. (*Camí*, 221).

–S'han venut el riu, nois –havia anunciat un dia l'Estanislau Corbera als contertulians astorats, abans d'amollar els detalls de l'operació amb pèls i senyals. (*Camí*, 315).

En primer lloc, el sergent, talòs bigotut, espès i formalista, procedí a la identificació amb pèls i senyals del pres. (*Camí*, 328).

El seu amic furgonejava els caus més amagats, insòlits i reguardosos; tenia confidents pertot arreu, tant entre la púrria més infecta com en els ambients més exclusius; coneixia, en fi, amb pèls i senyals els entrellats més foscos de la vida torrellobina. (*La galeria*, 33).

Ho sabia de boníssima font, podia donar un per un els noms dels facinerosos (...): *En coneixia amb pèls i senyals les malifetes, algunes de ben esgarrifoses.* (*La galeria*, 241).

La premsa [...] també dedicava espais generosos a donar compte amb pèls i senyals dels actes religiosos i castrenses amb què l'arma d'Artilleria havia commemorat el dia abans la festa de la patrona. (*La galeria*, 329-330).

Com de costum, oficialment no passava res però, també com de costum, el Gomis era al corrent del merder amb pèls i senyals. (*La galeria*, 443).

L'agutzil, indignadíssim, fa la verinada. Repeteix, paraula per paraula, els discursos del secretari del jutjat, el qual reprodueix, també amb pèls i senyals, els de l'alcalde de la vila. (*Estremida*, 166).

En un racó, un cosmopolita d'Amposta explica amb pèls i senyals les execucions que ha vist arreu del món. (*Estremida*, 294).

Tomàs, el matxer, ha obert la tanda de comentaris explicant amb pèls i senyals (molts pèls i molts senyals, Penèlope), el que faria amb la Paula al llit fins que ella, esgotada, morta, demanaria misericòrdia. (*Calaveres*, 136).

5.4. Un texto rico en fraseoloxía (Fragmento do *Conte del vell tramviaire*)

(Adrià, el cobrador)

–Coi, home! Fas una cara com un tello! M'apostaria l'orella esquerra que, ara, ni m'escoltaves. Des del dia que ens van dir que avui ens jubilaven, vas fet una ferrolla. No fas altre que remugar i fer mala cara. Potser no n'hi ha per a tant! Fixa't en mi. ¿Què penses? Que deixar de treballar no em fa una cosa per dins, també? ¿Què no em dol? Doncs, l'espifies, de mig a mig! També trobaré a

faltar tot això. Ja ho crec! Tot aquest temps deixa rastre, vulguis o no... El que passa que jo m'ho prenc d'una altra manera. Tu, en canvi, en fas un gra massa. ¿Ha arribat l'hora de la jubilació? Benvinguda! Si per mi hagués estat, me l'haurien donada abans de començar a treballar... Les coses van així. ¿Què vols fer-hi? ¿Amargar-te la vida? No val la pena, ja te l'amarguen prou els altres, no cal que posis encara llenya al foc pel teu compte... [...] El món no s'acaba aquí, Atanasi! Encara tenim molts anys per endavant... Fes-me el favor de no amoïnar-te!

(Atanasi, el condutor)

–Autobusos! Ferrolla, invents de dimoni! On hi hagi un bon tramvia, com ara el meu, no hi tenen res a rascar tots els autobusos del món. A més si anem a les males, nosaltres hi érem primer. Tanmateix, aquests galifardeus que hi ha ara a l'empresa i que pensen que tot el món és d'ells, no paren de burxar: autobusos, autobusos! Però es veu que van adonar-se que, amb mi, havien tocat os. Segur que van cavil·lar i van dir: "Amb el geni que té Atanasi, qualsevol li diu que anem a treure els tramvies!". Ens deixarà tants com som, com un drap brut! ¿Què podríem fer? Em coneixen. Saben que no tinc pèls a la llengua i que li poso el braç dintre la màniga al mateix bisbe, si convé. Sóc un tros de pa, però hi ha coses que em fan pujar a les més altes! I quan és així... ull viu! Ja està –van pensar–. El jubilem i després farem la nostra. I, au, pensat i fet: es treuen de la butxaca això de la jubilació i em llencen al carrer com una andròmina... No saben el que fan. Van de cap a la catàstrofe, a l'apocalipsi.

("Conte del vell tramviaire" en *Històries*: 31-32).

5.5. Riqueza fraseolóxica do *Conte del vell tramviaire* (9 páxinas)

a la desesperada	*a les males*	*a tota marxa*	*amb el cap cot*
amb els ulls clavats	*buscar la volta*	*com si res*	*com un llamp*
com una maçolada	*d'aquí a no res*	*de cap*	*de cua d'ull*
de dia en dia	*de mig a mig*	*de nou*	*de sobte*
de tota manera; de totes maneres	*deixar com un drap brut*	*deixar-se estar de punyetes*	*del dimoni*
en què dimonis...?	*ésser com cal*	*ésser un cap de soca*	*ésser un tros de pa*
fer cap	*fer el favor*	*fer el sord*	*fer estelles l'ànima*
fer feines	*fer goig*	*fer l'amor*	*fer la seva*
fer mala cara	*fer nosa*	*fer pujar a les més altes*	*fer una cara com un tello*
fer uns ulls com coves	*fer-ne un gra massa*	*fer-ne una de grossa*	*fet una ferrolla*
fins i tot	*fotre el camp*	*haver tocat os*	*igual que si sentís ploure*

mala bèstia!	*més vell que l'anar a peu*	*mort de pena*	*mossegar-se la cua*
mossegar-se la llengua	*nit i dia*	*no haver-n'hi per a tant*	*no poder-se pagar mai*
no saber com dir-ho	*no saber el que es fa*	*no tenir pèls a la llengua*	*no tenir res a rascar*
només tenir ulls	*parar compte*	*paraula gruixuda*	*pelar-se de fred*
pensat i fet	*per força*	*per sempre més*	*poder confitar-se*
posar el braç dintre la màniga	*posar llenya al foc*	*que t'has tornat boig?*	*quedar-se sense sang; quedar-se sense sang a les venes*
res de res	*sense dir paraula*	*sense fer cas*	*sense parar*
tan sols	*tant fer-se'n*	*tenir clissat*	*tenir el peu al coll*
tenir molts anys per endavant	*tenir més raó que un sant*	*tot just*	*trencar-se la closca*
treure l'aigua clara	*treure's de la butxaca*	*trobar a faltar*	*ull viu!*
un dia o altre	*un nus a la gola*	*valer la pena*	*venir de l'horta*
vés a saber!; aneu a saber!			

5.6. Acumulación de diversas expresións idiomáticas nunha mesma frase

Proclamo que tenen tota la raó. I si jo ho dic, podeu pujar-hi de peus; ja sabeu que sóc del morro fort i que no amollo un pam de sirga encara que em pelin, si no veig les coses clares com la llum del dia. (*Històries*, 123).

Si s'esdevenia que havia d'enterrar algú un diumenge a la tarda i teníem futbol, cantava el gori-gori al malaguanyat a l'hora del cafè i enllestia la feina a corre-cuita de manera que tothom, ell el primer, després d'acompanyar en el sentiment la família del finat, pogués fer cap al camp de seguida, a treure's amb quatre crits el regust de les absoltes. (*El Cafè*, 18).

Tanta dèria que teníem per aquell partit i al final ens va passar el que sovint passa amb moltes coses de la vida, que les esperes amb candeletes i al final et quedes amb un pam de nas... (*El Cafè*, 18).

Però, tinguem paciència, al fons del sac es troben les engrunes: *a la vall de Josafat, el dia del Judici Final, després de la trompetada angèlica, sortiran els drapets al sol.* (*La galeria*, 373).

En feien una com un cove; els donava l'oportunitat d'aportar elements per ablanir el nyap i els animals –"me cago en la puta d'oros"– li sortien amb el ciri trencat de la legítima defensa. (*La galeria*, 29).

Un sant era, per exemple, el Napoleó: *un pencaire de veritat, que no anava mai de putes, que canvià de jaqueta al moment precís, aprofitant l'avinentesa de trobar-se de permís amb el braç enguixat quan l'evacuació de Mequinensa, i que, d'ençà d'aleshores, pixava aigua beneita mentre treia el suc als minaires*. (*La galeria*, 297).

I jo vaig continuar posant-hi el coll, sacrificant-me en cos i ànima pel bé del regne de Déu. Fins que, fa cosa d'un any, va caure'm la bena dels ulls. (*Calaveres*, 182).

Encara que gairebé no puc ni moure el llapis i em veuré obligada, ja ho veig, a interrompre aquesta carta fins demà (tinc altres coses al pap i, si el franqueig ha de costar-me un ull de la cara, val la pena aprofitar-ho), faré un últim esforç. (*Calaveres*, 38).

5.7. A lista de expresións do ámbito fluvial utilizadas nas obras de J. Moncada

Nun estudo –ordenados consonte os lemas anguila, barca, carpa, codís, cullerot, deriva, estrop, maroma, mascaró, navegar, nedar, peix, pescar, peu, rem, riada, riu, saula, sirga, vela, vent e vora–, Mercè Biosca recolle as seguintes unidades (Biosca 2009):

haver-se-li menjat la llengua les anguiles (se t'han menjat la llengua les anguiles?)	*pas de barca*	*pont de barques*
lliscar igual que carpes	*surar com els codissos*	*tenir el cap més dur que un codís*
ésser un cullerot	*anar a la deriva*	*a tot estrop*
passar la maroma	*mascaró de proa*	*perdre la carta de navegar*
nedar i guardar la roba	*dormir com un peix*	*ésser peix al cove*
estar com un peix al rostoll	*tenir sang de peix*	*no saber el que es pesca*
no fer peu	*ficada de rem*	*ficar el rem*
fora rems!	*portar el rem*	*una riada de*
anar-se riu avall	*gira-hi el riu; gireu-hi el riu*	*guardar-se com de caure al riu (d'una cosa)*
haver baixat molta aigua pel riu	*no arribar la sang al riu*	*sense arribar la sang al riu*
un riu de	*anar curt de saula*	*camí de sirga*
alçar veles	*anar a la vela*	*arriar veles*
plegar veles	*no saber on girar veles*	*sense saber on girar veles*
a tot vent	*bufi d'on bufi el vent*	*fer la marxada de vent*
menjar més que una vora de riu	*no tocar vores*	

6. Referencias bibliográficas

BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia, 644 p. (http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/aspectos_teoricos_fraseoloxia.pdf) [Data de consulta: 12/02/2012].

BIOSCA i POSTIUS, Mercè (1989) *La fraseologia en l'obra de Jesús Moncada.* Barcelona (inèdit). (Traballo de investigación dirixido polo Dr. Ramon Sistac e presentado dentro do programa de doutoramento *L'anàlisi lingüística de textos orals.* Estudi General de Lleida, Universitat de Barcelona, Premio Josep Massot, 1996).

(2009) "Fraseologismes d'àmbit fluvial en l'obra de Jesús Moncada", en *Llengües i Fets, Actituds i Franges*. Miscelánea de traballos etnolóxicos, filolóxicos e lingüísticos ofrecidos a Artur Quintana i Font, H. Moret (coord.). Calaceit: Associació Cultural del Matarranya, Institut d'Estudis del Baix Cinca, 43-55.

BIOSCA i POSTIUS, Mercè ~ Károly MORVAY (2009): "A fraseoloxía moncadiana", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, 2009; 49-64.

DCVB = ALCOVER, Antoni M. ~ MOLL, Francesc de B. (1930-1962): *Diccionari català-valencià-balear*. Palma de Mallorca: Editorial Moll (10 vols.) (http://dcvb.iecat.net)) [Data de consulta: 12/02/2012].

DIEC 1994 = *Diccionari de la llengua catalana*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans / Edicions 3 i 4 / Edicions 62 / Editorial Moll / Enciclopèdia Catalana / Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Barceloma / Palma de Mallorca / València.

DIEC2 2007 = *Diccionari de la llengua catalana*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans / Edicions 62 / Enciclopèdia Catalana (http://dlc.iec.cat/) [Data de consulta: 12/02/2012].

DLFF = RASPALL, Joana / MARTÍ, Joan (1984): *Diccionari de locucions i de frases fetes.* Barcelona: Edicions 62.

DSFF = ESPINAL M. Teresa (2004): *Diccionari de sinònims i frases fetes.* Barcelona-València: Universitat Autònoma de Barcelona / Publicacions de la Universitat de València / Publicacions de l'Abadia de Montserrat.

MONCADA, Jesús (Obras de Jesús Moncada que se citan ó longo do texto):

Calaveres = *Calaveres atònites*, Barcelona, Edicions de la Magrana "Les ales esteses", núm. 87, 1999.

Camí = *Camí de sirga*, Barcelona, Edicions de la Magrana "Les ales esteses", núm. 39, 1988.

El Cafè = *El Cafè de la Granota*, Barcelona, Edicions de la Magrana "Els llibres de Butxaca", núm. 1, 1988.

Històries = *Històries de la mà esquerra*, Barcelona, Edicions de la Magrana "Els llibres de Butxaca", núm. 5, 1988.

La galeria = *La galeria de les estàtues*, Barcelona, Edicions de la Magrana "Les ales esteses", núm. 49, 1992.

MORVAY, Károly (2006): *Els bons usos es perden*. Petit Diccionari Fraseològic Cerdanià. Budapest: Nyitott könyv. (Premio Catalunya del Nord do Institut d'Estudis Catalans, 2008). (http://morvay-k.web.elte.hu) [Data de consulta: 12/02/2012]. // (2012[2]) Barcelona: Institut d'Estudis Catalans, Publicacions de la Presidència, 37. http://publicacions.iec.cat/PopulaFitxa.do?module Name=novetats_editorials&subModuleName=darreres_novetats&idCatalogacio=16449. [Data de consulta: 15/07/2012].

(2011) "Mirar amb un ull a Xerta i l'altre a Tivenys (Fraseologia i territori en l'obra literària de Jesús Moncada)". *Actes del Tercer Seminari Internacional sobre Refranys Meteorològics. Geoparemiologia romànica.* (Barcelona, 6-7 de xuño de 2011) (no prelo).

Fraseoloxía e superstición. Usos e costumes comparados de dous* pobos

Phraseology and superstition. Comparative uses and customs of two* towns

Simona Brunetti [1]

Technische Universität Dresden

Resumo: O obxectivo deste artigo é ofrecer unha panorámica dalgunhas unidades fraseolóxicas comúns en italiano e alemán (e galego) que proceden de ritos e comportamentos ligados á superstición. Téntase descubrir se na base destas culturas tan diferentes existen mecanismos comúns de defensa contra as intervencións da mala sorte. A primeira vista parecería que o xesto de face-los cornos fose tipicamente italiano e tamén o de tocar ferro; mentres que o de stringere os pulgares e bater tres veces en madeira sexa tipicamente alemán. Ben mirado, verase que, máis aló das aparencias escóndense prácticas e técnicas sorprendentemente comúns, todas lóxicas dentro dunha loxica universal supersticiosa, que ten elementos especificamente culturais, pero que se connota tamén por un carácter universalmente máis difuso.

Palabras clave: Superstición, fórmulas, ritos, somatismos, xestos; italiano, alemán, galego.

Abstract: The goal of the following paper consists in offering a view of the most common expressions that derive from superstitious rituals and behaviours in both Italian and German (and Galician) culture. Precisely the intent of the following paper is to explore if there are similarities in the way to conceive the superstition as a general device to fight the bad luck, or if the two languages use different methods to talk about it. For example it's typical in Italy to cross the fingers or touch iron objects, while in Germany we knock three times at wood or squeeze one's thumbs to wish someone all the best. Apparently they are different methods, but maybe they can presume

Data de recepción 11/07/2012. Data de aceptación 06/11/2012.

* Aínda que a comparación se establece entre dúas linguas (italiano e alemán) solicitamos ó director desta revista o complemento dunha terceira (o galego) e agradecémoslle a adición de extensas notas nas que se percibe ben que a lingua galega ten neste eido mecanismos que asemellan ou que contrastan co alemán e co italiano, aínda que el nos insiste en que a maior parte das fórmulas galegas están vivas no mundo rural pero son pouco visibles no mundo urbano, ó revés do que acontece en Italia e Alemaña. Estas notas identifícanse como [N. do trad]. Agradezo tamén as pertinentes observacións do antropólogo Marcial Gondar Portasany verbo do necesario vínculo entre fraseoloxía e antropoloxía e que reproduzo na epígrafe 6 porque dan a dimensión transcendente deste material.

[1] Traducido por Xesús Ferro Ruibal.

the same logical process that could be universal for all the languages. That's the question we want to analyse only by referring to German and Italian.

Keywords: superstition, ritual, somatism, gesture; Italian, German. Galician.

1. Introdución

En tempos os cazadores adoitaban ir de caza e, cando se despedían, desexábanse uns ós outros acabar *in bocca al lupo* ("na boca do lobo"). Esta fórmula, que aínda hoxe se usa en Italia acotío para desexarlle boa sorte a quen vai afrontar un asunto de certa dificultade, era o tradicional agoiro para unha boa caza e para o esperado "Ata volvernos ver!" na próxima cazata.

Daquela coma hoxe, o "desgrazado" cazador, ó que se lle auguraba acabar na boca do lobo, respondía *Crepi!* ("Que rebente!"), sobreentendendo loxicamente o lobo.

Neste diálogo de cazadores a fórmula constituía unha especie de rito para esconxura-la mala sorte. E sería perigoso que non se fixese, porque a crenza común é que iso precisamente provocaría o mal que se trataba de esconxurar: unha cazata de escaso valor ou, no peor dos casos...

A popularidade do lobo no panorama fraseolóxico italiano fixo que esta fórmula augural se estendese co tempo a outros ámbitos máis próximos á vida de cada día, mesmo a aqueles nos que a mala sorte non ten aspectos especialmente tráxicos, e en contextos nos que a persoa a quen se lle di *in bocca al lupo!* [2] encóntrase por certo en condicións de ter que afrontar unha acción de éxito incerto, coma tal, un exame universitario o unha entrevista de traballo. Estando como está ben enraizada na cultura e na memoria linguística italiana, cando un oe que lle din esta fórmula, non pensa nin na boca nin no lobo nin, menos aínda, na caza; no que pensa é en responder inmediatamente *Crepi!*, e poñendo tino en que non lle escape un *¡Grazie!,* porque iso, en cambio, traería mala sorte a quen o pronunciase.

O rito "linguístico" que acabo de describir é só un dos numerosos mecanismos apotropaicos que se activan para combate-la mala sorte.

[2] En galego, con intención de dar ánimos, non hai nada exactamente idéntico á fórmula italiana. Pero algo hai que expresa desexo e que fai directa ou veladamente alusión ó lobo. Llópiz define a fórmula **Dios nos libre da boca do lobo!* como "Expresión para cuando se piensa en un peligro" (LLÓPIZ:L1,1018): non é a mesma situación nin o mesmo uso nin ten a réplica do interlocutor. Na Limia usan a fórmula *¡Quen o collera onde pare a loba!* para expresa-lo desexo dalgunha cousa (39406): a motivación é enigmática pero, se cadra, aproxímase máis. Sen explícita alusión ó lobo, se cadra son máis equivalentes estoutras dúas fórmulas para dar ánimo a alguén: *¡Fóra medo!* (VALLA2:027) ou *¡Un home non é unha ovella!,* porque a ovella é a que precisamente morre na boca do lobo. O certo é que, en galego, cando hai referencias á boca do lobo, a significación é normalmente recta, coma *¡Alá irás, lobos que te coman!* literalmente idéntica a *In bocca al lupo!* pero que realmente é fórmula de ameaza a quen nesta vida non procede ben e expresa o desexo de que na outra vida atope o seu merecido castigo (RODGO1:097); *meterse na boca do lobo* significa "expoñerse a propósito a un perigo; buscalo"; *mercarlle a carne ó lobo* é "intentar remediar un asunto cunha solución heroica pero ineficaz". [N. do trad.].

O tema da mala sorte, ou como se diría no italiano coloquial utilizando o dialectalismo de derivación romanesca, *jella*, ou máis frecuentemente *sfiga* [3], é o eixo desta contribución verbo da superstición.

Noutras palabras, nesta contribución quérense poñer á luz algúns casos da relación que hai entre fraseoloxía e superstición, da que naceron numerosos modismos que representan para cada cultura as modalidades que se activan para combate-la mala sorte.

A materia deste artigo é un conxunto de fórmulas rutineiras, o grupo das fórmulas de agoiro, que, coma a italiana *in bocca al lupo*, nacen dunha superstición e seguen sendo utilizadas con finalidade supersticiosa e apotropaica, destinadas a un uso específico, nunha situación na que os falantes se intercambian esconxuros e imprecacións contra as forzas do Mal.

A miña analise confronta dúas linguas: o italiano, que é a miña lingua materna, e o alemán pero, como xa se dixo na n. 2, ocasionalmente aparece unha terceira lingua en notas a rodapé que se identifican como [N. do trad.]: isto permítenos ver puntos de semellanza e contraste tanto nos ditos coma nos xestos cunha lingua romance atlántica. Desa comparación interlingüística deberían, na miña idea, non só saír á luz correspondencias ou discordancias senón que, tratandose de dúas (ou tres) linguas e culturas occidentais (e europeas), debiamos, se cadra, chegar a descubrir liñas comúns no mundo da superstición e no modo de fórmular a nivel lingüístico pequenos ritos supersticiosos, que caracterizan a nosa sociedade, ligada no fondo a unha estrutura relixiosa poderosa, polo menos na área italiana.

O obxectivo desta contribución é analizar con detalle as fórmulas de agoiro dotadas de forza apotropaica, en clave contrastiva, tratando de descubri-la función da etimoloxía e a súa relación cos procesos cognitivos que subxacen no coñecemento enciclopédico e universal do ser humano, e o seu modo de desenvolve-los razoamentos, mesmo subconscientes, que a comparación interlinguística saca á luz.

2. A deusa Fortuna

Nunha comunidade coma a italiana, con sona de supersticiosa, é habitual que se lle teña bastante medo á mala sorte: a Fortuna conserva tradicionalmente unha función moi importante na vida cotiá dos falantes italianos.

O culto á Fortuna, entendida como categoría imprescindible da Fada[4], deriva de feito dunha tradición bastante antiga, que ten a súa orixe no nacemento da Humanidade; en

[3] Os tres termos mala sorte, *jella* e *sfiga* non se poden, a pesar de todo, usar como sinónimos. En primeiro lugar, porque hai unha importante diferenza de rexistro: mala sorte é un termo neutro; *jella* e *sfiga* pertencen, en cambio, ó rexistro coloquiale. E, por parte, hai unha diferenza mesmo de significado: mentres a mala sorte é ocasional e vai ligada á alternancia de determinados acontecementos, a *jella* e maila *sfiga* son perennes, mesmo crónicas e definen o estado dunha persoa que sempre ten mala sorte.

[4] A *fada* en galego é a Fortuna, e procede precisamente do plural do *Fatum* latino; designa o Azar, o Destino, a Sorte, e pode ser boa ou cativa. Por iso, cando se ve por primeira vez un meniño de poucos días, en Galicia díselle á nai *¡Deus cho críe para boa fada!* desexándolle que o seu destino (fada) sexa bo. [N. do trad.].

concreto, xa entre as primeiras culturas do Mediterráneo a Fortuna, orixinariamente ligada á fecundidade, tivo culto e prestixio, tanto nas artes coma nas prácticas sociais.

No mundo latino-romano existía mesmo unha denominación propia para a Fortuna, personificada como divindade, coñecida co nome de *Fors Fortuna*, a deusa que esparexía conscientemente fortuna e éxito a un lado, mais tamén maldicións e maleficios a outro, segundo o merecesen.

De feito, a palabra *fortuna,* deriva etimoloxicamente do latín *fors, fortem*, "sorte, fada, azar", e este deriva do verbo *ferre* que significa "levar, producir", é dicir, a Fortuna é "o que trae a fada, a sorte, o que se dá, o que acontece"[5]. Obsérvese que o nome *Fors Fortuna* contén dúas veces o verbo *ferre*.

Coma tódalas divindades, *Fors* tamén era temida porque a súa actividade era incontrolable, enigmática e imprevisible para a razón humana. Ante a Deusa Fortuna o home estaba totalmente desarmado e non podía facer outra cousa que contempla-la sucesión dos acontecementos, sen poder condicionar de maneira ningunha o turbulento curso da súa vida.

Esta inseguranza, coa que o home resignado se somete ó aleatorio desenvolvemento dos acontecementos, caracteriza o ser humano de tódalas idades, de tódalas épocas. O retrato do home inerme ante o fortuíto é unha imaxe universal que se estende mesmo á anguria existencial que caracteriza a nosa sociedade contemporánea. A imposibilidade de controla-la situación e de decidi-lo curso dos acontecementos desmoraliza o ser humano, porque lle dá conciencia da súa condición de ser natural "non omnipotente".

Pra lle poñer remedio a esta situación, nun momento da historia da humanidade, aparece a arma da superstición. O importante papel desenvolvido pola superstición consiste en que, fronte a esta imposibilidade de controlar persoalmente a súa vida, o home convéncese de que, se cadra, ten, polo menos, unha pequena e limitada capacidade de influír no azar.

Deste xeito, o concepto vago, escuro e incontrolable da Fortuna adquire facetas ligadas ó mundo tanxible da superstición.

O concepto latino de *superstitio*, anteposto ó da *religio*, é un composto formado polo prefixo *super* anteposto ó verbo *stare* e significa precisamente "estar encol, enriba de". Coa palabra *superstición* adoitamos designa-lo conxunto das fórmulas e das prácticas rituais que teñen que ver con espíritos e forzas ocultas, coas que o home tenta erguerse por riba da realidade terrea e imprevisible, para non ter que estar "sometido" á cadea incontrolable dos acontecementos comandados pola Fada.

Na relixión tódolos seres humanos se someten á vontade de Deus e á linearidade do seu proxecto divino; en cambio, cando o home empuña a arma da superstición, ten a sensación de que se fai dono do seu destino ou, polo menos, tenta influír no seu

[5] Para a etimoloxía de *fortuna*, véxase Battisti, C. - Alessio, G (1950,57).

desenvolvemento coa axuda de ritos e prácticas de bruxedo, que encoutan [6] ou esconxuran o mal.

Algúns destes ritos deron orixe ou están na base de fraseoloxismos que, lexicalizándose, entraron a formar parte do noso léxico común.

Estas expresións constitúen o punto central deste artigo: na orixe delas está a convicción de que, para domestica-la Fada e, máis en concreto, para combate-lo Mal que se presenta en figura de desgrazas, infortunio e acontecementos negativos, cómpre afasta-los espíritos malignos, que envexan a sorte boa dos seres humanos.

Partindo destas premisas, será interesante ver na cultura italiana e alemá cómo estes ritos, habitualmente usados para combate-la mala sorte, acabaron xerando, coa súa frecuencia de uso, expresións e símbolos curiosos e interesantes que acabaron converténdose en parte dos usos e costumes destas dúas comunidades europeas.

3. Do rito á palabra

Ter baixo control e á debida distancia os espíritos malignos envexosos dos éxitos alleos é a razón fundamental de que se creasen os fraseoloxismos, e os correspondentes xestos, de que aquí imos falar. Así os varios ritos posibles para combate-las forzas do Mal convértense en fórmulas de carácter supersticioso con intención esconxurante.

Entre estes hai dous tipos principais:

- expresións, en xeral, idiomáticas e maiormente fórmulas (mais tamén enunciados e simples interxeccións), que auguran algo negativo para entende-lo seu contrario; ou fórmulas para se protexer da envexa dos espíritos malignos, cando un di de si unha cousa positiva [7]; ou intencionados silencios para que non oian os espíritos malignos e non despertarmos así a súa proverbial envexa (as chamadas *fórmulas supersticiosas*);

- expresións que se refiren obxectivamente a comportamentos e xestos non verbais que pretenden frea-los espíritos malignos, atrancárlle-lo camiño e, así, afastalos de nós (os *somatismos e os xestos supersticiosos*).

Habería que incluír tamén numerosos refráns ligados a prácticas supersticiosas, maiormente en ámbitos da vida cotiá nos que o home aparece descrito como un ser que quere exercitar unha función activa e non sumisa ó Azar nas cousas da súa vida. Pensamos, coma tal, no matrimonio, un ámbito especialmente fecundo para un discurso ligado á superstición, no que as referencias a costumes típicos, a crenzas verbo de días predilectos da semana ou a números tradicionalmente considerados afortunados teñen frecuencia de uso e extensión xeográfica.

---

[6] *Encoutar* é o verbo galego que significa curar calquera mal de procedencia máis ou menos máxica mediante ritos que inclúen ensalmos de diferentes tipos. [N. do trad.].

[7] En galego nestes casos é moi usual entre adultos o inciso *¡En boa hora vaia dito e o demo sexa xordo!,* coma tal neste contexto: *eu nos meus corenta e nove anos, e o demo sexa xordo, nunca tiven que ir a médico ningún.* Como se ve neste exemplo de uso, a fórmula é bimembre pero pode implicitarse pronunciando só o segundo membro [N. do trad.].

Pero limitareime aquí a observar con detalle algunhas fórmulas supersticiosas e, despois, algúns fraseoloxismos con función augural que tamén naceron de mecanismos ligados a prácticas supersticiosas. Os refráns, os usos os costumes supersticiosos, aínda que interesantes e merecedores de ulterior reflexión, non forman parte do obxecto desta contribución [8] .

4. As fórmulas *supersticiosas*

A palabra *fórmula* é algo xenérica, e induce, a un público non especializado, a algunhas incomprensións. Independentemente dos significados que esta palabra teña en materias coma a química e a matematica, en lingüística unha fórmula é unha "frase ou conxunto de frases consagradas polo uso, pola lei, polo rito, que se pronuncian en determinadas circunstancias; por extensión, é unha frase feita e convencional, usada como expresión de cortesía, de agradecemento etc.: fórmula de xuramento, litúrxica; fórmula de saúdo, de despedida, de agoiro etc." (Garzanti 2006: s.v. formula).

Neste contexto, o termo *fórmula* asume para nós diversos *significados*. No ámbito da superstición, maiormente se partimos da realidade italiana, coma neste caso, pénsase sobre todo nas fórmulas utilizadas para afastar e inutiliza-lo chamado *mal de ollo* ou *frida de ollo* (*malocchio,* en alemán *böser Blick*). Trátase de verdadeiras fórmulas, que se recitan en xeral por parte dunha persoa sanadora coa intención de curar unha persoa desgrazada, golpeada polos influxos negativos da *mala mirada* dos seus veciños. O mal de ollo na tradición popular, maiormente no Sur de Italia, representa un problema moi serio: consiste en "ser presa do maleficio que [a alguén] lle botaron enriba (*jettare, iettare*) [9] persoas malévolas mediante a mirada (*avere il malocchio, dare il malocchio*)" (Lurati, 2001:422). O desgrazado que sente que recibiu unha mala mirada ten que consultar urxentemente unha sanadora e ela pronunciará algunhas fórmulas ou realizará ritos específicos, que só ela coñece, para quitar ese *mal de ollo*, causa primeira de desventuras e desgrazas [10].

Na maior parte dos casos estas fórmulas non se recitan en italiano estándar senón exclusivamente nunha lingua local ou dialecto e iso, na práctica, testemuña tamén as fortes raíces que esta práctica ten na cultura popular. Para citar un exemplo entre os numerosos que podemos encontrar en repertorios dialectais, eis unha fórmula recitada en siciliano:

Tri uocchi fuoru chi t'arucchiaru,
quattru fuoru chi ti sarvaru.
Fora malocchiu,

[8] Para unha panorámica da superstición en Italia, véxase Sardelli (2008: 381-500).

[9] *Jettare* ou *iettare* e mailo substantivo derivado *(jettatura)* son derivacións napolitanas do latín *iactare*, que literalmente fai referencia a algo que se botou enriba de alguén, coma neste caso o mal de ollo. En italiano esta palabra úsase só no caso do mal de ollo (*malocchio*). Obsérvese que en italiano tamén existe a palabra *jettatore* ("botador") que designa a persoa que provoca o mal de ollo, ou por extensión, a persoa que trae a desventura ou infortunio. [En galego, *mal de ollo* ou *frida de ollo*. Unha das fórmulas é *Olláronte dous, desóllante tres, / san Pedro, san Pablo e san Andrés, / co favor de *Dios e da *Virgen María / un *padrenuestro e unha avemaría.* (Garrosa 2000,51). [N. do trad.].

[10] *¡Deus nos libre dunha mala mirada!* dise moitas veces no mundo rural galego [N. do trad.].

dintra bonocchiu,
fora lu picchiu,
dintra lu stinnicchiu:
nesci malocchiu di la casa mia,
vattinni a li profunni di lu mari
e 'nta la me casa cchiù nun ci ternari[11].

Outro significado do termo *fórmula*, que aquí cómpre especificar, é o dun grupo específico de fraseoloxismos, as *fórmulas rutineiras*, que representa a tipoloxía principal, entre as fraseolóxicas, e que engloba case tódolos chamados "fraseoloxismos da superstición", como vimos para a fórmula augural italiana *in bocca al lupo*.

Cando se fala de *fórmulas rutineiras,* o primeiro que chama a atención é a enorme heteroxeneidade de expresións lingüísticas que este concepto pode englobar. E a propia cuestión terminolóxica segue aberta, provocando non poucos aspectos de difícil solución dentro da investigación fraseolóxica.

Entre os testemuños en lingua alemá lembrámo-la contribución de Harald Burger que chama *pragmatische Phraseologismen* o grupo das fórmulas rutineiras tratado no seu manual de fraseoloxía (Burger-Buhofer-Sialm 1982), mentres W. Fleischer (1997) contraponlle o termo *kommunikative Formeln*. F. Coulmas, que ofrece á investigación fraseolóxica europea unha interesante contribución verbo do fundamento pragmático da idiomatica, introduce no panorama terminóloxico o termo *Routineformeln*, que evidentemente encontrou en Europa moito eco (Coulmas 1981). E aínda, nos poucos e esporádicos estudos en lingua italiana encontrámo-los termos *unità fraseologiche pragmatiche* (Zamora-Alessandro 2006), *lessemi complessi interiettivi o espressioni cristallizzate formulari* (Voghera 1994), e *espressioni formulari* (Casadei, 1995).

No ámbito español, a pesar das oscilacións iniciais, parece que xa se impuxo o termo *fórmula rutinaria* (Alvarado Ortega, 2010), que é tamén o termo que me parece máis axeitado e que usarei para me referir ó grupo de fraseoloxismos deste artigo.

Verbo dos intentos de clasificación interna das fórmulas rutineiras e da complexa cuestión da súa posición periférica fronte ós fraseoloxismos chamados centrais, a discusión é inmensa, con importantes diverxencias con varios filóns procedentes tamén de centros diferentes, e maiormente nun transversal da investigación fraseolóxica [12].

En tódalas clasificacións, feitas con criterios funcionais ou temáticos, destaca a presenza dun grupo de fórmulas rutineiras que se presta especialmente a facer de apoio ó tema da superstición: refírome ás de agoiro [13], coñecidas en alemán como *Glückwunschformeln.*

---

11 < http://guide.supereva.it/antropologia/interventi/2010/11/formula-popolare-siciliana-contro-il-malocchio > [29.10.2012].

12 Para esta cuestión , véxase Sosa Mayor (2006: introducción).

13 A extensión deste grupo é ben ampla. Por fornecer un exemplo entre moitos posibles, boto man do *Manual de fraseología española*, no que este grupo constitúe un subgrupo das *fórmulas expresivas*, de natureza psico-social. Corpas Pastor inclúe neste subgrupo "todo tipo de felicitaciones y expresiones de buenos deseos hacia el interlocutor, así como expresiones de solidaridad o sentimiento." (Corpas 1996:199). E

As fórmulas supersticiosas son sobre todo fórmulas de agoiro, porque, cando lle agoiramos algo positivo a alguén, tentamos protexelo da envexa negra dos espíritos malignos. Como veremos axiña, estas fórmulas de agoiro positivo acaban revelándose fórmulas de mal agoiro, porque forman parte da lóxica esconxurante de agoira-lo mal para que se produza o ben (véxase o que se dirá en 4.1).

A característica esencial, que distingue radicalmente as fórmulas rutineiras en xeral de tódalas outras formas fraseolóxicas, ten que ver co forte predominio do significado pragmático-externo sobre o significado idiomático-interno, que normalmente caracteriza os fraseoloxismos en senso estrito.

O noso propio exemplo inicial, máis que polo seu significado interno, explícase mellor pola súa función ilocutoria de agoiro para que unha persoa que se coñece, e que está afrontando unha tarefa especial, supere esa proba con éxito. A expresión idiomatica italiana *in bocca al lupo!* significa certamente "¡Que teñas boa sorte!" pero a súa función na interxección dialóxica é seguramente un factor máis relevante para especifica-lo status no interno do discurso repetido e explica-lo seu uso en situacións comunicativas reais.

Na presente lóxica da interxección pragmática non se infravalora o propio aspecto da réplica: ordinariamente esta fórmula non realiza o seu carácter de agoiro supersticioso, se queda isolada e non replicada. Á frase *in bocca al lupo!* debe seguir necesariamente un *Crepi!*, para que o intento augural do emisor chegue ó seu destino final. Obsérvese a función da superstición: tratándose dun agoiro, ó que normalmente se respondería con *Grazie!*, a superstición actúa na estrutura orixinaria da interxección fraseolóxica de forma que a resposta "obrigatoria" para tal agoiro sexa *Crepi!* e non *Grazie!*, consolidada definitivamente no uso pola súa frecuencia.

Pero vexamos en detalle como funcionan estas fórmulas supersticiosas (e, en concreto as fórmulas de agoiro) no ámbito das duas linguas analizadas.

4.1 A técnica do mal agoiro

Un asunto fundamental na práctica ligada á superstición consiste en evitar dicir ou augurarse publicamente algo positivo. Ou se cala ou, mellor, augúrase algo malo, entendendo naturalmente o contrario. Esta técnica do mal agoiro que busca o ben deriva naturalmente dunha razón ben precisa: normalmente na superstición domina a crenza de que os espíritos malignos, os que queren face-lo mal, senten unha especial atracción polos que adoitan ser afortunados; por iso as persoas supersticiosas augúranse preferentemente un mal (pero sobreeentendendo conscientemente un ben), porque se pronunciasen directamente o que desexan, os espíritos envexosos intervirían á maneira deles para faceren que acontecese exactamente contrario.

Este é o fondo sobre o que se apoia tamén a fórmula coa que introducímo-lo tema da superstición no presente artigo: lembramos que a expresión italiana *in bocca al lupo!*

---

tamén un "tipo de fórmulas en las que el emisor manifiesta sus buenos deseos para con su interlocutor o una tercera persona, [...]", (Ibidem) e fórmulas das características de *¡Que aproveche!* e *¡Salud!* que frecuentemente acompañan as comidas feitas en compañía.

nace como fórmula de mal agoiro no mundo da caza, e interpretada á letra, auguraba que o cazador que ía afronta-lo lobo acabaría devorado por el. Ben mirado, augurábaselle iso, precisamente para que non se chegase a ver nesta situación (Lurati, 2001:495).

O mesmo principio vale tamén para as variantes desta fórmula. Nos últimos anos, maiormente en ambientes escolares ou universitarios, ás portas dos exames, asentouse unha variante de tipo máis coloquial e goliárdico: *In culo alla balena!* coa risposta *Speriamo que non caghi ~ scoreggi!*

Partindo da expresión italiana *in bocca al lupo!* intentamos comprobar se existe en alemán unha base ideolóxica semellante para comproba-la forza apotropaica dos malos agoiros.

En alemán, cando se lle quere agoirar a alguén o éxito nunha empresa de especial dificultade, díselle *Hals- und Beinbruch!* ou, máis frecuentemente, *toi, toi toi!*

Hals- und Beinbruch é unha expresión moi interesante: literalmente significa "Rotura de pescozo e perna!". ¡Non hai mellor (mal)agoiro! Parecería, polo tanto, que a técnica esconxurante de agoira-lo mal para entende-lo ben, asumiu en alemán unha color especialmente intensa. En realidade, analizando con máis atención a etimoloxía desta expresión, parece que esta fórmula deriva da lingua yiddish, especialmente do binomio *hazlóche un bróche* que significa "alegría e bendición", dous conceptos absolutamente positivos e de buon agoiro. Na trasmisión ó alemán desta fórmula augural, que usan as comunidades hebreas que residen en Alemaña, disque se produciu despois a gran terxiversación: por unha curiosa semellanza, a expresión entendeuse como *Hals- und Beinbruch!* e dendaquela xa nunca máis se cambiou (DUDEN 11: 315).

Non podemos dicir con certeza se se trata dun erro espontáneo ou se nalgunha medida é un erro intencionado. De tódalas maneiras, resulta ben curioso o feito de que, tanto nesta fórmula coma en *in bocca al lupo!*, para desexa-lo ben, augúrase o mal, procedemento especialmente produtivo na lóxica esconxurante. Paréceme, neste punto, importante suliña-la peculiaridade da fórmula alemá *Hals- und Beinbruch*, que non nace como fórmula supersticiosa, e polo tanto, como fórmula de mal agoiro, segundo a acreditada etimoloxía, pero que, aínda así, forma parte da lóxica "mal-augural" da superstición.

En italiano pódese documentar un fenómeno semellante na expresión *Merda, merda, merda!*, especialmente usada nos ambientes teatrais: poucos instantes antes de iniciar unha representación, actores e danzantes dunha mesma compañía adoitan colocarse en roda, cos brazos cara ó centro do círculo, e berran a coro tres veces a esperanza de teren a maior merda posible. Por moito que a expresión sexa literalmente moi negativa, maiormente se temos en conta que en italiano se designa como *una merda* todo o que é negativo e gravoso para unha persoa (lémbrense as expresións *ho avuto unha giornata di merda, il mio esame é andato una merda, oggi mi sento una merda*), segundo a etimoloxía desta expresión, en realidade *avere merda* no ámbito do teatro era sinal de que a obra representada gozaba de gran éxito de público. O colorido termo contiña a referencia ás cagallas dos cabalos que esperaban ás portas do teatro a que rematase o

espectáculo para levaren os seus donos á casa: así que, canta máis merda, máis coches e, polo tanto, máis público; era o sinal de que o espectáculo tiña unha óptima acollida na opinión pública.

4.2. Non lo dico … per scaramanzia! [14]

Por veces, como xa queda dito, fronte á posibilidade de que escoiten os espíritos malignos, prefírese mesmo estar calado. En italiano, úsanse con frecuencia fórmulas coma estas: *Non lo dico per scaramanzia*, ou na relación con outros: *Aspetta a parlare* [15], cando se está a piques de manifestar un desexo dalgo moi bo para si ou para outros. A cautela obriga a trunca-la frase con estes ditos intercalares, para non se arriscar a consegui-lo contrario do resultado desexado.

Na base deste comportamento cautelar está sempre, e claramente, unha lóxica da superstición, que protexe os bos auspicios das reaccións coléricas dos espíritos malignos.

4.3. Facciamo le corna!

Mais, se alguén pronunciar para si ou para outros o auspicio dalgo moi bo ¿estamos aínda en tempo de evitar que os espíritos convertan esa fortuna en mala sorte para os interesados? Non todo está perdido: hai unha posibilidade de protexe-los propios desexos contra a envexa feroz dos espíritos malignos, e esperar que poidan, mesmo así, cumprirse despois de pronunciados.

Observemos estes exemplos italianos:

(1) A: - *come va la tua salute in questo periodo?*

B: - *Bene, oddio, facciamo le corna!*

(2) A: - *Allora, como va la tua vita matrimoniale?*

B: - *Facendo le corna, va ancora bene!*

Fare le corna en italiano é un fraseoloxismo que nace do xesto físico de "facer coa man dous cornos", realizado normalmente coa man dereita ou coas dúas [16].

---

[14] "Non o digo por bruxedo". *Scaramanzia,* que ten un derivado (*scaramantico*) é vocábulo propio da superstición popular co significado de "palabra, fórmula, xesto ou esconxuro contra o mal de ollo, o infortunio ou contra os que poden provocalo". A autora utiliza 17 veces estas dúas palabras, que os lexicógrafos consideran probable deformación de *chiromanzia* (técnica supersticiosa para adiviña-lo futuro dunha persoa polas raias que ten na man). Normalmente traducímolo por *bruxedo*, que é a palabra galega que expresa ese contido; e o adxectivo *scaramantico* traducímolo como "esconxurante" que é o significado que neste contexto ten. [N. do trad.].

[15] "Non fales antes de tempo".

[16] En Galicia e en galego o xesto equivalente chámase *da-los cornos*, tal e como se describe neste relato referido a Muros: *O señor Facundo estaba casado coa señora Merexilda. Tiñan unha tendiña que se achegaba a taberna, na Acerca. Ao frente diles vivían as Rulas: unha vella, súa nora e un rapaciño, neto da pirmeira e fillo da segunda. O señor Facundo e a señora Merexilda tamén eran vellos. Ele regordecho. Ela fraquiña; o pelexo da cara engurrado, guedellas brancas e os ollos pretos. Poidera asemellarse a unha bruxa. As Rulas dicían que o era. E non entraban nin saían da casa, sin ter moito coidado en darlle o cu á porta da tenda dos seus veciños. A máis de facerlle a figa. A figa sabedes que*

En Italia o xesto dos cornos está moi estendido; pero non só en Italia. Lurati, no seu *Dizionario dei modi di dire italiani*, lembra un artigo, publicado no xornal "La Repubblica" (5.12.1987) e titulado "*Quella mania non é soltanto siciliana*. *Onore e disonore delle corna"*, no que afirmaba que face-los cornos, se ben se mira, é "un pesadelo 'europeo' que ten regras e historia" (Lurati, 2001:190), sobreentendendo os cornos como símbolo de infidelidade conxugal. De feito parece que historicamente o xesto deriva da semellanza co Minotauro, figura mitolóxica grega, metade home e metade boi, que naceu do adulterio de Pasífae, raíña de Creta, co boi enviado por Poseidón ó seu marido, o rei Minos, para que o sacrificasen ós deuses.

En consecuencia, a cabeza do fillo bravo, adornada con cornos, tiña que lembrarlle a Minos a historia da traición conxugal da súa muller: foi así como os cornos se converteron en símbolo de infidelidade e encontran xustificación na etimoloxía.

Relacionado con este significado, encontrámo-lo uso de facer os cornos mesmo como feitizo. A forma do corno alude ó falo (do grego φαλλός) [17], considerado dende sempre, xa en poboacións antigas, símbolo de fecundidade e prosperidade. Na antiga

---

non son os corniños. Os cornos danse, endereitando na man o furabolos e o dedo miñique e recollendo os outros dous. -¡Toma, toma, cornos para ti! - dicían as mulleres ao berrar. E batían as dúas mans cos cornos dados. A figa faise cos dedos pechados nun puño e metido o gordo entre o furabolos e o maior. Esa é a figa que lle facían as Rulas a señora Merexilda, que andaba por elo queimada, frixida e refrixida coa rabia. Case que doente. (GARCÍA-RODRÍGUEZ s.d.:43). Importante iso de que batían as dúas mans cos cornos dados, porque, describe a maneira galega de face-lo xesto esconxurante (catro cornos, non dous) e porque permite entender esta fórmula galega de maldición: ¡*Catro cornos para ti!*, fórmula que aparece en varias cantigas populares: (1869) *A pasar o regueiriño /díxenche que si, que si; /desde qu'o tuven pasado /catro cornos para ti*. (BLADO:1059). // (1869) *Catro cornos para ti, /catro para túa nai; /toma, lévalle estes catro /ó cornudo de teu pai*. (BLADO:1055). // (1880) *Catro cornos par'o Norte, /catro par'o vendaval, /catro pra quen me malmula, /catro pra quen me quer mal*. (BLADO:1511). // (1886) *Catro cornos para ti, /catro para túa nai, /-Toma, lévame estes catro /ó cornudo de teu pai.* (PERZBA3:149). // (1985) *A pasar o rigueiriño /díxenche que si, que si, /desde que o tiña pasado /catro cornos para ti.* (FRAGUAS4:105). // (1989) *Ó pasa-lo regueiriño /díxenche que si, que si; /o regueiro vai pasando /catro cornos hai pra ti*. (RICO:068). // (1996) *Catro cornos para ti,/catro para túa na i/e lévalle outros catro/ó cornicho do teu pai*. (42507,193). // (2003) *Por pasar a rigueiriña, / díxenche que si, que si; /a rigueiriña pasada, / catro cornos para ti.* (23911:78). // A primeira cifra indica o ano. E, como se ve, o cantigueiro popular testemuña a vixencia do xesto con catro cornos (é dicir, coas dúas mans simultaneamente) dende 1869 ata o 2003 e tamén é importante que os textos proceden de tres das catro provincias galegas (Coruña, Lugo e Pontevedra), o que revela a extensión xeográfica do xesto.

Pero da provincia que falta (Ourense) é o lexicógrafo Eladio Rodríguez quen nos dá valiosas informacións complementarias no seu dicionario enciclopédico (RODGO 2:319 s.v. facer) (RODGO 1:641 s.v. cornos): primeiramente non recolle a loc. *da-los cornos* senón *face-los cornos*; di que se fai cunha man, a dereita (s.v. facer) ou con calquera das mans (s.v. cornos), de xeito que xa non son catro cornos senón dous; que os dedos estirados non sinalan o chan, coma en Italia, senón a persoa da que un se quere defender (aldraxándoa ou escarnecéndoa); que algunhas persoas acompañan o xesto coa fórmula de maldición *¡Arrenégote!* e finalmente engade que o xesto é "acción soez y ofensiva" (s.v. cornos) e "acción unicamente de ineducados" (s.v. facer); outro lexicógrafo, Marcial Valladares, xa a cualificaba en 1884 de "acción feísima, usada solo entre ordinaria gente (VALLA7:133 s.v. còrnos): tampouco parece que en Italia teña sempre esta connotación. Rosalía de Castro di que *o demo hastra á cruz lle fay os cornos de lonxe.* (CASTRO2). Dos testemuños de Rosalía de Castro e de Valladares dedúcese que a variante *face-los cornos* xa se usaba tamén no século XIX en puntos das provincias da Coruña (Padrón) e Pontevedra (A Estrada). [N. do trad.].

[17] En latín esta palabra parece entrar no século IV d.C. con Arnobio que escribe *phallus.*

Roma as virxes patricias, cando estaban para contraer matrimonio, rezábanlle incluso ó deus Príapo, representado co falo en erección, para estaren en condicións de procrear xa na noite de vodas.

Naturalmente o falo era tamén para os homes un símbolo de poder: e con el estaban ligadas algunhas prácticas feiticeiras. Entre os antigos romanos era usual, por exemplos, leva-lo *fascinum* [18], un amuleto portafortuna, en forma de pene, que se tocaba para se protexer do mal de ollo. De aquí probablemente deriva tamén a práctica masculina de toca-los propios xenitais coa mesma finalidade. [19]

Fare le corna (en sentido esconxurante) é, polo tanto, un xesto fálico, aínda que non se perciba como tal. Normalmente estes cornos diríxense cara abaixo, mentres que os cornos que indican infidelidade diríxense ó alto.

É interesante o feito de que do xesto nacese un verdadeiro e propio fraseoloxismo, que nos exemplos (1) e (2) mesmo se utiliza como fórmula. *Facciamo le corna!* en (1) e *facendo le corna!* en (2) son expresións utilizadas como intercalares, como para retirar todo canto se acaba de dicir en (1), ou para reduci-lo optimismo de canto se di despois en (2). Acompañada polo mesmo xesto existe tamén a fórmula *Tiè! Tiè!*, utilizada sempre coa finalidade de afastar de nós as forzas negativas.

En alemán exerce unha función semellante a fórmula *(unberufen) toi toi toi.* Vexámolos seguintes exemplos extraídos do Mannheimer Corpus:

> (3) *Bis jetzt hat – toi, toi, toi – alles geklappt. Es macht immer Spaß, Tore zu schießen. Das wird uns weiterhelfen", sagte Krupp. Im Spielbericht des Internationalen Eishockey-Verbandes hieß es über das 8:0 gegen Großbritannien indes, die deutsche Maschine rolle weiter durch den Wettbewerb von Amiens – wo im Stadtzentrum Denkmäler an die französischen Leiden während zweier Weltkriege erinnern.* [BRZ06/APR.14587 Braunschweiger Zeitung, 29.04.2006; Krupp bleibt hart: Nur Siege zählen].
>
> (4) *Wir sind eine Grupp e von jenen, die "jenseits der 70 sind". Wir fahren alle seit mehreren Jahrzehnten mit Autos. Ich zum Beispiel habe mehr als 700.000 Kilometer zurückgelegt und bis heute (toi, toi, toi) noch keinen Unfall verursacht und auch keinen erlitten, wohl aber so manchen durch defensives Fahren verhindert.* […][K96/SEP.08769 Kleine Zeitung, 07.09.1996, Ressort: Leserbriefe].
>
> (5) *Die Antwort fand Cornelia Merkel vom Südwestfunk heraus: Kurz vor dem Auftritt hört man im Theater hinter der Bühne ein «Toi, toi, toi!» Und mittlerweile nicht mehr nur da. Auch zur Abwehr von Unglück, etwa wenn*

[18] http://universal_lexikon.deacademic.com/236976/Fascinum. [15.11.20012].

[19] Lurati tamén resalta o uso do obsceno como recurso apotropaico contra o mal de ollo. Non é casual que a palabra italiana *sfiga*, termo coloquiale que designa o "infortunio", signifique dende o punto de vista etimolóxico "sen a figa", con evidente referencia ó órgano xenital feminino. Mesmo a expresión vulgar *avere culo*, que equivale a "ter fortuna" é un exemplo que vai nesa dirección. Para maiores detalles cfr. Lurati (2001:330-331).

> *einem die kursierende Grippe nicht erwischt hat, sagt man: »Mich hat's - unberufen toi, toi, toi! - noch nicht erwischt.* [NUN04/AUG.02077 Nürnberger Nachrichten, 21.08.2004)].

Tamén en alemán se coloca no interior do discurso a fórmula *(unberufen) toi, toi, toi!*, cando se acaba de dicir algo positivo. En (3), por exemplo, un xogador de hockey alégrase das vitorias conseguidas polo seu equipo, afirmando que polo de agora – *toi, toi, toi* – todo lle foi saíndo ben.

Repárese en que graficamente a natureza intercalar da fórmula ofrécese entre trazos en (3) e en (5) ou entre parenteses en (4). E, por parte, está desaparecendo lentamente do uso o participio *unberufen*, que literalmente significa "ohne etwas berufen zu wollen" ("non querer nomear algo antes de tempo polo risco de que fracase").

O uso da fórmula *toi, toi, toi* que vimos comentando non se debe confundir con outro uso mais recente da mesma expresión. Verase clara a diferenza cos seguintes exemplos:

> (6) *Anschließend überreichten Stadtbürgermeister Reinhard Paulsen und Bürgermeister Michael Wagener die Taktstöcke an Kapellmeister Christoph Becker. Paulsen bezeichnete den neuen Kapellmeister als "sympatischen und kompetenten Nachfolger" Otto Riecks. Auch Wagener fand ähnliche Worte: "Alles Gute und toi, toi, toi für die nächsten Jahrzehnte".* [RHZ97/MAR.17395 Rhein-Zeitung, 25.03.1997; 1000 Zuhörer waren begeistert].
>
> (7) *Das tun auch die Handballer - jetzt im Rheinhessischen. Der HSV Bad Sobernheim will in die Oberliga, der HGC Bad Kreuznach im Windschatten in die Rheinhessenliga, wo sich der SSV Meisenheim schwer tut. Wir wünschen bei all den Herausforderungen toi, toi, toi!* [RHZ03/DEZ.21132 Rhein-Zeitung, 31.12.2003; Von Solidarität und Herausforderungen].

Nos exemplos precedentes a fórmula *toi, toi, toi* presenta un uso totalmente diferente: aparece utilizada como fórmula de agoiro, de xeito equivalente á expresión italiana *in bocca al lupo*. A confirmación deste cambio semántico vénnos dada tamén por L. Röhrich, que afirma no seu *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten* que "Die Formel *toi-toi-toi* wird heute unabhängig von 'unberufen' gebraucht, wenn man jem. zu einer schwierigen Aufgabe, z.B. zu einer Prüfung, gutes Gelingen wünschen möchte" (Röhrich, 2009:1630).

A fórmula, que unha canción fixo célebre xa no 1930, debe a súa orixe á súa esencial forma onomatopeica, que se difundiu en substitución dunha parecida práctica esconxurante usada pola a xente do teatro, maiormente os actores, de se cuspiren ás costas tres veces. Como o cuspe se consideraba un medio apotropaico moi eficaz, pero tamén non precisamente agradable, máis que cuspirlle ó propio compañeiro tres veces, comenzouse a preferi-lo agoiro verbal *toi, toi, toi!*

Esa fórmula acompáñase na súa realización lingüística con xestos como golper tres veces nalgo de madeira ou axitar tres veces as mans pechadas cos pulgares metidos entre os outros dedos [20], e que reforzan ulteriormente a expresividade.

5. Expresións que se refiren a comportamentos non verbais

Na investigación fraseolóxica de matriz xermanista estas expressións denomínanse *Kinegramme*. Con este termo H. Burger refírese a unha clase especial de fraseoloxismos cos que "konventionalisiertes nonverbales Verhalten sprachlich gefaßt und kodiert [wird]" (Burger, 2003:46). Refírome, polo tanto, con este termo a aqueles fraseoloxismos cos que comportamentos non verbais convencionais dunha determinada comunidade de falantes realizan expresións linguísticas lexicalizadas.

No campo no que se entrecruzan a superstición e a fraseoloxía das linguas italiana e alemá encontramos, sobre todo, dous grupos principais: por unha banda, os somatismos, como *incrociare le dita, Daumen drücken, fare le corna*; e, pola outra, expresións que reproducen a práctica esconxurante de tocar un obxecto de consistencia dura, como *toccare ferro, auf Holz klopfen.*

5.1. Os somatismos supersticiosos

En Italia crúzanse os dedos (o medio por riba do índice) cando se lle quere desexar a alguén boa sorte. Parece que esta expresion é un simple calco do inglés *to keep the fingers crossed*. Ben mirado, a cruz no corpus fraseolóxico italiano é un simbolo cargado de significación: diríase, mesmo, que a referencia á cruz sería típico da nosa cultura cristiá e católica. ¿Que mellor protección cá divina para fuxir dos influxos negativos das forzas do Mal? [21]

En alemán, aprétanse os pulgares da persoa necesitada de fortuna, segundo a imaxe expresada polo fraseoloxismo *jmdm. die Daumen drücken*. Un aspecto pragmático interesante é que, aínda que se lle diga ó amigo *Ich drücke Dir die Daumen* ("aprétoche os pulgares"), na práctica xestual, en cambio, é a propia persoa que fala a que apreta os seus propios pulgares. É coma se este dativo, que orixinariamente tiña senso de pertenza, asumise o significado de "para ti, a prol de ti".

O pulgar é o máis importante dos dedos: sen pulgar é imposible apreixar ben as cousas. E iso é precisamente do que se trata: dicirlle a un amigo, "apreto os pulgares por ti" equival a dicirlle "teño apreixados os espíritos malignos para evitar que poidan arruina-

[20] A figa na Galicia rural aínda funciona como xesto autoprotector, que se fai sen que o vexa a persoa ofensora; tamén se usa en forma de amuleto, aínda que no mundo urbano, onde máis se comercializan [http://www.sargadelos.com/tiendaonline/index.php?page=shop.product_details&flypage=flypage.tpl&product_id=153&category_id=32&option=com_virtuemart&Itemid=64&lang=es] [15.11.2012], pareza ser, máis ben, un obxecto decorativo ancestral que un mecanismo do que se espera verdadeira protección. [N. do trad.].

[21] Na Galicia urbana, como máis internacionalizada, pódese observar algunha vez ese xesto pero non é común nin sequera nas cidades. Máis común é usa-la fórmula *¡*Dio-lo queira! ¡Quen [che-me-nos-vos] dera! ¡Deus nola depare boa! ¡Deus nos fade ben!* Con todo, estas cousas en Galicia teñen carácter máis íntimo e realízanse coa máxima discreción: o ritual tradicional é tocar discretamente algunha imaxe relixiosa que haxa na casa ou poñerlle unha vela a un santo [N. do trad.].

los teus plans". A man, e en concreto o pulgar, aparece así como a única parte do corpo humano capaz de combater fisicamente contra as forzas do Mal, no modo en que se busca figurativamente atranca-lo camiño dos espíritos malignos que queren avanzar contra os pobres desventurados.

5.2. Tocar ferro ou madeira

O tocar ferro (*toccaferro*) en Italia é unha práctica esconxurante moi coñecida e moi practicada. O nivel de familiaridade deste fraseoloxismo, acompañado tamén do simultáneo xesto, queda patente nas palabras de Lurati que o define como "unha invitación a confiar ó xesto apotropaico a protección contra a *iettatura* e mal de ollo e contra todo o que poida danar saúde e cousas. Pronúncianse (pronunciábanse) as palabras e ó mesmo tempo faise (facíase) o xesto. Moitos dos que utilizaban o recurso de tocar ferro facíano cando encontraban, por exemplo, o fulano que tiña sona de traer mala sorte (*portar jella*) ou cando sentían a alguén lembrar unha desgraza ou unha morte" (Lurati, 2001:299) [22].

Polo tanto, como di o propio fraseoloxismo, para protexerse do mal de ollo, en Italia adóitase tocar ferro. Pero ¿por que precisamente ferro, se noutras culturas resulta máis popular a madeira?

O ferro non é un elemento totalmente estraño á superstición. De ferro fanse moitos amuletos e portafortunas utilizados como medios apotropaicos: por citar un caso, a ferradura. E por parte, o ferro sempre se considerou un elemento de forza, sendo mesmo o principal material para elaborar armas e obxectos pesados.

Tamén a lingüista Maria Antonella Sardelli suliña a forza apotropaica ligada a este material: "Extraído desde las vísceras de la tierra, el hierro es uno de los primeros materiales trabajados por el hombre. También se dice que su origen procede de un relámpago que cae en la tierra, con lo cual el hierro sería el elemento que une el cielo,

[22] En Galicia existen varios comportamentos esconxurantes. O primeiro é o de face-lo nó na xesta [http://luarnafraga.blogspot.com.es/2007/12/los-nudos-de-la-xesta.html]. Tradicionalmente considérase que algunhas plantas, como a xesta, o toxo ou o cardo, servían para escorrentar as bruxas, o meigallo e, por extensión, o demo. De feito, existe o rito de facer un nó nas pólas da xesta, ó pasar por onde a hai, para facela máis efectiva, porque se considera que iso consegue ata-lo demo; por iso di o refran *A xesta o demo atesta,* onde *atestar* significa "escorrentar, inmobilizar". Véxase tamén [http://www.fotolog.com/cory5/62706510/] http://auladeleiro.blogspot.com.es/2012/05/xesta-da-nosa-aula.html. Outro comportamento esconxurante (quizais xa non vivo pero do que queda memoria nas cantigas populares) consistía en andar coa faldra da camisa por fóra do pantalón: é (ou era) crenza popular que meigos e meigas fuxían da xente que levaba a camisa por de fóra, aínda que non saibámo-lo porqué: era, polo tanto, unha forma de autoprotección. De feito aparece no cantigueiro popular: *Polo lugar de Guxinde / ó revolver das ladeiras, /pasade coa faldra fora/polo mor das feiticeiras* (PERZBA 3:139; LIS 1:213). *Niste lugar de Guxinde, /ao revolver das ladeiras, /pasade coa faldra fora /pola mor das costureiras* (LOREN2:1473). *Niste lugar de Guxinde,/ao pasar polas ladeiras,/pasade coa faldra fóra/pola mor das feiticeiras* (LOREN2:1472). *No lugar de Lagariza, / ó pasar polas ladeiras, / botade a faldra fóra, / por mor das feiticeiras*. (23911:029). Como se ve, a faldra fóra ten que ver coa protección contra as feiticeiras. E hai mesmo un dito *Faldras fóra foi á misa veu o demo e roeulle a camisa*: isto quere dicir que o demo tampouco parece estar contento con que os homes anden coa faldra da camisa fóra. Outro refrán, quizais secretamente confesional, di: *Sea moda, non sea moda, non botes a faldra fóra.* [N. do trad.]

la tierra y el fuego. Su dureza es proverbial y hace que sea un escudo ideal contra el peligro y el mal." (Sardelli, 2008:400)

Pero o costume italiano de tocar ferro é un feito illado, se reparamos en que na maior parte das linguas europeas o material ó que se fai máis referencia é a madeira [23].

En galego, coma en castelán, pero tamén en francés e inglés, úsase a expresión *tocar madeira*. Algúns historiadores tenden a ver neste fraseoloxísmo unha referencia á cruz que Cristo levou ás costas no seu Via Crucis, que era precisamente de madeira, e que se considera protección contra tódolos espíritos malignos. Outras crenzas, máis pagás, proxectaban, en cambio, nas árbores a presenza dos espíritos positivos que tiñan a función de protexe-los seres humanos das forzas do Mal; por este motivo, preferíase a madeira como material para a construción das casas.

En alemán encontrámo-la mesma función no fraseoloxismo *auf Holz klopfen*, "bater na madeira".

Normalmente o fraseoloxismo vai acompañado do xesto de bater efectivamente tres veces sobre madeira, as máis das veces sobre a mesa, obxecto que case sempre se tén á man.

O xesto de bater na madeira é, en xeral, tamén unha práctica para constata-la boa calidade do material, para testa-la súa consistencia: orixinariamente era a única maneira que tiñan os mariñeiros para catar se había danos no pau maior (mastro), antes de iniciar unha viaxe a vela.

Non hai dúbida de que ferro e madeira son materiais esenciais na vida do ser humano. Os dous teñen en común as características de consistencia, fiabilidade, protección, e son, como dixemos, utilizados tamén como materiais de construción. Todas estas características garantíanlle ó ser humano o se sentir refuxiado en abeiro seguro, cando tocaba ferro ou madeira.

A compoñente sonora en alemán (o bater), que se engade ó simple tocar, tiña tamén a finalidade de escorrentar-los espíritos malignos. De feito golpéase sobre madeira tres veces, tamén porque o número tres na tradición occidental é un número ligado a valores altamente místicos.

6. Fraseoloxía e antropoloxía.

Non quero rematar sen inserir aquí un par de importantes observacións que, sobre este material, debo e agradezo ó antropólogo galego Marcial Gondar Portasany, e que me fixo comprender que o material fraseolóxico (nivel semántico) non ten verdadeira existencia sen o uso real e as súas funcións (nivel pragmático): é o uso o que nos dá o sentido profundo que teñen as metonimias entendidas como transposicións de ámbitos

[23] Na Galicia rural o equivalente dese xesto é a fórmula *¡Arrenegado sexa o demo!* Só rexistramos unha vez a fórmula *¡Toca madeira!* ou *¡Hai que tocar madeira!* na Gudiña, localidade da fronteira con Zamora (33301). Pero non lonxe de alí, no Riós rexistramos a forma tradicional galega *¡Hai que encomendarse a un bo santo!* ou, máis concretamente, *¡Hai que encomendarse a San Antonio!* [N. do trad.].

que están sempre tan presentes neste tipo de expresións rituais. Resumo aquí as súas observacións:

> Tanto as palabras coma os comportamentos non verbais teñen detrás a mesma lóxica: a da transposición de campos ou, dito doutro xeito, *O semellante, cúrase co semellante* ou *O semellante cúrase co seu oposto* e isto en ámbitos totalmente diferentes. Funciona como funcionan os harmónicos na música. ¿Por qué usamos unha ferradura ou os cornos dunha vacaloura como protección fronte ao mal? Porque, así como o cabalo se defende dos perigos coas súas patas e a vacaloura cos seus cornos, espérase que estes elementos funcionen tamén de remedio para nos defendermos de perigos aínda que estes sexan de tipo inmaterial ou, mesmo, místicos. De feito, por seguirmos co caso da ferradura, nas portas do curral das casas colocábanse por dentro dúas ferraduras (unha cara arriba e outra cara abaixo) pensando que deste xeito quedaban protexidas as persoas e a propia casa tanto cando se entraba como cando se saía.
>
> A palabra que se usa nestes fraseoloxismos non é unha palabra coma outra calquera que se limita a significar senón que é unha palabra que podiamos chamar *palabra sacramental* porque está latente a crenza de que certas palabras (as "ben-ditas" ou "mal-ditas") realizan o que significan. Este tipo de palabras *realizantes* non teñen o uso exclusivamente instrumental que nós os "modernos" lles damos senón que se pensa (isto pasa nas maldicións e nas bendicións) que esas palabras teñen unha eficacia por si mesmas. Lémbrese o caso de Isaac cando lle dá, froito do engano, a súa bendición a Xacobe e despois non pode retirala en beneficio de Esaú, o auténtico herdeiro: velaí un caso paradigmático de como funciona esta "eficacia", mais alá da intención de quen fala.

7. Conclusións

O panorama fraseolóxico que vimos de presentar, entre superstición e costumes interlinguísticos e culturais, puxo á vista temas interesantes e fascinantes, tendo en conta que confrontamos dúas linguas e culturas aparentemente moi diversas pero en realidade semellantes.

Cando falamos de superstición adóitase pensar maiormente en Italia, cos seus pementiños rubios pendurados e coas ferraduras en tódolos formatos posibles e imaxinables, coa riqueza de xestos e coa fantasía lingüística e comportamental que connota o *ser italiano*.

Descubrir puntos de contacto entre a cultura italiana e a alemá no tema da superstición foi unha sorpresa; pero tamén xurdiu desta confrontación un dato interesante: o home, cando menos no mundo occidental, desenvolve mecanismos semellantes fronte a medos universais ligados ó indescifrable desencadeamento do Azar na súa vida cotiá.

Dende o punto de vista lingüístico, e polo tanto fraseolóxico, estes mecanismos activan modos semellantes e paralelos de concibi-la realidade, mesmo se algúns referentes culturais resultan diferentes: madeira ou ferro, cornos e cuspe. O resultado desta breve

pescuda demostrou que na base da cognición humana funcionan as mesmas técnicas, expresadas, se cadra, con compoñentes léxicos diferentes pero, no fondo, semellantes.

Chegados aquí coido que sería moi interesante estende-la pescuda a outras linguas para verifica-la universalidade dos mecanismos de defensa usados polo home contra a mala sorte e para comprende-lo que a superstición significa hoxe para o home occidentale. Pero debe terse en conta que a análise lingüística é insuficiente: para un cabal coñecemento destes feitos é necesaria a visión pragmática da antropoloxía.

7. Bibliografía

7. 1.1 Bibliografía primaria italiana e alemá

BATTISTI, C./ ALESSIO, G. (1950-57): *Dizionario etimologico italiano*, Firenze.

DUDEN, Band 11 (2002): *Redewendungen. Wörterbuch der deutschen Idiomatik, 2., neu bearbeitete und aktualisierte Auflage, Herausgegeben von der Dudenredaktion.* Mannheim, Leipzig, Wien, Zürich: Dudenverlag.

GARCÍA-RODRÍGUEZ, Xosé María (s.d.): *A vila nos anos vinte. Entroido, estampas, cantigas e lexendas muiñeiras, cregos, cegos, os nosos probiños*. Impreso en República Dominicana: ¿Ed. do autor?

GARZANTI Linguistica (2006): *Il grande Dizionario Garzanti da Lingua italiana*. Milano: Garzanti.

IDS Mannheimer Korpus, COSMAS II, *Corpus Search, Management and Analysis Sistem.* Mannheim: Institut für deutsche Sprache.

LURATI, O. (2001): *Dizionario dei modi de dire.* Garzanti: Enciclopedia europea.

PITTÀNO, G. (2009): *Frase fatta capo ha, Dizionario dei modi de dire, proverbi e locuzioni de italiano.* Bologna: Zanichelli.

PÖPPELMANN, C. (2009): *Ich glaub´mein Schwein pfeift! Die bekanntesten Redensarten und was dahinter steckt.* München: Compact Verlag.

RÖHRICH, L. (2009): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten* – 3 Bände, Akzente Versandbuchhandlung.

SCHEMANN, H./ FENATI, B./ ROVERE, G. (2009): *Dizionario idiomatico tedesco-italiano.* Bologna: Zanichelli.

TFG. *Tesouro Fraseolóxico Galego*. En creación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Santiago de Compostela.

7. 1.2. Bibliografía primaria galega

23911 → OS ESTRALOXOS. Asociación Xuvenil (2003): *Cántigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra*. Pantón: Concello de Pantón.

33301→ A Gudiña. Rodríguez Cruz, Xosé.

39406→ A Limia. Aldemira Requejo, Carmen.

BLADO → BLANCO, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica*. Vigo: Xerais 2 vols. [A numeración remite directamente á cantiga citada].

CASTRO2 → CASTRO, Rosalía de (1946-1947): "Conto gallego" en BOUZA BREY, F.: "Miscelánea, escritos no coleccionados de Rosalía Castro (VI)" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* II, f. 6, 1946-1947,284-294.

FRAGUAS4 → FRAGUAS FRAGUAS, Antonio (1985): *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade.* Trasalba: Fundación Otero Pedrayo.

GARCÍA-RODRÍGUEZ, Xosé María (s.d.): *A vila nos anos vinte. Entroido, estampas, cantigas e lexendas muiñeiras, cregos, cegos, os nosos probiños*. ¿Ed. do autor? Impreso en República Dominicana, sen data.

GARROSA GUDE, José Luís (2000): "Aproximación a algunhas crenzas da parroquia de Franqueán (O Corgo – Lugo) en *Madrygal* 3, 2000,51-57).

LIS1 → LIS QUIBÉN, Víctor (1964): "Cancionero médico de Galicia" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XX,1964,203-227 e 333-388.

LLOPIZ MÉNDEZ, Vicente (1954): *Refranero gallego.* Manuscrito inédito. Museo de Pontevedra. Fondo Bibliófilos gallegos.

LOREN2→ LORENZO FERNANDEZ, Xoaquín (1973): *Cancioneiro popular da Limia Baixa*. Vigo: Galaxia.

ORTELLE → VAL VAL, Xosé: Pantón. Vilar de Ortelle. 2007.

PERZBA → (1885-1886): *Cancionero Popular Gallego y en particular de la provincia de La Coruña. Con un prólogo de Theophilo Braga y apéndice de Antonio Machado y Álvarez. Biblioteca de Tradiciones Populares*, T. VII (1885), T. VIII (1886), T. IX (1886). Madrid: Librería de Fernando Fé. Houbo reedición en dous volumes en 1942 (Buenos Aires: Emecé; col. Dorna) e reedición facsimilar (Madrid: Akal 1979) con prólogo de Xesús Alonso Montero. [O número que segue a sigla PERZBA indica o tomo; os seguintes a páxina].

RICO VEREA, Manuel (1989): *Cancioneiro popular das Terras do Tamarela*. Vigo: Galaxia.

RODGO → RODRIGUEZ GONZALEZ, Eladio (1958, 1960, 1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Tomo I (1958); Tomo II (1960); Tomo III (1961). Vigo: Galaxia. [O número que segue a sigla RODGO indica o tomo; os seguintes a páxina].

VALLA2 → VALLADARES NUÑEZ, Marcial (1880,1970): *Maxina ou a filla espúrea* en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 281. (1970) Vigo:Galaxia; 27.

VALLA7 → VALLADARES NÚÑEZ, Marcial (1884): *Diccionario Gallego – Castellano.* Individuo Correspondiente de la Real Academia Española. Con licencia de la Autoridad Eclesiástica. Santiago: Imprenta del Seminario Conciliar Central.

7.2. Bibliografía secundaria

ALVARADO ORTEGA, M.B. (2010): *Las fórmulas rutinarias del español: teoría y aplicaciones*, Internationaler Verlag der Wissenschaften. Frankfurt am Main: Peter Lang.

BURGER, H. (2003): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen. 2., überbearbeitete Auflage.* Berlin: Erich Schmidt Verlag.

BURGER, H./ HÄCKI BUHOFER, A./ SIALM, A. (1982): *Handbuch der Phraseologie*. Berlin: De Gruyter.

CASADEI, F. (1995): "Per una definizione di espressione idiomatica e una tipologia dell'idiomatico in italiano" en *Lingua e stile*, 30, 2, 1995, 335-358.

CORPAS PASTOR, G. (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Editorial Gredos.

COULMAS, F. (1981): "Routine im Gespräch. Zur pragmatischen Fundierung der Idiomatik" en *Linguistische Forschungen* 29. Wiesbaden: Akademische Verlagsgesellschaft Athenaion.

FLEISCHER, W. (1997): *Phraseologie der deutschen Gegenwartssprache. 2., durchgesehene und ergänzte Auflage.* Tübingen; Niemeyer.

GÖTTERT, K. (2003): *Daumendrücken. Der ganz normale Aberglaube im Alltag*. Stuttgart: Philipp Reclam jun.

SARDELLI, M.A. (2008): "Supersticiones y fraseología en Italia" en SEVILLA Julia e SARDELLI, Mª Antonella (eds.): *Supersticiones y fraseología*. Madrid: Universidad Complutense de Madrid - Grupo de Investigación UCM 930235 Fraseología y Paremiología, pp. 381-500.

SOSA MAYOR, I. (2006): *Routineformeln im Spanischen und im Deutschen/ eine pragmalinguistische kontrastive Analyse*. Wien: Praesens Verlag.

VOGHERA, M. (1994): "Lessemi complessi: percorsi di lessicalizzazione a confronto" en *Lingua e stile*, 29, 2, 1994, 185-214.

ZAMORA, P./ ALESSANDRO, A./ IOPPOLI, E./ SIMONE, F. (2006): *Hai voluto la bicicletta.* Perugia: Guerra Ed.

Pataqueiras e *Radieschen*: fraseoloxía da morte en alemán e galego

'Pataqueiras' and 'Radieschen': Phraseology of death in German and Galician

Patricia Buján Otero[1]

Universidade de Vigo

buxan@uvigo.es

Resumo: O obxectivo deste traballo é describir os campos icónicos máis produtivos e rastrexar a ligazón cultural que ten a fraseoloxía do alemán e do galego no campo semántico da morte e buscar converxencias e diverxencias. A partir dunha clasificación flexible de bloques referenciais e dominios fonte, sinalamos diferentes tipos de motivación semántica, nomeadamente, modelos metafóricos, metonímicos e simbólicos.

Palabras clave: fraseoloxía, lingüística cognitiva, motivación, metáfora, metonimia, morte.

Abstract: The aim of this paper is to describe productive iconic fields and trace cultural-boundness in Galician and German phraseology within the semantic field DEATH*, detecting convergences and divergences. From a flexible classification into referential complexes and source domains, different types of semantic motivation arise, specially, metaphorical, metonymycal and symbolic.*

Keywords: phraseology, cognitive linguistics, motivation, metaphor, metonymy, death.

Data de recepción 16/11/2012. Data de aceptación 22/11/2012.

[1] A autora forma parte do grupo de investigación FRASESPAL. Este artigo xurdiu no marco do proxecto de investigación FRASESPAL financiado con fondos FEDER e subvencionado polo Ministerio de Educación y Ciencia (HUM2007-62198/FILO). Trátase dun estudo interlingüístico de fraseoloxía hispano-alemá, dirixido pola profesora titular Carmen Mellado Blanco na Universidade de Santiago de Compostela.

1. Introdución

É común que os falantes dunha lingua consideren que as imaxes da súa lingua son exclusivas, creacións propias e particulares, nas que fica reflectido parte do seu ser como cultura. E así pode ser na superficie. No entanto, cando imos a un nivel máis fondo e nos comparamos cos outros, atopamos que hai partes da vida humana que conceptualizamos de forma semellante e que, no fondo, o grao de converxencia é maior do que esperamos. Con esta idea nace unha análise como a que aquí presentamos, debedora dunha tradición investigadora recente en termos de rigorosidade, pero frutífera, nos estudos fraseolóxicos. O obxectivo é describir que imaxes se dan de xeito destacado e que mecanismos relacionan o significado literal co significado figurado en fraseoloxismos do campo da morte en alemán e galego (en definitiva, estudar a súa motivación semántica).

A análise enmárcase dentro da lingüística cognitiva e da semántica. A lingüística cognitiva estuda fundamentalmente o modo en que o coñecemento lingüístico se adquire, organiza e almacena na memoria, así como de que xeito se activa, tanto para a produción como para a recepción (Schwarz-Friesel 2004: 83). Destes, o noso estudo atinxe sobre todo aos mecanismos de organización e almacenamento. Un dos principais supostos da lingüística cognitiva é que todo o coñecemento queda almacenado en forma de representacións mentais. Un dos métodos para o estudo da fraseoloxía aplicando este enfoque, que é o que empregamos neste caso e que máis adiante describimos, é determinar padróns de imaxes ou estruturas figurativas a partir de listaxes de fraseoloxismos do mesmo campo conceptual.

Esperamos contribuír con este traballo a unha cuestión máis xeral como a que formula Sabban (2007: 600): como os obxectos e dominios da experiencia dunha cultura se reflicten na súa fraseoloxía. Ou, como sinalarían Dobrovol'skij/Piirainen (2009), determinar de que elementos se conforma o denominado lexicón mental dos falantes, para o que a fraseoloxía constitúe un dominio privilexiado dende o que profundar en como os falantes conceptualizan o mundo.

Este traballo apóiase nun traballo previo (Buján 2010) sobre a motivación metonímica da fraseoloxía do campo MORRER en galego, se ben neste caso ampliamos o estudo a outros tipos de motivación (metafórica e simbólica) e incluímos ademais o contraste co alemán. Así mesmo, enmárcase dentro da investigación desenvolvida no grupo de investigación FRASESPAL.

A elección deste campo semántico, o da morte, vén determinada polo presuposto de que será un campo rico en fraseoloxía dado o achegamento tradicional á morte como un tabú e, polo tanto, como ámbito que se presta ás alternativas expresivas, ás variantes sinonímicas con diferentes graos de intercambiabilidade. Estas alternativas poden ter valor eufemístico (para suavizar a recepción, particularmente cando se fai referencia ao falecemento dun ser querido ou á morte de alguén en circunstancias tráxicas), valor disfemístico (para banalizar ou restar gravidade á morte, a miúdo con fin humorístico) ou un mero valor estilístico, que na maioría dos casos aporta formalismo ou grandilocuencia.

Porén, non é obxectivo estudar en que medida o campo semántico da morte se presta máis nunha comunidade lingüística ou noutra ao eufemismo ou disfemismo (*vid.* a este respecto Mellado 2012 para o contraste entre o alemán e o español, e Montero 1981: 117-130 para o galego). Isto si sería un aspecto de ligazón cultural da fraseoloxía interesante, mais este tipo de análise requiriría botar man dun abano máis amplo de formas lingüísticas e expresivas (monolexemas, discurso "libre" etcétera), así como de metodoloxías de análise do discurso e lingüística de corpus, estudando como se comportan as unidades na súa contorna natural (o discurso), polo que excedería o ámbito que nos propoñemos. Sirva como pequeno exemplo dos diferentes valores estilístico-pragmáticos dunha mesma locución segundo contexto e intención do falante os seguintes casos localizados no CORGA para o fraseoloxismo *pasar a mellor vida*:

> «Estiven orando na sepultura dun amigo que **pasou a mellor vida**, e o único libro que comigo vai, e un dos seus poemas que está na miña alforxa.» (*Tránsito dos gramáticos*, Marilar Aleixandre, 1993)
>
> «Mentres as dúas primeiras son aloumiñadas pola prensa, e cada unha no seu momento foi presentada en sociedade como un aquel do outro mundo xunto a seus pais putativos, Parrula **pasou a mellor vida**, a que a encefalopatía esponxiforme lle tiña preparada, no medio da polémica, sen apoios e incinerada para non deixar rastro do seu paso por España.» (*O Correo Galego*, Carmen Ferreras, 2000-12-06/51)

En ambos os dous casos, observamos un ton formal na expresión e na escolla do fraseoloxismo. No segundo caso, porén, prodúcese unha transformación, e o ton formal contribúe a acentuar a intención irónica, convertendo en motivo de risa a referencia á primeira vítima bovina do mal das vacas tolas en España.

2. Material de estudo

O material empregado para a análise está formado por locucións verbais co significado 'morrer' e 'estar morto' en galego e en alemán que presenten algunha forma de significado translaticio. Todos os frasemas estudados son de tipo referencial (fronte aos comunicativos e estruturais, *apud* Burger 2003), é dicir, serven para categorizar e avaliar o mundo, "and as such may be said to constitute conceptual and evaluative linguistic routines, contributing, ultimately, to the expression as well as formation of a world-view" (Sabban 2007: 591).

O corpus galego está formado por 124 unidades. Todos os fraseoloxismos co significado 'morrer' foron tomados da base de datos do Tesouro de Fraseoloxía Galega. Os demais, extraéronse de *Así falan os galegos* (López Taboada/Soto Arias 1995). Para o corpus alemán, seleccionáronse as entradas correspondentes aos campos M.5.1 ("Expresións para morrer en xeral") e M.7 ("Estar xa morto") do tesauro onomasiolóxico elaborado polo grupo de investigación FRASESPAL; destes elimináronse aqueles que facían referencia a formas de morrer, por exemplo, *sein Grab in den Wellen finden* ('atopar a súa tumba nas ondas'), *an Entkräftung sterben* ('morrer de falta de forzas') ou *in fremder Erde ruhen* ('repousar en terra allea'). O número total de fraseoloxismos alemáns é de 106.

O noso corpus está formado por bloques de sinónimos que na maioría dos casos son variantes con distribución complementaria (Penadés 2007), xa que o significado denotativo é o mesmo, mais presentan restricións sintagmáticas ou preferencias contextuais, fronte ás variantes libres, que son intercambiables en calquera contexto. Unha interesante liña de estudo, neste caso, é documentar e analizar esas restricións a partir dos usos reais dos fraseoloxismos, observando o seu comportamento no que sería o seu ecosistema.

Traballar con formas lexicalizadas, rexistradas nos dicionarios, e tentar analizalas dende unha perspectiva cultural sincrónica supón unha importante eiva que nos gustaría indicar, especialmente para o campo conceptual que nos ocupa. Constátase ao longo do século pasado e recentemente un cambio de sensibilidade con respecto á morte e de percepción da dor, así como dos costumes funerarios. Nas últimas décadas, a vivencia e experiencia directas da morte (fronte á vivencia mediada a través da literatura, a televisión, os medios de comunicación...) sufriron cambios: pasamos do retrato fotográfico fúnebre, como os ben coñecidos de Ramón Caamaño, Maximino Reboredo e Virxilio Viéitez, a non querer ver os mortos e optar pola incineración; pasamos do encontro tras o enterro de todos os achegados, familiares, amigos e veciñanza para unha comida, ao encontro só no tanatorio e a reclusión cos máis próximos despois do enterro ou da incineración; pasamos do medo a morrer en si a un incremento considerable da esperanza de vida que dá paso ao medo a que o sufrimento e a dependencia se prolonguen no tempo, a non valerse até o último momento; da presenza marcada da relixión cristiá e dos seus representantes, a unha secularización da vida pública. A morte é considerada un suceso privado, e coincidimos con Gondar (1987: 7) en que "de sorte que logo dun brevísimo período de 'dó' espérase [sic] que a persoa afectada se comporte do mesmo xeito que calquera outra que non tivera [sic] que pasar por ese trance". Este paso é se cadra máis recente no caso de Galicia ca no caso das culturas xermanoparlantes. En xeral, non podemos xa afirmar que falar da morte sexa un tema tabú, polo que os fraseoloxismos que naceron para darlle voltas ao innomeable adquiren agora un valor distinto, ou xorden novas formas de expresión que, para o caso que nos ocupa, aínda non están lexicalizadas e, polo tanto, non se inclúen no estudo. Moitos destes cambios tampouco quedan apenas reflectidos no material de estudo. Boa mostra disto é o corpus ampliado de fraseoloxismos co significado de 'morrer' e 'estar morto' que emprega no seu estudo Mellado (2012) a partir de Piirainen (2002): unidades non lexicalizadas, tomadas de enquisas realizadas a falantes, e que dan conta do cambio, e cuxo interese é aínda maior ao recoñecermos nelas novas creacións (que ás veces mesmo semellan creacións individuais) asentadas en padróns de motivación das formas lexicalizadas (vid. máis adiante 5.1 "Deixar de realizar unha actividade").

3. Marco teórico: a motivación e tipos de motivación

Comentabamos ao comezo que o obxectivo é estudar a motivación semántica. Mais, que entendemos por motivación en fraseoloxía? Cando nos encontramos con formas lingüísticas que presentan un significado translaticio, entendemos por motivación a relación que se estabelece entre os dous niveis conceptuais da forma, nomeadamente,

entre o significado lexicalizado, figurado ou translaticio, e a imaxe que evoca a lectura literal da unidade. Noutras palabras:

> die intuitiv nachvollziehbare Zuordnung der Form (der lexikalischen Struktur) eines Idioms zu seiner lexikalisierten Bedeutung (seiner konzeptuellen Repräsentation im Lexikon) [...]. (Dobrovol'skij/Piirainen 2009: 17)

Procuramos daquela as ligazóns que unen os dous niveis, as interfaces ou puntos de unión entre estes niveis. Como tamén xa adiantamos na introdución —e como é coñecido polos traballos que se fan nesta liña de investigación—, atopamos estruturas relacionais que se repiten e que veñen condicionadas por diferentes elementos, como a simboloxía, a intertextualidade, a experiencia material etcétera, se ben na maioría dos casos son fenómenos culturais (Dobrovol'skij/Piirainen 2009: 18).

É importante aclarar que cando falamos de motivación non nos estamos a referir á etimoloxía ou orixe do fraseoloxismo: o estudo abórdase dende unha perspectiva sincrónica, da percepción actual para os falantes de agora.

O estudo da motivación semántica é parte importante das investigacións en fraseoloxía dende hai aproximadamente unha década. Isto viuse favorecido, entre outros aspectos, pola evolución das ferramentas de análise de lingüística cognitiva de que dispomos, mais tamén polas posibilidades que nos ofrece, sobre todo, para desenvolver ferramentas para a didáctica e a aprendizaxe de linguas estranxeiras, e que posiblemente vaia medrando en relevancia se atendemos á evolución da percepción humana, aparentemente cada vez máis visual e icónica, condicionada pola popularización de tecnoloxías de soporte fundamentalmente gráfico (particularmente, de base icónica e simbólica). Esta iconicidade tamén ten a capacidade de crear emocións, e as ligazóns emocionais facilitan a aprendizaxe. Crear emocións na aprendizaxe é fundamental, e unha forma de crear estas emocións é mediante unha aprendizaxe asociativa, que no caso da fraseoloxía podemos empregar en diferentes niveis, mais sobre todo no da relación imaxe-unidade.

4. Metodoloxía

Para a análise, procedemos indutivamente a partir das unidades clasificándoas conforme aos complexos referenciais (*Themenkomplexe*) e dominios fonte, é dicir, a partir da observación das unidades e da determinación das imaxes subxacentes comezamos a ver os padróns que nos permitirían clasificalas. Unha vez establecidos os complexos referenciais e clasificadas as unidades dentro de cada complexo, analizamos as imaxes conforme á proposta de tipos de motivación que fan Dobrovol'skij e Piirainen (2009: 17 e ss.). Malia que non é unha tipoloxía pechada, como sinalan os propios autores, resulta bastante completa e operativa. Engadimos, no entanto, como clase de motivación diferenciada a motivación metonímica, que os autores inclúen dentro da metafórica. Con respecto á relación entre metonimia e metáfora, é abondosa a literatura do eido cognitivista en que se discute a pertinencia de englobar nun único mecanismo ambos os tipos de motivación ou de diferencialos (*cf.* Burger 2007: 99 e ss.; Dirven/Pörings 2002). En ambos os casos, prodúcese a proxección dun dominio conceptual fonte noutro dominio meta, mais no caso da metáfora os dous dominios

pertencen a marcos (ou *frames*) distintos, mentres que, na metonimia, a translación prodúcese dentro do mesmo marco (*vid.* tamén Dobrovol'skij/Piirainen 2009: 26), polo que se prefire empregar o concepto de contigüidade (fronte ao de proxección ou extensión). Sen afondar nas distintas disquisicións teóricas, consideramos que a distinción clásica herdada da retórica é práctica, polo que tamén as tratamos de xeito diferenciado.

Como xa apuntamos, a relación metafórica baséase nunha semellanza entre dous elementos de diferentes marcos; denominamos a estes conceptos dominio fonte e dominio termo. Esa semellanza pode estar estereotipada ou ser creada ex profeso. Tradicionalmente, a metáfora era considerada un tropo, un recurso retórico empregado de forma intencionada, mais na lingüística cognitiva, dende principios dos anos 80, a metáfora adquire un papel fundamental e os diversos traballos de base empírica que existen amosan como, en realidade, a metáfora é un proceso cognitivo propio do ser humano, un mecanismo co que se afronta a reflexión sobre o mundo a partir doutros sistemas; as metáforas son variantes expresivas de uso diario, e responden en moitos casos a estruturas mentais.

Dentro das metáforas distinguimos entre as metáforas conceptuais e as baseadas en *frames*. O primeiro tipo xorde no marco teórico desenvolvido por Lakoff e Johnson da teoría cognitiva da metáfora. Esta teoría supón un elevado grao de abstracción e permítenos detectar aspectos compartidos e puntos de intersección entre expresións metafóricas que, de non facelo así, non serían recoñecibles por se basearen en diferentes imaxes (por exemplo, O BO É ARRIBA e O MALO É ABAIXO, como metáfora orientacional; ou O COÑECEMENTO É LUZ, como metáfora ontolóxica). As metáforas conceptuais baséanse en aspectos de percepción, como o espazo, a orientación ou a luz, e dan lugar a modelos metafóricos que están no sistema conceptual do falante. Dobrovol'skij e Piirainen (2009: 23) sinalan dúas vantaxes da teoría cognitiva da metáfora: por unha banda, permiten cubrir propiedades sistemáticas e regulares da linguaxe figurada ("bildliche Sprache") e conformar clústeres; por outra, permitirían comprobar determinadas hipóteses sobre as características do lexicón mental. Porén, non ofrece un mecanismo para describir de modo completo cada expresión con base figurativa, e require un grao de abstracción elevado, o que dificulta a súa comprensión. Ademais, o feito de obviar a imaxe individual resulta restritivo, xa que en moitos casos é esta imaxe a portadora da carga semántica, pragmática e, por veces, mesmo sintáctica do fraseoloxismo. En todo caso, pode sinalar a dirección xeral de proxección dende o dominio de partida ao de chegada.

Máis práctica a nivel de percepción, resulta, no entanto, a motivación metafórica baseada en *frames*. Os *frames* están formados por *slots*, que se corresponden cos participantes e compoñentes dunha situación determinada. Conforme sinalan Baranov e Dobrovol'skij en diferentes traballos en que explican o que eles denominan *cognitive modelling of idiom semantics*, estes *slots* non teñen que aparecer explícitos na propia estrutura lexical do fraseoloxismo para que se active o *frame* (*apud* Dobrovol'skij/Piirainen 2009: 26).

Na motivación simbólica é onde máis claramente apreciaremos a ligazón cultural dos fraseoloxismos. Neste caso, a relación que se dá entre os dous niveis conceptuais non se debe a unha semellanza (metáfora) nin á contigüidade (metonimia), senón a convencións transmitidas pola cultura. A motivación simbólica non se produce en toda a unidade, senón nun dos seus constituíntes que é o que leva a carga simbólica e o que fai que se activen as estruturas de coñecemento de semiótica cultural.

Outros tipos de motivación son a intertextual e diferentes mecanismos que non son de natureza semántica, como os xogos de palabras. A súa presenza no noso material de estudo é irrelevante en termos cuantitativos, mais si o son cualitativamente, polo que as mencionaremos nun último apartado.

Malia esta distinción, cómpre termos presente que en numerosos casos se produce un solapamento de motivacións, é dicir, hai fraseoloxismos cuxa motivación responde a diferentes mecanismos. Estes, ademais, poden darse en toda a unidade fraseolóxica ou só nun dos elementos (isto adoita acontecer cos símbolos, aínda que tamén cos outros tipos, como veremos). Describilos todos excedería o espazo aquí reservado, polo que, na presentación de resultados que agora segue, limitarémonos a indicar cales son os mecanismos principais e a describir en detalle só aqueles casos de solapamento máis curiosos, sobre todo cando o son no contraste entre as dúas linguas.

Porén, antes de seguir, cómpre facer unha advertencia previa. Son consciente dos riscos ligados aos procedementos da lingüística cognitiva na análise da motivación, nomeadamente, o risco de subxectividade na determinación de dominios fonte e meta ou no predominio dun dos mecanismos cognitivos de motivación fronte aos outros. De feito, se comparamos con traballos da mesma liña de investigación, atoparemos diferentes formas de organizar os complexos temáticos. No entanto, cómpre observar este tipo de estudos como propostas de categorizacións flexibles, cuxo obxectivo non é establecer taxonomías, senón identificar padróns de imaxes no plano literal e explicar a súa relación coa semántica.

5. Clasificación do material e primeiros resultados

Ordenamos a presentación dos resultados polos dominios fonte ou complexos referenciais.

5.1. Deixar de realizar unha actividade ou finalización das actividades

Este ámbito abrangue actividades relacionadas con funcións e necesidades físicas (1), como respirar, oír ou comer; capacidades do ser humano (2), como a fala e o entendemento; sensacións (3) e actividades profesionais (4).

(1a) *esquecerse de respirar*; *esquecerse de tirar polo folgo*; *perder a culler*; *írselle a chave da despensa a alguén*
(1b) *keinen Hahn mehr krähen hören* (‘non oír xa cantar ningún galo’); *den Löffel abgeben* (‘entregar a culler’)

(2a) *non acordar máis*; *quedar sen piar*; *dicir as últimas*; *non contar o conto*; *non contalo*

(2b) *keinen Mucks/Pieps mehr von sich geben* (‘non emitir chío/pitido ningún’)

(3a) *devalar as dores para sempre*
(3b) *jm. tut kein* Zahn *mehr weh* (‘a alguén xa non lle doe ningún dente’); *von seinem/seinen Leiden erlöst sein* (‘quedar liberado das súas dores’)

(4a) *deixar/pasar a ferramenta*; *encartar a gaita*
(4b) *der Tod nimmt* jmdm. *die Feder aus der Hand* (‘a morte retíralle a pluma da man a alguén’); *der Tod nimmt jmdm. den Pinsel aus der Hand* (‘a morte retíralle o pincel da man a alguén’)

Aquí hai unha patente relación de contigüidade causa-efecto, polo que a motivación é de base metonímica. Este complexo presenta unha gran rendibilidade na lingua alemá, a teor do estudo de Piirainen (2002: 224-227), que recolle numerosas variantes non-institucionalizadas co significado ‘estar morto’ que se apoian neste modelo. Trátase de expresións como *er zählt keine Steuer mehr* (‘xa non paga impostos’), *er kauft nicht mehr bei Aldi ein* (‘xa non fai a compra en Aldi’), *ihn drückt kein Schuh mehr* (‘xa non lle aperta o zapato’) etcétera.

5.2. Descomposición do cadáver

Particularmente rico en galego, pero tamén presente en alemán, é a motivación de base metonímica relacionada coa descomposición do cadáver (5), e especialmente as propiedades fertilizantes da materia orgánica en descomposición[2]:

(5a) *ir dar esterco*; *ir dar fentos*; *ir criar fentos/herbas/malvas*; *criar herba*; *criar malvas*; *estercar cebolas*; *tornarse terra*; *adubar a terra*; *dar o chicho*; *darlles de comer aos bichocos/roncos*
(5b) *die Blumen düngen* (‘estercar as flores’); *einen Garten auf dem Bauch haben* (‘ter un xardín no bandullo’)

Na referencia ás malvas hai un solapamento co punto 5.4 do ámbito referencial do cemiterio, xa que as malvas son flores ventureiras que medran sen seren plantadas nin sementadas, polo que podían verse nos antigos cemiterios situados nos adros das igrexas non formados por nichos. Do mesmo xeito poden actuar as referencias á herba, xa que ese tipo de camposantos eran de terra.

5.3. Referencias ao enterro

Nas referencias ás prácticas funerarias distinguimos dous bloques fundamentais: por unha banda, o formado polas referencias á sepultura e ao feito de estar sepultado; por outra, os costumes do enterro.

Dentro do bloque de imaxes que aluden ao feito de ser soterrado (‘morrer’) ou estar soterrado (‘estar morto’) atopamos a un tempo diferentes grupos referenciais: á terra que cobre a sepultura (6), á herba e outras plantas que están sobre esa terra (7), á sepultura como o buraco (8); e un caso especial (9).

[2] Piirainen (2002: 229) relaciona estas imaxes co cemiterio como dominio fonte.

(6a) *comer terra*; *comer miñoca*; *tomar un baño de terra*; *ir cavar cos ombros*; *ir para debaixo dos terróns*; *dar o corpo á terra fría*; *ir á terra*; *ir para os bichiños*
(6b) *unter die Erde kommen* ('ir baixo a terra'); *unter der Erde liegen* ('repousar baixo terra'); *jn. deckt (schon) die kühle Erde* ('a terra fría (xa) cobre a alguén')

(7a) *ir para a pataqueira*
(7b) *jmdn. deckt schon der grüne Rasen (zu)* ('a herba verde xa cobre a alguén'); *sich schon die Radieschen von unten ansehen* ('observar xa os ravos dende abaixo'); *den Rasen von unten besehen* ('ver a herba dende abaixo')

(8a) *dar co cu no tego*; *ir para o buraco/burato*; *estar encoveirado*; *estar no urco*; *ir ao ichó*
(8b) *ins Grab sinken* ('afundir na sepultura'); *ins Gras beißen* ('meterlle o dente á sepultura'); *in die Grube fahren* ('viaxar á cova')

(9a) *ir para o ceo das toupas*; *ir para a gloria dos ratos*

A motivación fundamental en todas elas é de base metonímica, xa que hai unha contigüidade causa-efecto (morrer > ser soterrado). Na maioría interveñen, no entanto, outras motivacións, como a metáfora no nivel dun compoñente como, por exemplo, en *ir para a pataqueira*, o substantivo "pataqueira" no canto de "terra", ou no nivel de toda a unidade como, por exemplo, *sich schon die Radieschen von unten ansehen*. Nestes dous casos, os elementos cos que se realiza a metáfora son distintos, pero comparten características: tanto as patacas coma os ravos son hortalizas que se dan a rente do chan.

Parécennos especialmente interesantes as unidades galegas *ir para o ceo das toupas* e *ir para a gloria dos ratos*, posto que nelas se interrelacionan diferentes mecanismos. Por unha banda, hai un dobre xogo metafórico no que o dominio fonte funciona á vez de dominio meta doutro dominio fonte, conforme ao seguinte esquema:

Dominio fonte > dominio meta: dualismo terra e ceo para o ser humano > dualismo terra e ceo(/gloria) para os ratos e as toupas

Dominio fonte > dominio meta: ceo das toupas/gloria dos ratos > espazo de terra por riba do ataúde

Por outra, existe unha metáfora conceptual de tipo orientacional: O MELLOR É ARRIBA/O PEOR É ABAIXO.

Poderiamos mesmo ver unha motivación simbólica, xa que os ratos e as toupas e, en xeral, os animais que viven baixo terra ou os animais que se arrastran, son pouco apreciados. Ambos relaciónanse ademais con diferentes tipos de danos no ámbito doméstico (a toupa na horta e nos cultivos, e o rato, dentro da casa e espazos de almacenamento).

Fóra deste caso especial, vemos nos demais converxencias entre os dous sistemas fraseolóxicos, que poden ser en todo o fraseoloxismo, como en (6a) *ir á terra* e (6b) *unter die Erde kommen*, ben nun dos elementos (6a) *comer terra* e (8b) *ins Gras beißen* ('meterlle o dente á herba'). Outro elemento converxente é o concepto de frío con valor

simbólico, que transmite incomodidade, inhospitalidade, mesmo soidade: (6a) *dar o corpo á terra fría* e (6b) *jn. deckt (schon) die kühle Erde* ('alguén (xa) está tapado pola terra fría').

Con respecto ao segundo complexo mencionado ao comezo desta subsección, o dos costumes relacionados coas prácticas do enterro, consignamos catro imaxes:

(10a) *ir cos pés para adiante*; *saír cos pés por diante*; *saír da casa por pés alleos*

(11a) *acabar nunha hucha de pao*; *vestir a caixa de piñeiro*
(11b) *das Holzpyjama anziehen* ('vestir o pixama de madeira')

(12a) *darlle ganancia/proveito ao cura*

(13a) *cantar para o carneiro*

De novo, en todos eles a base fundamental é metonímica causa-efecto, pero xogan outras motivacións. Destaca sobre todo en (12) o valor simbólico do elemento "cura", personaxe ao que no cancioneiro e refraneiro populares se asignan calidades de boa vida, aproveitamento das desgrazas alleas etcétera, polo que ten unha forte ligazón cultural. Quizais xa non se vexa como motivado o fraseoloxismo en (13), dado que xa non é costume ofrecer un xantar ás persoas que asisten ao funeral e o enterro.

5.4. Referencias ao camposanto

Aínda que pouco produtivo con este significado de morrer, si atopamos nas dúas linguas referencias ao camposanto como horto do cura que, neste sentido, para o galego enlaza co último que apuntamos na subsección anterior:

(14a) *ir para onda o cura*; *irlle contar os pitos ao crego*; *irlle gardar os pitos ao abade/crego*; *irlle coidar as galiñas ao cura*; *coidar os pitos do San Miguel*[3]
(14b) *beim Pastor im Garten liegen* ('estar deitado no xardín da casa do pastor')

Cómpre recuperar neste punto o fraseoloxismo *ir criar malvas á horta do cura*, un exemplo de solapamento entre dous bloques referenciais. En ambos os casos, a referencia é a casa reitoral, situada a carón da igrexa parroquial e, polo tanto, a carón do cemiterio.

5.5. Reaccións físicas no momento da morte

Este complexo referencial presenta converxencias nas dúas linguas de estudo. Piiirainen (2002: 226) introduce este complexo sinalando que antigamente era costume que a persoa moribunda estivese atendida até o momento da morte polas persoas máis achegadas que en ningún momento a deixaban soa, polo que se observaban e vivían as últimas reaccións fisiolóxicas do corpo e as relacionadas coa agonía. Aínda que é certo que esta experiencia xa non se vive deste xeito na actualidade nas culturas das linguas que aquí estudamos, son imaxes gravadas dalgún modo no inconsciente colectivo, pero que ademais, aínda que non sexa pola vivencia directa, si están presentes nos medios

[3] Recollido en San Miguel da Piteira, parroquia do Carballiño.

que nos rodean: no cine, na televisión, no xornalismo, na literatura... Distinguimos tres modelos: último alento (15), espasmos corporais (16) e pechar os ollos (17).

(15a) *entregar o folgo derradeiro, exhalar o último suspiro, dar as boqueadas/os boqueos/as moqueadas*
(15b) *den letzten Atemzug tun* ('facer o último alento'); *den letzten Schnaufer tun* ('facer o último alento'); *den letzten Seufzer ausstoßen/tun* ('expulsar o último suspiro'); *die/seine Seele aushauchen* ('expirar a alma'); *den letzten Hauch von sich geben* ('dar o seu último alento')

(16a) *facer a carantoña*; *estarricar a pata*; *estricar a perna*; *estirar o rabo*; *estirar a pata por falta de alento*; *recachar o rabo*; *aparecer co rabo para arriba*; *recachar a mazaroca*[4]

(17a) *cerrar o ollo*; *fechar os ollos*; *chegarlle a alguén a hora de pechar os ollos*
(17b) *die Augen für immer schließen/zumachen/zutun* ('pechar os ollos para sempre'); *jm. brechen die Augen* ('pórselle os ollos vidrosos a alguén'); *jmds. Augen sind gebrochen* ('os ollos de alguén están vidrosos')

Para o galego cumpriría engadir un cuarto complexo: a perda da calor corporal:

(18a) *arrefecerlle o ceo da boca a alguén*; *xearlle na boca a alguén*; *enfriárselle o ceo da boca a alguén*

Aínda que non están presentes no corpus de fraseoloxismos alemáns estudados, queremos sinalar un cuarto complexo que Piirainen (2002: 227) si constata no seu corpus e que denomina "últimas funcións intestinais" ("letzte Darmtätigkeit"), na que se inclúen varios fraseoloxismos con ton humorístico; velaquí algúns:

(19b) *er hat seinen letzten Furz getan* ('botou o seu último peido'); *er hat den letzten Scheiß gelassen* ('deixou saír a última merda'); *er hat seinen letzten Dreck geschissen* ('cagou a súa última merda')

Dentro deste mesmo ámbito debemos sinalar un fraseoloxismo en galego que de por si non constitúe complexo, xa que só hai unha forma recollida:

(20a) *parárselle o corazón a alguén*

De novo a base da motivación é a metonimia nunha relación causa-efecto, mais podemos destacar algúns elementos referenciais adicionais. No caso, por exemplo, das variantes relacionadas co cerramento dos ollos, atoparíamos no fondo a metáfora conceptual de tipo ontolóxico A VIDA É LUZ. Así mesmo, en (16a) as referencias a *rabo*, *pata* e *mazaroca* supoñen unha metáfora do ser humano como animal e, deste xeito, adoptan un valor humorístico que podemos ver en usos coma no seguinte:

[4] Introducimos aquí este fraseoloxismo coa máxima reserva, pois parécenos dificilmente transparente. A etimoloxía tampouco é clara. Alonso Montero (2009: 15) explícao do xeito seguinte: "En América 'pelar la mazorca'". Porén, o paralelismo con *recachar o rabo*, de uso máis común, fainos dubidar. De feito, en Eladio Rodríguez (1958-1961) ofrécese como significado de "mazaroca": "Llámase también así la cola del zorro".

A súa marida, a Tiolinda, mandábao calar.

—Pecha esa boca do inferno, toleirón. Cando morras, cerrarás os ollos e **estarricarás a pata**.

—Preocúpate máis de ir á misa e de que Deus te colla en boa hora, que falta che vai facer.

—Hai Xesús, Xesús, que diaño de home.

(*Eu tamén fun coas vacas*, Afonso Eiré, 2000, Espiral Maior)

5.6. Dualismo, existencia de dous mundos

O sexto complexo está formado polo dominio fonte da existencia de dous mundos: o dos vivos e o dos mortos (no catolicismo, a "terra" e o "ceo"/"inferno"; aínda que son tres, en realidade só hai dúas alternativas). Xógase neste caso coa metáfora conceptual da viaxe (21) e, dentro deste mesmo complexo metafórico, coa metáfora de cruzar unha fronteira ou unha porta (22) e con referencias a ir ao outro mundo (23) ou abandonar o presente (24).

(21b) *auf die große Reise gehen* ('facer a gran viaxe'); *die/seine letzte Reise antreten* ('iniciar a (súa) gran viaxe'); *sich in die ewigen Jagdgründe verabschieden* ('despedirse para ir ás zonas de caza eternas'); *die Reise ins Jenseits antreten* ('iniciar a viaxe ao alén')

(22a) *atravesala*; *coller o pasaporte*; *partir deste vale de bágoas*
(22b) *über die Wupper gehen* ('ir máis aló do río Wupper'); *hinüber sein* ('estar do outro lado'); *diesem Jammertal Valet/Ade sagen* ('despedirse deste val de bágoas')

(23a) *ir ao ceo*; *ir ao inferno*; *cambiar de barrio*; *pasar a mellor vida*; *ir ao/para o outro mundo*; *ir á gloria*
(23b) *aus der Welt gehen/scheiden* ('ir/partir do mundo'); *in die ewigen Jagdgründe eingehen* ('entrar nas zonas de caza eternas'); *in die Hölle gehen/kommen* ('ir ao inferno'); *zur Hölle fahren* ('viaxar ao inferno'); *ins ewige Leben treten* ('entrar na vida eterna')

(24a) *partir desta vida*; *partir deste mundo*; *partir deste vale de bágoas*; *abandonar este mundo*; *deixar esta vida*; *deixar o mundo*; *irse da casa*; *chegar o tempo de durmir fóra*
(24b) *aus der Welt gehen* ('ir do mundo')

Neste caso, como xa adiantamos, a motivación fundamental é de tipo metafórico: sobre a metáfora conceptual A VIDA É UNHA VIAXE constrúense diferentes metáforas baseadas en *frames*, como a de cruzar unha fronteira, precisar un pasaporte ou estar en tránsito[5]. Na maioría daqueles casos máis formais ou solemnes súmanse os conceptos das relixións cristiás con forte carga simbólica: o ceo, o inferno, a eternidade (*ins ewige*

[5] Referímonos nestes caso ao fraseoloxismo *estar en tránsito* co significado de 'agonizar' que non forma parte do corpus de estudo, mais si se basea na imaxe da viaxe.

Leben treten), o mundo terreal como un mundo cargado de penas (*partir deste vale de bágoas*).

En liña coa metáfora da existencia de dous mundos (a vida e a morte), o cristianismo ofrece para a vida eterna dúas alternativas á vida terreal atendendo ao comportamento da persoa en vida, conforme ao famoso epitafio "A fin do corpo, esta que vedes; a da alma, segundo obredes": ceo e inferno. O ceo supón o encontro con Deus (25); o inferno, co demo (26). Este referente é moi produtivo, polo que só reproducimos a seguir algúns casos:

(25a) *ir con Deus*; *ir cear con Deus; entregarlle a alma a Deus/*al Señor/aos *anxeliños*; *renderse ao creador...*
(25b) *in die ewige Ruhe eingehen* ('entrar no descanso eterno'); *ins Jenseits abgerufen/abberufen werden* ('ser chamado ao alén'); *js. Seele ist (schon) bei Gott* ('a alma de alguén xa está con deus')...

(26a) *irllo contar ao demo*; *levar o demo a alguén*

5.7. Metáforas da vida

Podemos distinguir diferentes metáforas de tipo conceptual para referirse á vida: a vida é luz e, como tal, unha candea (27); a vida é un fío (28). No fondo reside a conceptualización lineal do mundo, cun inicio e unha fin.

(27a) *apagárselle a vida a alg. coma a luz dunha candea*; *acabárselle a candea a alguén*
(27b) *jmds. Lebenslicht erlischt/ist erloschen* ('apagouse a luz da vida de alguén')

(28) *írselle o fío da vida a alguén*; *cortarlle a liña a alguén*

Así mesmo, a vida ten caducidade, é algo finito, polo que o momento final é a hora derradeira:

(29) *chegarlle a hora a alguén*; *chegarlle a hora de pechar os ollos a alguén*; *chegarlle a súa hora (derradeira) a alguén*
(29b) *den letzten Weg gehen*; *js. Zeit ist gekommen*; *seinen letzten Gang tun*

Así mesmo, a vida é un ben prezado susceptible de ser perdido:

(30a) *perder a vida*
(30b) *das Leben verlieren*

Neste caso, o valor simbólico está no verbo, e non no elemento substantivo que é o que adoita levar a carga semántica. Un aspecto interesante ademais desta colocación é que presenta unha restrición de uso por tipo de medio común ás dúas linguas: é unha forma neutra, formal, empregada en prensa.

5.8. Outros tipos de motivación

Aínda que a partir dos datos do corpus non podemos concluír que constitúan bloques referenciais ou dominios fonte en si, queremos sinalar dous casos especiais de motivación do corpus: *casar con Pedro Ligón* e *irse o irmán iniquitate*.

Cremos que no frasema *casar con Pedro Ligón* actúa un tipo especial de motivación: a dos xogos de palabras (Dobrovol'skij/Piirainen 2009: 29). En si, este frasema non se pode interpretar directamente a partir dunha base metafórica, senón a partir dunha semellanza fonética entre *ligón – legón* e dun xogo cun nome propio. Porén, aínda que recollido no corpus, non semella ser un fraseoloxismo que aínda estea vivo na fala, polo que resultará difícil afondar na súa motivación sincrónica.

O outro caso é *irse o irmán iniquitate*. A motivación é de tipo intertextual, xa que "iniquitate" procede dos responsos que se botaban polo defunto.

6. Conclusións

A análise dá proba de que hai unha similitude nos mecanismos mentais dos falantes de ambas as linguas para denominar unha realidade, supostamente complexa. Porén, estes mesmos complexos temáticos son os que apreciamos en moitas outras linguas europeas (*vid.* Bierich 1998 para as linguas eslavas, amplamente coincidente, e Mellado 2012 para o alemán e o español), polo que algúns dos fraseoloxismos recollidos serían susceptibles de entrar a formar parte dun corpus de estudo de europeísmos.

Tamén se desprende que o campo temático da morte está estruturado principalmente de forma metonímica, onde a ligazón cultural está presente sobre todo nas referencias ás prácticas funerarias e de enterramento.

No plano contrastivo apenas constatamos diverxencias no primeiro nivel de conceptualización (o dos dominios fonte ou complexos referenciais). Si apreciamos algunhas diverxencias de base simbólica en segundos niveis de conceptualización, por exemplo, no caso da figura do cura co valor simbólico en galego, que non está presente en alemán. Son estes os que presentan unha maior ligazón cultural.

De novo observamos que os modelos icónicos son a base de procesos cognitivos que poden xerar formas adicionais de estrutura similar (mesmo isomórficas), mais non podemos actuar de forma prospectiva prognosticando posibles novas formacións fraseolóxicas. Estes modelos tamén se reproducen na expresión lingüística "non institucionalizada" —como amosa o traballo de Piirainen (2002)— ou diferentes representacións artísticas, o que sostén de novo a tese de que son modelos interiorizados. Interesaría afondar no estudo cara á psicolingüística para determinar en que medida estes modelos forman parte do lexicón mental da comunidade lingüística ou en que medida son aprehendidos a partir da súa aparición nas formas lexicalizadas (como a fraseoloxía). Neste caso, unha análise exhaustiva requiriría non restrinxir a análise ao campo da fraseoloxía. Para aumentar a representatividade cumpriría en estudos posteriores incluír tamén formas monolexicais con valor icónico (*espichala*) e outros campos conceptuais relacionados, como o de "asasinar" (*cfr.*, por exemplo, a relación entre *cambiar de barrio* co significado 'morrer' e a locución *mandar a alguén para o outro barrio* co significado 'asasinar'). Neste estudo posterior tamén se debería traballar cos usos reais dos fraseoloxismos en textos, empregando técnicas de análise de lingüística de corpus, para determinar os potenciais estilísticos dos fraseoloxismos e determinar se existen ligazóns entre a motivación semántica e os valores estilísticos

(como apuntabamos con respecto á "animalización" e o ton humorístico nos fraseoloxismos *recachar o rabo* e similares).

Agradecementos

Desexo agradecer a Xesús Ferro Ruibal, director do proxecto de Fraseoloxía Galega, do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades que puxese ao meu dispor o material necesario para a elaboración do corpus en galego. Así mesmo, agradézolle a Carmen Mellado Blanco, directora do grupo de investigación FRASESPAL, que me facilitase o manuscrito do seu artigo sobre a fraseoloxía da morte en alemán e español.

Referencias bibliográficas

ALONSO MONTERO, Xesús (2009): "Lingüística da cautela e da expresividade: sinónimos galegos de 'demo', 'morrer' ('morte'), 'porco', 'sacerdote' e 'sapo'", en *Madrygal (Madr.),* 11: 11-17.

BIERICH, Alexander (1998): "The semantic field of 'death' in Czech, Russian, Croatian and Serbian Phraseology", en DURCO, Peter (ed.): *Europhras '97. Phraseology and Paremiology*. Bratislava: Akademia PZ, 17-23.

BUJAN OTERO, Patricia (2010): "A motivación de unidades fraseolóxicas: a metonimia. Exemplos do galego", en REI-DOVAL, Gabriel (ed.): *A lingüística galega desde alén mar*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 237-252.

BURGER, Harald (2007): "Semantic aspects of phrasems", en BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; KÜHN, Peter; NORRICK, Neal (eds.): *Phraseologie: ein internationales Handbuch zeitgenössischen Forschung*. Berlin: Walter de Gruyter, 90-109.

DIRVEN, René; PÖRINGS, Ralf (eds.) (2002): *Metaphor and Metonymy in Comparison and Contrast*. Berlin: de Gruyter.

DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij (1995): *Kognitive Aspekte der Idiom-Semantik. Studien zum Thesaurus deutscher Idiome*. Tübingen: Gunter Narr Verlag.

DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij; PIIRAINEN, Elisabeth (2009): *Zur Theorie der Phraseologie. Kognitive und kulturelle Aspekte*. Tübingen: Stauffenburg Verlag.

GONDAR PORTASANY, Marcial (1987): *A morte.* Sada: Museo do Pobo Galego.

LÓPEZ TABOADA, Carmen; SOTO ARIAS, M.ª do Rosario (1995): *Así falan os galegos: fraseoloxía da lingua galega, aplicación didáctica.* A Coruña: Galinova.

MELLADO BLANCO, Carmen (2012): "Dominios fuente en el campo conceptual MORIR en alemán y español: eufemismos y disfemismos" (Inédito).

MONTERO, Emilio (1981): *El eufemismo en Galicia*. *Verba*, *Anuario Galego de Filoloxía*, anexo 17. Santiago de Compostela: Secretariado de Publicacións da Universidade de Santiago.

PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2007): "Sinonimia y locuciones", en CANO LÓPEZ, Pablo et alii (eds.): *Actas del VI Congreso de Lingüística General*, vol. II.B. Madrid: Arco/Libros, 2217-2227.

PIIRAINEN, Elisabeth (2002): "Er zahlt keine Steuern mehr. Phraseologismen für 'sterben' in den deutschen Umgangssprachen", en PIIRAINEN, Elisabeth e PIIRAINEN, Ilpo T. (eds.): *Phraseologie in Raum und Zeit*. Baltmannsweiler: Schneider Verlag Hohengehren, 213-238.

SABBAN, Annette (2007): "Culture-boundness and problems of cross-cultural phraseology", en BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; KÜHN, Peter; NORRICK, Neal (eds.): *Phraseologie: ein internationales Handbuch zeitgenössischen Forschung*. Berlin: Walter de Gruyter, 590-604.

SCHWARZ-FRIESEL, Monika (2002): "Kognitive Linguistik heute - Metaphernverstehen als Fallbeispiel", en *Deutsch als Fremdsprache*, Heft 2. 41 Jahrgang, 83-89.

Fraseoloxía e paremioloxía galega nos escritos do P. Martín Sarmiento (1695-1772)

Galician phraseology and paroemiology of P. Martín Sarmiento OSB (1695-1772)

Xesús Ferro Ruibal

Xacinta Varela Martínez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Resumo: Recuperación da fraseoloxía e paremioloxía galega usada ou comentada polo ilustrado benedictino galego Frei Martín Sarmiento (1695-1772) nas súas obras escritas en castelán e análise do seu contido e da súa pervivencia posterior ata o cambio de milenio. Os refráns son, para Sarmiento, unha reserva de vocabulario puro en cada lingua (protexido de préstamos innecesarios), unha guía de pensamento e unha fonte de pensamento novo e orixinal mediante a manipulación fraseolóxica. A partir da análise da supervivencia das unidades que cita parece intuirse que son máis duradeiras as paremias do que as locucións e outras unidades menores.

Palabras clave: Fraseoloxía. Paremioloxía. Galicia. Diacronía fraseolóxica.

Abstract. This paper examines Galician phraseology and paremiology retrieval in the work of the Benedictine Martín Sarmiento (1695-1772), analyzing its content and assessing how the proverbs have survived to this day. Proverbs are, for Sarmiento a reserve of pure vocabulary in each language (protected from unnecessary loan words), a guide for thinking and a source of new and original thinking through phraseological manipulation. Analysis of the survival of the phrases quoted by him seems to show that proverbs endure longer and better than other types of locutions and other minor phraseological units.

Key words: Phraseology. Paroemiology. Phraseological diachrony. Galician.

1.1. Breve noticia biográfica

Frei Martín Sarmiento (1695-1772) foi un dos grandes ilustrados españois, que revisou sobre a base da experimentación e a reflexión metódica, unha grande cantidade de

Data de aceptación 24/07/2012. Data de recepción 24/12/2012.

asuntos botánicos, zoolóxicos, mineralóxicos, pesqueiros, agronómicos, urbanísticos pero tamén históricos e lingüísticos e consecuentemente pedagóxicos. A orixinalidade do seu pensamento levouno, por exemplo, a se-lo creador da filoloxía galega, o primeiro lexicógrafo galego, que chega a practicar *ante litteram* o método *Wörter und Sachen* pero tamén un filólogo comparado que formulou leis fonéticas –que el chama *teoremas euclidianos* - que explican a peculiar evolución do latín ás diferentes linguas románicas. A súa obra inmensa e enciclopédica está aínda en boa parte inédita pero xa en proceso de edición global [1].

Sarmiento foi discípulo na súa adolescencia monástica en Lérez (Pontevedra) doutro grande ilustrado e polígrafo, Frei Benito Jerónimo Feixoo [2] e Montenegro (1676-1764), e acabaría colaborando moi activamente na edición e apoloxía da obra do seu mestre. É ben sabido de tódolos paremiólogos que o P. Feixoo mantiña unha actitude pouco favorable á paremioloxía. No pórtico do seu *Teatro crítico Universal* xa ten un ensaio titulado *Voz del Pueblo* (FEIXOO: 1726,1,1) no que desmonta a afirmación de que *Dios se explica en la voz del pueblo*. E posteriormente volveu de maneira moito máis directa sobre a falibilidade dos adaxios (FEIXOO: 1750).

Feixoo e Sarmiento parecen dúas vidas paralelas, intensamente comprometidas na racionalización da actividade intelectual e social, pero Fr. Martín Sarmiento tiña unha posición menos radical có seu admirado mestre na condena da fraseoloxía e da paremioloxía. Cúmprese nisto o que na obra global xa detectou José Luís Pensado Tomé en 1978 cando di que dúas vidas tan paralelas non foron realmente paralelas:

> *Mentras Feijoo se aprestaba pra barrer meigas, duendes e trasnos das mentes do seu século, Sarmiento preparaba as súas brancas páxinas pra lles dar acobillo, pra lembrar os seus nomes, o que se decía deles, as prerrogativas e características de cada un. Mentras Feijoo quería desterrar todalas tradicións populares, Sarmiento preparaba cuestionarios sobre elas pra que non fosen definitivamente esquecidas* [...] *Sarmiento sabía ou sospeitaba que algún día eses refugallos da racionalidade humana, esas creencias e tradicións, chegarían a ter un valor* (PENSADO: 1978, 151-152).

---

[1] O Consello da Cultura Galega, mediante convenio coa Casa Ducal de Medina-Sidonia (propietaria dos seus manuscritos) e tamén co CSIC ten en marcha a edición dixital e integral da súa obra (*Proxecto Sarmiento*), que axiña ofrecerá en Rede a xigantesca e enciclopédica *Obra de 660 pliegos*. Temos que agradecer ó director do proxecto, Henrique Monteagudo, que nos permitise o privilexio de consulta-la versión dixital aínda inédita para completar anotacións que tiñamos feitas sobre manuscritos do Museo de Pontevedra e sobre unha copia da Universidade de Santiago.

[2] A pesar da grafía *Feyjoo* utilizada polo beneditino de Casdemiro (Ourense), en Galicia sempre se fala do P. Feixoo, grafía que non só se axusta máis á grafía histórica e actual da lingua galega para ese substantivo común (*feixó /feixón*), senón que é a que o propio P. Sarmiento utiliza para referirse a quen foi o seu venerado mestre: *Phaselus, phaseolus, y según Dioscórides phasiolos, significa la dicha legumbre. Pasó a faseolus y faseolo. Los gallegos hacen diptongo AI o EI de la A, v. g.: faixa de fascia; baixo, de bassus, etc. Feixe, de fascis, y meiga de maga. Así tenemos de faseolo, feiseolo, y perdida la L a la gallega; y sibilando, a la gallega, la S, resulta feixeoo y finalmente resultó Feixoo o Feixô. Así se debe escribir con -X- y no con jota, como vulgarmente se escribe. (614) Hoy llaman a esa legumbre, o a esas alubias, en Galicia, feixons, feixôs, y en Castilla frexoles, fresoles, etc., y todo de faseolus, metida la R. Lo más singular de ese apellido consiste en que ya hace más de 600 años que esa familia, o apellido, hace especial figura en Galicia, colocado entre los caballeros de aquel reino* (SARMI-4: 613-614).

1.2. Así pensa Sarmiento da fraseoloxía e da paremioloxía

(§ 4891) [...] *Las voces que con especial cuidado se han de recoger deben ser todas las que significan objeto de la historia natural española en sus tres reinos. Sobre esto insistiré siempre, pues es cosa vergonzosa que, naciendo en algunas provincias de España algún mixto natural y que tiene nombre proprio y vulgar, se le arrime un nombre de lengua extraña, que no entiende el vulgo, ni tal vez el que la usa.*

(§ 4892) *Dije ya repetidas veces que las voces más fundamentales de una lengua son las que significan cosas que Dios ha criado en el respectivo país de la lengua. Con esas voces se saben y conocen otras tantas cosas naturales, y con las voces de estilos de cartas, de oraciones panegíricas y de los que llaman escritos retórica, ninguna cosa natural se sabe ni se conoce, acabado el sonsonete de divertir a los oídos. Por no haber atendido a esto, se han multiplicado voces y no se han conocido cosas naturales sobre cuya penetración se fundan todas las ciencias y todo conocimiento útil. No me opongo al uso de las voces de fórmula, cumplimiento* (160r) *y de la conversación familiar. Pero esas jamás se penetrarán bien si no precede el conocimiento de las voces significativas de cosas de la historia natural.*

(§ 4893) *Después de las dichas voces puras vulgares de lo que Dios ha criado, se deben recoger las voces que entran en los refranes, y el curioso debe copiar el refrán entero. Los refranes, adagios y proverbios de una lengua son los textos más antiguos, más auténticos y más puros que se deben citar, por razón de sus voces, en un vocabulario o glosario. No todos los proverbios son iguales en la enseñanza, pero todos son del caso para la pureza de la lengua, y unos más antiguos que otros. Hay no pocos que ya no se les penetra bien el sentido, y harto más útil sería que los escritores los hubiesen comentado que no el que anduviesen a caza de voces no españolas.*

(§ 4894) *La mayor parte de los proverbios son sentencias morales, otros son físicos y médicos, otros aluden al tiempo* (160v) *y estaciones, otros aluden a naciones, lugares y personas, otros son jocosos y otros irónicos y satíricos. Los proverbios de Salomón todos son instructivos. No hay nación que no los tenga más o menos agudos. Y los más agudos, por voto del célebre francés Claudio Salmasio, son los proverbios o refranes españoles. Levino Warnero tradujo en latín cien proverbios persianos, y en la carta que Salmasio le dice: Inter europaeos, hispani in his excellunt. Itali vix cedunt. Galli proximo sequuntur intervallo* [3]*, supone que la agudeza de los proverbios prueba la agudeza de los*

[3] "Entre os europeos, nisto destacan os hispanos. Os italianos case están á mesma altura. Séguenos os franceses". A obra de Levin Warner, publicada en 1664, titulouse *Proverbiorum et sententiarum persicarum centuria, collecta et versione notisque adornata a Levino Warnero*. Lugduni Batavorum: Ex officina Ioannis Maire. A frase do francés Claudio Salmasio (1588-1653) que cita Sarmiento está no prólogo (sen páxina) e nela Salmasio engade (en latín) "Disque os belgas (para que non se me queixen de que os omito) tampouco carecen de adaxios cheos de inxenio e gracia. Non hai nación tan inculta e bárbara que non dispoña da brevidade destes ditos populares que levan aparellada algunha agudeza". A

nacionales, y es de mucho peso que siendo francés, y con voto, dé la primacía a los españoles.

(§ 4895) *Tengo los dichos proverbios pérsicos, los árabes, los hebreos, los rabínicos, los griegos, los latinos, los españoles, los italianos, los franceses, los ingleses, los cambrobritanos, y de los españoles tengo la colección de seis mil que juntó Juan Malara. El padre Bluteau trae los adagios portugueses esparcidos en su* Vocabulario. *Y mucho* (161r) *antes, en el suyo, los había juntado aparte el padre Pereyra. Como el idioma gallego no se imprime, no tengo la colección de los adagios y refranes gallegos que se hablan, y daría algo de bueno por tenerla, para hacer curiosas combinaciones.*

(§ 4896) *Desde luego, aseguro que la mayor parte de los proverbios o refranes portugueses serán vulgares en el centro de Galicia, y que en la conquista pasaron a Portugal con la lengua. Es preciso distinguir entre hablarse solo una lengua; en hablarse y escribirse; y en hablarse, escribirse e imprimirse. Lo último es pura materialidad para las lenguas, y el escribirse también es materialidad para que una lengua sea viva y se hable.* (SARMI-660// MONTEAGUDO (2008): IV, 109-110).

1.3. Presentación e análise

É ben sabido que unha parte moi substantiva da brillante lírica medieval hispana, profana e relixiosa, dos séculos XIII-XV fíxose en lingua galega, dentro e fóra de Galicia. Pero tamén é sabido que no séc. XVI consolídase un proceso político de eliminación da lingua galega do uso formalizado e da transmisión escrita. Legalmente e fóra dalgunhas matizacións puntuais [4], isto seguiu así ata a Constitución de 1978, que, en parte, foi tamén froito maduro dun traballo cultural e político que dende o século XIX viñan realizando persoas e sociedades galegas. Sarmiento, entre 1762 e 1772, foi o iniciador de todo: nesa liña hai que entender esas súas palabras: *Como el idioma gallego no se imprime, no tengo la colección de los adagios y refranes gallegos que se hablan, y daría algo de bueno por tenerla.*

Frei Martín Sarmiento é o iniciador do rexurdimento galego, aínda que a súa obra está case toda en castelán (e, en boa parte, inédita), porque el só escribía para responder a consultas de persoas concretas e nunca para publicar. Pero Sarmiento non só é un dos primeiros filólogos modernos de Europa e o primeiro filólogo galego, senón que na súa fina atención ós asuntos máis heteroxéneos, sempre se demora nas implicacións lingüísticas de calquera deles. ¿Por que? Porque Sarmiento pensaba que a lingua é esencialmente oral e que a lingua escrita é unha derivación de interese secundario. Esta

cita é interesante polo feito de que un francés xa detecta no século XVII algo que se percibe no século XXI: que se usan menos refráns en Francia do que na Península Ibérica. E este detalle non lle pasa desapercibido a Sarmiento no século XVIII.

[4] Galicia votou o 28.6.1936 un Estatuto de Autonomía que devolvía a plena oficialidade á lingua galega pero o inicio da guerra civil ós poucos días (18.7.1936) truncou esa recuperación e mesmo fixo máis difícil a recuperación iniciada. Na Lei de Educación de 1970 admitiuse a posibilidade (nunca suficientemente desenvolvida) da súa utilización no ensino.

convicción vai unida a outra: a verdade científica está moitas veces no pobo que sofre a historia e que vive do seu traballo manual; non está tanto nos sabios que aprenden dos libros e non da natureza; e menos aínda, nos que simplemente encontran o poder nas súas mans. Por iso el cita e comenta de cando en cando a voz do pobo que ve condensada en fraseoloxismos e paremias galegas, castelás e latinas: si; mesmo escribindo en castelán, cita e comenta unidades fraseolóxicas e paremiolóxicas galegas (que algunha vez presenta en versión portuguesa [5] ou castelá) e estas unidades, dada a historia da lingua galega, constitúen un tesouro que nos chega deses séculos ágrafos que en Galicia denominamos *séculos escuros*.

Neste artigo pretendemos difundi-los fraseoloxismos e paremias galegas que Sarmiento cita e comenta. Non comentaremos refráns casteláns ou latinos dos que haxa equivalencia viva en galego senón só refráns que el cita como galegos. Nun artigo posterior ofrecerémo-la fraseoloxía castelá e latina e veremos tamén cal é a terminoloxía que usa.

Tras esa cita, trataremos de comprobar se esa unidade pervive no uso ou se verosimilmente deixou de circular. Para isto consultarémo-los fondos do Tesouro Fraseolóxico Galego (**TFG**), en construción no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. No inicio de cada parágrafo de Sarmiento indicaremos entre [ ] a data na que Sarmiento escribía ese texto, porque esta referencia cronolóxica nalgún caso é pertinente.

Sabemos que imos facer unha comparanza desigual, porque Sarmiento non ofrece un corpus fraseolóxico do seu tempo (que el lamentaba non ter e que hoxe poderiamos confrontar cun corpus actual) senón só citas incidentais que lle veñen á memoria. Aínda así, isto permitiranos, primeiro, coñecer e comentar contextualizacións e definicións propias de Sarmiento e, segundo, albisca-lo grao de durabilidade (ou fixación) fraseolóxica e paremiolóxica (que trataremos de sintetizar nun cadro final).

Para quen teña interese nestes lerios, coma nós, hai cousas que son moi interesantes. Recuperar incidentalmente unha parte dos fraseoloxismos e paremias do XVIII permite recupera-lo contexto en que el os utiliza (ou, por veces, explica), confronta-las variantes que 250 anos despois están vivas (porque as recollemos do uso oral aínda agora), ou contabiliza-las paremias que só cita el (e, despois del, ninguén): isto case permite medi-lo grao de mortalidade do refraneiro: cousa moi interesante para sabermos qué é iso da fixación.

[5] Lémbrese que Sarmiento sostiña, contra os lingüistas do seu tempo, que unha lingua era esencialmente lingua oral e rural, que nas capitais dos Estados é onde se falan con menos pureza (pola ausencia de animais e prantas que son a fonte verdadeira do léxico e pola presenza de políticos e funcionarios estranxeiros). Sostiña tamén que o portugués era galego levado cara ó sur pola Reconquista, de xeito que as diferenzas que no tempo del había entre galego e portugués, máis que debidas á castelanización do galego, eran debidas a hibridización do portugués coas linguas dos indíxenas das colonias que Portugal fundou en África, Asia e América. Por iso escribiu, como acabamos de ver que *la mayor parte de los proverbios o refranes portugueses serán vulgares en el centro de Galicia, y que en la conquista pasaron a Portugal con la lengua*.

Pero o lector deberá superar unha dificultade: o estilo discursivo de Sarmiento é difuso e, aínda que el nalgunhas obras distribúe a información en parágrafos de tamaño constante, está lonxe da disciplina fraseográfica e paremiográfica actual. Se o lector supera este problema, encontrará en tódolos casos noticias pertinentes e curiosas.

2. Fraseoloxía e paremioloxía galega na obra do P. Sarmiento

2. 1. Substantivos compostos, colocacións

2.1.1. ***Bestiñas de canado e medio.*** [1762-1772] (§ 1668) Ya que no se pueden desterrar los chalanes del mundo, múdese por lo menos la materia. Haya chalanes de ganado vacuno y de ganado caballar. Dije que en Galicia había un mediano ramo de comercio con los caballitos. Y creo que no es menor el que allí se hace con las mulitas. Ese comercio no es nocivo, pues son pocas las mulas que de allí se sacan para coches, arados y carretas. Las más sirven para alquiladores, sacerdotes, religiosos y mujeres. Y las que sirven para portear pesos son tan pequeñitas hacia el país de Deza que las llaman *bestiñas de canado e medio*, por irrisión. Un *moyo* de vino en Galicia tiene ocho cántaras, y el *canado* solo tiene dos. Así, *bestiña de canado e medio* es la mulita que solo lleva el peso de tres cántaras. Es verdad que las hay más grandes. (SARMI-660:1668, Monteagudo 2, 51).

TFG. Non figura; probablemente porque o transporte de mercadorías variou radicalmente e tamén as medidas de capacidade, coa introdución do sistema métrico decimal. En calquera caso é unha cantidade pequena, porque noutro lugar di que doce cántaros de vino era "la medida regular del peso que lleva un macho" e, se o canado é unha cuarta parte da cántara, a cantidade é realmente pequena:a *bestiña de canado e medio* tiña que ser, polo tanto, unha besta de moi pouca capacidade de carga (SARMI-6:449).

2.1.2. ***Chupa matulas; atiza esa matula.*** [1770] Nas coplas 190-191 di: (...) *en donde a tardiña, /por mais señas desto, /a Alfonso llo dixo /hum home ja vello. // que tiña no pazo /por vida o emprego /d'atizar matulas, /mudar candieiros. Matúlas* en gallego son las mechas o torcidas. El origen es de mata vegetable, pues las primeras torcidas se hicieron de (...) las hojas del verbasco o de otras plantas lychnis. Hay en Palacio, huissier y buxier, aquel para cerrar puertas, y éste para mudar las bujías. Pero el sonsonete ha ocasionado confundir las dos voces, y algunos creen que *huissier* es lo mismo que *buxier* lo que es falso." (SARMI-7:473).

[1762-1772] (§ 1417) Los gallegos que no conocen la planta lychnis, pregunten a los muchachos que les enseñen la planta a que ellos llaman *asubíos, asubiotes* y *caabaciñas*. Pone Tournefort 117 especies distintas del género lychnis, cuyo carácter es producir en el centro de la flor una calabacita de figura cónica que contiene la semilla. Después que esa calabacita arrojó la semilla, permanece muy dura, como una ventosa; y los muchachos la usan para chiflar y silbar, y por eso la llaman asubío. La común es comunísima en los zarzales y caminos. De las hojas, pues, de todas las especies de lychnis, se hacían las mechas o torcidas de candil. El castellano mecha viene del griego *myxos*. Pero el puro nombre gallego de la torcida es matula, la penúltima larga. Así dicen en Galicia: "*Chupa matulas; atiza esa matula*", etc. El origen de *matula* es difícil. (SARMI-660:1417).

TFG. Non figura.

Comentario. Parecen simples colocacións aínda que a forma *chupa esa matula* parece suxerir un uso como fórmula. Ignoramos cando e con que intención se usaba no XVIII esa expresión.

2.1.3. ***Corpo Santo.*** [1762-1772] (§ 5547) La expresión *el cuerpo santo* es una de las que también se aplican a las luces de los navíos. Si son muchas, se llaman en portugués *coroa de Nossa Senhora*. Juan Linschoten en el capítulo 93 de su *Vuelta a Europa* dice lo mismo. Y del meteoro dice: "Lusitani Corpus Sanctum Petri Guindisalvi vocant. Hispani San-Elmo"[6]. Y el padre Bluteau en el Suplemento, *verbo Coroa,* cita y copia a Linschoten. Véase aquí *San-Elmo* por *Sant-Elmo* (o *Ermo*) y no *San-Telmo*, que jamás hubo tal Santo Telmo. Y así va por el suelo la reciente impostura de los Telmos de Palencia, para derivarlos de *Tellos.* Couto en la Década VII, al año de 1557, dice: "Al bienaventurado san Frey Pedro González, al cual los mareantes llaman *o Corpo Santo* y los extranjeros llaman *santo Anselmo*". También Herrera (Década III, página 16) dice: "y les pareció que se mostró el glorioso cuerpo de san Telmo", —que puso de cabeza, pues el año de 1520 aún no se usaba esa voz Telmo en Borneo. (§ 5548) Otra mayor confusión propondré, y deshace con claridad sobre la expresión *Cuerpo Santo*. Trata Molina en dos partes de un cuerpo santo que veneran los mareantes. Cuando habla de fray Juan de Navarrete, franciscano, que aún vivían los que le oyeron predicar, y cuando habla de Pontevedra. Júntase aquí en esta villa una gran cofradía de todos los mareantes de esta costa —dice— que suben de dos mil cofrades, que es la Cofradía del Cuerpo Santo, del cual dijimos arriba. Reclama en esto al cuerpo de fray Juan de Navarreta, que supone está en Pontevedra. ¿Cómo se compone esto con el cuerpo santo de fray Pedro González, que está en Tuy? (§ 5549) Nunca he podido entender este cuerpo santo ni esta cofradía. Pero ya llegué a hacer evidencia de que ni los mareantes saben de qué cuerpo santo hablan, ni Molina acertó en lo que dijo, creyendo vulgaridades. Ese cuerpo santo ni es el de fray Juan, ni el de fray Pedro, ni la cofradía que hoy subsiste tiene conexión con los cuerpos de esos venerables, o beatos o santos. La gran cofradía se instituyó en honor y veneración del cuerpo santo de Cristo Señor Nuestro. Y para que todos me entiendan, esa cofradía se estableció en el siglo XIII, cuando el Santísimo Sacramento salió en procesión por las calles, para celebrar la fiesta del Corpus Christi —como le llama la Iglesia: *In Festo Corporis Christi.* Esa cofradía corresponde a las que en Castilla llaman *Cofradías Sacramentales*. (SARMI-660:5547-5549, Monteagudo 4, 256-257).

TFG. Aparece con varias acepcións. 1. *Corpo santo.* Ac[cepción] de fuegos fatuos; m[uy] c[omún] entre gente marinera: se dice en Campelo-Poio, en Beluso-Morrazo etc.; c[ompuesto] de fácil derivación. (CRESPO2:83). 2. Cadáver incorrupto: *D. Fernando, o que foi cura de Santa Xusta, levárono para Cerdedo e disque está corpo santo* (43263). *San Campio é mui valente, /porque tiña o corpo santo, /metido en Santo Ourente.* (SACO2:143, 29 / BLADO:2502). *Cando o corpo dalgún morto non podrece, non estando balsamado, di-se que está corpo santo* (24002:015). *San Campio fui militar, / servíu ó rey lealmente, / agora está corpo santo/ no altar de Santo Ourente.* (19303). 3. Día de Venres Santo: *O día do Corpo Santo ~ non é tempo de cantar /porque ha muerto Jesucristo ~ luto debamos guardar /io que esta oración dixera ~ todos os venres do ano /sacaba una alma de penas ~ e a súa de gran pecado /i qu'a sab'i non a dice ~ i o qu'a oi non a adeprende / i o día de gran juicio ~ xa verás o que lle sucede* (Celavente. O Bolo: SCHU:2/2/61c). 4. *Cofradía do Corpo Santo*. Antiga confradería do Gremio de mareantes de Pontevedra, historicamente importante na vila de Pontevedra, tal como estudaron Sampedro (1998), Filgueira (1998), Pereira (2002), González (1995) e que aínda se fai presente en diferentes solemnidades da Boa Vila.

Comentario. Como se ve, Sarmiento que era sacerdote e que dedicou importantes páxinas a describir e explica-los peculiarísimos ritos paralitúrxicos que na festa do Corpus Christi existían

[6] "Os lusitanos chámanlle 'Corpo santo de Pedro Gonzalez'; e os hispanos 'Sant Elmo'".

(e existen) en Galicia (Allariz, Redondela ou Pontevedra), non ve con agrado esta degradación semántica que no tempo del xa padecía a locución *corpo santo* no uso real da xente. Hoxe, no cambio de milenio, esa polisemia aínda se acentuou máis; e, pola contra para aquela festa eucarística o uso real dos galegos de hoxe recuperou o latinismo *Corpus* ou *Corpus Christi*.

2.1.4. ***Fidalgo do cabo de Boa Esperanza.*** [1762-1772] (§ 5978) No sé de fijo el año en que se fundó el primer mayorazgo en España, ni quien ha sido el que le fundó. Supongo que no ha sido ningún hombre oscuro, como son hoy los más que los fundan. Creeré que sería un señor de alta guisa, y de los que entonces tenían estados de feudo, y claro está que los feudos no se podían enajenar ni dividir; y que faltando herederos volvían a la Corona —luego, antes eran de ella. ¿Qué conexión tiene esto con los mayorazgos de hoy? También creo que este género de mayorazgos comenzaría después de las conquistas, y acaso comenzaría por los *morgados* de Portugal con los caudales que iban viniendo de la África y después de la América. ¿Qué habían de hacer de tanto oro esos aventureros? La expresión portuguesa *fidalgo do cabo de Boa Esperanza* es irrisoria, como la castellana *caballero indiano*. (SARMI-660:5978, Monteagudo 4, 360).

TFG. O dito é portugués; e o galego máis próximo é *fidalgo da casa da palla*, dito de Moraña (43220), que a mediados do século XX designaba unha persoa que se ten polo máis da festa pero que, ben mirado, nin sequera ten o que teñen os outros.

COMENTARIO. En Galicia a mediados do século XX, fóra de zonas concretas coma O Cebreiro, te-la casa cuberta con colmo (palla do centeo) era un signo externo de pobreza, porque, o clima húmido pide un tellado de tella ou lousa (sempre máis duradoiro) mesmo para os pobres. Con palla de centeo (colmo) ou mesmo de millo só se cubrían daquela as palleiras, onde se gardaba a herba seca e os trebellos da labranza. Por iso é tamén irrisorio este dito *fidalgo da casa da palla,* que tamén existía en Portugal (43220; Fonseca:201). A mediados do século XX aínda se podía oír falar dunha *casa fidalga* ("casa de torre, señorial, pacio ou pazo") ou de *fidalgo*, como sinónimo de persoa dunha clase social e económica superior e mesmo dunha certa honestidade (*Andar a pago non pago, non é de homes fidalgos*: Morei1:067); pero hoxe xa son palabras en desuso ou con certa intención literaria; e xa non se oe dicir *terse por fidalgo* pero aínda se pode oí-lo refrán *Quen ten diñeiro é fidalgo.* Máis comúns e vivas son as locucións *aristocracia do pan de millo* ou *señorito de caldo á merenda* (persoa que se ten por membro dunha clase superior pero que na intimidade non come coma os ricos senón que se alimenta do mesmo que comen os máis pobres: pan de millo e caldo. Nótese a pervivencia de ditos que se basean en feitos xa desaparecidos coma o consumo de pan de millo polos pobres ou o caldo á merenda). O pobo sempre foi agresivo cos que aparentan unha riqueza ou categoría que non teñen e así di o refrán: *Máis vale din de moeda que don sen renda* (RODGO-2:114).

2.1.5. ***Mel de Galicia*** [7] Véxase *Se queres vestir de seda, trata en cera.*(2.5.21.1.).

TFG. Non figura.

COMENTARIO. O *mel de Galicia* xa era proverbial no século IX e a medicina popular tradicional e o refraneiro demostran que nunca se deixou de producir e consumir, como mostra a toponimia (*As Abellas, Abelleira, A Abelleira, Couceiro, O Abellal, A Abellariza, Albariza, Enxames, O Enxameado, O Trobo, Os Trobos,...*). Pero, polo que di Sarmiento, no tempo del xa deixara de

[7] O *Liber Chronicae seu Chronicon Aemilianense,* que cita Sarmiento, enumera as trece cousas paradigmáticas na Hispania do tempo dos godos e entre elas están o *mel de Gallicia,* coa scanda de Asturias, o triticum de campis Gottis, o mulus de Hispali, o Cavallus de Mauros ou a disciplina atque scientia de Toledo (Mss. 51; 36r. Biblioteca Nacional de España, que neste caso copia un antigo códice de San Millán de la Cogolla). Aínda que Sarmiento relatiniza o topónimo, o manuscrito di claramente *Gallicia*.

ser proverbial o mel de Galicia, desprazado polo azucre. Nunca se deixou de producir para consumo propio (González 2011) [8] pero chegou mesmo a importarse mel de León e Castela. No final do XIX e principios do XX a producion galega de mel renaceu coa depuración das técnicas que introduciu Benigno Ledo González, cura de Argozón en Chantada e coñecido como *O cura das abellas.* Hoxe a produción volve ser importante, converténdose este sintagma *mel de Galicia* en marca comercial e denominación dunha Indicación Xeográfica Protexida [9].

2.1.6. *Ollo breque.* [1755] Expresión baja para insultar a un tuerto. (110r) Llaman en Galicia a un tuerto *ollo breque*. La Academia, en bréca, trae la expresión, citando la Picara Justina, y dice: breca, es castellano y significa el *ollomól* gallego, y que en latín se llama *alburnus* (no lo creo); así *ollo-bréque* o ojo de breca corresponde a los ojos de besugo (164v). (SARMI-6).

[1757-1762] Las voces que en el latín significan ciego, tuerto, bizco, corto de vista, etc. se suelen confundir, aumentando o disminuyendo el grado de vista. El bizco se llama *strabus*, y este es el verdadero tuerto castellano. Pero la voz tuerto castellana está aplicada con exceso al que le falta un ojo, ese no es tuerto sino lusco, también en gallego *resgo*, derivado de *lusco*. Igualmente llaman en Galicia al tuerto: *tortales*, *tortovirollo*, *virabales* y *ollobreque*, y también *torto*. Pero el latín *luscus* se conserva también en el gallego *chosco*, que significa al muy corto de vista, sin ser bizco, tuerto ni ciego (361). (SARMI-4).

[1762-1772] Los nombres *breca* y *breque* para significar al *ollomol* no los he leído en otra parte. He discurrido si son los *brechos,* que en Huerta —sobre Plinio— (página 571) se llaman así hacia Canarias y significan los *scaros*, que en algo se parecen a los *ollos-moles*. La expresión *ojo de breque* también se usa en Galicia, llamando a uno de malos ojos que tiene un *ollo breque* (2086) [...] El verbo griego *brecho* significa *pluo, irrigo*. Acaso *ollo-breque* será el blando lagañoso y que mana humor (2087). (SARMI-660:2086-2087; Monteagudo:3, 155).

TFG. Ubique. Parece ser el Bereque (sic) de Castilla y significa el ojo que por enfermedad cierra más del lado de afuera que de adentro. En Galicia se usa en el juego de Quince de (sic) la cuando se juntan en una mano el ocho y siete de un palo, y hacen seña al compañero, cerrando un ojo, para que envide seguro. Y al manifestar las cartas dice el que le tiene: *Oyto a sete fan o breque*. (SOBREIRA: 1805,425). Hoxe o DRAG recolle o adxectivo *breco* co significado de "persoa que non ve dun ollo" (*Un accidente de traballo deixouna breca do ollo dereito*) ou "que lle falta un ollo"(*Xa morreu aquel can breco que tiñamos)*.

COMENTARIO. Se a locución *ollo de breque* se implicitou reducíndose ó adxectivo *breco*, en castelán, en cambio, o DRAE aínda recolle como forma coloquial *ojo de breque* que define como "el pitarroso y remellado" que se usa tamén en sentido despectivo. Pero en galego a ese tipo de ollos lagañosos chámanlles *ollos loprosos* en Tordoia (18401) e en Tapia (Asturias) chámanlle *meco* ó que ten un ollo algo estrábico (25203:02,1951,101)(Crespo3:236) [10] Con todo, o concepto de ollo medio cerrado mantense no adxectivo *breco* ("que non ve dun ollo; torto"). Sarmiento relaciona o *breque* co verbo grego *brecho*, pero quizais debamos lembrar que *dar un breque* é sacudir a unha persoa que un previamente agarrou polas solapas ("Dinlle un breque

[8] Véxase un estudo referido a Navia de Suarna (GONZÁLEZ: 2011).

[9] Aínda que no seu momento as normas de mercado esixiron establece-la denominación en castelán (http://www.mieldegalicia.org), a marca comercial é a antiga galega: *Mel de Galicia*.

[10] O mesmo Aníbal Otero explica que en Rizal (Alfoz) significa "ollos claros, garzos" e que en Tapia, preto de Castropol, *meco* é o que é estrábico ou, como tamén se di en Moraña (43210), que *ten un ollo que mira para onte e outro para mañán*.

pró lado, e logo outro pró outro") (20405); e *facer breques* é "facer eses, setes ou ciszás. ("...A arcea] é mala de matar, porque cando o cazador vai camiñando polo campo, ergue-se-lle dos seus pés de sutaque...e sai moi lixeira voando, aletexando e brequeando ou facendo breques...no ar en todas as direicións...") (24002,266).

2.1.7. *Ollo de boi mariño* [1762-1772] (§ 2206) Al *bucinum* llaman los gallegos *bucio* y *boi mariño*. Así como el caracol de tierra tiene en la boca una membranita que le sirve de cubierta y de defensa, la misma tienen los *caramuxos* y otros caracoles de mar. Hay un *bucio* cuya cubierta no es una membrana, sino un hueso por el lado exterior, del color de la concha, y por donde toca a la carne de un fino color purpúreo. Es de la figura, magnitud y grosor de una buena haba. Por fuera es lisa como una tapa de caracol, con un dibujo de espiral; y por dentro, un semejante dibujo con la espiral en relieve y de un color encarnado subido de púrpura, interverado de un fondo de color muy blanco. (§ 2207) Muertos esos animales, quedan en los arenales, o salen ellos con los embates del mar, esos huesos, tapas, o tapabocas, de los *bois*. Tiene ese testáceo tres nombres **[278v]** latinos en Anselmo Boot, que escribió *Historia gemmarum et lapidum*: primero, *Umbilicus marinus*; segundo, *Umbilicus veneris*; tercero, *Oculus marinus*. En gallego se llama *ollo de boi mariño*. Se cogen muchos o se recogen en los arenales de las rías de Galicia, y yo tengo algunos. El citado Boot (que en latín se llama *Boetius*), pone en la página 352 la pintura y virtudes de ese ombligo u ojo marino. El citado Boot le hace específico para restañar la sangre. Añade que las francesas tienen ese hueso por secreto para moderar su inmoderado flujo de sangre, mas dice que si ese hueso se moja con saliva por la superficie llana y se pega a la frente, restañará cualquiera erupción de sangre. (§ 2208) Siendo tan comunes en Galicia esos *ollos de boi mariño*, no puedo excusar referir aquí las virtudes que le atribuye monsieur Lemery. Es ese hueso —dice— aperitivo, resolutivo, alcalino, desecativo, para mover la orina, para quitar las obstrucciones, para dulcificar los humores crasos, para contener las hemorroides, para detener el curso de vientre. La dosis de sus **[279r]** polvos bebidos en licor proporcionado es desde medio escrúpulo hasta dos escrúpulos. A vista de esto, se podrán escabechar los *Oculi cancrorum*, los polvos de perlas y otros alcalinos absorbentes de las boticas. Estoy firme en que si esos mixtos se traen a Madrid y se dice que vienen a toda costa de la China, y que allí, por ser tan hermosos, se usan para botones, tendrán buen despacho. En Galicia se hacen botonaduras para las chupas, y las mujeres podrán formar cada día nuevos dijes de ellos, o engarzados en una gargantilla con lo purpúreo hacia afuera o engastados como se hace con algunas piedras preciosas, ciertas o falsas. (SARMI-660:2206-2208; Monteagudo: 2, 181-182).

Ollo de boi é unha metáfora fértil en galego e moi ben documentada, como ollo saltón, que parece que sae da súa órbita; como ventá pequena de forma redonda ou redondeada; como cada un dos dous ocos da roda do carro, cando son redondos; denomina tamén varias plantas como o pampullo, o crisantemo, a manzanilla, o narciso (BENAVENTE 2010: 1329-1330). Pero ó que aquí se refire Sarmiento é ó opérculo calizo de forma oval do gasterópodo Astraea rugosa L que é *ollo de boi mar* (CUVEI225). (CARRÉ-4). (CRESPO:3,385). (VAZVA-GEG23048); *Ollo de boi do mar* (RIOS2071). *Ollo de boi mar* (RIOS:2,071). (IRMAN:193). (VALLA-7:410). *Ollo de boi mariño* (CRESPO:3,385). (IRMAN:193). *Ollo de boi vidal* (CORNIDE:341). (VALLA-7:410). (CUVEI:225). (RISCO15). (IRMAN:193). (CRESPO:3,385). (VAZVA-GEG23:048). (RIOS:2,071). *Ollo de boival* (CRESPO:3,242).

2.1.8. *Ratos d'almizcre.* [1755] (§ 2466) Ráto de almizcle. Es ratón pequeño que anda en los muros viejos cuyo excremento huele mucho. Haylos en Pontevedra. (SARMI-6:428).

[1762-1772] No sé si son comunes en España los ratones de almizcle pero sé que en Pontevedra me destetaron con la expresión gallega *ratos dalmizcre*. La muralla que la villa tiene al norte, y la cual baña el mar dos veces al día, sirve de cerca a la huerta de los padres jesuitas, y dentro de ella entra el mar en mareas vivas sin que por eso deje de ser amenísima esa huerta. En los agujeros, pues, de esa muralla andaban los *ratos de almizcle*. Allí concurrían los muchachos, no tanto a buscar y coger los ratones cuanto a recoger su hienda o excremento, pues eran otros tantos granos de almizcle que o traían en cajas o sembraban entre las hojas de los libros por razón de su subido y suave olor. (SARMI-660:2466; Monteagudo:2, 243).

TFG: *Aguaneyro* Adj. De Ribadavia, que se dice del *Rato de agoa*. Cast. "Rata". (SOBREIRA:115) *AGOADANA*. [...] Se conoce también por esta voz al rato do almizcle o agoana. (GOG-GEG:01,138). *Rato do almiscle*: Nombre gallego del Galemys pirenaicus, mamífero insectívoro acuático de la familia de los tálpidos, conocido en castellano como almizclera o desmán de los Pirineos" (BERMU:26,086). *Rato do almiscle.* Pequeno mamífero insectívoro acuático, de fuciño prolongado en forma de espátula e corpo parecido ó do musaraño. (IRINDO:3,175).

2.1.9. *O señore de [Moymenta] / **o ricachón de** [Moymenta] / **o señore** [*del lugar]*. [1762-1772] (§ 519) No reparo en que se llame uno de esos señores don Pedro si tiene ese tratamiento. Pero lo ridículo consiste en que, si es el más rico de tal lugar, Tardajos, verbigracia, o Moimenta, o Caga Boy na Fonte (nombre de lugares en Galicia), se llame *o señore de Moymenta*. Esto para que se crea que es señor del dicho lugar, con señorío tal, como si fuere el señor de Los Cameros, siendo, a todo reventar, un pobre hombre, *nudius tertius*; y que con estafas al Rey, al público y con las usurpaciones de los comunes y de los pastos del lugar, se hizo un rico avariento, mirando con vilipendio a los demás como si fuesen lázaros o lazarillos, y cargándolos de lacerías por todos modos. Llámese, como en Campos, con nombre despreciativo *o ricachón de Moymenta*. Sobre esto debían los curas instruir a sus feligreses, para que no tengan ni llamen *o señore del lugar*, sino al que verdaderamente lo fuere. (SARMI-660:519).

TFG. Non figura.

Comentario. O carácter ridiculizador desa denominación *señor de* [11] pervive en denominacións que xa vimos (ó comentarmos *fidalgo do Cabo de Boa Esperanza*) e neste caso podémoslle engadir *señor de onte para acá*, porque esta locución non pon o acento na falta real de riqueza senón na falta de prosapia [12] (RISCO-N:112,67) e tamén *señor de palla* ou *señor de palla de centeo* que tamén aluden a un falso señorío, e que son imaxes probablemente creadas a partir dos bonecos de palla que se utilizan como espantallos ou como entroidos: *Dígame vosté, siñor se me fay mercé, se n'houbera inferno seria Dios un siñor de veras ou un siñor de palla? Seria un siñor de quen fan algun caso os homes, ou un siñor de quen ninguen teria conta, nin faria caso, un siñor de quen todos se reirian?* (GARRO:054). *Que farian, que pensaran, que dirían s'estuveran certos e seguros que n'hay inferno nin quen tal dixo? Terían entonces conta ningunha, farían caso do que mandase Dios? Non seria ese Siñor un verdadeiro siñor de palla?*

[11] Non sempre é ridiculizador. Lémbrese aquela cantiga que lle cantaron os veciños a Marcial Valladares, señor de Vilancosta: *O señor de Vilancosta /soilo a ela ten apego; /vive entre seus labradores, /hónrase de ser galego*. (VALLA-6:67).

[12] Escribía Vicente Risco na súa descrición *Da Alemaña* en 1933 que a xente respecta instintivamente a superioridade do sangue, pero que non respecta a superioridade do diñeiro que *pol-o geral, alrita e alporiza á gente, cuio instinto revólvese de contra contra dos señores improvisados, contra dos novos ricos, contra dos que non eran ninguén, e somentes por teren ganado cartos se convirten logo en persoas. O noso pobo galego ten para iles unha espresión despeitiva caraiterística; "señores d'onte pr'acá". En todos lados, a sátira asáñase co-iles. Por algo é isto* (Ibidem).

(GARRO:055). *N'é certo que nostro Siñor non sería un siñor verdadeiro, que sería un siñor de bulra, un siñor de palla de centeo?* (GARRO:055). A riqueza adoita estimula-la insolidariedade, porque nunca parece suficiente e, en consecuencia, non mingua a ambición. Por iso di o refrán: *Si te casas con un ricachón non lle mires o corazón.* (TABOA-2). *Amigo de ricachón ou can ou cabrón.* (TABOA-2:). Finalmente, *Moimenta* é topónimo galego que designa dúas parroquias (no Campo Lameiro e en Lalín) e seis lugares (en Boiro, Celanova, Cualedro, Vilardevós, A Estrada e Silleda): a máis próxima á Pontevedra de Sarmiento é a parroquia do Campo Lameiro.

2.1.10. ***Trasacordo do galego.*** [1762-1772] (§ 5168) Esta prenda característica de los rústicos gallegos tiene nombre proprio y muy apropriado, y se llama *o trasacordo do galego*. Una vez que el gallego haya acordado, por ser ya acuchillado algunas veces de uno, el ser cauto con él, no le pegará otra, aunque le ofrezca un Potosí: *Timeo Danaos, et dona ferentes* [13], dice Virgilio. Y para decir lo mismo un gallego, se explica con más concisión y gracia con esta expresión: "***Non che creo, que eres garda***". Esta prudentísima cautela que usan los gallegos la deben observar especialmente cuando viven fuera de Galicia. Es cosa execrable ver y oír lo que en Castilla se aja, se insulta, se escarnece y se piensa ridiculizar el nombre gallego; y no hay vejación ni extorsión que no hagan a los gallegos rústicos que vienen a trabajar los rústicos y bárbaros ociosos que ven insultada su *inertia* y apoltronada ociosidad. (SARMI-660:5168; Monteagudo:4, 168).

TFG *Ter un trasacordo* (XERAIS-2:748. XERAIS-2:457). *Vir o trasacordo* (RODGO-3:422. FRANCO839). *Non hai mellor acordo, có trasacordo* (23911:319) (MAREVA:10). *Non hai mellor acordo có do trasacordo* (RODGO-1:046; GEG:01104). *Nunca hai acordo com'o trasacordo*. (CARRA-4:220708. CARU:30111888). *Nunca foi o acordo mellor có trasacordo* (RODGO-1:046.GEG01104) (VSACO:772,20661). *Nunca hai o acordo com'o trasacordo*. (SACO1225. SACO2319) (VSACO:772,20661). *Non se ha de facer acordo sen pensar no trasacordo* (RODGO-1:046). *¡Si o gallego tivera o acordo, como ten o trasacordo!* (SACO2327). *O gallego se tivera o acordo como o trasacordo, non había quen o fastidiara.* (21002). *Se o galego tivera o acordo como o trasacordo, non había quen o mandara á merda*. (ORTELLE).

Comentario. *Non se ha facer acordo sen pensar no trasacordo,* significa que no debe adoptarse un acuerdo sin meditarlo y pensarlo bien o sin consultarlo con la almohada, para no tener despues que arrepentirse (RODGO-1:046). *Ter un trasacordo*: Trasacordo é a revisión dun acordo ou determinación que se adoptou, un volverse atrás no camiño andado para percorrelo por outra vía ou doutra maneira. Cando xa tiña decidida unha cousa e despois cambia de opinión, se alguén llo bota en cara, o galego pode dar por suficiente esta explicación: *Tiven un trasacordo.* E basta. Visto desde fóra, [...] este volverse atrás vai ser percibido como non manter a palabra. Dito con outro estereotipo: *o galego é pouco de fiar*. E, sen embargo, se estamos atentos, podemos caer na conta de que este cambiar de opinión é algo que con frecuencia fai non só na relacións cos outros, senón incluso cando ten que tomar en solitario unha decisión. O trasacordo non ten que ver tanto coa fidelidade canto coa falta de seguridade na opción escollida. Hai ducias de expresións que reforzan esta inseguridade nas opcións que veño comentando: *Por se acaso, Polo si ou polo non, Se cadra, Nunca se sabe, Demo non digas...* Desta inseguridade radical en que o galego se move xorde unha práctica que aos ollos dos defensores do *si* ou *non* non pode ser calificada máis que como ambigua. O refraneiro [...] parece confirmar o diagnóstico: *Bo é ter un amigo ata no inferno. Hai que poñer unha vela a Deus e outra ao demo. Cando o demo veña á túa porta, non lla peches; entórnalla. Porque a Deus aprecies, ao demo non desprecies.* (GONDAR-5:48-49).

[13] "Téñolles medo ós dánaos, mesmo cando fan agasallos"

2.1.11. ***Rayo*, *fillo do trovon, capitán da roxa espada.*** [1762-1772] (§ 5204) Mascate tenía unas grandes y antiguas trincheras entre dos montañuelas, que las hacían impenetrables. No obstante, Albuquerque las acometió por tres partes. Él por el medio y Juan da Nova por un lado, al fin las forzaron. Tomaron la villa, la saquearon y la quemaron. En este sitio, pues, de Mascate, se apareció visiblemente Santiago, y el grande Albuquerque no halló entre sus capitanes sino al gallego Juan da Nova, cuyo valor, brío y brazo pudiese equivocarse con el de Santiago. Si el dicho Nova hubiese sido portugués, no hubieran omitido la sirena del Camoens y Faria el jacarear bien esta noticia de Castañeda, y hubieran enfadado con el entusiasmo ridículo de que cada capitán portugués era un Santiago Apóstol, armado de punta en blanco, un boanerges; o a la gallega, *rayo*, *fillo do trovon, capitán da roxa espada.* (SARMIENTO-660:5204, Monteagudo 4, 175).

TFG. Non figura.

Comentario. Sorprende esta cita en galego, porque, aínda que Compostela e a súa catedral son a cerna de Galicia, o epicentro da súa cultura medieval e o seu máximo referente internacional actual, dende varios séculos antes do tempo no que escribe o P. Sarmiento, o Santiago militar (non o Santiago peregrino e apóstolo) está ligado en Galicia maiormente á expresión en castelán. Posiblemente a única referencia (e non entusiasta) ó Santiago militar sexa esta cantiga popular: *Ben cho dixen, Catuxiña,/ que non foses a Santiago,/ que te habías de asustar/ de ver o Santo a cabalo.*

2. 2. Locucións

2.2.1. ***¿A como vai*** **[unha mercadoría]?** [1762-1772] (§ 2006) Siendo yo **[199r]** muchacho, había en Pontevedra un singular modo de vender las sardinas en la plaza. Porque noté el año de 755 que ya pocos tenían memoria de aquel modo de contar, quiero explicarle aquí. Las sardinas no se contaban una a una, sino de cuatro en cuatro, y porque cada cuatro sardinas juntas ocupaban una mano, llamaban a cada cuaternión de sardinas una mano; y en gallego vulgar, *hum-ha man*; y en plural, *tantas mans*. Es precisa esta prevención para que todos entiendan lo que diré. (§ 2007) Cuando una aldeana preguntaba a otra *¿a como van as sardiñas na praza?*, le respondía: "*Catro mans a branca, tres mans a branca*", etc. Mil veces oí estas respuestas. Querían decir que daban cuatro *mans* de sardinas, o dieciséis sardinas, por una blanca, treinta y dos por un maravedí, sesenta y cuatro por un ochavo, y ciento veintiocho sardinas por un cuarto. Si eran tres *mans,* daban doce por una blanca, y si eran cinco, daban veinte, o ciento sesenta sardinas por un cuarto. Y esto en la plaza pública y que acababan de salir de las redes. Este baratillo era común en otras rías, no **[199v]** diariamente, sino en tales ocasiones de abundancia. El contar por blancas, o *brancas,* aún hoy se usa entre aldeanas hablando del precio del cuartillo de vino: *"¿A como vai o viño?"* —oí preguntar. Y oí la respuesta: "*A 20 brancas",* y no dirán a diez maravedís. Esto viene de cuando se contaba por blancas. (SARMIENTO-660:5204, Monteagudo 2, 135-136).

TFG: Está perfectamente viva a locución interrogativa *¿a canto vai [unha mercadoría]?* e a afirmativa *vai a tanto [diñeiro]:* é, aínda hoxe, a forma normal de preguntar e de responder nun mercado polo prezo de algo, porque nos mercados as mercadorías varían de prezo dun día para outro. Hai sesenta anos a sardiña e outro peixe miúdo aínda se vendía *por mans* (polas que cabían nunha man); e por unha determinada cantidade de diñeiro, daban unha ou varias mans de sardiñas ou xurelos. Algúns produtos aínda se seguen vendendo así: os pementos de Herbón danse nunha saca ou bulsa que leva *25 mans* de catro pementos, é dicir un cento deles. Tamén os ovos van por ducias. Pero a homoxeneización disciplinar do mercado, estableceu un medidor máis obxectivo: o peso. Agora mércase medio quilo, un quilo ou varios quilos dun

produto; e, cando se compra un determinado peixe sen preguntar polo prezo, as balanzas electrónicas, establecen o prezo exacto con indicación dos céntimos en función do peso exacto dese peixe que se adquire. O vender a sardiña *por mans* está practicamente desaparecido.

2.2.2.1. ***Ser un laverco.*** [1762-1772] En Galicia es común decir de un páparo [14] y muy rústico "es un *laverco*". Esto alude al pescado *laverco*, que es (386v.) el sábalo cuando es totalmente insípido, inútil y que ya ninguno le come. Lo que se llama *zancado* en los salmones se llama en los sábalos *laverco*. Traje este símil por la semejanza de *laverco* con *alberco*, pues sé muy bien que *alberca* es arábigo y significa "estanque" y *laverco* es gótico y que alude a la *cugujada*, que en gótico y en gallego se llama *laverca*. (SARMI-660: 4291; Monteagudo:3, 212).

2.2.2.2. [1755] *Laverco y laverca*. Llaman así en Pontevedra a un pez como salmón. Es más delgado y largo. Su carne es blanca y de inferior gusto a la del salmón. No es el zancado, pues viene al tiempo de los salmones. Aquí en el río Lérez, se cogieron a 20 de marzo [de 1755], de una sola redada ocho salmones y ocho lavercos o lavercas, y comí de uno y otro. Aquí llaman lavercos a los hombres tagarotes y rústicos (y también labancos). Es creíble que aluda al dicho pez y no al pájaro *laverca* o *cugujada* (SARMI-6:428,211).

TFG. Actualmente a locución *ser un laverco* está viva pero con valores diferentes e, polo que se ve, contrarios ós que Sarmiento lle dá, porque hoxe non se refire a un peixe (samborca ou sable de inferior calidade) senón a un paxaro. *Parecer unha laverca.* Dise da muller delgada, lixeira e viva de xenio. Tamén se pode dicir dunha res femia. (21914). *Te-los ollos coma unha laverca.* Ter ollos vivos. "Os pequeniños cando os destapan e miran con ollos moi vivos, téñenos coma unha laverca". (43220). *Rubia coma unha laverca.* A laverca (Alauda arvensis) ten a cabeza, lombo e ás de color parda roxiza, con pintas en carreiros máis ou menos escuras; o peito tamén, pero sempre máis claro có resto. "Puxo a imaxe da virxe da Soedá, unha imaxe pequena, rubiña, como unha laberca". (NOVOA:163). "Ela, unha rapariga rubiña e xeitosa como unha laberca, bulía de eiquí pra alá" (NOVOA162). ¡*Adeus*, *laverca*! Fórmula de despedida a persoa cantareira. "...Rodrigo...dicíalle sorrindo: '*Adeus, laverca',* aludindo ó aficionada que era Taresa a cantar...". (LOPFE3:193). *Ser coma unha laverca* Dise dunha nena ou moza cando é moi lista. (24204). *Ser un laverca.* Ser listo, agudo. (FRANCO569). *Ser un laverco de boa conta.* Ser un senvergoña. "Nada che sei, mais si zicaes o fan rubir, ben merecido ch'o terá, pois segun din, é un laverco de boa conta". (TIOMA:7.10.1876)[15]. "Nin garelo de Betanzos, nin rillote de Santiago, a casi casi nin graxo de Ourense, chegaban, no tocante a trasnadas, xunto aquel laverco de Crispín" (PERZPLA3:503). [...] como hai moitos animais que actúan como pillos podemos cualificar con eses nomes ás persoas [...] denominación de grileiro ou a expresión é coma un grilo para se referir a un pillo, nin tampouco a de laberco ou laverca (GARGO-9:914). *Ser unha laverca.* Ser un hipócrita. (33602).

Comentario. Como dixemos, a comparanza de Sarmiento parece localizarse na Pontevedra de 1755 e ten como referente un peixe cando xa non está en comida e, quizais por iso, significaba un "páparo y muy rústico". Para Ríos Panisse é probablemente *Salmo trutta trutta (L.)* (RIOS:

[14] *Páparo*: Aldeano u hombre del campo, simple e ignorante, que de cualquier cosa que ve, para él extraordinaria, se queda admirado y pasmado (DRAE).

[15] Hay algus *labercos* que se fan os xordos e non soltan as cadelas que me deben nin pol-os ollos d'a cara. Teño mais de millenta soscritores, e cando menos a metá, fai seis meses que non me diron un carto, anque deben saber que o papel e a tinta e outras cousas meudas non-as dan de valde. O que dende aiqui o dia de feira non pague o que debe, deixo de visitalo sin mais compremento pois de valde andan os cas e mais tíranlles cantazos, *moito ollo*. (TIOMA:22.9.1876).

1977,252). En cambio o paxaro laverca (Alauda arvensis) é ave [16] que vive en dunas, cultivos e baldíos, que aniña no chan, pero que voa baixo, ascendendo en espiral, deixándose ver e sobre todo escoitar, cun canto longo e moi sonoro [17] (canto do que hai na Rede moitas gravacións [18]) e mesmo parece que cun certo exhibicionismo. E, cando remata de cantar, descende ó chan en vertical. O feito de non ser animal que viva nas cidades (*arvensis* quere dicir "de campo") é o único que pode empalmar co concepto de "rústico". Avelina Valladares descríbea así: *A montesa laverquiña, /Suspendida no aire estribillando* [19]. Pero ese voar e cantar longamente e exhibíndose é o que xustifica a actual acepción de "Moi espelido, moi falador e que se mete en todo" que dá o DRAG e eses outros significados figurados de "persoa lixeira, viva de xenio, de ollos vivos; persoa lista e aguda ou descarada e carente de vergoña, que predomina no TFG. Hai outras aves coma o pardal ou a pomba que non son máis discretos pero, por eses misterios da creación fraseolóxica, non chegaron a converterse en paradigmas do descaro coma a laverca [20].

2.2.3.1. ***Ter pan e porco.*** [1762-1772] (§ 1677) En Galicia sucederá eso pocas veces porque allí ni hay grandes rebaños de cabras, ni de ganado vacuno, ovejuno, caballar y mular, ni hay grandes piaras de cerdos. Y, con todo eso, el todo del Reino de Galicia abunda infinito de todos aquellos ganados, porque abunda de infinitos que tienen poco de cada uno. (§ 1678) Para ponderar que un labrador **[67v]** gallego lo pasa bien, se dice de él que *ten pan e porco* para todo el año. (SARMI-660:1677-8; Monteagudo: 2,54).

2.2.3.2.*Ter pan e porco.* [1762-1772]*... duas tantum res anxius optat, panem, et circenses*. La expresion: *panem, et circenses*: corresponde al dicho español de muchas provincias, aficionadas á toros; quando apetecen *pan y toros*. Este dicho no corre en Galicia; sinò otro mejor que dice, *pan è porco*; como que es feliz el que alli tiene pan, è porco; entendiendo por el pan, el alimento diario; como Christo nos enseña: panem nostum quotidianum da nobis hodie. (SARMI-660:6894).

2.2.3.2. ***Ter pan e porco e carro ferrado.*** [1762-1772] Cuatro clases resultan de labradores. La primera, de los que tienen tierras propias cuantas por sí mismos pueden trabajar en un año y criar el ganado solo proporcionado a sus tierras. De estos se dice en Galicia que tienen *pan e porco e carro ferrado*. La segunda es de los labradores que, no teniendo tierras proprias, cultivan las ajenas en arriendo y a renta. La tercera es de los

[16] http://www.google.es/search?q=alauda+arvensis&hl=es&rlz=1T4ACPW_esES376ES388&prmd=imvns&tbm=isch&tbo=u&source=univ&sa=X&ei=HDPuT6XsII-DhQf5loGGDQ&ved=0CFMQsAQ&biw=1024&bih=594

[17] http://www.youtube.com/watch?v=dklyS-eR0Qohttp://www.youtube.com/watch?feature=endscreen&NR=1&v=s4uDd8iF_aE

[18] http://www.xeno-canto.org/species/Alauda-arvensis

[19] *Cucos, chascos, bubelas, anduriñas, /Gaios, patos, maceiros e ruliñas, /Paspallás, carniceiras, gorrións. /O sirín e o pardillo atrás non quedan. /Do xilguero namoran os gorxeos, /Co aqueles seus graciosos contoneos /Mirando, xa pr ' aquí, xa pr ' acolá. /E, a seu cabo, a montesa laverquiña, /Suspendida no aire estribillando, /Vai seus cantos tamén repinicando, /Sin celos conocer, nin vanidá. /Aquí ònse de noite en todos sitios /Resonantes atruxos, cantinelas: /Son os mozos que van prás espadelas /Coas mozas ó serán paliquear*. (VALLADARES-Avelina 2000:96).

[20] O veterinario Pedro Benavente, a quen debemos esta información, tennos dito que lle produce intriga esta arbitraria atribución de características psicolóxicas humanas ós animais: que a laverca se considere descarada pero o pardal e a pomba non; ou que o cabalo sexa prototipo de nobreza mentres o burro éo de falta de intelixencia; e de cal será nesta humanización a responsabilidade de pintores e literatos coma Esopo, Fedro, Molière ou Samaniego cando pensamos en que ó burro lle soou a frauta por casualidade.

labradores que, por no tener tierras bastantes proprias ni ajenas para trabajar todo el año, son jornaleros y mercenarios para vivir y comer, alquilando su sudor para la agricultura. (65r) La cuarta es de los caseros, que sin tener tierras ni proprias ni ajenas y sin ser jornaleros determinados cultivan las caserías, quintas o granjas ajenas por sí mismos. Este empleo era, entre los romanos, el del *villicus*—es error creer que *villa* significaba lo que hoy: *villa* significaba solo una casa de campo o granja (SARMI-660: 3530; Monteagudo: 3,48).

TFG. Pervive, polo menos, no Morrazo (véxase páxina 279,36). Figura implícito no refrán *Veciño de pan e porco, el con fartura e ti sen conforto* (RODGO:3,406; MOREI1:142).

Comentario. Só no mundo rural pervive esta locución, que parece expresa-la máxima ambición dun estoico labrego galego (comida e ferramenta para traballar) e que para Sarmiento é o equivalente de *Pan y toros* e do latino *Panem et circenses.* O máis próximo sería este refrán: *Ó ano torto, horto; ó torto torto, cabra e horto; e ó torto retorto, cabra, horto e porco* (RODGO:1,178). Perviven os seus elementos fragmentados en dous refráns: *Veciño de pan e porco, el con fartura e ti sen conforto.* (RODGO-3:406). (MOREI1:142). O segundo elemento está noutro refrán *En Domaio non entra nen fidalgo a cabalo nen carro ferrado*. (SARMI-7:377,433v). (LOREN7052).

2.2.3.3. ***Ter pan vello.*** [1762-1772] (§ 555) Del vecindario de Galicia se deben calcular tres clases. Primera, de los mayorazgos. Segunda, de los labradores ricos. Tercera, de los labradores pobres. Jamás se deben confundir unos con otros. Es expresión de Galicia decir de un labrador rico *aínda ten pan vello*. Esto es, que los granos de su cosecha alcanzan a la cosecha nueva. También se usa esta otra: *ten pan e porco*. Esto es, que tiene pan y tocino para comer en todo el año. Al contrario, todos los que no tienen ni pan ni tocino sino para unos pocos de meses, esos son los pobres labradores gallegos que piden singular atención y que deben hacer clase aparte para la Única Contribución. A esos se les debe contemplar y privilegiar para que no desamparen la agricultura y el inútil, infeliz y penoso trabajo de no pasar jamás de azacanes y jornaleros (SARMI-660: 3530; Monteagudo:1, 127).

TFG *Pan vello* literalmente é pan reseso, seco, duro. Por iso di o refrán que *Pan vello fame é* (LEIRAS3-10,1893,638). (VSACO:664,17678), porque, cando hai fame, un come o que sexa *(A boa fame non hai broa dura ~ pan reseso ~pan duro)*. Pero *pan* tamén era o centeo, é dicir, o cereal aínda sen moer, de xeito que *ter pan vello*, tal como di Sarmiento, é ter aínda na ucha cereal dispoñible da anada anterior, cando na veiga xa está a medrar ou mesmo a madura-lo cereal deste ano. Deste xeito o *pan vello* convértese en símbolo de "aforros" e de "recursos económicos".

Comentario. Desprazado o centeo polo millo, hoxe dise máis *millo vello* por "aforros; calquera tipo de recursos que se foron administrando e que aínda están dispoñibles*"* (44002)*,* de xeito que *ter millo vello no canastro* (44002) ou *haber millo vello no hórreo* (42416, 0736) ou *haber millo vello na cabana* (43220) significa "Ter reservas [de algo indispensable] e despreocuparse; vivir de rendas". E isto pódese aplicar a diversas situacións, coma ter diñeiro os pais, para axudaren os fillos a empezaren a vida cando casan (44002) ou ter oído xa unha persoa moitas misas e considerarse eximido de ter que seguir practicando (43210) ou levar un xogador tal vantaxe no xogo, que se pode permitir perder unha ou varias mans sen perde-la posibilidade da vitoria final: *Vou gañándolle 28 a 19, e imos a 30. -Tes millo vello, ¿eh?"*.(40909, 0736). *Mira que mal está a xogar o Madrid. Non fai nada por gañar o partido. Claro, como ten millo vello no canastro...*".(40108, 0736).

2.2.4. ***Ve o algueiro en ollo alleo e non o ve no seu.*** [1755]. S.V. Algueiro. Significa festuca, átomo, arestica, etc., que cae en los ojos, y de esta voz se usa en el adagio: *Vé o algueiro en ollo alleo é non ó vé nó seu*. (SARMI-6:316,107r).

[1762-1772] Es muy cierto que si por la averiguación, en virtud del interrogatorio, se suma el número de los que, no-nacidos en España, son la carcoma de ella, y se calcula el total de los doblones que los pueblos escotan para sustentarlos con fausto, vanidad y esplendidez (y aun para que en sus países nativos triunfen sus parientes), aturdirá el número de bocas y el número de millones. A dos renglones se podría reducir, y en un naipe, ese cálculo, y uno y otro se debía imprimir en la Guía de Forasteros, para que todos abriesen los ojos y pudiesen reconvenir a cualquiera de los proyectistas de la moda con lo que Cristo dijo a los fariseos: *"Eiice primum trabem de oculo tuo; et tunc videbis eiicere festucam de oculo fratris tui*"[21] (SARMI-660:4687; Monteagudo:4, 59).

TFG. *Vémo-la palla no ollo de outro e non vémo-la viga no noso*. (RODGO-3:073). (VSACO:243, 5869). *Ver a palla no ollo alleo e non ver a viga no propio*. (RODGO-3:047). (VSACO:243, 5870). *Ver no ollo do veciño a palla e non ver no teu a tranca*. (10911). *Ves no ollo do veciño a palla e non ves no teu a tranca*. (RODGO-3:047). (VSACO:243, 5871). *Cada un ve a palla no ollo do seu viciño.* Refrán bíblico contra murmuradores y maldicientes. (VSACO:266, 6558). (CARRA-4:040608). *Cada un ve a palla no ollo do seu veciño e non ve a viga no propio.* (RODGO-3:073). *Hai quen ve a palla no teu e non ve o argueiro no seu*. (VSACO:266, 6558). *Hai quen ve o argueiro no teu e non ve a palla no seu*. (VSACO:266, 6558). *Ves a palla no ollo alleo e non ves a viga no teu*. (VSACO:266, 6558). *Hai quen ve a palla no teu e non ve o argueiro no seu*. (RIELO:219,384). *Vese a palla no ollo do veciño e non se ve a viga no propio* (17330).

Comentario. Esta locución (que tamén se usa con estrutura de refrán) é forma romance dun texto bíblico, dos evanxeos de Mateo e Lucas: *¿Por qué reparas no lixo que hai no ollo de teu irmán e non te decatas da trabe que hai no teu?* (Mt 7, 3 e Lc. 6, 41). Para Sarmiento *algueiro* é unha cousa pequenísima, un lixo. Para contrastar cos refráns galegos de hoxe do TFG, suliñámo-los elementos da comparación: *palla, argueiro, viga, tranca*. Como se ve, hoxe a comparación establécese entre cousas de máis volume: entre a *palla* (elemento máis pequeno) e a *viga* ou a *tranca* (elemento maior). Un par de veces a compranza é entre *o argueiro* (pequeno) e *a palla* (grande). As equivalencias modernas comparan *argueiro* ou *palla* con *viga* ou con *tranca*, que son de máis volume. Só Rielo recolle en 1972 en Carballedo (Lugo) unha inversa: o defecto de máis volume (*palla*) no interlocutor e o de menos (*argueiro*) no propio; e non cremos que o recollese mal, porque ademais de brillante etnógrafo era tamén sacerdote e tiña ben presente a locución bíblica. Pero cómpre reparar en que a forma que recolle Sarmiento non fala de tamaños senón só de que un mesmo defecto pequeno vémolo nos outros pero non o vemos en nós mesmos. É un importante matiz.

2. 3. Fórmulas

2.3.1. ***Como dixo o outro.*** [1762-1772] Es muy frecuente entre los gallegos rústicos y aldeanos, que son los que conservan la lengua pura, repetir cuando conversan *"Como dixo ô outro*". Entonces ensartan y embanastan dos o tres refranes gallegos, como Sancho Panza los embanastaba castellanos. (SARMI-660:5742; Monteagudo:4, 304).

TFG. Perfectamente viva e con esa mesma función de introducir refráns ou calquera outro fraseoloxismo.

2.3.2. ***Non che creo, que eres garda.*** Ver *trasacordo do galego* (2.1.8.).

2.3.3. ***Rapadiño do cou cou, pasou polo río e non se mollou.*** [1770] Bluteau con Duarte Núñez, y otros, que cita Covarrubias, dijeron que *rapaz* era voz arábiga (eso es un garrafal desatino), otros que viene del latín *rapax* (esto es muy verosímil), otros que

[21] "Tira primeiro a trabe do teu ollo e daquela verás saí-la palla do ollo do teu irmán" (Mateo 7, 5: Cf. Lucas, 6, 42).

viene del latín *rapere* (en ese caso sería mejor del frecuentativo *reptare*), otros dirían que viene de *rapar*, pues los rapaces, por imberbes, parece que siempre andan rapados. A eso viene bien la voz rapagón y la voz *rapariga*. Siendo yo de poca edad oí repetidas veces llamar al que (505v.) era niño con esta expresión: *Rapadiño do côu côu passôu polo rio e no se mollôu*. (SARMI-7:419-420; 505r-505v).

TFG. O máis parecido é esta fórmula que se lles di ós rapaces que veñen do barbeiro co pelo rapado: *Crou crou ¿quen te rapou que sin pelo te deixou?* (RODGO-1:682).

Comentario. Obsérvese que a forma que recolle Sarmiento (*cou cou*) modificouse no actual *crou crou.*

2.3.4. *¡Vamos a ley, vamos a ley, vamos a ley!* [1762-1772] Reflexiono en que aquel libro de las leyes que estaba sobre la mesa del vicariato [22] de España era un códice aforrado con un cuero de color verde, como se dice en la página 97 del dicho libro *Notitia dignitatum*[23]: "*Abacus alba mappa instratus, qui librum viridi corio tectum sustinet, ut in aliis vicariis*" [24]. De esto sospecho que vienen las expresiones castellanas *recurrir al*

[22] Non se debe pensar que o *vicariato* é unha institución eclesiástica. Sarmiento cita con precisión o nome do *vicario*, que era un alto funcionario imperial que dirixía a administración civil (non militar) dunha *diocese*; e esta tampouco era un distrito eclesiástico, senón civil: toda a Península Ibérica era con Diocleciano (284-305) unha diocese dependente da prefectura das Galias. O libro de leis e a mesa son as que aparecen na iconografía.

[23] Sarmiento está citando, probablemente, a páxina 97 da edición feita por Panciroli en 1623 que se pode ver en [http://books.google.es/books?id=b1NCAAAAcAAJ&pg=RA1-PA91&lpg=RA1-PA91&dq=%22qui+librum+viridi+corio+tectum%22&source=bl&ots=qMzFA91zYT&sig=-VWxcIlM3Osp HPjlw BOY5ZWkf2w&hl=es&sa=X&ei=mrsOUJaQBK6A0AWX44CgBw&ved=0CCAQ6AEwAA#v=onepage&q=%22qui%20librum%20viridi%20corio%20tectum%22&f=false] [24.5.1012]. A *Notitia Dignitatum* é un extenso documento administrativo romano, de final do século IV e principio do V, que describe tódolos cargos civís e militares que tiña o Imperio Romano tanto en Oriente coma en Occidente (de aí o título que significa "Descripción de Cargos Públicos") e que contiña ilustracións que as posteriores edicións tentaron reproducir con máis ou menos aproximación. Aínda que os especialistas matizan cuestións de detalle, parece aceptado que das sete provincias que tiña Hispania só as tres que aparecen na ilustración (Baetica, Lusitania e Callaecia) eran consulares, é dicir, gobernadas por persoas nomeadas directamente polo emperador; e que a Callaecia tiña nada menos que cinco destacamentos militares: unha lexión (en León) e catro cohortes (en *Paetaonio* -Rosillos de Vidriales-; *Ad cohortem Gallicam* -?-; *Lucus* -Lugo-; e en *Brigantia-Iuliobriga* -¿preto do nacemento do Ebro? As provincias represéntanse no gráfico da *Notitia Dignitatum* sempre como mulleres con coroas e unha aureola semellante á dos santos, levando unha bandexa acugulada do que parecen moedas que quizais simbolizan o tributo que pagaban a Roma. O que importa para o comentario deste fraseoloxismo de Sarmiento é que un dos símbolos deses Vicarios (da Bética, de Lusitania e de Callecia) era –como se traduce na nota seguinte - precisamente un libro (un códice) colocado sobre un aparador, cuberto cun mantel branco, encadernado en pel verde e que contén o que corresponde á responsabilidade deste Vicario ou Delegado Imperial. En definitiva, o *libro verde* contiña a lexislación da época, era *a lei*. Hai unha edición feita en Basilea en 1552 que ten as ilustracións a color e no caso de Hispania o libro está encadernado precisamente en coiro verde, cousa que non acontece noutras provincias do imperio [http://books.google.es/books?id=BphJAAAAcAAJ&pg=PT181&lpg=PT181&dq=BETICAE.LVSITANIAE.GALLECIAE&source=bl&ots=kXq9x_nVcE&sig=hb2I1Fk7T-9uALdjoDlY4QM-lrA&hl=es&sa=X&ei=lkJYUPuVNorNhAfX7YCIBw&ved=0CDMQ6AEwAA#v=onepage&q=BETICAE.LVSITANIAE.GALLECIAE&f=false]. [18.4.2012].

[24] "As insignias do Vicario das Hispanias son dous Príncipes que se abrazan. Un aparador, cuberto cun mantel branco, que sostén un libro encadernado en coiro verde, como xa se dixo falando doutros Vicarios. Este códice contén o que corresponde á responsabilidade deste Vicario". Suliñámo-lo fragmento que traduce as palabras latinas que cita Sarmiento.

libro verde, al becerro y que *tal ley está in viridi observancia* [25]. En Galicia es muy usado cuando un rústico porfía con otro el repetir *"Vamos a ley, vamos a ley, vamos a ley",* esto es, veamos qué dice el códice de las leyes o de nuestros fueros, el cual estaría en lugar público de la ciudad y aforrado acaso en cuero (277v.) becerrillo de color verde. (SARMI-660:6718).

Notitia dignitatum (Google books). [http://books.google.es/books?id=b1NCAAAAcAAJ&pg=RA1-PA91&lpg=RA1-PA91&dq= %22qui+librum+viridi+corio+tectum%22&source=bl&ots=qMzFA91zYT&sig=-VWxclIM3Osp HPjlw BO Y5ZWkf2w&hl=es&sa=X&ei=mrsOUJaQBK6A0AWX44CgBw&ved=0CCAQ6AEwAA#v=onepage&q=%22qui%20librum%20viridi%20corio%20tectum%22&f=false] [15/06/2012].

[25] En plena vixencia legal.

TFG. Non figura pero quizais algo estea aínda latente na locución *ir ó libro* ("ter que dar moitas voltas para conseguir algo": *Para verte a ti hai que ir ó libro*) (41712). Contra 1950 en Compostela cando os rapaces enredabamos na rúa, maiormente ás bolas, se un contrincante cometía unha infracción, o outro xogador berraba *¡Arremítome!*, e isto funcionaba como apelación ás normas non escritas pero sagradas do xogo, coma quen di "Remítome ás normas": e esa simple apelación provocaba un fulgurante exame do caso por tódolos xogadores, chegándose a un acordo que frecuentemente invalidaba a pretensión do xogador infractor. Aquel *¡Arremítome!* era o equivalente de *¡Vámos á lei!* que cita Sarmiento, por máis que as normas do xogo infantil non estivesen escritas en libro ningún pero si ben presentes na memoria colectiva. Supoñemos que debe de ser algo semellante a aquel *Vamos a contas* que usaba Lamas Carvajal *"...estou, en fin, o que se di feito unha lástema, e todo ¿por qué? vamos a contas, teño mais de millenta soscritores..."*(TIOMA:1.4.1877).

As únicas cousas relativamente próximas son *Falar coma un libro* ou *coma un libro aberto* ("expresarse de maneira clara, contundente e inapelable") e *poñer unha persoa no libro verde*: "Tenerla presente para tomar una determinación contra ella, si algún día se hiciese necesario esa medida" (RODGO-2:532).

COMENTARIO. En época pouco anterior a Sarmiento, Baltasar Gracián (1647) [26] e o *Diccionario de Autoridades* da RAE (1734) [27] usan *libro verde* cun significado relativamente vago. Sarmiento, en cambio, cunha erudición que sempre sorprende, vai á raíz da expresión que el encontra na *Notitia dignitatum* e interprétao como o libro ou mellor códice, encadernado en pel de color verde e solemnemente gardado que contén a lexislación vixente. A encadernación en pel verde (que el encontra en copias de documentos moi antigos e moi valiosos nas mellores bibliotecas) parécelle probable que se mantivese para os libros desta importancia xurídica e que de aí nacese o dito.

Dito todo isto, resulta curioso que en galego o *verde* poida aparecer nalgúns fraseoloxismos como indicativo de "alegal": *casar na igrexa verde* significa "ter vida matrimonial dúas persoas sen estaren legalmente casadas".

2. 4. Frases proverbiais

2.4.1. ***Cavar, cavar, para enterrar.*** [1755] Ralo. Ave nocturna de mal agüero. Y también en Pontevedra llaman ó *pájaro da morte*; y creo que <es> el carabo de Castilla. Dícese *canta: cavar, cavar, para enterrar*. Así se cree que pronostica muerte o a lo menos mudanza de tiempo. (SARMI-6:263).

[1762-1772] 4.2. Las mujeres, niños y no pocos supersticiosos suponen que hay una ave nocturna cuyo canto o aullido es muy funesto en la casa en donde aúlla. Llámase *ralo* y *pájaro da morte* en Galicia. Allí se cree que chilla: *"Cavar, cavar para enterrar*". A un riojano oí que en su país se llama ese pájaro cárabo. Sin duda que es la úlula, strix y noiteboa. En la página 233 del tomo de Espinar, tiene por cuarta diferencia de lechuza al

[26] *No ser libro verde*. Señal de tener gastada la fama propia es cuidar de la infamia ajena: querrían algunos con las manchas de los otros disimular si no lavar las suyas; o se consuelan, que es el consuelo de los necios. Huéleles mal la boca a éstos, que son los albañares de las inmundicias civiles. En estas materias, el que más escarba más se enloda; pocos se escapan de algún achaque original, o al derecho o al través. No son conocidas las faltas en los poco conocidos: huya el atento de ser registro de infamias, que es ser un aborrecido padrón, y, aunque vivo, desalmado. (GRACIÁN, Baltasar (1647): *Oráculo manual y arte de prudencia*. CXXV. Citado polo CORDE. RAE. [Emilio Blanco, Turner (Madrid), 1995].

[27] "El que contiene las cosas particulares de un País, y especialmente de los linàges dél, y lo que cada uno tiene de bueno ò malo. Figuradamente llaman assi à la persóna dedicada à semejantes noticias".

cárabo o autillo. Y Funes asienta que el autillo es la úlula y que el pájaro que vocea "cavar, cavar" es el caprimulgo (SARMI-660:1901; Monteagudo 2, 108).

TFG. Non figura

Comentario. O máis parecido é *Andar, andar, e o corpo para enterrar,* recollido como refrán por Eladio Rodríguez (RODGO-1:169)[28] e posteriormente clasificado como expresión do concepto "Morte inevitable" (FERRO 1987:7161), porque ignorábamos que esa fora no séc. XVIII a voz do paxaro da morte. Semellantes no concepto son *Andar, andar, e o corpo pra enterrar. Andar, andar e ó fin morrer, Andar, andar, e ó cabo espichar. Andar, andar e caír no mar* (e mesmo o fatalista *Nadar, nadar e ó cabo afogar)* aínda que non consta que esas frases sexan a presunta voz do paxaro da morte.

Tratemos agora de identifica-lo tal paxaro da morte. O cárabo que cita Sarmiento é o que en Galicia actualmente se coñece como *avelaiona* (Strix aluco) e os ornitólogos din que o seu son *é uu uu, u-u-u* (PENAS 1991:194, 223). Pero non todo o mundo identifica este *páxaro da morte* co mesmo animal. Sarmiento, que menta esta ave tamén en 263 e en 298, identifica o *páxaro da morte* co ralo e co cárabo[29]. Cuveiro, en cambio, identíficao en 1876 coa curuxa[30]; opinión que en 1992 recolle Gondar: *"Di que é o paxaro da morte a curuxa, eu empecei a coller unha depresión terrible. E agora non sei, estou decaída, desmoralizada, non teño ganas de facer nada"* (GONDAR-4:183). Pero Valladares identifícao co moucho (*buho*) e di que canta así: "*huiu, huhu, bahu, puhu*"[31]. Obsérvese o parecido desa onomatopea coa que ofrecía Sarmiento cen anos antes. Tamén o identifican co moucho Eladio Rodríguez[32], Franco Grande (moucho mediano) e Rivas Quintas (este di que en Beluso o identifican co moucho e que é unha das aves de mal agoiro (RIVAS-2:108). Enriquez Salido di que no Grove o identifican co moucho (Athene noctua) (42213:118). *O dicionario das Irmandades* identifícao co Syrmium aluco (IRMAN061). Carré, en

[28] Aparece posteriormente citado na *Gran Enciclopedia Gallega* (2, 83) e en MAREVA:57.

[29] Asimismo, la voz *cárabos* significa el escarabajo, el cangrejo y una especie de barca de mimbres aforrada de cuero. Y de ese género de barco *cárabus,* se originó la voz gallega *carabela,* por navío. Y la voz *carabela*, en cuanto significa aquella cesta en que los padres envían todos los sábados a sus hijos aldeanos, que estudian la gramática en los padres jesuitas de Pontevedra, los alimentos precisos. Y siendo cierto que la voz *cárabo* también significa aquel lúgubre y nocturno pajarote al cual en Galicia llaman *ralo* y *paxaro da morte*; sin duda que por lo feo y abominable que es el escarabajo se llamaría *cárabo* el mismo pajarote (SARMI-7:233).

[30] *Strix alula*: Dan este nombre á la lechuza y á toda ave nocturna, especialmente al cárabo ó autillo, que se diferencia de aquella en ser algo mayor, de color oscuro, con manchas blancas, y en tener las plumas remeras casi blancas é iguales. *Strix alula*. Tambien se llama *ralo* por su graznido triste. (CUVEI:232).

[31] *Paxaro d'a morte Strix buho*: Cárabo, ó Buho grande; ave indígena de España y perteneciente al órden de las de rapiña, o rapaces nocturnas. Tiene como pié y medio de alto; color, rojo-negro; ojos, grandes, colocados hácia delante; pico, corvo, calzado de plumas y dos penachos de estas, alzadas sobre la cabeza, figurando orejas. Mírasele vulgarmente como mensajero de la muerte y las personas supersticiosas que pierden algun amigo, o pariente, se acuerdan siempre de haber oido el grito del Buho. Su presencia, segun Plinio, presagia la esterilidad. Su huevo, comido, en tortilla, cura la borrachera. Témese su canto, pórque no se oye sino de noche y, si alguna vez se le ve sobre la casa de un moribundo, es por atraerle el olor cadavérico, ó por el silencio que en ella reina. El Buho, sin embargo, es tenido como buen presagio, si se refugia á un palomar. Los antiguos francos condenaban á una fuerte multa á cualquiera que matase, ó robase, un Buho refugiado en el palomar de su vecino. Respecto de las virtudes de esta ave, existió, entre otras vulgares creencias, la de que, puesto su corazon y su pié derecho sobre una persona dormida, relataba al momento lo que habia hecho y contestaba á cuantas preguntas se le hacían. Su grito, que hace resonar en el silencio de la noche, es *huiu, huhu, bahu, puhu*. (VALLA-7:419-420).

[32] *Paxaro da morte*, autillo, cárabo o buho grande, ave indígena de España, que pertenece a las de rapiña nocturnas. Tiénelo el vulgo por mensajero de la muerte, y las personas supersticiosas creen que su canto o grito anuncia el fallecimiento de una persona conocida. Dió y da lugar a muchas creencias inverosímiles; témese su canto lúgubre porque sólo se oye por la noche; y sin embargo es ave tenida como buen presagio si se refugia en un palomar. (RODGO-3:105).

cambio, xa explicita que designa aves diferentes[33]; cousa que tamén testifican González Reboredo[34] e, para o Grove, Enriquez Salido (xa que no Grove tamén designa o corvo, Corvus corax); en Vilar de Ortelle (Pantón) din que é o paxaro que lle anuncia a morte a alguén (*cun piar tristón, picando na ventá onde dorme, estando na cima da casa*) pero que, por derivación, tamén se aplica a aquela persoa que anda sempre anunciando mala sorte (ORTELLE) [35]. En definitiva, o refrán de Sarmiento (*cavar, cavar, para enterrar*) dista moito das onomatopeas que ofrecen Valladares (*huiu, huhu, bahu, puhu*) e os modernos ornitólogos (*uu uu, u-u-u*) e, polo tanto, este refrán prosopopeico debe ter orixe nun relato perdido de literatura oral.

2.4.2. ***Fágamelo vostede con as perniñas largas, que o quero para tecelán.*** [1762-1772] Así como el Rey no hace verídicos, justos, económicos, doctos ni virtuosos, sino que los debe suponer tales para el acierto de la elección, con más razón el padre de empleo perpetuo que engendra un hijo no puede afianzar que será apto para el empleo, y más si es mayorazgo, o como ridiculizan algunos, *mayorasno*, por la analogía de *trago* y *trasno*. Permítase un chiste idéntico, aunque no del todo muy honesto. Una tejedora gallega que estaba en congreso con un hombre, le suplicaba que le engendrase el hijo con esta gallega expresión: *"Fágamelo vostede con as perniñas largas, que o quero para tecelán"*. Al tejedor llaman *tecelán* los gallegos. Si fuese heredera de algún oficio de pluma diría: "*Con las uñas largas, que le quiero para escribano*". Lo mismo se podrá aplicar a otro de los oficios de arriba que sean perpetuos y hereditarios (SARMI-660:4003; Monteagudo:3, 152).

TFG. Frase proverbial que non figura no TFG.

Comentario. As costureiras tullían as pernas, de traballaren sentadas no chan; os teceláns e as tecelás, en cambio, tíñanas sempre en movemento [36]. A Sarmiento resúltalle moi actual e suxestiva esa frase proverbial do tempo del e mesmo a desautomatiza para recreala. Algunhas cantigas populares, aínda que en contexto moi diferente, presentan ideas algo parecidas, coma estas que dini: *Ábreme a porta, María, /se non vouche polas tellas; /teño o fillo comenzado /voulle facer as orellas* (FRAGU:4,003).

2.4.3. ***Manda o rey que joeiren, que peneiren, que amasen, que se abracen.*** [1762-1772] (§ 4877) Lo mismo me ha sucedido a mí, aun sin salir de la lengua gallega que he mamado. Pondré aquí el caso, que aunque alude a mi niñez, espero que será muy instructivo para gallegos, castellanos y portugueses cargados de letras y de barbas. Siendo yo niño, había un juego de niños y se reducía a ponerse en círculo un número de niños, pero siempre nones. Venía a parar en que se abrazase uno con otro, y el que no hallaba con quien abrazarse, por ser nones, ese perdía. Para eso tenían cuatro expresiones. La primera decía así: *Manda o rey, cuxueiren*. De este modo, y

[33] *Paxaro da morte* "Paxaro s.m. Pájaro. Nombre común a todas las aves de los paserincos. -*Paxaro abelleiro*. Abejaruco. -*Paxaro da morte*, lechuza y más generalmente el cárabo o autillo. V. Curuxa." (CARRÉ-4:585).

[34] "Con el nombre de animales, como *perra peregrina* o *paxaro da morte*, se designan, en Galicia, algunos entes en cuya definición no hay acuerdo unánime" (GONRE: 21,104).

[35] Información que debemos ó etnógrafo, fraseólogo e párroco de Vilar de Ortelle Xosé Val Val.

[36] No cantigueiro popular galego fálase das pernas tullidas, delgadas ou torcidas da costureira: *Costureira, no-na quero; tecelana, xa m'a dan; /teñen as pernas tullidas /d'estar á carón d'o chan.* (PERZBA1148). (CABAN-4:550). (LIS1360). *Costureira non a quero, / tecelana non ma dan; / teñen as pernas delgadas / de estar de carón do chan.*(23911:037). *Costureira non a quero, /tecelana xa ma dan, /teñen as pernas torcidas /de estar a carón do chan.* (COTA3023). *Amores da costureira /non as queiras meu irmán /que tén as pernas tulleitas d'andar arrastro do chan*.(SCHU:1,2,117f). *A pulga é tecelana, /o piollo faill'as canelas; /válgate mil diablos, pulga, /casi che treman as pernas* (BLADO:3378).

pronunciando la *x* sibilante, a la gallega, pronunciábamos esa voz efesia, *cuxueiren*. Puesto después en Madrid, y acordándome de la palabra *cuxueiren*, jamás pude penetrar su significado, y menos su origen. (§ 4878) Pasé muchos años después a Galicia. Pregunté allí a algunos gallegos, literatos y advertidos que nunca habían salido del reino, si se acordaban del dicho juego de los niños, que comenzaba: "Manda o rey cuxueiren". Dijeron que sí. Pregunteles: "¿Y qué significa *cuxueiren*?" Respondieron que no lo sabían, ni aun por conjetura. Y así me quedé tan ignorante como antes. Por acaso, oí después a una rústica gallega que usó de la voz *xoeira*, o *joeyra*. Díjome que era una como *criba* con que se limpiaba el trigo del *joyo*, y que a eso llamaban *joeirar*. Al punto descubrí el hilo para poner aquí el discurso que dije sería instructivo. De vuelta a Madrid quise ver en el padre Bluteau si había pasado de Galicia a Portugal aquella voz, y de hecho trae *joyo*, *joeyra* y *joeyrar*. La voz *joyo* la pone en el contexto, pero no en los diez tomos de su *Vocabulario*, o porque se olvidó o porque no sabía lo que era, ni su latín puro. (§ 4879) La voz *lolium*, de pura latinidad, significa en gallego 'el joyo', y en castellano 'joyo' —con jota fuerte—, en la Rioja *lluego* (de *lolio*), en griego *aera*, y en griego, latín y castellano, *zizaña*. Es la planta que nace entre los trigos, por corrupción, y cuyo grano, mezclado con el trigo o centeno, hace la harina de malas cualidades. Por eso es preciso *joeyrar* el grano con la *joeyra*, para expelerle el *joyo*. El cribo con que los romanos separaban el *lolium*, o joyo, se llama en Columela (libro VIII, capítulo 5) *cribro loliario*, y al otro, con que separaban las alverjas, o alverjana (creo que mejor sería *arverjana*, de *ervilium*), le llama *cribro viciario*, del latín *vicia* —que hoy se conserva en Galicia en la voz *veza* y *guiza*. (§ 4880) Dice Columela, del siglo de Augusto, que así que nazcan los pollitos de gallina se pongan sobre un cribo, y que allí se sahúmen con poleo, para que no padezcan la pepita, o pituita: "*Cribro viciario, vel etiam loliario, qui iam fuerit in usu, pulli superponantur. Deinde surculis pulei, fumigentur. Ea res videtur prohibere pituitam* [de aquí la pipita] *quae celerrime teneros interficit*". No sé si las mujeres usan de este remedio precautorio. Yo usaría de él, y poco se perdería en sahumar a los niños recién nacidos con el poleo, por si acaso el humor pituitoso concurre para excitar en los niños la alferecía. (§ 4881) Voy ya al juego de *cuxueiren*. Diríase en el principio *Manda o rey, que joeyren*, y esto se corrompió en *cu-joeiren*, o con la analogía, *qu'joeyren*. Esta es la primera expresión que vocea el de en medio, y que repiten los niños del círculo. La segunda es *Que peneiren*, la tercera *Que amasen*, y la última *Que se abracen*. En esto hay el orden de separar el joyo, separar los salvados y amasar la harina. El verbo *peneyrar* no tiene dificultad, pero no todos saben el origen de la voz *peneyra*, que es el instrumento, o sedazo, con que se cierne la harina. Digo que el origen es de pura latinidad. *Pollis, pollinis*, que según Vosio viene de *pollen*, significa 'la flor de la harina', y el instrumento que sirve para eso se llama *pollinare cribrum*. Y a imitación de *loliaria*, *joeyra*, se formó *pollinaria*, *peneyra*; y de esta el verbo *peneyrar*. Verbigracia, de *pollinaria*, perdida la *l*, por analogía, *poinaria*, *penaria* y *peneira*. Y del mismo *polline*, *polienta* en castellano. (§ 4882) Noten aquí los gallegos lo que se encierra de latín aun en el vulgar de sus niños. Noten los castellanos el origen de su *polienta*. Y note el portugués, con su Bluteau, que el latín de joeyra no es *ventilabrum*, sino *cribrum loliarium*, de pura latinidad. A este tenor podría poner aquí otros muchos ejemplos instructivos, pero no quiero molestar aquí con los materiales que tengo y podrían servir para un glosario gallego-latino, castellano y portugués sin necesitar de libros impresos sino para impugnarlos. Aquí solo hablo de la república de los niños. (SARMI-660:4877-4881; Monteagudo:4, 106-107).

TFG. Non figura.

2.4.4. ***Unta por defora, ome, unta por defora*** [1762]. Un pobre gallego, enfermo en el hospital. Solo tenía un doblón de oro, que por lo mismo, y porque no se lo hurtasen, lo tenía siempre guardado en la mano, cerrado el puño. Habiendo llegado al extremo de que ya era preciso *olearlo* [37], le dijo el presbítero que abriese la mano y la extendiese. Preguntóle el pobre gallego: *"E iso para que é?"*. Díjole el sacerdote: "Para ungirte y untarte la palma de la mano, que esta es la extremaunción". Respondióle el gallego: *"Unta por defora, ome, unta por defora"*. Esa respuesta enfática, *unta por defora*, se debe traer a mano, siempre que a uno le quieran embocar *dentro* del cuerpo, un *almodrote*, que no se sabe de que se formó. Al tal se le dirá: *"Unta por defora, ome, unta por defora"*. (SARMI-SEYXEBRA:143v-144r; PENSADO 1978:144-145).

TFG. Non figura.

Comentario. Obsérvese como Sarmiento suxire a conveniencia da repetición da frase esencial desa anécdota, para que se convirta en frase proverbial. O feito indica que el entende a fraseoloxía como algo activo, non como un elemento inerte e cadra coa súa frecuente desautomatización de fraseoloxismos, da que veremos algún exemplo en 3.3.1. e en 3.3.3.

2. 5 Refráns

2.5.1. ***A cabeza do budión ante ti a pon.*** [1755]. Merlón. En el Ferrol lo que en Pontevedra *budión*. Adagio: *a cabeza do budión* (o *merlon*) *ante ti* (220v.) *a pon*. Pescado delicado. (SARMI-6:439).

TFG. *A cabeza do budión diante de ti a pon; e a da boga diante da túa sogra* (RODGO-1:417). *A cabeza do budión diante de ti a pon, e a da boga diante de túa sogra*. (GONPE:030). *Come a cabeza do budión e a da boga dalla a túa sogra.* (GONPE:030).

2.5.2. ***A cabeza do merlón ante ti a pon***. [1755].

TFG. *A cabeza do merlón diante de ti a pon; e a da boga diante da túa sogra* (RODGO-2:616). *A cabeza do merlón diante de ti a pon, e a da boga diante de túa sogra*. Variante: *ante*. (GONPE:030).

2.5.3. ***A quem en mayo come sardiña, en agosto lle pica a espiña.*** [1762-1772] Las sardinas salen del norte por primavera, vienen en ejércitos hasta los mares de Galicia y viene toda la cría, esto es, sardinitas especulativas, y se divisan por mayo, cuando no solo no son comestibles, sino que también son dañosas según otro adagio portugués: *Quem quizer mal a sua veziña, delles en mayo hum a sardiña*. Y este otro: *A quem en mayo come sardiña, en agosto lle pica a espiña*. San Juan hasta septiembre, es la más delicada sazón de las sardinas que llaman *joubas* o jóvenes. Desde septiembre hasta San Martín [38]ya son más crecidas y toman la sal. Por santa Catalina [39] están en toda su sazón y se salan para la Cuaresma, quitadas las cabezas; o con cabezas y todo se hacen los arenques de humo. Esto dura hasta acabar el año. Si algunas se pescan en enero, que son pocas, se llaman xaneirentas, y que ya no tienen sazón. En febrero, marzo y abril apenas se ve sardina alguna, hasta que por mayo venga la nueva cría (SARMI-660:1991; Monteagudo:2, 132). **Véxase** ***Quem quizer mal a sua veziña, delles en mayo hum a sardiña pequeniña*** (2.5.13).

[37] Administrarlle os santos óleos (sacramento da Extremaunción).
[38] 11 de novembro.
[39] 25 de novembro.

TFG. *Quen en maio come a sardiña, en agosto lle pica a espiña*.(VSACO:499, 12938). *O que en abril come sardiña, inda en agosto lle pica a espiña*. (RODGO-3:318). *O que en abril come sardiña aínda en agosto lle pica a espiña*. (GONPE:036). *Ó que en abril come sardiña, aínda en agosto pícalle a espiña.* (LEMABOU07).

Comentario. A explicación que ofrece Sarmiento da migración da sardiña dende o Mar do Norte é moi popular (mesmo entre mariñeiros) pero os especialistas hoxe din que a sardiña non é migratoria no senso de desprazarse dunhas zonas a outras (do norte ó sur ou do sur ó norte), senón das zonas profundas (en inverno, en augas de 150 m de profundidade) a zonas superficiais (no verán, por riba dos 50 m de profundidade), e que fan esta "ascensión" en función da temperatura da auga: comezan a xurdir na costa hispana coa primavera e as últimas xorden nas costas inglesas xa ó final do verán. Esta aparición gradual foi a base da crenza nunha migración de sur a norte. A sardiña é animal planctónico, é dicir, come plancto, e é co aumento de temperaturas cando aumenta o plancto no mar. E a máis comida, máis peixe comendo plancto: a explosión da vida e o momento de reproducirse.

Por outra banda, este refrán, coma outros que veremos en 2.5.4. e en 2.5.13, é un pouco hiperbólico. As sardiñas de maio poden ser máis pequenas ou menos sabedoras cás de san Xoán pero comestibles sono como demostran as estatísticas das lonxas [40].

Hai un segundo aspecto que merece ser comentado: a sardiña nova ou xouba vai medrando no verán e Sarmiento di que entre setembro e novembro salgábana sen cabeza para utilizala na seguinte Coresma e que, co mesmo obxectivo, afumaban con cabeza os arenques. Aínda que a redacción é algo confusa e en 2.5.5. veremos que el mesmo chega a falar de *sardinas arenques,* hoxe distínguense as sardiñas que se salgan (Sardina pinchardus) e os arenques que se afuman (Clupea harengus), aínda que sexan dous xéneros da mesma familia das Clupeidae: a sardiña ten opérculos estriados (no arenque son lisos), a aleta dorsal nace por diante da metade do corpo (no arenque na metade posterior do corpo: deste xeito, se collemos unha sardiña pola aleta dorsal bascula cara atrás e, se collemos un arenque, bascula cara adiante), e ten unha quilla prominente e marcada, que non ten o arenque. A confusión de chamarlle *sardiñas* ós peixes desa familia, tanto salgados como afumados, tamén está en dicionarios do século XX (DRAG-1 s.v. "arenque"; RODGO-1 s.v. "arenque"). Agradecemos esta información a Pedro Benavente Jareño.

2.5.4. ***Cando fores a Nocedo, leva pan no teu capelo.*** [1762-1772] No cité sino antiguos adagios que juntó el Marqués de Santillana. De las colecciones posteriores se podrán escoger infinitos ejemplos, y cualquiera los podrá combinar con todo género de verso vulgar. En la colección de Juan de Malara [41] hay el adagio o refrán gallego que dice **"***Cando fores a Nocedo, leva pan no teu capelo"* que contiene dos versos de ocho sílabas. Siento mucho el que no haya una copiosa colección impresa de los proverbios, adagios y refranes gallegos. Es muy frecuente entre los gallegos rústicos y aldeanos, que son los que conservan la lengua pura, repetir cuando conversan "*Como dixo ô outro*". Entonces ensartan y embanastan dos o tres refranes gallegos, como sancho Panza los embanastaba castellanos (SARMI-660: 5742; Monteagudo:4, 304).

TFG. *Cuando fueres a Nucedo, leva o pan no capelo* (TABOA-2:77).

[40] A escaseza de sardiña no inverno e a aparición en primavera e máximos en verán e outono vese claramente nas estatísticas de Pesca de Galicia (http://www.pescadegalicia.com). As vendas nas lonxas (que non representan exactamente as capturas pero son o único dato obxectivo que temos) chegan a supera-lo millón e medio de toneladas entre xuño e outubro, e non chegan ó medio millón de toneladas entre decembro e abril; novembro e maio dan cifras intermedias.

[41] Juan de Malara († 1571). Sarmiento di *Malara*; non *Mal Lara*, como hoxe citan moitos. Pero xa en 1627 Gonzalo Correas dubidaba: "No le entendió Malara o Mal Lara".

Comentario. Taboada Chivite anotou ese refrán pero di expresamente que non o colle da tradición oral senón que o copia de Gabriel Mª Vergara, que quizais coñeceu a cita de Juan de Malara [42]. Aínda que o vocalismo átono galego pode explica-la variación *Nucedo* > *Nocedo*, o certo é que o actual Nomenclátor de Galicia non recolle ningún lugar de nome *Nucedo* e si, en cambio, tres lugares (e tamén parroquia) que se chaman *Nocedo,* tal como di Sarmiento: San Lourenzo de Nocedo (en Quiroga) e San Cibrao de Nocedo (concello dos Blancos); e aínda queda outra, San Salvador de Nocedo do Val (no Castrelo do Val): a primeira é de Lugo e as dúas seguintes de Ourense. Non sabemos a cal delas se referiría o refrán e non tanto pola escaseza do pan, canto porque o refrán o que fustiga é o carácter pouco hospitalario que daquela terían os veciños do tal Nocedo. Non encontramos Nocedo nin no refraneiro nin no cantigueiro popular. O que si hai no refraneiro actual son refráns paralelos que coa mesma mensaxe mentan outros lugares (Camba, Deza, Zós e Ligonde) e serían estes: *Se vas a Camba leva pan na manga, e se vas a Deza, que non che esqueza.* (210071557). *Si vas a Zós leva pan nos bolsós e cuitelo pró partir que che ha de cumplir.* (MOREI1:119). *Se vas a Ligonde leva pan que abonde e coitelo pra o cortar, que alí non cho han de dar.* (210071558). *Se vas a Ligonde, leva pan que che abonde, coitelo pra o tallar que alí non cho van dar, manteses pra o poñer que alí non chos ha de haber.* (MOREI1:119). *Se vas a Ligonde - leva pan que che abonde; queixo e chorizo - cigarro e viño.* (MAREVA:44). *Se vas algún día a Ligonde, leva pan que che abonde. Mais, se vas ó Apóstolo Sant'iago, leva pan, viño e compango.* (MAREVA06).

2.5.5. ***Cando o trigo é louro, o muge é d'ouro.*** [1762-1772] Cuando yo era niño jamás vi los xorelos sino con la magnitud de una sardina. Juraría desde Madrid que aquella era su magnitud natural. Salí ya de ese error, pues vi que crecían hasta más de un pie de largo. [...]. Después por el otoño, me propusieron si quería comer xorelos [...]. Pusiéronme en la mesa un xorelo asado que tenía casi un pie de largo. Confieso que no he comido cosa más regalada. Quitado el pellejo, con su cerro de espinas, me hallé con medio dedo de gustosísima grosura antes de llegar a la carne. Ahora creeré que el garo era lo que destilaba de esa grosura preparada y que el xorelo en su natural magnitud, es el escombro, o muy parecido a él en todo. Véase aquí como, variando tiempo y magnitud, es un pescado el más despreciable y el más regalado. Lo mismo digo del múgil, que en invierno no vale nada y en verano es tan gustoso que en Pontevedra hay este adagio *Cando o trigo é louro, o muge é d'ouro*. Esto es, que el múgil es de oro cuando el trigo está en sazón de segarse. En virtud de esto, no se puede hacer juicio de un pescado si no se le observa un año entero. (SARMI-660:1976; Monteagudo 2, 128).

TFG. *Cando o trigo é louro, o muxe vale ouro*[43]. (GONPE:032). *Cando o trigo está louro o munxile val un tesouro*. (CARRA-4:260208). *Cando o trigo está louro, val ó mugil ouro*. (SOBREIRA-2). *Cando o trigo está louro, o muxil val ouro*. El desove del múgil, entre mayo y setiembre, coincide con la plena sazón del trigo; y en esa época es cuando aquel es más sabroso. Múxil, var. no registrada en los dicc. gallegos. (VSACO:679-680:18075). *Cando o trigo está louro, o muxo vale ouro*. (RODGO-3:387). *Cando o trigo vai louro, o muxe vale ouro.* (40606) (LEMABOU03). *Cando o trigo vai louro, o muxil val ouro*. (VSACO:679-680:18075). *Cando o trigo vai louro, o muxo val ~ vale ouro*. (GONPE:032). *Cando o trigo vai louro, val o múxil ouro*. (VSACO:679-680:18075). *Cando o trigo vai louro, vale o muxe ouro.* (RODGO-2:548) (GONPE:032). *O muxo val ouro, cando o trigo está louro.* (VSACO:679-680:18078). *O muxo vale ouro, cando o trigo está louro*. (1671073). *O muxo val ouro, cando o val ouro*. (VSACO:679-680:18078). *Vale o muxe ouro, cando o trigo está ~ vai louro*. (GONPE:032).

[42] *Cuando* podería ser galego dialectal basicamente ourensán. Pero *fueres* non é galego e revela unha repetición en boca de persoa non galega.

[43] Variantes: *é ~ está, muxe ~ múxele ~ múxel*.

Comentario. Como se ve, aínda que o refrán está vivo, ningunha das 14 variantes vivas é idéntica á do P. Sarmiento. O muxo é peixe azul e no verán vale ouro. É sabido que o peixe branco está en comida nos meses con erre (setembro-abril) e que o peixe azul está en comida nos meses que non teñen erre (maio-agosto) ou, como di o refrán, *cando o trigo está louro*, porque é cando máis graxa ten. O *muxe* ou *muxo* é *peixe azul*. Tamén é ben sabido que o *peixe azul* (bonito, atún, reo, salmón, sardiña, xarda, xurelo, muxo, anguía, meixón etc.) ten o lombo azul ou verdoso e vive na superficie do mar; nos músculos ten moita graxa (mínimo, 5% do seu peso), que utiliza nos seus grandes desprazamentos; a súa musculatura tén que traballar moito e por iso precisa unha gran irrigación de sangue. En cambio, o peixe branco (reo, faneca, rape, sargo, pescada, linguado, rodaballo, maruca, bacallao, congrio etc.) ten a carne máis branca, ten menos graxa (menos do 2% do peso), vive en augas máis profundas e *está en comida* nos meses *con erre*. O que se di do muxo tamén o di o refraneiro do barbo (GOLPE29) (RODGO-3:387) (VSACO:679, 18063).

É importante que *val ouro* ten no refraneiro galego dous valores antitéticos. O primeiro é que está en comida, ten o seu máximo sabor e máximo tamaño: do barbo hai variantes que din que neses meses *é coma un touro* (GOLPE29) (RODGO-3:387) (VSACO:679, 18063). Pero hai un segundo valor: "é escaso e por iso véndese moi caro" e por este segundo valor aplícaselle curiosamente no mesmo verán (maiormente en xullo) ó peixe branco: *Cando o trigo vai louro, o peixe branco vale ouro.* (13702:111) (21112:026) (43815:164) (GONPE:027).

2.5.6. ***Da muller e da sardiña, a máis pequeniña.*** [1772] (§ 1990) Habrá unos catorce años que en Pontevedra se prepararon dos grandes barricas de sardinas arenques blancos con todo primor. Colocáronse en la barrica en muela o en círculo y se apretaron a torno. Remitiéronse esas barricas a Madrid al ministro de Marina. Gustó tanto de esos arenques que hizo muchos regalos y todos celebraron infinito el nuevo alimento regalado. Es verdad que los *harenques* de Holanda son más corpulentos, al doble que los arenques de Galicia. Eso es a favor de estos según el adagio portugués: *Da muller, e da sardiña, a máis pequeniña*. Hácense allí arenques de humo, pero pocos, pues cada vecino los hace para su consumo en Cuaresma. De eso se infiere que se podrán hacer *harenques* de humo a millares y transportarlos a Castilla de venta. (SARMI-660:1990; Monteagudo 2, 132).

TFG. *A muller e maila sardiña, pequeniña.* (43920). // *A muller, como a sardiña, pequeniña.* (44247). // *A muller e a sardiña, pequeniña* (41816) (13201, 249) (15216) (1671015) (GONPE:034) (LOPTA112) (MOREI2:059) (VALLA-7:397) (CARRA-4:190108) (25003) (A.I.) (Vivero) (VSACO:488, 12698)*;..., pequeniña, pequeniña.* (40204, 72) (GONPE:034) ~ *pequiniña, pequiniña.* (13702, 125);..., *pequeniñas.* (LEMABOU01); //..., *a máis pequeniña.* (TABOA-2:) (21833) (26104) (CARU:08111888) (TABOA-2:) (CARRA-4:190108) (99820030);..., *canto máis pequeniña* (23911:246), (CABANA) (GONPE:034), ;..., *canto máis pequeniña, máis agudiña.* (210070102);..., *canto máis pequeniña, máis bonitiña.* (GONPE:034) ;..., *canto máis pequeniña, máis sabrosiña* (23911:246);..., *canto máis pequeniña, máis xeitosiña.* (40606) (GONPE:034), (43815, 159); //..., *sempre pola máis pequeniña.* (21112:020) //..., *por pequeniña.* (39011) (34005) (39103) (TABOA-2:, Orense) (45012);..., *por piquiniña.* (34003);..., *pola pequeniña* (VSACO:488, 12703)*;...*;..., *pola máis pequeniña.* (12006) (20302) (21112:023). (VSACO:488, 12700);..., *por pequeniña e xeitosiña.* (GONPE:034);..., *por pequeniña, xeitosiña.* (40606) (LEMABOU01);..., *pola máis grosa ~ gorda e máis pequeniña.* (GONPE:034);..., *por máis pequeniña.* (CARRA-4:190108);..., //,... *pequeniña e escanchadiña.* (RODGO-2:660) (MOREI2:059) (VSACO:570, 15037) // ;..., *escolle a máis pequeniña.* (TABOA-2:) //. *queren ser pequeniña.* (GONPE:034). *A muller e a sardiña quérese a máis pequeniña. A muller e a sardiña, pola máis pequeniña* (23911:251) (21112:018) (21112034) (20310, 30);..., *mellor, cuanto máis pequeniña.* (39455359).

A sardiña e a muller, pequeniña. (CAJARA87). *Muller, pequeniña como unha sardiña*. (VSACO:491, 12752)

Razóns: *A sardiña i-a muller, pequeniña, se pode ser, que canto máis pequeniña, millor ten que saber*. (RODGO-3:318) (VSACO:681, 18100). *A sardiña e a muller, pequeniñas se pode ser, que canto máis pequeniñas, mellor teñen que saber*. (GONPE:034). *A sardiña no panel: pequeniña e ben feitiña, así quer se-la muller*. (GONPE:035) (GONPE:093). *A sardiña pequeniña, como salta no panel, pequeniña e ben feitiña así quer ~ debe se-la muller*. (GONPE:035) (GONPE:093). // *A muller amais a sardiña, escóllea pola pequeniña.* (VSACO:488, 12695). *A muller e a sardiña, pola máis pequeniña* (23911:251) (21112:018) (21112:034) (20310:30).

Outras razóns: *A muller e a sardiña, a máis pequeniña - mentres a alta se baixa, a pequena varre a cociña*. (MAREVA:44); *A muller e a sardiña, por pequeniña: mentras a grande se baixa, a pequena varre a casiña*. Ambas ideas recoge la canción popular: "A sardiña pequeniña / como salta no panel; / pequeniña e ben feitiña / así quer ser a muller". (VSACO:488, 12696); *A muller e a sardiña, pola máis pequeniña: mentres a grande se baixa, a pequena varre a cociña*. (21002);..., a pequeniña varre a cociña. Outra variante: a razón aquí é de índole diversa á que se ofrece no anterior. (210070103);..., *mentras a grande se baixa, a pequena varre a casa e coce e amasa*. (VSACO:488, 12697).

Diverxentes: *A muller e a sardiña, pola máis pequeniña, pero non a miña* (23911:251);..., *delgada e pequeniña*. (GONPE:034);..., *gordiña e pequeniña*. (GONPE:034), *A muller e a sardiña, nin da maior nin da máis pequeniña*. (GONPE:034). *;..., a máis pequeniña; dando volta á folla, alta e *golosa*. Ambas ideas recoge la canción popular: *A sardiña pequeniña / como salta no panel; / pequeniña e ben feitiña / así quer ser a muller*. (VSACO:488, 12696).

Comentario. Este refrán, que, referido á muller, quizais represente unha estética hoxe en mutación[44], é un dos que teñen alta frecuencia no TFG (máis de 100 entradas) pero con numerosas variantes. Curiosamente a versión de Sarmiento só a recolle GONPE:035 e aí tamén coa variante *Da muller e da sardiña, nin a maior, nin a máis pequeniña.* (GONPE:035). Hai algunha excepción [45].

2.5.7. ***De longas terras, longas mentiras.*** [1772] (§ 5149) Pero yo me acomodo al dicho portugués: *de longas terras, longas mentiras*. A esos escritores baladrones que mienten sin suelo [46] de sus hazañas en el Oriente, se les debe poner en la portada de sus novelas y libros de caballería el proverbio *hic Rhodus, hic Saltus*. Haced de caso que acá en España está el Oriente. ¿En dónde están esas valentías y fazañas? Si de lo que ha pasado acá en España y Europa (de lo que hay historias fidedignas fundadas con testigos de vista) mienten tan desaforadamente, ¿qué se podrá creer de lo que cuentan han hecho en

[44] Algúns paremiólogos recollen a razón que dan os usuarios: "porque do malo, pouco*"* (41816); "Non todo ten porque ser grande". (44247); "porque, coma as sardiñas, canto máis miúdas, máis substanciosas e sabrosas (36614); "porque as mulleres de pequena estatura son, en cambio laboriosas, espertas, perspicaces ó revés dos homes, que xa sabes que se di que '*Home pequeno, fol de veneno'* (43210); e os portugueses din que *A mulher e a sardinha, quanto maior, mais daninha. Mulher como a franga caiba na manga*. (CARVALHO:1,106)

[45] Nótese que *A sardiña, pequeniña*. (VSACO:488, 12696). *A troita i-a sardiña, pola máis pequeniña.* En cuanto a la trucha, se opone al que dice que *La mentira y la trucha, cuanto mayor, mejor*. Frecuentemente hemos visto preferir la pequeña a la grande. (VSACO:682, 18119) *A mentira i-a troita, canto máis grande, millor se escoita* (VSACO:682, 18116).

[46] Esperaríamos *mentir sin duelo* (mentir sen do, sen medida) pero o certo é que en castelán se rexistra *mentir sin suelo ni duelo*, que en 1851 utilizou José Bartolomé Gallardo en *Zapatazo a zapatilla y a su falso buscapié*, segundo nos informa o CORDE (http://corpus.rae.es)

el Oriente y *sine teste* [47]? Se debían consultar antes lo que han escrito los malayos, malabares, mongoles, persas, mahometanos, etc. (SARMI-660: 5149; Monteagudo 4, 164).

TFG. *De longas vías saen longas mentiras* (RODGO-3:416). *A mentira e o señor, canto máis lonxe, mellor* (23911:287).

2.5.8. ***En Domaio non entra nem fidalgo a cabalo nem carro ferrado.*** [1770]. Poco antes de Domayo, viniendo del poniente, está una cuesta que llaman la Borna [48]. Viene a ser un disforme cúmulo de peñascos unos sobre otros al modo de un montón de nueces. Casi es intransitable para caballerías y carros; así es proverbio que en Domayo no entra "*nem fidalgo á cabalo, nem carro ferrado*". No obstante yo pasé esa Borna en una mula, aunque con mucho trabajo. (SARMI-7:377,433v).

TFG. *En Domaio non entra nen fidalgo a cabalo nen carro ferrado.*(LOREN7052). Sospeitamos que a presenza do refrán de Sarmiento nun traballo de J. Lorenzo sobre o carro é resultado da súa erudición, máis ca de recolleita propia en 1974: de feito el é o único que o recolle. E unha intensa pescuda in situ tampouco o dá como vivo [49]. Pero a idea de lugar inaccesible reaparece no cantigueiro popular como defecto de certos lugares, sen que poidamos certificar que corresponda a unha realidade e que non sexa unha simple invectiva creada sen fundamento polos veciños, porque moi semellante encontrámolo en cantigas populares, constituíndo un exemplo máis da interacción entre o refraneiro popular e o cantigueiro popular. Son estas: *N'aldea de Palavea / non entra carro ferrado, / sinón o de Mantiñán / c'unha porca pol-o rabo.* (PERZBA2062). *Niste lugar de Facós / non entra carro ferrado /se nono trae o Manoel / co burriño polo rabo.* (LOREN21470). *No lugar de Fradalvite / non entra carro ferrado / se nono trai Elisiña / co burriño polo rabo.* (LOREN21496). *No lugar de San Martiño / non entra carro ferrado, / pero entra o Cachapelo / cunha xata polo rabo.* (24402, 0883). *No curro de Carolina / non entra carro pechado; / solo entra Carolina/ co seu porco polo rabo.* (23911:073). *Na aldea da Fontela / non entra carro de toxo / por causa de Rosariña, / que ten o peliño roxo.* (BLADO3655) [50].

2.5.9. ***O ome cordo, ao leme.*** [1762-1772] De esto se debe instruir a los marineros para que por sí mismos puedan hacer la estima o el juicio práctico, *in aestimatione prudentum* de la longitud o distancia y no fiarse de estimas lastimosas de algunos que se meten a estimar sin saber cosa de náutica. En Galicia es adagio de marineros: *Ô ome cordo ao leme —leme* es 'el timón' en gallego. Dice el adagio que el hombre que hubiere en el navío reputado por cuerdo, prudente y juicioso, a ese se le debe encargar que asista

[47] "sen testemuña (que o acredite)".

[48] Debemos a Salvador Otero Castro a información de que a zona da Borna é penedía e, aínda hoxe, bastante difícil de transitar, se se vai monte a través. É o lugar onde está situado o célebre petróglifo da Borna, que parece representar unha embarcación. Pero hoxe hai vías de comunicación por baixo e por riba (a estrada que vai de Rande a Moaña e o corredor do Morrazo) que unen con facilidade os núcleos poboados e que levan ó Golf Domaio e a Chan de Arquiña e a outros lugares interesantes dese monte.

[49] Salvador Castro infórmanos de que unha muller de 55 anos lle dixo que lle parecía lembra-lo uso deste refrán, sendo ela nena, pero cun significado non real senón metafórico: 'que os homes non son de fiar, que fachendean moito co cabalo ou co carro e logo nada', pero esta testemuña, malia presentar o contrarrefrán correspondente referido ás mulleres (*En Domaio nin as flores en mulleres as mellores*), non lle ofrece absoluta confianza porque a nai octoxenaria da informante non lembraba para nada o refrán. A información vén confirmada por unha intensa pescuda entre os veciños da zona feita tamén por Carlos Rúa, Xosefa Martínez, Manuel Pérez Rúa e Jesús de la Torre.

[50] Palavea (San Vicenzo de Elviña, A Coruña), Facós (en San Vicente de Lobeira, Lobeira), Fradalvite (San Trocado de Santa Comba, Lobeira), San Martiño (algún lugar da Terra Cha), O curro da Carolina (probablemente é un lugar imaxinario para unha cantiga ideada en Pantón alusiva á famosísima actriz Carolina, *La Bella Otero*, de nome real Agustina Otero Iglesias: Valga 4.11.1968 - Nice 10.4.1965). Fontela debe ser algún lugar próximo a Pontevedra (en Vigo, Tomiño, Gondomar ou Forcarei).

siempre al timón o *gobernalle*. Asentada la longitud, o distancia cierta y fija, entre dos puertos o dos puntas, es materialidad que esa se ande en poco o en mucho tiempo por causas fortuitas. De Madrid a Toledo hay doce leguas que las ande un galgo o las ande una tortuga, y que el galán que las anda duerma o no duerma en ellas. Escójase, para andar las dichas distancias marítimas, un tiempo oportuno y con previsión de vientos, según lo que ya dije, y serán menores los peligros. (SARMI-660: 2877; Monteagudo: 2, 336).

TFG. Non figura [51].

2.5.10. ***Legua por legua, San Amaro da Portela.*** [1746-1770] Desde la villa [de Pontevedra] a lo alto de la Portèla hay una *legua descomunal* que dio lugar al adagio: *legua por legua, San Amaro dà Portèla.* Esta legua tan larga se divide en un molino y por eso le llaman hoy *ô Moiño da media legua*. Esta legua y en especial hasta ô Moiño es muy amena, y con diferentes caserías y salen a ese camino los lugares Lérez, Alba, Campañó, Curro, Zerponzóns, cinco parroquias. Es regla que la primera legua que sale de los lugares populosos siempre es muy larga, porque no se cuentan los salidos. (SARMI-7:358,403v).

[1757-1762] (674) El adagio gallego *Legua por legua San Amaro da Portela*, alude a que, desde Pontevedra tirando al norte y camino de Santiago, hay una *legua desaforada de larga* hasta llegar a San Amaro da Portèla. El nombre antiguo del terreno es Crescimir (voz sueva). Fundóse la iglesia en un sitio en que había una *silva* o zarza, y se dedicó a San Mamed. Así, esa feligresía se llamó San Mamed da Silva. Fundóse después allí una ermita a San Mauro o San Amaro; y por estar allí una como portilla o *portela*, que hacen dos montezuelos, se llama hoy San Amaro da *Portela.* Esto lo saben todos. El San Mamed da Silva lo saben muchos; pero que aquella *portela* se llama en los instrumentos antiguos *illa Portella de Crescimir,* lo sé yo, porque lo he leído, y lo ignoran muchos (SARMI-4:674).

TFG. Non figura. O único que lembramos é a cantiga popular: *San Amaro d'a Portela/ ten unha pipa ô torno; / qu'as mulleres beban viño, / y os homes beban un corno* (PERZBA2:064).

2.5.11. ***Muller rincheira, ou puta ou peidorreira.*** [1755] Rincheira. Dícese de la mujer que ríe a menudo y descompasadamente. Del verbo rinchar. Hay este refrán: *Muller rincheira ou puta ou peidorreira*. Acaso el *rinchár* será el simple del verbo *relinchar*, mudada la L en R. (SARMI-6:322,111v).

TFG. Aínda que a cita que Sarmiento fai deste refrán non é ideolóxica (e poucos no seu tempo manifestaron tan alta consideración da muller) senón puramente filolóxica, o TFG ofrece tantas variantes, tanta extensión xeográfica e tan recentes anotacións (algunha de 2004), que podemos dicir que segue vivo en toda Galicia o concepto que recolle Sarmiento no século XVIII: a risa ruidosa é algo negativo na muller e o refrán usa o verbo *rinchar* que designa o berro dos cabalos; cando se fala dunha *muller rincheira* non se fala da que simplemente ri, senón da que ri de maneira ruidosa, chamando a atención de todos e ensinando ben os dentes coma os cabalos. O refraneiro cualifica esta risa negativamente con dous adxectivos moi degradantes: *Muller rideira, ou puta ou peideira.* (39011). *Muller reideira ou puta ou peideira.* (TABOA-2:105). (45507). (45739). *Muller rincheira, ou puta ou peideira.* (A alegría da muller –di o refrán- sempre

[51] *Ó leme quen quixer e á escota quen souber*. (GONPE:092). *O xeito quer xeito; e a vela hai que velala; e o ollo ó leme e a escota na man.* (GONPE:095). (VSACO:595, 15756). *Home cordo e boi mallado, pola carrilleira do carro. (*VSACO:436, 11162);..., *por o camiño do carro*. (VSACO:436, 11163*);..., sempre polo camiño do carro*. (VSACO:436, 11164); *Non hai home cordo posto dacabalo*. (VSACO:441, 11313). *Navío sen leme, naufraxio certo*. (GONPE:089). *Muller á vela, marido no leme.* (GONPE:092).

vén de algo malo. Como vemos, case tódolos refráns referidos ás mulleres reflicten a visión misóxina e machista da sociedade tradicional). (38119:108). *Muller riseira, ou puta ou peideira* (21126). (24402:1437). (21112:033).

Pero o refraneiro vai máis alá, porque insinúa que a manifestación de alegría por parte da muller é sempre interesada (polo tanto, arteira), engaiolante e perigosa. Non se di para quen é perigosa, aínda que se supón que o é para o home. *Muller laida, ou puta ou meiga.* ("Laida" significa laimeiro, que fala moi suave, moi lentamente). (27001). *Muller laimeira, ou puta ou meiga.* (21602). *Muller lasmeira, ou puta ou meiga.* (13201, 246). *Muller larmeira ou puta ou meiga.* (42007). (20310, 30). (20301) (45695). *Muller lermeira, ou puta ou meiga.* (FRANCO585). *Muller salameira ou puta ou meiga.* (15327) (11626). *Muller zalameira, ou puta ou meiga. Muller sularmeira, puta ou meiga.* (21002). *Muller prosmeira, ou puta ou meiga.* (11629). *Muller riseira ou puta ou meiga.. Muller riseira, ou puta ou peideira.* (21126). Tamén se dicía que non era boa a muller que ría alto e forte, tiña que falar tamén quediño. Cousas doutros tempos. (Sempre oín 'rindeira'). (35115). (MOREI2:065). *Muller rideira, puta ou meiga.* (210070817). *Muller rideira, ou puta ou casamenteira. Muller riseira, ou puta ou meiga.* Outra variante: *Muller zalameira, /ou puta ou meiga.* (24402, 1398). *Muller refraneira, puta e palanganeira.* (20511040).

A risa non é un tema moi frecuente no refraneiro, que só encontra positiva a risa nos meniños *(Neno que non ri ás sete semanas, ou el é ruín ou ruín é o que mama*) e compensatoria nos vellos (*Xa que podemos, riamos, que non nos ha faltar unha hora en que morramos*): esa é a razón de que recomende gardar das risas prás choras. O refraneiro sempre condena os excesos e por iso di que *A risa demasiada, *señal de cabeza *vana.*

A muller que ri alto e forte descríbese como *rideira, rincheira, riseira* e esa risa asóciase con epítetos que indican actitude conquistadora (*laimeira, lasmeira, larmeira, lermeira, salameira, sularmeira, prosmeira*) e, aínda que se cualifica por veces con epítetos neutros (*casamenteira, paroleira*), son máis abundantes os epítetos degradantes (*peideira, peidorreira*) ou aínda máis agresivos (*meiga, ladra, puta*).

O refraneiro non percibe perigo equivalente na risa do home. ¿Por qué o refraneiro recomenda a moderación da risa para a muller e non para o home? Coidamos que é porque a risa atrae sempre; e, como o refraneiro dá por sentado o encanto natural e espontáneo da muller, entende que a risa multiplica perigosamente ese atractivo feminino e o seu efecto engaiolante. Non detecta o mesmo fenómeno no home. Obviamente nisto hai ideoloxía que, en tempos, pasaba desapercibida.

En calquera caso, no feito de ignora-la risa ou de condenala explicitamente, debe de haber un fondo platónico e monástico: Platón no seu *Filebo* e san Bieito no capítulo 4 da súa *Regula* monástica preceptuaba a contención na risa [52] ; e outro tanto fai no cap. 6 [53] e mais no 7 [54].

[52] *Multum loqui non amare. Verba vana aut risui apta non loqui. Risum multum aut excussum non amare*. "Non ser amigo de falar moito. Non falar parvadas ou cousas que fagan rir. Non ser amigo da risa esaxerada ou provocada (BENEDICTVS: IV).

[53] *Scurrilitates vero vel verba otiosa et risum moventia æterna clusura in omnibus locis damnamus et ad talia eloquia aperire os non permittimus.* "Pero as chocalladas e as palabras ociosas e as que provocan a risa condenámolas en todo lugar a reclusión perpetua e non permitimos que o discípulo abra a boca para semellantes expresións" (BENEDICTVS: VI).

[54] *Decimus humilitatis gradus est, si non sit facilis ac promptus in risu, qui scriptum est: 'Stultus in risu exaltat vocem suam' Undecimus humilitatis gradus est, si cum loquitur monachus, leniter et sine risu, humiliter cum gravitate vel pauca verba et rationabilia loquatur, et non sit clamosus in voce, sicut scriptum est: 'Sapiens verbis innotescit paucis'.* "O décimo grao de humildade é non ser persoa rideira, porque está escrito '*O parvo ri a gargalladas*'. O úndécimo grao de humildade é que un frade fale maino, sen risa, con humildade e seriedade, ou con poucas e asisadas palabras, e sen erguer moito a voz, porque está escrito que *'O sabio faise oír con poucas palabras'"* (BENEDICTVS: VII).

Outra era a idea de Aristóteles, e por iso hai un interesante diálogo entre Guillermo de Baskerville e Jorge, o bibliotecario cego, na novela *Il nome della rosa* de Umberto Eco.

2.5.12. ***Non ay atallo sen traballo nen rodeo sen arrezeo*.** [1755] Arrezéo. Miedo, recelo, etc. Adagio: *non ay atallo sen trabállo nen rodeo sen arrezeo*. (SARMI-6:269,65v).

TFG. *N'hai atallo sen traballo.* (IBAÑEZ XXIX). *Non hai atallo sen traballo.* (10613) (11203) (13702, 117) (17851) (17852) (30620) (43921) (45678) (45703) (CARREA-1: 136) (10005) (10208) (14203) (33903) (33309:142) (34501) (34505:149) (40204:74) (44406) (TABOA-2). *Non hai atallo sin traballo* (23911:357). Hai que ter coidado coas solucións improvisadas. (15103). *Non hai atallo sen paseo* (13702:117) *Non hai atallo sen arrodeo*. (41740). *Non hai atallo sin arrodeo.* (VSACO:814, 22048). *II N' hai atallo sin traballo nin rodeo sin recreo.* (VALLA-7: 047) (CARU:01.12.1888) (VSACO:814,22049). *Non hai atallo sin traballo nin rodeo sin recreo.* (TABOA-2:) (VSACO:814, 22049; 10208). *Non hai atallo sin traballo, nin arrodeo sin recreo.* (RODGO-1:268). *Non hai atallo sin traballo nin arrodeo sin recreio.* (CARRA-4:22.07.08) *II N'hai atallo sin traballo nin rodeo sin paseo*. (VSACO:814,22049). *Non hai atallo sen traballo nin rodeo sen paseo*. *Non hai atallo sen traballo nin rodeo sen paseo*. (44237:54). *Non hai atallo sin traballo, nin rodeo sin paseo.* (VSACO:814, 22049; 23911:315). *II Non hai atallo sen traballo nen rodeo sen arreceo.* "Arrezéo. Miedo, recelo, etc. *Adagio: non ay atallo sen trabállo nen rodeo sen arrezeo".* (SARMI-6:269).

2.5.13. ***Non se acordan de santa Bárvara senon cando lostrexa. ~ cando treboa. ~ cando treboexa***.[1755] Lostrexar. Relampaguear. De lustrego o lostrego, relámpago: *Non se acordan de Santa Barvara senon cando lostrexa*, otros dicen: *cando trebóa* o *treboexa*. (SARMI-6:323,113r).

TFG. *Poucos son os que se acordan de santa Bárbara mentras non trona*. (RODGO-1:046; VSACO 2003: 286, 7014; MAREVA:10). *Cando trona, todos acordan de santa Bárbara* (VSACO 2003: 286, 7010). *Hai quen solo se acorda de santa Bárbara cando trona*. (VSACO 2003: 286, 7014). *Acórdaste de Santa Bárbara cando trona*. (10005). *Acórdate de Santa Bárbara cando trona*. (15327).

É refrán ben estendido na Península e expresa a devoción interesada, esa que expresa aqueloutro *Rogarlle ó santo hastra saír do charco; e dispois de saído, santo esquecido*. (RODGO-3:315).

2.5.14. ***Quem quizer mal a sua veziña, delles*** [sic] ***en mayo hum a sardiña pequeniña.*** [1772] (§ 1991) (SARMI-660:1991; Monteagudo 2, 132). O contexto xa está visto en 2.5.3.

TFG. Non figura, aínda que ese mesmo refrán pervive referido ó mes de abril: *O que queira mal a unha veciña, dálle en abril unha sardiña.* (11806). *Quen queira mal a unha veciña déalle en abril sardiña.* (RODGO-3:318) (VSACO:681, 18108). (MOREI2082) (GONPE:037) (LEMABOU08) (43815, 151) (GEG01076). *Quen queira mal a unha veciña, que lle dea en abril unha sardiña*. (GONPE:037). *Quen queira mal a unha veciña, déalle en abril sardiña*. (VSACO: 681, 18108). *Quen queira mal a unha veciña, que lle dea en abril sardiñas*. (21112:029). *A sardiña por abril cóllea polo rabo e déixaa ir, por maio ásaa no rescaldo e por san Xoán xa molla o pan.* (RODGO-3:318) (GONPE:035) (LEMABOU02) (11806). *A sardiña por abril, cóllea polo rabo e deixa ir; por maio ásaa no borrallo; por san Xoán xa molla o pan.* (VSACO:492, 12782).

Comentario. Tal e como diximos comentando o refrán *Cando o trigo é louro, o muxe é de ouro,* os mariñeiros galegos difundiron a convicción de que nos meses con erre (setembro-abril) o peixe azul non está en comida (por tamaño e por sabor). Esa convicción pode ter algo de regulador ecolóxico para inculcar que non se deben pescar nin consumir especies pequenas e prematuras. A cousa é que maio é o primeiro mes sen erre e, polo tanto, a sardiña xa debería estar en comida; pero o certo é que en maio as sardiñas aínda son pequeneiras e, sobre todo, *están secas coma achas*, como din en Outes (16214) (as achas son anacos irregulares de madeira resultado de fender un toro e que se destinan ó lume). Por iso o coñecido refrán *En*

san xoán a sardiña molla o pan ten como versión máis aceptada *En san xoán xa a sardiña molla o pan,* porque é no mes de xuño cando por fin a sardiña xa ten a cantidade de graxa característica que a fai especialmente sabedeira. Lembremos tamén o refrán de prototipos *San Pedro sardiñeiro, San Martiño castiñeiro e san Blas lacoeiro* (DÍAZ), que coloca as sardiñas en xuño, as castañas en novembro e o lacón en febreiro.

Dáselle, logo, a unha mala veciña a sardiña de maio, porque aínda non está en comida (tal e como ben explica o P. Sarmiento comentando o refrán *A quem en mayo come sardiña, en agosto lle pica a espiña*). Iso mesmo din os refráns *A sardiña de maio que a parta un raio*. (34505155) (39455358) (GONPE:034). *Sardiñas de maio, sardiñas do diaño*. (RODGO-3:318) (GONPE:037). Aínda que tamén hai un refrán que di *En maio a sardiña pinga no borrallo e en San Xoán pinga no pan*. (GONPE:036). *Á sardiña en abril ponlle a man e deixaa ir; en maio, xa pinga no borrallo; en san Xoán, molla o pan.* (VSACO:492, 12782) (GONPE:035).

Só dúas observacións máis. Primeira, ese refrán de Sarmiento leva a nota de que é portugués. Segunda, a escasa consideración da sardiña pequena de maio debe ter que ver coa inmaturidade, porque, cando as sardiñas están en comida, o refraneiro segue preferindo as pequenas (véxase 2.5.5.).

2.5.15. ***Quen *lexos vai a casar, ou chata leva ou a vai a buscar.*** [1766]. No soy solo el que mormura de los casamientos fuera de España, y aun fuera de la provincia respectiva, no habiendo parentesco muy cercano, pues bien persuadidos están los gallegos de su refrán que dice: (...) *Quen *lexos vai a casar, ou chata leva ou a vai a buscar***.** (SARMI-8:201;403).

En 3.3.1. veremos que cita este refrán en castelán.

TFG. Este refrán endogámico mantense vivo na memoria colectiva (última anotación de 2001 [55]) e con moitas variantes tanto no tema coma no rema. A primeira parte do refrán (tema) presenta 10 variantes, algunhas meramente dialectais (*lonxe, lons, *lexos*): *O que fóra vai casar..., / O que lonxe vai casar..., / O que lons vai casar..., / O que *lexos vai casar..., / O que a lonxe vai casar..., / O que tras da costa vai casar..., / Quen fóra vai casar..., / Quen lonxe vai casar..., / Quen lexos vai casar..., / Quen lonxe se vai casar...* A segunda parte (rema) presenta 16 variantes: *ou vai enganado ou vai enganar. / ou se engana ou vai enganar. / ou chata ten, ou vaina levar. / ou chata leva ou a vai buscar. / ou foda leva ou a vai buscar. / ou vai *engañado ou vai *engañar. / chata leva ou vai buscar. / tacha leva ou vai buscar. / tacha leva ou a vai buscar. / xata leva ou vai buscar. / eiva leva ou vai buscar. / fada leva o vai buscar. / maula leva ou vai buscar. / trampa leva ou vai buscar. / está cego ou quer cegar. / leva chata ou vai buscar*. Anotamos que as interferencias do castelán (**lexos, se vai casar*) son moi minoritarias, case irrelevantes. Curiosamente o P. Sarmiento utiliza unha versión con castelanismo sintáctico (*vai a casar*), que non reaparece.[56]

[55] *O que lonxe vai casar ou tacha leva ou tacha vai buscar* (11203).

[56] Este refrán tan etnocéntrico probablemente espelle unha mentalidade tribal antiga, pola que se considera que as parellas máis fiables eran as da propia parroquia, aquelas das que se *sabe en que pía se bautizaron*, é dicir, aquelas das que se coñece a raza (a familia, o carácter da xente desa casa): como executores desa mentalidade tribal, os mozos impedían que alguén de fóra viñese casar cunha moza veciña; e, se conseguir dela palabra de casamento, tiña que *paga-la matrícula* que era ofrecerlles a eles un banquete previo: cousa que, de non se producir, daba pé a incidentes violentos. A proba de que non todo o mundo pensaba así, dánola un refrán contrario, máis cosmopolita (aínda que non sabemos se máis moderno), que di *Val máis un amor de lonxe que vintecinco da porta.* É certo que este refrán só ten 4 entradas no TFG pero ten outros paralelos (conceptualmente máis difusos) como *O sol da porta non quenta. Santo do pé da porta non fai milagres*.

Comentario. Aínda que no século XX e XXI a mobilidade social deixou atrás os matrimonios entre xente da propia contorna que prescribe o refrán, segue sendo maioritaria a práctica de que persoas de Galicia casen con persoas de Galicia. En boa medida esta práctica pervive mesmo entre galegos que residen no estranxeiro, a pesar de que a experiencia contraria resulta moitas veces enriquecedora. A idea básica deste refrán é que o que casa lonxe é porque ou a súa prometida ten un defecto ou teno el mesmo: así que ou se engana ou vai enganar. Sarmiento testemuña que disto e no tempo del *bien persuadidos están los gallegos.* No Bierzo explican que "El que va a buscar mujer lejos de su tierra, lo más probable es que la lleve mala". Nótase tamén que o refrán se sitúa na visión da parte masculina (*O que...*).

2.5.16. ***Quen calzóns non [h]a doito as costuras lle fan mal.*** [1755] Doito. Diestro, *docto*, avezado, enseñado, (en castellano *ducho*); todo del latín *doctus*, y se aplica de mil modos, v. g.: *Pedro non a doito*, no está en ello; *quen calzons non a doito as costuras lle fan mal*, el que no está enseñado a calzones... También adoito. (SARMI-6:320,110r).

2.5.17. ***A quen calzons non ha doito as costuras lle fan mal.*** [1755] *Doito*, por acostumbrado, v. g.: Pedro ha doito de hacer esto, Pedro non ha doito; v. g.: *á quen calzons non ha doito as costuras lle fan mal*. Libr. IV de Rabelais, cap.1.º, pág. 3, se cita en el Comento: *a quoi les hommes son si duits*. Creo todo de *doctus*. (SARMI-6:340,130r).

TFG. *O que n'está adoito âs bragas, as costuras lle fan *llagas*. (CASTRO1:173). *O que non está afeito âs bragas, as costuras lle fan *llagas*. (SACO1:226; SACO2:321). (23911:260) (MAREVA:21). *Ó que non está afeito ás bragas, as costuras fanlle chagas*. (RODGO-1:387; RODGO-1:071). *O que non está afeito ás bragas, as costuras fanlle chagas*. Dise dos que non están afeitos a unha costume ou cousa, e nela non alcontran máis ca incomentes e amoladelas. (MOREI1:049). (TABOA-2:). *A quen non está afeito a bragas, as costuras fanlle chagas*. (25003). *O que as bragas non adoita as costuras lle fan mal*. (TABOA-2:).

Comentario. Do latín *doctus* vén o galego *doito* e o cast. *ducho* (*Manos duchas comen truchas*) (SARMI-660:4,5741). Ese doito debeu de colocarse primeiro co verbo *ser*, porque aínda queda este refrán: *O que é doito de bailar, nunca quedo pode estar.* (VSACO:588,15573). Pero máis frecuente é a colocación co verbo *haber* (*haber doito)*. E este *haber doito* é un dos casos de implicitación extrema consumados na fraseoloxía galega, porque esa locución desapareceu do uso espontáneo converténdose no adxectivo *adoito* (**1.** Que ten costume ou experiencia nunha cousa. *Non está adoito aos traballos duros.* SIN. ***afeito.*** ANT. ***desacostumado, desadoito, desafeito, desavezado.*** **2.** Que ten destreza ou coñecementos en materia de algo. *É adoito na arte de construír versos.* SIN. ***Destro***), no adverbio *adoito* (con frecuencia. *Desde que vive na nosa cidade visítanos adoito*) e tamén orixinou o verbo *adoitar* (**1.** Ter [algo] por costume. *Adoita pasar as fins de semana na montaña.* SIN. ***acostumar.*** ANT. ***desadoitar.*** *v.i.* **2.** [Cousa] ser habitual ou frecuente. *Por esta época adoita ir bo tempo.* CF. ***habituar***). (DRAG4). Haber doito aínda debía estar en uso no século XIX porque o P. Sobreira recolle esta cantiga: *Murmurai murmuradores, /que sempre o habedes doito, /murmurade dos casados, /que dos solteiros no'é moito* (SOBREIRA:478) pero o *Dicionario de dicionarios* de Antón Santamarina permítenos ver que en 1840 xa se lematiza por primeira vez *adoito* [57] e que en 1865 Pintos xa di "Se usa con el verbo *ser*: v. g. *non me è adoito*, no se me adapta, no me está bien" (PINTOS s.v. adoito). E como verbo (*adoitar*) xa aparece en 1858 (AGUIRRE s.v. adoito) e en 1884 nunha cantiga de 1884: *Tarde vès, e non m'espanta, / que j'adoitas de tardar. / Auga de moitos regueiros / è mala d'arrecadar* (VALLA-7 s.v. adoitar). Un exemplo máis recente é esta cantiga que publica Cabanillas en 1951: *Costureira non a quero, /que no adoito de veletas, /canto barredoiro hai /anda falando con elas.* (CABAN-4:553). *O que adoita bailar, nunca quedo pode estar*. (RODGO-1:307).

[57] Acostumbra, v. g.: *com' adoito*, como lo acostumbra, como siempre. (REGUERA).

Resulta tamén curioso que os paremiógrafos dos séculos XIX e XX recollan unha versión na que con *chagas* rima a palabra *bragas*, que polo suxeito masculino (*O que...*) vemos que é unha peza de roupa masculina, cando hoxe designa unha peza exclusivamente feminina: é dicir, o refrán contén un arcaísmo semántico, que na versión de Sarmiento (século XVIII) xa estaba substituído por *calzóns,* que é a palabra de uso actual.

2.5.18. ***Quen parte non carpe, se tolo non é.*** [1755].Carpido, carpida. Verbo antiguo y se usa hacia el Seixo, v. g.: en copla de Reyes: *María chorosa e carpida*. Item en un adagio: *quen parte non carpe se tolo non é*. *Carpida* es llorar con ademanes y acaso arañaduras de cara. *Non carpe*, esto es, no llora ni se arrepiente ni se desgreña, pues estuvo en su mano el partir. Estoy <en> que será de *carpo*, y escarpidor y *carpir* será rascar y desgreñar o tirarse de los cabellos. En Vossio, verbo *carex*, creo, hay *caro*, *is*, y *carpo*, y de donde, creo, viene la voz *carpáza*. Así *María chorosa e carpida*, esto es, desgreñada. (SARMI-6:419).

TFG. *Quen parte non carpe si tolo non é* (CORNIDE:323). *O que parte e non carpe, se é *persona de arte, deixa pra si a millor parte.* (38119111). *Quen parte e reparte, se non queda coa mellor parte, ou é tolo ou non ten arte.* (43220). *O que parte e ben reparte, pra si deix'a millor parte. O que parte e ben reparte, se a repartir ten arte, pra si deixa a mellor parte* (23911:231). *O que parte e ben reparte, se no repartir ten arte, quédase coa mellor parte.* (RODGO-3:092). *Quen parte e reparte colla para si a mellor parte* (43815,163). *Quen parte e reparte leva a mellor parte.* (17330). *O que parte e reparte lévase a mellor parte.* (21117). Hai algunha variante que expresa que o repartidor honesto case sempre acaba perdendo: *Quen desparte leva a pior parte. Sempre leva a pior parte o que en concencia reparte*.

2.5.19.1. ***Se non che vale o tom, válache o legón / Se non che vale o tom, válache a sepultura***. [1757-1762]. La planta que llaman *peucedanum**, en castellano *pinillo* y en gallego *tom** o *herba tom*, si el que la va a arrancar no va con prevención se desmayará de pronto*. Y su [...] raíz echada en el río mata todos los peces, y Amato Lusitano dice que huyen los demonios de donde está el *tom*. Y no obstante tiene muchas virtudes según el adagio gallego: *Sê non che vale ô tom válache o* legon,* o *la sepultura*. El azadón en castellano se llama en gallego *legón*, con el cual se hacen las sepulturas. Esto es, si no sirve el tom de remedio, ya no hay más recurso que el morir. (SARMI-4:227/811).

2.5.19.2. Llaman así en Deza a la planta peucedano o herbatum y es el thom de Amato Lusitano. Hay este adagio en Deza: *Se non che vale ó atóm, válache o legón*, aludiendo a que, si en las disenterías, a que se aplica, no alcanza el atom, morirá. (SARMI-5:212, 1241).

TFG. Non figura. Sobre a identificación desta planta, véxase a nota [58].

[58] Agradecemos ó profesor de botánica Javier Amigo Vázquez a seguinte información: <No he encontrado nada concreto sobre los Peucedanum que pudiera relacionarse con ese nombre, y parece claro que lo de "pinillo" se corresponde con otra especie bien diferente (Ajuga chamaepitys). Lo que sí he visto es la asociación reiterada del nombre "*Servato*" con la especie Peucedanum officinale y tal vez alguna deriva a partir de ese nombre Servato pudo haber llegado hasta *"tom*". Porque asociado con Servato veo también: *serbato, ervato, erbato* y *herbato*. Tal vez de "*herbato"* a "*herba tom*" no hay más que un paso, porque seguro que ese "servato" procede de "*Servatum*", aunque no sepamos qué significado atribuirle. Incluso la página de Info-Jardiín (http://www.infojardin.net/fichas/plantas-medicinales/peucedanum-officinale. htm) alude a un curioso nombre de "hierba de Túnez" de donde tal vez procediese una "*herba de Tunisia*" o *"herba Tuns*". He visto informaciones que relacionan a Peucedanum oreoselinum y a otras especies del género con la presencia en sus raíces de "myristicina", que algunos dan como aromatizante y otros textos lo citan como un "supuesto psicotrópico" comentando que se han citado casos tanto de dermatitis por

2.5.20. ***Se queres que o cabelo cresa, úntao coa herba tioiresa.*** [1754-1758] *Herba tioira.* Especie de tomillo silvestre que nace en el monte do Seixo. Contra la leche cuajada en los pechos (SARMI-5:70,226). // *Tioira* o *herba tioira* y *tioiresa*. Es mata rastrera, y se cree tomillo silvestre. Hay adagio gallego que dice: *Se queres que o cabelo cresa, úntao coa herba tioiresa*. Flor como de tomillo. Acaso la voz será de *tymo* o *tymoides*. En dicha huerta 25. Averígüese. (SARMI-5:1590). *Tioira* o *tioiresa* que llaman en Galicia, y huele. Es verdadero tomillo, pero montano. Creeré que se diría herba tymoyra o tymeyra, y de ahí herba *tioira* (SARMI-5:326,2005).

TFG. Non figura o refrán pero hai parelelos en formato de cantigas populares [59]

2.5.21.1. ***Si queres ver tua moller morta, dálle de comer samborca.*** [1755] Sambórca o zambórca. Pez grande cuya comida es mala y dañosa. Y así es adagio: *Si queres ver tua moller morta dalle de comer sambórca*. Es como sabalo. (SARMI-6:287,82v).

2.5.21.2. ***Se queres ver túa moller morta, dálle de comer samborca.*** [1770] El portugués llama al sabalo *savèl* y con diminutivo *sabelha* y el gallego le llama *sable* y *sabenla* al diminutivo. También el gallego llama *samborca* a un pez parecido al sábalo pero más pequeño, y que es de mal alimento. Así dice un adagio gallego: *'se queres vêr tua moller morta, dalle de* (383 r.) *comer samborca'*. Y siendo cierto que el pez saboca y saboga es el nombre español que Rondelecio da al sabalo y Covarrubias dice que es semejante al sábalo, aunque no es tan grande se deduce que las voces saboca y saboga y la gallega *samborca* y *zamborca* significan un mismo pez parecido al sabalo. El latín *alosa* para significar el sabalo no se oyó hasta que lo dijo Ausonio. *Thrissa* y *phrissa* son los nombres griegos correspondientes. El origen de la voz sabalo, o *sable*, o *savèl*, o saboga me es ignoto. Si como quieren los franceses *alosa* viene de *hals*, *halos*, mar o sal, siendo trivial mudar la H griega en S, tendremos *salos* (de donde *sal*, *salum*) y acaso de ahí vendrá el sabalo. Esto interim no descubro otro mejor (383v.) origen; o otro no le hallare en el latín *sabulum*. (SARMI-7:345).

El sábalo se llama en gallego *sabenla*, que es la hembra, y después que ya ha desovado. También se llama en gallego *zamborca* y *samborca*. Es de pésima comida. Por eso hay este dicho gallego: *Se queres ver tua moller morta, dalle de comer samborca*. De *samborca* se formó *saboga*, o al contrario. Al sábalo llaman los gallegos *sable*; y también *sábalo*, *sávalo*, como en Castilla. Covarrubias dice que sávalo viene de *sapulus* a *sapore*. Pero el latín bajo *sapulus* viene del latín puro *sapa*, que significa el arrope. Viniendo de *sapore*, diría yo, que vendría de *sapido*, y mudada la d en l, *sabilo* y

---

contacto tópico con la planta como de "desmayos" que puede experimentar el que se acerque a la planta. Demasiado lírico y mágico, me parece a mí. Lo único que puedo precisar como dato botánico es que tanto Peucedanum officinale como P. oreoselinum son bastante escasas en Galicia (la primera mucho más) pero que podría interpretarse alguna confusión entre algunas de estas Peucedanum con otras dos especies de este género que sí son bastante más frecuentes: P. gallicum y P. lancifolium>.

[59] *-Mociñas de alá de arriba / ¿con que peinades o pelo? / -Cunha herba que hai no monte / que lle chaman tromantelo.* (2100985). *-Mociñas de alá de arriba /¿con que peiteadel─o pelo? /-Con unha herba do monte /que lle chaman trementelo*. (LIS1364). *Mociña do pelo roxo/¿que lle botas ó teu pelo?/Unha herba que hai no monte/que se chama trementelo.* (42507, 134). *-Rapariguiña do gando /¿que herba lle das ó pelo? /-Bótolle unha do monte /que lle chaman trementelo.* (LIS1364). *Meniña que andas no monte, /¿con que peinas o teu pelo? /-Con unha herba do monte /que lle chaman trementelo (tormentelo)*. (FRAGU-4:486). *Rapariguiña do gando/ que herba lle botas ao pelo/ -Bótalle unha herba do me/ que lle chaman trementela*. (ANT51480). *-Oh meniña das ovellas /¿con que curas o cabelo? /-Con unha herba do monte /que se chama tormentelo*. (LIS1364).

sábalo; y en gallego, *sablo* y *sable*. No es inverisímil que esto sea así. Pero habiendo tantos peces que son sápidos y aun sapidísimos; y otros insípidos, que en castellano antiguo se llamarían enxábidos, de insápidos, no me satisface el origen de sábalo. (SARMI-660:2064; Monteagudo:2, 149).

TFG. *Se queres a muller morta, dalle samborca.* (GONPE:040). *Se queres ve-la túa muller morta, dalle samborca.* (GONPE:040). *Se queres ver a túa muller morta dálle zamborca.* (34703:055). // *Se queres a tua muller morta, dall'a comer samborca.* (SACO2:336). *Se queres a túa muller morta, dalle a comer samborca.* (GONPE: 040). // *Se queres ve-la túa muller morta, dálle a comer zamborca.* (43815:15) *Se queres ver a túa muller morta, dálle a comer samborca.* (RODGO-3:310). *Se ques ver a túa muller morta, dálle a comer samborca* [60] (CUVEI:282). *Se queres ver á túa muller morta, dálle a comer samborga.* (MOREI1:026) // *O que quere ver a muller morta, dalle samborca.* (17703).

2.5.22.1. ***Se queres vestir de seda, trata en cera.*** [1772] (§ 1166) Esta reflexión me persuade que no hay país más proprio que Galicia para tener colmenares en los montes dentro de casitas muy cerradas, con las piqueras al mediodía. Esto por razón de que sus montes están todos alfombrados de ericas o urces, por lo que jamás podrá faltar pasto a las abejas. Y si esas casas estuvieren cubiertas con losas de pizarra clavadas y sobre ellas con paja de centeno o colmo, como las casas del Cebrero, estarán libres de ladrones rateros y de otros enemigos de las abejas, y en donde los hubiere, también de osos colmeneros. Creeré que en lo antiguo habría en Galicia esos colmenares en los montes y que habría un grande comercio de miel y cera que dio fundamento al adagio *Mel de Gallecia* y al refrán *se queres vestir de seda, trata en cera*. ¿Y qué sé yo si los nombres de lugares de Galicia, *Albar* (o *Alvar*), *Alveos*, *Alvarellos*, *Alvariza*, *Alvareiros*, etc., aluden a *alveos* y *alveares*, sitios antiguos de colmenas? (SARMI-660:1166).

(§ 1180) Esa desigualdad la ocasionan los comerciantes que van a buscar a 3 000 leguas géneros superfluos, dejando de comerciar con los géneros abundantes de su país. Leí en monsieur Chomel que una colmena regular contiene 10 000 abejas, y que cada colmena bien cuidada da anualmente 6 libras de miel y 3 libras de cera, y que anualmente deja una sola colmena de útil e interés a su dueño de 2 a 3 escudos franceses. Vean en esto los pobres y los labradores cuánto dejan de ganar por no tener colmenas, y consideren los ricos cuánto podrán ganar si las multiplican a docenas. Tengan presente el adagio de sus mayores *se queres vestir de seda, trata en cera*. Los años pasados faltó la cera en España, y sé que a Madrid se trajo mucha cera de Galicia.

(§ 1181) **[Seda]** Al dicho adagio gallego, que es un consejo fundamental para un comercio interior, se le podrá añadir otro consejo equivalente: *se queres vestir de seda, trata en seda.* Los más de los chinos se visten de seda, no tanto porque comercien, comprando aquí o vendiendo acullá, como con género que no se da en su país, sino porque todos, todos se dedican al cultivo de las moreras, a la crianza de los gusanos de seda o *bombyces*, y a hilar, colorar y hacer tejidos, con los cuales chupan la plata de la Europa. Ese sí que es verdadero comercio, pues es con género de su país e industria, surtiéndose primero todos de él y vendiendo solo lo que les sobra. Nótese que para tener tanto lucro en el comercio de sedas, precede en los chinos un singular conocimiento de la historia

[60] Cuveiro, coma moitos escritores da época (1876) ponlle til á preposición *a* pero tamén a moitos outros monosílabos (*No Mayo, inda as vellas queiman ó tallo. Sardiña q'ó gato leva, tarde ou nunca á deixará. Á muller é á sardiña, redondiña*). Por iso supoñemos que trala grafía *ver á túa muller*, querería dicir tamén *ver a tua muller*.

natural en sus tres reinos, o heredado de sus mayores de padres a hijos, o adquirido y perficionado cada día más con su laboriosa aplicación y con su ingeniosa industria. (SARMI-660:1180-1181).

2.5.22.2. ***Se queres vivir mezquiño, trata en viño. Se queres vestir de seda, trata en cera.*** [1772] (§ 1144) Dice un adagio gallego que ya cité: "*Se queres vivir mezquiño, trata en viño*[a]. Y a este se sigue este otro: "*Se queres vestir de seda, trata en cera*". El primero, lastimosamente, se experimenta cada año: se ve que el cosechero que toda su agricultura la reduce a viñas jamás pasa de un pobre mezquino. Y en esto se conoce que la significación que hoy tiene la voz *mezquino*, por un cicatero, es significación segunda, pues la primitiva (o sea, de raíz oriental o de otra lengua) siempre se aplicaba a un pobre. Al adagio gallego es conforme el adagio español: "*Casas las que habites, tierras las que veas, y viñas las que bebas*". Todo esto es para mí como un evangelio. Cuando se dijo "tierras las que veas", sin duda ha sido antes de la terrible peste de 1348 que, ocasionando tantos baldíos, ocasionó también que en Campos vaya el labrador una legua, y a veces más, a ver las tierras que ha de labrar, siendo así que el adagio significa que las tierras han de estar siempre a la vista física del dueño, en las vecindades de su casa. § 1145) Al contrario, el adagio gallego "Se queres vestir de seda, trata en cera", era experimentado en lo antiguo, pero hoy es casi falso en Galicia. ¿Qué labrador podrá vestirse de seda aunque tenga algunas colmenas? El año de 883 era adagio en España, según el Cronicón de San Millán, *mel de Gallaecia*, como que o era la mejor miel la de Galicia o que Galicia era muy abundante de miel. Claudiano, en el panegírico a Serena, la adula diciendo lo que sucedió cuando nació: "Te nascente ferunt". Y, entre los prodigios, dice que Galicia se rió con la abundancia de sus flores: "Callecia risit floribus". Es cierto que ni hay cera sin miel ni miel sin flores. A Habidis, rey de España, reconoce Justino por el que primero enseñó la agricultura a los españoles, pero el mismo reconoce al rey Gargoris, abuelo de Habidis, por el primero que les enseñó el recoger la miel. (SARMI-660:1144-1145).

2.5.22.3. ***Se queres vivir mezquiño, trata en viño.*** [1772] (§ 984) Lo que hace al caso es que los dichos viñedos estaban como colgados del pendiente meridional de collados o de mamblas: "Vitem alere potest uvasque ad maturitatem perducere… crebro collium dorso suspense… olim vineta habuere". Digo esto porque con más razón se podrán aprovechar de mi sistema y figura los vizcaínos, montañeses y asturianos para plantar viñas en sus collados que den un decente vino, y no salgan tantos doblones del país. Y en Galicia solo ha de haber viñas en los collados, y desocupar de ellas las tierras llanas para promover y aumentar la cosecha de granos. Las viñas, no siendo para el moderado consumo del país, son la destrucción de la salud y del patrimonio de las familias, y las que en Galicia mantienen tantos holgazanes. Es adagio gallego: *Se queres vivir mezquiño, trata en viño.* La ganancia del vino es llamarada, porque en un quinquenio alcanzan las viñas al cosechero, y las perdurables borracheras acaban con la salud y bolsa de los vinosos. (SARMI-660:984).

Es muy del asunto el antiguo adagio español que dice: "Casas, las que vivas; viñas, las bebas; y tierras, las que veas. Hacienda en casas que no habite el dueño es poca lana, y esa en zarzas". Hacienda en grandes viñedos es la mayor maula de las haciendas, que siempre promete y casi siempre engaña y alcanza al dueño –según el adagio gallego: Se queres vivir mesquiño, trata en viño. Arreglando el consumo del vino de una casa a una mala cosecha y cultivando para esa las viñas suficientes, siempre el dueño tendrá qué

beber, y regularmente podrá vender algún vino. He notado que en los países en donde la principal granjería es en grandes viñedos, andan muy alcanzados de pesetas sus naturales. Empéñanse para pagar las labores de las viñas y las vendimian por lo común antes que el dueño, las heladas, pulgón, piedra y granizo. (SARMI-660: 3943; Monteagudo:3, 139).

TFG. *Trata en viño e serás mezquiño.* (TABOA-2:) [61].

Comentario. O refrán *Hacienda en casas que no habite el dueño es poca lana, y esa en zarzas* contén unha locución moi común en galego aínda hoxe: *Pouca lan e polas silveiras.* A lá, despois de tosquia-las ovellas, hai que lavala ben e secala nunha superficie plana ó sol ou á calor da lareira. Pero se a lá se estender polas silveiras a secar, sería moi mala de recoller porque a prenden os numerosos e afiados picos das silvas e estes sempre esgarranchan os dedos das mans que se achegan a tocalas; e, se inda por riba a lá for pouca, a dificultade do traballo sería desproporcionada ó resultado. De aí debeu de nace-la frase que expresa esa desproporción: *¡Pouca la e polas silveiras!* Frase equivalente a: éramos pocos y... acordó la abuela. *Pouca lan e polas silveiras.* (CRESPO1017). (43220). Dise cando vén unha desgracia tras outra. (ORTELLE). Xa non eran poucas as desgracias, e chegou outra máis; éramos poucos e pariu a avoa. (XERAIS-1:524).[62]

2.5.24.1. ***Torto ou dereito, o escribán ao teu jeito.*** [1755] Jeito. Significa muchas cosas. Todo de *jacio*, *jectum*, *jecto*. Sardinas cogidas *ào jeito*, esto es, *ad jactum retis*, de pronto. Son mejores pues no se macean como cuando se cogen con redes en *secada*. *Jeito* es a su moda, gusto, etc. (como el francés *façon*). *Torto ou dereito ô escrivan ao teu jeito*, que esté a su disposición y de su lado en los pleitos. *Enjeitar* es verbo obsceno, significa *generare*, v. g.: *aquel viejo no puede enjeitar o engeitar*. Acaso de *ejaculari*, o de *jacio*, etc. (SARMI-6:265,61v.).

2.5.24.2. ***Torto ou dereito, o escribán ao teu jeito.*** [1770] El segundo *jactus*, que viene al caso para el *geyto* o *jeyto* de la lengua gallega, es el *jactus tali* y *jactus tesserarum*, esto es, el acto de tirar o echar o arrojar sobre el tablero los dados [...] El nombre dado le derivan de *do, das*, y otros de su adverbio *datatim*. En el verso de Ovidio: " *tu male jactato tu male jacta dato* " está repetido el verbo *jacto*. Aconseja Ovidio, al galán que, cuando juegue con su amiga, haga del perdidizo y no se utilice en sus lances felices ni

---

[61] A explicación desa mesquindade probablemente estea nestes refráns complementarios: *A conciencia do taberneiro: ó demo a alma, e gánese diñeiro*. (23911:131). *Á conta dos borrachos e dos perdidos, teñen os taberneiros moitos vestidos.* (MOREI1:111). *O taberneiro, de auga fai diñeiro.* (23911:132). *O bo taberneiro antes de vende-lo viño bautízao primeiro.* (43815, 162). *Os cregos bautizan nenos; e os taberneiros, viño.* (23911:164). *De taberneiro a ladrón hai só un escalón*. (PERZPLA3476). *De taberneiro a ladrón media so un escalón.* (CARRA-4:070408). *De taberneiro á ladron n'hai mais que un escalón*. (VALLA-7:539) (VIÑO2:89). *De taberneiro a ladrón non hai máis que un escalón*. (TABOA-2:, D.V.). (23911:132). *De taberneiro a ladrón non vai máis que un escalón*. (40515). *De taberneiro a ladrón, non hai máis ca un escalón. Cando te convida o taberneiro, convídate co teu diñeiro*. (23911:132). En cambio, *O que trata en liño ou cera nunca lle falta a cea*. (SOBREI2).

[62] Complementarios que explican os valores negativos da locución polas silveiras son estes: // *Sembradores novos, pan polas silveiras.* (VSACO:639,16939). *Labrador sin reguas, pan polas silveiras*. (VSACO:633, 16774). *Labradores novos, pan polas silveiras.* (14603:30) (20001). (21112,031). (39455,359). *Labradores novos, o pan polas silveiras*. (21112,020). *Labregos novos, o millo polas silveiras.* (MOREI1:038). *Labrador novo, pan polas silveiras*. (VSACO:633, 16769). *Labradorciño novo, pan polas silveiras*. (24402, 1466). *Labradores novos, mal polas silveiras*. (21002). *Labradores novos, mal polas silveiras*. (VSACO:634, 16776). *A labregos novos, pan polas silveiras* (23911,132). // De aí posiblemente derivan: *Abogado novo, xusticia polas silveiras* (23911,130). (ALOMO3,20). (MOREI1:069). (RODGO-1:015). *Avogado novo, xustiza polas silveiras*. (CARRA-4:12.01.1908).

en los infelices de su dama. Es adagio antiguo griego "*semper cadunt feliciter taxilli Jovis*", "sólo a Júpiter le da siempre bien el dado", entre los hombres no sucede así: hay *jactus* o *jeyto* de los dados feliz, hay *jactus* infeliz, y hay *jactus* indiferente. En Daniel Soutero se leerán los *jeytos* o *jactus* felices, infelices e indiferentes, y en la página 106 que se llamaba mano el mismo *jactus* o *jeyto* de los dados: "*proprie tamen manus est jactus ipse*". Esa voz mano se conserva aun hoy en casi todos los juegos de taba, dados, naipes, etc. Entendida la voz *jeyto* en la pesca y en el juego de fortuna, y que hay *jeito* feliz y *jeyto* infeliz, creo que se podrán entender todas las acepciones de la voz gallega *jeyto*. Dice un refrán: *torto ou dereito o escriban aô teu jeyto,* esto es, a tu mano, manera; y, como si se dijese en francés, sea el escribano de *ta façon*; de manera que el *façon* francés es casi lo mismo que el *jeyto* de los gallegos. Item, " *esa cousa non tem jeyto* ", suple feliz; "fulano está haciendo alguna cosa *aô seu jeyto*, a su modo, *a sa façon.* Al caso, las dos muchachas son de *bom jeyto*, esto es, de buena disposición, etc. *Engeytar* en portugués es desechar y echar fuera, de *ejicio, ejectum, ejectare*, y todo de *jacio*. De lo mismo o de *injicio, injectare*, viene el verbo *enjeitar* gallego, que significa engendrar. Dícese de un viejo que ya *non enjeita*, o en estilo anatómico que ya *non ejaculatur*. La voz *jeyto*, *enjeito*, etc., se usa de mil maneras. El verbo latino *jacio, is, jeci, jactum*, admite todas las preposiciones para sus compuestos, y en ellos muda la A del presente en I y la A del supino en E, y el gallego en EI o EY, perdiendo la C. Estos verbos compuestos son duros, por el JI, v. g.: *objicio, objectum*. Los portugueses escriben *objeto*, y pide la analogía se escribiese *objeyto*, y abreviando *ojeyto*. Y no faltará quien quiera que la famosa voz *jeyto* venga de *objicio*. (SARMI-7:423;509v-512r).

TFG. *Ben ou mal feito, ten o escribán do teu xeito.* (CARRA-4:12.02.1908) (CARU: 14111888) (VSACO:365, 9042). *Ben ou mal feito, ten o escribano de xeito.* (TABOA-2:). *// Bo ou mal pleito, tén ó escriban de xeito.* (TABOA-2:) (RABA-GEG:10,106) (23911:135). *Bo ou mal preito, o escribano ao teu xeito.* (VSACO:365, 9043). *Bó ou mal preito, tén ao escribán do teu xeito.* (RODGO-2:253)(TABOA-2:). *Bo ou mal preito, ten o escribán do teu xeito.* (RODGO-2:253) *Bon o mal pleito, ten o escribano do teu xeito.* (SACO1:218). *Bon ou mal preito, ten o escribano d'o teu xeito.* (SACO2:309) *// Bo ou mal preito, ten o escribán de xeito.* (18704) (45605) *Bon ou mal pleito ten o escriban de xeito.* (VSACO:365, 9046) *Bon ou mal preito, ten o escriban de xeito.* (TABOA-2) *// Boa demanda ou ruín demanda, ten o escribán da túa banda.* (RODGO-2:253) (TABOA-2:) (RABA-GEG:10,106) (MOREI1:073). *Boa demanda, ruin demanda, ten o escribano da tua banda.* (TABOA-2) *// Con preito perdido ou ganado, ten o escribán do teu lado.* (VSACO:365, 9047). *// Por ben ou por mal, ten o escribán da túa banda.* (RODGO-2:253) (VSACO:365, 9049) *// Quero o escribán do meu xeito, sexa no bo e no mal preito.* (RODGO-2:253) (VSACO:365, 9044) (TABOA-2) (RABA-GEG:10,106) *// Torto ou dereito, ten o escribán do teu xeito.* (RODGO-3:379). [63]

2.5.25. ***Verberiana, todas as enfermedades sana, senón a da morte que é mui forte.*** [1754-1758]. Verberiana. Llaman así en Portonovo a la verbena, y dice: *todas as enfermedades sana, senon a da morte que e mui forte*. También la llaman allí *herba da cruz* (vide 633). (SARMI-5:123/776).

[63] A razón de tanto interese pola complicidade do escribán está nestoutros refráns: *O que ten o escribán do seu xeito, o torto vírao dereito / vólveo dereito*. (RODGO-2:253) (VSACO:365, 9048) (MOREI1074). *O que ten ó escribán do seu xeito, o torto vólveo dereito*. (VSACO:364, 9029) (RABA-GEG:10,106). *O que ten ó escribano do seu xeito, o torto vólveo direito* (23911:130).

TFG. Primeiro Sarmiento identifica a verberiana coa verbena pero unhas páxinas máis adiante rectifica e identifícaa coa valeriana (Valeriana Officinalis L.). Non figura no TFG pero hai paralelos con outras plantas [64].

3. Fraseoloxía galega que Sarmiento cita en castelán

3.1.1. ***Real del cavador.*** [1772]. En Galicia es frase "*el real del cavador*", porque el que cava de sol a sol solo tiene de jornal 34 maravedís y un tosco y mal comer. Una pobre costurera que está cosiendo todo el día, solo se le da una mala y tosca comida y 16 maravedís de jornal. Pregunté en Galicia cuánto ganaba una palillera que hace encajes y me dijeron que, trabajando todo el año, ganaba diariamente de cinco a seis cuartos, pero que de solos esos había de comer, vestir y pagar casa– si no la tiene heredada, que por lo común la tienen. Propongo todo lo dicho para probar lo que voy diciendo y tapar la boca a cualquiera empleado de rentas reales que quiera quejarse de que se les rebaje la cuarta parte del salario, (189v.) que nunca han tenido derecho a él. Antes bien, hace años que las justas quejas son las de los pueblos, contra los que, sin autorización y sin proporción, han señalado esos pingües salarios que los mismos pueblos han de escotar de sus pocos maravedís. Si los pueblos solos señalasen los sueldos, no hubiera tomado vuelo el abuso (SARMI-660:3808; Monteagudo:3, 113).

TFG. Non figura.

Comentario. Ata non hai moito tempo a única enerxía que se utilizaba no sector primario galego para remove-la terra era a humana ou animal. Todo movemento de terras que non puidese ser feito por un arado ou unha grade, tiña que facelo á man un cavador, oficio que, como é doado comprender, esixía moito esforzo físico; por iso *ser coma un cavador* significa "ter moita forza" (18603) e, consecuentemente, *comer coma un cavador* é "comer moito": *Nós somos todos de moita comida, Rosa come coma un cavador* (18603). Hai un refrán ó caso: *Home moi falador, nunca foi bo cavador* (RODGO-2:453; MOREI1:067; 23911:259).

3.1.2. ***Sombrero mayor de casa*** [1772]. (§ 1195) Pero las mujeres gallegas salen muy pocas de su parroquia, y así hay infinitas en Galicia de todos estados. No me causan tanta lástima las aldeanas que trabajan en el campo, pero las dichas huérfanas que ni tienen tierras, ni rentas, ni cosa de qué vivir me han partido el corazón, por haber sido testigo de muchos ejemplares lastimosos semejantes. Estos también se ven en Castilla, pero en Galicia son más frecuentes, y en especial en los lugares populosos, después de haberse muerto el *sombrero mayor de casa*, como dicen. No hay que decirme que trabajen de manos en labor de hilar, calcetar, coser, hacer encajes, bordar, etc. Todo eso es una miseria trabajosa y un miserable trabajo si no hay otros fondos para comer y vestir, y para otros gastos inevitables en una casa, y más cuando se pagan alquileres. (SARMI-660:1195).

TFG. Non figura.

Comentario. É curioso como unha locución tan expresiva puido perderse; quizais porque no mundo rural, onde máis perviviu a lingua, a cabeza cubríase con monteira; non con sombreiro, máis propio da cidade. Pervive, en cambio, no medio rural *cabo da casa* (o petrucio, o cabeza de familia) (PORTO2:209) (LOPTA2:140). *Din que cando morre o cabo da casa hai sete anos de*

[64] *A ceruda, tódalas feridas cura* (23911:220). *A herba ceruda todos os males cura*. (21007:134; Adición 2) // *A ruda, tódolos males cura* (23911:217). *A ruda tódolos males muda, menos o que non ten cura*. (11704). *A ruda tódolos males cura, non sendo a morte, que é moi dura*. *O dentragón e a genciana todolos males sanan non sendo o da morte porque é moi forte* (TABOA-2). Véxase tamén *Tanto o rico coma o probe, dándolle a da morte, morre. Contra a morte non hai home forte*.

perda, ben sexa antes, ben sexa despois, nos animales ou noutra cousa (GONDAR-2:049). *Cando morría un cabo da casa, facíase a comida. Viña un pelexo de viño, grande. Facían comida, e viñan familias de tódolos sitios e comían...* (GONDAR-2:118). Tamén se di *dono da casa.* (DRAG-1:421); *home da casa* (IGLEAR:106) distinto do *home da casa*, que mesmo pode ser un neno que, quedando orfo, fíxose o responsable de todo e tivo man de todo, mesmo dos vellos ("O Xoseíño era o home da casa. Desde aquela curta edade, atendéu com o puido as leiras, e guiado pola sua aboa, soupo ter man da da casa, naquela crítica situación". (FERREAL: 095).

3.1.3. ***Tener una mona / moña / xarela / lurpia / lupanda ~ un cerín / lobo.*** [1772] Plinio se ríe de esas metamorfosis que tantas necedades y credulidades introdujeron en el vulgo, y por ser la licantropía la mayor locura de las locuras y siempre furiosa, por eso llamaron locos a todos los que padecían algo de esa morbosa fantasía. Y siendo la borrachera una especie de locura interina, o festiva o furiosa, quedó en España la trivial expresión cuando se habla de un borracho actual: *fulano tiene un lobo*, y en Madrid: *tiene una perra,* y aludiendo a los gestos es más común en Galicia decir que *tiene una mona* y en otras partes *una zorra*. Lo que debe reflexionar el lector es la conformidad de las voces *lobo* y *loco*: "fulano tiene un lobo o lyco, luco, loco" y "fulano se volvió loco, luco, lyco o lobo". Por ser irrisibles los borrachos y expuestos con razón al escarnio y burla de los muchachos y del vulgo, se han inventado infinitos apodos para insultarlos. He oído seis en Galicia: *moña*, *cerín*, *xarela*, *lurpia*, *lupanda* y también *lobo*. Si esta etimología no gustare no se me podrá oponer que la he copiado de otro. (SARMI-660:7361bis).

TFG. *Agarrar unha mona* Embebedarse. (MONTE256). *Coller unha mona* Embebedarse. (MONTE256). (XERAIS-1:610). (XERAIS-2:483). (7HERMICRU). Emborracharse. O que se empipa fai xestos parecidos ós dos monos, fai "monadas" (ORTELLE). *Pillar unha mona.* Embebedarse. (MONTE256). RODGO-2:640). (LOPTA145). (LOPTA2038). (XERAIS3389). A mona é a borracheira e consecuentemente *durmi-la mona* é durmir despois de coller unha borracheira. (RODGO-2:640). (MONTE253). (XERAIS-2:483). (LOPTA2068). *¡Véñase prá casa a durmir a mona e déixese de tolerías! ¡Mire que lle van a saír pola cara!* (LABAR1093)[65]. *Arrocha monas* é o que se emborracha con frecuencia. (SOBREIRA-2:64). (DRAG-1:235). (RODGO-1:244). (IBAÑEZ169). (RODGO-2:134). (FRANCO126).

3.2. ***Y ande la gaita por el lugar.*** [1772] (§ 5453) El dicho común *Y ande la gaita por el lugar* no se aplica a otro instrumento, y es porque la gaita es la que más alegra un lugar paseando por las calles, y sobre todo, es el instrumento que más alegra, divierte y conmueve a los niños y los mueve a ademanes de bailar de gozo, aun cuando no saben hablar ni tienen fuerzas para moverse. Sucedió que, siendo muy niño e infante nuestro rey don Carlos, que Dios guarde, le tenían con los demás hermanitos en el balcón del Real Palacio antiguo. Pasó por la calle un gaitero gallego tocando su gaita. Notose que los niños reales se alegraban y conmovían por extremo cuando la oían. Después de haberse notado esto repetidas veces, se mandó que todas las tardes de 4 a 5 viniese a la plazuela del palacio el gaitero, y que allí tañese la gaita una hora para divertir a los niños infantes; y se le daba un real de a ocho cada tarde de propina, como a otros niños se les daba un cuarto de gaita. Soy testigo de vista y de oído. (§ 5454) No sé qué verdad se tenga lo que dos veces he oído a un curioso. Díjome que habiendo afligido a Madrid una especie de peste o epidemia con la cual morían muchos de tristeza y melancolía, se tomó

Durmi-la mona significa tamén ir preso, para o cárcere. (ORTELLE)

la providencia de llamar a Madrid muchos gaiteros que pasasen y cruzasen las calles tocando siempre las gaitas, y que con este arbitrio se había minorado mucho la epidemia. Añadió que desde entonces tiene costumbre la Villa de Madrid de tener asalariados algunos gaiteros que cada año y a tal tiempo vengan a Madrid a alegrar el pueblo con sus gaitas. Lo que puedo decir es que hace muchos años observaba que el Sábado Santo por la tarde salía a las calles algún gaitero gallego. Digo gallego porque otro cualquiera de otra nación que se meta a gaitero, la tocará bien según música, pero jamás acertará a darle el airecillo gallego, y siempre que oigo alguna gaita, al punto distingo si es gallego o no gallego el gaitero que la toca. (SARMI-660: 5453-5454; Monteagudo:4, 236).

TFG. *Ande a gaita polo lugar*. Denota que uno mira con indiferencia aquello que no le importa o no tiene interés para el. (RODGO-2:394). Tamén se usa como locución: *Anda a gaita polo lugar*. Denota alegría, aunque pasajera, entre los vecinos del pueblo. (RODGO-1:165). // *Andar a gaita polo lugar.* Estar de fiesta (v.s. Alegrar). (CRESPO1068). Ser todo festa. (LOPTA2065).

3.3.1. ****El que lexos va casar; o faltas lleva, o las va a vuscar.*** [1768]. Es adagio gallego: *El que lexos va casar; o faltas lleva, o las va a vuscar*. Y se podrá trobar en quanto al estudio: *El que lexos va a estudiar, etc*. (SARMI-9:52).

Comentario. Unha vez máis Sarmiento cita en castelán un refrán galego aínda que con sintaxe galega (*va casar*) e, neste caso, el mesmo o citou noutro lugar (2.5.14) en galego. Obsérvese como aproveita para desautomatizalo, creando unha nova aplicación desta paremia ó mundo estudiantil (*El que lexos va a estudiar*): comentarémolo en 4.2.2.

3.3.2. ***Los que quisieren trabajar en Galicia tienen la Castilla.*** [1772]. (§ 342) En virtud de semejantes tragedias y de otras funestas resultas, ya en Galicia se miran con malos ojos los gallegos que con el chorrillo de las merinas están inquietos por trashumar a Castilla a trabajar tierras ajenas. ¿Con qué ojos mirará un gallego, o gallega, que su padre, o su marido, o su hijo, o su hermano, haya sido robado y asesinado en un monte, quedando allí desnudo e insepulto? ¿Con qué oídos oirá que el tal, viniendo enfermo, por no dejar la compañía, se cayó muerto en el camino al volverse a su país? ¿O que, cayendo enfermo con otros muchos compañeros suyos en la siega, los llevaron al Hospital General de Madrid, para que al fin ayuden a llenar el pozo carcavón, o sima, que allí llaman el *papa-gallegos*? (§ 343) Por eso es adagio en Galicia que *los que quisieren trabajar en Galicia tienen la Castilla* que salen a buscar con tantas incomodidades. *Caeteris paribus*, menos mal lo pasan los lugares de donde ninguno sale para Castilla que los que envían a Castilla algunos segadores. ¡Ojalá ningún gallego viniese a Castilla a trabajar en tierras ajenas! De ese modo, las trabajarían los castellanos, como hacían antiguamente. Y acaso no pasarían tantos a Galicia solo a chupar las tierras ajenas y a triunfar a costa del sudor de los pobres gallegos labradores. Al fin, de los gallegos que vienen a Castilla, los que vuelven a su patria, tan lejos de ser perniciosos, son útiles al reino. Ya por el dinero que, como hormigas, acarrean a él, el cual, por ser el más bien ganado, es el que más luce. Ya porque, sin haber mudado de traje, ni de empleo, vuelven a tomar el arado, el azadón y la hoz, en su misma tierra. Ya, finalmente, porque los más advertidos suelen aprender en Castilla algunas útiles operaciones de agricultura y las trasplantan a su país. (SARMI-660:342-343).

TFG.. *A *Castilla van os homes, a Castilla por ganar... Castilla queda na terra, para quen quer traballar*. (BLADO:1, 170, 200). *II Ás Américas van os homes, / ás Américas pra gañar. / E as Américas aquí as teñen / os que queiran traballar.* (NEIRA:1961, 37).

Comentario. Como se ve, a forma exactamente literal non se conserva pero a idea está ben expresada en cantigas populares dos tempos fortes da emigración estacional ou duradeira. Cando a crise económica deixa de ser conxuntural e se fai estrutural, só os cidadáns con máis enerxía, os máis decididos e valentes, rompen ese nó gordiano emigrando. A emigración é unha decisión moi radical e moi dolorosa e isto evidencia que sempre emigran os mellores, os máis valiosos; e por iso a emigración é unha grave sangría para o país emisor e unha transfusión de sangue novo para o país receptor, aínda que este non sempre sexa capaz de percibilo e menosprece e nalgúns casos combata os inmigrantes. A óptica do refrán é a inversa: se o emigrante inxectase no propio país a enerxía que pon na fuga e na austerísima aclimatación a un novo ritmo económico, probablemente o país rexurdiría. Por todo iso, a emigración é unha decisión que ten un balance final dubidoso e o refrán expresa esa dúbida.

3.3.3. ***A donde irà el buey, que no arè? - Al matadero.*** [1772]. (§ 1520) En el Mogol hay pocos caballos, y así, se valen de los bueyes en lugar de ellos. Pónenles albarda para que porteen cargas y les ponen silla para ir a caballo en ellos; y dicen que son muy veloces. Parece que allí logró el buey lo que tanto apetecía el perezoso buey de Horacio: "Optat ephippia bos piger; optat arare caballus". La voz *ephippia* (*super Equum*) significa 'la silla de mula o de caballo': 'el caballo apetece arar, y el buey apetece que le pongan silla o albarda'. Alude Horacio a que ninguno está contento con su suerte. Felices los bueyes del centro de Castilla, que ni aran ni sirven de caballerías. Hace tiempo que cuando oigo el refrán "¿A donde irá el buey que no are?", respondo prontamente: "A Castilla". ¿Quién ha tenido la culpa de que aquel refrán pasase de cierto a falso? (SARMI-660:1520; Monteagudo: 2, 15).

[1762-1772] A la pregunta que se hace, en castellano: *A donde irà el buey, que no arè?* acompaña la respuesta: *al matadero*. yo respondo: *a Castilla*; despues que vi arar la tierra, o arañarla, con mulas. La dixe, y conocen todos, que esa mal introducida practica, es una de las causas del atraso de la agricultura. Estoy aturdido de que, estando tan palmario, y evidente, en juan de avieta, ensu tratado de la fertilidad de España, desde la pag. 346, el tanteo de lo que cuesta labrar con mulas, ô con bueyes; y del infinito util de estos, superior à el de aquellas; aya quien are con mulas. Esa practica perniciosa se conserva entre los que quieren hacer obstentacion de que poseen muchas tierras labradias; y que ni cultiban, ni pueden cultivar. Asi, insensiblemente se bà acabando la cria del ganado bacuno, y del ganado cavallar. Quejanse los soldados, de que está muy deteriorada la cria de los cavallos en Andalucia. Por otra parte, alli no ay cria de mulas. Y en las Castillas, por la cria de tantas mulas, es corta la cria de cavallos; y à no ser por la barbara fiesta de toros, seria mas corta la cria del ganado vacuno. (SARMI-660:6857).

[1752]. A esta desigualdad de poseer solos 25 vezinos, el territorio competente, para 150, se siguio, como arbitrio, para cultivar tanta Tierra la 2ª peste, que aun hoy dura de introducir Mulas, en la Labranza, mas para arañar, que para arar la Tierra. Y como esta inaudita necedad se usa en el Centro de España, y no en los extremos, en donde solo el Buey, es, como siempre el Compañero del Labrador; pareze que las Castillas han padecido mas en la dicha Peste del año 1348. Desde entonces acà, tiene categorica respuesta, la antigua pregunta: *A donde irà el Buey; que no are?* Y es la que yo doy, quando oigo el Adagio: *A Castilla*. (SARMI-14:126v).

TFG. Este é un dos refráns máis estendidos no uso, para expresa-lo tema da resignación; e esta intensidade de uso explica a existencia de todo tipo de variantes semánticas e gráficas, en forma afirmativa, exclamativa ou interrogativa. O boi foi en Galicia a enerxía que movía toda a agricultura e boa parte do transporte e, por iso, converteuse en referente visible da resignación

do proletario galego, que ve nese animal traballador e paciente o espello da súa propia vida. *¡A onde irá o boi que non are, xa que arar sabe! ¿A onde has de ir, boi, que non ares? ¿A onde irás, boi, que non labres? ¡A onde irás, boi, que non ares! ¿A onde vas, boi, que non ares? ¿Onde irá o boi que non acamboe? ¿Pra onde irás, boi, que non ares?* Partindo de que *Boi que non ara vai prá cortadoría;...., no macelo para;..., na cortadoría para* o galego creou a variante *Onde irás, boi, que non ares, senón a cortaduría,* que se rexistra en forma exclamativa e interrogativa; e, a partir da forma interrogativa, incorporou respostas: *¿Onde has de ir, boi, que non aras /ares, senón á cortaduría?;.... Á cortaduría;..., Á cortaduría, a pagar ca vida;... á macelleira, ó matadoiro* (porque alí o matan e definitivamente deixa de arar). Menos dramáticos destinos son tres lugares nos que se sabe que a orografía non deixa espazo para poder xunguir unha parella de bois e poñela a arar *A Casares;..., A Balsada e a Casares;..., Ós Peares.*

Comentario. O refrán que Sarmiento ofrece en castelán debe ser un simple calco do refrán galego, porque en Castela, coma en boa parte de Europa dende a Idade Media (GIMPEL:2002, 52-57), non se ara con bois senón con cabalos ou mulas (BENAVENTE-FERRO:2010, 1387-1388; GROBA 2011:164-165, n.32). E por iso precisamente Sarmiento manipula este refrán creándolle unha nova resposta: *A Castilla* [66]. Véxase o que diremos en 4.2.1.

3.3.4. ***El que vive en puerto de mar, nunca se acuesta sin cenar***. [1772]. (§ 2166) Rondelecio, aunque tan docto, traspuso los nombres *maea* y *pagurus*. Llamó *paguro* a la centola, y *maea* al boy o esqueiro. No es así. *Pagurus* es el esqueiro, y *maea*, la centola. Huerta trata de estos cancros, y como copió a Rondelecio, copió su trastornación. La voz *centola* viene de *caput*, *capitola*, y es la que llaman *araña de mar*, y por ser tan grande le llamó Aristóteles *maea*, pues parece todo cabezón con patas, y por eso le llaman vulgarmente los gallegos *cachola*, aludiendo a *caput*. De su concha hacen los niños carátula que les oculta todo el rostro. Tiene la superficie del lomo sembrada de pinchos como espinitas. Se guisa en su misma concha, o cazuela, y hay muchos golosos para comer ese marisco. Y porque se vende casi de balde y hay mucha abundancia, es alimento trivial de la gente pobre, por lo que se verifica el adagio gallego: *El que vive en puerto de mar, nunca se acuesta sin cenar*. (SARMI-660: 2166; Monteagudo: 2, 172).

TFG. *O que queira medrar, que viva en porto de mar.* (RODGO-2:607; VSACO:637,16867; MOREI1:120, GONPE:020, GONPE104, LEMABOU07).

3.3.5. ***Niña, llora y vencerás*** [1762-1772]. Si dentro de una caseria cerrada ay diferentes frutos, como sucede en Galicia; el arbitrio que alli se tiene, para aprovechar la hierba que nace en los lìmites, que dividen frutos, y que llaman *cómaros*, y *comarèyros*; es segarla para el ganado. Y quando, por ser pequeña, no se puede segar, usan de un donoso artificio. Atan a los cuernos de un[a] baca, ô buey, mansisimos, una soga. Llevan la baca al comareyro para que le vaya pastando; pero un niño, o niña, tiene la punta de la soga, y va caminando hacia atras. Esto, para retraer à la baca que no eche la lengua a los frutos, con terminos, de maiz v.g. y mijo menudo. Si es niña, poco mas, ô

[66] E dicía que en Galicia se facía así, porque o consumo de cebada por parte dos equinos é tan caro que leva boa parte do beneficio: *Tengo idea de haber leído que al principio del siglo pasado se había hecho el cómputo de que en España había seiscientas mil mulas de labranza; y otras tantas de acarreo y de paso. Cada mula come cincuenta fanegas de cebada; y para recoger esta cantidad se necesitan cinco heredades de una hanega de trigo de sembradura; y así las seiscientas mil mulas de labranza, ocupaban tres millones de hanegas de tierra. Y siendo cierto que esas dichas tierras, para cebada de las mulas, se podrían sembrar de trigo para los hombres; y que dos hanegas de tierra dan trigo para que un hombre coma pan todo el año; se deduce que millón y medio de personas se podrían, y podrán hoy, alimentar, con lo que gastaban las seiscientas mil mulas de labranza* (Sarmiento 1752: 881).

menos de 10 años, se presenta con la rueca en la cinta, y con la misma mano tiene la punta de la soga, ô la tiene ceñida, y está hilando todo el tiempo. La donosura está, en que si la baca se quiere desmandar, y no la puede sujetar la niña; llora; y yo lo vi; y al punto vuelve la baca al pasto permitido, por su natural sujecion à la inocencia humana; y sin necesitàr del verbo: *niña llora; y vencerás*. (SARMI-660:6862).

TFG. Non figura.

3.3.6. *Quien pasó La Marola, pasó la mar toda*. [1772]. En el mar bravo está el peñón, islote o peña que llaman de La Marola, tan tremenda por lo furioso de sus olas como infame por los repetidos naufragios que allí padecen los que apetecen andar por los atajos. Los que se embarcan en La Coruña para ir al Ferrol llegan por el atajo muy en breve, pero han de pasar por La Marola que, para ponderar el peligro, se dice: *quien pasó La Marola, pasó la mar toda*. Yo no gusto de fiestas con el mar ni con La Marola. Así, he andado por tierra y dos veces todo el perfil de las cuatro rías principales. Se debe imaginar la peña de La Marola como un pulpo que, estrellándose contra ella el mar bravísimo, se reparte después en muchos cirros o brazos y los principales son las cuatro rías famosas: primera la de La Coruña, que recibe el río Mero; segunda de Betanzos, que recibe el río Mandeu; tercera la de Pontes de Eume, que recibe el río Eume; y cuarta la del Ferrol, que recibe el río Juvia. A estas cuatro rías corresponden cuatro lugares famosos: primero La Coruña, segundo Betanzos, tercero Pontes de Eume y cuarto el Ferrol. También corresponden cuatro puentes en agua salada. En la ría de La Coruña, la Ponte do Burgo; en Betanzos, su grande puente; en Pontes de Eume, el famoso puente de 51 arcos útiles; y en el Ferrol, la *Ponte do Porco*. (SARMI-660:7790).

TFG. *Marola tranquila non é cada día.* (GONPE:064) (GONPE118). A Marola é un farallón na que fai perigosa a navegación, maiormente para os barcos de vela ou remo. *Que moito, que pouco, nunca falta bambexo na Marola.* (GONPE118). *Non se pasa a Marola nunha caixa de mistos.* (GONPE118). *O que non se marea na Marola, non se marea na mar toda.* (VSACO:593, 15725). *O que non viu a Marola, non viu a mar toda.* (VSACO:487, 12673). *Quen dixo mar, dixo Marola, e quen pasou a Marola pasou a mar toda.* (GONPE118). *O que pasa a Marola, pasa a mar toda.* (VSACO:481, 12549). *O que pasa pola Pena da Marola, pasa pola mar toda.* (VSACO:481, 12549). *O que pasou A Marola, pasou a mar toda.* (R2594) (13702, 120) (MOREI1120) (GEG08249) (LEMABOU07). (GONPE:020) (GONPE118). *Quen pasa a Marola pasa a mar toda.* (VSACO: 481, 12549). *Quen pasou a Marola, pasa a mar toda.* (GONPE118) (GONPE:021).

4. Observacións finais

4. 1. Pervivencia e mortalidade da fraseoloxía galega que cita o P. Sarmiento

Imos sintetizar agora a pervivencia plena ou parcial ou a posible desaparición da fraseoloxía galega que cita o P. Sarmiento e para iso utilizarémo-las seguintes claves: pervive nesa mesma formulación, pervive cunha parcial modificación ou desapareceu pero existen paralelos vivos.

Con todo, debemos advertir que o feito de que non encontremos pervivencias no TFG apunta á probabilidade de que ese fraseoloxismo se extinguise pero un corpus que pretende recolle-la lingua oral, por extenso que sexa, sempre é un corpus parcial e segue sendo posible que ese fraseoloxismo estea vivo nalgún ou varios lugares non detectados de Galicia: queda, polo tanto, aberta a posibilidade de modificación.

	PERVIVE	MODIFICADO	PARALELO
bestiña de canado e medio			
chupa matulas; atiza esa matula,			
corpo santo		si	
fidalgo do cabo de Boa Esperanza			si
mel de Galicia Véxase *Se queres vestir de seda, trata en cera.*	si		
ollo breque			si
ollo de boi mariño	si		
ratos d'almizcre		si	
real del cavador			
o ricachón de Moymenta, o señore do lugar			
trasacordo do galego	si		
rayo, fillo do trovon, capitán da roxa espada			
ir a [tanto] a man de [algo]		si	
as sardiñas van a catro mans a [moeda]			si
ser un laverco		si	
ter pan e porco	si	si	
ter pan e porco e carro ferrado			
ter pan vello		si	
ver o algueiro en ollo alleo...	si*	si	
como dixo o outro	si		
Non che creo, que eres garda [ver *trasacordo...*]			
Rapadiño do cou cou, pasou polo río e non se mollou			si
¡Vamos a lei. Vamos a lei!			
Cavar, cavar, para enterrar			si
Fágamelo vostede con as perniñas largas, que o quero para tecelán.			si
Manda o rei que xoeiren, que peneiren, que amasen, que se abracen			
Como dixo ô outro	si		
A cabeza do budión ante ti a pon	si		
A cabeza do merlón ante ti a pon.	si		
A quem en mayo come sardiña, en agosto lle pica a espiña.	si		
Cando fores a Nocedo, leva pan no teu capelo			si
Cando o trigo é louro, o muxe é de ouro	si		si
Castilla queda na terra, para quen quer traballar			si
Da muller e da sardiña, a máis pequeniña		si	si
De longas terras, longas mentiras.		si	
En Domaio non entra nen fidalgo a cabalo nen carro ferrado.	*si		si
Home cordo, ao leme.			si
Legua por legua, San Amaro da Portela.			
Muller rincheira, ou puta ou peidorreira		si	si
Non hai atallo sen traballo nen rodeo sen arreceo.		si	si
Non se acordan de santa Bárbara senón cando lostrexa. /... cando treboa. /... cando treboexa		si	si

Quem quizer mal a sua veziña, delles [sic] *en mayo hum a sardiña pequeniña*		si	
*Quen *lexos vai a casar, ou chata leva ou a vai a buscar*	si	si	si
Quen calzóns non ha doito as costuras lle fan mal *A quen calzons non ha doito as costuras lle fan mal.*		si	
Quen parte non carpe, se tolo non é.		si	si
Se non che vale o ton, válache o legón / Se non che vale o ton, válache a sepultura.			
Se queres que o cabelo cresa, úntao coa herba tioiresa			...
Se queres vestir de seda, trata en cera		si	
Se queres vivir mesquiño, trata en viño.		si	si
Si queres ver tua moller morta, dálle de comer samborca.	si	si	
Torto ou dereito, o escribán ao teu xeito.	si		si
Verberiana, todas as enfermedades sana, senón a da morte que é mui forte			si
sombrero maior de casa			
ter unha mona ~ moña / xarela / lurpia / lupanda ~ un cerín / lobo	si		
**Y ande la gaita por el lugar*		si	
Los que quisieren trabajar en Galicia tienen la Castilla			si
A donde irà el buey, que no arè? - Al matadero.	si		
El que vive en puerto de mar, nunca se acuesta sin cenar.			si
Niña, llora y vencerás			
Quien pasó La Marola, pasó la mar toda.			si
TOTAL	17	20	23

Desapareceron	Perviven intactas	Perviven modificadas	Perviven paralelas
14	17	20	23

Aínda que a medición deste cadro estea feita cun corpus de partida moi pequeno, o corpus de chegada con que se compara é grande e esa comparanza revela que a fixación, elemento esencial da fraseoloxía, ten límites que xa resultan observables nun período de 250 anos. As unidades que perviven intactas son pouco máis (17) cás que o TFG xa non detecta como vivas (14); o maior número está nas que perviven modificadas (20) e naquela das que perviven formas paralelas (23). Hai, polo tanto, mortalidade fraseolóxica. E tamén se observa que esa mortalidade parece maior nas unidades fraseolóxicas do que nas paremiolóxicas. Quizais axude o feito de que os refráns, por formaren un pensamento completo, constitúen ferramentas ideolóxicas que definen, manteñen e reproducen a mentalidade común dun pobo. Pero esta pervivencia non é estática, porque a maior parte das pervivencias, como tamén se ve no cadro anterior, implican pequenas modificacións do texto fixado: é dicir, que a fixación non é tan forte como en abstracto parece ser. Quere dicir, que o corpus non é estático e que os usuarios anónimos introducimos numerosas modificacións que adquiren o mesmo status da paremia inicial. Este feito corrobora que a fraseoloxía é obra do pobo; e o pobo é unha entidade humana sen límites cronolóxicos, porque non remata coa morte

dos individuos nin nese lindeiro máis difuso que é o final dunha xeración. A fraseoloxía é coma un río.

4.2.Desautomatizacións

Do mesmo xeito que os usuarios anónimos introducen modificacións nas paremias recibidas, Sarmiento realiza con algúns refráns operacións modificadoras que merecen comentario. A máis frecuente é a desautomatización, que lle permite crear un pensamento novo, orixinal e persoal. E a iso Sarmiento chámalle *trobar* ou *formar otro dicho.* Vexamos dúas:

4.2.1. ***¿A onde irás, boi, que non ares?*** Vímolo en 3.3.3. e ten varias respostas. Normalmente *á cortadoría.* O refrán explica que un boi vive para tirar polo arado ou polo carro, porque en Galicia nunca se arou con cabalos ou mulas (e hoxe, que se ara con tractores, os machos sacrifícanse ordinariamente antes de faceren un ano). En consecuencia, o boi en Galicia só se liberaba do arado para ir ó matadoiro, a cortadoría e, por esa razón, en Galicia o macho bovino é paradigma de vida escrava. Pero Sarmiento, observando que en Castela non se ara con bois senón con mulas, modifica o refrán en *A donde irás, buey, que no ares. A Castilla* e iso dálle pé non só para observacións agronómicas sobre a menor rendibilidade do arado con mulas senón para unha diatriba contra as corridas de touros, porque, ó non utilizaren os machos bovinos para o arado, non os capan e víranse bravos, convertendo a necesidade de desfacerse deses animais feroces nun espectáculo tauromáquico que na España central e meridional produce admiración e por iso nesa zona o macho bovino é paradigma de fortaleza e virilidade e os seus matadores personifican a audacia temeraria. Sarmiento, galego de sentimento e de cultura agronómica, sabe que o extremo sufrimento animal e humano da tauromaquia é innecesario e prodúcelle verdadeiro horror. A isto, se cadra, habería que engadir outro matiz: Sarmiento, ademais de galego, era frade beneditino e os que introduciron en Europa o arado con cabalos e mulas foron os cistercienses. Velaí, polo tanto, un refrán que marca fondas diferenzas culturais.

4.2.2. ****El que lexos va casar; o faltas lleva, o las va a vuscar.*** Vímolo en 3.3.1. Desautomatizándoo, Sarmiento crea unha nova aplicación desta paremia ó mundo estudiantil (*El que lexos va a estudiar*) e ten certa importancia feita por Sarmiento ós 73 anos (1968), porque precisamente el marchara de Pontevedra ós 15 anos para estudar e profesar en Madrid, onde residiu a maior parte da súa vida e onde morrería en 1772. Hai numerosos testemuños nos seus escritos e na súa corrrespondencia de que el desexaba volver a Galicia e, sobre todo, de que coidaba que, se Galicia recibise de España a autonomía e o retorno equivalente á súa congrua colaboración ó Estado, os galegos non precisarían emigrar nin sequera para estudos superiores. A súa proposta de racionalización da economía, das comunicacións, das leis, da medicina, da estrutura eclesiástica, incluía unha demorada reflexión sobre a racionalización da ciencia e do sistema educativo tanto eclesiástico como laico. Todo era posible facelo en Galicia. Ningunha actividade era imposible en Galicia: velaí unha das ideas centrais do pensamento do bieito pontevedrés. Así que nestas escuetas palabras, escritas catro anos antes de morrer, o P. Sarmiento condensa ideas propias que lle son moi queridas.

4.2.3. *Fágamelo vostede con as perniñas largas, que o quero para tecelán.* [1762-1772] Vímolo en 2.4.2. Neste caso Sarmiento desautomatiza a frase proverbial dunha anécdota popular e humilde para convertela en vehículo dunha aceda crítica contra os funcionarios que utilizan a súa ciencia e a súa función pública para accións inxustas. *"Fágamelo vostede ... con las uñas largas, que le quiero para escribano*". Sarmiento non o cita explicitamente pero na súa desautomatización manifesta que coñece moi ben o refrán galego *Onde o escribán mete a pruma, mete o demo a uña*. Tamén esta é unha idea central do pensamento humanista daquel sabio: a ciencia ten que estar ó servizo da mellora das condicións de vida dos seres humanos empezando polos máis humildes. Poucas cousas o irritaban máis cá petulancia e a ingratitude con que algunhas persoas, ás que a vida lles concedera a oportunidade de faceren unha carreira e obteren un oficio público, trataban os humildes eternos contribuíntes ós que debían servir. Por iso non limita a desautomatización ós escribáns e puntualiza: "Lo mismo se podrá aplicar a otro de los oficios de arriba que sean perpetuos y hereditarios" (SARMI-660:4003; Monteagudo:3, 152).

Estas desautomatizacións indican que Sarmiento non entende a fraseoloxía como un elemento inerte da comunicación, senón como algo activo, suxeridor e multiplicador da comunicación, tal e como entre nós, describiu a obra memorable de Mokienko (2000). Destas operacións, que observamos en tres fraseoloxismos galegos, hai moitos máis exemplos sobre refráns casteláns, como é natural, porque el escribe nesa lingua [67].

5. Referencias bibliográficas

5.1. Bibliografía primaria (contida no Tesouro Fraseolóxico Galego)

10005 (Algún lugar da provincia). Informantes anónimos do 'Refraneiro'de Vázquez Saco. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

10208 Ames (Proupín. San Tomé de Ames). Villaverde Marcos, Manuel. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

10613 Arzúa. Pampín Basteiro, Argimiro. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

10614 Arzúa (Burres). Duro Quintela, José. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

10911 Betanzos. CUNS LOUSA, Xulio (1992): *O que non quedou no protocolo.* Excmo. Concello de Betanzos, Betanzos 1992. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

[67] Para o lector non especialista cómpre dicir que Sarmiento, por residir en Madrid, escribiu a maior parte da súa obra en castelán, pero que tamén ten obra en galego, creada precisamente para facer eses extensos e detallados comentarios filolóxicos que o fixeron pai da filoloxía moderna. Referímonos ó *Coloquio de veinticuatro gallegos rústicos* do que se pode acceder en PDF ó manuscrito autógrafo (SARMI-COL) [http://consellodacultura.org/mediateca/documento.php?id=316]. [15.2.2012].

11203 Boqueixón (O Forte). Álvarez Losada, Ramón e alumnos do Colexio Couto do Forte (2001).

11626 Camariñas. Barreiro Regueira, Aldo (2003).

11629 Camariñas. M. , Manuel e F. , Salvador (2003).

11704 Cambre CARRÉ, Lois (Paz Roca, M. Carmen ed.) (1965): *Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1898-1965) Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003, 129-141.

11806 A Capela (As Neves). Alumnos/as do C. P. "Mosteiro de Caaveiro" (A Capela) ALUMNOS/AS DO C. P. "MOSTEIRO DE CAAVEIRO" (1989): *Refraneiro do ano* Colexio Público "Mosteiro de Caaveiro". As Neves. A Capela 1989.

12006 Carnota (San Mamede de Carnota). Louro Lado, Baldomero. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

12007 Carnota (Canedo). QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel (2000): *Cancioneiro do Fisterra galego* Editorial Toxosoutos, Noia 2000. Os 5 primeiros díxitos indican a localización; o 6º, o tomo; e os tres últimos indican a páxina.

13201 Curtis. MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Mª Rosario (1970): *El habla de Curtis y sus cercanías. Tesis de Licenciatura.* Universidad de Santiago de Compostela. Febrero de 1970. Citado tamén en Constantino GARCIA: *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba,* anexo 27. Universidade de Santiago de Compostela, 1985.

13702 Fisterra. ESMORÍS RECAMÁN, Francisco (1959): *Refranero fisterrán Cuadernos de Estudios Gallegos* XIV, 42, 1959, 107-129.

14203 Lousame (Tállara). Castro Ces, Andrés. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

14603 Melide. RISCO, Vicente e RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, Amador (1933): "Folklore de Melide" en *Terra de Melide.* Compostela: Seminario de Estudos Galegos. Compostela; 425-535.

15103 Mugardos. Martínez Yáñez, César.

15216 Muros. FABEIRO GÓMEZ, Manuel (1968): *"Cancionero de Muros" (Serie segunda)* B. R. A. G. 30, 345-350, 1968, 30-65. [Nas últimas páxinas ten tamén refráns].

15327 Muxía (Mintiráns. Caberta). Canosa Quintáns, Francisco (1956): Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

16214. Outes (Tavilo. San Come de Outeiro). Domínguez Domínguez, Dominga

16710 Ponteceso (Corme). RAMÓN Y FERNÁNDEZ OXEA, José (1951): *Cancionero y refranero de Corme* Revista de Dialectología y Tradiciones Populares VII, 1951, 456-507, Os tres últimos números indican o número de índice na lista de refráns das páxinas 504-507.

17322 Ribeira (Corrubedo). López Souto, Juan. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

17330 Ribeira. Pena Romay, Antonio.

17703 Santa Comba (San Fins de Freixeiro). Torreira Torreira, Antonio. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

17851 Santiago de Compostela. Otero Outes, José A. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

17852 Santiago de Compostela. Casal García, Manuel. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

17853 Santiago de Compostela. Crespo Caamaño, Clemente. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

18401 Tordoia (Santaia. Gorgullos). Varela González, Francisca (1985): *A fala de Santaia. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago 1975. Inédita* citada tamén en Constantino GARCIA: *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba,* anexo 27. Universidade de Santiago de Compostela, 1985.

18603 Trazo. Viqueira Liñares, Clara.

18704 Val do Dubra (Niveiro). García Villasenín, Jesús. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

18706 Val do Dubra (Rial). Lens Fraga, Perfecto. Informante do Refraneiro de F. Vázquez Saco (*Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003).

19303 Zas (Baio. Terra de Soneira). ROMERO LEMA, Francisco (2000): *Vocabulario de Soneira. Edición de Xosé María Rei Lema.* Cadernos de Lingua. Anexo 6. Real Academia Galega, A Coruña 2000.

20001 (Algún lugar da provincia). Informantes anónimos do 'Refraneiro'de Vázquez Saco. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

20301 Antas de Ulla (Lebesende. Queixeiro). Lamela Villaravid, M. do Carme.

20302 Antas de Ulla (San Pedro Fiz de Castro Am.). García Conde, Bienvenido.

20310 Antas de Ulla. LAMELA VILLARAVID, Carme (1993): *A literatura popular de tradición oral -cántigas, adiviñas e refráns - no concello lugués de Antas de Ulla.* 1993. Inédito.

20405 Baleira (Cubilledo. O Cádavo). OTERO, Anibal (1949-1967): *Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués. Cuadernos de Estudios Gallegos*. IV-XXII, 1949-1967, passim. Os díxitos 6-7 indican o fascículo, os díxitos 7-8 o ano de publicación e os tres últimos a páxina.

20511 Baralla. Manuel Villares Gómez.

20545 Baralla. Daniel López López.

21002 Carballedo (Pradeda. Cartelos). Guerra Otero, Pilar.

21007 Carballedo. Rielo Carballo, Nicanor RIELO CARBALLO, Nicanor (1972, 1973, 1974, 1975): *Refranero Popular de Carballedo. Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXVIII, 1972, 1º-2º, 145-156; XXIX, 1973, 1º-2º, 131-153; XXX, 1974, 3º-4º, 429-452; XXXI, 1975, 1º-4º, 111-135.

21009 Carballedo. RIELO CARBALLO, Nicanor (1976): *Escolma de Carballedo* Edicións Castrelos, Vigo 1976.

21112 Castro de Rei (Castro Ribeiras de Lea). Equipo de Normalización Lingüística Equipo de Normalización Lingüística (2000): *Anacos da nosa cultura. Refráns, adiviñas, lendas. Celebracións e oficios. Aparellos.* Castro de Rei: C. E. I. P. Veleiro do Campo. Curso 95/96-96/97. Citania Publicacións, Lugo 2000.

21116 Castro de Rei (Castro de Ribeiras do Lea). Varios alumnos Equipo de Normalización Lingüística. (1995): *Anacos da nosa cultura. Refráns, adiviñas, lendas. Celebracións, oficios. Aparellos.* Castro de Rei: C. P. Veleiro do Campo; 15, 17-18, 19, 20-21; 24-25; 27; 29, 30, 35.

21117. Castro de Rei. Castro de Ribeiras de Lea. ÁLVAREZ MÉNDEZ, Jennifer e Rodrigo. Equipo de Normalización Lingüística (1995-1997): *Anacos da nosa cultura. Refráns, adiviñas, lendas... Celebracións, oficios... Aparellos...* Castro de Rei: C. P. Veleiro do Campo; 15-16.

21126 Castro de Rei (Castro de Ribeiras de Lea). Balado Blanco, Javier Equipo de Normalización Lingüística. (1995): *Anacos da nosa cultura. Refráns, adiviñas, lendas. Celebracións, oficios. Aparellos.* Castro de Rei: C. P. Veleiro do Campo; 31-33.

21602 Cospeito (Goá). Anido Silvosa, Mª Xesús.

21809 Folgoso do Courel. Álvarez García, Manuel.

21813 Folgoso do Courel. Teo.

21817 Folgoso do Courel (Piñeira). Rodríguez Méndez, Cristina.

21830 Folgoso do Courel (Piñeira). Rodríguez Méndez, Aranzazú.

21833 Folgoso do Courel (Folgoso do Courel). López Paez, Carlos.

21914 A Fonsagrada (Pena de Cabras. Acevo). OTERO, Anibal (1949-1967): *Vocabulario de San Jorge de Piquín (Verba, Anejo 8*, Universidad de Santiago de Compostela, 1977). Cfr. tamén *Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués (Cuadernos de Estudios Gallegos*. IV-XXII, 1949-1967, passim).

22109 Friol (Narla). Seminarista anónimo que recolle refráns entre 1949 e 1957. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

23911 Pantón. Asociación Xuvenil "Os Estraloxos". (2003): *Cántigas, ditos, alcumes. da Ribeira Sacra.* Pantón, Concello de Pantón, 2003.

24001 Paradela (San Miguel de Paradela). PALLARES LÓPEZ, Manuel (1930): "Folklore da freguesía de san Miguel de Paradela (Lugo)" en *Nós* 77, 1930, 100-102.

24002 Paradela. PALLARES LÓPEZ, Manuel-Ramiro (1990): *Vocabulario do Concello de Paradela (Lugo)* Servicio Publicacións Deputación Provincial, Lugo 1990.

24204 A Pastoriza (Fumiñá). OTERO, Anibal (1949-1967): *Vocabulario de San Jorge de Piquín (Verba, Anejo 8, Universidad de Santiago de Compostela, 1977). Cfr. tamén Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués* (*Cuadernos*

de Estudios Gallegos. IV-XXII, 1949-1967, passim). Os díxitos 6-7 indican o fascículo, os díxitos 7-8 o ano de publicación e os tres últimos a páxina.

24402 Pol (A Terra Cha). RIELO CARBALLO, Isaac (1980): *Cancioneiro da Terra Cha (Pol)* Ediciós do Castro, Sada 1980. *Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos* 35. [Os catro últimos díxitos indican o número do refrán].

25003 Ribadeo (Ribadeo). LANZA, Francisco (1933): *Falan os de RibadeoNotas folklóricas e leisico-gráficas recollidas n-ista vila.* Nós 114, 1933, 147-154/ 116, 1933, 169-172/ 118, 1933, 207-211.

25203 Ribeira de Piquín (Barcia). OTERO, Anibal (1949-1967): *Vocabulario de San Jorge de Piquín (Verba, Anejo 8,* Universidad de Santiago de Compostela,). Cfr. tamén *Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués* (*Cuadernos de Estudios Gallegos*. IV-XXII, 1949-1967, passim). Os díxitos 6-7 indican o fascículo, segue o ano de publicación e os tres últimos a páxina.

25213 Ribeira de Piquín (Ribeira de Piquín). OTERO, Anibal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín* Verba, *Anuario Gallego de Filología. Anejo 8*. Universidad de Santiago de Compostela, 1977. Os cinco primeiros díxitos indican a localidade e os restantes a páxina.

26104 O Valadouro (Ferreira). PRADO FERNÁNDEZ, Margarita (1971(1985): *Vocabulario de Ferreira del Valle de Oro. Tesis de Licenciatura.* Universidad de Santiago de Compostela. Octubre de 1971. Citado tamén en Constantino GARCIA: *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba,* anexo 27. Universidade de Santiago de Compostela, 1985.

27001 (A Terra Cha). REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís (1991): *A fala do norte da Terra Cha. Memoria de Doutoramento.* Universidade de Santiago de Compostela. Abril de 1991.

27003 (A Terra Cha). RIELO CARBALLO, Isaac (1989): *Cancións galegas (Literatura Popular)Recolleita, ordenación, limiar e notas por* Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial, Lugo 1989.

30620 Bande (Muíños). Montero Otero, Felipe (2007).

30626 Bande. Novais Álvarez, Gabriel (2007).

30636 Bande. Pérez Rodríguez, Marina (2007).

30644 Bande. Pérez Pérez, Monserrat (2007).

32503 Cenlle (Roucos). Rodríguez Álvarez, Manuel.

32602 Coles (San Miguel de Melias). SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, María (1934): *Zorro por lebre* Nós 123, 1934, 55. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

33309 A Gudiña (A Gudiña). VÁZQUEZ SANTAMARIA, Mª Ester (1971): *El habla de La GudiñaTesis de Licenciatura.* Universidade de Santiago de Compostela. Octubre de 1971.

33903 Lobios (Grou). FERNANDES DO PALHEIRO, Bieito (1935): *Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro.* Ferro Ruibal, Xesús (ed.) en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 2008, 241-253.

34003 Maceda. Díaz Pérez, María Xosé.

34005 Maceda. Aldemira Requejo, M. Carmen.

34401 A Merca. ARAÚJO IGLESIAS, Miguel Anxo (1997): *A Merca. Antropoloxía dun Concello Galego.* Ir Indo, Vigo 1997.

34501 A Mezquita. TABOADA CID, Manuel (1971, 1985): *Vocabulario y Notas Etnográficas de La Mezquita. Tesis de Licenciatura.* Universidad de Santiago de Compostela. Febreiro de 1971. Citado tamén en Constantino GARCIA: *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba,* anexo 27. Universidade de Santiago de Compostela, 1985.

34505 A Mezquita. Taboada Cid, Manuel TABOADA CID, Manuel (1978): *"*Algunos aspectos de la vida material y espiritual de La Mezquita. III Etnografía" en *Boletín Auriense* VIII, 1978, 149-163.

34703 Monterrei. TABOADA, Jesús (1947): "La medicina popular en el Valle de Monterrey (Orense)" en *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, III, 1947, 31-57. [Os tres últimos díxitos indican a páxina].

35115 Ourense. Palacios Rodríguez, M. Emma.

35122 Ourense. González Bermejo, Mª Celia.

36614 Ribadavia. Díaz Peña, José Luís.

37504 Sarreaus (Folgoso). Novoa López, Manuela.

39011 Xinzo de Limia. Blanco, Milagros: *Refráns recollidos nos concellos de Xinzo de Limia e Sarreaus.*

39103 Xunqueira de Ambía. Lorenzo Fidalgo, Agustín.

39455 (Terras das Frieiras). RIVAS QUINTAS, Eligio e RODRÍGUEZ CRUZ, José (2002): *Terras das Frieiras.* Deputación Provincial de Ourense, Ourense 2002.

40108 Arbo. Leal Varela, Pilar. COL. MANUEL LEIRAS *PULPEIRO (Martínez Seixo, R. , dir.)* (2000): *Dicionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo.* Vigo: Edicións A Nosa Terra. Os catro díxitos despois da coma indican o número da entrada no Dicionario.

40204 Baiona. Barreiro Troncoso, Héctor (1992).

40307 Barro (Bretoña. Curro). Corredoira Varela, Xosé Manuel.

40515 Caldas de Reis (S. Andrés de Cesar). Fresco Reboredo, Manuel. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

40606 Cambados (Castrelo). Leiro Lois, Adela (1990): *O traballo no mar (aparellos e artes de pesca e marisqueo)* Consellería de Pesca, marisqueo e acuicultura. Santiago 1990.

40800 Cangas.

40809 Cangas. González González, Margarita.

40909 A Cañiza. COL. MANUEL LEIRAS PULPEIRO(Martínez Seixo, R. , dir.) (2000): *Dicionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo.* Vigo: Edicións A Nosa Terra. Os catro díxitos despois da coma indican o número da entrada no Dicionario.

41202 Cotobade (Loureiro). VIDAL MEIJÓN, Ana (1944): *Contribución ó estudio do léxico de Loureiro (Cotobade). Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela. Setembro de 1994.*

41711 A Estrada (Berres). GARCIA BARROS, M. (Ken Keirades) (1976): *Aventuras de Alberte Quiñói* Ed. Castrelos, Vigo MCMLXXVI.

41712 A Estrada (Berres). Nogueira Pereira, María Xesús.

41739 A Estrada (Santa Mariña de Ribela). Barreiro Somoza, José. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

41740 A Estrada (Santa Mariña de Ribela). Barreiro Somoza, Manuel. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

41816 Forcarei. Gulías Rivas, José M. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

42007 A Golada. Barrio, José.

42213 O Grove. ENRÍQUEZ SALIDO, Mª del Carmen (1974): *Léxico de O Grove Verba, Anejo 3*. Universidad de Santiago de Compostela 1974. Citado tamén no *Glosario de voces galegas de hoxe* de Constantino García. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

42413 Lalín. Areón Seijas, Miguel.

42416 Lalín. Granxa González, X. Antón en COL. MANUEL LEIRAS PULPEIRO (Martínez Seixo, R. , dir.) (2000): *Dicionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo.* Vigo: Edicións A Nosa Terra. Os catro díxitos despois da coma indican o número da entrada no Dicionario.

42507 A Lama. MORGADE, Xosé Carlos (1996): *A Lama. Libro de cantigas.* Concello da Lama 1996.

42608 Marín. Otero Cupeiro, Adriana.

42705 Meaño (Xil, Santa Eulalia). Lage Radío, José. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

43210 Moraña (Grixó. Santa Cruz de Lamas). Ferro Batallán, Jesús.

43220 Moraña (A Bouza. Rebón). Ruibal Fernández, María.

43815 Poio. APARICIO CASADO, Buenaventura (1992): *A tradición oral en PoioClaves interpretativas.* Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra 1992.

43920 Ponteareas (Fraga do Rei. Oliveira). Ucha González, Julián.

43921 Ponteareas (Cristiñade). Gándara, Alfredo.

44081 Ponte Caldelas (Coveliño). Fernández Hermida, Palmira.

44084 Ponte Caldelas (Ponte Caldelas). Canda, Pilar, Cid, Eva, Cousiño, Pilar, López, Diana (1999): *Fraseoloxía galega recollida por alumnnos do Instituto Torrente Ballester de Pontevedra en 1999.*

44237 Pontevedra. COLEXIO PÚBLICO FROEBEL (Equipo de Normal. Ling.) (1994): *Literatura de Tradición Oral. Recolleita* Colexio Público Froebel, Pontevedra 1994.

44242 Pontevedra. Gallego Castro, Ana.

44247 Pontevedra. Castellano Juncal, Leandro (1999): *Fraseoloxía galega recollida por alumnos do Instituto Torrente Ballester de Pontevedra en 1999.*

44307 O Porriño. De Dios Díez, Ma. Flor.

44406 Portas. Porto Buceta, José. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.
44908 Salceda de Caselas. Pérez, Mercedes.
45012 Salvaterra de Miño (Pesqueiras, Alxén, Lourido). Rodríguez Rodríguez, Xosé Enrique.
45507 Tui. De Dios Díez, Ma. Flor.
45605 Valga (Santa Comba de Cordeiro). López Castro, Manuel. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.
456101 Valga (Cordeiro, Santa Comba). Silva Lestido, Víctor (2004).
45678 Valga (Cordeiro, Santa Comba). Somoza Lerín, María Dolores (2004).
45694 Valga (Setecoros, San Salvador). Bello Jamardo, Iganacio (2004).
45695 Valga (Campaña, Santa Cristina). Bustos Santalla, José A. (2004).
45703 Vigo. Fernández Lopo, Ma. Edith.
45739 Vigo. Fernández Pérez, Xosé Luís.
AGUIRRE DEL RÍO, Luís (1858-2007): *Diccionario del dialecto gallego.* HERMIDA GULÍAS, Carme edit. CSIC-IPS, 2007.
ALOMO3 ALONSO MONTERO, Xesús (1977): *Lengua, literatura e sociedade en Galicia.* Akal, Madrid 1977, 60-63.
ANT ANÓNIMO: Material fraseolóxico diverso e anónimo publicado no semanaraio. *A Nosa Terra*. Os dous primeiros díxitos corresponden ó ano e os tres seguintes ó número e os dous últimos ó número de páxina.
BENAVENTE BENAVENTE JAREÑO, Pedro e FERRO RUIBAL, Xesús (2010): *O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún.* Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; 1632 páxs.
BERMU BERMÚDEZ, Rosa: Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega.* [Os dous primeiros díxitos indican o tomo e os tres seguintes, a páxina].
BLADO BLANCO, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica.* Xerais, Vigo 1992. 2 vols. [A numeración remite ó volume, páxina e cantiga].
CABAN-4. CABANILLAS, Ramón (1951): *Antífona da Cantiga. Comentos filolóxicos de Isidoro Millán González-Pardo.* Galaxia, Vigo 1951.
CABANA. CABANA, Darío X. (1974): *Libro do amor.* Castrelos, Vigo, 1974.
CARRA-4. CARRÉ ALDAO, Eugenio (1908): "Refranero gallego" n'*A Nosa Terra*. A Coruña 1908. Os seis últimos díxitos indican día, mes e ano en que se publicaron.
CARRÉ-4. CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1972): *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*. La Coruña: Moret.
CARREA-1. CARRÉ, Lois (Paz Roca, M. Carmen ed.) (1965): "Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1898-1965)" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003, 129-141.
CARU. C(aruncho), R(icardo) C(ARUNCHO), R(icardo) (1888): "Cantares y refranes gallegos. Recogidos directamente del pueblo port R. C. en *Diario de Avisos de*

La Coruña. n.9230-9299. Año XVII-XVIII. 25.10.1888-3.1.1889. [Os oito díxitos indican o día, o mes e mailo ano].

CARVALHO. CARVALHO COSTA, Alexandre de (1982, 1983, 1984, 1985): *Gente de Portugal. Sua linguagem - seus costumes*. Edição da Assembleia Distrital de Portalegre. I (1, 2, 3), 1982; II, 1983;III, 1984; IV, 1985. [O(s) primeiro(s) díxito(s) indica(n) o volume(e tomo); os últimos, a páxina].

CASTRO1 CASTRO, Rosalía de (1863): *Cantares gallegos.* Glosario. Vigo: Imp. de Juan Compañel.

CORNIDE. MARTÍNEZ BARBEIRO, Carlos (1956): Don José Cornide y su 'Catálogo de palabras gallegas"' en *Boletín de la Real Academia Gallega*, 27, 309-320, 1956, 291-349.

CRESPO CRESPO POZO, P. José Santiago (1972, 1979, 1982, 1985): *Nueva Contribución a un Vocabulario Castellano-Gallego* Edit. La Región (tomo 1 1972). Tomos 2, 3 e 4 Ediciós do Castro, Sada 1979, 1982, 1985 respectivamente.

CUVEI CUVEIRO PIÑOL, Juan (1876): *Diccionario Gallego. El más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día con las voces antiguas que figuran en códices, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares y su pronunciación...* Barcelona: Establecimiento Tipográfico de N. Ramírez y Cª. Barcelona. Os díxitos indican o número de páxina.

DIAZ Díaz, Pedro DÍAZ, Pedro (1963): "Paremiología gallega. Sardinas en refrán" en *Faro de Vigo* 16.8.1963.

DRAG-1 REAL ACADEMIA GALLEGA [VAAMONDE LORES, César] (1913-1928): *Diccionario Gallego-Castellano por la Real Academia Gallega* A Coruña 1913-1928.

DRAG4 REAL ACADEMIA GALLEGA (2012): *Dicionario da Real Academia Galega.* [http://www.realacademiagalega.org/dicionario].

ENRIQUEZ: ENRÍQUEZ SALIDO, Mª del Carmen (1974): *Léxico de O Grove*. *Verba, Anejo 3*. Santiago: Universidad de Santiago de Compostela.

FEIXOO FEYJOO Y MONTENEGRO, Fr. Benito Jerónimo (1726-1740): *Teatro critico universal ó Discursos varios en todo género de materias, para desengaño de errores comunes / Escrito por el Muy Ilustre Señor D.Fr....* Texto tomado da edición de Madrid 1778 (por D. Joaquín Ibarra; páx. 1-19). [Edición dixital en http://www.filosofia.org/bjf/bjft101.htm]. [05/01/2012].

(1750): *Cartas eruditas, y curiosas, en que, por la mayor parte, se continúa el designio del Teatro critico universal, Impugnando, ó reduciendo á dudosas varias opiniones comunes / Escritas por el Mui Ilustre Señor D. Fr...* tomo tercero (1750). Texto tomado da edición de Madrid 1774 (Imprenta Real de la Gazeta; tomo segundo (nueva impresión), páx. 1-10. [Edición dixital en http://www.filosofia.org/bjf/bjfc301.htm]. [05/01/2012].

FERRO: FERRO RUIBAL, Xesús (1987): *Refraneiro galego básico*. Vigo: Galaxia.

FONSECA: FONSECA LEBRE, José da: (1924): *Locuções e modos de dizer usados na província da Beira Alta apresentados sob a forma de diálogo.* Lisboa: Livraria Clássica Editora. (226 pp.).

FRAGU-4: FRAGUAS FRAGUAS, Antonio (1985): *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade* Fundación Otero Pedrayo, Trasalba 1985.

FRAGU-GEG00 FRAGUAS FRAGUAS, Antonio: Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega.* Os dous primeiros díxitos indican o tomo, e os tres seguintes, a páxina.

FRANCO FRANCO GRANDE, X. L. (1972): *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego.* Editorial Galaxia, Vigo 1972, 2ª.

GARGO-1 GARCIA, Constantino (1983): *Recantos da lingua. 1982* Biblioteca Gallega. La Voz de Galicia, La Coruña 1983.

GARGO-9 GARCÍA, Constantino (2003): *Fiestra da lingua. O libro das palabras (Obra xornalística completa).* Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2003.

GARRO GARCÍA ROMERO, Celestino (2000): *Inferno e gloria.* ed. Facsímile, con Introducción de X. Ferro Ruibal.- X. A. Santiago García.- A. Torres Queiruga. Vigo: Sept.

GOG-GEG:0000 GRUPO ORNITOLÓXICO GALEGO: Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega.* [Os dous primeiros díxitos indican o tomo e os tres seguintes, a páxina].

GOLPE GOLPE, Salvador ("Pedro de Merille") (1906(1994): *Refraneiro agrícola-meteorolóxico. Recollido na sua maoría por Pedro de Merille.* La Coruña, Tip. "Tierra Gallega", 1906. Reedición facsímile da Asociación Cultural Eira Vella, Betanzos 1994.

GONDAR-2 GONDAR PORTASANY, Marcial (1989): *Romeiros do Alén. Antropoloxía da morte en Galicia.* Edicións Xerais de Galicia, Vigo 1989.

GONDAR-4 GONDAR PORTASANY, Marcial e GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E. (1992): *Espiritados. Ensaios de etnopsiquiatría galega*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

GONDAR-5 GONDAR PORTASANY, Marcial (1993): *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros.* Edicións A Nosa Terra, Vigo 1993.

GONPE: GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1987): *O refraneiro do mar.* Pontevedra: Diputación Provincial, 163 p., il. // 2ª ed. corr. e aum., Sada: Ediciós do Castro, 1993, 136 p., il. (= *Cuadernos do Seminario de Sargadelos*; 56).

GONRE GONZÁLEZ REBOREDO, José Manuel: Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega.* Os dous primeiros díxitos indican o tomo e os tres seguintes, a páxina.

IBAÑEZ IBAÑEZ FERNANDEZ, J. (1950): *Diccionario Galego da Rima e Galego-Castelán.* Madrid 1950.

IGLEAR. IGLESIAS, Bieito (1994): *Miss Ourense* Galaxia: Vigo, 1994. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

IRINDO FEIXÓ CID, Xosé G. et alii (1986): *Diccionario da lingua galega.* Vigo: Irindo Edicións. Tres tomos. [O primeiro díxito indica o tomo; os tres seguintes, a páxina].

IRMAN IRMANDADES DA FALA (1933): *Vocabulario Castellano-Gallego* La Coruña 1933. (333pp.).

LEIRAS1 LEIRAS PULPEIRO, Manuel (1913): Manuscrito do arquivo da R. A. G. (caixa 210). Publicado con algúns pequenos erros no *Boletín de la Real Academia Gallega* 69, 1913, 227-228 / 70, 1913, 255 / 71, 1913, 275-276 / 72, 1913, 290-293.

LEIRAS3 LEIRAS PULPEIRO, Manuel (1983): "Refráns" en *Galicia, Revista Regional de Ciencias, Letras, Artes, Folk-lore, etc.*

LEIRO1 LEIRO, Adela e DAPORTA PADÍN, Xosé Ramón (1997): *O Can. Animais domésticos 2.* Promocións Culturais Galegas, Vigo 1997.

LEMABOU LEMA BOUZAS, Lino (1993): *Ditos e cantigas mariñeiras. Edición realizada con motivo do I Encontro de embarcacións tradicionais. Galicia 93.* Museo do Pobo Galego e outras entidades. Santiago 1993.

LIS1 LIS QUIBÉN, Víctor (1964): *Cancionero médico de Galicia Revista de Dialectología y Tradiciones populares* XX, 1964, 203-227 e 333-388.

LOPFE3 LOPEZ FERREIRO, Antonio (1895): *A tecedeira de Bonaval. Episodio da hestorea de Compostela no sigro XVI por....* A Cruña: Andrés Martínez, 1895. Reed. Vigo: Edicions Xerais de Galicia; 1985.

LOPTA1 LÓPEZ TABOADA, Carme (1995): *Do falar e do escribir.* A Coruña: Fontel Edicións.

LOPTA2 LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, Mª do Rosario (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica.* A Coruña: Galinova.

LOREN2 LORENZO FERNANDEZ, Xoaquín (1973): *Cancioneiro popular da Limia Baixa.* Vigo: Galaxia.

LOREN7 LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1974): *El carro en el folklore de Galicia Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, XXX, 1974, 43-76. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

LOREN7: LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1974): "El carro en el folklore de Galicia" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, XXX, 1974, 43-76. [Os tres últimos díxitos indican a páxina].

MAREVA: MAREVA, Xepe (1999): *Refráns galegos por orden alfabético. Sentencias - adaxios - aforismos - paremias. Follato nº1.* Palas de Rei: Edicións Lakinfil.

MASMA: MASMA, Xan de (DELGADO LUACES, Patricio Val. Sisto (1899-1900 /1993): *¡A besta!* Rev. Follas Novas. La Habana 1899-1900. Reedición Galaxia, Vigo 1993.

MONTEAGUDO: Véxase SARMI-660.

MOREI1: MOREIRAS SANTISO, Xosé (1977): *Os mil e un refrás galegos do home.* Edición do autor. Lugo 1977. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

MOREI2: MOREIRAS SANTISO, Xosé (1978): *Os mil e un refráns galegos da muller. Apéndice: mulleres cregos, ¿si ou non?* Editorial Alvarellos, Lugo 1978. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

NOVOA NOVOA, Francisco A. de (1896(1976): *Pé das Burgas.* A. Martínez, La Coruña 1896, 121-125. Cit. por CATEDRA DE LINGUISTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa galega*. I. Galaxia, Vigo 1976, 162-165.

ORTELLE: Información persoal e inédita que debemos ó etnógrafo, fraseólogo e párroco de Vilar de Ortelle Xosé Val Val.

PENAS: PENAS PATIÑO, Xosé M. et alii (1991): *Guía das aves de Galicia*. A Coruña: Bahía Edicións.

PERZBA2. Pérez Ballesteros, J. PÉREZ BALLESTEROS, J. (1886): *Cancionero Popular Gallego y en particular de la Provincia de La Coruña. Tomo II.* Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas. Tomo IX. Madrid, Librería de Fernando Fé 1886. Reedición facs. Akal editor, Madrid 1979.

PERZPLA3 PÉREZ PLACER, Heraclio (1998): *Beira do lar. Obra narrativa en galego de Heraclio Pérez Placer* Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades, 1998. 423-524.

PINTOS PINTOS VILLAR, Juan Manuel (1865c-2000): *Vocabulario gallego-castellano*. NEIRA, Margarita e RIVEIRO, Xesús edits. A Coruña: RAG, 2000.

PORTO2 PORTO REY, Francisco (2000): *Diccionario Gallego-castellanoEdición de María Jesús Bugarín López e Begoña González Rei* Real Academia Galega, A Coruña 2000.

QUINTA2 QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel (1997): *Diccionario conceptual galego.* Xuntanza Editorial, Laracha 1997.

RABA-GEG000 RÁBADE PAREDES, Xesús: *Entradas varias na Gran Enciclopedia Gallega.* [Os dous primeiros díxitos indican o tomo e os tres seguintes, a páxina].

REGUERA REGUERA Y PARDIÑAS, Eugenio (1840-1858-1955): *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano*. PENSADO, J.L. ed. (*Cadernos de Lingua*, Anexo 2. A Coruña: Real Academia Galega, 1995).

RIELO: RIELO CARBALLO, Nicanor (1972) : "Refranero popular de Carballedo" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, XXVIII/1-2, 1972:145-156, 2 mapas; XXIX/1-2, 1973:131-153; XXX/3-4, 1974:429-452; XXXI, 1975:111-135.

RIELO RIELO CARBALLO, Nicanor (1976): *Escolma de Carballedo (Lugo). Recadádiva, ordenación e limiar de Nicanor Rielo Carballo.* Edicións Castrelos, Vigo MCMLXXVI.

RISCO-1 RISCO, Vicente (1947): "Tradiciones referentes a algunos animales" en *Revista de Dialectología y Tradiciones populares* III, 1947, 163-188, 371-400.

RISCO15 RISCO, Vicente (1961): "Apuntes sobre el mal de ojo en Galicia" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, XVII,1961,66-92.

RISCO-N. Risco, Vicente RISCO, Vicente: *Traballos varios na revista NÓS.* [Os tres primeiros díxitos indican o número e os tres últimos, a páxina].

RIVAS-2. Rivas Quintas, Elixio RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas IIContribución al diccionario gallego* Alvarellos, Lugo 1988, 145.

RODGO-1 RODRIGUEZ GONZALEZ, Eladio, (1958): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. Tomo I.* Galaxia, Vigo 1958, XXIV, 733 p.

RODGO-2 RODRIGUEZ GONZALEZ, Eladio, (1960): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. TomoII* Galaxia, Vigo 1960, 666p.

RODGO-3 RODRIGUEZ GONZALEZ, Eladio, (1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. Tomo III* Galaxia, Vigo 1961, 653 pp.

SACO1. Saco y Arce SACO Y ARCE (1868): *Gramática Gallega* Imprenta de Soto y Freire, Lugo 1868; 263-282. (Reedición de Gráficas Tanco, Orense 1967; refráns nas pp. 215-232).

SACO2. Saco y Arce, Juan Antonio SACO Y ARCE, Juan Antonio (1881): *Literatura Popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos recogidos por. Edición e estudio preliminar de Juan Luís Saco Cid.* Servicio de Publicacións, Diputación Provincial de Ourense, Vigo 1987. Esta edición corresponde ó manuscrito que se estaba imprimindo en 1881 cando o autor morreu.

SARMI-4. SARMIENTO, Fr. Martín (1757-1762 / 1988): *Onomástico etimológico de la lengua gallega. Edición y estudio por J. L. Pensado.* Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña 1988. II vols. (A cita refírese ó número que figura no manuscrito).

SARMI-5. SARMIENTO, Fray Martín (1754-1758 / 1986): *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables.* Edición y estudio de J. L. Pensado. Ediciones Universidad. Salamanca. 1986.

SARMI-6. Sarmiento, Fr. Martín SARMIENTO, Fr. Martín (1755 / 1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega. Edición y estudio por J. L. Pensado* (Departamento de Filología Románica). Universidad de Salamanca 1973. [Os números indican a páxina da edición de Pensado].

SARMI-7. Sarmiento, Fr. Martín SARMIENTO, Fr. Martín (1770 / 1970): *Colección de voces y frases gallegas. Edición y estudio por J. L. Pensado (Departamento de Filología Románica).* Universidad de Salamanca. 1970. [Os números remiten á páxina da edición de Pensado].

SARMI-8. Sarmiento, Fr. Martín SARMIENTO, Fr. Martín (1766 / 1998): *Elementos etimológicos según el método de Euclides. Edición y estudio por J. L. Pensado.* Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña 1998.

SARMI-9. Sarmiento, Fr. Martín SARMIENTO, Fr. Martín (1768/1984): *La educación de la juventud.* Edición y estudio por J. L. Pensado (Departamento de Filología Románica). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza

SARMI-14: SARMIENTO, Fr. Martín (1752): *Copia del Real Privilegio del Rey Don Hordoño 2º concedido al Monasterio de Samos...* Manuscrito 9892 da Biblioteca Nacional. Madrid. [Citamos por este manuscrito axeitando a puntuación]. Véxase tamén FERRO RUIBAL, Xesús (2002): "Lingua, vida cotiá e corridas de touros. Miscelánea inédita de Fr. Martín Sarmiento" en *Boletín da Real Academia Galega* 363, 2002, 79-80; pp.63-93 [http://www.realacademiagalega.org/imaxin-boletins-web/paxinas.do?id=3345&d-447263-p=17]. Hai agora edición completa dese manuscrito en SARMIENTO, Martín (2010). *Notas al Privilegio de Ordoño y Reflexiones sobre Archiveros*. Estudio, edición e índices de José Santos Puerto. La Laguna: Museo de la Educación. [http://webpages.ull.es/users/medull/pedagogos/SARMIENTO/Reflexiones_sobre_Archiveros.pdf].

SARMI-660. Sarmiento, Fr. Martín SARMIENTO, Fr. Martín (1762-1772): *Obra de 660 Pliegos de el Reverendissimo Padre Maestro Fray Martín Sarmiento, Benedictino que trata de Historia Naturaly de todo genero de Erudicion, con*

motivo de un papel que parece se havia publicado por los Abogados de la Coruña contra los Foros, y Tierras, que posee n en Galicia los Benedictinos:Y lo escriviò en Madrid por los años de 1762. y siguientes. Sacada esta Copia de su Original, para el Uso de el Excelentissimo Señor Duque de Medina-Sidonia. En Madrid, Año de 1772). [Numeración de parágrafos do propio P. Sarmiento]. Existe xa edición de tres dos cinco volumes SARMIENTO, Fr. M. (2008): *De historia natural y de todo género de erudición. Obra de 660 pliegos*. MONTEAGUDO, Henrique (ed.). Vols. II, 460 páxs.; III, 253; IV, 412 páxs. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. CSIC. (resto en prensa) [68].

SARMI-COL. SARMIENTO, Fr. Martín (1746): *Coloquio en mil duascentas coplas galegas.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. MONTEAGUDO, Henrique (ed.) (2002) [http://consellodacultura.org/mediateca/documento.php?id=316]. [15.2.2012].

SARMI-SEYXEBRA. SARMIENTO, Fr. Martín (1762): *Papel curioso sobre la planta que en Galicia es muy común, se llama seyxebra, y en Linneo Teuchrium*.

SCHU - SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón (1948, 1986, 1987, 1988, 1993, 1995): *Cancioneiro Popular Galego* Fundación 'Pedro Barrié de la Maza. Conde de Fenosa'. La Coruña, I (1984), II (1986), III (1987), IV-V (1988), VI (1993), VII (1995). [Os díxitos da nosa cita, sempre separados por /, indican o volume, o tomo e maila cantiga].

SOBREIRA. SOBREIRA, Fr. Juan (1805/1979): *Papeletas de un Diccionario Gallego.Edición y Estudio crítico por J. L. Pensado* I. Texto. Orense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".

SOBREIRA-2. VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (1805): "Un manuscrito paremiolóxico de Murguía" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003, 117-128. Son 72 refráns copiados á man por Murguía, que di extraelos dos manuscritos do P. Sobreira pero dos que só 4 figuran nas "Papeletas de un Diccionario Gallego" do P. Sobreira (Véxase PENSADO) e tamén outros refráns que Murguía copia do comendador Fernan Núñez.

TABOA-2. TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): *Refraneiro galego. Cadernos de Fraseoloxía Galega* 2. 2000. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

TIOMA. (1877): *O tío Marcos da Portela* 1.4.1877. Parrafeo 39.

VALLA-6. VALLADARES NÚÑEZ, Marcial (1970): *Cantigueiro Popular*. Edición parcial do "Cantigueiro Popular" de 1867 e dun "Novo apéndice ô Cantigueiro Popular" de 1887 e mailas recollidas no Ribeiro na vendima de 1884. Publicacións da Real Academia Gallega, A Cruña 1970. [Citamos polo número de páxina].

VALLA-7. VALLADARES NÚÑEZ, Marcial (1884): *Diccionario Gallego – Castellano. Individuo Correspondiente de la Real Academia Española. Con*

[68] Aínda que a maior parte dos textos xa os localizaramos nos exemplares da biblioteca do Museo de Pontevedra e da Universidade de Santiago de Compostela, reiteramos gustosos a nosa gratitude ó prof. Henrique Monteagudo por nos franquea-lo acceso á primicia da parte impresa e mesmo á versión electrónica inédita.

licencia de la Autoridad Eclesiástica Imprenta del Seminario Conciliar Central, Santiago 1884.

VAZVA-GEG VÁZQUEZ VARELA, José Manuel (S.D.): "Ollo de boi" en *Gran Enciclopedia Gallega*. Os dous primeiros díxitos indican o tomo e os tres seguintes, a páxina.

VSACO. VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5,2003. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela 2003. Indícase a páxina e despois o número do refrán nesa edición.

XERAIS-1. ARES VÁZQUEZ, Mª Carme et alii (1993): *Diccionario Xerais da lingua* Edicións Xerais de Galicia, Vigo 1993. 4ª ed.

XERAIS-2. ARES VÁZQUEZ, Mª Carme et alii (1990): *Diccionario Xerais Castelán Galego de uso, frases e sinónimos* Edicións Xerais de Galicia, Vigo 1990.

5.2. Bibliografía secundaria

ANÓNIMO (IV-V dC): *Notitia dignitatum omnium tam civilium quam militarium*. [http://www.hs-augsburg.de/~harsch/Chronologia/Lspost05/Notitia/not_intr.html] [24.7.2012].

BENAVENTE JAREÑO, Pedro e FERRO RUIBAL, Xesús (2010): *O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún.* Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia.

BENEDICTVS (V dC.): *Regula.* [http://www.thelatinlibrary.com/benedict.html] [17.1.2012].

CARRO OTERO, Xosé (1981): *El corpo santo de Iria Padrón España y la terapéutica popular del mal de aire.* Ponte de Lima: S.n.

FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1983): El "Corpo Santo" de Fray Pedro González, San Telmo : (c. 1194-c. 1246) : Patrón de marineros y navegantes. Pontevedra: Diputación Provincial de Pontevedra.

GIMPEL, Jean (2002): *La revolution industrielle du Moyen Âge.* Paris: Éditions du Seuil.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1995): "Devocións mariñeiras, do Corpo Santo á Virxe do Carme" en *Antropoloxía mariñeira*. -- Consello da Cultura Galega, Ponencia de Antropoloxía Cultural, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega; 283-313.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (2011) "A apicultura tradicional no concello de Navia de Suarna (Lugo)" en *Revista de Investigación "ETNOGRAFIA"* 3, 2011. http://mesondoforno.com/index.php?option=com_content&view=article&id=725:iii-2011-a-apicultura-tradicional-no-concello-de-navia-de-suarna&catid=57:etnografia-2011&Itemid=89].

GROBA BOUZA, Fernando (2011): "'Onde hai eguas, poldros nacen'. A realidade vista dende os equinos" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 13,2011, 149-176.

MARTÍN CAMACHO, Javier (2003): "La risa y el humor en la antigüedad". [http://www.fundacionforo.com/pdfs/archivo14.pdf] [15.2.2012].

MOKIENKO, Valerii (2000): *Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas*. Trad. de Ekaterina Guerbek. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

PANCIROLI, Guido (1593): *Notitia utraque dignitatum cum Orientis tum Occidentis ultra Arcadii Honoriique tempora et in eam Guidi Panciroli i.v.c. praestantisimi ac in celeberrimo Patavino Gymansio interpretis legum primarii Commentarium ...* Venetiiis: Apud Franciscum de Franciscis Senenesem MDXCIII.

PENSADO TOMÉ, Xosé Luís (1978): "Feijoo e Sarmiento, dúas vidas sin paralelo" en *Grial* 60, 1978, 129-154.

(1988, 1986, 1973, 1970, 1998, 1984): Véxanse tamén SARMI-4, SARMI-5, SARMI-6, SARMI-7, SARMI-8, SARMI-9.

PEREIRA FERNÁNDEZ, Xosé Manuel (2002): "De Cofradía "do Corpo Santo" a Gremio de Mareantes" en *Museo de Pontevedra*, 2002; 157-168.

REGUERA Y PARDIÑAS, Eugenio (1840-1858-1995): *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano,* ed. de J. L. Pensado. *Cadernos de Lingua. Anexo 2*, 1995. A Coruña: Real Academia Galega).

RÍOS PANISSE, Carme (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces. Anexo 7 da revista Verba.* Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.

SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto (1998): *Ordenanzas da Confraría do "Corpo Santo" e do Gremio de Mareantes de Pontevedra*. Oleiros: Vía Láctea.

SANTAMARINA, Antón (2003): *Diccionario de diccionarios*. *Versión 3*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. [http://sli.uvigo.es/ddd/index.html].

VALLADARES-Avelina (2000:96). // VALLADARES NÚÑEZ, Avelina (1879): "A Ulla e Diálogo entre un peregrino que se dirige a Compostela y un labriego" en LUNA SANMARTÍN, Xosé (ed.) (2000): *Ond'o sol facheaba ô amañecer. Vida e obra da Cantora da Ulla, Avelina Valladares Núñez*. A Estrada: Fouce; p. 96.

Unikale Elemente. Apuntamentos sobre as palabras ligadas fraseoloxicamente do alemán actual

'Unikale Elemente'. Notes about phraseologicaly bound words of current German

Herbert J. Holzinger [1]

Institut Interuniversitari de Llengües Modernes Aplicades de la Comunitat Valenciana

Universitat de València

herbert.holzinger@uv.es

Resumo: Neste traballo estúdanse os elementos únicos do alemán actual. Estas palabras tamén se coñecen como *unikale Komponenten, Unikalia, phraseologisch gebundene Einheiten* en alemán e palabras diacríticas, palabras idiomáticas, compoñentes ligados fraseoloxicamente en castelán. Son palabras sen autonomía sintáctica que unicamente aparecen dentro de unidades fraseolóxicas (UUFF). Forman un conxunto (relativamente) pechado de palabras. Con todo, trátase dun grupo bastante heteroxéneo e parece que non todas teñen as mesmas restricións das súas posibilidades combinatorias. Neste traballo demóstrase mediante a análise dun corpus lingüístico que, de feito, algunhas palabras deste grupo cumpren perfectamente o criterio de restrición de combinabilidade e, polo tanto, da estabilidade, mentres que outras amosan un comportamento menos restrinxido, algunhas até o punto de comportarse como palabras autónomas.

Palabras clave: Fraseoloxía, palabras ligadas fraseoloxicamente, palabras diacríticas, palabras idiomáticas, análise de corpus lingüístico.

Abstract: This paper is dedicated to words known as unikale Elemente (unikale Komponenten, Unikalia, phraseologisch gebundene Einheiten) in German, commonly referred to as hapax legomena, cranberry words, or bound words in English. Such words appear only within phraseological units, not in free syntactic constructions. Though they form a (relatively) restricted and closed group of words, they are also quite heterogeneous: not all of them, it turns out, are restricted to the same degree. This project examined the distribution of cranberry words in a large linguistic corpus. In our results, we show that only some of the words proved to be really "unique"

Data de recepción 31/07/2012. Data de aceptación 19/10/2012.

[1] Traducido por Beatriz Pérez Traseira.

and fixed in a phraseological unit, others enjoy more freedom of combination, and still others seem totally autonomous in their ability to be combined.

Keywords: Phraseology, hapax legomena, cranberry words, phraseologically bound words, linguistic corpus.

1. Introdución

Os *unikale Elemente* (*unikale Komponenten, Unikalia, phraseologisch gebundene Einheiten*) atraeron un interese constante na investigación fraseolóxica alemá moderna. Destacan os traballos de Dobrovol´skij (1978; 1988; 1989), Fleischer (1989), Dobrovol'skij ~ Piirainen (1994a; 1994b; 1994c), Mellado Blanco (1998), Häcki Buhofer (2002a; 2002b), Sailer (2004) e Sailer ~ Trawiński (2006).

En castelán adoitan recibir denominacións tan diferentes como *palabra diacrítica* (Zuluaga 1980; Ruiz Gurillo 2001), *palabra idiomática* (García-Page 1990), *elemento único* (Mellado Blanco 1998) ou *hápax fraseolóxico* (González Rey 2005). Neste traballo empregarase a denominación *elemento único*.

Un exemplo de elementos únicos do alemán son as palabras *Schnippchen* en *jdm. ein Schnippchen schlagen* ou *Zack* en *auf Zack sein*. Os compoñentes *Schnippchen* e *Zack* aparecen unicamente nas unidades fraseolóxicas (UUFF) citadas, nunca en combinación con outras palabras dentro dun sintagma formado libremente, de acordo coas regras morfosintácticas e semánticas da lingua alemá actual. Un falante nativo é incapaz de definir ou explicar o que significa *Schnippchen* ou *Zack*, o que nos leva a afirmar que non teñen significado propio. É esta ausencia de autonomía semántica a que determina o uso restrinxido dentro dunha UF. Dito doutro xeito, estas palabras "*no son funcionales fuera de ese empleo*" (González Rey 2005:320). A presenza dun elemento único é un sinal inequívoco de que o sintagma no que aparece é unha UF.

2. Formulación, metodoloxía e obxectivos do traballo

Diferentes investigadores teñen constatado en repetidas ocasións que os elementos únicos forman un grupo heteroxéneo de palabras. Non todas son totalmente "únicas", senón que conteñen elementos presentes en lexemas do alemán actual (*kein(en) Hehl aus etwas machen – der Hehler*, *etw. verhehlen*) ou son palabras derivadas ou compostas segundo as regras da formación de palabras vixentes no alemán actual (*verlustig, Windeseile*). Estas circunstancias conducen a Fleischer (1989:120) a falar dunha "Abstufung der Unikalität".

O obxectivo deste traballo consiste en comprobar a estabilidade de determinadas UUFF que conteñen un elemento único. Trátase de examinar se ese elemento en cuestión só pode aparecer dentro dunha UF ou se se poden atopar outros usos fóra dela, en sintagmas de formación libre. Ademais, comprobarase se a UF é estable ou admite modificación.

Xa que os elementos únicos constitúen un grupo relativamente pechado e limitado, é posible elaborar listas destes, tal e como se realizou nalgúns dos traballos citados

inicialmente. Mellado Blanco (1998:500, nota a rodapé 14) cifra os elementos únicos en 190. Unha recompilación máis ampla e recente, a *Sammlung der unikalen Wörter des Deutschen* (SuWD) [2], recolle 445 palabras susceptibles de seren elementos únicos. Para que esta recompilación poida constituír unha "Ausgangsbasis (...) für die linguistische Untersuchung von lexikalischen Elementen mit Distributionsbeschränkungen" (Sailer ~ Trawiński 2006:1), os autores reuniron todas as palabras que amosan algún tipo de comportamento idiosincrático máis ou menos pronunciado.

Para podermos determinar a distribución dunha palabra dispoñemos, hoxe en día, dunhas potentes ferramentas que son os *corpus*, é dicir, bases de datos con recompilacións extensas de textos producidos nunha lingua, é dicir, enunciados reais, dispoñibles en forma dixital. Así, o investigador pode realizar a busca de calquera palabra susceptible de ser "única" para verificar empiricamente se só ocorre ligada a unha (ou varias) UF, de xeito idiosincrático, ou se as súas posibilidades combinatorias se rexen polas regras sintáctico-semánticas do alemán actual.

Neste estudo, empregamos o *Referenzkorpus* (RK), ao que se pode acceder libremente polo *Digitales Wörterbuch der Deutschen Sprache* [3]. Este corpus ten unha extensión de 100 millóns de palabras, contidas en textos en lingua alemá do século XX e comezos do XXI. Segundo o especificado na páxina web correspondente [4], os textos proveñen de xeito equitativo de diferentes tipos de texto e distintas décadas do período en cuestión. Polo tanto, o RK pódese considerar representativo do alemán actual, polo que pode formar unha base adecuada para o noso estudo, que hai que considerar como primeira aproximación.

Se o resultado dunha busca non é satisfactorio, p.ex. por un número baixo de ocorrencias da palabra no corpus ou se o resultado parece pouco concluínte, recórrese adicionalmente ao *Zeit-Korpus* (ZK), que, por unha banda, contén máis palabras pero, por outra banda, limítase a un determinado tipo de texto: os textos de prensa e, ademais, dun só xornal. Este corpus engloba todos os números do xornal ZEIT de 1946 a 2009, é dicir, arredor de 460 millóns de palabras [5].

Neste traballo analízanse determinados elementos únicos, que se citan a continuación de acordo coa SuWD, coa palabra diacrítica en cursiva e a indicación, se a palabra en cuestión só ten un uso fraseoloxicamente ligado (+) ou non (-). Nos casos indicados con (-), existe unha palabra con significado propio de distribución libre. As UUFF seleccionadas son as seguintes:

> jemanden *abblitzen* lassen (+), *abhanden* gehen/kommen (+), jdm. etw./jdn. *abspenstig* machen (+), jdn. aufs *Abstellgleis* schieben (-), etw. *ad acta* legen (+), auf *Anhieb* (-), etw. *ausbaden* müssen (+), etw. *ausfindig* machen (+), in *Bälde* (+), aus dem *Effeff* (+), eine *Extrawurst* gebraten haben wollen (-), bei

[2] http://www.sfb441.uni-tuebingen.de/a5/codii/ [Data de consulta: 16/07/2012].
[3] http://www.dwds.de [Data de consulta: 16/07/2012].
[4] http://www.dwds.de/resource/referenzkorpora/ [Data de consulta: 16/07/2012].
[5] http://www.dwds.de/resource/zeitungskorpora/ [Data de consulta: 16/07/2012].

jdm. ins *Fettnäpfchen* treten (-), im *Handumdrehen*, nach *Leibeskräften* (schreien) (+), sich *mausig* machen (+), noch und *nöcher* (+), jdm ein *Schnippchen* schlagen (+), einer Sache *verlustig* gehen (+), *vorstellig* werden bei jdm. (+), in *Windeseile* (+), auf *Zack* sein (+)

3. Análise das UUFF seleccionadas

A análise destes exemplos amosa que existen UUFF que presentan unha estabilidade do 100%, como é o caso de *ausfindig machen* (346 ocorrencias), *in Bälde* (72 ocorrencias), *abspenstig machen* (51 ocorrencias), *aus dem Effeff* (9 ocorrencias) e *noch und nöcher* (15 ocorrencias no ZK; ningunha no RK). Isto significa que os elementos únicos *ausfindig*, *Bälde*, *abspenstig, Effeff* e *nöcher* soamente aparecen nas UUFF citadas, nunca en combinación con outras palabras. Dito doutro xeito, a aparición dun elemento único suscita inexorablemente a presenza dun determinado lexema, p. ex. ao aparecer *abspenstig* sabemos que o verbo correspondente será *machen*.

A alta estabilidade de *abspenstig machen* confírmase no ZK (230 ocorrencias), onde só unha vez (=0,4%) aparece sen *machen*, en función do adxectivo atributivo (*abspenstige, wankelmütige Wähler)*. A UF *aus dem Effeff*, que só conta con 9 ocorrencias no RK, mantén unha altísima estabilidade do 97% no ZK, cun total de 68 ocorrencias. O 3% restante corresponde á variante *bis ins Effeff*. En todo caso, cómpre sinalar que hai que considerar as porcentaxes como meros indicadores de tendencias e non como valores estatisticamente comprobados, maiormente nas palabras cun número baixo de ocorrencias.

Outras UUFF con alto grao de fixación son *abhanden kommen* (99%), *im Handumdrehen* (99%), *jdm. ein Schnippchen schlagen* (98%), *sich mausig machen* (97%) e *vorstellig werden* (95%). É interesante comentar dúas UUFF á parte: *ad acta legen* acada o 94% de estabilidade, o resto corresponde a un uso elíptico nunha exclamación. O segundo exemplo é *ad absurdum führen*, que presenta un 92% de estabilidade. As demais ocorrencias de *ad absurdum* corresponden á expresión *deductio ad absurdum* (8%), que aparece en determinados tipos de textos (filosóficos, psicolóxicos), especialmente de principios do século XX. Polo tanto, o único verbo co que combina *ad absurdum* é *führen*. Estes dous casos manifestan que a inclusión ou non inclusión de determinados textos nun corpus inflúe na porcentaxe de estabilidade.

O alto grado de fixación de *ein Schnippchen schlagen*, que só se altera no 2% con *ein Schnippchen spielen*, contrasta co feito de que o substantivo *Schnippchen* está modificado en bastantes ocasións por unha oración de relativo, o que indica que a UF non forma un bloque semántico monolítico (*wir (...) feierten das Schnippchen, das wir dem Zoll geschlagen hatten*). Esta circunstancia confirma en parte a remotivación de *Schnippchen* como "lustiger Streich", que menciona Häcki Buhofer (2002:432), aínda que non, ou polo menos en menor medida, a súa afirmación *"[ein Schnippchen] muss also nicht immer "geschlagen" werden*, xa que só no 2% das ocorrencias se utiliza *spielen* en lugar de *schlagen* e nunca outros verbos.

Á parte das UUFF examinadas ata agora, que se caracterizan por un alto grao de estabilidade, existe unha serie de UUFF con elementos únicos que presentan, por diferentes motivos, menores graos de fixación.

O elemento único *verlustig* combínase preferentemente con *gehen* (63%) e con *erklären* (29%) formando, deste xeito, dúas UUFF diferentes. Do mesmo xeito, rexístranse usos residuais esporádicos con outros verbos (8%). É dicir, o elemento único *verlustig* non sempre suscita a presenza dun determinado verbo, xa que pode aparecer en combinación con *gehen* ou *erklären*, e incluso esporadicamente con outros.

A diferenza do que indica a SuWD, o elemento único *Leibeskräften* (63 ocorrencias no RK) non só está presente na UF *nach Leibeskräften*, senón que forma sintagma cun total de tres preposicións diferentes: *aus* (91%), *nach* (8%) y *mit* (1%). As 94 ocorrencias no ZK amosan un resultado parecido: 63% *aus*, 31% *nach*, 6% *mit*. Obsérvase unha coincidencia nas tres preposicións coas que o elemento único forma sintagma e tamén se observa unha diferenza nada desprezable en canto á frecuencia, sobre todo entre *aus* (que predomina en ámbolos córpora, aínda que nunha menor medida no ZK) e *nach* (que é moito máis frecuente no ZK que no RK). Variación na preposición que se manifesta tamén en *Windeseile* (30 ocorrencias), que combina no 53% dos casos con *in*, no 47% con *mit*.

O elemento único *Zack* aparece 22 veces no RK, sempre precedido da preposición *auf*, pero só o 68% na forma canónica *auf Zack sein*. Ademais das combinacións con diferentes verbos *auf Zack bringen, auf Zack halten, auf Zack getrimmt* (cada unha aparece só unha vez no corpus) contabilízase un 18% sen verbo, o que se pode interpretar como uso elíptico.

En contraste cos exemplos anteriores, apreciamos aquí unha estabilidade na preposición. Pero *Zack* combina con diferentes verbos. Neste senso, Fleischer (1989:118) considera o elemento *Betracht* en *in Betracht ziehen/außer Betracht lassen/(nicht) in Betracht kommen/außer Betracht bleiben* como único, a pesar de que apareza en diferentes construccións, "aber doch lexikalisch eng gebunden ist und keine autonome variable Satzgliedfähigkeit besitzt". Do mesmo modo argumenta Mellado Blanco (1998:498) cando di que estas UF "tienen realmente el mismo significado fraseológico nuclear".

No caso de *auf Anhieb* atopámonos ante unha UF que presenta, según Duden 11, a variante lexicalizada, *auf den ersten Anhieb*. Das 123 ocorrencias de *Anhieb*, o 81% son representacións da UF, o resto corresponde a *Anhieb* como tecnicismo pesqueiro. Convén comentar que todos estes exemplos proceden do mesmo manual de pesca. Dentro das ocorrencias da UF, a variante que predomina é *auf Anhieb* (92%), fronte ao 6% de *auf den ersten Anhieb*. Ademais, engádense dúas variantes (2%) sen a preposición *auf* (*der erste Anhieb* e *in einem Anhieb*).

Nas 28 ocorrencias de *ausbaden*, só o 46% amosa a forma canónica (a única recollida tanto na SuWD como en Duden 11) *etwas ausbaden müssen*. No 36% dos casos utilízase a construción sinónima *etwas auszubaden haben*, é dicir, sen a presenza de *müssen*. Ademais atópase *ausbaden lassen* e *ausbaden sollen*, onde o aspecto modal da

obriga segue estando presente en maior ou menor grao. Aínda así, hai 3 ocorrencias (11%) con *ausbaden* como verbo autónomo, sen verbo modal.

O verbo *abblitzen* aparece un total de 38 veces, en 30 ocasións co significado que nos ocupa. O resto corresponde a verbos con outros significados que non contabilizamos nas porcentaxes. No 53% das 30 ocorrencias atopamos a combinación *jdn. abblitzen lassen* (citada na SuWD como única posibilidade combinatoria), no 47% como verbo autónomo, nas funcións usuais dun verbo transitivo. Cómpre destacar que no Duden 11 non aparece esta expresión como UF.

A palabra *Extrawurst* conta con 18 ocorrencias, 2 veces nun uso literal (designando un determinado tipo de salchicha) e 7 veces con *braten* (44%). A combinación máis frecuente é *eine Extrawurst braten* (31%), mentres que a forma citada na SuWD *eine Extrawurst gebraten haben wollen* só aparece unha vez no corpus (6%), igual que *eine Extrawurst gebraten bekommen*. No 50% dos casos combina con outros verbos (*eine Extrawurst verlangen, seine Extrawurst haben, Extrawürste nicht zulassen, sich keine Extrawürste leisten können*).

A palabra *Abstellgleis* aparece en 17 ocasións, 10 veces no seu significado literal "vía morta", sete veces co significado que nos interesa. Nestas sete ocorrencias, tan só tres veces forma sintagma con *schieben*, aínda que sempre co substantivo modificado por un adxectivo e, ademais, con variación no uso do artigo (*aufs* vs. *auf das*): *auf das historische Abstellgleis schieben, aufs gesellschaftliche Abstellgleis schieben, auf das Abstellgleis des* "*Natur- und Körperkrams*" *schieben*. Polo tanto, non se rexistra ningunha ocorrencia da forma canónica (que aparece tanto na SuWD como en Duden 11) *jdn. aufs Abstellgleis schieben*. A modificación do substantivo contrasta coa fixación fraseolóxica e coa asunción de que os elementos únicos non teñen significado propio. Ademais, 4 veces está en combinación con outros verbos (*auf ein gesellschaftliches Abstellgleis befördern, auf ein Abstellgleis drängen, auf Abstellgleisen herumstehen, ein* "*Abstellgleis*" *sein*).

En resumo, *Abstellgleis* compórtase máis ben como un substantivo autónomo en canto á súa combinabilidade. O conxunto dos exemplos citados pódese interpretar como uso metafórico da palabra. Parece verosímil que o falante competente coñece o significado concreto de *Abstellgleis*, que, ademais, despréndese sen grandes problemas dos seus compoñentes morfolóxicos.

A UF *ins Fettnäpfchen treten* só ten oito ocorrencias, seis das cales (75%) en forma canónica, ademais dunha vez modificada (*Hineintreten in ein ranziges Fettnäpfchen*), e unha vez con outro verbo (*Fettnäpfchen starren überall*). Debido ao número reducido de ocorrencias recorremos ao ZK, que ofrece nada menos que 265 testemuños. A forma canónica *ins Fettnäpfchen treten* representa o 16%. O 26% son formas modificadas (*in jedes F. treten, ins idiologische F. treten, von einem F. ins nächste treten, in ein F. hineintreten, ein Tritt ins F.*). É dicir, o 42% son ocorrencias de *Fettnäpfchen* + *treten*, entre formas canónicas e modificadas. O 14% corresponde a *Fettnäpfchen* + outros verbos/sustantivos semanticamente relacionados con *treten* (*ins F. tappen, stapfen, trampeln, springen, hineintapsen, hineinstolpern, von F. zu F. stolpern, Landung im F., Amoklauf von F. zu F.*). No 43% dos exemplos encontrados, *Fettnäpfchen* atópase en

combinacións libres (*König der F., Meister aller F., kein F. vergessen, F. sind aufgestellt, F. bereithalten*).

En resumo, a palabra *Fettnäpfchen* ocorre con máis frecuencia en combinacións libres (57%) que co verbo *treten* (42%, incluíndo as modificacións). A forma, nun principio canónica, *ins Fettnäpfchen treten* tan só reúne o 16% dos casos, polo que habería que reconsiderar se de verdade se pode chamar forma canónica. Confírmase, máis ben, a remotivación de *Fettnäpfchen* (literalmente "escudela de graxa") que comenta Häcki Buhofer (2002: 432).

4. A modo de conclusión

Na nosa investigación atopamos unha serie de elementos que se deben denominar *únicos* no senso de que única e exclusivamente aparecen integrados nunha UF e non forman sintagmas libres con outras palabras. Dito doutro xeito, a presenza dun determinado elemento único esixe a co-ocorrencia de polo menos un determinado lexema. Por exemplo, a aparición do elemento único *ausfindig* sempre condiciona a presenza de *machen*. Nos textos analizados, estas UUFF sempre aparecen na súa forma canónica e a súa estabilidade acada o 100%. É o caso de *abhanden kommen, abspenstig machen, ausfindig machen, in Bälde, aus dem Effeff, noch und nöcher, ein Schnippchen schlagen*.

Fronte a estas UUFF con alto grao de fixación, existe un gran número de UUFF con menos estabilidade en canto á obrigatoria co-ocorrencia dun elemento, ao parecer único, con outro determinado dentro dunha construción fixa. Esta circunstancia débese, en parte, á existencia de varias UUFF con diferentes significados formados co mesmo elemento único (*verlustig gehen* e *verlustig erklären*) ou a variantes formais da mesma UF (*aus/nach/mit Leibeskräften*). A estas razóns inmanentes ao sistema, engádense variacións ocasionais das UUFF en textos, así como xogos de palabras, usos idiolectais e mesmo posibles erros á hora de redactar un texto.

Á parte destas ocorrencias con modificacións persoais, detectamos que determinadas UUFF con elemento único amosan unha estabilidade reducida ou incluso inexistente, o que fai formular a pregunta de se se trata, de feito, dunha UF e se se pode falar de elemento único, como pode ser o caso de *aufs Abstellgleis schieben* e *eine Extrawurst gebraten haben wollen*, que se poden interpretar como uso metafórico de *Abstellgleis* e *Extrawurst*, respectivamente. No caso de *ins Fettnäpfchen treten* pódese falar dunha remotivación do elemento único *Fettnäpfchen* a partir do significado global da UF, que se descompón, ao atribuír unha parte dese significado global aos diferentes compoñentes da UF. Neste contexto, Sailer (2004: 198) constata "dass Unikalia keine wendungsexterne Semantik haben, innerhalb der Wendung, in der sie auftreten aber sehr wohl eine Semantik zu haben scheinen". Deste xeito, un elemento único pode adquirir unha semántica propia e, como consecuencia, "independizarse" da UF e formar sintagmas libres. Esa (nova) autonomía semántico-sintáctica pódese ver reforzada pola transparencia formativa de moitos elementos únicos, como *Fettnäpfchen*.

Tendo en conta os datos obtidos, queda patente que non existen grupos ben delimitados baseados no grao de estabilidade. Hai que asumir, máis ben, un continuo de fixación que empeza nun polo no 100% de estabilidade e que se estende ata a ausencia de estabilidade no outro. Pódese falar, polo tanto, dun "Kontinuum von Distributionsbeschränktheit" (Sailer ~ Trawiński 2006:2), onde trazar límites sería arbitrario. Xa que poucas UF acadan o 100% de estabilidade (e canto máis amplo sexa o corpus, máis escasa será esa posibilidade), pódese considerar a UF como altamente estable e o elemento único verdadeiramente como tal cando se acada polo menos arredor do 90% de estabilidade.

Os resultados obtidos coa análise de corpus non sempre cadran coas indicacións e clasificacións atopadas nos dicionarios e aconsellan unha revisión e actualización da información ofrecida nestes.

A extensión e a natureza do corpus poden constituír factores importantes á hora de sacarmos conclusións. Como vimos, a inclusión ou non dunha determinada fonte textual no corpus pode provocar unha diferenza considerable nos resultados dunha busca (p. ex. *ad acta, ad absurdum, Anhieb*). Aínda así e con todas as reservas, algúns dos resultados deste estudo son sorprendentes e merecen ser investigados mediante estudos que se fundamenten nunha base empírica máis extensa.

5. Referencias bibliográficas

DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij (1978): *Phraseologisch gebundene lexikalische Elemente der deutschen Gegenwartssprache. Ein Beitrag zur Theorie der Phraseologie und zur Beschreibung des phraseologischen Bestandes.* Diss A. Leipzig.

(1988): *Phraseologie als Objekt der Universalienlinguistik*. Leipzig: Verlag Enzyklopädie.

(1989): "Formal gebundene phraseologische Konstituenten: Klassifikationsgrundlagen und theoretische Analyse", en FLEISCHER, Wolfgang; GROßE, R./LERCHNER, G. (eds): *Beiträge zur Erforschung der deutschen Sprache*. Volumen 9. Leipzig: Bibliographisches Institut, 57-78.

DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij ~ PIIRAINEN, Elisabeth (1994a): "PGF: Auf dem Präsentierteller oder auf dem Abstellgleis?", en *Zeitschrift für Germanistik* 4, 65-77.

(1994b): Sprachliche Unikalia im Deutschen: Zum Phänomen phraseologisch gebundener Formative. *Folia Lingüística* 27(3.4), 449.473.

(1994c): *Symbole in Sprache und Kultur. Studien zur Phraseologie aus kultursemiotischer Perspektive.* Bochum.

DUDEN 11 = DUDENREDAKTION (ed.) (2008): *Redewendungen. Wörterbuch der deutschen Idiomatik.* Mannheim: Bibliographisches Institut.

FLEISCHER, Wolfgang (1989): "Deutsche Phraseologismen mit unikaler Komponente-Struktur und Funktion", en GRÉCIANO, Gertrud (ed), *Europhras 88, Phraséologie Contrastive, Actes du Colloque Internationale*, Klingenthal-Strasbourg, 117–126.

GARCÍA-PAGE, Mario (1990): "Léxico y sintaxis locucionales: algunas consideraciones sobre las palabras 'idiomáticas'", en *Estudios humanísticos*. Filología, 12, 279-290.

GONZÁLEZ REY, María Isabel (2005): "La noción de 'hápax' en el sistema fraseológico francés y español", en ALMELA PÉREZ, Ramón; RAMÓN TRIVES, Estanislao; WOTJAK, Gerd (eds.): *Fraseología contrastiva: Con ejemplos tomados del alemán, español, francés e italiano*. Murcia, Universidad de Murcia**,** 313-327.

HÄCKI-BUHOFER, Annelies (2002a): "Phraseologisch isolierte Wörter und Wortformen" en CRUSE, Alan D. (ed.): *Lexikologie. Ein internationales Handbuch zur Natur und Struktur von Wörtern und Wortschätzen.* Berlin-New York: de Gruyter, 429-433.

(2002b): "Unikalia" im Sprachwandel, en PIIRAINEN, Elisabeth e PIIRAINEN, Ilpo Tapani (eds): *Phraseologie in Raum und Zeit.* Baltmannsweiler: Schneider Verlag Hohengehren, 125-160.

MELLADO BLANCO, Carmen (1998): "Aproximación teórico-práctica a los 'elementos únicos' del alemán actual en su calidad de fósiles léxicos", en MAGALLANES LATAS, Fernando et al. (eds.) (1998): *Tradición e innovación en los estudios de lengua, literatura y cultura alemanas en España*. Sevilla: Kronos Universidad, 493-501.

RUIZ GURILLO, Leonor (2001): *Las locuciones en español actual*. Madrid: Arco-Libros.

SAILER, Manfred (2004): "Distributionsidiosynkrasien: Korpuslinguistische Erfassung und grammatiktheoretische Erfassung", en STEYER, Kathrin (ed.): *Wortverbindungen – mehr oder weniger fest. Institut für Deutsche Sprache.* Jahrbuch 2003. Berlin-New York: de Gruyter.

SAILER, Manfred ~ TRAWIŃSKI, Beata (2006): "Die Sammlung unikaler Wörter des Deutschen. Aufbauprinzipien und erste Auswertungsergebnisse", en HÄCKI BUHOFER, Annelies e BURGER, Harald (eds.): *Phraseology in Motion I. Methoden und Kritik. Akten der Internationalen Tagung zur Phraseologie* (Basel, 2004). Hohengehren: Schneider Verlag, 439-450. [As citas refírense á versión web deste artigo, dispoñible en http://wwwuser.gwdg.de/~msailer2/papers/europhras04.pdf] [Data de consulta: 15/07/2012].

SuWD = *Sammlung der unikalen Wörter des Deutschen.* (http://www.sfb441.uni-tuebingen.de/a5/codii/) [Data de consulta: 15/07/2012].

ZULUAGA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas.* Frankfurt a.M.-Bern-Cirencester: Verlag Peter Lang.

Luis Montoto y Rautenstrauch (1851-1929), fraseólogo

Luis Montoto y Rautenstrauch (1851-1929), phraseologist

Esteban T. Montoro del Arco[1]

Universidad de Granada

montoro@ugr.es

Resumo: Neste traballo estúdase o labor fraseolóxico de Luis Montoto y Rautenstrauch, erudito sevillano da segunda metade do século XIX que participou activamente no movemento do *Folklore* en España. Este autor ocupouse especificamente dos chamados *modismos*, que diferenciou dos refráns. Puxo, por tanto, as bases da *fraseoloxía*, entendida como disciplina distinta da *paremioloxía*. Catro son os obxectivos que se perseguen: a) expoñe-lo contexto histórico e intelectual no que se xestou a obra de Montoto; b) describir e analiza-la achega fraseolóxica deste autor, composta fundamentalmente por tres obras (*Un paquete de cartas, De Modismos, Locuciones, Frases Hechas, Frases proverbiales y Frases familiares*, 1888; *Tiquis miquis. Al licenciado Don José Gestoso y Pérez. Carta en la cual se trata de más de doscientos personajes proverbiales*, 1890; e *Personajes, personas y personillas que corren por las tierras de ambas Castillas,* 1911-1912); c) sistematiza-las ideas teóricas de Montoto sobre a fraseoloxía; d) contribuír a un mellor coñecemento da tradición fraseolóxica española.

Palabras clave: Historiografía lingüística, fraseoloxía, folclore, modismos, Montoto.

Abstract: This paper examines the academic work of Luis Montoto y Rautenstrauch, a Spanish scholar born in Seville (1851-1929) who actively participated in the well-known "Folklore" movement. His study focused on idioms, and he laid the foundations of Phraseology as opposed to Paremiology. The objectives of our essay are four-fold: a) to explain the historical and intellectual context in which Montoto developed his work; b) to describe and analyze his phraseological contribution by focusing on three of his main works (Un paquete de cartas, De Modismos, Locuciones, Frases Hechas, Frases proverbiales y Frases familiares, 1888; Tiquis miquis. Al licenciado Don José Gestoso y Pérez. Carta en la cual se trata de más de doscientos personajes proverbiales, 1890; and Personajes, personas y personillas que corren por las tierras de ambas

Data de recepción 07/06/2012. Data de aceptación 03/09/2012.

[1] Tradución de Rebeca Lema Martínez.

Castillas, 1911-1912); c) to systematize Montoto's theoretical ideas on phraseology; and finally, d) to contribute to a better understanding of the Spanish phraseological tradition.

Keywords: History of linguistics, phraseology, folklore, idioms, Montoto.

1. Introdución

Os *folcloristas* españois de finais do século XIX e comezos do XX dedicaron os seus esforzos ó estudo de tódalas manifestacións do pobo, sendo a faceta lingüística unha das que máis poderosamente chamou a súa atención. Antonio Machado y Álvarez "Demófilo", ideólogo e impulsor do movemento folclórico en España, outorgoulle un lugar preeminente ó estudo específico da lingua popular no seu proxecto de creación dun *Folclore Español* e incluíu unha sección xeral de "Filología, Glottología, Fonética" na súa particular clasificación das ramas do folclore [2]. Aínda que se interesaron por diversos temas, coma a fonética ou a dialectoloxía [3], o aspecto máis destacado da aproximación dos folcloristas á lingua popular, polo seu volume, foi a recompilación e estudo de todo tipo de unidades que hoxe consideramos *fraseolóxicas* (UUFF), como se puxo de manifesto recentemente (Montoro del Arco 2009). Malia isto, a achega dos folcloristas ó desenvolvemento da disciplina fraseolóxica no XIX viuse eclipsada pola doutros grandes compiladores da mesma época que acadaron maior sona: referímonos especialmente ó presbítero José María Sbarbi y Osuna, cuxas obras recibiron practicamente toda a atención da crítica especializada [4].

Na nosa opinión, o coñecemento exhaustivo da tradición fraseolóxica e paremiolóxica pasa por supera-las limitacións dun canon historiográfico formado por un grupo moi limitado de autores que se consideran importantes ou representativos. Endebén, xa se comezan a dedicar estudos particulares a outras personalidades que fixeron achegas relevantes na historia da disciplina fraseolóxica, maiormente antes do século XX,

[2] Machado (1883) considerou inicialmente as seguintes ramas: 1. Ciencia popular; 2. Literatura e Poesía populares; 3. Etnografía popular, Arqueoloxía e Prehistoria; 4. Mitoloxía e Mitografía; 5. Filoloxía, Glotoloxía, Fonética. Esta clasificación súmase ás que propuxeron algúns folcloristas ingleses, como Alfred Nutt e George Laurence Gomme, Edwin Sidney Hartland ou Charlotte Sophie Burne (Montoro 2009b).

[3] Os folcloristas españois estableceron unha ponte coa romanística a través de Hugo Schuchardt, froito dos contactos establecidos durante as diversas estadías do filólogo austríaco en España. Este, como é sabido, realizou un primeiro traballo sobre as falas andaluzas baseándose na recompilación de cantes flamencos de Demófilo (Schuchardt 1990 [1881]), se ben non se considera hoxe en día un estudo realmente científico. Como proba a correspondencia entre eles (*vid*. Steingress, comp., 1996), Schuchardt animou ós folcloristas sevillanos a realizaren estudos de fonética dialectal, pero estes, a pesares do seu interese, non se consideraron capacitados para este labor.

[4] A obra de Sbarbi é moi extensa e foi amplamente estudada (*vid*. Castillo ~ García 2001; González Aguiar 2004, 2006, 2009; Payán 2008; Montoro del Arco 2012). Este autor foi contemporáneo dos folcloristas pero, a pesar de que mantivo con eles certos contactos iniciais, logo se desmarcou do movemento; chegou a amosar mesmo de forma ostensible o seu desapego cara ós folcloristas e fundou unha asociación alternativa (la *Academia Nacional de Letras Populares (Folklore español)* que, porén, tivo vida moi efémera (*vid*. Montoro del Arco 2012).

independentemente da súa repercusión inmediata ou posterior, como é o caso de Francisco Rodríguez Marín (vid. Montoro del Arco 2008, 2009a, 2009b) [5].

Aquí realizamos unha primeira achega ó labor do polígrafo sevillano Luis Montoto y Rautenstrauch (1851-1929). A súa produción fraseolóxica explícase, como a de Rodríguez Marín e moitos outros dos seus contemporáneos, a través das claves ideolóxicas que sustentan o movemento internacional do *Folklore* (Montoro del Arco 2010). Á parte do valor filolóxico que teñen as súas investigacións sobre a orixe dos personaxes proverbiais que aparecen en locucións, fórmulas e refráns, cremos que algunhas das súas apreciacións teóricas resultan interesantes para ilustrar debates actuais como o da distinción que se adoita establecer entre fraseoloxía e paremioloxía (Kótova 2005); e constitúe, de feito, un argumento historiográfico a favor da consideración destas como disciplinas diversas: Montoto amosou, entre outras cousas, unha férrea vontade de distingui-los *modismos* como obxecto de estudo diferente dos *refráns* e, aínda máis, dedicou os seus afáns preferentemente ó estudo dos primeiros: por esa razón no título deste traballo caracterizámo-lo adrede como *fraseólogo*, e non *paremiólogo*, como é habitual.

2. Perfil biobibliográfico

Luis Montoto y Rautenstrauch (1851-1929) constitúe un personaxe clave no ambiente cultural e intelectual da Sevilla de finais do século XIX. Desempeñou cargos de gran relevancia pública, tales como o de notario maior do Arzobispado de Sevilla ou o de concelleiro; dedicou gran parte da súa vida a actividades moi vinculadas á devandita cidade, pois foi membro destacado do Ateneo e Secretario perpetuo da Real Academia de Buenas Letras; ademais, foi académico correspondente da Real Academia Española e da Real Academia de la Historia; traballou como redactor xefe do xornal *El Español* e mesmo foi designado cronista oficial da cidade, por citar só algúns dos seus numerosos méritos e varias distincións.

Pero sobre todo foi home de letras, que cultivou distintos xéneros (poesía, teatro, crónica xornalística, prosa epistolar, etc.). Tódalas súas obras literarias zumegan ese interese polo popular que caracterizou moitos escritores decimonónicos, especialmente da segunda metade do século. Como é sabido, a Revolución Industrial, o éxodo rural, o desenvolvemento dun novo estilo de vida urbano e as innovacións técnicas en xeral provocaron unha certa conciencia de alienación nos intelectuais burgueses, que sentiron nostalxia dos valores e costumes do pasado e idealizaron a xente humilde e o campo como un estilo de vida e un ámbito idílicos. As obras de Montoto, escritor pertencente á burguesía urbana sevillana, participan dende o comezo do gusto costumista polo pobo tan propio do romanticismo (Ramos-Kuethe 2003:209-246). Así se comproba, por exemplo, nas súas obras dramáticas de xuventude, como *Torrigiano*: *cuadro dramático*

[5] Isto non quere dicir que as obras sexan descoñecidas, senón que só se consideraron como simples fontes históricas de material fraseolóxico e paremiolóxico. Neste traballo adoptamos unha perspectiva historiográfica: importa coñecer non só as obras da tradición e o seu contido, senón tamén a atmosfera intelectual do período no que xurdiron as ideas contidas nelas (e que as explican), as relacións dos seus autores con outros da mesma época e a súa influencia posterior, a relevancia dos textos para a conformación das bases teóricas da disciplina, etc. (Swiggers 2004).

en un acto y en verso (1873) ou a zarzuela *Crónica de la capital (Revista de Sevilla)*: *Gacetilla cómico-político-literaria*, escrita en prosa e en verso (1870), que escribiu co seu gran amigo Manuel Cano y Cueto; e nunha chea de artigos xornalísticos sobre costumes populares andaluces, como "Viernes Santo" (1874), "Día de Difuntos" (1878), "Las feriantes" (1880), "Las saetas" (1883); ou nas rimas populares da súa obra *Melancolía*: *colección de cantares* (1872). Pero a súa visión romántica do pobo verase imbuída progresivamente de certa conciencia social, como amosa en gran parte das súas obras maduras, como *Historia de muchos Juanes* (1891): este libro consta de varios romances nos que canta os humildes traballadores (segadores, maquinistas, soldados, mariñeiros, mineiros, albaneis e predicadores, costureiras, cigarreiras, prostitutas, etc.), e neste proxecta unha visión do pobo afastada do tópico da ledicia meridional e máis achegada á "tristeza andaluza" característica da crise ideolóxica da fin de século (García García 2012).

Pero aínda que o movemento do Folklore afundía as súas raíces nesa mesma exaltación romántica do popular, supuña mira-lo pobo dende unha perspectiva radicalmente distinta. En efecto, o Folclore foi un movemento moderno na súa época, que naceu inspirado no novo paradigma científico que se impuxo en Europa a mediados do século XIX, baseado na filosofía positivista de Auguste Comte e as teorías de Charles Darwin no terreo das ciencias naturais, así como na aplicación destas ó estudo das sociedades humanas ("evolucionismo" ou "darwinismo social"), tal e como a expuxo Herbert Spencer. Por estas razóns, os folcloristas observaron o pobo como obxecto de estudo científico e organizárono en diversas ramas, con vocación erudita e investigadora.

Montoto, amigo persoal de Demófilo [6], foi un dos primeiros membros da sociedade *El Folk-Lore Español*, constituída o día 28 de novembro de 1881 en Madrid. Na primeira reunión desta nova sociedade fixáronse nove seccións: Linguas, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Arqueoloxía e Paleografía, Paleontoloxía e Prehistoria, Mitografía, Debuxo, Literatura e Propaganda. Montoto formou parte da última, na que coincidiu, entre outros, co paremiólogo Francisco Rodríguez Marín, co que mantiña unha grande amizade dende a súa xuventude [7]. A súa participación no movemento folclórico exerceu unha máis que notable influencia nel e marcou o xeito dos seus estudos posteriores.

Antes diso, Montoto xa amosara a súa sensibilidade ó popular pero observaba o pobo aínda con certo nimbo romántico e sobre todo como fonte de inspiración para as súas

[6] O seu fillo Cástor fai mención especial da amizade que seu pai mantivo con Machado e da influencia deste no seu interese pola empresa folclorista: "Don Luis fué un entusiasta folklorista. Fomentó esta su afición al saber del pueblo el ilustre escritor D. Antonio Machado y Álvarez, su íntimo amigo, padre de los insignes poetas Antonio y Manuel, gala de nuestro moderno Parnaso, y en unión de él, de Rodríguez Marín, Guichot y Sierra, Díaz Martín, Torre Salvador y otros publicistas, trabajó intensamente en la fundación y sostenimiento de la Sociedad *El Folklore Andaluz*, escribiendo para las publicaciones de ella originales trabajos, reveladores de su profunda observación y aguda crítica" (C. Montoto 1935: 134).

[7] Coñecéronse sendo novos e mantiveron inquebrantable a súa amizade ó longo das súas vidas, como o propio Montoto declara nun discurso de homenaxe cara ó de Osuna: "amistad nacida en los años de mocedad, contrastada después por los sinsabores y las penalidades que la vida depara á los forzados al trabajo sin reposo, salva el tiempo, sin mengua ni tibieza, y arriba á la edad presente" (Montoto 1906: 5-6).

propias composicións literarias (ó estilo de autores costumistas como Fernán Caballero). Así é que el non participaba do espírito positivista dos seus impulsores, que implicaba unha recollida rigorosa e exhaustiva de materiais, independentemente do seu posible valor estético. Por iso, xa dentro do programa folclorista, entre 1882 e 1883 comeza a publicar na efémera revista *El Folklore Andaluz* (Blas ~ Cobo, eds., 1981) unha serie de artigos baixo o título xeral de "Los corrales de vecinos", que despois recollerá, ampliados, na *Biblioteca del Folklore Español*, dirixida por Machado, como "Costumbres populares andaluzas" (Montoto 1884a, 1884b) [8]. Aínda así, con estes non se axustaba ós patróns ideolóxicos do Folklore. O propio Montoto comenta en "*En aquel tiempo…*" (1929), o seu libro de memorias, a diferenza inicial de pareceres entre Machado e el neste punto:

> *[…] para complacer Machado, dejándome llevar de mis aficiones, me di a escribir de costumbres populares. Graciosos eran los coloquios que con tal motivo pasaban entre Antonio y yo. Di a mi obrilla el título de Los corrales de vecinos, como marco del lienzo en que pintaba la vida del obrero de la ciudad, tomándole en la pila del bautismo y dejándole al borde de la fosa común.*
>
> *"No, no es eso –decía Machado–. Apuntas pero no das. Estudia al pueblo como lo estudió Fernán Caballero, colocándote sólo en un punto de vista. En El Folklore no caben prejuicios. Se recoge todo; lo que sé que es bueno y que es malo. Estamos todavía en la labor primera de acoplar los materiales. Luego vendrá la ocasión de distinguirlos y clasificarlos. Finalmente levantaremos el edificio. No se trata de escribir libros de pura imaginación. Hay que guardar bajo siete llaves a la loca de la casa. La verdad, la verdad ante todo, sin desfigurarla con mudas y afeites retóricos." Y en esta guisa me daba consejos, que yo procuraba seguir, aunque más embrollaban y me perdían por el laberinto folklórico en que me hallaba metido, haciendo con mis escritos pisto de muchos, diversos e insípidos manjares* (Montoto 1929, apud Ramos-Kuethe 2003:159-160).

Como se pode comprobar, non lle gustaba o espírito positivista do que facían gala os seus compañeiros, ós que se refire como "obreros infatigables que se aplican sin descanso á recoger hoy los materiales que mañana serán objeto de estudio; á la manera que las abejas labran el panal, de cuya miel no gustan" (Montoto 1884a:19). Pero o certo é que a fraseoloxía foi o aspecto popular que conseguiu espertar nel a súa auténtica vea de folclorista [9] e fixo posible que se pregara progresivamente ó espírito positivo de busca e recompilación exhaustiva de materiais.

---

[8] Son catorce artigos e ofrecemos a continuación os títulos para darmos unha idea do seu contido: I. El corral de la casa; II. El corral de vecinos; III. Trabajadores; IV. Juegos de muchachos; V. La noche en el corral; VI. La taberna; VII. Las fiestas del corral; VIII. Boda o casorio; IX. La muerte; X. Año nuevo; XI. El candilejo (Montoto 1884a); XII. La Candelaria; XIII. El miércoles de Ceniza; XIV. Las coplas populares (Montoto 1884b). Foron editados posteriormente como libro (Montoto 1981).

[9] "De la conversación familiar brotan como las chispas de la hoguera, y conservan muchos y valiosos datos para escribir algún día la historia interna del pueblo español; porque los elementos que los componen son el hecho histórico, el dicho agudo, el juego, la costumbre y la ceremonia religiosa" (Montoto 1888: 8).

A produción fraseolóxica de Montoto é consecuencia, por tanto, da súa actividade como folclorista e concéntrase nos anos nos que tivo algún pulo o movemento. Está formada por tres libros principalmente: *Un Paquete de Cartas. De Modismos, Locuciones, Frases Hechas, Frases proverbiales y Frases familiares* (1888), *Tiquis miquis. Al licenciado Don José Gestoso y Pérez. Carta en la cual se trata de más de doscientos personajes proverbiales* (1890), *Personajes, personas y personillas que corren por las tierras de ambas Castillas* (1911, 1912). Con todo, existen algunhas outras apreciacións fraseolóxicas, máis puntuais e menores, diseminadas polo resto dos seus múltiples escritos, coma o discurso de recepción de Francisco Rodríguez Marín en Real Academia Sevillana de Buenas Letras (Rodríguez Marín ~ Montoto 1895).

3. Produción fraseolóxica

Nos primeiros anos de actividade folclorista, trala fundación d'*El Folklore Andaluz* en torno a 1881, Montoto dá mostras xa do seu interese pola fraseoloxía nos comentarios lingüísticos que fai ó fío dos seus artigos sobre "Costumbres populares andaluzas", citados máis arriba. Acompaña a descrición de ambientes e rituais con comentarios de índole pragmática sobre as fórmulas psicosociais que se adoita utilizar nas devanditas situacións, coma nos extractos que seguen, dedicados ó enterro:

> *Llámase en Andalucía dar la cabezada, á presentarse á las dolientes los hombres que han sido invitados para el entierro y hacer várias reverencias á manera de cortesías, diciendo al mismo tiempo estas ó parecidas frases*: *En paz descanse; —Santa gloria haya; —Dios le tenga en su gloria, —y á los parientes*: *—Acompaño á Vds. en su sentimiento* (Montoto 1884a:95).
>
> *El pueblo andaluz, que emplea en sus conversaciones innumerables modismos, que son otras tantas imágenes vivísimas, producto de su rica y lozana fantasía con ocasión de la muerte, el acto más trascendental de la vida, los derrama á manos llenas.*
>
> *Para expresar que una persona ha muerto, dice*:
>
> *—Está con Dios.*
>
> *—Ya está comiendo tierra.*
>
> *—Está en la tierra de la verdad.*
>
> *—Se le enfrió el cielo de la boca.*
>
> *—Ya le ha visto las barbas al Padre Eterno.*
>
> *—Está descansando.*
>
> *—Por allá nos espere muchos años.*
>
> *De los niños muertos, dice*:
>
> *—Angelitos del cielo.*

> *Del padre de familia, que sólo contaba con el producto de su trabajo para atender á sus necesidades, y deja á aquella en desamparo, asegura que*
>
> *—Se llevó la llave de la despensa.*
>
> *De los hijos que pierden á sus padres, y son extremadamente pobres, dice*:
>
> *—Se quedaron á la clemencia de Dios.*
>
> *—No tienen más que el día y la noche.*
>
> *—Se quedaron con lo puesto.*
>
> *Si hay herencia, entiende que*
>
> *—Los duelos con pan son ménos.*
>
> *Crée que el viudo se consuela pronto*:
>
> *—Dolor de esposa muerta dura hasta la puerta.*
>
> *Por último, filósofo rancio y sabiendo de corrido la gramática parda, exclama*:
>
> *—El muerto al hoyo y el vivo al bollo.* (Montoto 1884a:98-99).

Pouco a pouco, a linguaxe popular foi erixíndose no seu principal obxecto de estudo como folclorista [10]. O propio Montoto amosa n'*Un paquete de cartas* como comezou esta afección ós modismos na última das cartas, a décimo oitava, titulada "Lector, ésta va contigo". Sinala como foi un amigo del quen lle inoculou a súa fascinación pola linguaxe popular, de maneira que foi pasando paulatinamente de pasatempo a ocupación erudita:

> *Tiempo hace que escribí al correr de la pluma las cartas que has ido pasando por la vista. Diríjilas* [sic] *á un muy amigo mío, mancebo de ingenio peregrino, listo como él solo y muy dado al estudio de la vida del pueblo andaluz, de cuyos hábitos, costumbres y lenguaje metafórico se ha aficionado tanto, que su afición raya en los límites del cariño. No habré de ocultarte que lo que principió por ser como cosa de juego, tomó no poca importancia á mis ojos, hasta tal punto, que la tarea por mí emprendida llegó á amedrentarme y á apocar mis alientos, débiles de suyo. ¿Cómo desflorar tan siquiera un estudio en el cuál tantos y tan doctos escritores ensayaron sus fuerzas? No era mi trabajo como el de hinchar un perro; antes bien, tenía tres bemoles. Á punto estuve de desistir de mi intento; y hubiera realmente desistido, á no considerar que nadie habría de pedirme más de lo que yo podía dar buenamente, y que acaso mis cartas aficionarían á ingenios, más perspicuos que el mío, al estudio de una parte principalísima de la Lengua Española* (Montoto 1888:253-254).

[10] O Dr. Thebussem (1906) –Mariano Pardo de Figueroa–, destaca precisamente esta faceta nunha epístola en verso dirixida a Montoto: *Del léxico del habla de Castiella, / Pordiosero de frases y modismos, / Rebuscador de nombres proverbiales, / Como de chismes y de trapos viejos / Con insaciable sed del anticuario.*

En efecto, xebrándose de novo da ortodoxia folclorista, nos seus dous primeiros libros fraseolóxicos (*Un paquete de cartas* e *Tiquis Miquis*), presentou as súas investigacións sobre fraseoloxía popular en forma epistolar, xénero textual do que se serviran xa outros autores da tradición para presenta-los seus refráns [11]. A orixinalidade de Montoto verbo destes últimos reside, en primeiro lugar, en que os fraseoloxismos incluídos non son refráns, senón principalmente locucións; e, en segundo lugar, en que as cartas non teñen un valor admonitorio ou exemplar, senón metalingüístico, de forma que as unidades fraseolóxicas non son un instrumento para outro fin, senón un obxectivo en si mesmas.

En concreto, *Un paquete de cartas* está formado por 18 cartas breves que Montoto dirixe a Manuel Díaz Martín, autor tamén de obras folclóricas relacionadas coa linguaxe popular [12]. Como apéndice, recóllense tamén catro cartas de Díaz Martín dirixidas a Montoto, en contestación ás deste. En xeral, as cartas están redactadas nun estilo moi particular pois presentan unha alta *densidade fraseolóxica*, isto é, unha proporción moi elevada de aparición de unidades fraseolóxicas en función do número total de combinacións libres ou *bigramas* recorrentes (Pazos ~ Pamies 2006), que, polo menos para un lector actual, pode resultar excesiva e pouco elegante [13]. A concentración de unidades fraseolóxicas é especialmente visible nos encabezamentos e despedidas. Sirva como mostra o seguinte parágrafo co que remata a "Carta cuarta", no que, facendo uso da súa retórica modestia habitual [14], parece adiantarse ó cansazo que o devandito estilo poida provocar no lector:

---

[11] Blasco de Garay, como é sabido, escribiu en 1541 dúas cartas (*Processo De Cartas De Amores e Quexa Y Aviso Contra Amor*) nas que perseguía reproba-lo amor carnal a través da linguaxe do pobo e, para facer máis efectiva a súa mensaxe, serviuse dos refráns. Máis próximo no tempo a Montoto, atopamos outro exemplo en *Lluvia de refranes. Consejos a los forasteros en refranes españoles por medio de una carta que escribe la tía Mari-Parda a su hijo Sancho Martínez, con motivo de su venida a Madrid para ver la feria y lo más principal de la villa y corte* (1879), de Juan Gorgues y Lerma. Para máis detalles sobre os xéneros textuais paremiolóxicos (Montoro del Arco 2012).

[12] É autor dos libros *Colección de cantares andaluces* (1884), *Modismos españoles* (1884), *Piropos andaluces* (1885) ou *Maldiciones gitanas* (1900).

[13] Aínda así os seus biógrafos coinciden en celebrar precisamente esta calidade da súa prosa. Especialmente os contemporáneos ó autor, como reflicte, por exemplo, o informe que a Real Academia Española expediu sobre a concesión a Montoto da Gran Cruz de Alfonso XII: sobre as súas obras en prosa, sinala que "lucen sobremanera el depurado gusto que su autor pone en cuanto escribe y el notable conocimiento del idioma, siempre sueltamente manejado, con pericia de consumado maestro" (Méndez Bejarano 1922: 121). Ricardo Monner Sans (1853-1927), célebre gramático español residente en Arxentina, xulga *Un paquete de cartas* como "un curioso y entretenido diccionario de modismos, locuciones, frases hechas, frases proverbiales y frases familiares" (C. Montoto 1935: 140). Finalmente, Ramos-Kuethe (2003: 199) afirma que "cada carta es una joya, de estilo entretenido y vivo, en la que se engarzan, con la facilidad de una mente ágil, todas las formas de habla popular que aparecen en el título. Su lectura asombra por lo ingeniosas y por lo amenas que son y, téngase en cuenta que no es fácil labor la de engarzar frases y modismos manteniendo el hilo de la conversación con la persona a quien se escribe".

[14] Alén da convención retórica da *captatio benevolentiae*, coa que Montoto intenta atrae-lo aprecio do destinatario das súas cartas e dos seus lectores, parece que a modestia foi unha calidade destacada do sevillano, como sinalan os seus contemporáneos e os seus biógrafos. Sácaa a relucir tamén ó falar do seu traballo como fraseólogo, ó falar da expresión *erudito a la violeta* que utilizou José Cadalso ("Joseph Vazquez"): "De mí le digo, que nada ó poco se me alcanza de modismos, y que cuanto apunto en estas cartas lo he visto escrito ó lo he oido decir á quien se lo sabía. Mi trabajo no es otro que ojear libros y más libros, y confrontar textos. Alguna que otra vez siento como pujos de erudición; pero me viene á la

> *No dilataré esta carta, enojosa como todas las demás sus hermanas é hijas de mi mal tajada pluma (aunque si va a decir la verdad ésta que entre los dedos tengo es de bien templado acero). Vá como salió, calamo currente, sin afeites ni retoques; va de trapillo, que es ir con el desaliño del traje de la madrugada. Recíbala usted con amor y no la despida á cajas destempladas, en gracia á que en otras hablaré con usted de muchos modismos que guardo como oro en paño ó como peras en tabaque. No digo más sino que espero como agua de Mayo las suyas, que yo pongo en el cuerno de la luna, y habrán de valer á usted que le pongan en toldo y peana; aunque si va á decir verdad, esto de explicar los modismos más abstrusos, no es, ni con mucho, cortar el nudo gordiano. Y basta*: *porque al buen callar llamaron "sage, santo y Sancho"* (Montoto 1888:63).

O carácter erudito da obra percíbese en que cada unha das cartas vai seguida dun listado dos "modismos" incluídos nelas, presentados pola súa orde de aparición na carta precedente e acompañados de explicacións sobre o seu significado e o seu uso. Á parte, tódolos modismos citados recóllense nun apéndice final ("B. Índice dos principais modismos contidos nesta obra") composto por 1156 unidades; a súa distribución é alfabética, pero cunha particularidade, que dificulta a consulta: as unidades, ordenadas en xeral en función da súa letra inicial (segundo o lema que o autor fixa en cada caso), agrúpanse por capítulos dentro de cada letra [15]. As unidades recollidas son fundamentalmente locucións, maioritariamente verbais (exs. de *andar en dimes y diretes, aplicarse uno el cuento, atar los perros con longaniza, dar de manos, echar sapos y culebras, encoger los hombros, irse de rositas,* etc.), e en menor medida adverbiais (exs. *a más no poder, a ojos vista, a la bartola, a calzón quitado, de lo lindo),* substantivas (exs. *el qué dirán, hombre del pueblo, gramática parda, etc*.) ou adxectivas (exs. *más feo que Picio, de tomo y lomo*); os enunciados fraseolóxicos son, en comparación, moito menos numerosos, pois apenas pasan de cen (exs. *Aquí sea mi hora; al buen callar llaman Sancho; aquí te quiero, escopeta; con este melón se llenó el serón; dame pan y llámame tonto; pon lo tuyo en concejo, y unos dirán que es blanco y otros que es negro,* etc.) [16].

Nas súas cartas, Montoto persegue un dobre obxectivo: por unha banda, utilízaas en xeral como recurso retórico para exemplifica-lo uso de todo tipo de locucións e fórmulas no discurso que despois se recollen nos apéndices; por outra banda, nestas

---

memoria la inventiva, muy sustanciosa, que escribió D. Joseph Vazquez, y temeroso de que me coja de la cruz á la fecha aquel 'Papel irónico', en que el autor estampó sendas verdades para escarmiento de 'pseudo eruditos', refreno mis ímpetus de escritor sabihondo y me alivio de la comezón que me trae desasosegado" (Montoto 1888: 76-77).

[15] Por poñer un exemplo, as entradas baixo a letra "y" organízanse á súa vez como segue: "C. III. Yendo días y viniendo días. / C. IV. Ya tiene puesto el telar. / Ya tiene tela para un rato. / C. V. Ya está el toro en la plaza. / Ya está *uno* un buen pez. / C. VIII. Ya Pedro es viejo, ó duro, para cabrero. / Ya escampa, y llovían chuzos, ó llovía á chuzos." (Montoto 1888: 322).

[16] Cos exemplos citados intentamos amosar, sen exhaustividade, a índole xeral das unidades recollidas por Montoto nesta obra. Trátase fundamentalmente de locucións e, nunha medida moito menor, de enunciados fraseolóxicos. Non entramos aquí a debate-la cuestión das fronteiras entre locucións verbais, nominais, adxectivas e adverbiais, nin tampouco a índole específica dos enunciados fraseolóxicos recollidos, pois todo isto excede os obxectivos específicos deste traballo.

realiza pequenas incursións descritivas sobre distintos núcleos da fraseoloxía española. Dividímolas en tres grupos:

a) *Cartas de carácter teórico* ("Carta primera, que puede servir de prólogo, proemio, preliminar ó preámbulo"; "Carta décimoquinta. Entre col y col…"; "Carta décimooctava. Lector: ésta va contigo"): nelas fanse comentarios de interese teórico e ideolóxico que axudan a comprende-la visión da fraseoloxía por parte do autor. Así, na primeira preséntase o propósito xeral da obra, cítanse algúns dos autores que previamente se dedicaron ó estudo dos modismos e fanse algunhas consideracións sobre a relación dos modismos con outras disciplinas lingüísticas; nas segundas céntrase o problema que supón a inclusión de modismos no dicionario académico, aspecto bastante recorrente na época (Montoro del Arco 2009a).

b) *Cartas con función fática o de contacto* ("Carta octava. Que no dice sí, ni no, ni qué sé yo"; "Carta undécima. Tíos: ¡ya me han conocido!"; "Carta duodécima. Tijeretas han de ser"; "Carta décimotercia. Juguemos limpio"): este grupo está formado por cartas nas que non trata un tema específico. Montoto dedícaas a aspectos pragmáticos propios da comunicación epistolar, tales como solicitar resposta por parte do seu interlocutor, xustificarse pola súa insistencia, loa-lo seu destinatario, etc. Nalgunhas ocasións sérvese de contos populares e anécdotas relacionadas cos devanditos propósitos comunicativos, coma na "Carta novena", na que se cita un treito de *Fray Gerundio de Campazas* do Padre Isla, ou na "Carta undécima", na que se cita a Covarrubias.

c) *Cartas de carácter descriptivo*: nelas trátanse case monograficamente grupos concretos de unidades fraseolóxicas, como os *latinismos e extranxeirismos fraseolóxicos* ("Carta décima. Ejusdem furfuris"), os *somatismos* ("Carta décimosexta. Sin título"), os *zoomorfismos* ("Carta decimoséptima. Á otro perro con ese hueso") e, maioritariamente, os *personaxes proverbiais* ("Carta tercera que trata de famosos y afamados personajes"; "Carta cuarta. Prosigue la materia de la anterior"; "Carta quinta. Que sigue á la cuarta"; "Carta sexta. Siga su curso la procesión" e a súa "Posdata. De cómo es más larga la posdata que la carta"; "Carta sétima. Eche V. y no se derrame").

Nas cartas incluídas neste último grupo Montoto apunta xa a liña de investigación fundamental da súa achega á fraseoloxía do español: o descubrimento da orixe das distintas persoas que aparecen nos modismos españois. Esta tarefa antóllaselle, nos comezos, como algo inabarcable, como el mesmo sinala no seu estilo particular:

> *Sería el cuento de nunca acabar, que es el cuento de la buena pipa, explicar todos y cada uno de los modismos en que hacen primeros papeles personajes históricos ó imaginados por el pueblo. Hemos desflorado apenas la materia y ya han salido burla burlando de las plumas con que escribimos más renglones que soportará el lector de más paciencia. Todavía hay mucha tela cortada* (Montoto 1888:57).

Pero a partir dese momento dedicou os seus esforzos a esta tarefa, froito do cal son as súas publicacións posteriores. Así, seguindo co estilo epistolar como forma de reflecti-las súas investigacións, en 1890 publica *Tiquis Miquis*: *Carta en la que se habla de*

más de doscientos personajes proverbiales, dirixida ó seu amigo José Gestoso y Pérez [17]. Inclúese unha única carta, pero de maior extensión cás do libro anterior, na que, consonte as declaración do propio Montoto no título, estúdase o significado e orixe de douscentos personaxes proverbiais. Nesta ocasión rebaixa considerablemente ese estilo amoreado do que se fixo mención anteriormente e os seus comentarios van acompañados dun aparato de citas bibliográficas e eruditas, tanto de fontes primarias como secundarias, que dotan o estudo dun carácter científico e filolóxico do que carecía *Un paquete de cartas.*

Tiquis Miquis representa, logo, unha ponte entre *Un paquete de cartas* e a súa obra fraseolóxica máis importante, *Personajes, personas y personillas que corren por las tierras de ambas Castillas* (1911, 1912), cumio da crecente fascinación de Montoto polos personaxes proverbiais. Nela abandona xa o xénero epistolar e organiza a información recompilada durante moitos anos de traballo nun formato lexicográfico, moito máis acorde coa índole filolóxica da súa investigación. O primeiro tomo publicouse en 1911 e os dous seguintes en 1912 (e chegou a ter unha segunda edición, aumentada e corrixida, entre 1921 e 1922, Sevilla: Tip. Gironés). No prólogo ("Por vía de prólogo") repite algunhas das consideracións teóricas da "Carta primera" d'*Un paquete de cartas* e, asemade, danse indicacións metalexicográficas para a correcta consulta do dicionario. Estas últimas non son senón síntoma do tremendo esforzo realizado polo erudito sevillano para encaixa-lo estudo das súas pesquisas nun molde formal máis homoxéneo e "científico", aínda que a redacción dos artigos segue amosando ás veces a súa faceta máis literaria.

O lema principal é o personaxe en si, e despois deste ordénanse os modismos asociados, que teñen unha estrutura sintáctica diversa: así, baixo o lema *García* atopámo-los sublemas a) *La ventura de García*; b) *La ventura de García – no la ha dado Dios a nadie*: *todos quieren a García; – García no quiere a nadie*; c) *Cualquiera se llama García*; d) *De García arriba, nadie diga*; e) *Huésped García, en casa cada día*. O segmento lematizado pode ser tanto un nome propio como un sintagma, no que se inclúa algún antropónimo, topónimo (*los de Cascante, el Corregidor de Almagro*) ou non (*el que inventó la pólvora, el que metió los galgos en el monte*).

Os artigos lexicográficos teñen unha extensión moi variable e non inclúen en tódolos casos a mesma información, polo que o esquema que describe no prólogo constitúe só un artigo ideal. En primeiro lugar, aparecen as fontes das que toma os datos: así, reproduce a explicación da Real Academia Española cando esta existe e distingue cun asterisco as entradas que non se recollen no dicionario académico; a continuación, ofrece tamén as variantes, que citan outros dicionarios. En segundo lugar, inclúense pasaxes de obras literarias nas que se utiliza a unidade e, ocasionalmente, engádense comentarios sobre a orixe do modismo, aínda este non é o seu obxectivo principal,

[17] José Gestoso y Pérez (1852-1917) foi un historiador sevillano, interesado tamén polo estudo do pasado da súa cidade e polas súas tradicións, co que Montoto trabou amizade. Na carta, Montoto amósalle os datos que puido acadar e pídelle que o axude a descubri-la orixe dos personaxes proverbiais dos que non achou novas.

segundo el mesmo declara. Un exemplo disto é a entrada correspondente a "Ambrosio" (Montoto 1911:52-53):

> *Ambrosio*
>
> *Ser una cosa la carabina de Ambrosio, o lo mismo que la carabina de Ambrosio.*
>
> *Fr. fig. y fam. No servir para nada.–D.A.E., 14.ª ed.*
>
> *En Andalucía se aplica no sólo a la cosa, sino también a la persona. Mucha diligencia he puesto en averiguar quién fué Ambrosio el de la carabina famosa; pero todo inútil. Quizás algún día, en la Alcana de Toledo, o en el mal baratillo del Jueves, en Sevilla, tope con polvorosos papeles que den noticias de ese personaje.*
>
> *A la frase suelen añadir estas palabras*: *colgada de un clavo y sin pólvora; y estotras*: *cargada de cañamones.*
>
> *Un cantarcillo, popular en Andalucía, expresa todo el valor del modismo. Dice así*:
>
> *El hombre que es cojo y tuerto,*
> *Enamorado y celoso,*
> *A ese le llama mi madre*
> *la carabina de Ambrosio.*
>
> *Por vía de cuentezuelo, ahí va lo que leí en el periódico Por esos mundos.–Madrid, 1900.*
>
> *"Ambrosio fué un labriego que existió en Sevilla a principios de siglo. Como las cuestiones agrícolas no marchaban bien a su antojo, decidió abandonar los aperos de la labranza y dedicarse a salteador de caminos, acompañado solamente por una carabina. Pero como su candidez era proverbial en el contorno, cuantos caminantes detenía lo tomaban a broma, obligándolo así a retirarse de nuevo a su lugar, maldiciendo de su carabina, a quien achacaba la culpa de imponer poco respeto a los que él asaltaba. Es este el origen verdadero de la popular frase".*
>
> *Se non é vero…*

Fronte a exemplos coma este, atópanse outras entradas moi longas ou ben sorprendentemente breves, como a de *la cocinera de Mendoza* (Montoto 1911:172), na que Montoto mesmo toma a licenza de non facer ningún comentario sobre o significado:

> *La Cocinera de Mendoza*
>
> ** La cocinera de Mendoza, o sucia o golosa*
>
> *En Correas, sin explicación, que no necesita.*

Finalmente, é importante anotar que Montoto albiscou dende o comezo a posibilidade de acometer unha empresa de maior envergadura. Na "Carta décimoctava" d'*Un paquete de cartas*, faille a seguinte promesa a Manuel Díaz Martín: "si Dios me da vida y salud —lo que muy de verdad le pido, —y tú no me desamparas, te prometo —y cumpliré en plazo más o menos largo la promesa— darte, á manera de ensayo, una colección de modismos españoles, en forma de diccionario" (Montoto 1888:257). Díaz Martín, pola súa banda, fai varias referencias nas súas cartas ó proxecto de "diccionario

general de modismos" do seu interlocutor (Montoto 1888:267) [18]. Podería pensarse que *Personajes, personas y personillas* é xustamente o resultado do devandito proxecto, pero a frase coa que comeza o prólogo desta obra deixa entrever que non é así: "Fruto de algunos días de lectura, aunque fruto sin madurar, este libro es un ensayo para emprender la tarea de la composición de otro de más substancia y mayor alcance" (Montoto 1911:VII). Non chegou, por tanto, a consumar este desexo.

4. Aspectos teóricos

Julio Cejador y Frauca presentou a Luis Montoto na súa *Historia de la lengua y Literatura Castellana* como "escritor modelo de casticismo, conocedor teórico y práctico de los tesoros del castellano, de sus refranes y dichos" (Cejador 1918:81). Con esta descrición, na nosa opinión, facía unha temperá e xusta loanza ó dobre valor, descritivo pero tamén teórico, da obra fraseolóxica de Montoto. Pero o certo é que o devandito valor teórico pasou moi desapercibido. A continuación imos tratar de expolas liñas mestras da súa concepción sobre a fraseoloxía.

4.1. A fraseoloxía (os modismos) como disciplina

Nalgúns dos seus escritos intúese un intento de afirmación da disciplina fraseolóxica, por medio da súa delimitación conceptual verbo doutras disciplinas consideradas básicas na análise da lingua (seguindo o modelo académico): así, considera en primeiro lugar "el Diccionario" (isto é, lexicografía), como estudo do significado léxico; en segundo lugar, "la Gramática", á que lle atribúe unha función normativa, preséntaa como a conxunción entre morfoloxía e sintaxe por un lado (entendida esta última como construción, rección e concordancia, modo académico [19]) e, por outro, prosodia e ortografía. Trátase, por tanto, da tradicional estrutura da gramática dividida en catro partes, xa presente dende Nebrija. Os modismos non atopan acomodo en ningunha porque nin o seu significado nin a súa estrutura son facilmente predicibles por estas. Non se rexen polas regras da gramática xeral, senón que caracterizan as linguas particulares pois proceden do espírito colectivo dun pobo. Parece, en definitiva, unha declaración da autonomía da disciplina fraseolóxica, baseada nunha rudimentaria formulación da *idiomaticidade*:

> *El Diccionario nos da á conocer la significación de las palabras. La Gramática nos enseña el valor de éstas dentro de la oración, señalando á cada una su lugar respectivo; nos dice cómo hemos de moverlas y combinarlas; cuál es la que rige y cuáles son las regidas; cómo se casan las unas con las otras, de*

[18] É a única referencia que temos: "V. sí que está en el caso y tiene la obligación —premio á sus grandes merecimientos literarios— de terminar pronto su muy adelantado diccionario de modismos españoles, verdadero monumento nacional á que debe dar gloriosa cima para bien de cuantos hablan y quieran hablar el idioma de Cervantes […] ¡Ojalá tuviera yo autoridad bastante para inducirle á que no demorase la conclusión de tan luminosa y trascendental obra! […] Porque hace suma falta en España un diccionario de modismos" (Montoto 1888: 263).

[19] Esta concepción da gramática coincide coa académica e é allea ós grandes cambios que, por aquela época, xa se introduciran na gramática escolar española, tales como a inclusión, dentro da sintaxe, de conceptos procedentes da análise lóxica e gramatical (suxeito, atributo, a proposición e os seus tipos, etc.). (Calero Vaquera 2008).

> *manera que el maridaje, ó si se quiere la concordancia, no sea contubernio monstruoso; nos preceptúa el acento con que debemos pronunciarlas, midiendo la cantidad de las sílabas, y, por último, nos dá reglas más ó menos precisas para que las escribamos correctamente, ahora habida consideración á su etimología, ahora atendido el uso, jus et norma loquendi.*
>
> *Diccionario y Gramática no son materiales bastantes para levantar el grandioso edificio de una lengua. A las palabras, en sus múltiples combinaciones, mueve el espíritu nacional; en ellas laten la vida de un pueblo y su particular y característica manera de ser. Son los modismos lo genial, por decirlo así, lo que de propio pone un pueblo en la lengua que habla* (Montoto 1888:7) [20].

4.2. Clasificación das unidades fraseolóxicas: *modismos* vs. *refráns*

Como diciamos na introdución, Montoto amósase preocupado por delimita-lo seu obxecto de estudo, non só dende un punto de vista conceptual, senón tamén terminolóxico. Nalgún lugar acepta o "modismo" como termo hiperonímico xeral, que englobaría como subtipo ó refrán: "concediendo que el refrán sea un modismo, ya por los años 1210 de nuestra Era los glosaba en Toledo el capellán Mosén Dimas" (Montoto 1888:20) [21]. Mesmo así, de forma específica, separa dous tipos de unidades: por unha banda, "proverbio, adagio y refrán" e, por outra, "frase vulgar, frase proverbial y modismo":

> *Bueno será también que haga yo aquí una aclaración. Hasta hoy se confundieron los vocablos proverbio, adagio, refrán, frase vulgar ó proverbial, y modismo; y á poco que se considere, se cae en la cuenta de que si proverbio, adagio y refrán significan matices de un mismo concepto, entre estas voces y las siguientes, frase vulgar, frase proverbial y modismo, hay alguna diferencia* (Montoto 1911:XI).

E para explica-la diferenza entre estes dous grupos, selecciona sistematicamente "modismo" para o primeiro e "refrán" para o segundo, que se empregan, por tanto, como hiperónimos [22]:

---

[20] Este mesmo texto aparece reproducido, con lixeiras variantes simplemente estilísticas, en Rodríguez ~ Montoto (1895: 81).

[21] Así o fai tamén noutras ocasións, como no seu discurso de contestación ante o ingreso de Francisco Rodríguez Marín na Real Academia Sevillana de Buenas Letras: "Ha explicado y estudiado además en muchos de sus libros no pocos modos de decir peculiares del pueblo español (*modismos*, en la acepción general), clasificados en muy ricas especies (frase proverbial, frase familiar, etc.), reconociendo todo lo provechoso de ese estudio para el de nuestra lengua; porque si es pródigo de refranes el pueblo español, es Creso ó Fúcar de modismos el habla castellana" (Rodríguez ~ Montoto 1895: 80).

[22] Esta interpretación apóiase noutras manifestacións de Montoto, coma a seguinte: "Precisamente la edición última del Diccionario de la Academia, en esto de las frases proverbiales, frases familiares y locuciones y expresiones familiares ó vulgares, –ó en esto de los *modismos*, género en que he querido comprender esas especies, – supone para mí un progreso en relación con las ediciones anteriores" (Montoto 1888: 254-255).

> *¿Qué es modismo? Una dicción figurada, un dicho tropológico? ¿Qué le falta para ser refrán? La sentencia provechosa para la vida.*
>
> […]
>
> *El refrán contiene siempre una enseñanza; el modismo es siempre un tropo; el uno habla á la inteligencia; el otro hiere poderosamente la fantasía, y uno y otro quedan en uso y se saben comunmente de muchos.*
>
> […]
>
> *Los refranes son hijos de la experiencia y de la reflexión; los modismos brotan de la fantasía, rápidos, como las chispas del pedernal. Tropos, metáforas, en el mayor número de los casos, los modismos implican una comparación. Raro será el que á la postre no se resuelva en una frase comparativa* (Montoto 1911:XI-XII) [23].

En suma, na súa clasificación xeral das unidades fraseolóxicas, Montoto, tal e como se intúe polas súas palabras, establece as seguintes distincións terminolóxicas (táboa 1): en primeiro lugar, establécense dous subtipos:

a) *modismos* ou *modos de decir* [24] e b) *refranes*; en segundo lugar, ambos poden ser coñecidos tamén por outros termos que, en todo caso, achegan un matiz específico fronte ó seu hiperónimo [25].

---

[23] Exprésase tamén en termos parecidos no seguinte texto: "Separa al refrán del modismo (lo ha dicho atinadamente en su discurso) diferencia señaladísima: el refrán contiene siempre una enseñanza; el modismo siempre es un tropo; el uno habla á la inteligencia; el otro hiere poderosamente la fantasía; pero uno y otro tienen de común lo rancio de su abolengo, muchas veces; su generalidad y las fuentes que fluyen, en algunos casos. Tal vez, y sin tal vez, el modismo es anterior al refrán, como en la vida del sér inteligente primero es el imaginar que el discurrir; primero el sentimiento que la reflexión". (Rodríguez ~ Montoto 1895: 80).

[24] *Modo de decir* aparece en menos ocasións: así n'*Un paquete de cartas* utilízao para unidades como "por una flima" e "no vale una flima" (Montoto 1888: 239), "colgar la pluma" (Montoto 1888: 134) e outras veces sen referencia específica (Montoto 1888: 282, 254, 255, 256). Equipáraos ás *frases proverbiales* ó falar de Correas: "Párrafo aparte merece el *Vocabulario* del maestro Gonzalo Correas, dado á luz por la Real Academia Española en 1906. En él se contienen casi todos los modos de decir, frases proverbiales, reunidos en colecciones anteriores" (Montoto 1911: VIII).

[25] Montoto amosa un especial coidado no uso preciso desta terminoloxía e só utiliza como sinónimos os termos citados tal e como están agrupados. Por exemplo nas seguintes liñas: "Reprende esta frase proverbial, de idéntico sentido que la explicada bajo el epígrafe *El Abad de la Magdalena*, al glotón *cujus Deus venter est*. Pone el modismo el pecado de la gula en un abad, como pudo ponerlo en un hidalgo o en un villano; porque el ser glotón no reconoce estados, clases ni jerarquías […] (Montoto 1911: 2, *s. v*. "El abad de la Redondela").

a) MODISMO/MODO DE DECIR	b) REFRÁN
Locución *Frase vulgar* *Frase hecha* *Frase proverbial* *Modismo*	*Proverbio* *Adagio* *Refrán*

Táboa 1: Terminoloxía fraseolóxica

Dende o punto de vista conceptual, Montoto intenta traza-las semellanzas e diferenzas de modismos e refráns. Así, uns e outros participan da calidade da *institucionalización* (Corpas 1996:21-23), que se intúe cando sinala que ambas son unidades de longa tradición de uso ("de rancio abolengo") e isto permitiu que se convencionalizaran ("sabida comunmente de muchos"):

> *El refrán Amigo Pedro, amigo Juan, pero más amiga la verdad, y el modismo Poner una pica en Flandes, claramente denotan las diferencias señaladas. El primero, que es una frase sentenciosa, de rancio abolengo y sabida comunmente de muchos, encarece la virtud y el poder de la verdad, que debemos poner ante y sobre la amistad misma. El segundo es un modo de dar a entender que ejecutamos cosas de difícil desempeño*: *frase de tan rancio abolengo como la primera, y otrosí sabida de muchos* (Montoto 1911:XII).

Para diferenciar modismos e refráns utilízanse criterios heteroxéneos. Os modismos defínense pola súa *idiomaticidade*, por estaren formados a partir dun tropo (normalmente, a metáfora ou o símil) e os refráns por albergaren un ensino para a vida (sexa da índole que for) e o seu valor sentencioso. Este último valor é imprescindible, ata o punto de que fai unha crítica textual da obra do Marqués de Santillana e de Sebastián Horozco ó afirmar que é un erro denominar como refráns algunhas das "frases que cierto dijeron las viejas tras el fuego" e determinados "modos de decir", respectivamente, porque "no tienen nada de sentenciosas", como *Allá va Pedro a aparejar lazos* ou *Buena está Marta, que da la paz a vísperas* (Montoto 1911:XIII).

O problema é que, ó utilizar criterios espurios, trázanse fronteiras difusas: por unha banda, os refráns participan dos recursos tropolóxicos característicos dos modismos; por outro, ós modismos recoñéceselles a mesma autoridade cós refráns (considéranse sabios e merecen o mesmo respecto):

> *A las veces el refrán es un modismo. Sirva de ejemplo el citado Amigo Pedro, amigo Juan, pero más amiga la verdad. El sentido natural del proverbio es éste*: *mucho se debe a la amistad, pero mucho más a la verdad. Dicho así, el refrán no pierde nada de su valor. ¿Cuál es, pues, el elemento metafórico que lo convierte en modismo? La representación de la amistad en el amigo Pedro y en el amigo Juan. Es un modo de decir propio de la fantasía popular, que en Juan ve el símbolo del hombre, a todos los hombres, el género, sin distinción, añadiendo las más de las veces un apellido que determina la especie, si no ya el individuo* (Montoto 1911:XII).

As fronteiras entre *refráns, modismos, frases proverbiais* e *locucións* (termo este último que aparece en contadas ocasións na obra de Montoto [26]) serán escudriñadas anos despois, como é sabido, por Julio Casares (1950), malia que aínda hoxe é un tema polémico, que está suxeito a debate entre os especialistas.

4.3. Tipos de modismos

Á parte da anterior distinción entre modismos e refráns (e mais a súa terminoloxía asociada), non se encontran nos escritos de Montoto outras alusións explícitas a unha posible clasificación dos fenómenos fraseolóxicos. Pero podemos deducir qué tipo de unidades engloba implicitamente baixo o concepto de "modismo" se analizamos brevemente a macroestrutura das súas obras lexicográficas.

O *modismo*, como sinalamos, é para Montoto un tipo de unidade que se distingue en primeira instancia pola súa *figuratividade*, é dicir, por ser froito dun proceso tropolóxico e, máis concretamente, metafórico. Ó amosar como definitoria esta calidade, en principio as fórmulas pragmáticas son consideradas tamén modismos, como se comproba no fragmento relativo ó enterro recollido anteriormente (cf. § 3). Pero obsérvanse certas vacilacións: polo menos nos comezos, o sevillano parece ás veces distingui-los modismos das fórmulas pragmáticas como fenómenos distintos. Así, no remate da "carta primera" d'*Un paquete de cartas* comenta algunhas fórmulas discursivas de despedida, que destaca mesmo tipograficamente co uso das comiñas:

> *Iba á poner punto final á esta carta; pero no sé como hacerlo, después de besar humildemente su mano. No sé si decir "criado de usted" –como escribiría Cervantes, – ó "de v. m. siervo" –que diría, en mi caso, la autora de Las Moradas,– ó "viva cuanto desee" –como escribió en sus Cartas Familiares el P. Isla, –ó "de V. A. S. S. Q. B. S. M.", –como pintan hoy muchos, –ó "salud y pesetas", –que es otra fórmula de despedida más substancial que aquellas otras.*
>
> *Bien quisiera yo decir "¡ahí queda eso!" y despedirme á la francesa; pero el que no se arriesga no pasa la mar y quien no arrisca no aprisca, y á Roma por todo* (Montoto 1888:9).

Pero no apéndice correspondente a esta carta non as considera modismos, xa que, destes dous últimos parágrafos recolle, moi significativamente, só as unidades "*Despedirse uno á la francesa*" e "*A Roma por todo*" (Montoto 1888:16).

Así e todo, a busca onomasiolóxica de expresións que incluísen personaxes proverbiais posiblemente fixo que o trazo semántico da metaforicidade pasase a un segundo plano, de xeito que xa en 1911 parece considerar todo tipo de enunciados formulísticos como modismos polo feito de incluíren algún dos devanditos personaxes. Así acontece, por

[26] O termo *locución* aparece de forma residual e, dado que non o utiliza en ningún caso nas súas pasaxes teóricas, seguramente é reprodución do utilizado nalgunha das fontes consultadas polo autor. Así, por exemplo, encóntrase nalgunhas entradas de *Personas, personajes y personillas*, como en *La enfermita de Rute*, que é identificada como "locución proverbial con la cual se pretende dar á entender en Andalucía que un enfermo se queja de vicio" (Montoto 1911: 236). Véxasen tamén as notas 20 e 21.

exemplo con *¡Que viene el tío Camuñas!*, que só se pode definir explicando o seu contexto pragmático e a súa intencionalidade: "Frase con que, en Andalucía, se asusta a los niños" (Montoto 1911:163, s. v. El tío Camuñas).

Despois de facer un breve repaso das unidades incluídas en *Personas, personajes y personillas*, podemos establece-la seguinte clasificación de acordo coa "forma citativa" (Wotjak 1998) con que as recolle Montoto (indicamos entre parénteses a páxina correspondente a Montoto 1911):

a) Simples personaxes proverbiais, non asociados directamente a locucións (cun uso, que, non obstante, se infire combinado con "ser (como)"): *Cástor y Pólux* (155); *Gandalín* (270).

b) Alcumes, hipocorísticos, etc, que non se usan como antropónimos senón que nomean outras realidades: como o baile *La Chacona* (197).

c) Diversas modalidades de locucións comparativas: [*más* + Adj. + *que* + N/SN], *más desgraciado que Chanito* (199); [como + N/SN + cláusula relativa explicativa], *Como la Chaparrita, que parió tres hijos y quedó mocita* (199); [como + N/SN + estilo directo], *Como Chuzón del Pedroso*: *vámonos, que ya me han conocido (201);* [*ser/estar como* + N/SN], *ser como la dama de la media almendra* (204); *estar como el alma de Garibay* (275); [*parecerse a* + N/SN], *parecerse al deán de Santiago* (205); [Adj. + como + N/SN], *generoso, como Diego Corriente* (204); [V + como/hecho + N/SN], *traer a uno como un dominguillo, o hecho un dominguillo*; comparacións implícitas: *las calzas del escudero de Alba*: *al ponérselas, sólo Dios y él las entendían* (241); *el escudero de Guadalajara, de lo que promete á la noche no hay nada á la mañana* (241); [ser + SN] *ser un garabito* (271).

d) Locucións verbais (non comparativas): estar *bajo la espada de Damocles* (204); *hablar ad Ephesios* (236); *decir a uno las verdades,* ou *las tres verdades del barquero* (90).

e) Locucións adverbiais: *a lo tío Diego* (211); *en traje de Eva* (243).

f) Enunciados fraseolóxicos de tipo formulístico: votos e xuramentos (fórmulas expresivas) como *¡Válgate el Diantre!* (207), *¡Voto al Drake!* (220); fórmulas discursivas: *Donde digo digo, no digo digo, que digo Diego* (208); etc.

g) Dialoxismos: *En esta casa, ¿han dado morcilla a Escalante? –No. –Pues pase el varal adelante* (237).

h) Enunciados sentenciosos, citas e auténticos refráns: *Si bien me quiere Domenga, eso le venga* (217); *Poderoso caballero es Don Dinero* (215); *Quien bien quiere á Beltrán, bien quiere a su can* (100).

Non tódolos tipos teñen, obviamente, a mesma representación no dicionario: os refráns son unha excepción e, sen dúbida, as unidades máis frecuentes son as comparacións

fraseolóxicas. Estas, de feito, foron moi do gusto dos folcloristas e paremiólogos da época [27].

4.4. Eloxio e defensa do modismo

Montoto, sen deixar de valora-lo *refrán* como un dos principais sinais de identidade da lingua española [28], intenta deixar claro que o seu obxecto particular de estudo son os *modismos* e que estes son netamente diferentes dos refráns, competencia doutros estudosos. E, aínda máis, como mostra na "Décimoctava carta" d'*Un paquete de cartas*, mesmo trata de non inmiscirse no traballo dos paremiólogos, coma o do seu amigo, o tamén folclorista Francisco Rodríguez Marín:

> *Habrás encontrado en mis cartas uno que otro refrán; y te advierto que no ha sido mi propósito meter la hoz en mies ajena. Traje á colación algunos refranes, porque no tuve modismos á mano; que á tenerlos, éstos, que no aquellos, hubieran salido por los puntos de mi pluma. Dejo para doctos paremiólogos la tarea árdua de copilarlos* [sic]*; tanto más, cuanto que ha llegado á mis oídos la nueva de que se ocupa en la obra, reuniendo todos los materiales dispersos, mi muy querido amigo D. Francisco Rodríguez Marín, a quien deben las Letras el más completo Cancionero popular Español* (Montoto 1888:257).

Tal é a súa conciencia desta diferenza que nalgunhas ocasións denuncia o abandono dos modismos por parte dos demais estudosos, que parecen centrarse só nos refráns. Así, n'*Un paquete de cartas* sinala "que no es hacer una borrumbada recojer esos pobrecitos modismos que andan por ahí sin amparo y sin calor de nadie" (Montoto 1888:8). E poucos anos despois, no discurso de recepción de Francisco Rodríguez Marín, Montoto fai un repaso eloxioso das obras do bacharel de Osuna e, cando chega ós seus modismos comparativos, realiza un excurso no que parece esforzarse en reclamar para o modismo a mesma atención ou máis cá que se lle dispensaba ós refráns, obxecto predilecto do Académico recipiendario. Para isto, amosa exemplos de modismos cuxas orixes, como acontece co refrán, emanan de fontes históricas e populares: a) un feito histórico; b) un conto ou unha anécdota; c) os xogos; d) os

---

[27] Exemplos destes son, en español, el *Florilegio o ramillete alfabético de refranes y modismos comparativos y ponderativos de la lengua castellana definidos razonadamente y en estilo ameno* (1873) e as *Quinientas comparaciones populares andaluzas* (1884) e *Mil trescientas comparaciones populares andaluzas* (1899) de Francisco Rodríguez Marín; en portugués, as *Cuatrocentas comparações populares alemtejanas* (1884) e as *Setecentas comparações populares alemtejanas* (1892) de Thomaz Pires; e en francés, o *Glossaire des comparaisons populaires du narbonnais et du carcassez* (repartido en distintos números da *Revue des langues romanes* ó longo do ano 1882) de Achille Mir.

[28] É lugar común na época identifica-la lingua española co refrán e, particularmente, co seu uso maxistral na obra cervantina: "No es el refrán, ciertamente, patrimonio exclusivo de los españoles; pero español y refrán vienen á ser como dos cosas de las cuales no puede ir la una si no va acompañada de la otra. Sin los refranes puestos en boca de Sancho Panza, –¡qué digo sin los refranes puestos en boca de Sancho!– sin los que dicen todos los personajes que intervienen en la portentosa fábula cervantesca, la *Historia del Ingenioso Hidalgo* sería, en cierto modo, la narración de sucesos que así pudieron acontecer en llanuras de la Mancha, en asperezas de Sierra Morena y en playas de Barcelona, como en tierras gálicas ó anglicanas" (Rodríguez ~ Montoto 1895: 74). (Montoro del Arco 2012).

costumes; e e) as supersticións [29]. A presenza de trazos deste tipo nas devanditas expresións era moi ben valorada polos folcloristas, en tanto que constitúen unha pegada dese pasado popular que intentan recuperar. Por iso, non sorprende que Montoto reivindique o valor dos modismos coma se dunha competición cos refráns se tratase: ben sexa pola súa orixe popular ("¿Trátase del cuento y de la anécdota como fuentes de refranes y modismos? Pues en este punto el modismo casi siempre vence al refrán"; Montoto 1895:85); ou mesmo pola súa autoridade en materia moral ou de conduta (calidade, á sazón, definitoria do refrán):

> *Véase con cuánta razón el modismo es llamado frase proverbial; no porque encierre una sentencia o enseñanza, sino porque, sabido y repetido de muchos, tiene la misma autoridad que el proverbio; y no pecaría por exceso si dijese que en esa misma autoridad se aventaja. Discútese sobre la falibilidad de los adagios, estando en tela de juicio apotegmas y sentencias; pero todos sin discusión aceptamos el modismo cuando, sabiendo lo que significa, lo aplicamos en tiempo y sazón* (Montoto 1911:XII-XIII).

Fronte ós refráns (que recolleron séculos antes eruditos como Juan de Mal Lara o Correas) a busca, interpretación e explicitación dos modismos proponse coma unha empresa aínda por realizar: "Desde la publicación de *La filosofía vulgar*, el estudio de los modismos fué desatendido. No faltan, sin embargo, colecciones de refranes, en que se deslizaron algunos; pero en ellas no está el mayor número de las frases viejas, ni las registradas tienen explicación bastante" (Montoto 1911:VIII). Non obstante, en case tódalas súas obras recoñece o labor que algúns dos seus contemporáneos realizaron nesta liña [30].

---

[29] Para equiparar refráns e modismos neste aspecto, fai listados de modismos nos que se recoñecen as orixes arriba sinaladas, seguidas de comentarios diversos. Por exemplo, recolle modismos de orixe histórica: *hacer pasar por las horcas caudinas; quemar las naves; poner una pica en Flandes; Villanos mátente, Alfonso; Aquí fue Troya; Ésta es una de las buenas de Gormaz; Hable Burgos, que Toledo hará lo que yo le mande; Á más moros, más ganancia; Tiene más orgullo que D. Rodrigo en la horca; Pasar el Rubicón; Ni quito ni pongo rey; Si la hicisteis en Pajares, pagaréisla en Campomanes; Hay moros en la costa; Ya puede pasar por los bancos de Flandes; Ruín con ruín, que así casan en Dueñas / Tal para cual casaron en Dueñas; gozar de una paz octaviana; haber, ó armarse un tiberio, ó la de San Quintín; Una noche toledana; Mercedes enriqueñas; Todo se ha perdido menos el honor; Con todo el mundo en guerra y paz con Inglaterra* (Rodríguez ~ Montoto 1895: 81-85).

[30] Así, á parte das fontes clásicas (Hernán Núñez, Juan de Mal Lara, el Marqués de Santillana, Sebastián de Horozco, Correas), declara as fontes contemporáneas das que se serviu para o seu dicionario *Personajes, personas y personillas*: "En nuestros días se han aplicado a ese estudio escritores muy doctos, entre los cuales son dignos de mención Fernández-Guerra, Bastús, Monlau, Castro, Sbarbi, Rodríguez Marín, Monner-Sanz, Lope Barrón, Cavia, Cejador, Sacristán y Caballero, a cuyas obras acudí, tomando lo que a la mía aprovechaba, pero cuidando muy mucho de no engalanarme con las plumas de otros y nombrándolos siempre, para que el lector vea cuál es la fruta del cercado ajeno y cuál la que nació en mi humilde huertecillo" (Montoto 1911: IX). E máis adiante, "Declaro paladinamente que en esta materia me han servido de mucho las obras de Malara, Covarrubias, Correas, Bastús, Sbarbi y Rodríguez Marín, a quienes pido perdón por haberme entrado por sus tierras *como por viña vendimiada*, o *como Pedro por su casa*" (Montoto 1911: XV).

É inevitable unha referencia á actitude da Real Academia Española ante os modismos, pois interprétase que o dicionario académico é incompleto tamén neste punto [31]. A pesar diso, a súa crítica resulta moi comedida e cortés –"pasemos por el alambique de una crítica sana algunos modismos, mal explicados, que deslustran las páginas del Diccionario" (Montoto 1888:218)–, e contrasta coa ferocidade coa que se pronunciaron moitos dos seus contemporáneos [32]:

> *Debo decirte, además, lector siempre discreto, que nada ha estado más lejos de mi ánimo que poner reparos á la última edición del Diccionario de la Real Academia de la Lengua. ¡Quién soy yo para atreverme á tanto! Sin propósito de sumarme con muchos y discretos autores que censuran la obra de aquel respetabilísimo Cuerpo, he pretendido reunir en mis caras muchos modismos que, nacidos en este ó en el otro punto de nuestra península, la recorren toda entera con la patente de españoles, y coleccionar también muchos modos de decir que andan de boca en boca por las feraces tierras de Andalucía* (Montoto 1888:255).

E mesmo trata de xustifica-la actitude da Corporación expoñendo os criterios que, na idea del, han de se seguir para a inclusión de modismos no dicionario académico: a) determinar "si son de uso general" (Montoto 1888:255); b) depurar se son "oriundos de España" (Montoto 1888:255), isto é, patrimoniais; e c) comprobar que teñen "un tanto de rancio abolengo" (Montoto 1888:255). Do contrario,

> *Medrada estaría la Academia si hubiera de dar cabida en su Diccionario á todas las frases metafóricas que desperdiga en la conversación un pueblo de fantasía ardiente, y poeta por excelencia. No basta la repetición de una frase para que se le abran de par en par las puertas del Diccionario*: *ha de tener la*

---

[31] Son moitas as obras que xurdiron como crítica ó dicionario académico, por consideraralo incompleto nalgún aspecto. Francisco Rodríguez Marín fixo unha crítica xeral en *De Academica Caecitate. Reparos al nuevo diccionario de la Academia Española* (1886) e reclamou a inclusión particular de palabras (*Un millar de voces castellanas y bien autorizadas que piden lugar en nuestro léxico,* 1921) e locucións (*Modos adverbiales castizos y bien autorizados que piden lugar en nuestro léxico*, 1931). Outros autores solicitaron a inclusión de voces rexionais, como por exemplo Miguel de Toro y Gisbert nas súas *Voces andaluzas (o usadas por autores andaluces) que faltan en el Diccionario de la Academia Española* (1920).

[32] Rodríguez Marín, por exemplo, foi máis rotundo nas súas primeiras manifestacións ó respecto, se ben a perspectiva de ingresar na Academia fixo que as fose temperando posteriormente. Abonda co seguinte exemplo: "Viendo plagada de impertinentes latinajos y de voces antiguas, hoy sin uso, la undécima edición del Diccionario de la Academia (1869), esperábamos que en la siguiente, que estamos examinando, la *docta corporación* tendría el buen acuerdo de suprimir tanta bazofia lexicográfica. Nos engañamos de medio á medio: la que dice que *limpia*, no ha limpiado aún el catálogo oficial del idioma de la broza bárbara que lo afea; antes propende á aumentarla, recurriendo á las antiguas jergas forense y eclesiástica y al almacen de la gárrula pedantería de escritores babilones, amén de hacernos tragar como buenas y aceptables muchísimas palabras que fueron españolas, es cierto, pero que están mandadas recoger por desusadas" (Rodríguez Marín 1886: 33-34). Monner Sans, dende a distancia que lle brindaba a súa residencia arxentina, catou e loou a prudencia de Montoto na súa crítica á Academia incluída xa n'*Un paquete de cartas*: "Y aun cuando noto que alguna vez pretende hincar el diente a la que limpia, fija y da esplendor, es tanta su modestia, que retrocede como espantado de su atrevimiento. Y sin embargo fuerza es confesar que otros menos eruditos que el Sr. Montoto se han atrevido –consecuencias del mal ejemplo– a poner reparos a las decisiones académicas" (C. Montoto 1935: 140-141).

> *pátina que da el tiempo, y no ser hija de epidemias que frecuentemente azotan en la república de las letras* (Montoto 1888:255).

Por todo isto, ante esta situación, varios son os argumentos maioritariamente empregados para demostra-la importancia do modismo. En primeiro lugar, o feito de que para Montoto como para tódolos folcloristas, os modismos representan a máxima expresión do enxeño do pobo, especialmente do andaluz:

> *Pero ¡á qué enumerar las fuentes de los modismos, si por muchas que se citen, siempre quedan preteridas muchas más! Si el modismo es un tropo, si es el dicho en imagen, cuanto sea materia de pensamiento, la vida toda, y más allá, cuanto el hombre imagina, visto por los cristales multicolores de la fantasía, será fuente de que mane. ¡Ved si no es empresa quijotesca por lo descabellada, la de intentar siquiera enumerarlas todas! Cuanto aviva la imaginación produce la frase figurada. Y así como, al chocar el acero con el pedernal, de éste brota súbito la chispa, así, al herir la imaginación el hecho ó la idea, brota el modismo, verdadera chispa del ingenio popular. No por otra razón llámase en Andalucía hombre de chispa al ingenioso, al agudo, al de rica y poderosa fantasía* (Montoto 1895:90-91) [33].

En segundo lugar, e en relación co anterior, dende un punto de vista non xa cualitativo senón cuantitativo, celébrase con orgullo o seu número inabarcable, tanto en sincronía: "Y nadie negará que nosotros, que carecemos de muchas cosas, tenemos modismos á porrillo" (Montoto 1888:7); "Por muchos modismos dispersos que acopié, muchos más quedaron sin reunir; pero ni tuve paciencia para otra cosa, ni intenté apurar la fuente, porque de ésta brotan aguas que derivan de un manantial inagotable" (Montoto 1911:VII); como en diacronía: "los hallamos también, y en gran número, en nuestro Romancero y en las obras de los dramáticos, y andan sueltos por los diccionarios, sin explicación bastante los más. La tradición oral conserva el mayor número; y en pueblos, villas y aldeas los oímos á cada instante" (Montoto 1888:8).

En terceiro lugar, nunha liña máis claramente nacionalista e casticista, o seu estudo serve para a afirmación das raíces fronte á penetración de estranxeirismos e elementos lingüísticos innecesarios propios doutras linguas, incluído o latín:

> *¿No gusta V., amigo mío, de estudiar en el modismo que se le viene a las manos el carácter y la índole de nuestro pueblo? ¿No encuentra V. en todos ellos la plétora de fantasía? ¿No le llama á reflexión el hecho de que las gentes menos ilustradas dicen modismos que no se encuentran, ni buscados con un candil, en las obras de nuestros más afamados literatos de hoy, y hállanse en las de los no tan renombrados de ayer? ¿No ve V. en el verdadero modismo español así*

[33] É frecuente o uso de metáforas en loa do modismo: "porque son los modismos sal y pimienta de la Lengua Española" (Montoto 1888: 7); "brotan como las chispas de la hoguera" (Montoto 1888: 8); "á la manera de piedras preciosas, se encuentran engarzados gallardamente en las más ricas joyas de nuestra literatura, ó bien andan de boca en boca entre el público indocto, que acaso ignora por completo el inapreciable valer de esas margaritas de la civilización ibérica" (Montoto 1888: 21). Francisco Rodríguez Marín (1931: 6-7) refírese ós *modos adverbiais* como "precioso aljófar del habla española", "piececitas de oro" ou "adornillos arquitectónicos".

> *como una á manera de defensa contra la invasión de elementos extraños á nuestra lengua? Me deleita oir modismos que, ha siglos, andaban de boca en boca*: *ellos son, digo, el lazo que une lo pasado con lo presente. Cuando no oigamos modismos de ayer, podremos decir que hemos roto con nuestro pasado* (Montoto 1888:134-135).

> *No quiero que me mida V. con el mismo rasero con que medirá á los romancistas de hoy, los cuales, á cada paso, dicen que una cosa viene ad hoc; que esto, aquello ó lo otro sucedió ipso facto; que Fulano es el tu autem ó el factotum en este ó en aquel negocio ó el vade mecum de Zutano […] De estos romancistas líbrenos Dios; porque las más de las veces nos espetan por latines barbarismos que nos tumban de espaldas. […] Yo, amigo mío, me atengo al sabroso diálogo de los Perros de Mahudes*: *"Para saber callar en romance y hablar en latín discreción es menester"*.

> *Verdad es que de higos á brevas me vienen al pico de la lengua algunos latines, y los sueltos* [sic] *á la buena de Dios; pero ¿qué culpa tengo yo por que corran por ahí como modismos castellanos los que nada tienen que ver con lengua que se habla en Castilla?* (Montoto 1888:160-161).

En cuarto e último lugar, destácase que o coñecemento do modismo é clave para o seu uso adecuado e, xa que logo, é fundamental para a corrección idiomática do falante de español: "Harto sabe V. que así como no dá pié con bola, cuando habla ó escribe, el hombre que ignora el significado de los vocablos de que se vale, así, también, no puede hablar y escribir correctamente en castellano el que aplica los modismos, ignorando cuál sea su verdadero origen" (Montoto 1888:19).

5. Conclusións

O Folclore foi, sen dúbida, un potente motor para o desenvolvemento da fraseoloxía como disciplina no século XX, pero os folcloristas non se destacaron como precedentes porque as súas achegas non naceron directamente de correntes lingüísticas ou gramaticais. Aínda por riba, parece que o labor de recompilación fraseolóxica tiña unha escasa estimación científica na época en comparación con outras actividades (Montoro del Arco 2006), como o propio Montoto lamenta (é lugar común entre os folcloristas):

> *Éste dirá que pedimos gollerías, y estotro, que hablar de modismos es punto menos que hablar de la mar, y que en esto de los modismos españoles estamos á la cuarta pregunta. […] Alguno, á quien yo escucho de solapa, se duele del mal uso que hacemos de la tinta y del papel de que nos servimos; porque bien podrían labrarse en las oficinas de nuestro entendimiento más sazonados y provechosos discursos, como lo son aquellos que van encaminados á la buena gobernación de la república, cosa de que tratan así los ingenios perspicaces, ó si se quiere perspicuos, como los más romos, hoy que todo rumiante y piante, todo bicho viviente, tiene bula ó buleto para meter su cuchara en esa gran caldera que llaman cosa pública.*

> *Mal mirado, tal vez no faltará su tantico de razón a los Aristarcos que de tal guisa nos vapulean. Pero no me arrepiento. Por colegir y explicar modismos no daremos en Peralvillo; y así, castígame mi madre y yo trompójelas* (Montoto 1888:100).

Luis Montoto é, de feito, un deses autores que non pasaron ó canon histórico da fraseoloxía, malia que, como tratamos de amosar, dedicou o seu traballo ó estudo e descrición dos modismos, que nas súas recompilacións son maioritariamente *locucións*-as que representan para algúns os auténticos fraseoloxismos (García-Page 2008)–, e desvencellou este feito lingüístico do dos refráns, aínda que os concibise como fenómenos moi próximos. Nesta época xa se perfilaba, por tanto, unha diferenza implícita entre dous tipos de intereses científicos: o do *paremiólogo* e o do *fraseólogo*. Dentro do movemento folclórico, o primeiro podía estar representado por Francisco Rodríguez Marín e o segundo por Luis Montoto que, ben mirado, ha de considerarse como un dos primeiros *fraseólogos* auténticos da tradición española.

É moi habitual entre os especialistas adoptar unha perspectiva centrada nos textos cando se escudriña a tradición fraseolóxica e paremiográfica: os dicionarios e recompilacións míranse como meras fontes históricas para constata-lo uso dos fraseoloxismos nas súas correspondentes épocas. Pero pouco se adoita dicir sobre a teoría fraseolóxica, explícita ou implícita, inscrita nas súas páxinas, nin sobre a relevancia de tales publicacións e dos seus autores no contexto histórico no que se concibiron. Aínda que o enfoque historiográfico se revela como algo fundamental para toda disciplina científica, cremos que aínda non se desenvolveu o suficiente no eido da fraseoloxía, a pesar de que maiormente dende finais do século XX esta veuse reivindicando como disciplina lingüística a carón da morfoloxía, a sintaxe ou a lexicoloxía. É certo, como se adoita repetir dende que así o indicou Zuluaga (1980), que Charles Bally xa utilizou o termo fraseoloxía a comezos do século XX e que Julio Casares dedicou un traballo teórico certamente pioneiro, cara á metade de século, a tratar de deslinda-los diferentes tipos de unidades fraseolóxicas que aparecían relacionados e mesturados na tradición lexicográfica.

Son fitos importantes e non ha de restárselles nin un ápice do seu valor; pero cómpre sinalar tamén que só son elos dunha cadea e que as súas achegas non serían posibles sen a doutros moitos autores que, con maior ou menor profundidade e con máis ou repercusión ou menos, reflexionaron con anterioridade sobre os mesmos aspectos.

6. Referencias bibliográficas

6.1. Fontes primarias

BLAS VEGA, José; COBO, Eugenio (eds.) (1981): *El Folk-Lore andaluz (Edición Conmemorativa del Centenario)*. Sevilla: Ed. Tres-Catorce-Diecisiete.

CEJADOR Y FRAUCA, Julio (1918): *Historia de la lengua y Literatura Castellana comprendidos los autores Hispano-Americanos. Tomo IX*: *Segundo período de la época realista*: *1870-1887*. Madrid: Tip. de la "Revista de Archivos, Bibl. y Museos".

GARAY, Blasco de (1876 [1541]): *Processo De Cartas De Amores Y Quexa Y Aviso Contra Amor*: *Cartas En Refranes De Blasco de Garay, Dialogo de Mujeres*, en SBARBI, José M.ª, *El refranero general español, parte recopilado, y parte compuesto por D...,* tomo VII. Madrid: Imp. de A. Gómez Fuentenebro.

MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (1883): "Introducción", en *Folklore español. Biblioteca de las tradiciones populares españolas*, vol. 1, págs. V-XIII.

MÉNDEZ BEJARANO, Mario (1922): *Diccionario de escritores, maestros y oradores naturales de Sevilla y su actual provincia*, tomo I (A-LL). Sevilla: Tipografía Gironés.

MONTOTO Y RAUTENSTRAUCH, Luis (1884a): "Costumbres populares andaluzas", en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.), *El Folk-Lore español. Biblioteca de las tradiciones populares españolas. Tomo I (Junio-Agosto de 1883)*. Madrid: Librería de Fernando Fé, 17-99.

(1884b): "Costumbres populares andaluzas", en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.), *El Folk-Lore español. Biblioteca de las tradiciones populares españolas. Tomo IV*. Sevilla: Alejandro Guichot y Compañía, 283-314.

(1888): *Un Paquete de Cartas. De Modismos, Locuciones, Frases Hechas, Frases proverbiales y Frases familiares.* [s. l.]: Oficina Tipográfica [Sevilla].

(1890): *Tiquis miquis. Al licenciado Don José Gestoso y Pérez. Carta en la cual se trata de más de doscientos personajes proverbiales por* ____. Madrid: Librería de Fernando Fé.

(1906): *Discurso leído en la Junta Pública y solemne celebrada por la Real Academia Sevillana de Buenas Letras el día 29 de abril de 1906 en homenaje al Ilmo. Sr. D. Francisco Rodríguez Marín.* Sevilla: Imprenta de Francisco de P. Díaz.

(1911): *Personajes, personas y personillas que corren por las tierras de ambas Castillas*, tomo I, Sevilla: Librería de San José.

(1912): *Personajes, personas y personillas que corren por las tierras de ambas Castillas*, tomos II y III, Sevilla: Librería de San José.

(1929): "*En aquel tiempo…*": *Vida y milagros del magnífico caballero Don Nadie.* Madrid: Compañía Ibero-Americana de Publicaciones.

(1981): *Los Corrales de vecinos*: *costumbres populares andaluzas.* Sevilla: Biblioteca de Temas Sevillanos.

RODRÍGUEZ MARÍN, Francisco (1886): *De Academica Caecitate. Reparos al nuevo diccionario de la Academia Española por el Bachiller Francisco de Osuna*. Osuna: Imprenta de El Centinela.

(1931). Modos adverbiales castizos y bien autorizados que piden lugar en nuestro léxico. Allególos de sus lecturas ____. Madrid: [s. l.].

RODRÍGUEZ MARÍN, Francisco; MONTOTO Y RAUTENSTRAUCH, Luis (1895): *Discursos leídos ante la Real Academia Sevillana de Buenas Letras el 8 de diciembre de 1895 por los señores D. Francisco Rodríguez Marín y D. Luis Montoto y Rautenstrauch en la recepción del primero.* Sevilla: Imp. de E. Rasco.

SCHUCHARDT, Hugo (1990 [1881]): *Los cantes flamencos (die Cantes flamencos*) (ed., trad. y coment. de Gerhard Steingress, Eva Feenstra, Michaela Wolf). Sevilla: Fundación Machado.

STEINGRESS, Gerhard (comp.) (1996): *Cartas a Schuchardt (la correspondencia inédita de los folkloristas y otros intelectuales españoles con el romanista y lingüista Hugo Schuchardt*. Sevilla: Fundación Machado.

THEBUSSEM, Doctor (1907): *Una carta y dos epístolas / por el Doctor Thebussem, Juan Francisco Muñoz y Pabón y Luis Montoto y Rautenstrauch*. Sevilla: Establ. Tip. De Ángel Saavedra.

6.2. Fontes secundarias

CALERO VAQUERA, M.ª Luisa (2008): "Análisis lógico y análisis gramatical en la tradición española: hacia una (r)evolución de la sintaxis", *Gramma-Temas* 3, 11-42.

CASARES, Julio (1950): *Introducción a la lexicografía moderna.* Madrid: Anejo LII de la Revista de Filología Española.

CASTILLO CARBALLO, María Auxiliadora; GARCÍA PLATERO, Juan Manuel (2001): "José María Sbarbi, padre de los refranes", en MEDINA GUERRA, Antonia M.ª (coord.), *Estudios de lexicografía diacrónica del Español (V Centenario del Vocabularium Ecclesiasticum de Rodrigo Fernández de Santaella)*. Málaga: Universidad de Málaga, 245-259.

CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española.* Madrid: Gredos.

GARCÍA GARCÍA, Miguel Ángel (2012): *Melancolía vertebrada. La tristeza andaluza del Modernismo a la Vanguardia.* Barcelona: Anthropos.

GARCÍA-PAGE, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Barcelona: Anthropos.

GONZÁLEZ AGUIAR, Isabel (2004): "Tradición y novedad en el *Diccionario de refranes de la lengua española* (1922) de José M.ª Sbarbi", en CORRALES ZUMBADO, Cristóbal; DORTA, Josefa; *et al*. (eds.), *Nuevas aportaciones sobre Historiografía lingüística*, vol. I., Madrid: Arco-Libros, 679-689.

(2006): "El purismo lingüístico en la obra de José M.ª Sbarbi", en ROLDÁN PÉREZ Antonio; *et al*. (coords.), 746-756.

(2009): "José María Sbarbi y la fraseografía regional del español", en GARCÍA MARTÍN, José M.ª; GAVIÑO RODRÍGUEZ, Victoriano (coords.), *Ideas y realidades lingüísticas en los siglos XVIII y XIX*. Cádiz: Universidad de Cádiz, 295-310.

KÓTOVA, Marina (2005): "Unha vez máis sobre a correlación entre paremioloxía e fraseoloxía", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 135-148.

MONTORO DEL ARCO, Esteban T. (2006): "Sobre la valoración de la fraseología: perspectiva historiográfica", en ROLDÁN PÉREZ Antonio; *et al*. (coords.), 1463-1478.

(2008): "Positivismo y folclore: la aportación a la fraseología de Francisco Rodríguez Marín (1855-1943)", en BECERRA HIRALDO, José M.ª; TORRES MONTES, Francisco (eds.), *Estudios de lengua española.*

Homenaje al profesor José María Chamorro, Granada: Universidad de Granada, 201-211.

(2009a): "El lugar de Francisco Rodríguez Marín (1855-1943) en la historia de la Fraseología española", en GARCÍA MARTÍN, José M.ª (dir.); BASTARDÍN CANDÓN, Teresa; RIVAS ZANCARRÓN, Manuel (eds.), *Estudios de Historiografía lingüística*. Cádiz: Servicio de publicaciones de la Universidad de Cádiz, 531-549.

(2009b): "La relevancia del movimiento internacional del Folk-lore para el desarrollo de la Fraseología en España", en EILERS, Vera; SÜSELBECK, Kirsten; WIELAND, Katharina (eds.), *Aspectos del desarrollo de la lingüística española a través de los siglos*. Hamburg: Buske, 67-83.

(2010): "Folklore y Lingüística", en *Estudios de Lingüística de la Universidad de Alicante* 24, 225-252.

(2012): "La fraseología y la paremiología en el siglo XIX", en ZAMORANO AGUILAR, Alfonso (ed.): *Lengua y reflexión lingüística en el siglo XIX. Marcos, panorama y nuevas aportaciones* (en prensa).

MONTOTO*,* Castor "Gustavo Luis" (1935): *Don Luis Montoto (bosquejo biográfico) con una carta-prólogo de de D. Francisco Rodríguez Marín.* Madrid: Editorial Hernando.

PAYÁN SOTOMAYOR, Pedro M. (2008): "José María Sbarbi, paremiólogo", en *Ateneo*: *revista cultural del Ateneo de Cádiz* 8, 283-286.

PAZOS BRETAÑA, José Manuel; PAMIES BERTRÁN, Antonio (2006): "Detección automatizada de colocaciones y otras unidades fraseológicas en un corpus electrónico", en *Letras de Hoje* 41/2, 23-36.

RAMOS-KUETHE, Lourdes (2003): *Vida y obra de Luis Montoto*. Sevilla: Ayuntamiento de Sevilla. Servicio de Publicaciones.

ROLDÁN PÉREZ Antonio; ESCAVY, Ricardo; HERNÁNDEZ, Eulalia; HERNÁNDEZ, José Miguel; LÓPEZ, M.ª Isabel (coords.) (2006): *Caminos actuales de la Historiografía Lingüística. Actas del V Congreso Internacional de la Sociedad Española de Historiografía Lingüística*. Murcia: Universidad de Murcia.

SWIGGERS, Pierre (2004): "Modelos, métodos y problemas en la historiografía de la lingüística", en CORRALES ZUMBADO, Cristóbal; DORTA, Josefa; *et al.* (eds.), *Nuevas aportaciones sobre Historiografía lingüística*, vol I, Madrid: Arco-Libros, 113-146.

WOTJAK, Gerd (1998): "¿Cómo tratar las UFS en el diccionario?", en WOTJAK, Gerd (ed.), *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Madrid-Francfort del Meno: Iberoamericana-Vervuert, 307-321.

ZULUAGA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas.* Francfort del Meno: Lang.

Fijo que este artículo te gustará: o emprego dalgúns fraseoloxismos pragmáticos na linguaxe xuvenil do español e do inglés [*]

'I'm sure you'll like this paper': the use of some pragmatic phraseologisms in Spanish and English teenage language

Inés Olza [1]

GRADUN/ICS. Universidad de Navarra

iolzamor@unav.es

Resumo: Este artigo presenta un estudo de diversos fraseoloxismos pragmáticos do español e do inglés que, en termos xerais, o falante emprega para expresa-lo seu compromiso respecto da verdade do que enuncia e isto intensifica a forza ilocutiva do seu acto de fala. Perséguese, deste xeito, caracteriza-lo status fraseolóxico destas expresións, o lugar que ocupan na periferia do sistema fraseolóxico e as funcións concretas que desempeñan no discurso, que van dende a expresión do compromiso epistémico ata a manifestación do acordo interactivo intensificado. A análise baséase, de xeito máis específico, na abundante presenza destas unidades nos córpora COLAm (español) e COLT (inglés) da linguaxe xuvenil, no que este tipo de expresións se empregan como fins de especial variedade e expresividade.

Palabras clave: fraseoloxismos pragmáticos, español, inglés, linguaxe xuvenil, compromiso epistémico, intensificación.

Abstract: This article presents a study of several Spanish and English pragmatic idioms which, in broad terms, are used by speakers to convey their commitment towards what they express and thus serve to intensify the pragmatic/illocutionary value of a given speech act. We aim to define the phraseological status of this set of expressions and the place they occupy within the periphery of

Data de recepción 09/07/2012. Data de aceptación 16/10/2012.

[*] Este estudo enmárcase nos proxectos de investigación *El discurso público: estrategias persuasivas y de interpretación*, que levou a cabo o grupo GRADUN (*Grupo Análisis del discurso. Universidad de Navarra*) no seo do ICS (Instituto Cultura y Sociedad) da Universidad de Navarra; e *Metodología del Análisis del Discurso: propuesta de una lingüística del texto integral*, que o Ministerio de Ciencia e Innovación (ref. FFI2010-20416) subvencionou.

[1] Traducido por Rosa Amarelle Pereira.

phraseology, and analyze their specific discursive functions, which range from the expression of the speaker's epistemic commitment to the pragmatic intensification of agreement in interaction. Our analysis is based on the abundant presence of these idioms in the COLAm and COLT corpora of Spanish and English teenagers' language, where they are used with particularly rich and varied expressive purposes.

Keywords: pragmatic idioms, Spanish, English, teenagers' language, epistemic commitment, intensification.

1. Fraseoloxía de valor pragmático e análises baseadas en corpus

Desde que se consolidou como disciplina lingüística, a fraseoloxía foi desenvolvendo engorde nos últimos anos novas perspectivas de análise sobre certos tipos de unidades que semellaban afastarse, en certa medida, do prototipo inicial do que se deu en chamar *fraseoloxismo*, *unidade fraseolóxica*, *locución*, *expresión fixa* ou *expresión idiomática*, entre outras denominacións. Así, os estudos centrados en dar conta das propiedades formais (fixación) e semánticas (sobre todo, idiomaticidade) das unidades fraseolóxicas (UUFF) de contido básicamente *léxico* ―en español, locucións como *hablar por los codos* ou *no tener donde caerse muerto*, por exemplo―deron paso a traballos cada vez máis numerosos ocupados ora en examina-lo *compoñente pragmático* dos fraseoloxismos [2], ora en describir, de xeito máis específico, o comportamento das UUFF que posúen un *significado pragmático* [3] e que, como tales, se empregan como resortes da interacción verbal ―pensemos, por exemplo, nas fórmulas rutineiras do español coas que un falante amosa desacordo: *ni hablar* ou *unas narices*, entre outras―; como marcadores do discurso ―por exemplo, reformuladores: *mejor dicho*, *es decir*, *esto es*, etc.―; ou, máis en xeral, como partículas que expresan modalidade ―este é o cometido das expresións que aquí nos ocupan― [4].

Consonte o que se explica nas seguintes páxinas (cf. esp. § 2), os fraseoloxismos de valor pragmático como os que aquí se analizan foron situados tradicionalmente na *periferia* do sistema fraseolóxico por mor dun conxunto variado de trazos: trátase, en moitas ocasións, de UUFF de contido semántico-pragmático *analizable* e *transparente*, é dicir, de expresións cuxo significado composicional inicial motiva de modo accesible

[2] Refírome, por exemplo, ás análises que dan conta das *connotacións* e *implicaturas* que activan as UUFF de contido léxico, e da repercusión que estas teñen no funcionamento da cortesía comunicativa ―cf., verbo disto, as contribucións de Mellado Blanco (en prensa) e Penadés Martínez (en prensa) que se inclúen no libro *Fraseopragmática* (Olza y Manero Richard 2013), de próxima aparición―.

[3] Aludo aquí ás expresións que levaron a un segundo plano o seu significado conceptual inicial a favor do que algúns autores (cf., entre outros, Náray-Szabó 2008) definiron como unha *idiomaticidade* de tipo *pragmático*. Dito doutro xeito, a definición do contido deste tipo de UUFF non se leva a cabo en termos de "descrición dalgún tipo de realidade", senón en termos de "desempeño dunha función pragmático-discursiva". Por exemplo, unha fórmula rutinaria como *ni hablar* iniciou o seu percorrido de fraseoloxización como secuencia descritiva de "unha acción concreta ―falar― que non se leva ou quere/pode levarse a cabo" e que pasou máis tarde a desempeñar de modo xeral a función pragmática "negación ou recusación expresiva" (Pérez-Salazar Resano 2009).

[4] Cf. Olza (2011b) e González Ruiz e Olza (2011) para a análise doutras UUFF de valor modal do español que non acaban de atopar un oco entre as categorías que se mencionaron ―fórmulas rutineiras e marcadores do discurso―.

o seu significado fraseolóxico pragmático (cf. a nota 3) [5]; funcionan como unidades suxeitas —tamén con moita frecuencia— a un grao considerable de *variación formal*; e son expresións que adoitan amosar un comportamento *sintáctico-discursivo* verdadeiramente *flexible*. Ás dificultades de análise que presentan estes dous últimos trazos (variabilidade formal e flexibilidade sintáctico-discursiva) engadíuselles, ademais, a necesidade de estudar este tipo de UUFF nos seus *contextos reais* de emprego —de xeito paradigmático, dentro da *conversa coloquial*—; e isto esixe o acceso a *bancos de textos orais reais*.

Nos últimos anos, este labor viuse facilitado dun xeito decisivo pola construción dun número crecente de córpora orais e tamén —aínda que estas fontes deben tomarse coa debida cautela científica— pola consolidación de espazos importantes de "oralidade escrita", é dicir, pola proliferación na rede de foros, *chats* e outras vías de interacción escrita que, na realidade, "transcriben" discursos de trazos prototipicamente conversacionais. Así, a análise de §§ 2 e 3 basearase de modo fundamental en testemuños que se extraeron dos dous córpora orais —COLAm [6] e COLT [7] —que se puxeron á disposición da comunidade investigadora; e, en menor medida, nalgunha mostra adicional tirada da internet.

2. Os fraseoloxismos obxecto de estudo

Préstase atención neste traballo ás seguintes UUFF do español e do inglés, ás que de momento podemos atribuír —de modo xeral— a función de expresar —de modo (máis ou menos) paralelo nas dúas linguas— un grao moi alto ou máximo de compromiso epistémico, é dicir, de compromiso do falante respecto da verdade do que enuncia (cf. Olza 2011 a: 3.6.3.2 e 3.8.3.2): *seguro/fijo (que)* e *me juego/apuesto […] (a que),* en español; e *(I am) sure (that)* e *I (bet) […] (that)*, en inglés. Estes catro fraseoloxismos aparecen representados no corpus COLAm e COLT (cf. as notas 6 e 7) por: 82 testemuños —*seguro (que)*—; 20 testemuños —*fijo (que)*—; 1 testemuño —*me juego/apuesto […] (a que)*—; 61 testemuños —*(I am) sure (that)*—; e 114 testemuños – *(I) bet […] (that)*— [8]. Este corpus de testemuños achega información abundante para

[5] Volvendo ó exemplo de *ni hablar* (cf. *supra*), o significado composicional da unidade ("negativa a falar de algo") consegue motiva-la función pragmática ("negación expresiva") que esta fórmula se especializou en realizar.

[6] COLAm: *Corpus Oral de Lenguage Adolescente de Madrid*, dirixido pola Dra. Annette Myre Jørgensen (Universidade de Bergen, Noruega). http://www.colam.org/om_prosj-espannol.html

[7] COLT: Corpus of London Teenage Language, dirixido pola Dra. Anna-Brita Strenström (Universidade de Bergen, Noruega). http://www.hd.uib.no/colt/

[8] Engado dous apuntamentos de carácter contrastivo. Aínda que as UUFF do español e do inglés que se seleccionaron presenten evidentes paralelismos na súa motivación semántica e no seu valor pragmático actual, os datos cuantitativos que ofrecen os corpus COLAm e COLT fan pensar que *me juego/apuesto […] (a que)* e *I (bet) […] (that)* non poden considerarse como equivalencias contrastivas en sentido pleno, dado o chamativo desequilibrio que amosan na súa frecuencia de uso. Do mesmo xeito, parece que o inglés non desenvolveu unha alternativa (máis) coloquial para *(I am) sure (that)*, como, en cambio, fixo o español coa parella *seguro (que)* e *fijo (que)*. Son consciente de que se poderían facer máis puntualizacións contrastivas das UUFF seleccionadas para a análise. Non obstante, debo sinalar que o meu obxectivo principal é o de caracterizar de xeito paralelo nas dúas linguas o emprego destas expresións na linguaxe xuvenil, incidindo máis, se cadra, nos aspectos nos que o inglés e o español parece que conflúen (cf. tamén *infra* o sinalado en § 2.1).

a caracterización fraseolóxica (cf. § 2) e pragmático-discursiva (cf. § 3) que se leva a cabo nas páxinas que seguen.

Preséntase, logo, a continuación unha análise deste tipo de expresións como unidades fraseolóxicas, é dicir, como unidades *idiomáticas* —nun grao variable— no nivel semántico e *fixas* —aínda que tamén con certas restricións— no nivel formal; e, ademais, *flexibles* no seu funcionamento sintáctico-discursivo.

2.1. Características semánticas

Malia pertenceren ó mesmo paradigma de UUFF relacionadas coa expresión de compromiso epistémico, as unidades do español e do inglés que se citaron posúen diferenzas —leves, iso si— canto ó seu nivel de idiomaticidade, é dicir, que o "salto" semántico apreciable entre a súa lectura literal e o seu significado fraseolóxico pragmático é máis ou menos amplo segundo o caso:

Seguro (que) *Me juego/apuesto […] (a que)* *Fijo (que)*

(I am) sure (that) *(I) bet […] (that)*

→ + Idiomaticidade

NIVEL GLOBAL DE IDIOMATICIDADE: BAIXO

Figura 1. Grao de idiomaticidade das UUFF obxecto de estudo

Neste sentido, o compromiso coa verdade do enunciado —significado pragmático destas UUFF— en *seguro (que)/ (I am) sure (that)* e *me juego/apuesto […](a que)/ (I) bet […](that)* pode inferirse de xeito algo máis directo do que en *fijo que*, que esixe levar a cabo a inferencia "algo fixo" →"algo seguro" →"algo que permite afirmar con seguridade". Agora ben, malia estas matizacións, resulta evidente que, consonte o sinalado na Figura 1, o significado pragmático de todos estes fraseoloxismos está altamente motivado e que, por iso, este conxunto de unidades posúe de xeito global un nivel baixo —ou moi baixo— de idiomaticidade. Como se indicou en § 1, esta *transparencia semántico-pragmática* é a que explica —entre outras razóns que se glosarán tamén a continuación— que UUFF coma estas se situaran tradicionalmente na periferia do sistema fraseolóxico. E, no caso que nos ocupa —análise paralela do español e do inglés—, é a que facilita que poidan atoparse diversas *correspondencias contrastivas* entre este conxunto de UUFF (cf. as reflexións contrastivas incluídas na nota 7).

2.2.Fixación e variabilidade

O lugar que ocupan estas expresións dentro da periferia fraseolóxica determina, de igual xeito, o grao considerable de *variabilidade formal* ó que están suxeitas [9]. Por algo as unidades *me juego/apuesto […] (a que)* e *(I) bet […] (that)* posúen unha casa baleira

[9] Cf. as reflexións de Montoro del Arco (2005) e Alvarado Ortega (2008) verbo da posibilidade de considera-la variabilidade/variación como unha propiedade máis das unidades fraseolóxicas.

[10] que se completa, á vontade do emisor, con calquera compoñente que denote "algo valioso para el hablante (y/o para el oyente)". É aquí onde se pon en xogo, por tanto, a creatividade e intencións comunicativas do falante, pois o compoñente que se escollera para enche-la casa pode corresponderse coas opcións máis habituais —en español, por exemplo, *lo que quieras* (cf. *infra* o testemuño 1)— ou pode resultar progresivamente máis inédito e expresivo —*lo de una hostia* (sic) ou *my life*, nos exemplos (2) e (3), respectivamente—:

1. Síndrome del Norte, para tu información yo soy de O Porriño y **me juego lo que quieras** a que no tienes la más remota idea de dónde ubicarlo en el mapa de España, sin usar el Google Maps.

   Chat, *Yahoo.com* (9/5/2012)

2. A: eso también lo sé hacer yo
   B: no
   B: [es mazo de feo]
   A: [qué te apuestas\]
   <pausa/>
   B: me apuesto o o lo de una hostia

   COLAm. A=MALCE4G01, B=MALCE4G02C [11]

3. This is where your old age brain needs polishing. Asian is a term we use to describe people from that continent. We are Europeans and, but British. Asia is a vast area, massive with hundreds of cultures and languages. Our concern, and **I bet my life** I will be accused of racism but it is in God's name the truth, is the Pakistani community.

   Comentario en web, *Lancashire Telegraph* (18/5/2012)

A linguaxe dos mozos, a das *webs e dos chats* é, precisamente, unha das máis axeitadas para atoparmos un alto grao de creatividade na variación formal destas UUFF e a mostra son exemplos coma os que se acaban de citar.

A segunda vía de variación á que están suxeitas as nosas UUFF relaciónase co feito de que a súa constitución formal se condense en función do seu emprego discursivo concreto. Neste sentido, hai que resalta-las bases dalgunhas delas —*seguro, fijo, sure*— poden funcionar de xeito independente como marcas de compromiso epistémico

[10] Baséome aquí na proposta de Montoro del Arco (2008), que formula unha distinción entre as locucións con "casas libres", que son aquelas cuxo oco na forma citativa se enche cun elemento dun paradigma pechado: *en (este/ese/aquel) caso*, por exemplo (2008: § 4); e as que posúen, en cambio, unha "casa baleira", que se completa cunha categoría verbal plena e dá lugar a realizacións das UUFF que se opoñen léxica e referencialmente (2008: § 5). Aproveito esta última noción para describi-lo tipo de variación formal ó que están suxeitas as UUFF que aquí analizamos, pois presentan unha casa de contido léxico "predefinido" ('algo valioso para o falante'), que conta cunha gama diversa de posibles realizacións (cf. *infra*).

[11] Os testemuños extraídos dos corpus COLAm y COLT reprodúcense respectando as convencións de transición que os investigadores responsables destes córpora fixan (estas convencións lístanse no portal electrónico de cada corpus; cf. as notas 5 e 6). De igual xeito, ó final de cada un deles indícase o código fixado para os falantes que interveñen en cada intercambio.

intensificado, maiormente cando constitúen por si mesmas unha quenda de fala [12] (cf. tamén *infra* § 2.3):

4. A: [queréis agua/] subo a por agua/
   B: no
   A: seguro/
   B: **seguro**

COLAm. A=MACCL2JO1, B=MALCC2J03

5. A: que malo <navn> Nacho </navn> cuando le hice la trenza y ademas le quedaba le quedaba de puta madre y va y se la quitó.
   B: es que no estoy comodo
   C: tia porqueee
   A: será lo mismo
   C: tia si se la hubiese hecho yo seguro que se le dejaba
   B: <P> **fijo** </P>

COLAm. A= MALCE2J03, B=MALCE2J02, C= MALCE2J01

6. A: Looks quite, unusual innit . [Dunno]
   B: [**Sure** but] It's very expensive that's why it's unusual.

COLT. A= u 1-W1, B= u 2-W19

Dende unha perspectiva formal, cómpre destacar que en usos coma estes ―*seguro*, *fijo* e *sure* como partículas independentes― xa non estariamos ante UUFF *stricto sensu*, é dicir, que non se trata de expresións pluriverbais, de aí que avoguemos por unha *concepción flexible* do que de xeito intuitivo se entende como UF *pragmática*; concepción que pode chegar a "invadi-lo" terreo do que por tradición se definiu como *partícula*, *marcador discursivo* ou *operador modal* (cf. Olza 2011a: § 3.1.4.2.2). Dito doutro xeito, non tería sentido "clasificar" en categorías distintas ―por exemplo, *fijo que […]* como UF, e *fijo* como marcador do discurso― o que intuitivamente se entende, por suposto, coma unha mesma unidade, de aí que para o estudo de pezas que, coma estas, se atopan a cabalo entre o monoverbal e o pluriverbal, deban aproveitarse tanto as ferramentas de análise puramente fraseolóxica ―é o que se intenta levar a cabo en boa parte desta epígrafe 2― coma aquelas desenvoltas, máis ben, dende a pragmática, a gramática textual e a análise da conversa (cf. *infra* 2.3 e 3).

2.3. Comportamento sintáctico-discursivo

Así como as expresións obxecto de estudo amosan unha configuración formal variable, pode observarse que o seu comportamento sintáctico-discursivo é tamén flexible, pois, como se amosou en § 2.2, o seu uso fluctúa neste plano entre a *dependencia* e a *independencia discursiva*. Aludo aquí de xeito específico á súa capacidade para funcionaren ou non como enunciados independentes (*independencia sintáctica*),

[12] Segundo a proposta de definición dun sistema de unidades para o estudo da linguaxe coloquial elaborada por Briz et al. (2003), aludo aquí coa *quenda de fala* ou *quenda conversacional* á unidade de conversa que se delimita polo *cambio de falante*, é dicir, á contribución de cada participante, que debe supoñer, ademais, unha *contribución relevante* ó desenvolvemento da conversa (cf. esp. Briz et al. 2003: 3.1).

susceptibles, xa que logo, de chegaren a constituír por si mesmos unha quenda completa de fala (*independencia discursiva*).

7. A: y pasan él ella en coche tronco y no para. me escribe un mensaje diciendo o que no o podíamos parar porque tenemos que ir a un sitio antes que cierren qué putada no se qué y yo sí pero <navn> Javi </navn> **fijo que** es que no quiso parar sabes
   B: [ya]
   A: [yo creo que a <navn> Javi </navn> no le caemos bien]
   COLAm. A= MALCC2J03, B= MACCL2JO1

8. A: que malo <navn> Nacho </navn> cuando le hice la trenza y ademas le quedaba le quedaba de puta madre y va y se la quitó.
   B: es que no estoy comodo
   C: tia porqueee
   A: será lo mismo
   C: tia si se la hubiese hecho yo seguro que se le dejaba
   B: <P> **fijo** </P>
   COLAm. A= MALCE2J03, B=MALCE2J02, C= MALCE2J01

9. Wesse: **Me apuesto lo que quieras a que** no has leído a Marx en tu vida.
   Enma: Y **yo me apuesto lo que quieras a que** no has entendido lo que dice sobre Marx.
   Comentarios en blog (4/6/2012), http://www.cuantarazon.com/652991/capitalismo/p/1

10. A: eso también lo sé hacer yo
    B: no
    B: [es mazo de feo]
    A: [qué te apuestas\]
    <pausa/>
    B: me apuesto o o lo de una hostia
    COLAm. A=MALCE4G01, B=MALCE4G02C

11. A: […] If it's a drink it's got to be a carton or a plastic bottle er or don't or a can. Don't bring bottles {unclear} okay, Let's for the sake of everybody so **I'm sure that** everybody's been able to read it and understand it. I'll read through it with you and then it's up to you.
    COLT. A=u 184-W2

12. A: Looks quite, unusual innit. [Dunno]
    B: [**Sure** but] It's very expensive that's why it's unusual.
    COLT. A= u 1-W1, B= u 2-W19

Nesta liña, os testumuños (8), (10) e (12) ilustran a posibilidade de que estas UUFF constitúan enunciados independentes —é dicir, que non estean ligadas pola sintaxe a outra secuencia e conformen con ela un enunciado—, o que lles abre as portas, ademais, para chegaren a funcionar por si mesmas como unha quenda conversacional. Dende unha perspectiva categorial, os usos en que estas expresións constitúen por elas mesmas un enunciado ou un acto de fala situaríanas dentro do que nos estudos

fraseolóxicos se definiu como *fórmula rutinaria* (Corpas Pastor 1996: cap. 5; Alvarado Ortega 2010).

Agora ben, dado o valor modal, as nosas UUFF aparecen ensambladas moi a miúdo coa secuencia sobre cuxo contido se proxecta o compromiso epistémico —cf. os exemplos (7), (9) e (11)—, de xeito que nestes casos concretos amosan —no plano sintáctico-discursivo, sen mingua do seu estatuto fraseolóxico— un comportamento similar ó de certos marcadores ou operadores do discurso.

Esta flexibilidade sintáctico-discursiva é a que colocou unidades coma estas na periferia fraseolóxica, na "terra de ninguén" —dito en termos máis gráficos—, por iso compría combinar ferramentas diversas de análise (cf. *supra*) que permitan afina-la súa descrición sen recorrer a categorizacións pechadas [13].

3. Funcións pragmático-discursivas, con exemplos tirados da linguaxe xuvenil

O valor pragmático-discursivo deste conxunto de UUFF asociouse, de modo xeral, nas epígrafes 1 e 2 á expresión dun *compromiso epistémico intensificado* por parte do falante, é dicir, á *ponderación subxectiva* da verdade do enunciado, o cal se traduce nun *aumento* da *forza ilocutiva* coa que o emisor dota o seu acto de fala asertivo [14].

Nesta sección amósase o modo en que esta función modal —que considero nuclear [15] —se manifesta prototipicamente, e tamén como se diversifica en certos contextos habituais de emprego das unidades que nos ocupan. Nesta liña, debe destacarse que a linguaxe xuvenil ofrece, como xa se ten sinalado, e como se amosará a continuación, abundantes e interesantes testemuños da forma e función que poden adquiri-las nosas UUFF na interacción conversacional.

3.1. Compromiso epistémico

Ademais de ilustrar esta función básica —indicación dun compromiso alto do falante verbo da verdade do que enuncia—, os exemplos que se citaron ata o de agora revelan que as UUFF que aquí se examinaron non intensifican no mesmo grao a forza ilocutiva do acto de fala enunciativo/asertivo.

[13] Neste senso, o feito de que expresións coma estas poidan variar na súa forma e no seu comportamento sintáctico-discursivo non debería constituír un problema: é dicir, a ninguén se lle escapa, por exemplo, que *sure* —cf. exemplo (12)— e *I am sure that […]* —cf. exemplo (11)— son a mesma unidade, que toma forma distinta en función do contexto conversacional concreto no que se empregue.

[14] É así como entendo aquí a noción da *intensificación*. Esta proposta inspírase no traballo monográfico que verbo desta cuestión publicou Albelda Marco (2007).

[15] Noutras palabras, non considero que este valor central —expresión intensificada do compromiso epistémico— deba entenderse coma distinto ou separado das outras funcións pragmático-discursivas que se propoñen en §§ 3.2 e 3.3 (expresión de acordo intensificado; expresión de ironía e de desacordo intensificado). Estas funcións deben tomarse, máis ben, como orientacións particularmente frecuentes e produtivas do valor central que se definiu: a primeira (acordo intensificado) complétao ó engadir unha dimensión *interactiva*; e a segunda, *subvírteo*, ó logra-lo efecto contrario ó anterior (expresión intensificada do desacordo).

Figura 2. Grao de intensificación do compromiso epistémico e da forza ilocutiva do acto de fala

Neste senso, resulta claro que a imaxe subxacente a *me juego/apuesto […] (a que)* y *(I) bet […](that)* explica que estas UUFF expresen un compromiso epistémico máximo, pois, nelas, o falante ofrece unha garantía figurada ―algo valioso para el/ela― da veracidade do que afirma [16], e, ademais, como se explicou en 2.2, a elección da "garantía" en si varía en función do grao de expresividade ―e, polo tanto, de intensificación enunciativa― que pretenda transmiti-lo emisor (cf. tamén Olza 2011a: § 3.8.3.2). Respecto á Figura 2, pódese apuntar, de igual xeito, cara á posición do *fijo (que)* nun lugar intermedio da escala; posición que ten que ver coa súa aparición e proliferación específica na linguaxe xuvenil do español, onde se cargou dun grao maior de expresividade que *seguro (que)* [17].

Noutra orde de cousas, resulta de interese sinalar que estas UUFF achegan tamén, en certo modo, *información evidencial*, isto é, apuntan cara á presenza ―ou, neste caso, *ausencia*― de *fontes* que acheguen ou sustenten o coñecemento ―directo ou indirecto― da verdade enunciada (cf. Dendale e Tasmowski 2001). Como acabo de suxerir, coas UUFF que nos ocupan o falante pon de manifesto que non posúe unha evidencia directa do que afirma ―é dicir, presenta o enunciado coma unha *suposición persoal*―, pero, ó mesmo tempo, contrarresta a merma de credibilidade que isto pode supoñer coa expresión intensificada do seu compromiso epistémico (cf. Olza 2011a: § 3.8.3.2). Isto é o que se aprecia en testemuños coma os que seguen: en (13), o falante orienta a súa aserción intensificada cara ó futuro, do que, claro está, non pode ter evidencia directa; en (14), o recoñecemento da falta de datos directos ("No voy a irme a alguna página a buscar, pero […]") precede ó emprego da propia UF; en (15), o falante sinala tamén de xeito explícito que carece de fontes directas de información ("Which I never saw, but […]"); e, en (16), o falante expresa unha suposición verbo dunha situación que nunca se deu, ou nunca presenciou ("I bet you don't say that when Lucy's around").

13. A: yo voy en algunas para nota. en inglés yo quiero o sacar nota <e/> y y no se y en economía he {estao|estado} sacando nueves pues me gustaría por lo menos sacar un siete sabes\ y me compensará las que mate por ejemplo **fijo que** saco un cuatro.

COLAm. A=MALCC2J03

14. No se en qué amistosos jugaría así el valencia, pero lo que es la liga la ganó con un juego discreto pero eficaz. No voy a irme a alguna página a buscar,

[16] Cf., non obstante, os apuntamentos contrastivos sobre *me juego/apuesto […] (a que)* y *(I) bet […] (that)* incluídos na nota 8.

[17] Para a análise detallada da contribución de *fijo* á intensificación enunciativa, cf. Albelda Marco (2002 e sen data)

pero **me juego el pelo a que** ganó la mayoría de partidos 1-0 o 2-1 como mucho.

Foro, *Marca* (11/5/2007)

15. A: The Fisher King.
B: Ah that was good.
A: That was apparently excellent!
B: It was good.
A: Which I never saw, but **I'm sure** it is.

COLT. A= u 441-W1, B= u 442-W6

16. A: {singing} {unclear} {/} [{nv} whistle {/nv}]
[{nv} humming {/nv}] {singing} Get back. {/}
B: Get back? How do you know that song? Have you been listening to my tapes?
A: No [Jim {name}' s got it {unclear}]
C: [{{unclear}}]
B: {Get back, **I bet** you don't say that when Lucy's around} do you?

COLT. A=u 215-W9, B=u 217-W7, C=u 219-W1

Por último, cómpre reparar en que a expresión deste alto grao de compromiso epistémico adoita activarse con acusada frecuencia en intercambios nos que se dá algún tipo de *desacordo* ou *disensión* (cf. tamén Albelda Marco 2002):

17. A: eso también lo sé hacer yo
B: no
B: [es mazo de feo]
A: [qué te apuestas\]
<pausa/>
B: **me apuesto o o lo de una hostia**.

COLAm. A=MALCE4G01, B=MALCE4G02C

18. A: He's forced you to write it?
B: Yeah… (4)
C: You do fancy her though don't you?
A: No.
B: **Bet you do**.
A: I I'm not revealing my true feelings about you.

COLT. A= u 72-W1, B= u 73-W9, C= u 76-W9

Nos exemplos que se citaron compróbase, por certo, que *me apuesto […]* e *bet […]* vólvense necesarios na intervención coa que un falante reacciona ante o desacordo previo —o desafío á súa idea "es mazo de feo", en (17); e a negativa a unha pregunta súa previa, en (18)—. Estas UUFF contribúen, por tanto, á *autorreafirmación* (Vigara Tauste 1992: 136-138) que levan a cabo os falantes en contextos de comunicación "hostís" —ou pretendidamente hostís, como acontece tamén con frecuencia na comunicación xuvenil, onde o desacordo ou o desafío verbal se converten en ocasións en mecanismos de cohesión do grupo (cf. Olza e Jørgensen 2011)—.

3.2. Acordo intensificado

En contraste cos últimos casos analizados ―expresión de compromiso epistémico intensificado como reacción a unha disensión previa―, é posible, por suposto, que un falante empregue estas UUFF coa intención de *reforzar* e *solidarizarse* coa orientación argumentativa proposta polo seu interlocutor, é dicir, para *amosar acordo intensificado* co dito por outro falante e, xa que logo, *aliña-lo seu compromiso epistémico* co do seu interlocutor ―en (19), o falante E apoia o que D afirmou― (cf. tamén Albelda Marco 2002):

19. A: Just hold it.
B: No don't do that cos you'll melt all the bottom.
C: No you don't…
D: Can't hold it back.
C: Now pull it back from there, go on…
B: Put your finger [{ unclear }
C: [No, no, no from the top] it's easier to do it from the top.
D: {laughing} What's he doing? {/}
C: {name} it's easier from the top I promise.
E: **I bet it is!**
COLT. A=u 284-W13, B= u 285-W9, C= u 286-W1, D= u 287-W, E= u 293-W

3.3. Ironía

O que se observou respecto da expresión do acordo intensificado obríganos a ter en conta un emprego discursivo tamén frecuente destes fraseoloxismos: refírome a aqueles contextos nos que a *ironía* provoca que a aparente mostra de acordo se transforme en *mostra intensificada de desacordo* ou *incredulidade* (cf. tamén Albelda Marco 2002) [18]: así, en (20), Earl_boykins amosa disensión respecto do dato achegado por Elpobe; e, en (21), o falante expresa que non cre no que expresou con insistencia o seu interlocutor ("I'm so jealous").

20. Elpobe: Pianigiani se va a Turquía por 800.000 euros al año y nosotros estamos con Laso cobrando 600.000 euros. Me parece una broma de mal gusto, tanto como fichar a cualquiera de los tres que están sonando.
Earl_boykins: Pianigiani 800 mil? Sí, ya, **seguro**...
Foros ACB (24/6/2012), http://foros.acb.com/viewtopic.php?f=62&p=22525149

21. A: I'm gonna record this and send this to Jasmine, I am.
B: {nv } laugh {/nv}
A: She actually quite likes you until now.
B: {laughing} Yeah. She doesn't even know me Jock {/}.

[18] Nun interesante traballo, Santamaría Pérez (2009) analiza o emprego doutras expresións relacionadas coa evidencialidade e o reforzo epistémico (*claro*, por exemplo) como marcas e indicadores da ironía en textos orais e escritos.

A: Exactly! I've I've painted a really nice picture of you to her, [and all of her friends,]
B: [{laughing} Painted! {/}]
A: given her a really good impression and look what you do you just slag her off and just fuck it up.
B: {laughing} I'm not slagging her off {/}.
A: Well I mean fucking hell you're just, not grateful are you? You're [{ unclear }]
B: [Ah!] Ah Jock! [I'm really sorry.]
A: [Shut up {unclear}]
B: {nv} laugh {/nv} Sorry Jock. {Laughing} Forgive me {/}? Please forgive me! {crying+laughing} It's not worth dying for , please forgive me { / } .
A: Now you're being sad.
B: {nv} laugh { /nv} { nv } clears throat {/} I'm really jealous Jock. I'm so jealous, oh God! {shouting } Oh I'm really jealous everybody {/}.
A: **I bet you are**.

COLT. A= u 85-W1, B= u 86-W9

De feito, esta explotación irónica da afirmación —aparente— para expresar negación ou rexeitamento adoita ser especialmente frecuente na linguaxe xuvenil, onde, como se sinalou, a xestión do acordo e do desacordo convértese en clave para reforza-la pertinencia do mozo ó grupo no que interactúa.

4. Conclusións

A aproximación a este conxunto de UUFF pragmáticas derivou nas seguintes conclusións:

4.1. Confirmouse o interese de explorar con detalle a esfera dos fraseoloxismos de valor pragmático-discursivo, dado que, dende unha perspectiva metodolóxica, hoxe en día contamos, ademais, con *córpora orais* —como o COLAm e o COLT— que ofrecen materiais sumamente valiosos para caracteriza-lo medio no que se moven de xeito máis natural este tipo de expresións —a *conversa coloquial*—. Neste mesmo senso, defendeuse aquí a conveniencia de completa-los principios de análise fraseolóxica con instrumentos que desenvolveron *outras disciplinas* —pragmática, gramática textual ou análise conversacional, tradicionalmente centradas no exame das partículas, dos operadores pragmáticos ou dos marcadores do discurso—, que tamén poden dar unha pista sobre as características e funcións das UUFF pragmáticas.

4.2. Partindo precisamente da perspectiva fraseolóxica que observa a fixación e a idiomaticidade deste tipo de expresións, subliñáronse os trazos semánticos —nivel *baixo* de idiomaticidade, aínda que con lixeiras diferenzas entre unhas UUFF e outras— e formais —*variabilidade* dentro da fixación— do grupo de expresións obxecto de estudo. É aquí onde tamén se puideron describir con máis claridade os *paralelismos* —tamén, aínda que en menor medida, algunhas *diverxencias*— que presentan o español e o inglés na xeración de UUFF ligadas á expresión do compromiso epistémico.

4.3. Detectáronse tamén diversos paralelismos no comportamento sintáctico-discursivo destas UUFF, que exhiben un nivel importante de *flexibilidade* no seu emprego dentro das quendas conversacionais.

4.4. Púidose describi-la función pragmática que desempeñan centralmente estas unidades —intensificación enunciativa mediante a ponderación do compromiso epistémico do falante—, e aquelas que, tomando esta como punto de partida, negocian o *acordo* e o *desacordo* no plano interactivo. Verbo deste último aspecto —e da flexibilidade e variación exhibida por este grupo de UUFF—, púidose amosar, de igual xeito, a pertinencia de nos achegarmos ós córpora orais creados para analiza-la *linguaxe xuvenil*, na que a fraseoloxía de valor pragmático se explota, crea e transforma de xeito senlleiro.

5. Agradecementos

Este estudo foi posible, fundamentalmente, grazas ó acceso ós córpora COLAm e COLT que se me proporcionou durante unha estancia de investigación na Universidade de Bergen (Noruega). Agradezo a cálida acollida que me brindou alí a Dra. Annette Myre Jørgensen, con quen teño a fortuna de compartir ideas e inquietudes. Teño que agradecer, do mesmo xeito, o apoio que me proporcionou na miña investigación o Centre for Advanced Research in English (CARE) da Universidade de Birmingham (Reino Unido), e, máis en concreto, a Dra. Susan Hunston, durante a estancia na que dei cabo a este artigo. Dita estancia foi subvencionada por unha bolsa de mobilidade "José Castillejo" concedida para 2012 polo Ministerio de Educación (Programa Nacional de Movilidad de Recursos Humanos del Plan Nacional de I-D+i 2008-2011). Dóulle-las grazas, por último, ós dous avaliadores anónimos deste artigo, que con tanto rigor e tino souberon facerme ver e rectificar diversas carenzas da versión inicial do estudo.

6. Referencias bibliográficas

ALBELDA MARCO, Marta (2002): "La intensificación de la actitud: el caso de *fijo*", en *Actas del II Congreso Internacional de la Sociedad Española de Lingüística*. Madrid: Gredos, 506-513.

(2007): *La intensificación como categoría pragmática: revisión y propuesta*. Frankfurt am Main: Peter Lang.

(sen data): "*Fijo (que)*", en BRIZ, Antonio, Salvador Pons Bordería e José Portolés (coords.), *Diccionario de partículas discursivas del español*. Edición en línea en constante crecimiento. http://www.dpde.es/

ALVARADO ORTEGA, M. Belén (2008): "Sobre el concepto de 'variación fraseológica'", en *Estudios de Lingüística Universidad de Alicante*, 22, 9-22.

(2010): *Las fórmulas rutinarias del español. Teoría y aplicaciones*. Frankfurt am Main: Peter Lang.

BRIZ, Antonio et alii (2003): "Un sistema de unidades para el estudio del español coloquial", en *Oralia*, 6, 7-61.

CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

DENDALE, Patrick e TASMOWSKi, Liliane (2001): "Evidentiality and related notions", en *Journal of Pragmatics* 33:3, 339-348.

MELLADO BLANCO, Carmen (no prelo): "La gramaticalización de las restricciones y preferencias de uso de las unidades fraseológicas del español y alemán desde un enfoque pragmático", en OLZA, Inés e MANERO RICHARD, Elvira (eds.): *Fraseopragmática*. Berlín: Frank & Timme.

GONZÁLEZ RUIZ, Ramón e OLZA, Inés (2011): "Eco y emoción: funciones pragmadiscursivas de algunos fraselogismos somáticos con *'narices'*", en GONZÁLEZ RUIZ, Ramón e LLAMAS SAÍZ, Carmen (eds.): *Gramática y discurso. Nuevas aportaciones sobre partículas discursivas del español*. Pamplona: EUNSA, 105-134.

MONTORO DEL ARCO, Esteban Tomás (2005): "Hacia una sistematización de la variabilidad fraseológica", en PASTOR MILÁN, Mª Ángeles (ed.): *Estudios lingüísticos en recuerdo del profesor Juan Martínez Marín*. Granada: Universidad, 125-152.

(2008): "El concepto de locución con casillas vacías", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Frankfurt am Main: Lang, 131-146.

NÁRAY-SZABÓ, M. (2008): "Figement, pragmatique et syntaxe", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 299-308.

OLZA, Inés (2011a): *Corporalidad y lenguaje. La fraseología somática metalingüística del español*. Frankfurt am Main: Peter Lang.

(2011b): *"'*¡Qué fraseología ni qué narices!': fraseologismos somáticos del español y expresión del rechazo metapragmático", en PAMIES BERTRÁN, Antonio, LUQUE DURÁN, Juan de Dios e FERNÁNDEZ MARTÍN, Patricia (eds.): *Paremiología y herencia cultural*. Granada: Granada Lingvistica, 181-191.

OLZA, Inés e JØRGENSEN, Annette Myre (2011): "Equivalencias en noruego y en inglés de las unidades fraseológicas españolas del lenguaje juvenil: apuntes sobre algunas expresiones que muestran desacuerdo", relatorio no Seminario Internacional *Unidades fraseológicas y TIC (UFRATIC)*, Universidad Complutense de Madrid, 5-7 octubre 2011.

OLZA, Inés e MANERO RICHARD, Elvira (eds.) (no prelo): *Fraseopragmática*. Berlín: Frank & Timme.

PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (no prelo): "La imagen subyacente a las locuciones como criterio de marcación diafásica", en OLZA, Inés e MANERO RICHARD, Elvira (eds.): *Fraseopragmática*. Berlin: Frank & Timme.

PÉREZ-SALAZAR RESANO, C. (2009): "'Ni hablar, ni pensar, ni soñar'. Análisis histórico de su transformación en unidades fraseológicas", en *Nueva Revista de Filología Hispánica*, 57/1, 37-64.

SANTAMARÍA PÉREZ, M. Isabel (2009): "Los evidenciales", en RUIZ GURILLO, Leonor e PADILLA GARCÍA, Xose A. (eds.), *Dime cómo ironizas y te diré quién eres. Una aproximación pragmática a la ironía*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 267-292.

VIGARA TAUSTE, Ana M. (1992): *Morfosintaxis del español coloquial. Esbozo estilístico*. Madrid: Gredos.

As locucións marcadoras de reformulación con *decir, dir, sagen*

Marker phrases of reformulation with 'decir', 'dir', 'sagen'

Ferran Robles i Sabater

Universitat de València / Universität Leipzig

ferran.robles@uv.es

Resumo: Este traballo representa unha primeira aproximación cualitativa a un grupo de locucións marcadoras de reformulación (LMRs) con compoñente metalingüístico do español, catalán e alemán, que se caracterizan por incluíren entre os seus membros léxicos o verbo de lingua primario *decir, dir, sagen*. As LMRs comparten, como denominador común, a capacidade de actuar fóra do marco predicativo da oración e para sinalizar un tipo de relación entre as partes do texto que consiste nunha volta atrás pola que o emisor reinterpreta unha formulación anterior mediante unha nova que a explica, modifica, substitúe ou resume. A través dunha análise paralela destas unidades e das súas funcións máis características, pretendemos demostrar a existencia de características comúns que afectan tanto á selección dos seus compoñentes léxicos coma á clase de significado que achegan –que é tanto conceptual coma procedimental–, á súa capacidade distributiva e ao tipo de instrución discursiva que expresan sobre como debe ser interpretada a conexión entre os segmentos que ligan. Observaremos que os vestixios do significado léxico orixinal das LMRs estudadas aínda están presentes nas súas funcións textuais máis características; por iso consideramos que o valor metadiscursivo (plano da comunicación) que hoxe teñen, non é máis ca un desenvolvemento lóxico do seu valor metalingüístico inicial (plano léxico). Ademais, a existencia de patróns repetidos nas tres linguas parece apuntar a unha conceptualización moi similar por parte dos falantes da actividade lingüística e dos mecanismos de construción do texto.

Palabras clave: Metalinguaxe, verbos de lingua, locucións marcadoras, reformulación, análise do discurso.

Abstract: This paper presents a first qualitative approach to a group of marker phrases of reformulation (MPRs) in Spanish, Catalan and German that contain a related metalinguistic

Data de recepción 15/11/2012. Data de aceptación 11/06/2012.

[1]Traducido por Jéssica Espasandín Blanco.

component, namely the primary verb for speech: decir, dir, sagen. MPRs share as a common denominator the capacity to be used outside of the predicative frame of a sentence, in order to indicate a semantic relation between the parts of a text; they are used by a speaker to reinterpret a previous formulation by way of a new formulation that explains, modifies, substitutes or summarizes the first one. Through parallel analysis of these units and their characteristic functions, we will demonstrate the existence of shared features, in terms of the selection of their lexical components as well as in terms of the kind of meaning that they convey (simultaneously conceptual and procedural). As well, we will explore the distribution of these units, and the type of discursive instructions they provide to the recipient of a text regarding interpretation of the relation between the elements linked by an MPR. We will observe that some traces of the original lexical meaning of MPRs are still present in their most characteristic textual functions, and for this reason we consider that their current metadiscursive value is a logic extension of their original metalinguistic meaning. Furthermore, the existence of common patterns in all three languages seems to hint at a similar conceptualization on the part of speakers about the use of language and the mechanisms of text construction.

Keywords: Metalanguage, speech verbs, marker phrases, reformulation, discourse analysis.

1. Introdución: as locucións marcadoras de reformulación

Nos últimos anos, a fraseoloxía metalingüística converteuse nun dos lugares comúns para os lingüistas do español interesados en explicaren os mecanismos de produción textual. Nela ven unha das máis claras manifestacións do xeito no que os falantes reflexionan sobre a súa propia práctica discursiva e condicionan o seu uso da linguaxe para acadar finalidades específicas de comunicación. En pouco máis dun lustro, multiplicáronse en España os estudos que analizan o saber discursivo implícito nas locucións metalingüísticas con verbos de lingua. E aínda así quedan moitos espazos inéditos que cómpre tomar en consideración se se quere chegar a unha comprensión exhaustiva da presenza da metalinguaxe na fraseoloxía. O noso estudo quere contribuír a isto chamando a atención sobre unha parte da fraseoloxía metalingüística que polo de agora case non foi tratada dende o punto de vista da lingüística comparada: as locucións marcadoras de reformulación (en diante LMRs). Para isto revisaremos un pequeno número de sintagmas verbais fixos que comparten a característica de teren un verbo de lingua primario (Aznárez 2006; Robles 2010) como núcleo en alemán, español e catalán e mostraremos a existencia de certas tendencias comúns na selección de material léxico coas que se construíron, nas funcións discursivas que se lles atribúe, e que están relacionadas, principalmente, con operacións como a explicación, a rectificación, a asignación de referencia, a denominación ou a recapitulación.

As LMRs son parte dos marcadores do discurso (en diante MDs), lexemas e sintagmas estables (fixos ou semifixos) que se orixinan nas categorías léxicas e sintagmáticas máis diversas da lingua (Fuentes 1996:14-15; Martín Zorraquino 2010:95). Os MDs compoñen un grupo heteroxéneo pola composición e estrutura interna, e os seus membros teñen en común a capacidade de situarse nunha posición externa á predicación verbal para desempeñar funcións relacionadas coa organización e estruturación informativa do texto, a modalización e a orientación argumentativa (Montoro 2006:268). Como a función destas unidades se realiza fóra do marco da oración (Fuentes 1987, 1996; Martín Zorraquino ~ Portolés 1999:4057) e como o

comportamento gramatical delas non se corresponde coas categorías que representan (Ruiz 2001:45; Llamas 2010:193), cómpre tratar a análise dos MDs desde un punto de vista diferente ao que empregamos normalmente para estudar as combinacións sintagmáticas con valor léxico. Unha parte considerable dos MDs son combinacións pluriverbais que, na súa composición e forma interna, non se diferencian dos sintagmas que a fraseoloxía tradicionalmente denominou locucións verbais, preposicionais ou adverbiais. Con todo, a diferenza das unidades fraseolóxicas (en diante UUFF) con valor representativo, non teñen a capacidade de se integraren en unidades sintagmáticas maiores (sintagmas, cláusulas ou oracións) para contribuíren ao seu contido conceptual. O significado que achegan ás secuencias de enunciados nas que se introducen é de valor conectivo e de procedemento, é dicir: indican a existencia dunha relación semántica entre dous segmentos de texto, mentres que explicitan os procesos que o receptor dunha mensaxe debe realizar a fin de acadar unha interpretación relevante do seu contido semántico dentro do contexto específico no que ten lugar a comunicación (Montolío 1997:34; Martín Zorraquino ~ Portolés 1999:4072; Blakemore 2002:62-63). Así, mentres que para unha locución nominal como *mosquita muerta* ou unha verbal como *dormir como un tronco* (Corpas 1997:95/103) é posible atopar un obxecto, unha acción ou un concepto da realidade material ou inmaterial que permita identificalas, o significado que nos achegan as LMRs [es.] *es decir, quiero decir, mejor dicho, dicho de otro modo;* [ca.] *és a dir, més ben dit, dit d'altra manera;* [al.] *anders gesagt, besser gesagt, genau(er) gesagt* é doutro tipo e non podemos captalo plenamente a partir da enumeración dunha serie de semas básicos.

As LMRs son sintagmas estables (total ou parcialmente fixos) que xorden como resultado dun dobre proceso de lexicalización (fixación de material e contido) e de gramaticalización (bloqueo da súa capacidade distributiva e asunción de funcións pragmáticas e textuais) (Cuenca 1992-1993; Hopper ~ Traugott 1993; Robles 2012c:164-165). Comparten cos demais MDs o seu carácter extrapredicativo e o seu significado de procedemento; pero distínguense destes pola peculiar relación que sinalan entre os segmentos que enlazan, que consiste nunha volta atrás no discurso pola que un elemento reinterpreta outro anterior (Garcés 2010:87-88). Dentro do enunciado, as LMRs ocupan unha posición periférica, xa que non dependen do núcleo predicativo nin de ningún dos seus actantes ou circunstantes (Fuentes 1996:12; Montoro 2006:244; Llamas 2010:197; Robles 2012b). Así, non forman parte da fraseoloxía léxica, que ten sintagmas fixos (locucións nominais, adxectivas, adverbiais, verbais e preposicionais) con capacidade de se integraren nos enunciados para atenderen as funcións características das categorías que representan (Corpas 1997: 88; Ruiz 2001:45; García-Page 2008:91), senón que son parte do que chamamos fraseoloxía comunicativa (ou discursiva), na que atopamos combinacións estables de lexemas cuxo valor está vinculado a mecanismos de organización e estruturación informativa do texto, de modalización, de orientación argumentativa e de regulación da interacción entre os falantes (Corpas 1997:189-191), e non á representación dun contido conceptual. Por todo isto, coidamos que calquera intento para analizar o significado e o comportamento destas unidades na lingua debe realizarse, en primeiro lugar, dende un punto de vista funcional-comunicativo para dar conta das operacións que son capaces de expresar ao nivel do discurso (Stein, 1995; Robles 2013) e, a continuación, da descrición de como

as LMRs se integran nos enunciados e interactúan coas unidades de valor léxico, xa que cuestións como a colocación dunha LMR na estrutura de campos da oración alemá ou a capacidade de enlazar distintos tipos de unidades lingüísticas (palabras, frases, sintagmas pluriverbais, cláusulas subordinadas, oracións, parágrafos, etc) ben pode estar relacionado coas categorías gramaticais en que se orixinaron (Llamas 2010:199; Robles 2012c:176-177) ou ben ser o resultado da repetición e convencionalización. Unha aproximación ás LMRs destas características excedería os límites deste estudo, e xa é o tema doutro traballo en preparación. O noso obxectivo aquí é, máis ben, a identificación dun grupo especial de UUFF con significado pragmático e dos seus trazos máis característicos en tres idiomas.

A nosa exposición terá tres partes: na primeira revisaremos o papel da función metalingüística na fraseoloxía; na segunda exporemos brevemente en que consisten as operacións de reformulación e cales son as súas formas máis características; e na terceira faremos unha primeira aproximación ao significado dalgúns das LMRs con *decir, dir* e *sagen*.

2. A función metalingüística na fraseoloxía

Segundo Loureda (2003:17-18), o metalingüístico é un fenómeno propio da linguaxe natural e está codificado en calquera lingua como "unha serie reflexiva de posibilidades, instrumentos e mecanismos (gramaticais e léxicos) que serven como esquemas de expresión e comunicación de contido da conciencia". As tres áreas nas que se revela o metalingüístico son a gramática, a fraseoloxía e o léxico dunha lingua. Dentro do primeiro grupo, Loureda identifica, entre outros elementos, "certas unidades que serven como instrumentos para a formulación do discurso". Son os MDs: palabras e sintagmas co valor procedemenal "que o falante insire no texto para orientar a actividade formulativa e para indicar o alcance do acto elocutivo" (Loureda 2003:18). Como conectores pragmáticos, estes MDs deben realizar unha serie de funcións textuais entre as que se atopa "a formulativa, a de resolver problemas de formulación, a de relacionar as partes articuladas co todo" (Briz 2001:204). Así, podemos afirmar que a reflexión metalingüística está presente na gramática dunha lingua en forma de unidades monolexemáticas ou pluriverbais e o significado destas especializouse na realización de tarefas discursivas situadas nun plano superior ao da oración, no que mostran as relacións entre os membros textuais (Fuentes 1987, 1996). Con estas unidades, un falante é capaz de ordenar a información e darlle cohesión, de facer progresar o texto tematicamente e de dirixir cooperativamente as inferencias dos seus interlocutores, limitando as súas posibles lecturas dos enunciados, a fin de chegar a unha interpretación relevante (é dicir, tan informativa como sexa posible) da mensaxe dentro dun determinado contexto (Portolés 2007:19-20). Aínda que gran parte dos MDs son sintagmas pluriverbais con fixación interna (Thun 1978:67-69; Montoro 2006:244-245), tamén é posible estudalos dentro da terceira área identificada por Loureda: a fraseoloxía. Segundo el, existe unha serie de locucións co verbo *decir (ni que decir tiene, ya te digo, es decir, mejor dicho, dicho de otra manera, dicho sea de paso)*, que funcionan como conectores pragmáticos. A elas atribúe funcións textuais de expresión de acordo ou desacordo, de reformulación ou de digresión (Loureda 2003:19-20).

O estudo das UUFF con significado metalingüístico nas linguas naturais foi o foco dos traballos de Fernández (2000, 2002, 2005), Aznárez (2006), Robles (2010), Olza (2009, 2011) e Manero (2011), entre outros. Neles faise visible que o alemán, o español e o catalán teñen unha ampla gama de locucións e paremias coas que os falantes conceptualizaron e caracterizaron a actividade lingüística humana. O material utilizado neses traballos axúdanos a comprender mellor a presenza da metalinguaxe na fraseoloxía e descubrir patróns compartidos entre distintas linguas, así como numerosas singularidades culturais. Con todo, na lingüística contrastiva e comparada aínda son relativamente poucas as referencias que se fan á capacidade de moitas destas UUFF metalingüísticas para integrarse no texto e influír na súa configuración formal e na construción do sentido [2]. Unha aproximación preliminar ao valor achegado por LMRs [es.] *decir*, [ca.] *millor dit* ou [al.] *genauer gesagt*, ás secuencias de enunciados nas que se insiren indícanos que o contido semántico destas unidades xa non responde con precisión á combinación dos semas dos seus compoñentes, aínda que sigan sendo unidades motivadas (Dobrovol'skij 2007). No seu significado produciuse un tránsito do valor inicial literal ao pragmaticamente idiomático que hoxe presentan. Estas locucións comezaron a ver enfraquecido o seu carácter referencial, ao tempo que especializaban o seu significado na sinalización de operacións metadiscursivas (Pons 2008a:1432), e hoxe óense e os falantes utilízanas non como referencia a unha realidade material ou inmaterial, pero si como pezas da construción textual coas que un orador enfía as distintas partes do seu discurso e orienta sobre como entender a relación semántica entre esas partes. Como UUFF con valor comunicativo, as LMRs caracterízanse por facilitar o procesamento da información e da redución do esforzo interpretativo (Sperber ~ Wilson 1986:46; Blakemore 1993:105; Stein 1995:301).

Como xa dixemos, as LMRs teñen, fronte ás UUFF con valor léxico, un significado principal que non é só conceptual, senón sobre todo procesual, porque evidencian os procesos que un falante emprega na construción estratéxica da mensaxe e orienta a interpretación que o oínte debe realizar para comprender a intención con que foi enunciado (Stein, 1995:210-211; Fiehler ~ Barden ~ Elstermann ~ Kraft 2004:242-243; Blakemore 2007:314). Así, a caracterización de locucións tal como [es.] *es decir, dicho de otra forma;* [ca.] *és a dir, millor dit, dit en altres paraules;* [al.] *genauer gesagt, kurz gesagt*, non se pode limitar á enumeración das súas principais características morfolóxicas, sintácticas e semánticas, senón que debe referirse a súa capacidade para conectar diferentes tipos de unidades sintagmáticas, para expresar un tipo de operación metalingüística que ocorre entre dous segmentos de texto e para integrarse na estrutura oracional en alemán, sen formar parte da predicación verbal.

Aproveitando a descrición que os autores citados realizaron das locucións metalingüísticas do español, alemán e catalán, pretendemos levar a súa análise para o campo da práctica discursiva observando as funcións máis características que algunhas delas adoptaron dentro do ámbito da reformulación.

[2] Con todo, nos últimos anos comezaron a aparecer traballos contrastivos especificamente relacionados cos marcadores de reformulación como pezas de artellamento do discurso. Entre outros, ver Cuenca - Bach (2007), Murillo (2007), Contreras - Ferrer (2009), Barandiaran - Casado (2011), Robles (no prelo).

3. Os procesos de reformulación e os seus marcadores

Entendemos a reformulación como unha operación textual pola que o emisor recupera un elemento ou segmento anterior do discurso para presentalo de forma diferente para satisfacer un propósito comunicativo concreto (Garcés 2008:69). Esta é unha das manifestacións máis claras de como os falantes reflexionan sobre a súa propia práctica discursiva e como a súa produción verbal (oral ou escrita) se ve moitas veces condicionada por factores como a necesidade de acadar a transmisión efectiva da información, a negociación do sentido dos enunciados ou a orientación argumentativa (Adam 1990:172; Fuentes 1993:173; Bach 1996).

A reformulación prototípica consta de dous segmentos textuais e unha LMR (subliñados nos exemplos) que os une, de acordo co esquema [Segmento A + LMR + Segmento B] (Gülich ~ Kotschi 1987:220; Garcés 2008:76).

1. Der Sport, *genauer gesagt* der Basketballsport, hat ihn nach dem Abitur weg aus der Eifel gezogen. (*Rhein-Zeitung* 03/01/2008) [3].
2. Adelgazar o, *mejor dicho*, eliminar el sobrepeso es una medida saludable. (*El País* 25/02/2003).
3. El món dels taxis de Barcelona (o, *millor dit*, dels taxistes) és un terreny d'experiències i sensacions que van des del surrealisme més absurd fins a l'exasperació més estressant. (*Avui* 20/03/2011).

As unidades capaces de seren conectadas por esta operación varían dependendo da LMR. Poden ser palabras, sintagmas pluriverbais, cláusulas subordinadas, oracións ou parágrafos enteiros (Martín Zorraquino ~ Portolés 1999:4069-4070; Llamas 2010:193; Robles 2012c:167). Os estudos sobre a reformulación adoitan diferenciar dous tipos básicos, en función de se o segmento B implica unha reinterpretación do A (*reformulación parafrástica*) ou un cambio de perspectiva enunciativa desde a que A é reconsiderado (*reformulación non parafrástica*) (Rossari 1990; Gülich ~ Kotschi 1996; Bach 2004; Garcés 2008). Na lingua escrita, estas dúas clases de reformulación e a súas respectivas subclases, tenden a vincularse a operacións discursivas moi específicas [4], de xeito que, tradicionalmente, a análise das LMRs nos córpora textuais xerais e especializados concentráronse no estudo do significado de lingua e na enumeración dos seus distintos sentidos discursivos (Barandiaran ~ Casado 2011:390). Nestes estudos, constátase que no significado das LMRs están codificadas as instrucións específicas sobre as funcións metalingüísticas que cada unha delas pode realizar en contextos comunicativos moi concretos. Estas funcións correspóndense cun número limitado de operacións (Gulich ~ Kotschi 1987:214; Casado 1998:64-66; Robles 2013), que, utilizadas como *tertium comparationis* (Aschenberg ~ Loureda 2011b:16), poden servir para establecer as equivalencias a nivel intralingüístico e interlingüístico entre as

[3] Tomamos os nosos exemplos, principalmente, de textos xornalísticos recollidos nos córpora de referencia CREA para o español, IDS-Korpora para o alemán e CUCWeb para o catalán.

[4] Esta afirmación debe ser matizada cando nos referimos á lingua oral, tal como apuntan López e Loureda (2012). A súa análise da reformulación como proceso, e non só como produto, permite explicar as intersección ns que se dan entre os distintos tipos de reformulación e os marcadores que os falantes empregan para sinalizar esta operación na fala.

estruturas que, a pesar da súa gran diversidade na forma e no comportamento gramatical, realizan funcións similares a nivel discursivo.

4. As locucións marcadoras de reformulación con *decir*, *dir* e *sagen*

Este traballo é unha primeira aproximación ás LMRs cos verbos de lingua, polo que optamos por restrinxir a nosa análise ás que teñen entre os seus compoñentes léxicos os verbos *decir, dir* e *sagen*. Tratase de elementos archilexemáticos do campo definido polo sema 'emitir palabras', a partir dos cales se estrutura a comunicación lingüística (Escobedo 1992; Aznárez 2006). Son os que teñen menos trazos restritivos e un significado máis amplo. Por isto, mentres que outros verbos deste campo teñen semas distintivos específicos, o valor xeral de *decir*, *dir* e *sagen*, fainos capaces de aparecer en contextos fraseolóxicos moi diferentes. Non é de estrañar, logo, que se trate dos verbos máis representados (xunto a [es.] *hablar*, [ca.] *parlar* e [al.] *reden/sprechen*) na fraseoloxía do alemán, español e catalán (Aznárez 2006:26; Robles 2010:30), como tamén o son nas LMRs aquí estudadas (Casado 1996:322).

Con todo, os elementos con capacidade para sinalar operacións de reformulación son palabras e sintagmas de orixe moi diversa, formados a partir do material léxico xa existente na lingua. Para situarmos as LMRs que a continuación estudaremos entre os reformuladores, cómpre que fagamos unha enumeración aproximada destas unidades nas tres linguas que nos ocupan.

	Español	Catalán	Alemán
Reformuladores explicativos	*es decir*, *o sea*, *a saber*, *esto es*, *quiero decir*, *digo*, *léase*, *literalmente*, *o lo que es lo mismo*, *o*, *o también*, *o si se quiere*	*és a dir*, *o siga / o sigui*, *és a saber*, *això és*, *literalment*, *o el que és el mateix*, *o també*, *vull dir*	*also*, *beziehungsweise*, *das heißt*, *das ist*, *ich meine*, *id est*, *nämlich*, *oder auch*, *sprich*, *will sagen*, *und zwar*, *wörtlich*
Reformuladores rectificativos	*mejor dicho*, *por mejor decir*, *más bien*, *mejor aún*; *dicho de otro modo* / *de otra forma* / *de otra manera*, *en otras palabras* / *otros términos*	*millor dit*, *més ben dit*, *més aviat*; *dit d'una altra manera* / *d'un altre mode*, *en altres paraules*	*besser gesagt*, *genauer*, *genau(er) gesagt* / *ausgedrückt*, *oder besser*, *vielmehr*; *anders gesagt* / *ausgedrückt*, *mit anderen Worten*

Reformuladores recapitulativos	*en resumen*, *en síntesis*, *en suma*, *en conclusión*, *en fin*, *resumiendo*, *en pocas palabras*	*en resum*, *en síntesi*, *en suma*, *en conclusió*, *en fi*, *per resumir-ho*, *en pocs mots / poques paraules*, *per fer-ho breu*	*alles in allem*, *im Resümee*, *in kurzen Worten*, *kurz*, *kurz gesagt / erläutert / zusammen-gefasst*, *kurz und bündig*, *kurz und gut*, *kurz und knapp*, *kurzum*, *mit einem Wort*, *um es kurz zu machen*, *zusammenfassend*

A diferenza doutros MDs totalmente gramaticalizados (especialmente as conxuncións), nos que se pode distinguir entre o significado conceptual pasado e o seu valor procedemental actual, moitas das LMRs son UUFF nas que se mantén a motivación semántica dos seus compoñentes. A presenza destas unidades de lexemas, que pertencen ao campo nocional "o que se di" (Loureda 2003), é un indicio directo do seu valor metalingüístico. Sintagmas do tipo *genauer gesagt, mit einem Wort* o *das heißt* resisten unha análise composicional, e pódese explicar a súa función pragmática derivándoa dos trazos semánticos característicos dos seus membros. En moitas das LMRs de uso máis frecuente atopamos os verbos de lingua con carácter primario ([es.] *quiero decir, mejor dicho, dicho de otra forma;* [ca.] *més ben dit, dit d'una altra manera;* [al.] *will sagen, anders gesagt, genauer gesagt, kurz gesagt, genau ausdrückt*) (Harras ~ Winkler ~ Erb ~ Proost 2004:27-33; Aznárez 2006:25-26; Robles 2010:33-34), os que teñen función representativa informativa ([al.] *kurz erläutert*) (Harras ~ Winkler ~ Erb ~ Proost 2004:105-109; Robles 2010:35) e os que indican unha recapitulación do dito anteriormente ([ca.] *per resumir-ho;* [al.] *kurz zusammengefasst*) (Harras ~ Winkler ~ Erb ~ Proost 2004:403-404), así como os verbos copulativos como indicadores de identidade de significado ([es.] *esto es, o sea;* [ca.] *això és, o sigui;* [al.] *id est, das ist, das heißt*) (Pons 2008b:250). Tamén abundan moito os substantivos que se refiren ao produto da actuación verbal ([es.] *en otras palabras, en otros términos, en resumen, en síntesis;* [ca.] *en resum, en síntesi, en pocs mots;* [al.] *in einem Wort, im Resümee*) e os adxectivos e adverbios que describen a produción dun enunciado como un acto breve ([es.] *en pocas palabras, en una/dos palabra(s),* etc.; [ca.] *en poques paraules/pocs mots, en un/dos/quatre mots, per fer-ho breu;* etc.; [al.] *in kurzen Worten, kurz erläutert/gesagt, kurz und gut, mit einem Wort*) ou como unha nova formulación que mellora ([es.] *más bien, mejor dicho;* [ca.] *millor dit, més ben dit, més aviat;* [al.] *besser gesagt*) ou especifica ([al.] *genauer gesagt/ausgedrückt*) outra formulación previa.

Só unha parte das LMRs con compoñente metalinguístico inclúe algunha forma finita ou non finita dos verbos *decir, dir* e *sagen*; polo tanto, a nosa análise abrangue só un pequeno grupo de unidades seleccionadas e ignora outras LMRs que, nalgúns casos, revelan máis claramente aspectos importantes da súa configuración léxica e semántica.

Tampouco pretendemos realizar unha análise estatística sobre a frecuencia do uso das LMRs aquí analizadas en cada unha das linguas, xa que este será o foco de futuras investigacións en córpora especializados.

A nosa relación das LMRs con *decir, dir* e *sagen* seguirá a tradicional clasificación dos tipos de reformulación (Rossari 1990, Roulet 1987, Vargas 2002; Garcés 2008). Dentro da reformulación parafrástica distinguiremos as locucións con valor principalmente explicativo ([es.] *es decir, quiero decir;* [ca.] *és a dir, vull dir;* [al.] *will sagen*) daquelas con valor rectificativo ([es.] *mejor dicho, por mejor decir, dicho en otras palabras/otros términos, dicho de otra manera/otra forma/otro modo;* [ca.] *millor dit, més ben dit, dit d'*(*una*) *altra manera/d'*(*un*) *altre mode, dit en altres paraules/termes;* [al.] *anders gesagt, besser gesagt, genau*(*er*) *gesagt*). E dentro da la reformulación non parafrástica consideraremos as locucións con valor recapitulativo ([es.] *por decirlo brevemente;* [ca.] *per dir-ho breument;* [al.] *kurz gesagt*).

4.1. As LMRs explicativas

As operacións de explicación foron incluídas por unanimidade na reformulación parafrástica. Esta relación de paráfrase non se debe entender como a mera sinonimia entre dous segmentos discursivos con base na similitude das súas características semánticas, senón que se define como unha equivalencia comunicativa entre unidades lingüísticas que se orixinan no momento da fala. Mortureux (1982) denomina este vínculo "predicación de identidade". Na mesma liña, Penas ~ Abad (2011:33) e López ~ Loureda (2012) afirman que a relación entre os membros dunha reformulación baséase na existencia dun "parentesco semántico", que se pode atopar no sistema lingüístico ou ser recuperable a través do contexto, como unha identidade designativo-referencial momentánea. En esencia, esta é unha paráfrase dinámica, que se está a construír no momento da fala e que está motivada porque os que interveñen no intercambio discursivo coinciden en atribuíren a dous segmentos textuais a mesma base sémica (Gulich ~ Kotschi 1983:307-308; Briz 2001:216). O grao de parentesco semántico entre os elementos conectados, xunto coas instrucións codificadas no significado de cada LMR, permítennos distinguir dous tipos fundamentais de reformulación parafrástica: a explicativa e a rectificativa.

A reformulación explicativa conecta segmentos que mostran un alto grao de identidade semántica; polo tanto, moitas veces non é obrigatoria a presenza da LMR, xa que como as relacións lóxicas establecidas entre dous sintagmas ou cláusulas adxacentes poden ser suficientes para a interpretación da súa relación (Roulet 1987:118-119). As súas principais funcións discursivas están relacionadas coa asignación de referencia e a elucidación (Garcés 2008:87-88). No plano referencial, identifican ou especifican persoas, obxectos ou conceptos da realidade material ou abstracta e relacións locais e temporais (4-5), mentres que, no plano do significado, delimitan, aclaran ou explicitan o contido semántico do membro anterior, ben mantendo a súa definición (6) ou ben a través da denominación [5](7).

[5] Unha relación exhaustiva das funcións dos marcadores de reformulación pode encontrase en Garcés (2008). Para o alemán, ver Vargas (2002). Robles (2013) propón unha aproximación onomasiolóxica aos

4. En niveles superiores, el poder político, *es decir*, el gobierno estadounidense, sí es responsable. (*La Voz de Galicia* 15/01/2004).
5. El problema és que la política, *vull dir* els partits polítics, els interessos dels seus quadres, dels professionals de la política, han pervertit qualsevol discussió. (*El Punt* 21/02/2010).
6. Desactiva la apoptosis, *es decir*, el mecanismo de muerte celular programada por el que se produce la regeneración tisular. (*El País* 19/10/2004).
7. Un centenar de joves es reuniren a Ciutadella el passat cap de setmana per analitzar i debatre […] els avantatges i els inconvenients de les tecnologies de la informació i de la comunicació, *és a dir*, de les TIC. (*Diari de Balears* 30/10/2011).

As LMRs con compoñente metalingüístico que posibilitan a realización destas operacións son [es.] *es decir, quiero decir;* [ca.] *és a dir, vull dir;* [al.] *das heißt, ich meine, will sagen.* Aínda que todas comparten un mesmo valor básico, hai diferenzas importantes entre elas polas operacións discursivas que se lles atribúen e polos tipos de estruturas que poden conectar. En realidade, trátase de procedementos moi dispares que obedecen a diferentes estratexias enunciativas dos falantes. O que chamamos xenericamente "explicación" inclúe operacións tan diversas como a aclaración, a especificación, a asignación de referencia ou a denominación. Entendemos a función explicativa, tal como a define Casado (1991:108):

> El valor general de las unidades lingüísticas que estamos estudiando lo designaremos con el término de "explicación", en el sentido de "evidenciación" (lat. *explicare* 'desplegar, desenvolver'): "explicación" de la expresión, del contenido, de la presuposición, de la inferencia (todos aquellos conocimientos posibles también para el oyente –o que se expresan como tales–) o de la implicación (saber solo del hablante).

As LMRs deste grupo manteñen ben definidos algúns trazos semánticos característicos dos seus compoñentes. Resisten análise da composición e as súas funcións pragmáticas poden ser derivadas directamente do significado dos seus membros léxicos. O valor xeral do verbo primario *decir* fai que poda ser usado en contextos moi diferentes adoptando características semánticas específicas. A LMR *es decir* é o reformulador por excelencia do español (cf. Bach 2004:110) e, tal como sucede co seu compoñente metalingüístico, é susceptible de aparecer no discurso con diferentes valores para expresar unha gran variedade de instrucións textuais. Aínda que o seu significado primario é explicativo, non é sorprendente atopalo sinalando a rectificación (Zorraquino ~ Portolés 1999:4126) ou a recapitulación de algo dito anteriormente (8), a conclusión dunha serie de ideas anteriores (9) ou a interpretación particular e subxectiva do falante sobre o mencionado (10) (Garcés 2008:93-94).

---

marcadores de reformulación a partir dun catálogo aberto de funcións metadiscursivas (cf. Borreguero - López 2011: 178) como base para a súa análise contrastiva.

8. Un periódico abre sus puertas a la inteligencia cuando propone, controvierte con o sin decirlo, deja inmensos espacios y a la vez coacciona a quien no hace de la libertad su propia decisión, *es decir*, amplía los lugares del conocimiento por sí y para quien acepte la invitación. (*Diario del Sur* 30/04/2004).
9. Boyer plantea en el caso español dos condiciones de estricto cumplimiento: hacer coincidir las tasas de crecimiento de los precios y de los costes laborales unitarios: *es decir*, cree que el éxito del euro va a depender de los trabajadores y de los empresarios. (*El País* 18/11/1997).
10. La pretensión es aplastar "democráticamente", *es decir*, "sin matar a nadie" y para eso cuentan con la Constitución, y detrás el Ejército, para aplastar, repito, al nacionalismo de nuestro pueblo. (*Diario Vasco* 07/02/2001).

Tamén *quiero decir* [6], que ten un uso relacionado prototipicamente coa elucidación e a rectificación, é utilizado en ocasións para explicitar a causa (11) ou a conclusión lóxica (12) do expresado no segmento anterior.

11. Porque alguna vez tiene que pasar. *Quiero decir*: ya tengo veinticinco tacos. No voy a pasarme toda la vida viviendo con ellos. (*Mañas, Historias del Kronen*, 1994).
12. Pero la generación de energía eólica no es continua, *quiero decir* que no se puede depender únicamente de ella. (*La Voz de Galicia* 15/01/2004).

En catalán, *és a dir* e *vull dir* coinciden nas súas funcións discursivas coas que xa apuntamos para *es decir* e *quiero decir* (Bach 1996). Son LMRs parafrásticas de explicación (13-14), pero tamén introducen en ocasións relacións de rectificación (15) e de resultado ou consecuencia (16).

13. El 1922 l'excursió col·lectiva anual es dedicà a "la comarca olotina", que, en concepte dels organitzadors, abastava també la vall de Camprodon i el Pla de l'Estany. La de 1923 es dirigí a la comarca de Terrassa, *és a dir*, la part més nord-occidental del Vallès. (IEC, *Breu història de la ICHN,* 1999).
14. No em preocupa estimar-te, *vull dir* sostenir aquestes ganes de cel obert i desig de tu desmesurat. (Valls, *Com sempre,* 1998).
15. Vaig néixer a Felanitx, en un molí als afores del poble, *vull dir*, de la ciutat. (Valverde, *Tecnologia, llengua i cultura*, 1997).
16. Sigui qui sigui, repeteixo, ha d'ésser ben vingut perquè nosaltres també haurem de fer l'esforç d'escoltar-lo nosaltres i perquè creiem en la resurrecció, *és a dir* que tan ells com nosaltres podem canviar. (Escós, *El nou bisbe*, 2004).

[6] O estatus de *quiero decir* como LMR ten sido obxecto de gran debate. Fernández (2000: 267) atribúe a súa exclusión das primeiras clasificacións dos reformuladores en español á súa lexicalización parcial e ao seu significado conceptual. Martín Zorraquino - Portolés (1999) e Garcés (2008) non a inclúen nas súas análises; polo contrario, Portolés (1993: 152) sitúaa entre os "marcadores reformulativos" e Casado (1998: 64) inclúea na operación de "(auto)corrección". Sobre *quiero decir* conclúe Fernández (2000: 284): "Prototípicamente funciona con un valor de reformulación parafrástica, concretado en los sentidos de aclaración y rectificación. Se puede observar, sin embargo, una tendencia a alejarse del valor parafrástico e incluso de la función reformuladora, cuando marca un cambio en la planificación discursiva o se convierte en un mero apoyo enunciativo" (cf. López - Loureda 2012).

No caso de *vull dir* resulta interesante observar que, tal como sucede con *quiero decir* (17), é capaz de abandonar a posición prototípica das LMRs entre os segmentos discursivos que enlazan para situarse detrás do segundo (18).

17. ¿Querrás venir conmigo? A Folkstone, *quiero decir.* (Torrente, *Filomeno a mi pesar,* 1988).
18. La senyora, aquell altre dia, ho havia tan sols mormolat. Amb la boca petita, *vull dir.* (*El Drac 52,* febrer 2003).

En alemán, non existe unha locución con *sagen* equiparable a *es decir* e *és a dir*. A LMR explicativa prototípica que máis se lles aproxima é *das heißt*. Aínda así, o sintagma verbal *will sagen* [7] aseméllase a *quiero decir* e *vull dir* tanto na súa composición léxica e significado conceptual, como nas súas funcións pragmáticas: explicativa elucidativa (19), identificativa (20), rectificativa (21) e conclusiva (22). Estas tres LMRs son empregadas de forma case exclusiva na lingua falada, polo que no corpus escollido atopamos relativamente poucos exemplos de *will sagen*.

19. Sie katalogisiert das Fremde, *will sagen*: grenzt es ein. (*St. Galler Tagblatt* 23/10/1999).
20. Mancher Journalist habe den "Ball immer wieder zum richtigen Mann gespielt" - *will sagen: zum politischen Gegner*. (*Mannheimer Morgen* 21/10/1995).
21. Seit die ersten Tollwutfälle in Transdanubien gemeldet worden sind, sind die Hundehalter jenseits der Donau dazu angehalten, ihre Vierbeiner an die Kandare, *will sagen*: an die Leine zu nehmen. (*Die Presse* 05/06/1992).
22. Wenn ich einem Radiologen, der 80 Prozent Betriebskosten vom Umsatz hat, 10 Prozent seines Honorars streiche, dann sinkt der Praxisgewinn um 50 Prozent, *will sagen*, er kann seine Apparate abschalten und die Praxis schließen. (*Frankfurter Rundschau* 13/02/1999).

Apuntaremos, finalmente, que a presenza dun infinitivo nas LMRs *es decir, és a dir* e *will sagen* contrasta coas formas de participio que encontraremos cando falemos das operacións de rectificación ([es]. *mejor dicho,* [ca.] *més ben dit, dit d'altre mode,* [al.] *besser gesagt, genauer gesagt*) e recapitulación ([al.] *kurz gesagt*). Bach (2004) interpreta este elemento como un sinal do distanciamento adoptado polo emisor á fin de presentar unha equivalencia obxectiva entre os segmentos que enlaza, cuxa identidade estritamente semántica podería ser discutible.

> Considerem que l'absència de la forma de participi en la peça lèxica *és a dir* facilita que aquest sigui el connector reformulatiu parafràstic estudiat més utilitzat en l'establiment de l'equivalència entre enunciats que presenten una relació semàntica feble. Els altres connectors analitzats vehiculen un matís de

[7] *Will sagen* tamén se asemella a *quiero decir* e *vull dir* no seu nivel inicial de lexicalización. Entre as gramáticas de referencia do alemán contemporáneo, *will sagen* unicamente aparece como marcador de conexión en Pasch - Brauße - Breindl - Waßner (2003: 550) e Wöllstein (2008: 29-30). En ambos os dous casos é incluído dentro dos nexos coordinantes ou *Konjunktoren*, xunto ás conxuncións como *und*, *oder* e *denn* (cf. Robles 2012a).

> subjectivitat que no es fa present a través d'és a dir perquè el verb *dir* apareix en aquest connector sota la forma d'infinitiu. (Bach 2004:111).

4.2. As LMRs rectificativas

A rectificación discursiva consiste na presentación dunha formulación que o emisor propón como alternativa a outra anterior, pronunciada por el mesmo ou por un dos interlocutores (Rath 1979:207-208), que na súa forma ou o seu significado non se axustaba ao contido que se desexaba transmitir ou á intención coa que foi enunciada. Mediante este mecanismo os falantes modifican e corrixen o contido dun segmento textual ou invalidan as presuposicións ou as implicaturas que podería conter. De acordo con Garcés (2008:105), a función de rectificación pode ocorrer mediante tres diferentes procedementos (cf. Hölker 1988):

> a) rectificación de lo anterior a través de una nueva expresión que modifica la referencia o corrige el contenido de lo dicho en el segmento previo; b) rectificación mediante una expresión alternativa que mejora la precedente, dando una información más adecuada; c) rectificación mediante una formulación que modifica o invalida el estado de cosas expresado en el primer segmento y lo sustituye por lo referido en el miembro reformulado. (Garcés 2008:105).

A rectificación é, en realidade, un fenómeno variable que pode manifestarse en diferente grado, de acordo coa relación que se establece entre as dúas partes dunha reformulación. As operacións de rectificación conforman un *continuum* (Rath 1979:188, 208-209; Hölker 1988:81; Hossbach 1997:53-55) que vai desde a presentación matizada dunha visión inicial, pasando pola súa corrección parcial, ata chegar a súa plena substitución por unha nova formulación. Os límites son difusos e, frecuentemente, a identificación do tipo de rectificación que se dá nunha oración realízase atendendo non só ao MR senón tamén ás intencións do emisor e a súa actitude respecto do contido do enunciado (Rath 1979:76-77).

Nunha primeira aproximación a este fenómeno distinguiremos dúas formas de rectificación básicas: a variación e a corrección. A primeira caracterízase por presentar unha formulación distinta da contida no segmento de referencia, pero que non se superpón a ela nin a anula. Os MRs que expresan esta relación explicitan a través dos seus compoñentes léxicos (Bach 2004:105) que a nova formulación é, simplemente, unha representación alternativa do contido semántico expresado no segmento orixinal: [es.] *(dicho) en otras palabras, dicho de otra forma/de otro modo;* [ca.] *(dit) d'una altra manera, (dit) en altres paraules/mots;* [al.] *mit anderen Worten, anders gesagt.* Pola contra, a corrección implica unha anulación parcial ou total da forma ou do contido do segmento de referencia, ao que se superpón. A relación é claramente xerárquica e os compoñentes destas LMRs evidencian que a nova formulación non coexiste coa primeira como alternativa idiomática, senón que se axusta mellor ao que se pretendía expresar e, polo tanto, é máis adecuada que aquela que substitúe: [es.] *mejor dicho, más bien, mejor aún;* [ca.] *millor dit, més ben dit, més aviat, (o) millor;* [al.] *genauer gesagt, besser gesagt, genauer.*

Chama a atención que unha cantidade relevante das LMRs rectificativas das linguas aquí estudadas se construíran sobre a forma participial de *decir, dir e sagen*. Segundo Rossari (1993:168-169), o aspecto perfectivo do participio contribúe á creación dun distanciamento do emisor respecto aos puntos de vista formulados (cf. Bach 2004:111). Isto conduce a unha maior subxectividade que a expresada pola explicación, que, ademais, se ve reforzada polo contido semántico dos adxectivos valorativos [es.] *mejor;* [cat.] *millor, més bé(n);* [al.] *besser, genauer.*

4.2.1. As LMRs rectificativas de variación

Como xa apuntamos, as LMRs de variación introducen unha nova formulación que non se superpón á orixinal nin a invalida, senón que unicamente achega unha forma distinta de reproducir o seu significado. Explicitan a vontade do falante de presentar algo anteriormente dito de maneira diferente, pero sen emitir un xuízo de valor sobre a pertinencia da formulación inicial nin sobre a súa exactitude ou adecuación aos propósitos comunicativos. No seu acercamento á operación de rectificación, Gülich e Kotschi (1996:64) distinguen tres maneiras de alterar un segmento anterior: corrección da expresión, corrección da formulación ou corrección do contido (cf. Hölker 1988:81; Hossbach 1997:63-65). As LMRs de variación aquí estudadas especialízanse, principalmente, na expresión das dúas primeiras.

23. Ciertamente, la precariedad —*o dicho de otro modo*, la finalización del periodo de "un trabajo para toda la vida" que ha regido durante muchos años— es algo a lo que deberemos resignarnos. (*La Vanguardia* 02/12/1995).
24. Per tant, aquestes poden ser compartides o no per més gent, però, no se'ls pot atribuir la condició de vertaderes o falses. *Dit d'altra manera*, el senyor Genovès i jo podem tenir punts de vista enfrontats i tenir raó tots dos al mateix temps. (*Avui* 27/07/2011).
25. Dabei ist er seit mehr als 40 Jahren eigentlich nur eins: Bandleader – oder *anders gesagt*, der Kopf, das Herz und der Taktgeber eines großen Orchesters. (*Nürnberger Zeitung* 17/04/2009).

Como mostran estes exemplos, as LMRs de variación asócianse a situacións comunicativas nas que o emisor considera que o seu discurso previo non é susceptible de alcanzar o propósito co que foi verbalizado. Os compoñentes léxicos destas LMRs *(de otra manera, en otras palabras; d'altra manera, en altres paraules; anders)* poñen de manifesto e ilustran a existencia de dúas posicións contrarias, das que prevalece a segunda (Garcés 2010:101), aínda que sen menosprezar a primeira. Non é casual, pois, que estas LMRs se combinen frecuentemente co nexo disxuntivo *o* (23, 25).

4.2.2. As LMRs rectificativas de corrección

A corrección supón unha reformulación do anteriormente dito para rectificalo na súa forma ou no seu contido (Garcés 2010:90). Trátase dunha relación xerárquica unidireccional (cf. Cortés/Camacho 2005:199-205) na que o segundo elemento se superpón ao primeiro ata anulalo e substituílo. A súa irreversibilidade distínguea da operación de variación. No seu primeiro acercamento á corrección, Gülich e Kotschi (1995) sitúan a corrección na reformulación non parafrástica, onde a distinguen dos

procesos de disociación (recapitulación, reconsideración, distanciamento), nos que non se produce a anulación parcial ou total do contido do segmento de referencia, senón unha separación entre este e o reformulado (cf. Cortés/Camacho 2005:205). Uns anos máis tarde, o propio Kotschi (2001:1342-1343) sitúa a corrección fóra das operacións de reformulación, pero mantena dentro dos procesos metalingüísticos da reinterpretación textual. Na súa opinión, coa corrección, unha formulación é parcial ou totalmente eliminada por outra, polo que non se produce unha relación auténtica de equivalencia comunicativa, senón a mera supresión e substitución dun segmento de fala. Segundo Garcés (2010:91-92), a rectificación realízase a través de diferentes mecanismos lingüísticos, que inclúen

> repetición de estructuras en las que el miembro reformulado muestra un elemento modificado o la adición de aquellos que precisan, mejoran o corrigen lo expresado en los segmentos de referencia, contraposición de construcciones negativas y afirmativas y, especialmente, el uso de marcadores discursivos que señalan el tipo de relación configurada entre los miembros.

Os falantes optan frecuentemente por este recurso cando desexan modificar un enunciado que non responde de maneira precisa ao que pretenden comunicar. A rectificación que introducen pode ter carácter simplemente gramatical (26-28) ou alterar o contido conceptual (29-31) do segmento de referencia.

26. Jugar (y con videojuegos, más) es cosa de hombres. O, *mejor dicho*, lo era. (*El País* 30/05/2003).
27. En primer lloc, s'ha produït –*més ben dit*, s'està produint– l'assentament en l'escena catalana i, en segons quins casos també, la projecció internacional de determinats col·lectius vinculats a la dramatúrgia no textual i multidisciplinar. (Pujol, *Un balanç amb clarobscurs*, 2004).
28. Der Turm ist –*besser gesagt* war– nämlich eine Besonderheit: eine Kombination aus Kamin und Wassertank mit einer ganz eigenen Statik. (*Nürnberger Zeitung* 17/03/2008).
29. Debido a una política equivocada de podar –*o mejor dicho* de no podar–, aplicada modernamente, muchos árboles no pueden mantener la gran cantidad de vegetación que desarrollan en primavera y por eso se les secan muchos brotes y se les caen las hojas prematuramente. (*La Vanguardia* 16/08/1995).
30. Sense treure-les de l'olla, i amb l'ajut de l'escrassadora les anirem aixafant, *o millor dit*, trinxant, amb el següent moviment: de darrera a davant i de dreta a esquerra, i amb l'escrassadora les anirem girant perquè quedi tot ben barrejat. (Semproniana, *La cuina tradicional de Cerdanya*, 1995).
31. In Deutschland war das ja nicht möglich oder *besser gesagt*: von den Regierenden nicht gewollt. (*Hannoversche Allgemeine* 16/06/2008).

Aínda que a corrección sempre leva implícita a oposición de dúas ideas, os tipos de relación que se dan entre os segmentos unidos poden ser de varios tipos. Así, cando as LRMs alemás *genauer gesagt* e *besser gesagt* actúan de enlace, non é infrecuente que o segundo membro da reformulación sexa un hiperónimo o un hipónimo (32) (cf. Garcés 2010:94) do primeiro ou aluda a unha das súas partes (33), que repita algún dos seus

compoñentes léxicos (34) e, incluso, que introduza unha denominación especializada de aquel (35).

32. Der Sport, *genauer gesagt* der Basketballsport, hat ihn nach dem Abitur weg aus der Eifel gezogen. (*Rhein-Zeitung* 03/01/2008).
33. In Skandinavien, *genauer gesagt* in Norwegen, hat die gesetzliche Frauenquote ihren Ursprung. (*Mannheimer Morgen* 23/04/2011).
34. Der HTV lebt; *besser gesagt*: Er hat überlebt. (*Hannoversche Allgemeine* 22/01/2008).
35. Zuvor hatte der Bullenheimer Weinbau-Familienbetrieb Dürr deutlich gemacht, wie viel Pflege ein Weinstock benötigt, ehe man im Herbst die Ernte (*genauer gesagt*: Lese) einfahren kann. (*Nürnberger Nachrichten* 29/10/2008).

Apuntamos, finalmente, que nas tres linguas estudadas é posible encontrar as construcións participiais [es.] *mejor dicho*, [ca.] *millor dit,* [al.] *genauer gesagt, besser gesagt* con omisión do seu compoñente verbal: *mejor (aún), (o) millor, genauer, (oder) besser*. O mantemento do seu valor discursivo correctivo, a pesar da redución do seu corpo fónico e do seu contido léxico, pode ser visto como un indicio da súa fixación pragmática e da especialización do seu significado.

36. En "Gracias por la propina" se ha adentrado por la novela autobiográfica o, *mejor aún*, por la autobiografía novelada, como parece inferirse del nombre del protagonista, Ferrán Torres, de la engañosa nota que el autor ha antepuesto a su relato y de la geografía valenciana aquí rememorada. (*ABC* 17/05/1996).
37. S'ha vist que per tal de descriure la dispersió, *o millor*, la difusió dels contaminants es pot prendre una solució senzilla de l'equació de difusió: la solució gaussiana. (Llebot, *La qualitat de l'aire al voltant de les carreteres*, 2003).
38. Bei einer bestimmten Sorte Radioaktivität, dem Betazerfall, senden die Isotope ebenfalls Neutrinos (*genauer:* Antineutrinos) aus, die die benachbarten Atome ebenso beeinflussen müssten wie die solaren Teilchen. (*Spektrumdirekt* 29/09/2010).
39. Das erste Symposion "Korruption in der öffentlichen Verwaltung und in Wirtschaftsunternehmen", soll helfen, zu lernen, welche Geschenke man annimmt *oder besser* ablehnt. (*Braunschweiger Zeitung* 12/02/2008).

A combinación frecuente destas LMRs co nexo disxuntivo *oder* explícase, como nas operacións de variación, polo modo en que introducen unha formulación alternativa a outra anterior (Robles 2012c:173).

4.3. As LMRs recapitulativas

As operacións de recapitulación adoitan clasificarse entre as relacións non parafrásticas (Rossari 1990, 1994; Gülich ~ Kotschi 1995; Martín Zorraquino ~ Portolés 1999; Bach 2004; Garcés 2008; Robles 2012c). Dentro destas ocupan, con todo, a posición máis extrema, que as acerca á reformulación parafrástica. De feito, son aquelas que se

manteñen máis próximas á "predicación de identidade" que caracteriza a paráfrase discursiva. Así apunta Rossari (1994:18).

> Les opérations que je placerai à l'extrémité gauche seront nommées opération de "récapitulation" [...] l'usage d'un de ces connecteurs permet au locuteur de revenir sur sa première formulation afin d'en tirer l'essentiel. La prise de distance due au changement de perspective énonciative est donc peu accentuée, car le locuteur ne remet pas en question le point de vue exprimé dans la première formulation en ce qui concerne son contenu, mais se contente d'en donner une expression plus condensée.

A recapitulación comparte coa reformulación parafrástica a sinalización dunha equivalencia comunicativa entre os segmentos que enlaza. Para Garcés (2008:115), nas operacións de recapitulación non se cuestiona o contido da primeira reformulación, senón que se presentan de forma sintética a partir dunha visión global. É esta toma de distancia por parte do emisor —esta "disociación", en terminoloxía de Gülich ~ Kotschi (1995)— o que as separa da paráfrase.

O nivel de distanciamento que unha LMR non parafrástica sinala entre o segmento de referencia e o reformulado e o cambio de perspectiva enunciativa que implica permiten agrupar estas unidades en reformuladores recapitulativos, reconsiderativos e de separación (Roulet 1987; Rossari 1990). Na nosa idea, estas tres funcións non se corresponden en igual medida coa auténtica natureza da reformulación. Mentres que a recapitulación implica unha volta atrás no discurso para recuperar do anterior aquela información que se considera fundamental, a reconsideración e a separación non reinterpretan algo previamente dito, senón que se distancian disto a través dunha formulación nova. A nosa definición da reformulación como a presentación dun segmento anterior do discurso a través doutro novo, exclúe da nosa análise os procedementos a través dos cales o falante considera algo xa dito pero sen reelaboralo. No caso da recapitulación, o significado conceptual do primeiro membro segue estando presente no segundo, aínda que apareza expresado de forma máis breve e mediante unha selección dos seus semas máis característicos. Xa se ten referido Agricola (1979:14) á condensación, que a recapitulación representa, como unha das realizacións posibles da paráfrase discursiva, pola que se establecen relacións de equivalencia funcional-comunicativa entre segmentos do texto (Agricola 1979:28). Rossari (1990:350) tamén recoñece na recapitulación un grao moderado de distanciamento entre os elementos discursivos enlazados, os cales posúen idéntica base conceptual a pesar de expresala de diferente maneira.

Na mesma liña, Gülich e Kotschi (1996:60) sitúan a recapitulación (Resümee), xunto a denominación, dentro da paráfrase redutiva. Pola súa parte, Hossbach (1997:120 e ss.) considera que, entre os dous polos que representan a reformulación parafrástica (expansión e variación) e a non parafrástica (reconsideración e distanciamento) existe unha zona intermedia, que corresponde ás "reducións discursivas" (*diskursive Reduzierungen*), na que encontramos tanto o resumo como a recapitulación. Segundo esta autora, o resumo aproxímase á paráfrase, xa que presenta o contido do discurso anterior de forma condensada; mentres que a recapitulación supón a avaliación do

precedente para extraer del o que se considera esencial, polo que se achega máis ao tipo de proceso de reinterpretación característico da reformulación non parafrástica.

Deste modo, desde o punto de vista aquí adoptado unicamente incluiremos na nosa análise da reformulación non parafrástica as LMRs de recapitulación, e deixaremos fóra do noso estudo as de reconsideración e de separación, xa que non responden ás propiedades coas que definimos os reformuladores: se ben relacionan dous segmentos do enunciado, non poñen de manifesto necesariamente unha identidade ou, canto menos, unha equivalencia funcional entre eles. Da mesma forma, non expresan tanto a reinterpretación dun segmento discursivo anterior como a actitude do emisor respecto do contido do enunciado, do cal se separa. Segundo Garcés (2008:142), este grupo de marcadores caracterízase por indicar que unha parte ou a totalidade do expresado nos segmentos de referencia ou do que se presupón ou se infire deles non se considera relevante para a prosecución do discurso, polo que anulan unha formulación previa pero non a reelaboran.

Tamén as LMRs recapitulativas das linguas estudadas amosan claras semellanzas na súa composición léxica, significado conceptual e grao parcial de fixación formal [8]. O intento que realiza un emisor de volver sobre unha formulación anterior para expresala de maneira resumida vese no uso de substantivos que fan referencia ao produto da fala ([es.] *en resumen, en pocas palabras, en conclusión;* [ca.] *en resumen, en pocs mots, en poques paraules;* [al.] *im Resümee, in kurzen Worten, mit wenigen Wort)* e de adxetivos, numerais e adverbios que poñen de manifesto a concisión da nova formulación con respecto á inicial ([es.] *en pocas palabras;* [ca.] *en pocs mots, per ferho breu;* [al.] *kurz, in kurzen Worten, kurz gesagt, kurz und bündig, kurz und gut, kurz und knapp, mit einem Wort, um es kurz zu machen).* Son escasas as LMRs con *sagen* que cumpren esta función, preferindo outros compoñentes léxicos do campo "o que se di" cun significado máis restrinxido e especializado que o deste verbo primario arquilexemático. Na medida en que a operación de recapitulación non é aséptica, senón que implica a selección persoal e subxectiva (Rossari 1993; Bach 2004) dunha parte da información contida no segmento de referencia, que é focalizada, a elección de LMRs cun valor semántico de base máis concreto (con *resumen, síntesis, suma, conclusión*, etc.) pode resultar máis útil para axudar ao oínte a interpretar a nova formulación inequivocamente como un compendio da previa.

Mentres que en español e en catalán non existen LMRs plenamente lexicalizadas con *decir* e *dir*, a construción participial alemá *kurz gesagt* ten asignada a función de anticipar un segmento de discurso que sintetiza o dito anteriormente e extrae a información esencial. Trátase dunha estrutura fixa, formada sobre un patrón que tamén deu lugar a *kurz gefasst, kurz erläutert* e *kurz zusammengefasst*. En todas estas LMRs, o significado conceptual segue a ser transparente, cun verbo de lingua en participio e un adxectivo *kurz* que esperta no destinatario da mensaxe a expectativa de encontrar concisión e pertinencia no novo segmento achegado polo emisor (40).

[8] O feito de que algunhas destas LMRs podan variar formalmente non vai en detrimento da súa máis que consolidada fixación pragmática. Como apunta Montoro (2005: 149), a variabilidade fraseolóxica debe ser vista como unha propiedade correlativa á fixación formal.

40. Meine Nase ist zu lang, läuft spitz zu und mein rechtes Ohr ist größer als mein linkes, *kurz gesagt:* Ich bin anders. (*Mannheimer Morgen* 04/08/2001).

Con menor grao de lexicalización e fixación pragmática poderiamos incluír tamén neste grupo os sintagmas [es.] *por decirlo brevemente* (41) e [ca.] *per dir-ho breument* (42). O carácter adverbial destas unidades queda patente na súa relativa mobilidade dentro do enunciado, que lles permite situarse entre os segmentos que enlaza ou ao final da secuencia (43).

41. Xoba nace como una publicación especializada y de divulgación, como compendio no sólo de la actividad del servicio agrícola sino también como instrumento de utilidad inmediata para todos los niveles de la agricultura. *Por decirlo brevemente,* Xoba es la respuesta a una necesidad y un nuevo acto de entrega de La Caja a los intereses económicos y sociales de la colectividad canaria [9].
42. Val a dir que el repel·lent era una figura molt semblant a la del xivato o acuseta, però fora inexactitud confondre ambdues figures. Hi ha matisos diferencials. *Per dir-ho breument*, el repel·lent és el nen que fa més bondat de la que cal. (Arias, *Compte amb els repel·lents*, 2011).
43. A partida acabada, els qui guanyen no solen pas subratllar la producció de l'esdeveniment. Més aviat s'excusen amb la sort i fan per manera de passar desapercebuts –es fan perdonar la fortuna, *per dir-ho breument* [10].

A pesar de que estas construcións de infinitivo non presentan un nivel de lexicalización tan elevado como os reformuladores recapitulativos máis prototípicos ([es.] *en resumen, en suma*; [al.] *kurz gesagt, kurzum*; etc.) e ao non careceren totalmente de valor léxico, inclinámonos a consideralos entre as LMRs baseándonos na súa semellanza funcional con estas unidades, así como na súa estrutura fixa e estereotipada e o seu valor semántico de base (Fernández 2000:284).

5. Conclusións

O noso breve percorrido polas LMRs co verbo de lingua *decir* e os seus equivalentes en alemán e en catalán confirma o xa apuntado en estudos anteriores sobre a reformulación: existe un grupo de locucións formadas a partir de compoñentes léxicos do campo nocional "o que se di" que son capaces de actuar fóra dos límites da predicación para sinalar vínculos entre os membros do discurso que están relacionados coa organización da información, a orientación dos procesos interpretativos e a regulación da interacción. Si ben este saber non é novo, pois xa se encontra recollido nos traballos sobre os reformuladores do español das últimas dúas décadas, existe aínda unha escaseza de estudos comparados e contrastivos das LMRs que poñan de manifesto que estas unidades comparten en distintas linguas un conxunto de propiedades básicas que poden ser analizadas desde os distintos niveis de descrición lingüística (léxico, morfolóxico, sintáctico, distribucional, pragmático-discursivo). E aínda que os datos aquí presentados soamente queren ser ilustrativos e non pretenden ter una validez

[9] *Memoria digital de Canarias*: http://mdc.ulpgc.es/xoba
[10] *El blog del Quaderns gris*: http://elquaderngris.cat/blog/?m=200809

estatística absoluta, permítennos extraer unhas primeiras conclusións que deberán ser testadas a través da análise destas (e outras) LMRs en córpora especializados de distinta natureza.

Desde o punto de vista gramatical, as LMRs aquí estudadas son sintagmas que, se ben estruturalmente no amosan diferenzas coas categorías sintagmáticas tradicionais, presentan un comportamento que non se axusta ás funcións que estas adoitan exercer no marco oracional. Ocupan un lugar periférico e non dependen do núcleo predicativo nin de ningún dos seus actantes ou circunstantes. Por isto, o seu estudo non se pode abordar desde a sintaxe da oración, senón desde a gramática do texto, onde enlazan segmentos discursivos facendo explícita a relación que existe entre eles. Desde o punto de vista léxico, as LMRs con *decir, dir* e *sagen* son construcións en estado avanzado de fixación, polo que posúen unha variabilidade limitada dos seus compoñentes. Son unidades plenamente motivadas e conservan boa parte dos semas característicos dos seus membros, aínda que cambiaron o seu significado orixinal na expresión de toda unha serie de instrucións discursivas de natureza metalingüística (explicación, denominación, rectificación, recapitulación, etc.). Nas linguas estudadas repítense uns esquemas moi similares na selección do material do que están formadas estas locucións, que no só se refiren aos verbos de lingua primarios, senón tamén a outros lexemas verbais cun significado metalingüístico máis restrinxido, a substantivos que fan referencia ao produto da actividade lingüística e a adxectivos e adverbios que caracterizan a instrución discursiva contida na LMR como a presentación dunha nova formulación máis precisa, breve, alternativa ou mellor que aquela que substitúe. Desde o punto de vista morfolóxico, os compoñentes verbais das LMRs estudadas caracterízanse pola súa invariabilidade flexiva, ao quedaren fosilizados nunha forma finita ou non finita (infinitivo ou participio) que non se explica a partir das súas relacións gramaticais cos demais elementos do discurso. Como unidades alleas á predicación, non están sometidas ás regras de concordancia. Na súa estrutura interna, é posible identificar patróns entre as LMRs que comparten un mesmo valor semántico de base, os cales non son exclusivos das construcións aquí analizadas senón que atopan parangón en sintagmas sen *decir, dir, sagen*. O emprego reiterado de estruturas de infinitivo nas LMRs de explicación ou de participio nas de rectificación e recapitulación pode explicarse a partir dos criterios de obxectividade/subxectividade e de distanciamento enunciativo suxeridos por Bach e Garcés, e apunta á existencia dunha conceptualización da comunicación e das funcións metadiscursivas e a súa expresión moi similar nos idiomas estudados. Desde o punto de vista distribucional, a fixación pragmática aínda inacabada das LMRs con *decir, dir* e *sagen* fai que, nalgúns casos, amosen unha considerable variabilidade posicional. Aínda que tenden a situarse entre os segmentos que enlazan, existen excepcións como a posposición de *quiero decir* e *vull dir* ao segmento reformulado na lingua falada, que se dá tanto en español como en catalán. Desde o punto de vista semántico e pragmático, as LMRs posúen un significado que é, á vez, conceptual e procedemental. O valor discursivo que hoxe presentan estes sintagmas é indisociable dos semas constitutivos dos seus compoñentes e explícase a partir dun proceso de especialización e translación das súas propiedades semánticas ao ámbito do texto e das operacións metadiscursivas que gobernan a súa construción e organización. Colaboran á configuración do discurso, dotándoo de

cohesión e facilitan o procesamento da información textual dirixindo a súa interpretación.

Queda corroborado, logo, que o metalingüístico dun idioma está tamén presente nas LMRs con verbos de lingua e que existen tendencias moi similares en español, catalán e alemán en canto á configuración destas unidades e ás funcións que desenvolven no discurso. A partir desta evidencia pretendemos reunir un corpus máis amplo de LMRs con outros lexemas do campo nocional "o que se di" para analizar a súa presenza en córpora de textos especializados. Só así será posible determinar con datos estatísticos fiables de que modo se manifesta a fraseoloxía comunicativa na metalinguaxe e en que medida é similar o comportamento discursivo das LMRs destes tres idiomas e é lícito establecer correspondencias que resulten de utilidade en prácticas como a formación de tradutores, a lexicografía ou a instrución en linguaxes de especialidade.

6. Referencias bibliográficas

ADAM, Jean Michel (1990): *Eléments de linguistique textuelle. Théorie et pratique de l'analyse textuelle.* Liège: Pierre Mardaga.

AGRICOLA, Erhard (1979): *Textstruktur, Textanalyse, Informationskern*. Leipzig: Enzyklopädie.

ASCHENBERG, Heidi; LOUREDA, Óscar (eds.) (2011a): *Marcadores del discurso: de la descripción a la definición*. Madrid-Frankfurt: Iberoamericana-Vervuert.

(2011b): "Marcadores del discurso: descripción, definición, contraste", en ASCHENBERG, Heidi; LOUREDA, Óscar (eds.) (2011a), 9-31.

AZNÁREZ, Mónica (2006): *La fraseología metalingüística con verbos de lengua en español actual*. Frankfurt: Peter Lang.

BACH, Carme (1996): "Reformular, ¿una operación argumentativa aséptica? Estudio del conector de reformulación és a dir", en *Sendebar* 7, 255-271.

(2004): *Els connectors reformulatius catalans: anàlisi i proposta d'aplicació lexicogràfica*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra (Edición electrónica en CD).

BARANDIARAN, Asier; CASADO Manuel (2011): "Marcadores discursivos: calas contrastivas en los reformuladores del español y el euskera", en ASCHENBERG, Heidi; LOUREDA, Óscar (eds.) (2011a), 375-395.

BLAKEMORE, Diane (1993): "The relevance of reformulations", en *Language and literature* 2, 101-120.

(2002): *Relevance and linguistic meaning*. Cambridge: CUP.

(2007): "Or-parentheticals, that is-parentheticals and the pragmatics of reformulation", en *Journal of linguistics* 43, 311-339.

BORREGUERO, Margarita; LÓPEZ, Araceli (2011): "Marcadores discursivos, valores semánticos y articulación informativa del texto: el peligro del enfoque

lexicocentrista", en ASCHENBERG, Heidi; LOUREDA, Óscar (eds.) (2011a), 168-210.

BRIZ, Antonio (2001): *El español coloquial en la conversación: esbozo de pragmagramática.* Barcelona: Ariel.

CASADO, Manuel (1991): "Los operadores discursivos es decir, esto es, o sea y a saber en español actual", en *Lingüística española actual* 13, 87-116.

(1996): "Notas sobre la historia de los marcadores textuales de explicación es decir y o sea", en CASADO, Manuel; FREIRE, Antonio; LÓPEZ, José; PÉREZ, José (eds.): *Scripta philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*, vol. 1. La Coruña: Universidade da Coruña, 321-328.

(1998): "La lingüística del texto y los marcadores del discurso", en MARTÍN ZORRAQUINO, Mª Antonia; MONTOLÍO, Estrella (eds.): *Los marcadores del discurso*. Madrid: Arco Libros, 55-70.

CONTRERAS, Josefa; FERRER, Hang (2009): "La reformulación del discurso en español en comparación con el alemán", en GARCÉS, Mª Pilar (ed.): *La reformulación del discurso en español en comparación con otras lenguas*. Madrid: Universidad Carlos III, 181-202.

CORTÉS, Luis; CAMACHO, Mª Matilde (2005): *Unidades de segmentación y marcadores del discurso.* Madrid: Arco Libros.

CORPAS, Gloria (1997): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

CUENCA, Mª Josep (1992/93): "Sobre l'evolució dels nexes conjuntius en català", en *Llengua & Literatura* 5, 171-213.

CUENCA, Mª Josep; BACH, Carme (2007): "Contrasting the form and use of reformulation markers", en *Discourse Studies* 9.2, 149-175.

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2007): "Cognitive approaches to idiom analysis", en BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; KÜHN, Peter; NORRICK, Neal (eds.): *Phraseologie: Ein internationales Handbuch der zeitgenössichen Forschung*, vol. 2. Berlin-New York: de Gruyter, 790-818.

ESCOBEDO, Antonio (1992): *El campo semántico 'hablar' en español*. Granada: Universidad de Granada.

FERNÁNDEZ, Cristina (2000): "Quiero decir como marcador de reformulación", en *RILCE: Revista de filología hispánica* 16, 263-288.

(2002): *Expresiones metalingüísticas con el verbo 'decir'*. La Coruña: Universidade da Coruña.

(2005): "Fraseología *metalingüística* con decir. Análisis de algunas unidades que expresan acuerdo intensificado", en CASADO, Manuel; GONZÁLEZ, Ramón; LOUREDA, Óscar (eds.): *Estudios sobre lo metalingüístico (en español)*. Frankfurt: Peter Lang, 119-145.

FIEHLER, Reinhard; BARDEN, Birgit; ELSTERMANN, Mechthild; KRAFT, Barbara (2004): *Eigenschaften gesprochener Sprache*. Tübingen: Gunter Narr.

FUENTES, Catalina (1987): *Enlaces extraoracionales*. Sevilla: Alfar.

(1993): "Conclusivos y reformulativos", en *Verba* 20, 171-198.
(1996): *La sintaxis de los relacionantes supraoracionales*. Madrid: Arco Libros.

GARCÉS, Mª Pilar (2003): "Los marcadores de recapitulación y de reconsideración en el discurso", en *Revista de investigación lingüística* 1, 111-141.

(2008): *La organización del discurso: marcadores de ordenación y de reformulación*. Madrid- Frankfurt: Iberoamericana-Vervuert.
(2010): "Marcadores de corrección y rectificación en los textos escritos", en *Revista de investigación lingüística* 13, 87-105.

GARCÍA-PAGE, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones.* Barcelona: Anthropos.

GÜLICH, Elisabeth; KOTSCHI, Thomas (1983): "Les marqueurs de la reformulation paraphrastique", en *Cahiers de Linguistique Française* 5, 305-346.

(1987): "Reformulierungshandlungen als Mittel der Textkonstitution", MOTSCH, Wolfgang (ed.): *Satz, Text, sprachliche Handlung.* Berlin: Akademie, 199-270.
(1995): "Discourse production in oral communication", en QUASTHOFF, Uta (ed.): *Aspects of oral communication.* Berlin-New York: de Gruyter, 30-66.
(1996): "Textherstellungsverfahren in mündlicher Kommunikation", en MOTSCH, Wolfgang (ed.): *Ebenen der Textstruktur. Sprachliche und kommunikative Prinzipien*. Tübingen: Max Niemeyer, 37-80.

HARRAS, Gisela; WINKLER, Edeltraud; ERB, Sabine; PROOST, Kristel (2004): *Handbuch deutscher Kommunikationsverben.* Berlin-New York: de Gruyter.

HÖLKER, Klaus (1988): *Zur Analyse von Markern: Korrektur- und Schlußmarker des Französischen.* Stuttgart: Steiner.

HOPPER, Paul J.; TRAUGOTT, Elizabeth (1993): *Grammaticalization*. Cambridge: CUP.

HOSSBACH, Stefanie (1997): *Zur Redewiederaufnahme im Diskurs*. Münster: Lit.

INSTITUT FÜR DEUTSCHE SPRACHE MANNHEIM: IDS-Korpora. *Deutsches Referenzkorpus* (En línea: http://www.ids-mannheim.de/kl/projekte/korpora/) [Fecha de consulta: 01/06/12].

KOTSCHI, Thomas (2001): "Formulierungspraxis als Mittel der Gesprächsaufrechterhaltung", en BRINKER, Klaus; ANTOS, Gerd; HEINEMANN, Wolfgang; SAGER, Sven (eds.): *Text- und Gesprächslinguistik,* vol. 2. Berlin-New York: de Gruyter, 1340-1348.

LLAMAS, Carmen (2010): "Los marcadores del discurso y su sintaxis", en LOUREDA, Óscar; ACÍN, Esperanza (eds.): *Los estudios sobre marcadores del discurso en español, hoy*. Madrid: Arco Libros, 183-239.

LÓPEZ, Araceli; LOUREDA, Óscar (2012): "La reformulación discursiva entre lo oral y lo escrito: una aproximación teórica y experimental", en *Oralia* 15 (no prelo).

LOUREDA, Óscar (2003): *Los nombres de los tipos de texto: el campo léxico* "*lo que se dice*" *en el español actual.* Pamplona: Eunsa.

MANERO, Elvira (2011): *Perspectivas lingüísticas sobre el refrán. El refranero metalingüístico del español.* Frankfurt: Peter Lang.

MARTÍN ZORRAQUINO, Mª Antonia (2010): "Los marcadores del discurso y su morfología", en LOUREDA, Óscar; ACÍN, Esperanza (eds.): *Los estudios sobre marcadores del discurso en español, hoy*. Madrid: Arco Libros, 93-181.

MARTÍN ZORRAQUINO, Mª Antonia; PORTOLÉS, José (1999): "Los marcadores del discurso", en BOSQUE, Ignacio; DEMONTE, Violeta (eds.): *Gramática descriptiva de la lengua española*, vol. 3. Madrid: Espasa, 4051-4213.

MONTOLÍO, Estrella (1997): "La Teoría de la Relevancia y el estudio de los conectores discursivos", en FUENTES, Catalina (ed.): *Introducción teórica a la pragmática lingüística.* Sevilla: Universidad de Sevilla, 27-39.

MONTORO, Esteban Tomás (2005): "Hacia una sistematización de la variabilidad fraseológica", en PASTOR, Mª Ángeles (ed.): *Estudios lingüísticos en recuerdo del profesor Juan Martínez Marín.* Granada: Universidad de Granada, 125-152.

(2006): *Teoría fraseológica de las locuciones particulares: locuciones prepositivas, conjuntivas y marcadoras en español*. Frankfurt: Peter Lang.

MORTUREUX, Marie-Françoise (1982): "Paraphrase et métalangue dans le dialogue de vulgarisation", en *Langue française* 53, 48-81.

MURILLO, Silvia (2007): *A contribution to the pragmalinguistic contrastive study of explicatory reformulative discourse markers in contemporary journalistic written English and Spanish*. Tesis doctoral. Universidad de Zaragoza.

OLZA, Inés (2009): "Habla, soy todo oídos. Reflexo das accións e das actitudes do receptor na fraseología somática metalingüística do español", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, 139-162.

(2011): *Corporalidad y lenguaje. La fraseología somática metalingüística del español.* Frankfurt: Peter Lang.

PASCH, Renate; BRAUSSE, Ursula; BREINDL, Eva; WASSNER, Ulrich (2003): *Handbuch der deutschen Konnektoren.* Berlin-New York: de Gruyter.

PENAS, Mª Azucena; ABAD, Silvia (2011): "Aproximación histórica a la reformulación lingüística de la paráfrasis como un caso de sinonimia sintagmática", en *Energeia* 3, 30-74 (En línea: http://www.energeia-online.de) [Fecha de consulta: 01/06/12].

PONS, Salvador (2008a): "Do discourse markers exist? On the treatment of discourse markers in Relevance Theory", en *Journal of Pragmatics* 40, 1411-1434.

(2008b): "Gramatización por tradiciones discursivas: el caso de esto es", en KABATEK, Johannes (ed.): *Sintaxis histórica del español*. Madrid-Frankfurt: Iberoamericana-Vervuert, 249-274.

PORTOLÉS, José (1993): "La distinción entre los conectores y otros marcadores del discurso en español", en *Verba* 20, 141-170.

(2007[4]): *Marcadores del discurso*. Barcelona: Ariel.

RATH, Rainer (1979): *Kommunikationspraxis. Analysen zur Textbildung und Textgliederung im gesprochenen Deutsch*. Göttingen: Vandenhoeck & Ruprecht.

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Corpus de Referencia del Español Actual* (En línea: http://corpus.rae.es/creanet.html) [Fecha de consulta: 03/06/12].

ROBLES, Ferran (2010): *Aspectes de fraseologia contrastiva alemany-català: fraseologismes de la producció verbal.* Aachen: Shaker.

(2012a): "La reformulación en las gramáticas alemanas contemporáneas", en *Estudios Filológicos Alemanes* 24 (no prelo).

(2012b): "Los límites de la reformulación: *léase* y sus equivalentes alemanes", en *Verba* 39, 161-189.

(2012c): "Los marcadores de reformulación alemanes: estudio preliminar", en *Revista de Filología Alemana* 20, 159-179.

(2013): "Marcadores discursivos y lexicografía bilingüe: aproximación funcional-comunicativa a los reformuladores alemanes", en REIMANN, Daniel (ed.): *Kontrastive Linguistik und Sprachdidaktik Spanisch-Deutsch.* Stuttgart: Ibidem (no prelo).

ROSSARI, Corinne (1990): "Projet pour une typologie des opérations de reformulation", en *Cahiers de linguistique française* 11, 345-359.

(1993): "A propos de l'influence de la composition morphologique d'une locution sur son fonctionement sémantico-pragmatique", en *Cahiers de Linguistique Française* 14, 151-171.

(1994): *Les opérations de reformulation: analyse du processus et des marques dans une perspective contrastive française-italien.* Bern: Lang.

ROULET, Eddy (1987): "Complétude interactive et connecteurs reformulatifs", en *Cahiers de Linguistique Française* 8, 111-140.

RUIZ, Leonor (2001): *Las locuciones en el español actual*. Madrid: Arco Libros.

SPERBER, Dan; WILSON Wilson, Deirdre (1986 [1995]): *Relevance: communication and cognition.* Oxford: Blackwell.

STEIN, Stephan (1995): *Formelhafte Sprache: Untersuchungen zu ihren pragmatischen und kognitiven Funktionen im gegenwärtigen Deutsch*. Frankfurt: Peter Lang.

THUN, Harald (1978): *Probleme der Phraseologie*. Tübingen: Max Niemeyer.

UNIVERSITAT POMPEU FABRA: *Corpus d'Ús del Català a la Web* (En línea: http://ramsesii.upf.es/cgi-bin/cucweb/search-form.pl?lang=ca_ES) [Fecha de consulta: 03/06/12].

VARGAS, Elodie (2002): "Die paraphrastische Reformulierung mit explizierender Funktion: Versuch einer semantischen Typologie", en BASTIAN, Sabine; HAMMER, Françoise (eds.): *Aber, wie sagt man doch so schön*. Frankfurt: Peter Lang, 97-106.

WÖLLSTEIN, Angelika (2008): *Konzepte der Satzkonnexion*. Tübingen: Stauffenburg.

A aldraxe proverbial da preguiza nas dúas versións españolas de *The Way to Wealth* de Benjamin Franklin [1]

Proverbial obloquy of sloth in the two Spanish versions of Benjamin Franklin's 'The Way to Wealth'.

Xus Ugarte Ballester [2]

Universitat de Vic

x.ugarte@uvic.cat

Laziness travels so slowly that poverty soon overtakes him.
(Benjamin Franklin: *The Way to Wealth*)

Resumo: A admiración que destilou no seu tempo e durante o século XIX o bo sentido común das obras de Benjamin Franklin (1706-1790) plasmouse na tradución dos seus libros a un considerable número de linguas. *The Way to Wealth* (*El camino de la fortuna o Cómo hacerse rico*), publicado en 1758, contén máis de cen máximas que instan ao traballo honrado, á orde e ao aforro, condenando calquera sinal de preguiza ou desidia. O noso corpus nútrese dunha selección de trece aforismos que teñen relación precisamente con este vicio que condena á miseria, a preguiza. En cambio, o home de ben que aplique as virtudes contidas en *The Way to Wealth*, aconselladas a modo de refráns, verá, segundo o autor, prosperar esplendidamente a súa economía. Pretendemos analizar, dende os puntos de vista tradutolóxico e contrastivo, o corpus de dúas traducións españolas deste libriño de Franklin: unha anónima, publicada en Barcelona, en 1891; e a de Alberto Lena de 1999.

Palabras clave: Tradución paremiolóxica; Benjamin Franklin; Poor Richard's Almanack; The Way to Wealth; El Camino de la Fortuna; Cómo hacerse rico; Alberto Lena.

Abstract: The works of Benjamin Franklin (1706-1790), brimming with common sense, were so admired during his lifetime and throughout the 19th century that they were translated into several languages. The Way to Wealth, published in 1758, contains more than one hundred aphorisms encouraging honest work, order and frugality, and condemning sloth or laziness. Our aim is to

Data de recepción 15/11/2011. Data de aceptación 20/01/2012.

[1] Este traballo encádrase nas investigacións do grupo de investigación consolidado (2009 SGR 736) "*Textos literaris contemporanis: estudi, edició i traducció*" da Universidade de Vic.

[2] Traducido por Ignacio Panadero Carroceda.

examine a corpus of Franklin's proverbs related to idleness, a vice which leads to poverty—whereas people who apply the proverbial virtues in The Way to Wealth will see their economy flourish. The corpus we have chosen is selected from two Spanish translations of Franklin: an anonymous translation published in Barcelona in 1891 and the 1999 translation by Alberto Lena.

Keywords: Proverb translation; Benjamin Franklin; Poor Richard's Almanack; The Way to Wealth; El Camino de la fortuna; Cómo hacerse rico; Alberto Lena.

1. Introdución.

The Way to Wealth, publicado en 1758, é un texto fundamental para comprender o desenvolvemento do pensamento da sociedade capitalista dos novos Estados Unidos de América. Consiste nunha escolma de proverbios e sentenzas que Benjamin Franklin publicou en *Poor Richard's Almanack* ao longo de vintecinco anos e que fan fincapé nas virtudes e beneficios que proporciona o traballo honrado así coma o aforro, a frugalidade ou a mesura. Non podían faltar, pola contra, os prexuízos que ocasionan vicios endémicos coma a preguiza. O noso obxectivo neste artigo é precisamente analizar dende un punto de vista traductolóxico o corpus dos trece aforismos que indentificamos en *The Way to Wealth* que indican os riscos da indolencia. Para iso, levaremos a cabo unha comparativa de dúas versións españolas deste libriño de Franklin: unha anónima publicada en Barcelona en 1891 e a de Alberto Lena de 1999.

En primeiro lugar, e aínda que sobren as presentacións para o versátil e carismático Franklin, queremos bosquexar a súa biografía e encadrar os proverbios de *The Way to Wealth* nun contexto histórico e social. Tras un breve apuntamento sobre as traducións en España da obra obxecto do noso estudo, procedemos á presentación do corpus na versión orixinal inglesa e as dúas españolas. A continuación trázase un bosquexo da orixe dalgunhas paremias e iníciase a análise das traducións coa comparación do orixinal dende diferentes puntos de vista. As conclusións e a bibliografía poñen punto e final ao traballo.

2. O autor

Benjamin Franklin naceu en Boston o 17 de xaneiro de 1706 e morreu en Filadelfia o 17 de abril de 1790. Está considerado como un home universal xa que os seus coñecementos e intereses abranguen todas as ramas do saber: político, científico, inventor, autor, impresor, músico, diplomático, etc. Decimoquinto irmán de dezasete, Franklin cursou soamente estudos elementais até os dez anos. Aos doce empezou a traballar como impresor nunha empresa propiedade dun dos seus irmáns. En 1722 chegou a Pensilvania levando só un dólar holandés no peto. En pouco tempo iniciaría a súa carreira de impresor que o faría mundialmente famoso. Fundou o xornal *La Gaceta* de Pensilvania que publicou entre 1728 e 1748. Foi un dos asinantes da Declaración de Independencia (1776) e da Constitución dos Estados Unidos e por iso é considerado un dos pais fundadores da nación. Coa súa vida chea de éxitos políticos, científicos e literarios, os norteamericanos puideron comprobar dun xeito empírico que ás veces os soños pódense facer realidade (Lena1999:17).

3. Os proverbios de *The Way to Wealth*

Os consellos e outras bromas ou predicións que aparecían nos almanaques collían forma por medio dun personaxe ficticio, Richard Saunders. É dicir, as máximas a primeira vista non están dirixidas directamente ao lector, senón que o seu efecto está filtrado a través de *Poor Richard* e os lectores como "espectadores interesados" (Gallagher 1973:475). Richard é un astrólogo filósofo pobre e despistado que se encargará de darlles aos seus lectores unha serie de consellos prácticos que deberían conducilos á prosperidade. No opúsculo de *The Way to Wealth*, os proverbios están encadeados dentro dunha estrutura narrativa: Richard, paseando pola cidade antes do comezo dunha poxa, atópase cuns comerciantes que se queixan dos impostos e doutras carestías. Estas queixas teñen a súa réplica no Padre Abraham (Richard Saunders), nome con reminiscencias bíblicas, quen xorde do xentío e que repite mecanicamente os consellos lidos no almanaque. Os comerciantes danlle a razón en todo ao vello pero, en canto marcha, seguen co mal uso do diñeiro, e isto impediralles achegarse á riqueza.

3.1. Estilo e obxectivo dos proverbios de *The Way to Wealth*

Moito se escribiu da retórica e o obxectivo dos proverbios de *The Way to Wealth*. Diversos autores, entre os que se atopa Steel (1987:279) apuntan a unha coidada selección das máximas por parte do seu autor, que presentan a Franklin como o apóstolo da nova era da "redención económica", centrada no *evanxeo* da industria e a frugalidade. Os proverbios e as paremias, como exemplo do pensamento a través de modelos no canto de secuencias causa-efecto, pertencen a un estilo conceptual atávico para un científico do século XVIII, como Franklin. Agora ben, parece que a capacidade de ironía e sarcasmo que posúe o proverbio empúxao a expresar as súas enxeñosas ideas a modo de refráns rurais, a miúdo procedentes de escolmas paremiolóxicas (Steel 1987:275). Como resultado, cos proverbios morais e lapidarios que constituían os alicerces dun mundo en decadencia -as comunidades rurais, a oralidade, a aristocracia, a igrexa-, Franklin idea un produto final moi diferente, escrito e mesmo tipográfico, urbano e comercial, sistemático, individualista e ético, que anuncia, en definitiva, o novo mundo: o noso mundo.

Quen formaba a audiencia que representaba este novo mundo? Parte do éxito de *The Way to Wealth* débese a que sabe apelar aos intereses dunha nova clase social que está a xurdir nas colonias inglesas, os chamados *mechanics*, donos dunha granxa, un obradoiro ou un comercio (Lena 1999:13-14). Franklin diríxese principalmente aos novos emigrantes de Pensilvania, alemáns e escoceses na súa meirande parte, que profesan relixións dunha fonda inspiración calvinista e que para Franklin supuñan o futuro da nación en oposición á improdutiva aristocracia cuáquera de orixe inglesa ou galesa establecida dende mediados do século XVII.

4. As dúas traducións

Entramos agora en materia tradutolóxica cunha presentación máis exhaustiva das dúas versións españolas escollidas para o noso traballo. A primeira versión en español que presentamos dista case 125 anos do orixinal (1891) e a segunda publícase 108 anos despois da primeira (1999).

El arte de hacerse rico. *Opúsculos* edítase en Barcelona en 1891 na Biblioteca do século XIX da Editorial Hispano Americana e corresponde a un tradutor anónimo. Na *Advertencia* saúdanos cunha intrigante frase (p. 54): "Na presente edición non se seguiron de xeito literal ningunha das antigas traducións coñecidas deste excelente escrito; senón que se xuntaron todas e coidadosamente corrixidas sobre o texto". De feito, trátase dunha versión moi semellante á publicada en París polos Irmáns Garnier dous anos antes, igualmente sen o nome do tradutor, e que ocupa da páxina 18 á 25 de *El libro del hombre de bien. Colección de opúsculos morales, económicos y políticos extractados de las obras de Benjamin Franklin.*

O certo é que non sabemos exactamente a que "antigas traducións" de *The Way to Wealth* se refire. Por unha banda, existe unha primeira versión de Antonio Mordella y Spotorno, publicada en Valencia por Salvador Faulí en 1810, *El Camino de la Fortuna* o *La ciencia del buen hombre Ricardo*, pero que desgraciadamente non puidemos consultar. Por outra banda, Gaietà Vidal i Valenciano –quen asinaba tamén como Cayetano Vidal y Valenciano- publicou en 1872 *El camino de la fortuna o la piedra filosofal* na Librería de Juan Bastinos e Hijo editores de Barcelona. Esta versión, así como a de 1810, desapareceu lamentablemente dos catálogos das bibliotecas públicas. En troques, si que se pode localizar, ademais de dúas reimpresións en facsímile de 1922 e 2010, a versión catalá deste mesmo autor de 1868 chamada *Lo camí de la fortuna*. *Consells breus i senzills per à ésser rich* e publicada na editorial de Celestí Verdaguer de Barcelona. Deste xeito, as antigas traducións ás que se fai referencia na edición parisiense de 1889 e polo tanto na barcelonesa de 1891 poderían referirse ás tres mencionadas publicadas en 1810, 1868 e 1872. Ou tamén a algunha versión francesa que probablemente coñecese o autor.

Non nos debe estrañar a proliferación de obras de Franklin ao longo do século XIX en Barcelona. Debemos engadirlles ás anteriores dúas versións de *El libro del hombre de bien*, editadas en 1843 e 1867. Segundo narra Ramon Casteràs no seu exhaustivo estudo *Franklin i Catalunya/Franklin and Catalonia* (1992:11-46), a burguesía catalá, dende a industrial até os artesáns, pasando pola pequena e mediana burguesía, atopara no autor americano e nas súas máximas unha filosofía –a do traballo ben feito, a honradez, a feliz medianía, o camiño á riqueza, etc.- que apelaba aos seus intereses e ao mesmo tempo aos dos obreiros e campesiños. Un Franklin socioloxicamente polivalente, que segundo Casteràs, tivo a súa influencia, máis ou menos explícita, en intelectuais e movementos políticos do século XIX.

A segunda versión que presentamos e derradeira en castelán de *The Way to Wealth* até o momento, fíxose por conta do profesor Alberto Lena (1999) e inscríbese no marco dunha colección de textos norteamericanos publicados pola Universidade de León nunha edición bilingüe, con introdución e notas por conta do mesmo tradutor, quen pretende dar a coñecer textos fundamentais da cultura norteamericana. Este enfoque deixa o aspecto traductolóxico nun segundo plano. Tras unha esclarecedora contextualización do texto de Franklin e de *Wealth* de Andrew Carnegie, publicado na mesma edición, segue a versión orixinal confrontada páxina a páxina coa versión en castelán. As notas non son en ningún momento aclaracións lingüísticas, senón comentarios de contido moi pertinentes; soamente unha referencia bibliográfica do eido

da filoloxía ou da lingua, a tan nomeada tese doutoral inédita de Howard Newcomb (1977), *The Sources of Benjamin Franklin's Sayings of Poor Richard*. Na páxina do título (p. 29) aclárasenos a procedencia do texto orixinal: o publicado en *The Papers of Benjamin Franklin* (vol 7:326-50).

4.1. O corpus: trece paremias sobre a preguiza

O corpus confeccionouse a partir do baleirado das 105 paremias contidas en *The Way to Wealth* nas tres versións analizadas e identificando os 13 aforismos relativos á preguiza que aparecen listados a seguir, por orde de aparición no orixinal de Franklin. A cifra entre parénteses que aparece ao final da paremia en inglés corresponde á súa posición na orde de paremias do texto orixinal. En canto ás traducións españolas, identifícanse polo ano da publicación, 1891 e 1999 respectivamente. Lístanse, así mesmo, as fontes paremiolóxicas abreviadas; a referencia completa aparece no apartado de bibliografía. Os repertorios mencionados citan a frase exacta, non aproximada, tanto no orixinal inglés coma no castelán. Cómpre destacar que tanto Smith coma Whiting e Apperson citan en cada aforismo a procedencia de *The Way to Wealth.* Obviamente, prescindimos das incontables aparicións de frases franklinianas en dicionarios de citas ou compendios de frases célebres.

1 *Sloth, like rust, consumes faster than labor wears, while the used key is always bright (4)*

Smith – ODEP (Oxford Dictionary of English Proverbs) 1970, p. 743; Whiting 1977, p. 399; Apperson 1993, p.532

1891 *La ociosidad es como el orín, que come mucho más que el trabajo: la llave que se usa continuamente está siempre lustrosa*

1999 *La desidia es como la herramienta que se llega a consumir antes de acometer el trabajo, mientras que la llave que se usa está siempre brillante*

2 *Dost thou love life, then do not squander time, for that's the stuff life is made of (5)*

Apperson 1993, p. 580

1891 *Si amas la vida, no prodigues el tiempo, porque el tiempo es la tela de que está hecha la vida*

1999 *Si amas la vida, no malgastes el tiempo, porque de él está hecha la vida*

3 *The sleeping fox catches no poultry* (6)

Bohn 1893, p. 515; Mieder 1992, p. 232; Apperson 1993, p. 218

1891 *Zorra que duerme no caza gallinas*

1999 *Zorro que duerme no caza ave de corral*

4 *Sloth makes all things difficult, but industry all easy* (11)

Apperson 1993, p. 443; Whiting 1977, p. 399

1891 *La pereza hace que todo sea difícil; el trabajo lo vuelve todo fácil*

1999 *La desidia todo lo dificulta, pero la laboriosidad todo lo hace fácil*

5 *He that riseth late, must trot all day, and shall scarce overtake his business at night* (12)

Smith- ODEP 1970, p.679; Whiting 1977, p. 96; Apperson 1993, p. 490

1891 *El que se levanta tarde se rebulle todo el día, y apenas principia sus negocios, cuando ya le anochece*

1999 *Y quien se levanta tarde, anda con prisas todo el día y apenas dará alcance a sus negocios al caer la tarde*

6 *Laziness travels so slowly that poverty soon overtakes him* (13)

Apperson 1993, p. 218; Whiting 1977, p. 255

1891 *La pereza marcha con tanta lentitud que la pobreza no tarda en alcanzarla*

1999 *La pereza se mueve tan despacio, que pronto la pobreza la alcanza*

7 *Early to Bed, and early to rise, makes a Man healthy, wealthy and wise* (15)

Smith – ODEP 1970, p. 211; Whiting 1977, p. 24; Dent 1981, p. 55; Apperson 1993, p. 164; Flavell 1994, p. 12

1891 *Acostarse pronto y levantarse bien de mañana proporciona salud, fortuna y sabiduría*

1999 *Acostarse pronto y levantarse pronto hace al hombre rico, sano y sabio*

8 *Plough deep, while sluggards sleep, and you shall have corn to sell and to keep* (26)

Smith – ODEP 1970, p. 634; Apperson 1993, p. 463

1891 *Labrad mientras el perezoso duerme, y tendréis trigo para vender y guardar*

1999 *Hunde bien el arado mientras duerme el haragán y tendrás trigo para vender y guardar*

9 *Be ashamed to catch yourself idle* (29)

Mieder 1992, p. 537

1891 *Ruborizaos, pues, de sorprenderos vosotros mismos en la ociosidad*

1999 *Avergüénzate cada vez que te sorprendas a ti mismo haciendo el vago*

10 *The cat in gloves catches no mice* (31)

Smith –ODEP 1970, 108; Apperson 1993, p. 89; Whiting 1977, p. 61

1891 *Gato con guantes no caza ratones*

1999 *Gato con guantes, no caza ratones*

11 *A life of leisure and a life of laziness are two things* (37)

Whiting 1977, p. 260; Apperson 1993, p. 336

1891 *La vida tranquila y la vida ociosa, son dos cosas muy diferentes*

1999 *No es lo mismo una vida ociosa que una perezosa*

12 *Trouble springs from idleness, and grievous toil from needless ease* (38)

Whiting 1977, p. 454

1891 *La pereza engendra cuidados, y el ocio sin necesidad produce penas intolerables*

1999 *Las dificultades emanan de la pereza; y del innecesario descanso, la fatiga agobiante*

13 *Many without labor would live by their wits only, but they break for want of Stock* (39)

Whiting 1977, p. 491

1891 *Muchas gentes quisieran vivir sin trabajar, debiéndolo esto a su ingenio, pero se estrellan por falta de fondo*

1999 *Muchos que no dan golpe vivirían de su astucia, si no fuera porque el deseo de tener objetos superfluos acaba con ellos*

4.2. Análise do corpus

4.2.1.Orixe

As paremias que seleccionamos e que aldraxan dun xeito directo ou metafórico a preguiza, os folgazáns e os candidatos a selo, representan en torno a un 10% do total das ensinanzas a modo de proverbio de Richard Saunders. Concretamente o noso corpus inclúe 13 dun total de 105.

Malia a crenza popular, o xenial Franklin, por boca de Richard Saunders, non inventou os proverbios do *Poor Richard's Almanack* que publicou durante vinte e cinco anos, de 1733 a 1758. Non hai dúbida de que Franklin desenvolveu un papel importante na difusión de refráns e citas, procedentes a meirande parte de escolmas tradicionais, aínda que algunhas sentenzas aparecían reformuladas ou manipuladas estilisticamente. Efectivamente, os proverbios dos almanaques que a xente citaba acotío e que se empregaban en Inglaterra dende tempos medievais pasaron a considerarse dun xeito natural como proverbios americanos creados por Franklin (Mieder, 1995). Esta crenza está aínda viva nos nosos días, aínda que a identificación de ditos aforismos con Franklin comeza a ser esquecida polas novas xeracións que non teñen a mesma competencia paremiolóxica que os seus devanceiros. O noso autor coñecía esta atribución e malia que na autobiografía escrita en 1788 recoñece que os proverbios dos seus almanaques non eran da súa colleita senón que "conteñen a sabedoría de moitas épocas e nacións", non menciona nin unha soa fonte. Segundo Mieder (2004:216), Franklin sabía perfectamente que case todos os proverbios procedían de coñecidas escolmas inglesas coma *Outlandish Proverbs* de George Herbert (1640), *Paroimiografia* de James Howell (1659) e *Gnomologia* de Thomas Fuller (1732).

Segundo Mieder (1995), só un 5% como moito dos 1044 textos proverbiais de verdadeira creación frankliniana aparecidos nos almanaques chegaron a ser propiamente refráns. Galagher (1949), citado por Mieder (2004:217) asegura que só cinco dos 105 aforismos de *The Way to Wealth* son obra de Franklin: *Three removes is (are) as bad as fire; Laziness travels so slowly, that poverty soon overtakes it; Sloth makes all things difficult, but industry all easy; Industry pays debts, while despair increases them* e *There will be sleeping enough in the grave.* O segundo e terceiro están precisamente no corpus que presentamos (paremias 6 e 4, respectivamente) sobre a temática da preguiza.

No tocante ao noso refrán 7, *Early to bed, early to rise, makes a man healthy, wealthy and wise*, o paremiólogo alemán engade que Franklin contribuíu de tal xeito á súa difusión, que o cidadán americano, durante máis de dous séculos, atribúelle esta xuizosa sentenza chea de sentido común. Na igrexa, nas ensinanzas, nos consellos

paternos, a frase remataba cun "como dicía o pobre Richard" ou "como dicía Franklin". Porén, a primeira versión coñecida atópase, xa como vello proverbio inglés, no *Treatyse of Fysshynge* (1496): *As the olde englysshe prouverbe sayth in this wyse. Who soo woll ryse erly shall be holy helthy & zely* (Mieder, 1995).

As paremias antipreguiza, de carácter sentencioso e moralizador, son parte do "método" en palabras de Lena (1999:16), a modo de exercicios ximnásticos, que Franklin ofrecía para chegar á fortuna. Os proverbios de *The Way to Wealth*, segundo este autor, chegarán a ser coma unha segunda Biblia para as vindeiras xeracións até constituíren partes esenciais do soño americano. Este arquicoñecido soño consiste, como é ben sabido, en que todo individuo pode mellorar economicamente dentro dunha sociedade baseada no comercio, se é aplicado no seu traballo.

4.2.2. Análise das traducións do corpus

4.2.2.1. Léxico

Para ilustrar o campo semántico da preguiza, Franklin emprega tres sustantivos: *sloth* (paremias 1, 4), *idleness* (12), *laziness* (6, 11); así como dous adxectivos: *sluggard* (8), *idle* (9). En canto ás seis sentenzas restantes, dúas delas analizadas máis adiante, son refráns populares protagonizados por animais (3, 19), tres son paráfrases que inclúen un mal exemplo que non se debe seguir (2, 5, 13) e por último, unha frase con consellos positivos (7). No cadro seguinte, presentamos as opcións tradutolóxicas destes termos:

	sloth	idleness	laziness	sluggard	idle
Tradución 1891	Ociosidad (1) Pereza (4)	Pereza (12)	Pereza (6) [Vida] ociosa (11)	Perezoso (8)	En la ociosidad (9)
Tradución 1999	Desidia (1, 4)	Pereza (12)	Pereza (6) [Vida] perezosa (11)	Haragán (8)	Haciendo el vago (9)

Como podemos comprobar, coinciden tan só no traslado de *idleness* e parcialmente de *laziness*. Chama a atención a preferencia insistente do tradutor anónimo de 1891 polo termo *ociosidad*, ausente pola contra en Lena. O primeiro, probablemente próximo ás ideas de Franklin aínda despois de máis de cen anos da súa publicación, considera o *otium* dos antigos, é dicir, realizar actividades diferentes do traballo, como un mal a extirpar, equivalente á preguiza ou á desidia, termo este elixido por Lena e que semella moito máis conveniente. De feito, o noso tradutor peca por exceso de celo, xa que na paremia 11 Franklin distingue xustamente *a life of leisure* de *a life of laziness*, traducindo a traizón *la vida tranquila* e *la vida ociosa*, respectivamente. Tamén na 12 *needless ease* convértese en *ocio sin necesidad*, mentres que Lena elixe un *innecesario descanso*.

4.2.2.2. Ritmo e rima

Cunha función esencialmente mnemotécnica, o ritmo é outro elemento intrínseco á natureza das paremias. Aínda que xunto coa rima e o metro marca a estrutura formal do refrán, segundo Conca (1990:34) o esquema rítmico e sintáctico pode ser abondo para dar entidade ás unidades paremiolóxicas. Ademais garante a súa autonomía como acto de fala inserido no discurso. De feito, é o ritmo o elemento que axuda a identificar a intención paremiolóxica de Franklin: a rima consoante está case ausente do noso corpus, agás en 7, 5 e 8. Poucas sentenzas conservan o mesmo metro e, no que se refire á estruturación das cláusulas, Franklin alterna a estrutura bimembre (3, 4, 6, 9, 10, 12 e 13) coas ternas (2, 5, 8 e 11) ou co agrupamento de catro ou máis cláusulas (1 e 7). As unidades fraseolóxicas compostas de dúas cláusulas ou de oposicións binarias son as máis abundantes nas escolmas. Non é estraño, se se ten en conta que o obxectivo principal das paremias é fixalas na memoria dos oíntes. Con relación á función específica de cada unha das cláusulas, Conca (1990:35) define a primeira como un movemento de tensión cara adiante que reclama outro de clausura, a segunda cláusula, que pechará a primeira. Polo tanto, a primeira parte atrae a atención do oínte e predispono para a sorpresa ou curiosidade do desenlace. A lonxitude dos hemistiquios en *Poor Richard's Almanack* é moi variable: dende a axilidade de 3 ou 10, procedentes ambos do refraneiro popular, até a sentenciosa e longa explicación de 5 ou 13. Os dous tradutores respectaron o carácter sintético e analítico do orixinal, aínda que a maior lonxitude da versión castelá comparándoa co orixinal inglés dá como resultado frases pouco adaptadas á estrutura paremiolóxica. (1, 5, 9 e 13).

4.2.2.3 As paremias de animais (3, 10)

A convivencia do home co animal no medio rural, onde vivía a meirande parte da poboación, fomentaba a observación e identificación das habilidades humanas coa dos seus socios non racionais. A sentenza adquire un valor universal. Como apunta René Louis, citado por Vigerie (1992:VII), tanto a xente común coma os grandes deste mundo inventaron a súa vida e os seus valores, non sen antropocentrismo, por medio da figura dos seus "irmáns inferiores". A atribución de virtudes ou eivas sen ambigüidade que o refraneiro atribúe aos animais provén da observación empírica e cotiá. Estes teñen pouco que ver co bestiario fantástico e aínda menos coas criaturas fantásticas que poboaron a tradición oral, relatos populares e en xeral o imaxinario da nosa civilización. O raposo é o emblema da agudeza e do enxeño; a pita, da pasividade e do medo. O gato é tamén enxeñoso e hábil para cazar ratos. Pero as súas capacidades fican minguadas, se son exemplares preguiceiros, advirte Franklin, e nin a caza nin o negocio prosperan. Temos aquí unha proba, en inglés e castelán, das numerosas variantes que advirten da deixadez animal: *The sleepy fox has seldom feathered breakfasts* (Fergusson 1983:17)*; A sleeping fox catches no geese* (Mieder 1992:232); *A sleeping fox catches no pork* (Mieder 1992:232); *A sleeping fox catches no chickens* (Mieder 1992:232); *Sleeping cats catch no mice* (Mieder 1992:232*); Foxes when sleeping have nothing fall in their mouth* (Apperson 1993:218). En castelán, ademais de *Gato con guantes no caza ratones* do noso corpus hai: *A pájaro durmiente, tarde le entra el cebo en el vientre* (Sevilla-Cantera 2001:49)*; Al zorro durmiente, nunca le canta el grillo en el vientre* (Sevilla-Cantera 2001:49); *A raposo/Al zorro durmiente, no le amanece la gallina en el vientre* (Sevilla-Cantera 2001:49). En canto ás versións castelás das

paremias 3 e 10, os dous tradutores optaron por unha tradución literal no canto de procurar un equivalente que se pode atopar nos repertorios paremiolóxicos. O máis semellante lexicamente á paremia 3 sería *A raposo/Al zorro durmiente, no le amanece la gallina en el vientre* (Sevilla-Cantera 2001:49). Agora ben, a forza da imaxe é exactamente a mesma do orixinal; non é preciso afondar no universal dos proverbios e máis concretamente na simboloxía animal.

5. Conclusións

O dobre obxectivo deste artigo, contrastivo e traductolóxico, permitiunos comparar os criterios paremiolóxicos das dúas traducións en castelán de *The Way to Wealth* accesibles a día de hoxe. O corpus, acoutado ás trece paremias que versan sobre a preguiza, mostra por unha banda a fidelidade dos tradutores ao enunciado orixinal – unha calidade que se ten por suposta pero que cómpre mencionar- e por outra, a evolución lingüística ou estilística entre a versión de 1889/1891 e a de 1999. Respecto a esta cuestión, tratada xa nos tres subapartados de "Análise das traducións do corpus", comprobamos que a grandes liñas non se percibe a diferenza de máis dun século entre as dúas versións. Neste sentido, ningún dos dous tradutores ofrece tan sequera un comentario dos criterios ou das dificultades da tradución ou se consultaron algún repertorio paremiolóxico. De feito, este sería o labor do investigador, polo que a nosa vontade é aumentar este corpus con outros temas ou ben incluír traducións cara a outras linguas. O tema da preguiza ou da deixadez non é un tema descoidado en paremioloxía, polo que outra vía de continuación deste traballo sería unha comparativa con outros autores ou escolmas.

6. Bibliografía

APPERSON, G.G.L. (1993, revisado por MANSER, M ~ CURTIS, S, 2006): *Dictionary of Proverbs*. Ware, Herts (GB): Wordsworth Editions Ltd.

BOHN H.G. (ed) (1983): *Hand-book of Proverbs*. Londres: Bell & Sons.

CASTERÀS, Ramon (1992): *Franklin i Catalunya/Franklin and Catalonia*, Barcelona: Generalitat de Catalunya.

CENTRO VIRTUAL CERVANTES: *Refranero multilingüe* http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/ [Data de consulta: 13/01/2012].

CONCA, María (1990): *Paremiología.* Valencia: Universitat de València.

DENT, Robert William (1981): *Shakespeare's Proverbial Language: an Index*. Berkeley: University of California Press.

FERGUSSON, R. (1983): *The Penguin Dictionary of Proverbs*. Londres: Penguin Books.

FLAVELL, Linda ~ FLAVELL, Roger (1994) *Dictionary of Proverbs and their Origins*. Londres: Kyle Cathie Limited.

FRANKLIN, Benjamin (1891): *El arte de hacerse rico. Opúsculos*. Barcelona: Biblioteca del Siglo XIX. Tipografía Hispano-Americana. Tradución anónima. (1999): *Cómo hacerse rico* (texto bilingüe). León: Universidad de León. Taller de estudios norteamericanos. Tradución de Alberto Lena.

GALLAGHER, EdwardJ. (1973): "The Rhetorical Strategy of Franklin's 'Way to Wealth.'" *Eighteenth-Century Studies* 6, 475-85.

LENA, Alberto (1999): "Introducción" en: Franklin, Benjamin. *Cómo hacerse rico* (texto bilingüe). León: Universidad de León. Taller de estudios norteamericanos. Tradución de Alberto Lena, 9-28.

MIEDER, W.; KINGSBURY, S.A.; HARDER, K.B. (1992): *A Dictionary of American Proverbs*, New York-Orford: Oxford University Press.

MIEDER, Wolfgang (1995): "*Early to Bed and Early to Rise*: *From Proverb to Benjamin Franklin and Back*", en *De proverbio*, Vol. 1, Num. 1 http://deproverbio.com/Dpjournal/DP,1,1,95/FRANKLIN.html [Data de consulta: 13/01/2012]

(2004): *Proverbs*: *a Handbook*, Westport, EUA: Greenwood Press.

SEVILLA, J; CANTERA, J. (eds) (2001): *1001 refranes españoles con su correspondencia en alemán, árabe, francés, inglés, italiano, polaco, provenzal y ruso*, Madrid: Ediciones Internacionales Universitarias.

SMITH, William George (1935): *The Oxford Dictionary of English Proverbs*, Oxford: Clarendon Press.

STEELE, Thomas J. (1987): Orality and Literacy in Matter and Form: Ben Franklin's Way to Wealth *Oral Tradition*, 2/1:273-85.

VIGERIE, Patricia (1992): *La Symphonie animale*, París: Larousse.

WITHING, Barlett Jere (1977): *Early American Proverbs and Proverbial Phrases*, Harvard (EUA): Harvard University Press.

Os ditos do derradeiro en falar: notas de fraseoloxía dálmata

Sayings of a last speaker: Notes of Dalmatian phraseology

Nikola Vuletić

Sveučilište u Zadru

nvuletic@unizd.hr

Resumo: O obxectivo desta contribución é ofrecer unha primeira aproximación aos problemas de fraseoloxía do dálmata moderno, lingua románica autóctona dunha parte da costa oriental do Adriático. Abordaremos en primeiro termo as dificultades de tipo metodolóxico, sobre todo as relacionadas coas fontes (o corpus textual do dálmata moderno é moi fragmentario e na maior parte provén dun único informante, Tuóne Udáina, considerado amais o último falante desta lingua). Fixarémonos a seguir na análise das unidades fraseolóxicas nos textos dispoñíbeis. Farémolo centrándonos no nivel estrutural, mentres que o nivel de uso problematizarase en relación co feito de que a comunidade dalmatófona xa non existía no momento de seren recollidos os textos. En canto aos aspectos analizados da fraseoloxía do dálmata moderno cómpre dicir que este coincide esencialmente coas variedades vénetas e co italiano, o que se explica non só polo contacto lingüístico entre as variedades románicas en cuestión, senón sobre todo polo feito de que o véneto era a primeira lingua e a lingua cotiá dos falantes de dálmata, mentres que esta, no século XIX usábase só en grupos e contextos moi restrinxidos.

Palabras clave: dálmata, fraseoloxía, italiano, Krk, Tuóne Udáina, véneto.

Abstract: The aim of this contribution is to make a first attempt at analysing phraseological problems in modern Dalmatian, the vernacular romance language of part of the Eastern Adriatic coast. First, the methodological problems will be enumerated, especially those related to sources (the textual corpus of modern Dalmatian is very fragmented and most of it comes from only one speaker, Tuóne Udáina, considered the last speaker of this language). Then, analysis of phraseological units from available texts will be provided. We focus on the structural level, as the use level is problematic, given that at the time the texts were collected, the Dalmatian speaker community had already disappeared. We analyse several aspects of modern Dalmatian phraseology, noting that this language is very similar to Venetian and Italian, due not only to linguistic contact between these romance varieties but also due to the fact that Venetian was the

Data de recepción 16/04/2012. Data de aceptación 30/05/2012.

first and usual language of Dalmatian speakers, whereas Dalmatian, in the 19th century, was only used in very restricted groups and contexts.

Keywords: Dalmatian Romance, Italian, Krk, phraseology, Tuóne Udáina, Venetian.

1. O dálmata no século XIX: nocións básicas

O dálmata, a lingua románica autóctona dunha parte da costa oriental do Adriático, falada na Idade Media nunha ducia de enclaves romances dentro dun contínuum compacto eslavo (croata), viu o seu territorio reducido xa a inicios do século XVI á parte meridional da illa de Krk (en italiano *Veglia*, en dálmata *Vikla*). Entre os séculos XVI e XVIII o sur da illa foise croatizando progresivamente, de xeito que no século XIX o dálmata falábase xa só na vila de Krk, onde era a lingua dunha parte do pobo, sobre todo dos pescadores e mais do campesiñado, mentres que a lingua dominante era a variedade local do véneto. O dálmata de Krk, chamado *veklisún* polos seus falantes, é a única variedade desta lingua sobre a que temos un mínimo coñecemento da morfoloxía e tamén da sintaxe, grazas sobre todo a Matteo Giulio Bartoli quen, no mes de setembro de 1897, puido entrevistar a Tuóne Udáina, Búrbur para os achegados, quen uns meses máis tarde, o 10 de xuño de 1898, perdía a vida nun accidente de traballo. Segundo a crenza universal e seguindo as afirmacións do mesmo Bartoli (1906, I, § 16), con el morre tamén o dálmata. Sexa verdade ou non [1], o que parece certo é que as persoas que a Bartoli lle serviron de guía pola vila, non souberon indicarlle ninguén máis capaz de falar o *veklisún*. Antonio Ive (1886:116), outro lingüista que entrevistara a Udáina, referíase a este xa no ano 1886 como "l'ultimo, se così è lecito esprimersi, di una generazione ormai spenta, l'ultimo dei Veglioti".

Porén, cómpre ter en conta que o mesmo Tuóne Udáina non foi naquela altura capaz de se expresar de maneira fluída na lingua da cal chegou a ser sinónimo, pois o malafortunado vello era máis ben, como afirmaba Zamboni (1990:225), un *semiparlante* (semifalante) que, segundo informa Bartoli (1906, I, § 33), na época das entrevistas (ano 1897) levaba xa máis ou menos vinte anos sen falar dálmata. É difícil ilustrar as competencias lingüísticas de Tuóne Udáina nun espazo tan limitado, pero sirva de exemplo o seguinte fragmento, cun comentario de Bartoli (1906, II, § 42, c. 37) en alemán: "*la setimuón avás sis dái: el siápto fero la domiénka o fiásta, kun ke blaite mi sińaur. Lóinik* [unsicher,: "a semana ten seis días: o sétimo é *la domienka* ou *fiasta*, como queira, o meu señor. *lóinik* [inseguro, logo *loinko* dúas veces]*, muart* [dúas veces]... Esquecéronlle os demais nomes". Tuóne Udáina era simplemente a persoa que entre todos os habitantes da vila mellor lembraba o dálmata, pero que en ningún momento da súa vida fora a súa primeira lingua (L1) e que dentro do seu complexo repertorio lingüístico (véneto, italiano, croata, nocións básicas tamén de friulano e alemán) ocupara sempre a posición dunha "lingua baixa" [2]. A primeira lingua de Tuóne Udáina foi morte a variedade local do véneto. A respecto das controversias

1 Hai quen, en base a testemuñas dos habitantes de Krk nacidos nas primeiras décadas do século XX, pon en dúbida esta idea. (Strčić 1998: 260).

2 Para a terminoloxía do modelo relativístico de Žarko Muljačić, ben coñecido no ámbito galego (Muljačić 2001).

relacionadas co seu coñecemento de croata e a primeira lingua da súa nai, véxanse traballos recentes de Muljačić (2005, 2006, 2008).

Nos primeros días, Udáina adoitaba falarlle a Bartoli nun véneto rexional dalmatizado, máis que nun dálmata venecianizado. Foi case ao cabo dun mes, xa cara ao remate das entrevistas, cando Bartoli finalmente puido rexistrar unha serie de textos (1906, II, §§ 7-41), que nun libro de 450 páxinas como *Das Dalmatische* ocupan só 12 páxinas. Estes textos comprenden tamén uns proverbios que Bartoli (1906, I, § 35) cualificara de irrelevantes, ao se tratar de refráns vénetos dalmatizados. Na parte do libro que segue aos textos, dunhas 17 páxinas (Bartoli 1906, II, §§ 42-46), recóllense frases e palabras illadas relacionadas con campos semánticos do mar, do chan, de fenómenos meteorolóxicos, animais, plantas, do corpo humano, da casa e da familia, da relixión e das institucións, da artesanía e do mercado, como se dunha parte de cuestionarios dun atlas lingüístico se tratase. Finalmente, as últimas sete páxinas (Bartoli 1906, II, §§ 47-49) rexistradas da boca de Tuóne Udáina, preséntanse como un listado alfabético de frases, conxugacións e fraseoloxismos, organizadas a partir dos termos que Bartoli consideraba máis importantes. Alén deste material, a única fonte dispoñíbel para quen queira coñecer a fraseoloxía do dálmata son as anotacións realizadas por Ive (1886). Os demais autores ofrecen escasas achegas para a realización dun estudo fraseolóxico, nin sequera as de Giambattista Cubich que consultamos a través dos textos reeditados de Ive (1886) e de Bartoli (1996).

Para facilitar a consulta dos exemplos citados nesta contribución, pensamos que sería axeitado sinalar algunhas das características máis importantes do dálmata de Krk no ámbito da fonética e da morfoloxía. No referido ao vocalismo cómpre dicir que todas as vogais tónicas ditongan [3], as altas e as medio-altas só na sílaba libre, as medio-baixas e o *a* tanto na sílaba libre coma na trabada, con monotongación posterior na sílaba libre. Outro dato a ter en conta é que a apócope é un trazo moi xeneralizado; amais, non hai palatalización das velares ante *e* nin sonorización das xordas intervocálicas. No ámbito da morfoloxía verbal, aos cambios vocálicos e á difusión do infixo *-aj-* súmanse distintos procesos analóxicos e de converxencia, de xeito que as mesmas formas acaban servindo para o presente e mais para o copretérito de varias persoas verbais (p.e. *dekája* "digo", "dis", "di", "din" e "dicía", "dicías", "dicían"), mentres que a forma verbal *fero*, pertencente ao paradigma do verbo *sáite* "ser", coñece no século XIX un grao extraordinario de polifuncionalismo (Tekavčić 1976-77).

2. Algunhas cuestións metodolóxicas e prácticas

É ben sabido que a terminoloxía fraseolóxica é moi variada e que está relacionada en boa medida coas tradicións nacionais, como claramente se aprende dun recente manual internacional de fraseoloxía (Burger et al. 2007). Ante a necesidade de realizarmos a escolla dun manual de referencia para abordarmos esta cuestión, decidímonos polo de Baránov e Dobrovol'skij (2009), dunha ampla difusión no ámbito galego.

[3] Menos as altas e as medio-altas nas palabras paroxítonas, cfr. Sánchez Miret 1998: 155-156.

Queda claro, despois do dito no apartado precedente, que os aspectos fraseolóxicos que pretendemos analizar nesta contribución atenden unicamente ao nivel do *idiolecto*, máis en concreto, ao idiolecto de Tuóne Udáina, sendo a sintaxe do dálmata, fixa ou libre, case completamente descoñecida no nivel da variación. Os textos recollidos por Bartoli da fala de Tuóne Udáina son efectivamente, como precisa Doria (1989:529), o corpus textual do dálmata moderno. O único texto amais destes, e cunha extensión considerábel, é a tradución da "Parábola do Fillo Pródigo", feita por Cubich nos anos 40 do século XIX, na que, dado o carácter do texto, case non interveñen aspectos fraseolóxicos.

O segundo problema importante que cómpre ter en conta, é a falta dunha descrición, por elemental que fose, da sintaxe do dálmata moderno. No libro de Bartoli (1906, II, § 526-534), o capítulo sobre a sintaxe abrangue dúas páxinas, nas que o lingüista italiano se limita a realizar unhas breves consideracións verbo do partitivo, da posición do suxeito e do posesivo, da "consecutio temporum" e mais da función das perífrases do tipo *volo cantare*. Agora ben, visto que se trata dunha lingua morta, o exiguo corpus textual do dálmata moderno pode considerarse como definitivo: é pouco probábel que aparezan textos novos, nin sequera eses que segundo se pensa foron anotados polos eruditos locais ou os visitantes da vila de Krk nunha época anterior ás investigacións lingüísticas. Isto quere dicir, que o traballo dos dalmatistas dedicados ao estudo do dálmata moderno é esencialmente un traballo de reinterpretación. Ao longo do século XX os investigadores desta lingua (o espazo limitado non permite citalos por extenso) adicáronse sobre todo á reinterpretación da súa fonética histórica e, en menor medida, á reinterpretación da súa morfoloxía verbal e do léxico [4]. A tarefa de elaborar un estudo detallado da sintaxe do dálmata non é nada doada: os textos son poucos, a lingua moribunda acusa un grao extremo de variación formal e de solucións analóxicas, e doutra banda as influencias italiana, veneciana e croata son evidentes, pero sen poder precisar a súa antigüidade. Será por todas estas razóns e moitas outras, polas que a súa sintaxe non centrou a atención dos investigadores, se prescidimos do traballo de Doria (1989), de calidade innegábel, mais bastante sintético, xa que se publicou nun volume de carácter enciclopédico.

Quen pretenda analizar a fraseoloxía do dálmata moderno non dispón dun punto de partida que lle permita debuxar a fronteira, aínda que sexa moi aproximada, entre a *sintaxe libre* e a *sintaxe fixa* (Ferro Ruibal 1996). A cantidade e a calidade de textos dispoñíbeis non permiten, sen un estudo previo e detallado, identificar as colocacións e os fraseoloxismos gramaticais e sintácticos. Porén, pensamos que non acontece o mesmo coas unidades que na recente literatura fraseolóxica en lingua galega son denominadas precisamente *unidades fraseolóxicas* (UUFF), seguindo a definición de Baránov e Dobrovol'skij (2009:53):

> *A condición máis importante para incluír unha expresión na clase das UUFF é (ademais da súa idiomaticidade) a fixación. Na fixación distínguense o aspecto estrutural e o aspecto de uso [...]. O primeiro caracteriza a expresión dende o*

[4] Sinalamos tan só a colección de artigos de Muljačić (2000) e os traballos de Tekavčić (1976-77) e Maiden (2004).

> *punto de vista da súa estrutura interna (restricións de transformación, defectividade do paradigma etc.). O aspecto do uso, en cambio, refírese á recepción da expresión por parte da comunidade lingüística, á percepción da frecuente repetición da expresión na fala de diferentes falantes.*

O alto nivel de idiomaticidade das unidades fraseolóxicas en dálmata, como en calquera outra lingua, permítenos localizalas con relativa facilidade nos materiais dispoñíbeis, pero hai un aspecto, subliñado polos autores, así como por Ferro Ruibal (1996) noutra ocasión, que nos parece de enorme relevancia á hora de afrontar esta análise: a dimensión da colectividade no uso das unidades fraseolóxicas. Esta dimensión de colectividade, no momento de ser entrevistado Tuóne Udáina, xa non operaba no dálmata desde había moitos anos. Interesa logo, nesta contribución breve, estudar os aspectos das unidades fraseolóxicas no momento en que o proceso de creación fraseolóxica está irrecuperabelmente parado, no momento en que o que se formou como colectivo, acaba sendo individual, con todas as reducións e reinterpretacións inherentes que se perden no tempo. Esta é a dimensión que quixemos pór de relevo co título deste traballo "Os ditos do derradeiro en falar".

Aínda que nesta contribución non trataremos dos proverbios, queremos engadir unha nota crítica ao xuízo de Bartoli (1906, I, § 35) verbo dos refráns recollidos da fala de Tuóne Udaina, xa que a adopción dos refráns doutra lingua, a través dunha sinxela tradución ou a través do calco, sobre todo o feito de que todos os refráns rexistrados na lingua dominada existen tamén na lingua dominante, di moito verbo da vitalidade da lingua dominada e da súa cultura popular [5]. Polo tanto, falar dos refráns de Tuóne Udáina non pode ser a priori "überflüssig" nin "irreführend", como quixera Bartoli, cuxa severidade, evidentemente, é debedora da idea obsoleta sobre a pureza da lingua.

En canto aos aspectos prácticos, a seguir daremos algunhas nocións básicas que pensamos de utilidade para afrontar esta análise. Respecto á maneira de aducir os exemplos, aparece primeiro a expresión formalizada, separada da expresión concreta por dous puntos (*dzer a la siánsa* "perder o siso": *el vìs a la siánsa* "el perde o siso"). Dado que o dálmata é unha lingua de atestación fragmentaria, onde a formalización non é posíbel (falta documentación de infinitivos, de pronomes indeterminados ou outros elementos), só aparece o exemplo concreto extraído dos textos. Os números que aparecen entre paréntese sinalan o parágrafo (§) e a columna (c.) [6] no texto orixinal. Na expresión formalizada, os acentos aparecen en todas as palabras polisilábicas, mentres que nos exemplos concretos extraídos dos textos mantense a forma de Bartoli.

Doutra banda decidimos simplificar o sistema de transcrición utilizado por Bartoli: o ditongo "inestábel" que el nota como *uọ* cun arco superposto e cun acento (´) no medio arco, nótase aquí como *uó* (p.e. *brivuóta*); os elementos semivocálicos dos demais ditongos nótanse coas letras *i* (palatal) e *u* (velar) respectivamente; a alveolar

[5] Tamén da intensidade do contacto lingüístico, como intentamos demostrar nun recente traballo verbo das influencias románicas na paremioloxía dialectal croata (Vuletić 2011).

[6] A edición orixinal (alemá) de Bartoli (1906) cítase sempre polos parágrafos, como é habitual. Pero hai algúns de extensión considerábel e, por iso, no caso dos exemplos concretos, consideramos oportuno introducir tamén a referencia ás columnas do texto.

sonora [*z*], notada por Bartoli cun *s* cun punto superposto, representámola coa letra *z*; a africada sonora [*dz*], notada polo estudoso italiano cun *z* cun punto superposto, como *dz*. Mantemos iso si os símbolos *ń, ĺ* para a nasal palatal e a lateral palatal respectivamente, así como o símbolo *č* para a africada palatal xorda.

3. Da boca de Tuóne Udáina

Nos textos e noutro tipo de materiais recollidos por Bartoli da boca de Tuóne Udáina hai en xeral poucas expresións que con seguridade se poderían identificar como unidades fraseolóxicas, tal e como as definen Baránov e Dobrovol'skij (2009). Neste caso concreto, a fixación, como a condición máis importante para a identificación das unidades fraseolóxicas, pódese aplicar só desde o punto de vista estrutural, sendo o aspecto do uso reducido a unha única persoa. Isto explica a decisión de empregarmos a idiomaticidade como o principal criterio de identificación.

Na parte do libro de Bartoli (1906, II, §§ 7-41) na que se recollen os textos que ilustran a fala espontánea de Tuóne Udáina, atopamos as seguintes expresións que, vista a súa idiomaticidade e os aspectos estruturais, podiamos considerar como unidades fraseolóxicas:

1. *avár úna miánt búna* "ser intelixente", "ter boa cabeza": *l-avás una miant búna* "el é intelixente", "el ten boa cabeza" (Bartoli 1906, II; § 15, c. 11).

Coa expresión *l-avás una miant búna*, literalmente "el ten unha mente boa", o bispo da vila de Krk, patrón do pai de Tuóne Udáina, intentara convencer o vello Frane Udáina de que lle deixase ao seu fillo frecuentar a escola. Bartoli tradúcea como "ha [una] testa buona", o que equivale a "ten boa cabeza".

2. *dzer dakuárd kóle paráule* "entenderse": *se dzàime dakuárd kole paráule* "se nos entendemos" (Bartoli 1906, II, § 26, c. 15).

O contido desta expresión interpretado literalmente sería "ir de acordo coas palabras". Tamén a tradución de Bartoli é literal: "se andassimo d'accordo colle parole". A expresión aparece na parte do texto na que Udáina explica que intentaba falar cos friulanos que daquela traballaban na vila de Krk, para ver "se nos entendemos". Na tradución ao galego: "Eu falaba con eles na miña lingua, así en veklisún, para escoitar a súa lingua, o que falaban, se nos entendésemos; pero non nos entendiamos, nin unha palabra" (Bartoli 1906, II, loc. cit.). É difícil dicir se se trata dunha verdadeira unidade fraseolóxica ou dunha interesante solución de Tuóne Udáina; de todos os xeitos, nos textos recollidos atopamos moitas referencias ao feito de entender ou non unha lingua, onde o recurso máis frecuente é *(no) kapaja* "(non) entendía(n)".

3. *kavúrse del kup* "tirar da cabeza, da memoria": *me la ju kavút del kúp* "tireina da cabeza" (Bartoli 1906, II, § 26, c. 17).

A expresión corresponde directamente, desde o punto de vista da estrutura e do contido, á italiana *cavarsi qualcosa dalla testa*, literalmente "extraer (cavando) algunha cousa da cabeza", e aparece na situación na que Udáina intenta explicarlle a Bartoli

porque lle dicía non coñecer unha palabra que uns anos antes fora recollida da súa boca por outro investigador.

4. *favlúr in díče* "falar italiano": (Bartoli 1906, II, § 27, c. 19).

O vello Udáina comentaba *que favlúr in diče fero favlúr ple bún, ple mái ke de kól ke favlúa i vetrúni* "falar italiano era mellor, moito mellor que o que falaban os vellos". Bartoli (loc. cit.) explica que "hier ist das Toskanische gemeint" [aquí pénsase en toscano]. A expresión incorpora como un elemento fraseolóxico a terceira persoa do presente de indicativo do verbo italiano *dire*. Un fenómeno semellante atopámolo en croata, onde a un italiano se lle chama despectivamente *digić*, que procede do véneto dálmata *digo!*, expresión moi corrente na fala dos italianos do Adriático oriental, cando queren que lles atendan ó que din, co significado de "escoita!" [7].

5. *dzer a lézina* "ir durmir": *ju vìs a lézina* "eu vou durmir" (Bartoli 1906, II, § 28, c. 21).

Este exemplo, como tamén o exemplo seguinte, aparece no parágrafo que Bartoli dedica ás cuestions da etimoloxía popular (*Volksetymologien*). Parece que o vello Udáina interpretaba a expresión como "ir a Lesina", onde Lesina é o nome italiano da vila e da illa de Hvar en Dalmacia. Aínda que non podemos precisar a súa evolución, o verbo croata *ležati*, "estar deitado", probabelmente ten algo que ver na formación desta expresión.

6. *dzer a la siánsa* "perder o siso": *el vìs a la siánsa* "el perde o siso" (Bartoli 1906, II, § 28, c. 21).

Bartoli neste caso só apunta cara á etimoloxía popular "ir á Ascensión" [8], sen precisar que a mesma expresión popular está presente nas distintas falas vénetas da rexión. Así en Zadar/Zara (Dalmacia) "*andar a la Sensa* [...] dicesi di chi per soverchia età non ha più intiero il discorso" (Miotto 1984:187, s. v. sènsa), en Koper ~ Capodistria (Istria eslovena) "andàr a Sénsa rimambire" (Manzini ~ Rocchi 1995:211, s. v. Sènsa2) ou en Buje ~ Buie (Istria croata) *"andàr in sènsa andare in calore amoroso, avere la testa fra le nuvole"* (Dussich 2008:239, s. v. sènsa). Hai dúas interpretacións etimolóxicas para esta expresión, unha a través da contaminación con *seménsa* e *andàr in seménsa* "rimbecillire" (Manzini ~ Rocchi 1995:210-211, s. v. seménsa, s. v. sénsa) e outra a través dunha crenza popular, segundo a cal o día da Ascensión unha nave vai polos portos recollendo a xente do baixo mundo, que canto máis insensata, máis alto cargo chega a ocupar nesta nave (Rosamani 1968:1001-1002, s. v. Sensa). En dálmata, evidentemente, trátase dunha expresión emprestada das falas vénetas.

Na mesma parte do libro aparece a frase *te maníka de plé: me puór a jú ke féro un strúdz* (Bartoli 1906, II, § 28, c. 21), literalmente "comes demais, paréceme que es unha avestruz". A interpretación do vello Udáina era que se *dekája strúdz perkó el distrudzàja kuónta ráuba ke ge venáro in buák* "dise avestruz porque desfai canto lle

[7] Cfr. Rosamani 1968:309, s. v. *digo!*

[8] A festa da Ascensión chámase *Sensa* ou *Senza* en moitas falas vénetas de Dalmacia e Istria (cfr. Rosamani 1968:1001, s. v. *Sensa*).

vén á boca" (loc. cit.). Faltan máis exemplos que nos permitan falar dunha eventual unidade fraseolóxica **sáite un strudz* (literalmente "ser unha avestruz") co significado de "ser un lambón, un comellón". Sexa como for, o uso que fai Udaina evidentemente está en relación coa expresión italiana *avere uno stomaco di struzzo* (dise dunha persoa que pode comer calquera cousa), pero con cambio semántico *strudz* "quen é capaz de comer calquera cousa" → *strudz* "quen come moito".

Como xa advertimos, nos parágrafos 42-46 do libro de Bartoli (1906, II) recóllense frases e palabras illadas relacionadas con distintos campos semánticos. Nestes parágrafos atopamos as seguintes expresións:

7. *sáite mis jom* "estar hernioso": *el fero mis jóm* "el está hernioso" (Bartoli 1906, II, § 44, c. 47).

A expresión *el fero mis jóm*, literalmente "el é medio home", é traducida por Bartoli (loc. cit.) como "Está hernioso". Non hai maneira de saber se a tradución é correcta, pero a mesma expresión en Rosamani (1968:627, s. v. mézo) non ten nada que ver coa condición dun hernioso: *el ga diese ani, ma el xe mezo omo* evidentemente refírese a un neno que xa parece home.

8. *te batúa la bajonét* "tés fame" (Bartoli 1906, II; § 44, c. 49).

O significado parece seguro, porque tamén aparece confirmado no dialeto véneto de Zadar: *la baionetta me batte* "mi batte la sguiscia" (Rosamani 1968:56, s. v. baioneta). Noutro lugar Rosamani (1968: 21, s. v. Ana) dá "E' batte la sguiscia (fam. tosc.) cioè À una gran fame".

9. *se jai jetuót ne la niéna* "seméllalle á nai" (Bartoli 1906, II, § 45, c. 55).

Literalmente "tíralle á nai", este dito probabelmente está en relación coa expresión bastante corrente nos dialectos croatas *baciti se na koga* (literalmente "tirarlle a alguén") co significado de "parecerse a alguén".

10. *fur i tuárt* "enganar (en matrimonio)": *ke la moĺér ge fúa i tuárt* "que a muller o engana" (Bartoli 1906, II, § 45, c. 55).

É evidente a relación co dito italiano *far le fusa torte* "enganar (en matrimonio)", pero na versión de Tuóne Udáina falta o equivalente dálmata do elemento *fusa* "fusos".

Os parágrafos do 47-49 do segundo volume do libro de Bartoli (1906) conteñen, como xa advertimos, as respostas ás preguntas directas ou aos estímulos do investigador. As unidades fraseolóxicas nesta parte do libro non son só máis numerosas ca nas outras partes, senón que tamén resultan menos problemáticas, sendo a súa identificación na maioría dos casos completamente segura.

11. *čapúr la brivuóta* "fuxir": *el ju čapút la brivuóta* "el fuxiu" (Bartoli 1906, II, § 47, c. 66).

A tradución italiana proprocionada por Bartoli é "ha preso l'aire". Trátase dunha dalmatización (fonética) do dito véneto *ciapar la brivada*, de ampla difusión nas falas

vénetas de Istria e Dalmacia (Rosamani 1968:118, s. v. brivada; Miotto 1984:33, s. v. brivada).

12. *čapúr a bruz kamáisa* "coller de sorpresa": *lo ái čapuót a brùz kamáisa* "collino de sorpresa" (Bartoli 1906, II, § 47, c. 66).

Trátase dunha expresión común a toda a área italorománica setentrional (cfr. LEI 7, 876, s. v. brusi9-, 1.a.α2), cfr. veneciano *chiapàr uno a brusa camìsa* "cogliere o sorprendere uno exabrupto, ex tempore, all'improviso" (Boerio 1856:122-123, s. v. camisa).

13. *sáite čol i kamáisa* "ser íntimos (amigos)": *i fero čòl e kamáisa* "son íntimos (amigos)" (Bartoli 1906, II, § 47, c. 66).

Esta expresión (ital. *essere culo e camicia* "ser íntimos (amigos)", literalmente "ser cu e camisa") é moi corrente no dominio italorrománico, tamén nas falas vénetas de Istria e Dalmacia (cfr. Rosamani 1968:277, s. v. cul, Miotto 1984:42, s. v. camisa). Nas variedades croatas da costa e das illas hai un dito moi semellante co mesmo sentido (amizade íntima, inseparabilidade): *biti s kim gaće i guzica*, literalmente "ser con alguén calzón e cu".

14. *fur diatremún* "facer amodo, aos poucos": *fume toč diatremún* "facemos todo pouco a pouco" (Bartoli 1906, II, § 47, c. 66).

No texto, a expresión aparece acompañada pola tradución "facciamo tutto mano mano", mentres no glosario (Bartoli 1906, II, c. 179) a entrada *diatremún* inteprétase como "a un tempo". No dálmata *diatremún* corresponde enteiramente ao véneto *dietromán* "a mano a mano, mano dietro mano, man mano (uno dopo l'altro, uno dietro l'altro)", con moita variación formal (dreiomán, driomán, indrìoman etc, cfr. Rosamani 1968:308, s. v. dietroman).

15. dékro de tóči i koláur: ne dekája de toči i kolaur (Bartoli 1906, II, § 47, c. 68).

O dito é acompañado pola tradución italiana "ne dice di tutti i colori", o que explica que o noso exemplo correspondería ao dito italiano *dirne di tutti i colori* "sfogarsi verbalmente in modo violento". O contexto, non obstante, permite pensar que o sentido máis amplo do dito empregado por Tuóne Udáina era simplemente "dicir parvadas".

16. *sáite un muz di món* "ser un idiota": *tu sài muz di món* "es un idiota" (Bartoli 1906, II, § 48, c. 70).

Na tradución de Bartoli (loc. cit.) "tu sei un imbecile", o dito empregado por Tuóne Udáina significa literalmente "es un cara de cona". Esta expresión é moi corrente nas falas vénetas da rexión, cfr. no dialecto de *Zadar mùso de mòna* (Miotto 1984:129, s. v. mùso).

17. *dur join par de pétemele bun* "dar unha boa malleira": *te o dút join par de pètemele bún* "deiche unha boa malleira" (Bartoli 1906, § 48, c. 70).

Esta unidade fraseolóxica está formada sobre o fraseoloxismo véneto *pètimele bone* "allusione scherzosa alle sculacciate date ai bambini" (Miotto 1984:152, s. v. petàr-se). A tradución proporcionada por Bartoli é "ti ho dato un carpiccio di bastonate".

18. *avár pipí* "ter medo": *el avàs pipí* "el ten medo" (Bartoli 1906, II, § 48, c. 71).

O elemento pipí da linguaxe infantil non pode facer referencia a outra cousa máis ca á acción de ouriñar. Polo tanto, na base desta unidade fraseolóxica está a idea moi común de "mexar(se) de medo". A expresión el *avàs pipí* é traducida por Bartoli (loc. cit.) como "ha paura".

19. *dzer a reméng* "arruinarse": *el ju dzait a reméng* "arruinouse" (Bartoli 1906, II, § 48, c. 71).

Trátase dunha adaptación do dito *andare in remengo* "arruinarse", moi común no dominio italorrománico, cfr. Rosamani 1968:870, s. v. reméngo.

No parágrafo 48 aparece unha expresión que probabelmente funcionaba como unidade fraseolóxica: *el e vuád el mastél* (Bartoli 1906, II, § 48, c. 75), literalmente "a cuba está baleira". O seu valor fraseolóxico parece confirmado polo feito de que, segundo o propio Tuóne Udáina, o seu pai dicíallo sempre (*el túta me dekája siánpro* "padre dicíamo sempre"). O problema é que non sabemos que significaba esta expresión, e a tradución literal de Bartoli (loc. cit.) "*è vouto il mastello*" non axuda moito.

4. Consideracións finais

Subliñamos xa o feito de que a fonte principal para o coñecemento da fraseoloxía do dálmata moderno constitúea *Das Dalmatische* de Matteo Giulio Bartoli (1906), tamén que este libro, na súa parte non interpretativa, non é, nin poderá ser máis que a documentación dos fragmentos da fala de Tuóne Udáina, universalmente considerado o derradeiro falante de dálmata. A parte do libro na que aparecen exemplos da súa fala espontánea, unhas 12 páxinas en total, repartidas entre a trascrición e a tradución italiana dos textos recollidos, contén moi poucas expresións que poderiamos considerar como unidades fraseolóxicas. Unha boa parte das identificadas como tales no idiolecto de Tuóne Udáina, aparecen na parte do libro que contén respostas ás preguntas directas formuladas polo investigador e que non chega ás sete páxinas. Este dato parécenos importante telo en conta.

Analizadas desde unha perspectiva comparada, a maioría das unidades fraseolóxicas recollidas de Tuóne Udáina teñen unha correspondencia directa no veneciano e nas falas vénetas da rexión ou mesmo na lingua italiana, pero somos conscientes de que a documentación do dálmata é moi fragmentaria, coincidindo esencialmente co idiolecto de Tuóne Udáina, para poder chegar a calquera tipo de conclusión máis xeral. Aínda así, coidamos que non sería demasiado aventurado afirmar que a fraseoloxía do dálmata moderno ou, mellor dito, do que coñecemos como dálmata moderno, coincidía esencialmente coa fraseoloxía do idioma dominante dos seus últimos falantes, é dicir, da variedade local do véneto. Temos bos motivos para pensar que este estado de cousas non era característico só do século XIX, senón tamén de boa parte do período de

dálmata moderno. A diglosia véneto-dálmata na parte meridional da illa de Krk e o contexto sociolingüístico para tal desenvolvemento probabelmente non foran unha consecuencia inmediata da conquista veneciana definitiva da illa de Krk a finais do século XV, pero tampouco debía tardar moito en producirse, como claramente o demostran as observacións do paduano Alberto Fortis (1778:534), que visitara a illa tres veces entre os anos 1771-1774: "In former times the inhabitants of the city spoke a particular dialect of their own, somewhat resembling that of Friuli; but at the present they generally use the Venetian dialect" [9].

Precisamos agora: a imaxe da fraseoloxía dálmata, tal e como nos quedou transmitida por Tuóne Udáina, é a dunha lingua completamente dominada, que imita a lingua dominante. Máis que unha lingua dominada, o dálmata era xa nos tempos da mocidade de Tuóne Udáina unha lingua limitada a contextos e grupos moi restrinxidos, nin sequera unha lingua de uso cotián. Parece que a única "institución" na vila de Krk que a protexía era unha taberna na que, aínda na primeira metade do século XIX, se xogaba á morra obrigatoriamente en dálmata (cfr. Bartoli 1906, II, §§ 12-13). Para quen a coñeza, saberá que os xogadores habían de dicir os números e pouco máis.

Para pechar esta breve paréntese sociolingüística, e volvendo ás cuestións fraseolóxicas, debemos sinalar que o problema principal desta análise reside nun dos aspectos máis importantes da fraseoloxía, o uso e a súa relación coa noción de comunidade lingüística. Sábese que Tuóne Udáina foi capaz de nomear a case todas as persoas coas que falaba en *veklisún* ao longo da súa vida, entre estas persoas parecen ser particularmente importantes os que el chamaba "os oito vellos". Nun fragmento das súas lembranzas (Bartoli 1906, II, § 11) atopamos literalmente: *kuónd ke féro i vetrùni vív, kóli vápto, ju kon tóči kuínt ju favlúa in veklisún* "cando estaban vivos os vellos, aqueles oito, eu con todos falaba en veklisún". "Os oito vellos" morreron todos entre os anos 1835 e 1850 (cfr. Bartoli 1906, I, § 133), entre eles tamén o pai de Tuóne Udáina. Isto quere dicir que no ano 1897 os lazos da comunidade lingüística, como o instrumento principal da recreación fraseolóxica, había case 50 anos que non funcionaban. Como consecuencia deste feito, os ditos e outros elementos fraseolóxicos que se puideron recoller da boca de Tuóne Udáina non presentan unha fraseoloxía viva, máis ben son a remota memoria da creación fraseolóxica dunha comunidade lingüística xa desaparecida. Simplificando un pouco podiamos dicir que a fraseoloxía do dálmata morrera case medio século antes de morrer a lingua mesma.

Canto queda dito, coidamos que serve para explicar os aspectos de uso desta lingua. Para podermos formular conclusións máis xerais verbo dos aspectos estruturais da fraseoloxía, quédanos estudar non só as unidades fraseolóxicas, senón tamén os demais elementos da súa sintaxe fixa, sobre todo a dos niveis máis baixos de idiomaticidade.

[9] A lingua á que se refire Fortis é indubidablemente o dalmático. Sabémolo grazas a unha frase que Fortis mesmo anotara para ilustrar a fala. A frase que citamos á continuación, notada según os usos de ortografía véneta daquela, xa leva unhas pegadas inconfundíbeis de influencia lingüística véneta: "La isla de Vicla circonduta da torno dall'jague de mur ziraja circa miglie chiant; ce facile approdor de burche de runqua grandezza nei zu puarich".

5. Referencias bibliográficas

BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

BARTOLI, Matteo Giulio (1906): *Das Dalmatische. Altromanische Sprachreste von Veglia bis Ragusa und ihre Stellung in der apennino-balkanischen Romania*. 2 vols. Wien: Alfred Hölder.

BOERIO, Giuseppe (1856): *Dizionario del dialetto veneziano*. Venezia: Tipografia di Giovanni Cecchini edit.

BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; KÜHN, Peter; NORRICK, Neal R. (eds.) (2007): *Phraseologie. Ein internationales Handbuch der zeitgenössichen Forschung. 1. Halbband.* Berlin-New York: Walter de Gruyter.

DORIA, Mario (1989): "Il dalmatico: a) Storia linguistica interna", en HOLTUS, Günter; METZELTIN, Michael; SCHMITT, Christian (eds.) (1989): *Lexikon der Romanistischen Sprachgeschichte. Band III. Die einzelnen romanischen Sprachen und Sprachgebiete von der Rennaissance bis zur Gegenwart. Rumänisch, Dalmatisch/Istroromanisch, Friaulisch, Ladinisch, Bündnerromanisch*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 522-530.

DUSSICH, Marino (2008): *Vocabolario della parlati di Buie d'Istria*. (*Collana degli Atti 29*). Rovigno: Centro di Ricerche Storiche di Rovigno.

FERRO RUIBAL, Xesús (1996): *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. A Coruña: Real Academia Galega.

FORTIS, Alberto (1778): *Travels into Dalmatia*. London: J. Robson.

IVE, Antonio (1886): "L'antico dialetto di Veglia", en *Archivio glottologico italiano* 9, 1886, 115-187.

KÖNIGES, Celta (1933): *Veglia mai olasz nyelvjárása (L'odierno dialetto di Veglia)*. [Tese de doutoramento da Universidade de Budapest].

LEI = Pfister, Max (1979-): *Lessico Etimologico Italiano*. Wiesbaden: Reichert.

MAIDEN, Martin (2004): "Into the past. Morphological change in the dying years of Dalmatian", en *Diachronica* 21/1, 2004, 85-111.

MANZINI, Giulio; ROCCHI, Luciano (1995): *Dizionario storico fraseologico etimologico del dialetto di Capodistria*. (*Collana degli Atti 12*). Rovigno: Centro di Richerche Storiche di Rovigno.

MIOTTO, Luigi (1984): *Vocabolario del dialetto veneto-dalmata*. Trieste: Edizioni LINT.

MULJAČIĆ, Žarko (2000): *Das Dalmatische. Studien zu einer untergegangenen Sprache*. Köln-Weimar-Wien: Böhlau Verlag.

(2001): "La terminologia dell'approccio relativistico", en ORIOLES, Vincenzo (ed.) (2001): *"Dal 'paradigma' alla parola". Rifflessioni sul metalinguaggio della linguistica.* Roma: Il Calamo, 151-160.

(2005): "Contributi alla biografia di Antonio Udina Burbur". BOMBI, Raffaella et al. (eds.) (2005): *Studi linguistici in onore di Roberto Gusmani*. Alessandria: Edizioni dell'Orso, 1281-1294.

(2006): "Noterelle dalmatoromanze", en *Estudis Romànics* XXVIII, 2006, 319-328.

(2008): "O nekim nedostacima i jednoj krupnoj netočnosti u Bartolijevoj monografiji *Das Dalmatische*, en *Hrvatski dijalektološki zbornik* 14, 2008, 325-337.

MULJAČIĆ, Žarko (2000): *Das Dalmatische. Studien zu einer untergegangenen Sprache*. Köln-Weimar-Wien: Böhlau Verlag.

ROSAMANI, Enrico (1968): *Vocabolario giuliano dei dialetti parlati nella Venezia Giulia, in Istria, in Dalmazia, a Grado e nel Monfalconese*. Bologna: Cappelli.

SÁNCHEZ MIRET, Fernando (1998): *La diptongación en las lenguas románicas*. München -Newcastle: LINCOM Europa.

STRČIĆ, Petar (1998): "Otok Krk u doba posljednjeg dalmatofona Antona Udine Burbura (XIX. st.)", en *Folia onomastica Croatica* 7, 1998, 237-266.

TEKAVČIĆ, Pavao (1976-77): "Sulla forma verbale vegliota "fero" e sull'origine del futuro veglioto", en *Incontri Linguistici* 3/1, 1976, 71-89.

VULETIĆ, Nikola (2011): "L'herència cultural romànica als refranys meteorològics del croat txacavià", en GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (2011): *I proverbi meteorologici. Ai confini dell'Europa romanza*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.

ZAMBONI, Alberto (1990): "Tipologie a contatto nell'Alpe Adria", en SPINOZZI MONAI, Liliana (ed.) (1990): *Aspetti metodologici e teorici nello studio del plurilinguismo nei territori dell'Alpe-Adria*. Atti del Convegno Internazionale Udine, 12-14 ottobre 1989. Tricesimo: Aviani, 117-142.

Recadádivas
Compilations

Outros lances nos laños do Morrazo. Nova recollida de unidades fraseolóxicas

A fresh haul from the deeps of O Morrazo: New collection of phraseological units

Salvador Castro Otero
Lucía Durán Paredes
Xosé Manuel González Barreiro
Henrique Harguindey Banet
Xosé Martínez García
Ramón Rocamonde
IES María Soliño. Cangas do Morrazo.

Edición de material fraseolóxico inédito recollido entre 2005 e 2011 na Península do Morrazo. Sinálanse variantes vivas e inéditas e ocasionalmente algunhas recollidas en traballos doutros autores.

Palabras clave: fraseoloxía galega, traballo de campo.

Edition of unpublished phraseological material, compiled between 2005-2011 in the Peninsula do Morrazo. Variants are current and inedited and some of them are occasionally refer to in works by others authors.

Keywords: Galician phraseology , fieldwork.

1. Orixe, localización e características técnicas desta recadádiva

Moitas veces non somos conscientes do extraordinario que sucede ou latexa arredor de nós. É preciso, en moitas ocasións, unha chamada externa para sacudírmonos, para obrigármonos a percibir con asombro toda unha riqueza que nos acompaña. No noso caso foi a expresión *pés de lapou*, 'pés grandes', unha frase descoñecida fóra do Morrazo, a que nos serviu como acicate, como incitación á procura. Un de nós recuperara nun libro a locución - habitual na súa avoa- e atopou que resultaba totalmente incomprensible para o corrector. Iso levouno á pesquisa, constatando que,

Data de recepción 30/01/2012. Data de aceptación 16/03/2012.

aínda que xa en desuso, moitas persoas desta zona reactivaban a expresión inmediatamente.

Foi *pés de lapou* o desencadeante do proceso a partir do que se teceu unha vasta rede de persoas que traballou ao compás. Porque hai xa case unha década *–tempus fugit–*, asombrados diante da riqueza da fala das xentes desta bisbarra mariñeira, comezamos a visitar os seus laños na procura dunha pesca abondosa e variada. Botamos daquela os primeiros lances, moi numerosos. O resultado acabaría sendo *Unha maré de palabras*, pequeno traballo de algo menos dun cento de páxinas editado polo Museo Massó de Bueu (VV.AA., 2005). A nosa intención non era mostrar unha diversidade idiomática, e moito menos unha exclusividade morracense, pois para iso o campo de estudo tería que ser toda Galicia. Pretendiamos constatar a vida non secreta das palabras, a vida cotiá e palpitante pero non rexistrada en ningún traballo lexicográfico anterior. Tratábase, pois, de constatar o uso de vocábulos e frases feitas inéditas e dese xeito axudar á súa conservación.

Foron moitas as persoas que colaboraron na recollida en diverso grao: dende as que achegaron unha pouca información ás que nos transmitiron ducias de voces; dende as que puxeron á nosa disposición as súas pequenas listaxes ou as súas recollidas de coleccionistas fecundos ás que nos deixaron peneirar nos seus exhaustivos traballos universitarios; dende as que nos abriron a súa memoria e a súa rica práctica de dicionarios vivos ás que dende o momento da chamada dirixiron a súa atención á preservación do tesouro lingüístico. Homes e mulleres de diversa actividade social e laboral e de distinta formación que con xustiza cómpre caracterizar como filólogos no sentido orixinal do termo.

Acontece que o labor dun lexicógrafo en Galicia non pode limitarse á mera constatación da existencia dunhas formas: é preciso espallalas e rehabilitalas cando sexa necesario, por iso é tan importante o labor de moitos amantes da lingua, que con posterioridade asumiron como súa a tarefa de facelas visibles por medio de axendas, de marcalibros, de xogos… ou simplemente, no reemprego do día a día. Dese xeito, aquelas entradas do noso modesto dicionario tornáronse en compañeiras.

Os mariñeiros da nosa comarca, como os de todas partes, saben ler as ondas, interpretar as texturas da superficie para dexergar os fondos; os pescadores teñen os seus laños preferidos sempre habitados de manxares. Este traballo de hoxe non é unha nova *maré*, son apenas outros poucos lances máis, á ardentía ou ao escuro, nos pequenos caladoiros das unidades fraseolóxicas[1] (a partir de agora UU.FF.) vivas nesta zona das Rías Baixas, a bisbarra do Morrazo, que abrangue os concellos de Marín, Bueu, Cangas, Moaña e Vilaboa[2].

Chamaremos UU.FF. a "aquelas combinacións de palabras que se caracterizan pola alta frecuencia de aparición na lingua e están formadas por dúas ou máis palabras e cuxo

[1] Sendo esta unha revista de fraseoloxía, pareceunos prudente deixar á marxe unha pequena cantidade de palabras, unidades léxicas simples, tamén recollidas no transcurso da nosa pesca.

[2] Cando as UU.FF. teñen un uso exclusivo nun concello, facémolo constar, no resto dos casos cómpre entender que se usa, en maior ou menor medida, en toda a comarca.

límite superior é a oración" (Ángelova 2008:16). As UU.FF. caracterízanse pola súa idiomaticidade, é dicir, porque o seu significado non se deduce necesariamente da suma dos sentidos de cada un dos seus compoñentes; por estaren institucionalizadas, isto é, por seren adoptadas pola comunidade lingüística e seren fixas, polo que os falantes as reproducen en bloque, coma unha unidade.

Son moitas as clasificacións das UU.FF., quizais a máis estendida sexa a que as divide en:

Colocacións: Unidades intermedias entre as combinacións libres e as combinacións fixas, pois os seus elementos pódense intercambiar e o seu significado pode deducirse do das súas unidades. Os lexicógrafos tenden a incluílas entre as UU.FF. pola frecuencia da súa aparición conxunta. Serían os casos de *diñeiro negro* ou *xogo subterráneo,* por exemplo.

Locucións: Combinacións de dúas ou máis palabras que funcionan como unha unidade léxica. Segundo a súa función gramatical podemos clasificalas en *locucións nominais, adxectivas, adverbiais, verbais* ou *clausais*.

Enunciados fraseolóxicos: Son aqueles que constitúen actos de fala por si mesmos. Podemos dividilos, ademais, en *paremias,* que expresan un significado referencial, como por exemplo os refráns, e *fórmulas rutineiras* cun sentido puramente social.

Non é misión do noso traballo establecer ou discutir as distintas taxonomías, nin sequera clasificar as UU.FF. que apuntamos, pero parécenos necesario precisar as unidades que son obxecto do noso estudo. Deste xeito enténdese por que quedan fóra da nosa colleita expresións como: *Ai, ai, ai! O que escorrega non cai. Eu caín e escorregei e bo zapatazo levei*, que no uso se asemella moito ás fórmulas rutineiras pero que supera o ámbito oracional.

Para a presentación das entradas reproducimos, en negra, a expresión tal e como foi recollida dos informantes[3], colocando entre corchetes [...] os indefinidos *alguén* / *algo* para indicar se se emprega para persoas, animais ou cousas, tanto na función de suxeito como na de complemento. A continuación, con letra redonda, introducimos a definición; se é unha definición pragmática vai entre corchetes […]. Logo, en cursiva, aparece un exemplo do uso da frase e, por último, eventualmente e despois do símbolo #, observacións, que indican variantes da mesma, aclaracións de topónimos ou costumes locais, posibles orixes, etc.

Intentamos ser o máis fieis posible á expresión dos nosos informantes, de modo que, respectamos os dialectalismos morfolóxicos (*lan* ou *mañán* e a forma *-án* do feminino coincidente coa do masculino, nos casos en que existe a variación de xénero noutras zonas e na escolla normativa (*meu/miña irmán)*, por exemplo) ou léxicos (como *chuva*, *gavota*, *carrapicho*, *caír*, neutralización da oposición *ver/mirar*, etc) e mesmo os castelanismos (*Dios*, *corcho*, *manada*, *hueco*…) Naturalmente, non sinalamos o seseo e nin a gheada, trazos sen os cales, as frases poden incluso chegar a ser irrecoñecibles.

[3] Se no transcurso do noso traballo atopamos unha ou mais variantes dunha mesma frase tamén inéditas colocámolas a continuación da primeira utilizando o signo /.

2. Edición

2.1. Locucións

1. **achicar agua cun tolete/ achicar o mar cun tolete.** Facer un esforzo inútil, pretender un resultado imposible, xeralmente por falta dos medios necesarios. *Andas a retellar aquí e alá pero non fas nada: é andar a achicar agua cun tolete.* [Un tolete é un pau vertical que se fixa ao bordo da embarcación para facer de fulcro ou punto de apoio do remo que vai suxeito a el polo estrobo: polo tanto, non sendo un recipiente, non serve para extraer auga dunha embarcación].
2. **anda/está o demo a facer trompos.** [Úsase para indicar que acontece algo bo pero pouco usual ou que alguén, que non adoita actuar dese xeito, realiza algo bo ou ben]. *Álvaro limpando a cociña! Anda o demo a facer trompos.*
3. a**ndar coa corda a rastro.** Andar de festa, sen facer nada. *Teu irmán entra na casa co sol, anda coa corda a rastro* .# Analoxía co can que se solta da correa e foxe temporalmente da casa.
4. **andar coma unha liña.** Andar disciplinado e obediente, en xeral por efecto dunha chamada de atención ou reprimenda. *Púxenlle as cousas claras e agora anda coma unha liña.*
5. **Avante rúa, cada un coa súa.** [Resposta de ánimo ante as queixas de alguén polas dificultades ou problemas que debe afrontar]. – *Este traballo é demasiado duro e non se gana nada. –Avante rúa, cada un coa súa.*
6. **botar o aparello só coas trallas.** Traballar en balde. *Premer no botón de imprimir sen acender a impresora é botar o aparello só coas trallas.* # As trallas son as cordas que reforzan o bordo dun aparello ou rede de pesca. A expresión fai referencia ao feito de botar o aparello sen flotadores e sen os chumbos que, no xogo de peso e contrapeso, manteñen o aparello á profundidade desexada e permiten que os peixes queden atrapados na malla.
7. **comer coma a vaca na ferrán.** Comer mastigando moito o que se ten na boca, lembrando o remoer da vaca. *Comía no cocido coma a vaca na ferrán.*
8. **comer coma o porco no trevo.** Comer con fruición. *Comeu aquelas sardiñas coma o porco no trevo.*
9. **comer máis que a sarna.** Comer cun apetito devorador. *Ese rapaz come máis que a sarna, nada lle chega.*
10. **darlle a escacha-pexegueiro.** Facer algo con exceso, estrago ou dilapidación. *Cando herdou o capital dos vellos deulle a escacha-pexegueiro e agora quedou a velas vir.* # 1. É frecuente o seu emprego nun contexto de crítica ou reconvención implícita ou explícita. 2. A expresión *a escacha-pexegueiro* figura rexistrada en Martínez Seixo (2000) coa definición 'Facendo todo o posible para que saia ben' que non se corresponde co

significado dado polos nosos informantes.

11. **é como falar coa roda de proa.** [Úsase para manifestar unha queixa ou unha crítica cara a alguén que se nega a escoitar]. *Intentei que cambiase de opinión, pero nada, miña filla, é como falar coa roda de proa.*
12. **estar a pa.** [Especialmente no comercio.] Non marchar ben o negocio, estar paradas as vendas. *Este ano, coa crise, estivemos a pa, incluso nas rebaixas.* # A pa é un instrumento que se utiliza para parar a maquinaria do muíño, "estar a pa o muíño" é estar sen moer.
13. **estar para pór os pés na lareira.** Estar [unha cousa, xeralmente a resolución dun problema ou dun obxectivo] a piques de ser conseguida. *– Como está a compra da casa da parteira? –Está para pór os pés na lareira, mañán espero asinar o contrato de compra-venda.*
14. **falar máis ca vinte costureiras xuntas.** Falar moito. *Pero, queredes calar? Falades máis ca vinte costureiras xuntas.* # Tradicionalmente as costureiras tiñan sona de ser moi conversadoras.
15. **fino coma un arroaz.** Espelido. *Mira como traballa, é fino coma un arroaz!* # 1. A expresión procede do mundo mariñeiro e pode acadar unha acepción pexorativa segundo o contexto, co valor de 'parvo'. 2. En Ferro Ruibal (2006:198) atopamos a expresión *(ser) bruto coma un arroás*.
16. **gata polbeira.** Muller que non se atén, no plano sexual, aos usos morais ou sociais establecidos. *Xa cho dicía eu, ocorreu por culpa desa gata polbeira*.
17. **gavotas da goeira.** [Referido sobre todo a médicos e escribáns] Mala letra. *Escribes coma o médico, non fas máis que gavotas da goeira.* # 1.O termo "goeira" refire o esgarabellar que fan as gaivotas co peteiro e coas patas no carromeiro que deixa a subida da marea, cando andan na procura de comida. 2. Úsase sempre *gavotas* en plural.
18. **gozar da casca.** Gozar moito de algo ou con alguén. *Con ese DVD que mercaches gozas da casca.*
19. ***hueco coma unha cabaza.** [Referido a unha persoa] Moi orgullosa ou satisfeita. *Cando lle acaban dando a razón marcha para a casa *hueco coma unha cabaza*.# O castelanismo /weko/ é pronunciado [gweko] que resulta, tras a gheada: [hweko].
20. **lan de ovella.** Cousa de pouco valor, sen importancia, sobre todo con respecto ao que se está a dicir. *Déixate xa de bobadas, iso que estás comentando non deixa de ser lan de ovella.* # A expresión empregábase tamén nos xogos dos rapaces e rapazas para salientar algo feble, pouco duradeiro: *Ese carrapicho non vale para nada, é lan de ovella.*
21. **madrileño de Ourense.** Veraneante que presume de orixe xeográfica ou social considerada superior e que realmente é de orixe menos valorada. *Pero que pensa ese? Presume de rico e ao final nada, un madrileño de Ourense.*

22. **medir unha veiga/medir un palleiro.** [Emprégase, de xeito fachendoso, para indicar o intento de namorar a unha persoa]. *Ímoslle á festa a ver se medimos unha veiga.*
23. **meter en présa.** Crear dificultades. *Bastantes problemas teño eu como para meterme en présa con ese asunto.*
24. **mirarlle a cara emborrada** [a alguén]. Tomar a alguén por parvo e intentalo enganar. *Debeume mirar a cara emborrada, porque me quixo vender aquel peixe que xa fedía.* [Úsase tamén para adverti-lo interlocutor de que un non se deixa enganar *¡Seica me miráche-la cara emborrada!*].
25. **nas uñas.** Moi rápido, con présa. *Non te dou seguido, vas nas uñas.* # Úsase con verbos de movemento.
26. **non ser pan do meu/teu/seu coitelo.** Non ser persoa do agrado de un. *Ese amigo teu é un laretas, non é pan do meu coitelo.*
27. **ovo de galo.** [Adoita facer referencia a un suceso ou circunstancia rara, estraña]. *Ha volver pasar cando atopedes outro ovo de galo.* # Esta locución vén motivada polo feito inusual de que os galos poñan un ovo de diminutas dimensións.
28. **para congro ser moi longo e para sargo ser moi largo.** Non servir nin para unha cousa nin para outra. *Deixa de presumir, que para congro es moi longo e para sargo es moi largo.*
29. **romper camas.** Durmir moito, apoltronarse e, por extensión, non traballar. *A ver cando deixas de romper camas e fas algo pola vida, langrán.*
30. **sacarlle/tirarlle punta ao trompo.** Ser excesivamente meticuloso e puntilloso. *É tan seu que sempre lle anda sacando punta ao trompo.*
31. **salvarse nun corcho.** Salvarse por pouco de algo: in extremis, con moita dificultade, de xeito case inverosímil. *Xa pasaba da hora pero conseguiu que o deixasen entrar, salvouse nun corcho.*
32. **ser coma o can da Canuda/ ser coma o can da Collona/ ser coma o can da Ulla.** Estar de troula todo o tempo. *Non para, é coma o can da Canuda, toda a semana de festa.* # A Canuda, A Collona e A Ulla, son alcumes que xa remiten a personaxes proverbiais. Atribúeselles a estes cans unha vida libre e pracenteira, sen ningún control; e son paradigmas de animal vagabundo e abandonado. As dúas últimas variantes foron recollidas en Bueu.
33. **ser puta no 41/ ser puta en Cartagena.** Ter alguén moita experiencia e ser difícil de enganar. *A min non me contes historias, que xa fun puta no 41.* # 1. A primeira das expresións só a constatamos en Cangas. 2. Dado que o ano 41 foi o ano da fame, enténdese que as mulleres dedicadas daquela á prostitución pasaron serias calamidades e tiveron que facer pola vida, polo que se lles supuña esa ampla experiencia, por iso a locución se usa sempre en pasado. 3. Existe a variante, *ter sido puta na Coruña* recollida en Martínez Seixo (2000) co mesmo valor.

34. **soltarlle o espicho** [a alguén]. Darlle a alguén máis liberdade. *Déixao tranquilo, sóltalle algo máis o espicho.*
35. **ter o tempo á mesma.** Permanecer, unha situación negativa, no mesmo estado. *Baixoulle a febre pero ao pouco volveulle subir, témosche o tempo á mesma.* # Hai un substantivo elíptico: *... á mesma* [*pinta, aparencia, traza*, etc.] Úsase habitualmente co dativo de solidariedade.
36. **ter pan e porco para todo o ano.** Ter medios de subsistencia en abundancia [especialmente cando un asunto deu moi bos resultados]. *Non te queixes que ti, despois desa venda, tes pan e porco para todo o ano.*
37. **ter/levar/traer un can.** Estar ou parecer canso. *Aí vén Xosé, vaia can ten!* # Existe unha variante de carácter intensivo: **ter un can de raza loba.**
38. **ter/levar/traer unha areíña.** Estar lixeiramente bébedo. *Cando volveu da festa non paraba de falar, tiña unha areíña.*
39. **vender o peixe.** Convencer [a alguén] co propósito de enganalo. *Pediulle diñeiro outra vez insistíndolle en que desta vez o vai devolver: quérelle vender o peixe!*# Esta locución aparece tamén en Martíns Seixo (2010) pero cun sentido diferente: 'intentar convencer con argumentos'.
40. **ver vir** [alguén] **pola boca da ría.** Prever ou intuír as intencións de alguén. *Xa te vexo vir pola boca da ría, ti queres que che fale eu co patrón para que non te bote.*

2.2. Fórmulas

41. **A bordo, que son palometas!** [Expresa a idea de que todo é bo ou que todo serve]. *–Queres estas mazás aínda que están un pouco pasadas? –A bordo que son palometas!* # 1.A palometa ou castañeta é un peixe prezado. 2. En ocasións adquire un uso irónico para criticar a alguén que presume de algo, por exemplo: *– Eu saio a pescar e non volvo nunca con menos de 50 quilos de polbo. –Xa estamos, palometas, a bordo que son palometas!*
42. **A onde [vai, vas…] sen *paraguas?** [Mostra a opinión de que alguén non vai conseguir nada co que se propón]. *–Voume pór serio cos do banco e verás como deixan de cobrarme estas comisións. –A onde vas sen paraguas?*
43. **Avante rúa, cada un coa súa.** [Resposta de ánimo ante as queixas de alguén polas dificultades ou problemas que debe afrontar]. *–Este traballo é demasiado duro e non se gana nada. –Avante rúa, cada un coa súa.*
44. **Canto mantén o pan de millo!** [Indica unha incredulidade, especialmente diante dunha esaxeración]. *–O meu rapaz é moi estudoso, os profesores xa lle din que non fai falta que traballe máis, que xa o sabe todo. –Canto mantén o pan de millo!*
45. **Dille ao mar que ronque.** [Emprégase para indicar que unha acción ten consecuencias xa inevitables]. *Non quixo arranxar a casa cando debía e agora dille ao mar que ronque.*

46. ***Dios cho/a conserve [o oído, a vista,** e eventualmente outro sentido**] pero que non cho aumente.** [Expresión que indica incredulidade e, ocasionalmente, admiración, ante a percepción doutra persoa]. *–Vinte onte na festa. –Pois Dios che conserve a vista pero que non cha aumente porque estiven na casa todo o día.*
47. **Eu tiña un can que tiña fame e despois tiña sono.** [Úsase para lle indicar a unha persoa que non debe bocexar en público]. *Eu tiña un can que tiña fame e despois tiña sono. Cantas veces che teño dito que hai que pór a man diante da boca!*
48. **Fode, can, fode que a cadela é miña.** [Censura que se obteña proveito de alguén ou servíndose de algo da propiedade doutra persoa]. *–Voulle botar un pouco máis da túa pintura, que queda mellor. –Fode, can, fode que a cadela é miña.*
49. **Has de levar moita xente!** [Resposta irónica a alguén que di que vai facer ou acadar algo difícil ao sospeitar que non o conseguirá]. Alude ironicamente á gran cantidade de xente que previsiblemente se reunirá para asistir ó enterro do interlocutor. *–Xa verás como este ano me han de subir o soldo. –Has de levar moita xente.*
50. **Mentres vai e vén, non está o camiño sen el/ mentres vai e vén, non está o camiño sen xente.** [Expresa despreocupación por que alguén estea perdendo o tempo, incumprindo as súas funcións ou non facendo o que debera]. *–Pero ti como mandas a ese buscar o martelo? –Déixao, mentres vai e vén non está o camiño sen el.*
51. **Mira para min, que son de Marín!** [Réplica utilizada para expresar que alguén non creu en absoluto o que lle acaba de dicir o interlocutor, facendo así constar que non é un crédulo parvo]. *–Eu nos meus tempos mozos corría os cen metros en dez segundos. –Mira para min, que son de Marín, se ti non corrías nin para escapar dos paus.*
52. **Nese barco non vou eu ao mar.** [Expresa a desconfianza ou o receo cara a unha persoa ou feito]. *Eses banqueiros arruinaron moita xente, nese barco non vou eu ao mar.*
53. **O coidado vai na vela e en quen a leva.** [Resposta de tipo xocoso e humorístico á expresión "Coidado!" como advertencia]. *Coidado que che vai cair todo! O coidado vai na vela e en quen a leva!*
54. **O que non vai en ais vai en suspiros.** [O que non se gasta ou perde por un motivo, gástase ou pérdese por outro]. *Non queiras aforrar tanto, que o que non vai en ais vai en suspiros.*# Normalmente úsase en presente ou pretérito e sempre en terceira persoa.
55. **Que ten/terá que ver a lúa cos collóns do porco?** [Úsase para indicar que unha cousa non ten relación con outra]. *Non me digas que non o arranxaches por estar a chover, que ten que ver a lúa cos collóns do porco?* # Na Internet atopamos *que ten que ver a lúa cos collóns do becerro?*: http://www.arroutadanoticias.com

/foro/viewtopic.php?t=1591&sid=38664b3d6eca0e5fac31def297c7df85 [14/01/2012].

56. **Quen me caga non me limpa.** [Úsase para expresar que non se esquece o mal que lle fan a un]. *A ese non lle vou nin ao enterro, quen me caga non me limpa.*
57. **Vai morrer o demo!** [Úsase para indicar que acontece algo bo pero pouco usual ou que alguén, que non adoita actuar dese xeito, realiza algo bo ou ben]. *Que milagre, vires de visita! Vai morrer o demo!*
58. **Vaiche caír san Xoán polas orellas!** [Advertencia aos nenos de que se lles vai bater se continúan na mesma actitude]. Descoñececemos a motivación: unha das imaxes de san Xoán apóstolo represéntao co dedo indicándolle a María por onde levan a Xesús camiño do Calvario. *Como sigas facendo iso vaiche caír san Xoán polas orellas.*
59. **Xa vou, xa pito.** [Resposta irónica a alguén que di que vai facer ou acadar algo difícil, ao sospeitar que non o conseguirá]. *–Primeiro farei a compra, logo limparei, xogarei un partido e ás seis comezarei a estudar. –Xa vou, xa pito.* # Sempre se usa en primeira persoa de singular.

2. 3. Refráns

60. **A toupeira cambioulle os ollos polo rabo ao sapo.** [Úsase para ilustrar a torpeza dun mal negocio, xeralmente cando se cambia a peor de mozo ou de moza]. *–A Carmiña arriou co Miguel, disque xa fala con outro. –A toupeira cambioulle os ollos polo rabo ao sapo.*
61. **A xesta co demo entesta/testa.** [Indica a dificultade dun traballo]. *Esta terra está moi pisada e agora non hai quen a dea cavado, a xesta co demo entesta.* # 1.- Procede, probablemente, da dureza desa planta e da dificultade para arrincala ou cortala. / 2.- En Taboada Chivite (2000) *A vide e a xesta co demo en testa* e *A xesta / testa co demo apesta*.
62. **A xesta o demo atesta.** [Reflicte a crenza popular de que a xesta espanta o mal representado polo demo]. *Aínda non retirou a xesta do balcón dende o primeiro de maio, xa se sabe, a xesta o demo atesta.* # 1. A expresión é propia dalgúns lugares da parte alta de Moaña: Berducedo, Broullón e Paradela onde o verbo *atestar* ten o significado de 'espantar, parar, rexeitar'. 2. Tradicionalmente considérase que algunhas plantas, como a xesta, o toxo ou o cardo, servían para espantar as bruxas, o meigallo e, por extensión, o demo. De feito, existe o rito de facer un nó nas pólas da xesta ao pasar por ela para facela máis efectiva.
63. **Bens cantos trepes e casa canto quepes.** [[Indica que é bo ter moitos bens e leiras, porque poden crear riqueza, pero unha casa debe ser pequena, porque non ocasiona moitas necesidades nin gastos]. *–Non sei se mercar esa tomada ou non. –Esas son cousas túas pero xa sabes: bens cantos trepes e casa canto quepes.* # En Zamora Mosquera (1972) recóllese coa forma

"*Bens, cantos vexas, casa, canto queipas*".

64. **Berra o mar en Lapamán, colle leña e coce pan.** [Úsase para indicar que cando se oe romper o mar en Lapamán, virá mal tempo]. *Non saiades agora que ha de vir mal tempo; berra o mar en Lapamán, colle leña e coce pan*. # Lapamán é unha praia no linde dos concellos de Bueu e Marín.
65. **Berra o mar en Lapamán, vento sur pola mañán / berra o mar en Lapamán, vento sur na man.** [Úsase para indicar que cando se oe romper o mar en Lapamán, pronto chegará o vento do sur]. *Vai cambiar o tempo, xa se sabe, berra o mar en Lapamán, vento sur pola mañán.*
66. **Cando a cruz baixa á praia, van sete na manada**. [Expresa a crenza de que unha morte nunca vén soa, nin unha soa vez]. *–Morreu o Perrincho! –Pois cando a cruz baixa á praia van sete na manada*. # Esta paremia é propia dos barrios costeiros de Bueu: Banda do Río, A Praia ou Pescadoira. Cando nun destes lugares se producía un falecemento a crenza popular é que sería acompañado, irremediablemente, duns cantos máis de xeito inmediato.
67. **Cando as cousas van mal ata a muller pare doutro.** [Indica con sarcasmo que nas situacións desfavorables os problemas tenden a acumularse]. *–Que che pasa, home? –Xa ves, onte estragouse o coche, hoxe a lavadora e o frigorífico, cando as cousas van mal ata a muller pare* doutro.
68. **Cando chove por Donón, mocalla por Santa Marta**. 1. A chuvia chega a Donón do suroeste, onde se atopa Santa Marta: polo que, se en Donón chove, en Santa Marta, cando menos, tamén *mocalla* (palabra de uso exclusivo de Cangas onde significa, chovisca). *Parece que pola Portela xa cae. -Pois ben o sabes: cando chove por Donón, mocalla por Santa Marta: así que abrígate ben.* 2. Hai un segundo uso metafórico, que vai máis aló do estritamente meteorolóxico: para indicar que en situación ou circunstancias próximas é común que se produzan resultados máis ou menos semellantes. *Non penses que se a min me chamaron a atención, te vas librar ti: cando chove por Donón, mocalla en Santa Marta.- // Eu, no caso dela, tomaría certas medidas, xa que cando chove por Donón, mocalla por Santa Marta*.
69. **Cando hai festa, todo o mundo baila.** [Úsase para expresar que cando as cousas van ben, é bo para todos]. *Coa apertura da nova fábrica, as tendas venden o dobre que antes. Cando hai festa, todo o mundo baila.*
70. **Carne de can vale máis rota que san.** [Úsase para indicar a capacidade e a rapidez de alguén para curar]. *O outro día estaba a morrer e hoxe non para quieto, carne de can vale máis rota que san.* # Refrán só constatado en Moaña.
71. **Cerra Arousa, mala cousa.** [Indica que haberá mal tempo, que vai chover, porque as nubes xa cobren Arousa].

Mañán pensaba pasear polo monte pero cerra Arousa, mala cousa. # É refrán de Bueu, dende onde se albiscan os montes da ría de Arousa: e cando esta ría se pecha (de nubes) e eses montes se ven envoltos en nubes, anuncia tempo frío e chuvioso.

72. **Couso con Udra, chuva segura.** [Anuncia que o tempo vai a peor]. *Parece que temos cambio de tempo: Couso con Udra, chuva segura*. # Couso e Udra son as dúas puntas ou cabos que enmarcan a entrada da Ría de Aldán. Cando as nubes cobren o espazo entre unha e outro, dise que se *xuntan* e iso é anuncio de chuvia. O refrán é da parroquia do Hío.
73. **Neboeiro no monte de Aldán, chuva na man.** [Prognóstico que indica a chegada de mal tempo]. *Parece que non imos poder saír, neboeiro no monte de Aldán chuva na man.*
74. **O home e o porco é o que sale/ o xenro e o porco é o que sale.** [Advirte da dificultade de coñecer ben as persoas. Úsase moi frecuentemente entre mulleres para ilustrar a falla nas expectativas creadas ao escoller mozo ou marido]. *–Quen o había pensar del, que de solteiro parecía tan guiadiño! –Si, muller: o home e o porco é o que sale.*
75. **Óso soán, barbela mollada e barriga buxán. Óso soán, fuciño untado e barriga van.** [O óso soán é o espiñazo. Retirados os músculos que asentan nel (solombo e raxo), aínda queda algunha pouca carne pegada ó inicio das costelas: é ben saborida pero, para comela, resulta inevitable unta-la barba. O refrán indica que a pouca carne que queda entre as costelas próximas ao espiñazo (*óso soán* ou *óso de soá* / *óso da soá*) pode gustar moito pero non mantén, cómese coma se non se comese, pois non farta]. *Iso que comes é unha porcallada, non serve para nada, xa sabes, óso soán, barbela mollada e barriga buxán.* # En Ferro Ruibal e Groba Bouza (2009) atopamos as formas: *Óso de soá, barba untada e barriga en vao* e *óso de soá, barba untada e barriga lareca*. Tamén está documentada a forma *con soá barriga untada e fuciño en pau* en Taboada Chivite (2000).
76. **San Vicente no solleiro, as pipas ao carpinteiro.** [Se en torno ao día de san Vicente (22 de xaneiro) vai bo tempo, ese ano haberá bo viño] *Mirade que bo tempo estamos a ter, ademais xa sabedes, san Vicente no solleiro, as pipas ao carpinteiro; así que teremos traballo este ano.*
77. **Se aquí chove ¡que fará no Grove!** [Dise para indicar que se algo vai mal, doutro xeito ou noutros lados iría aínda peor]. *É moito mellor non queixarse moito, pois se aquí chove que fará no Grove.* # O refrán aparece documentado na Internet en múltiples artigos e comentarios con esta forma e coa variante *Cando aquí chove, que fará no Grove.*
78. **Se o Liboreiro ten sombreiro, mete o cu no borralleiro.** [Indica previsión de mal tempo, por verse cuberto de nubes o monte]. *–Parece que vai moito*

frío. –Vai, xa sabes, se o Liboreiro ten sombreiro mete o cu no borralleiro. # O monte Liboreiro está situado entre Bueu e Cangas.

79. **Sementa raro e irás co carro, sementa mesto e irás co cesto.** [Consello para non cultivar moi próximo, porque de facelo así a produción será menor]. *–Teño que plantar uns carballos e non sei moi ben como facelo. –Pois xa sabes, sementa raro e irás co carro, sementa mesto e irás co cesto.*

Verba volant, scripta manent. Escribamos as palabras por se un día cometemos o pecado de esquecelas, pero deixémolas voar, que cheguen ás persoas e as leven, co seu reemprego, a intensas e fecundas comunicacións. Hai quen pensa que a recollida destas expresións, case sempre da boca de persoas maiores, é un intento de resucitar un morto, unha sorte de boca a boca inútil; mais as palabras seguen vivas mentres algún falante as utiliza ou as lembra. Nós queremos pensar que relanzalas é máis ben un bico de amor, de amor fértil, que ha de traer un futuro máis rico. Así sexa.

3. Informantes

Manuel Aldao Portas
Alonso Martínez, Manuela
Calvar González, Gabriel
Castro Rúa, Salvador
Gago Lemos, Rosendo
García, José
González Lemos, Lucinda
Millán González, Clara
Millán González, María
Otero Loira, Aurora
Otero Loira, Teresa
Otero Otero, Fernando
Pardavila Alonso, Isaura
Paredes Juncal, María
Pazos Abalde, Emma
Piñeiro Torres, Victoria
Rodal Dobarro, Margarita
Rúa Gayo, Carlos
Soto Cano, Carmen
Tilves Guimeráns, Francisco
Tilves Pazos, Emma
Tilves Diz, José
Villar Guardado, Ramón

4. Bibliografía

ÁNGELOVA NÉNKOVA, Véselka e GONZÁLEZ-ESPRESATI, Carlos (2008): "Alternancia e fixación do diminutivo nas unidades fraseolóxicas" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 2008, 15-33.

BARÁNOV, Anatolij e DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía.* Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

CORPAS PASTOR, Gloria (1998): "Expresións fraseolóxicas e fenómenos colindantes" en FERRO RUIBAL, X (coord.): *Actas do I Coloquio*

galego de fraseoloxía. Vigo: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia; 31-61.

FERRO RUIBAL, X. (1987): *Refraneiro Galego Básico*. Vigo: Galaxia.

(2006): "Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 2006, 179-264.

FERRO RUIBAL, X. e GROBA BOUZA, Fernando (2009): "Dichos y refranes en dialecto vianés" de Laureano Prieto (1951), ms.RAG (170)/5" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega,* 11, 2009, 259-282.

LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, María do Rosario (1995): *Así falan os galegos, Fraseoloxía da lingua galega.* A Coruña: Galinova.

(2008): *Dicionario de fraseoloxía galega*. Vigo: Xerais.

MARTÍNEZ MARÍN, Juan: "Como introduci-los valores pragmáticos das expresións fraseolóxicas no diccionario" en FERRO RUIBAL, X: *Actas do I Coloquio galego de fraseoloxía*, Vigo: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia; 127-137.

MARTÍNEZ SEIXO, Ramón Anxo (dir.) (2000): *Dicionario fraseolóxico galego.* Vigo: A Nosa Terra.

MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo (2010): "120 locucións verbais galegas" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, 2010, 373-386.

PENA ROMAY, Xosé Antonio (2001): *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas, Castelán-Galego.* Vigo: Edicións do Cumio.

SANTAMARINA, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de Diccionarios*. [Recurso electrónico] Versión 3. A Coruña: Biblioteca Filolóxica Galega/Instituto da Lingua Galega, Fundación Pedro Barrié de la Maza. [http://sli.uvigo.es/DdD/] [1.4.2012].

TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): *Refraneiro galego, Cadernos de Fraseoloxía Galega* 2. Vigo: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia.

VV.AA. (2007): *Diccionario Estudio Salamanca Maior.* Barcelona: Octaedro.

VV.AA. (2005): *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Museo Massó.

ZAMORA MOSQUERA, Federico (1972): *Refráns e ditos populares galegos.* Vigo: Galaxia.

ZULUAGA OSPINA, Vicente (1998): "Sobre fraseoloxismos e fenómenos colindantes" en FERRO RUIBAL, X. (coord.): *Actas do I Coloquio galego de fraseoloxía.* Vigo: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia; 15-30.

Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1

Phraseology and paroemiology of Sebil,1

M. ª Victoria Cerviño Ferrín.

Escola Oficial de Idiomas. Pontevedra

Resumo: Recadádiva de material fraseolóxico feita entre o 2008 e a actualidade en Sebil, aldea do concello de Cuntis (Pontevedra).

Palabras clave: fraseoloxía galega, paremioloxía galega, traballo de campo.

Abstract: A miscellany of phraseological material compiled from 2008 until the present time in Sebil, a small village in the Municipality of Cuntis (Pontevedra).

Keywords: Galician phraseology, Galician paroemiology, fieldwork.

1. Introdución

1.1. Localización e contido desta recadádiva

Presento neste traballo unha primeira achega de expresións recollidas en Sebil, unha aldea da parroquia de Cequeril, no concello de Cuntis, da que son nativa, e situada na ladeira meridional do monte Sebil, coñecido polo refrán *Cando Xesteiras ten capa e Sebil ten capelo, corre, Maruxiña, corre polo mantelo*: refrán que non se usa nesta aldea porque non pode ser referencia de si mesma e porque dende ela non se ve o monte Xesteiras, por estar na ladeira oposta do monte. A esta aldea, coma a todo o concello de Cuntis e aos concellos estremeiros de Moraña e Campo Lameiro, afectoulle moito o descenso de poboación dos últimos anos: conta hoxe cuns 60 veciños, os mais deles xente maior e todos galegofalantes. A actividade tradicional foi a agricultura e a gandería de subsistencia e esta forma de vida recóllese en moitas das unidades que aquí presento.

Empecei esta recolleita no ano 2008 e espero completala con outras expresións que sigo recollendo na actualidade [1]. Todas estas unidades son coñecidas e usadas por min

Data de recepción 11/07/2012. Data de aceptación 02/10/2012.

mesma ou na miña familia e veciñanza, aínda que unha parte delas eran de uso máis habitual nas décadas pasadas. En calquera caso é fraseoloxía e paremioloxía viva neste 2012.

Moitas destas locucións, fórmulas ou refráns están en uso noutras partes do territorio galego, ás veces con variantes que se adaptan aos distintos costumes e formas de vida (no refrán *Sempre un ruín porco atopa unha boa landra*, substitúese *landra* por *castaña* nalgunhas zonas) ou ás particularidades dialectais (*estar coma un ladral* é, noutras zonas, *estar coma unha caniza*) e nalgúns casos mesmo presentan un significado distinto en zonas máis ou menos próximas, como acontece nas expresións *na fura de diante* ou *ser de contra o rabo.* Hai outras unidades moi coñecidas que non presentan ningunha particularidade de forma, de significado ou de uso con respecto ao resto do territorio, pero paréceme necesario incluílas tamén aquí porque isto axúdanos a coñecermos mellor a súa localización e frecuencia de uso.

Outras, en cambio, teñen un uso máis local, como se pode deducir dos topónimos que aparecen (*A Estrada, Fontecova, Arca,* lugares próximos a Sebil) e unha pequena parte son case exclusivas dunha familia, xa que fan referencia a algún acontecemento ou personaxe desa familia, pero o seu uso converteunas en habituais, por iso considero necesario recollelas tamén aquí.

Como é normal nunha situación de contacto de linguas, tamén recollo algunhas unidades fraseolóxicas con indicios de seren unha adaptación do castelán que marco como posibles castelanismos.

A ordenación das unidades fraseolóxicas é alfabética e con cada expresión realicei, en primeiro lugar, unha indicación básica da súa tipoloxía, seguida dunha explicación breve do seu significado e, por último, unha exemplificación, en cursiva, do uso da expresión que figura como entrada.

Como se verá, a maioría das locucións pertencen ao nivel coloquial e por iso marco só as que son do nivel vulgar.

Con este traballo agardo poder contribuír á conservación, recuperación e popularización da nosa fraseoloxía.

1.2. Características lingüísticas desta recadádiva

O galego que se fala en Sebil sitúase no bloque occidental. Dentro del podemos destacar os seguintes trazos:

Existencia de gheada: *ghato, aghuantar*.
Seseo implosivo: *raís*.
Formas dos demostrativos neutros con e- (*esto, eso, aquelo*).
Terminación *–an* para as formas de masculino e feminino: *can, mañán*.
Plural en *–es* para as palabras rematadas en –l: *ladrales*.

---

[1] Ademais das observacións dos correctores anónimos, quero agradecer a axuda que me prestaron miña nai, Xosefa Ferrín González e miña irmá, Elena Cerviño Ferrín, na explicación de moitas expresións e tamén a axuda de Xesús Ferro Ruibal.

En canto á morfoloxía verbal destacan as formas en – *eu* para a segunda e a terceira conxugación: *veu* (*ver* e *vir*), a forma vindes ou o uso do verbo *caír*. E, como particularidades dialectais de carácter léxico, son características desta zona as formas *vergonza*, *agua* ou *ladral.*

Nesta recolla, cando a expresión non coincide co galego estándar, adáptoa á forma normativa e indico ao final a variante local. Fago o mesmo coas interferencias. Manteño as formas dialectais nas expresións cando son necesarias por causa da rima, por exemplo en *todo eso por medio peso* (188).

2. Recadádiva

2.1. Abreviaturas e símbolos

dial.: dialoxismo.
EUF. : eufemismo.
fórm. : fórmula.
HUM. : humorístico.
IRÓN. : irónico.
l.adv. : locución adverbial.
l.adx. : locución adxectiva.
l.s. : locución substantiva.
l.v. : locución verbal.
LUD. : lúdico.
PEX. : pexorativo.
ref. : refrán.
VULG. : vulgar.
wel.: wellerismo.
forma como foi oída a expresión.
* posible castelanismo.

2.2. Locucións.

1. **cesto/saco sen fondo**. *l.s.* [Persoa] que come moito. Úsase cos verbos 'ser' e 'parecer'. *E comiches todo o biscoito. Pareces un cesto sen fondo!*
2. **cu franco/aberto**. *l.s.* [Persoa] que deixa sempre a porta aberta. *Ti es un cu franco, deixaches outra vez a porta da cociña aberta e entrou o gato.*
3. **lingua de trapo**. *l.s.* [Persoa] que o conta todo, incapaz de gardar segredos. Úsase cos verbos ser ou ter. *A ese non lle contes nada, que é un lingua de trapo.* # lengua *.
4. **María da disposición/ do goberno**. loc.s [Persoa] entremetida. *Xa chegou María do goberno e cambioume as cousas todas de sitio.*
5. **ninguén que vai para ningures**. *l.s.* PEX. [Persoa] sen importancia. *E ti faslle caso a ese ninguén que vai para ningures? E que vai saber el!*
6. **pau de virar as tripas**. *l.s.* [Persoa] moi delgada e, xeralmente, alta.
7. **peso falso/ moeda falsa**. *l.s.* [Persoa] hipócrita. *Levábanse moi ben, pero o Xoán resultou ser un peso falso*.

8. **basto coma os pelos**. *l.adx.* Moi abundante. *Teño que arrarear un pouco o millo que quedou basto coma os pelos*.
9. **coma o bacallau polo rabo**. *l.adx.* IRÓN. Moi delgado. Emprégase cos verbos 'ser' e 'estar'. – *Teño que comer mellor que ultimamente engordei moito. – Si, ti estás gordo coma o bacallau polo rabo*. # bacalao.
10. **coma o piollo na costura**. *l.adx.* Estancado. Dise de alguén que non avanza nun traballo ou no progresa na vida. Úsase cos verbos 'estar', 'andar'. *Hai media hora que empezaches a escribir esa redacción e non dás acabado. Estás coma o piollo na costura*. Noutros tempos os piollos escondíanse nas costuras da roupa, de onde resultaba moi difícil sacalos.
11. **coma un bazuncho**. *l.adx.* Moi gordo. *Como sigas comendo así vaste poñer coma un bazuncho* # bezuncho.
12. **coma un varredoiro**. *l.adx.* Moi sucio. Úsase cos verbos 'vir', 'parecer', 'andar' ou 'estar' *E ti que estiveches facendo?Mira como traes o pantalón, pareces un varredoiro*.
13. **estar coma/parecer un ladral**. *l.adx.* Extremadamente fraco. *Dálle de comer ao can que parece un ladral.*
14. **seco coma un chamizo**. *l.adx.* Moi seco. *Fai moita falta que chova algo que está todo seco coma un chamizo*. Os chamizos son os restos de arbustos coma o toxo ou a xesta que quedan chamuscados no monte despois dun incendio. Polo seu alto poder de combustión, empregábanse para acender o lume e quentar o forno.
15. **(ser) (bruto) coma un arado/ máis bruto que un arado**. *l.adx.* Moi bruto. *Non enredes así co teu irmán que o vas mancar. Es máis bruto que un arado.*
16. **(ser) coma a virxe do puño**. *l.adx.* Avarento. *Reparte os caramelos con teu irmán, non sexas coma a virxe do puño*.
17. **acabarlle coa paciencia a un santo**. *l.v.* Provocarlle irritación [a alguén], causarlle enfado. *Estívome axudando o veciño, pero prefiro que non o faga: é tan lento que lle acaba coa paciencia a un santo*.
18. **andar / estar Cristo en calzóns**. *l.v.* Ter lugar algún alboroto ou liorta. Dise cando xa se desencadeou ou para ameazar con que pode producirse. *Deixade de enredar e de facer barullo e ídevos deitar, se non vai andar Cristo en calzóns!*
19. **andar a ir e vir coma o rato ao fol**. *l.v.* Andar dun lado para outro, sen parar, especialmente para coller algunha cousa de comer. *Leva a caixa dos bombóns para onda ti e non andes a ir e vir coma o rato ao fol.*
20. **andar á quinta pregunta**. *l.v.* Non ter nada, andarlle pedindo sempre diñeiro aos demais. Posible reelaboración hiperbólica de *andar á cuarta pregunta*, da que se di que procede de que nos xulgados, cando se tomaba declaración, as preguntas identificadoras eran estas catro: 1. Nome e idade. 2. País. 3. Relixión e estado civil. 4. Ingresos e patrimonio; e que todos tendían a responder negativamente a cuarta pregunta para evitar embargos. *Aínda ten un bo soldo e mais anda sempre á quinta pregunta*.

21. **andar coa orella baixa**. *l.v.* Andar avergonzado. *Antes presumía moito, pero dende que quedou sen traballo anda coa orella baixa.*
22. **andar coma o sapo pola area**. *l.v.* Andar moi amodo. *Bule, que a este ritmo non acabamos hoxe! Andas coma o sapo pola area*.
23. **andar / ir pola vella**. *l.v.* Non ter présa. *Como non apures imos perder o autobús. Ti andas sempre pola vella*.
24. **andar/ ir coma os cagallóns polo río abaixo**. *l.v.* VULG. Chegar ao mesmo sitio varias persoas, cada unha soa e con pouca diferenza de tempo entre elas. *Se viñésedes todos xuntos non tiña que me levantar tantas veces a abrir a porta, pero vindes coma os cagallóns polo río abaixo*.
25. **arder nun candil**. *l.v.* Ser de moi boa calidade. Úsase sobre todo para referirse ao viño ou a outra bebida alcohólica. *Este viño está ben bo, está que arde nun candil. De onde o trouxeches?*
26. **atar os cans con longaínzas**. *l.v.* IRÓN. Ter moita abundancia. Dise cando alguén se queixa por estar nunha mala situación, especialmente económica, para explicarlle que os demais están na mesma situación e que hai que levar traballo para conseguir o que se quere. – *Disque vai volver porque agora alí a cousa está moi mal e non atopa traballo. – Si, el pensa que aquí se atan os cans con longaínzas. # longanizas*.
27. **baixar a orella**. *l.v.* Mostrarse submiso, humillarse. *El espera que ela o chame, pero esta non é das que baixan a orella.*
28. **botala cantada**. *l.v.* Marchar e tardar moito en vir. Botar moito tempo facendo algo. Dise tamén cando alguén se levanta moi tarde. *Hoxe botáchela cantada, aínda non se vía cando saíches e case volves con noite.* Está relacionado coa misa cantada, que dura máis que a que é só rezada.
29. **botar a aña / o burro** [a alguén]. *l.v.* Levarlle a dianteira [a outros] nun traballo, especialmente agrícola e rematalo antes ca eles. *Hoxe María botouvos a aña, xa está chegando á cabeza da veiga e vós aínda ides pola metade*. Cando varias persoas traballaban xuntas sachando o millo ou as patacas ou segando, a primeira que, sachando ou segando, chegaba á estrema ou lindeiro, levantaba a sacha ou o fouciño e facíaa soar repetidas veces cunha pedra en sinal de triunfo. Entón dicíase que esa *lle botara a aña ós outros todos.*
30. **buscar un de capa negra en Santiago**. *l.v.* Buscar unha persoa ou unha cousa que se perdeu e que é moi difícil de atopar. - *Quedou el cos cartos de todos e agora non o dan atopado. – Si, búscame un de capa negra en Santiago*. En Santiago ata o século XX os estudantes e os curas usaban capa negra: os estudantes aínda se conserva na indumentaria da Tuna; e os curas aínda usaron o manteo case ata o final do milenio, como aínda se ve nesas esculturas que se vendían como lembranza de Compostela e que se chamaban "Chovendo". Había tanta xente con capa negra en Santiago que era difícil atopar un concreto.
31. **caer as aves do ceo**. *l.v.* Ir moita calor. *Xa iremos correr á noitiña que agora caen as aves do ceo*.
32. **cagar un boi nunha botella**. *l.v.* Acontecer unha casualidade moi

grande. – *Sabes que perdera o reloxo que me regalaches?, pois alguén o atopou na clase e deixouno na conserxería. – Pois si que tiveches sorte, iso foi cagar un boi nunha botella.*

33. **cambiar os ollos polo rabo**. *l.v.* Facer un mal negocio. *Vendeu a casa de pedra que tiña na aldea e mercou un piso na vila, non sei se cambiaría os ollos polo rabo.*
34. **cantar no papo**. *l.v.* Dar por feito. Dise cando alguén está convencido de que algo vai suceder como espera. *Cantáballe no papo a herdanza do tío, pero el deixoullo todo á muller que o coidou*.
35. **chamarlle o demo as vacas** [a alguén]. *l.v.* Actuar con temeridade. Baixade de encima do valo que aínda ides caer! *A vós chámavos o demo as vacas*. # caír.
36. **comer a figura** [a alguén]. *l.v.* Insistirlle moito a alguén para que faga algo. *Ándalle comendo a figura á filla para que faga unha carreira.*
37. **comer lume (e cagar ascuas)**. *l.v.* Aguantar unha situación que non agrada e non se pode cambiar, sufrir. *Moito lume tivo que comer mentres viviu a sogra*. # viveu.
38. **cortar canto ve e deixar canto atopa**. *l.v.* Non cortar ben algunha ferramenta. *Teño que comprar un coitelo novo, que este corta canto ve e deixa canto atopa*.
39. **cuspir ao aire (e caer na boca)**. *l.v.* Alardear ou facer críticas doutros sen ter en conta que un pode chegar a estar na mesma situación. Xeralmente acompáñase das fórmulas *". que aínda che ha de caer na boca"* (se a frase é afirmativa) ou ". *que che pode caer na boca"* (se a frase é negativa) para indicar que a un pode pasarlle o mesmo – *Non entendo como a algunha xente lle poñen tantas multas! – Si, ti cuspe ao aire (que aínda che ha de caer na boca)/ Non cuspas ao aire (que che pode caer na boca)*. #caír.
40. **dar o corpo** [algo a alguén]. *l.v.* Presentir. *Cando vin que non chegabas á hora de sempre xa me deu o corpo que lle pasara algo ao coche.*
41. **dar unha no cravo, outra na ferradura (e outra na pata da burra).** *l.v.* Facer as cousas mal. A terceira parte utilízase para resaltar a falta de atención da persoa ao facer o traballo ou cando se comete o mesmo erro varias veces. *A ver, atende ao que estás facendo, que dás unha no cravo, outra na ferradura e outra na pata da burra.*
42. **dar un salto o corazón** [a alguén]. *l.v.* Levar un susto ou unha sorpresa. *Cando vin o xabaril diante de min deume un salto o corazón.*
43. **deitarse no rego.** *l.v.* Non acabar de facer unha labor por ser unha persoa lacazana. *Leva un mes facendo o valo e non dá acabado porque lle gusta moito deitarse no rego.*
44. **deixar o raposo sen rabo.** *l.v.* Esaxerar moito por exceso ou por defecto. – *Na manifestación había polo menos 5000 persoas. – Non sería tanto, non deixemos o raposo sen rabo.* O rabo é unha das partes máis vistosas do raposo e representa case o 40% do seu espiñazo. Ademais do seu gran tamaño, na cultura popular ten un valor moi importante, xa que simboliza a esencia do raposo, a renartería e todos os seus poderes: disque, cando foxe, vai varrendo o chan co rabo para borra-las súas pisadas.

45. **durmir coma unha pedra**. *l.v.* Durmir profundamente. *Cando chegamos non lle dixen nada porque durmía coma unha pedra e non o quixen espertar*.
46. **estar aínda a porca nas mans do capador**. *l.v.* Non estar concluído un asunto. – *Ese cesto así non che queda ben. – Cala que aínda a porca está nas mans do capador*.
47. **estar mexado/-a dos cans**. *l.v.* Ter mala sorte. *Hoxe non me sae nada ben. Primeiro estrágaseme o coche e agora perdo o autobús. Parece que estou mexada dos cans!*
48. **estar no Credo e ir para a Salve.** l.verb Non avanzar nun traballo. *Eu pensei que xa acabaras de corrixir os exames e ti aínda estás no credo e vas para a salve*. Cando a misa era en latín, remataba co rezo da Salve de xeonllos diante do altar. Este final suprimiuno a reforma litúrxica do Concilio Vaticano II en 1965. Como o Credo se recitaba (e recita aínda hoxe) máis ou menos no ecuador da cerimonia, *estar no credo e ir prá salve* indicaba que se está aínda na metade do traballo. Pervive o uso fraseolóxico, cando xa desapareceu a motivación.
49. **estarlle escapando das uñas ao demo**. *l.v.* Ter [unha persoa] aspecto de estar gravemente enferma. *E Ramón estará enfermo? Onte vino moi desmellorado, parece que lle está escapando das uñas ao demo*.
50. **facer a gata**. *l.v.* Eludir unha obriga. *Dixo que non puidera acabar o traballo porque lle doía unha man, pero a min paréceme que está facendo a gata*. A gata tamén se considera un animal moi astuto, tanto polas súas artimañas á hora de cazar, coma pola súa habilidade para conseguir comida, esconder as crías ou evadirse en situacións complicadas.
51. **facer coma os de Penarada, canto din hoxe, mañá non é nada**. *l.v.* Non ter palabra. *Onte ofreceuse para me axudar a facer a mudanza e hoxe chamoume para me dicir que non podía vir. Fai coma os de Penarada, canto din hoxe, mañá non é nada.* Penarada é unha aldea do concello da Estrada, na parroquia de Ouzande, pola que había que pasar no traxecto a pé dende Sebil á Estrada. # mañán.
52. **facer tanta falta coma o pan de comer**. *l.v.* Ter moita necesidade de algo. *Este ano teño que ir ás rebaixas a ver se merco unha chaqueta que me fai tanta falta coma o pan de comer*.
53. **facer unha valentía coma a porca da Caeira (que pasou o río a patas sen mollar o rabo, porque non o tiña)** *l.v.* Realizar unha acción de escaso mérito. Dise para quitarlle importancia ou criticar un feito doutra persoa. *Mercaches o pantalón máis barato por internet e agora non che serve, fixeches unha valentía coma a porca da Caeira*.
54. **haber máis demos que auga bendita**. *l.v.* Haber pouco que repartir entre moita xente. *Non creo que aprobe porque hai 30 prazas e somos 500 candidatos. Hai máis demos que auga bendita* # agua.
55. **ir á corte e matalas todas**. *l.v.* Facer algo que é negativo para quen o fai. *Despois do traballo que me deu facer as gravacións, se agora as borro, sería coma ir á corte e matalas todas*.
56. **ir por dentro a procesión**. *l.v.* Úsase para indicar que unha persoa ten algunha preocupación, aínda que non

o manifeste exteriormente. *El vese moi animado desde que o operaron, pero a procesión ha de ir por dentro*. Nas catedrais en certas ocasións hai procesións que percorren as naves do templo sen saíren ó exterior: de aí nace a metáfora.

57. **ir prender o cabuxo/levar o cabuxo a pacer**. *l.v.* Pasarlle [a alguén] o enfado. *Que, agora xa queres vir canda nós?, xa fuches prender o cabuxo?*
58. **ir/escapar dunha casa queimada**. *l.v.* Marchar dunha casa sen que a un lle ofrezan nada ou marchar con moito apuro dun sitio. *Veunos facer unha visita, pero non quixo tomar nada, marchou coma dunha casa queimada*.
59. **lavarse por parroquias**. *l.v.* Lavar só algunhas partes do corpo. *A auga estaba tan fría que me lavei por parroquias para acabar antes*.
60. **levar os cartos roubados**. *l.v.* Ser [unha persoa] pouco traballadora. *Ese leva os cartos roubados porque non fai máis que andar a falar con uns e con outros mentres os demais fan o traballo.*
61. **levar/ter ovos nos pés**. *l.v.* Andar moi a modo para que apure. *Anda un pouquiño máis lixeiro que imos perder o autobús. Parece que tés ovos nos pés*.
62. **limpar o salón**. *l.v.* HUM. Limpar o interior do nariz cos dedos. Díselles especialmente aos nenos. *Que, seica hai festa, que estás a limpar o salón?* # limpiar.
63. **marchar/saír co rabo entre as pernas**. *l.v.* Marchar avergonzado, humillado. *Veume pedir os cartos, pero cando lle dixen o que me debía tivo que marchar co rabo entre as pernas.* # salir.
64. **meterlle unha agulla no cu e facer un anzol**. *l.v.* Ser unha persoa moi presumida e vaidosa. *Sempre anda alardeando do ben que o fai todo. Se lle meten unha agulla no cu fai un anzol*.
65. **meterlle no cu** [algo a alguén]. *l.v.* VULG. Contarlle a alguén algo que outra persoa lle dixo confidencialmente. *Díxenlle que non contase nada e tan pronto chegamos á casa, xa llo meteu no cu a seu pai*.
66. **meterse en camisa de once varas**. *l.v.* Implicarse en asuntos de difícil solución. *Díxenlle que lle axudaba a traducir o libro, pero non sei se me metería en camisa de once varas, é máis difícil do que pensei*.
67. **mirrar a pestana**. *l.v.* Chorar. Dise especialmente cando se chora por algo de pouca importancia ou que sucedeu por culpa de quen chora. *Enfadouse e marchou por culpa túa. Mírralle agora un pouquiño a pestana, a ver se volve*. Cando alguén chora, especialmente se o choro é forzado, engurra moito as pálpebras, por iso se di que mirra ou engurra a pestana.
68. **non caber** [a alguén] **o pan na boca.** *l.v.* Ser unha persoa indiscreta, non saber gardar un segredo. *A esa non lle contedes nada que non lle cabe o pan na boca e mañá sábeo a parroquia enteira*.
69. **non chegar para a cova dun dente**. *l.v.* Ser unha cantidade insuficiente de comida para unha persoa. *Fixéchesme un bocadillo tan pequeno que non me chega nin para a cova dun dente.*
70. **non cumprirse de alento**. *l.v.* Ter dificultades para respirar a causa da calor, o cansazo. *Tivo que abandonar a carreira porque ía tanta calor que non se cumpría de alento*.

71. **non dar pancada**. *l.v.* Non facer nada, non traballar. *Hoxe é domingo, así que non penso dar pancada en todo o día.*
72. **non estar o alcacén para gaitas**. *l.v.* Non ser o momento oportuno para dicir ou facer algo por causa do estado de ánimo doutra persoa. *Íalle pedir cartos a meu pai, pero mellor veño máis tarde, que agora paréceme que non está o alcacén para gaitas.*
73. **non haber can que o/a cheire**. *l.v.* Non haber ninguén que lle faga caso a unha persoa. *Feo non é, pero é tan ruín que non hai can que o cheire.*
74. **non parar un can preso**. *l.v.* Ir moito frío. *Íamos un frío na festa que non paraba un can preso*.
75. **non pousar unha mosca** [en alguén]. *l.v.* Ser unha persoa moi orgullosa. *Íamos para a reunión tan preparado que non paraba unha mosca nel*.
76. **non ser ollo de santo**. *l.v.* Non necesitar moita precisión. *Non te pares tanto a facer iso que tampouco non é ollo de santo.*
77. **non ter con que botar un sapo fóra**. *l.v.* Non ter nada. *Xa nunca tivera moito, pero agora quedou sen traballo e non ten nin con que botar un sapo fóra*.
78. **non ter pelos na lingua**. *l.v.* Dicir o que se pensa. *Ata agora fixo o que lle deu a gana, pero esta halle de poñer as cousas claras que non ten pelos na lingua*. # lengua.
79. **non valer nin para botarlle auga nas mans**. *l.v.* Ser inferior. Dise cando se compara unha persoa que se considera máis importante con outra que se pensa que é inferior. *Mira, ela era de tan boa familia e casou con ese que non vale nin para botarlle auga nas mans*. # agua.
80. **non ver camiño nin carreiro**. *l.v.* Estar moi escuro e non verse nada. *Prende a luz que así non ves camiño nin carreiro e aínda vas tropezar en algo*.
81. **parecer un Santo Cristo cun par de pistolas.** l. v. Non acaer unha cousa co seu contorno ou contexto. O verbo pode ser substituído por 'quedar', 'caer', 'campar', 'ir', 'estar' ou 'sentar'. *O traxe que levou á voda quedáballe tan mal con aqueles zapatos que parecía un Santo Cristo cun par de pistolas*.
82. **pasarlle** [a alguén] **coma ao que asou a manteiga espetada nun pau/garabullo**. *l.v.* Facer un disparate. Emprégase con verbos coma 'pasar' ou 'ocorrer' *Vas ó exame sen estudar porque cres que a resposta mais longa do test é sempre a correcta? Vaiche pasar coma o que asou a manteiga espetada nun garabullo*. # manteca.
83. **pasarlle** [o enfado a alguén] **cando mexe**. *l.v.* VULG. Pasarlle [a alguén] o enfado. – *Enfadouse porque non lle axudei e leva dous días sen me falar. – Non te preocupes, xa lle pasará cando mexe*.
84. **pedir para as almas**. *l.v.* Comportarse inxenuamente. *Dinche calquera cousa e ti crela, eu non sei se es parvo ou pides para as almas*.
85. **pingar antes de asar**. *l.v.* Querer obter resultados antes de tempo. *Si, ao mellor o alcalde arránxache ese camiño, pero antes aínda ten que gañar as eleccións, non pingues antes de asar*.
86. **poñer ladrais** [a algo]. *l.v.* HUM. [Dise cando alguén ten moita comida no prato ou noutro recipiente].

Botaches tanta carne na pota que agora non che cabe a verdura, vaslle ter que poñer uns ladrais. # ladrales.

87. **poñer o raposo a tornar das galiñas**. *l.v.* Encargarlle a alguén unha tarefa que require máis responsabilidade da que se lle supón a esa persoa. *Díxolle ao neno que tivese conta de que o can non comese as galletas, puxo o raposo a tornar das galiñas*.
88. **poñer os ósos nun feixe** [a alguén]. *l.v.* Pegarlle a unha persoa. *Ti non acabes de facer os deberes que cando veña teu pai hache de poñer os ósos nun feixe.*
89. **poñerlle o rabo ás cereixas**. *l.v.* Dar a última palabra. Pódese usar ironicamente, para referirse a alguén que considera que ten sempre a razón, ou nun sentido real, para falar dunha persoa que ten a autoridade para tomar a decisión final nalgunha cuestión. *Se non se fai como di el xa non lle vale. Ten que ser sempre o que lle pon o rabo ás cereixas*. / *Eu xa fixen a miña declaración, agora a ver que di o xuíz, el é o que lle pon o rabo ás cereixas*.
90. **proer** [a alguén] **o lombo por elas**. *l.v.* Comportarse de xeito pouco prudente. Tamén se lles di aos nenos cando non obedecen. *Non enredes así coa cámara que che vai caer e vai romper. A ti próeche o lombo por elas!*
91. **quedar no seo da manta**. *l.v.* Quedar alguén sen facer algo que se esperaba que fixese, especialmente cando é porque queda durmido. *Dixeches que ías ir ti pasear os cans, pero quedaches no seo da manta e tiven que ir eu*.
92. **rir como choran en Francia**. *l.v.* Chorar. Díselle especialmente aos nenos cando non toman en serio as ordes dos maiores. *Como sigades aí enredando e non vos vaiades deitar, ides rir como choran en Francia.*
93. **saber** [alguén] **con que gando labra**. *l.v.* Coñecer a calidade das persoas coas que se comparte algo, especialmente o traballo. *A reunión é ás catro e media, pero díxenlles que viñesen ás catro porque xa sei con que gando labro*.
94. **saber o que lle esqueceu ao demo.** *l.v.* Ser moi astuto. *A ese non o convencen tan facilmente, ese sabe o que lle esqueceu ao demo.* # esquenceu.
95. **sacar a un dos seus tremiños**. *l.v.* Facer que alguén perda a paciencia e se incomode. *Ide xogar a fóra, que levades toda a tarde barullando na cociña e estádesme sacando dos meus tremiños!*
96. **sacar os pelos dunha perna e poñelos na outra**. *l.v.* HUM. Perder o tempo. E como tes todo sen recoller? *Que estiveches facendo toda tarde, sacar os pelos dunha perna e poñelos na outra? Tamén se di cando alguén acabou de facer un traballo e está esperando que os demais acaben. – Eu xa acabei, agora que fago? – Agora saca os pelos dunha perna e ponos na outra*.
97. **saír a tripa cagueira**. *l.v.* HUM. Producirse un prolapso rectal. Úsase irónica e hiperbolicamente cando alguén (especialmente un neno) se queixa por unha mancadura que o falante considera de pouca importancia. – *Mira, piqueime cun toxo neste dedo. – Si, vaiche saír a tripa cagueira*. # salir.
98. **saír furada**. *l.v.* Non saír as cousas como un esperaba. *El contaba con vender o piso e mercar unha casa,*

pero saíulle furada porque o piso non hai quen llo queira. # salir.

99. **ser/facer coma Cornabichada, un pouco ri e outro pouco arregaña**. *l.v.* Deixar de chorar e empezar a rir. Díselles especialmente aos nenos. *Hai un pouco que estaba chorando e cando lle dei o boneco empezou a rir. Este neno fai coma Cornabichada, un pouco ri e outro pouco arregaña*. *Cornabichada* era o alcume dun home de Fontecova, aldea do concello de Cuntis, ao que lle morreran a muller e mais a filla e, cando bebía, ás veces cantaba, ata que alguén lle recordaba a morte da familia e entón poñíase a chorar e a maldicir a persoa que lle trouxera tales lembranzas. Tamén se coñecía coma o Becho de Fontecova.
100. **ser/facer coma o Becho de Fontecova, un pouco ri e outro pouco chora**. *l.v.* Deixar de chorar e empezar a rir. Díselles especialmente aos nenos. *Hai un pouco que estaba chorando e cando lle dei o boneco empezou a rir. Este neno é coma o Becho de Fontecova, un pouco ri e outro pouco chora*.
101. **ser coma un aradiño de pau**. *l.v.* Ter pouco valor, non saber facer nada ben. *Ela leva unha chea de traballo porque o home é coma un aradiño de pau e non lle axuda a facer nada.*
102. **ser de contra o rabo**. *l.v.* Ser unha persoa ruín, mesquiña. *Non te fíes moito dela que é algo de contra o rabo.* Noutras zonas esta forma ten un significado totalmente antitético e emprégase cun valor positivo porque se asocia a unha das partes máis saborosas do corpo da vaca. Pola contra, en Sebil ten un valor negativo, ao asociarse coa proximidade ao cu.
103. **ser fino coma a la de gato**. *l.v.* IRÓN. Ser moi agudo, moi astuto. *Non veu xantar con nós porque sabía que despois iamos apañar nas patacas, ese éche fino coma a la de gato*. # lan.
104. **ser máis falso que unha moeda**. *l.v.* Ser unha persoa falsa. *Con ese non contedes para a cea que é máis falso que unha moeda, hoxe diche que vén e mañá non aparece.* # moneda.
105. **ser máis parvo que os pelos do cu, que ven vir a merda e non apartan**. *l.v.* VULG. Ser moi parvo. *Ese é máis parvo que os pelos do cu, onte deixárono só na festa e hoxe volve saír con eles.*
106. **ser máis puta que as galiñas**. *l.v.* Ser unha persoa oportunista, buscar sempre o proveito propio. *Non te fíes moito del, que é máis puta que as galiñas*.
107. **ser mellor ter un fillo do mundo**. *l.v.* Ser unha opción totalmente inconveniente. Úsase para rexeitar unha oferta que se considera inconveniente ou mesmo nociva. Posiblemente sexa unha derivación do seu significado orixinal "ter [unha muller] un fillo de pai descoñecido". *Ir vivir con ela á cidade? Non, ho, antes aínda é mellor ter un fillo do mundo*.
108. **ser un debandoira**. *l.v.* Ser pouco seria e formal unha persoa. Cambiar frecuentemente de idea. *A ese non lle fagas caso ningún que é un debandoira, hoxe diche unha cousa e mañá fai outra.*
109. **subir** [a alguén] **o demo pola perna arriba**. *l.v.* Desconfiar. *Viunos falando xuntos e xa lle subiu o demo pola perna arriba porque pensou que falabamos del*. # veunos.

110. **tela alí**. *l.v.* Ocorrerlle a alguén un accidente grave ou unha desgraza. Morrer. – *Despois do accidente levárono ao hospital, pero xa chegou morto. – Vaia por Deus, tíñaa alí.* ¿Que é esa cousa de xénero feminino que se *ten alí?* É a morte ou unha desgraza, que na mitoloxía galega está esperando sempre por nós fatalmente nun sitio e nunha hora á que non poderemos escapar. Cadaquén tena nun sitio propio, intransferible e imprevisible.
111. **ter as mans de trapo**. *l.v.* Dise cando a alguén lle cae algo das mans. *A ver, ho! Suxeita ben a bolsa para que non che volva a caer, parece que tes as mans de trapo.*
112. **ter boa antona**. *l.v.* Actuar con falsidade. Dise cando se sabe que unha persoa nos está enganando. *En todo o ano non me dá unha fala e ó chegar a pascua, vén pola casa, éncheme de bicos e chámame madriña. Ten unha boa antona!* Quizais teña que ver coa fórmula *¡Touporroutou María Antona!*, que se di para quitarlle valor ou sinceridade ó que outra persoa acaba de dicir.
113. **ter debaixo dunha moa** [a alguén]. *l.v.* Non caer ben unha persoa. *Eu xa sempre o tiven debaixo dunha moa, pero desde que che fixo iso non lle volvín falar*. # muela.
114. **ter menos mérito que un can cagando**. *l.v.* VULG. Ter pouca habilidade facendo algunha cousa. *Túa prima cando canta ten menos mérito que un can cagando*.
115. **ter o ás para matar o tres**. *l.v.* Ter unha resposta para todo, ter sempre a última palabra. *Por moito que ti lle digas el sempre vai ter o ás para matar o tres.*
116. **ter os dentes moi raros**. *l.v.* Ser unha persoa mentireira. *Se cho dixo el non fagas moito caso, que ten os dentes moi raros*. É crenza común infantil que algúns nenos teñen os dentes separados para que por eles lles escapen as mentiras.
117. **ter os uñeiros**. *l.v.* Non ser capaz de soster algo nas mans. *A ver, ho! Suxeita ben a bolsa, parece que tes os uñeiros.*
118. **ter tose e rañar o cu/a barriga**. *l.v.* Intentar remediar algo cunha solución pouco apropiada e que non vai resolver o problema. – *Púxolle un caldeiro de auga ó limoeiro debaixo para que non llo queime a xeada. – Iso é coma o que ten tose e raña o cu, eu xa vin por aí varios limoeiros queimados cun caldeiro de auga debaixo*. # eso.
119. **ter unha chea de terra na Habana (pero toda é ao lado de riba da presa).** *l.v.* Non ter nada e presumir de o ter. Dise para lle quitar valor ás cousas que alguén presume de ter. Normalmente a segunda parte día outra persoa. – *Vai buscar dous coches que ten en Madrid. – Ai si, el ten unha chea de terra na Habana, pero toda ao lado de riba da presa, porque os coches son dun tío del*.
120. **ter unha saia (de corte campá)**. *l.v.* Ser egoísta ou aproveitado, facer o que lle convén en cada momento. Tamén ser falso, ocultar algo ou actuar con dobre intención. *Tendo a necrolóxica diante da porta, veume preguntar a hora do enterro e ofreceuse a acompañarme no meu coche para que non fose tan soa. Ten unha saia. Como sabe que non poñen autobús...* # campana.
121. **traballar para quecer**. *l.v.* Traballar inutilmente. *Cando xa acabara de*

cubrir todas as táboas e llas ía entregar, díxome que as fixese no ordenador e que llas mandase ao correo. Así que todo o traballo de antes non valeu para nada, traballar para quecer. # quencer.

122. **tirar millo a pitos**. *l.v.* Facer algo en balde. *Estráñame ben que colaborase coa ONG sen sacar nada a cambio, pois ese non é dos que tira millo a pitos*.
123. **valer menos que as orellas dun can cheas de auga**. *l.v.* Ter moi pouco valor. *Hoxe as accións desa empresa valen menos que as orellas dun can cheas de auga.*
124. **ver a Deus/as estrelas**. *l.v.* Doer moito. *Dóeme tanto esta cadeira que cando me levanto vexo as estrelas*.
125. **verlle as orellas ao lobo**. *l.v.* Atoparse nun apuro. *Desde que lle deron aqueles mareos deixou de beber porque lle veu as orellas ao lobo*.
126. **vir/chegar coa lingua na boca**. *l.v.* Chegar moi cansado e con moito desexo de comer ou de beber. *Ai, menos mal que cheguei, que xa viña coa lingua na boca* # lengua.
127. **pasar as de Cristo**. *l.v.* Estar nunha situación difícil. *Mentres o pai estivo no cárcere, eses rapaces pasaron as de Cristo*.
128. **a berro tendido**. *l.adv.* En voz moi alta, berrando moito. Dise cando alguén se queixa chorando ou berrando moi alto ou tamén cando unha persoa di en voz moi alta algo que non deberían oír os demais. *Non lle merquei o xeado e púxose a berro tendido a dicir que tiña fame.*
129. **a escape**. *l.adv.* Con moita rapidez. *Así que vimos o fume viñemos a escape, pero xa ardera todo*.
130. **a ruche**. *l.adv.* Sen diñeiro ningún. *Veño de lle pagar á dentista e deixoume a ruche de todo*.
131. **coa canga baixa**. *l.adv.* En actitude decaída, desanimada ou acovardada *Marchou para a outra empresa porque pensou que lle ían pagar mellor e tivo que volver coa canga baixa.*
132. **cun pé aquí e outro alá**. *l.adv.* A punto de morrer. *Agora está moito mellor, pero estivo cun pé aquí e outro alá, xa pensamos que non o contaba*.
133. **en tempo (tempiño) de nada**. *l.adv.* Rapidamente, en moi pouco tempo. *Estaba tan seco que ardeu todo en tempiño de nada*.
134. **ida por volta**. *l.adv.* Con rapidez, con présa, sen entreterse. *Fun á feira, pero só merquei o repolo que me facía falta e non vin que máis había, fun ida por volta.*
135. **na fura de diante**. *l.adv.* En actitude fachendosa, buscando protagonismo e querendo destacar. Úsase con verbos como 'andar', 'estar' e 'ir'. *Saíron nesta foto falando co conselleiro e mira: o Pepe, coma sempre, está na fura de diante.* Algúns carros tiñan dúas furas na cabezalla, unha máis adiante e outra máis atrás, a fura de diante empregábase nas costas abaixo, cando o gando e máis o carro andaban máis rápido, para evitar que as rodas lles collesen as patas ás vacas. O significado máis habitual desta forma é 'con moita présa', pero aquí emprégase cun valor distinto.
136. **nin pola veiga da porta**. *l.adv.* De ningunha maneira. Úsase en frases negativas con verbos coma 'dar', 'vender', 'facer', 'cambiar', 'prestar'. *Pídeme o que queiras, pero este*

reloxo non cho presto nin pola veiga da porta. A veiga da porta é o terreo máis próximo á casa e considérase o de máis valor nas herdanzas porque xeralmente inclúe tamén a casa.

137. **ata a parede de en fronte**. *l.adv.* PEX. Moito. Úsase especialmente cando se insulta a alguén, cos adxectivos 'parvo', 'ruín', 'torpe', 'retorcido'. *Por que lle dixeches a verdade? Ti es parvo ata a parede de en fronte!* # en frente.
138. **un nada e todo**. *l.adv.* Cantidade moi pequena. Xeralmente úsase a forma diminutiva para indicar menor cantidade. *Bótalle un nada (nadiña) e todo de sal á comida.* Úsase cos verbos 'ser' e 'parecer'. Cada día está máis delgada, parece un pau de virar as tripas.
139. **tras do cu á man dereita**. *l.adv.* VULG. Nun sitio sen importancia, sen interese ou moi lonxe. Úsase frecuentemente cos verbos 'ser' e 'estar'. *Tivemos que dar mil voltas para atopar a súa casa. Viven alá, tras do cu á man dereita.*
140. **tarde e arrastro**. *l.adv.* Fóra de tempo e de mala gana. Úsase con verbos de movemento coma andar, chegar, ir ou vir. *Estamos cansos de esperar por ti para comer. Ti andas sempre tarde e arrastro*.
141. ***pola vella.*** *l. adv.* En abundancia, en moita cantidade. *Pasei agora polo campo da festa e había toldos pola vella. Non sei se quedará sitio para a xente*.
142. **coma se lle botasen un fogo ao rabo**. *l.adv.* Fuxindo.
143. **con moito apuro**. *l.adv.* Con moita présa ou con ira. *Cando lle dixemos que o exame era ás catro e non ás catro e media, marchou coma se lle botasen un fogo no rabo.*
144. **coma unha chispa/un raio**. *l.adv.* Con rapidez, de présa. *Marchou de aquí coma unha chispa ver se aínda collía o tren.*

2.3. Fórmulas.

145. **A ti aínda non che toca falar este ano**. *fórm.* HUM. Díselles aos rapaces cando se meten nas conversas dos maiores, aínda que teñan razón no que din. – *Pois a min paréceme que é mellor facelo así. – Ti cala a boca, que aínda non che toca falar este ano*.
146. **Alá vai o ben que a vella ten**. *fórm.* Dise cando se acaba algo. *Toma, douche a última rosquilla que me queda e alá vai o ben que a vella ten*.
147. **Anótao nunha folla de verdura e bótalla ao porco**. *fórm.* Utilízase para recomendarlle a alguén que dea algo por perdido. – *Presteille un libro a Antón, xa mo devolve despois das vacacións. –Si,ho! Anótao nunha folla de verdura e bótalla ao porco.*
148. **Armémonos e vaian**. *fórm.* Dise cando unha persoa mostra moita disposición para que se faga algunha cousa que lle afecta, pero deixándolle o traballo ou a responsabilidade aos demais. – *Eu penso que deberiamos facer unha reclamación para que cambiasen o tipo de exames. – Si, pero quen a fai?, porque aquí todo o mundo fala moito, pero despois armémonos e vaian.*
149. **Arriba, cu de media libra!** *fórm.* LÚD. Díselles aos nenos para axudalos a erguerse. *Arriba, cu de media libra, que hoxe hai que ir á escola!*
150. **Campás por gaitas (e peidos por responsos)**. *fórm.* VULG. Dise cando xa é tarde para facer algo. *Queríame matricular, pero rematou*

onte o prazo. Agora campás por gaitas. # campanas.

151. **Cando María pariu a Fernando (na corte do gando, e ti mirando)**. *fórm.* Resposta elusiva a quen pregunta cando sucedeu algo e non se sabe a resposta ou non ten importancia, ou non se quere responder. Úsase maiormente ante preguntas insistentes e incómodas. – *Mamá, ti e papá cando fixestes a miña irmá? – Cando María pariu a Fernando (na corte do gando, e ti mirando)* # pareu.
152. **Cando ti naciches, xa eu roía carolos**. *fórm.* Dise cando unha persoa lle quere ensinar algo a outra que, por experiencia ou por idade, se lle supoñen máis coñecementos. *Vasme dicir ti a min como se fai unha tortilla? Se cando ti naciches xa eu roía carolos!*
153. **Chámalle burro ao cabalo**. *fórm.* IRÓN. Dise cando unha persoa resolve unha situación con agudeza para saír beneficiada. – *Cando repartimos o traballo ela escolleu facer a portada. – Si porque xa a tiña feita do ano pasado, chámalle burro ao cabalo!*
154. **Comeuche a lingua o gato?** *fórm.* Pregúntaselles ás persoas cando non falan, especialmente aos nenos. *E logo non me vas dicir como te chamas. Seica che comeu a lingua o gato?* # lengua.
155. **De burro morto, cebada ao rabo**. *fórm.* Dise cando xa non se pode arranxar algo que se fixo mal. *Para non ir á costureira quixen subir eu o pantalón e corteino de máis e agora. de burro morto, cebada ao rabo.*
156. **Desde a fronte ata o embigo (para que non se meta o meu inimigo)**. *fórm.* Exclamación de sorpresa ou asombro cando alguén di ou fai algo esaxerado, sen sentido, ou pouco habitual nel. Acompáñase facendo o sinal da cruz. – *Pero non era a ti a quen non lle gustaba o doce? E comiches todos os pasteis! Desde a fronte ata o embigo*! # frente, enemigo.
157. **Dígoche, filla, enténdeme, nora (- Para que non se dea conta a xente de fóra)**. *fórm.* Díselle a unha persoa para que unha terceira se dea por aludida. A parte que figura entre parénteses pode dicila a persoa que fala (para recalcarlle á interlocutora que non é ela a aludida) ou pode dicila a interlocutora (para facerlle saber que xa entendeu). – *Cando che dixen que falases máis baixo era para que entendesen eles. – Xa, dígoche filla, enténdeme nora.* # *non se entere*.
158. **Enfadouse o meu morrón (por un triste cagallón. Desenfádate, morrón, que che volvo o cagallón)**. *fórm.* VULG. Dise cando alguén se enfada por algo sen importancia, especialmente os nenos. *Como non lle dei a razón, xa non me fala. Enfadouse o meu morrón por un triste cagallón*.
159. **Estábache o demo cagando**. *fórm.* VULG. Expresión de sorpresa ante un feito pouco habitual. *Cando eu cheguei á casa xa el tiña a cea feita. Estábache o demo cagando.*
160. **Fíate en Deus e non corras**. *fórm.* Expresa que non debe unha persoa confiar en que outras lle vaian resolver algún asunto. *Díxome que non me preocupase que xa me entregaba el a instancia, pero prefiro ir eu. Que ti fíate en Deus e non corras* # Dios *.

161. **fóra a alma**. *fórm.* Dise cando se fai unha comparación dunha persoa cun animal. *O meu can ten tanto sentido coma unha persoa, fóra alma.* Detéctase un uso local, secundario e irónico cun significado semellante a *¡Quen che dera!*, ou *¡Érache boa* comparando persoas ou cousas que na realidade se parecen pouco. *A empanada que fixen parece a de miña nai, fóra alma*.
162. **Hai roupa a clareo**. *fórm.* Dise cando hai persoas diante, especialmente rapaces, e non se pode falar de certas cousas. *Non fales agora diso que hai roupa a clareo, xa mo contarás despois*.
163. **Ide/vai cagar dun fento embaixo e despois lambédelle/lámbelle a raíz**. *fórm.* VULG. Exclamación de rexeitamento que se lle di a alguén para que se vaia ou deixe de molestar. Tamén se di cando se dubida de que algo que nos están contando sexa certo. *Bebes e despois pídesme que leve eu o coche! Vai cagar dun fento en baixo e despois lámbelle a raíz!*
164. **Ide/vai rañar os pés!** *fórm.* Expresión de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar. *Ide rañar os pés por aí, que eu teño que facer a cea e non podo poñerme agora a xogar ás cartas*.
165. **Mañá hai fanecas**. *fórm.* VULG. Díselles aos nenos cando din que lles pica o cu. – *Pícame o cu, mamá. – Se che pica o cu, mañá hai fanecas*. # mañán.
166. **Mételle un dedo na boca (a ver se te morde)**. *fórm.* IRÓN. Dise para indicar que unha persoa é máis lista e ten máis maldade do que aparenta. – *Por ese non te preocupes que non se dá conta de nada. – Si, ti mételle un dedo na boca*.
167. **Méxalle no camiño para que escorregue**. *form.* IRÓN. Fórmula para aconsellar resignación porque esa acción coa que se ameaza non pode facer mal. – *Non me avisou de que cambiaran a hora do exame, cando o vexa. – Si, agora méxalle no camiño para que escorregue*.
168. **Miña peneiriña nova!** *fórm.* IRÓN. Dise cando alguén está moi contento e trata con moito coidado algunha cousa nova para indicar que pronto se ha cansar dela. – *Está todo o día arredor do coche, non fai máis que limpar nel. – Miña peneiriña nova!*
169. **Mira alí fóra se chove por min**. *fórm.* Exclamación de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar. – *Non me molestes máis agora con iso, non ves que estou traballando? – É que me aburro. – Pois vai alí a fóra e mira se chove por min*.
170. **Nin arre nin xo**. *fórm.* Dise cando unha persoa non se dá decidido. *Díxenlle ao mediodía se quería vir con nós e estivo toda a tarde nin arre nin xo e agora, á hora de marchar, acórdalle de vir.*
171. **Nin tanto arre que escape, nin tanto xo que se deite.** *fórm.* Emprégase para recomendar non excederse na velocidade ou no ritmo de facer as cousas. *Díxenche que non bulises tanto e que o fixeses mellor, pero agora non saes do sitio. Nin tanto arre que escape, nin tanto xo que se deite.*
172. **Non (che) quería máis o demo para rir**. *fórm.* Expresa desacordo ou negación ante algo que parece disparatado. – *Como ti xa acabaches, podíasme ordenar estes papeis antes*

de marchar. – Si, ho!, non che quería máis o demo para rir.

173. **Non fomos/fostes/foron xuntos á escola**. *fórm.* Dise para marcar diferenzas con alguén, especialmente cando un adulto llo di a un neno. *Non lle fales así a teu pai que non fostes xuntos á escola*.
174. **O gato non está da borralla**. *fórm.* Dise por unha persoa que está ben coidada. *Desde que veu para a casa da filla parece outra, ben se ve que o gato non está da borralla*.
175. **O que sexa ha de soar**. *fórm.* Dise cando se dubida de que o que dixo outra persoa sexa exactamente como o dixo *–Disque vai cerrar esa tenda. – Eu non oín nada, pero o que sexa ha de soar. # sea, sonar**.
176. **Outra vaca no millo (e outra ao portelo)**. *fórm.* Expresa desgusto ou rexeitamento. Utilízase cando alguén fai ou di algo co que non estamos de acordo ou que pensamos que non é certo. A segunda parte acostuma dicila outra persoa. – *Non te preocupes, que agora van baixar os impostos. – Si, home, outra vaca máis no millo!* – E outra ao portelo.
177. **Perdón, polo gato lambón (foi aos chourizos e dixo que non)**. *fórm.* LÚD. Dise cando alguén se desculpa por algo para lle quitar importancia ao feito polo que se desculpa. Pódeo dicir a persoa que se desculpa ou outra. – *Vistes por aí o meu paraugas? – Ai, toma, collino eu. Perdón. – Polo gato lambón, foi aos chourizos e dixo que non*.
178. **Poucas as grazas!** *fórm.* Exclamación para resaltar que un feito non é estraño, senón que o lóxico é que sexa así. – *E pagáronche o día por irlles axudar? – Home, poucas as grazas! #* gracias.
179. **Que entendes/sabes ti de merda se nunca a comiches?** *fórm.* VULG. Indica rexeitamento ou desprezo da opinión da outra persoa. – *Pois eu penso que a cociña quedaba mellor con azulexo que pintada de branco. – E que sabes ti de merda se nunca a comiches?*
180. **Que o demo me leve, se [or.]! / Léveme o demo, se + [or.]!** *fórm.* Expresión que se emprega para reforzar a veracidade dunha afirmación. *Din que se separaron, pero onte estaban xuntos na festa. Que o demo me leve se non é certo!*
181. **Que tres pés para un banco!** *fórm.* Dise cando hai tres persoas xuntas sen facer nada. *Que ben estades aí os tres aos contos. Que tres pés para un banco!*
182. **Rebóleche/ rebólelle/ rebólevos a merda no cu e pensas / pensa/ pensades que é forza**. *fórm.* VULG. HUM. Díselle a unha persoa que mostra unha actitude destemida, especialmente aos nenos. – *O teu rapaz chamoume a atención por aparcar diante da vosa cancela. –Ai si, a este rebólelle a merda no cu e pensa que é forza*.
183. **Rindo que o digas!** *fórm.* Aínda que penses que é broma. – *Pois se estás tan cansa, xa irás para a cama sen cear, non? – Vou ho, rindo que o digas!*
184. **Se non fora o rabo empreñaba a burra**. *fórm.* Dise como réplica a unha escusa para xustificar que non se logrou acadar un feito. – *Se tivese un punto máis dábanme a min esa praza. – Si, claro, se non fora o rabo empreñaba a burra*.
185. **Sempre fala o máis cagado/ a mesma merda**. *fórm.* VULG. Dise cando se considera que unha persoa

non é a máis adecuada para dar consellos sobre un determinado asunto. *Mira, el que xa casou dúas veces, dime a min que aínda son algo nova para casar. Sempre fala a mesma merda*. # misma.

186. **Teño un lixo neste ollo, sóprame a ver se sae por este**. *fórm.* Dío alguén cando cre que outra persoa lle está mentindo. *Que non che retiraron o carné de conducir despois de collerte borracho e pegarlle unha puñada a un dos axentes?! Mira, teño un lixo neste ollo, sóprame a ver se me sae polo outro*.
187. **Teu pau, miña vareada**. *fórm.* Úsase para expresar o feito de pagar unha ofensa con outra ofensa. *Non me chamou para ir con ela ó cine, agora eu vou ao concerto e tampouco a convido. Teu pau miña vareada*.
188. **Todo eso por medio peso**. *fórm.* LÚD. Úsase para concluír unha conversa. *Cando acabou de nos contar o que lle pasara, como veu que seguiamos atentos, díxonos: "Todo eso por medio peso", e marchou*. Realmente era o retrouso dunha canción que fixeron popular as Hermanas Márquez, trío de cantantes cubanas de moita sona a mediados do século XX.
189. **Todos os males sexan eses**. *fórm.* Expresión relativizadora que se usa para lle quitar importancia a un feito. *– Co temporal de vento marchou a luz e estragáronse as cousas da neveira. – Bo, pois que todos os males sexan eses. # sean*.
190. **Un home é un home (aínda que a muller lle pegue/e un gato é un bicho)**. *fórm.* IRÓN. Dise cando alguén se gaba de actuar con valentía para resolver unha situación de pouca importancia, especialmente aos nenos, ou cando toma unha decisión que lle corresponde a outra persoa aparentando ter autoridade para facelo. *– Aínda que non se acenderon as luces públicas fun eu só ata a casa. – E logo, un home é un home e un gato é un bicho*.
191. **Viches o lobo (e tivéchesllе medo)**. *fórm.* Dío alguén cando lle parece que outra persoa está esaxerando. *– As sardiñas están a 18 euros, pero déixochas en 17. – Ti viches o lobo, ou?* # tuvécheslle.
192. **Xa comín era gaiteiro**. *fórm.* LÚD. Dise como resposta a quen rexeita un convite para comer dicindo "xa comín". *– Quedas a comer con nós? – Non, que xa comín. – (Xa comín) era gaiteiro.*
193. **Xan da Estrada quedou como estaba**. *fórm.* Dise cando a unha persoa lle acontece algo que fai que a súa situación non mude. *Cos 100 euros que me tocaron na primitiva fun pagar a luz e ala!, Xan da Estrada, quedou como estaba.*
194. **Xa podes ir para o palleiro / ir durmir ao palleiro**. *fórm.* Díselle a unha persoa despois de comer moito. *Ala, agora xa vas ben ceado, xa podes ir durmir ao palleiro.*

2.4. Refráns.

195. **A dar ninguén se fixo rico.** *ref.* Emprégase para xustificar a falta de xenerosidade dunha persoa nalgunha situación. *– E por que non lle deixaches a volta, total non eran máis que dez céntimos? – Ai, amigo, a dar ninguén se fixo rico*. # ninguién.
196. **A fame de onda o cu é moi mala de aguantar.** *ref.* VULG. Pondera o valor da libido. *Din que desde que enviuvou ese veciño non lle axuda só nos traballos máis duros, e é normal*

porque a fame de onda o cu éche mala de aguantar.

197. **A ningún porco lle cheira mal a súa merda.** *ref.* VULG. Dise cando alguén non ve os seus fallos ou defectos. – *Díxome que fose cortar as silvas, que lle ían para a súa eira e, mira, as del chegan ao camiño. – Xa, pero a ningún porco lle cheira mal a súa merda*.
198. **A vergonza era verde e comeuna o burro/comérona as cabras.** *ref.* Anima a superar a timidez e a obrar con desenvoltura. – *E ti non tes outra cousa que vestir, non che dá vergonza ir con iso? –A vergonza era verde e comérona as cabras*.
199. **¿Arde a casa? Quentarse aos cangos.** *ref.* Emprégase para expresar resignación, aproveitar os beneficios dunha desgraza. *Como perderon o avión quedaron un día máis e aproveitaron para coñecer a cidade. Arde a casa, quentarse aos cangos*.
200. **As soberbias non caen nos toxos.** *ref.* Dise cando alguén alardea ou fai críticas doutros que se poden volver contra un. *–Disque está deprimido porque o deixou a muller. – Vah!, parvadas. Xa me podía deixar a min a miña. –Ti non botes soberbias que non caen n os toxos*.
201. **Besta vella, paso novo (é moi malo de aprender).** *ref.* Dío unha persoa para expresar que ela (ou outra) xa é moi vella para aprender algo novo. – *Mándalle un SMS que acabas antes, dígoche eu como se fai. – Deixa, xa a chamo, que agora besta vella, paso novo*.
202. **Cando o Cávado pon capa e o Acival capote, chove decote**. O Monte Cávado é un monte situado ó sueste de Sebil, de 800 m. de altitude e pertence aos concellos da Estrada, O Campo Lameiro e Cuntis: dese monte (que outros chaman *Cádavo* e en Cimadevila denomina *Cádivo*) baixan algunhas das bestas para a *rapa das bestas* de Sabucedo. O Acival, en Moraña, está ó suroeste de Sebil e ten unha altitude de 600 m.
203. **De calquera maneira, o que non ten fariña escusa peneira**. *ref.* Dise cando unha persoa ten algún ben que non aproveita. *Contratou unha tarifa de teléfono con internet porque lle facían unha oferta, pero non ten ordenador e de calquera maneira o que non ten fariña, escusa peneira.*
204. **Detrás de tempos, tempos veñen.** *ref.* Dise para expresar que as cousas poden mudar e calquera pode pasar de estar nunha boa situación a empeorar. *Si, agora disque fixo moitos cartos e non fai máis que mercar casas, pero deixa que detrás de tempos, tempos veñen*.
205. **Do ben ganado ten o demo unha parte e do mal ganado teno todo e mais seu amo.** ref. Dise para expresar que é mellor facer as cousas honradamente. *Entrou nesa praza sen a oposición e agora botárona e déronlla a outro. Éche ben certo que do ben ganado ten o demo unha parte e do mal ganado teno todo e mais seu amo.*
206. **Moito gando e pouco esterco.** *ref.* Presumir de facer ou ter moito e non facer ou ter nada. – *Sempre anda presumindo do moito que traballaba alá, pero dende que veu para aquí non fai nada. – Si, moito gando e pouco esterco, alá disque facía igual*.
207. **Na terra dos lobos, ouvear coma todos** *ref.* Úsase para dicir que cada un debe adaptar os seus costumes aos da xente coa que se atopa. *Eu prefería gardar os papeis nunhas*

caixas, pero se el di que están mellor nas bolsas, metémolos nas bolsas. Na terra dos lobos, ouvear coma todos.

208. **Nin polo sol deixes a capa nin polo frío a alpargata.** *ref.* Non se pode un fiar do tempo que vai, á hora de vestirse. *Pola mañá cando saín da casa puxen as botas porque chovía e agora non se para coa calor. Nin polo sol deixes a capa nin polo frío a alpargata*.
209. **No camiño de Santa Xusta unha xente á outra busca.** *ref.* Santa Xusta de Moraña foi (e en parte aínda é) lugar de peregrinación especialmente para persoas afectadas de doenzas psíquicas. A ascensión ata a igrexa tivo ata tempos recentes un tramo de moi mal camiño e iso facía que nos enterros houbese que remuda-los portadores. Pero outros informantes din que o refrán se refire ou a que a xente se reunía para facer xunta o camiño de volta, ou a certos ritos que nesa romaxe facía a mocidade solteira para atopar parella.
210. **Non sabe o raposo de (todas) cantas dormen fóra.** *ref.* Úsase cando alguén se libra dunha situación que podía ser perigosa. *Deixei o coche aberto coa carteira dentro e non ma levaron. Non sabe o raposo de (todas) cantas dormen fóra*.
211. **O demo fainas e déixalles o rabo fóra.** *ref.* Dise cando alguén fai algo malo que despois se descobre. *Dixeron que estiveran estudando no seu cuarto, pero as mochilas quedaran no meu coche. O demo fainas e déixalles o rabo fóra #* déixalle.
212. **O que fai un cesto fai un cento (se lle dan vergas e tempo).** *ref.* Úsase para expresar que unha persoa que comete unha mala ou unha boa acción unha vez pode facelo outras. *Multárono por saltar un semáforo en vermello, e xa non era a primeira vez que o facía porque o que fai un cesto fai un cento*.
213. **O que ten o cu de palla, ten medo a que lle arda.** *ref.* Dise cando unha persoa ten algún motivo para sentirse aludida. *Antes corría moito no coche, pero desde que o multaron anda máis amodo porque o que ten o cu de palla, ten medo a que lle arda*.
214. **O tempo fai culleres** *ref.* Dise cando alguén ten moito tempo libre e o dedica a ocuparse das cousas dos demais. – *Desde que se xubilou pasa toda a tarde na ventá mirando quen pasa polo camiño. – Xa, é que o tempo fai culleres*.
215. **O vello engordar e o mozo mirrar, é sinal de pouco durar.** *ref.* Dise cando se ve unha persoa nova moi delgada ou unha persoa vella moi gorda.
216. **Os parvos custa traballo crialos (, pero despois divirten os outros).** *ref.* Díselle a alguén, especialmente aos rapaces cando están facendo algunha parvada, algo que non vén ao caso. *Pasa toda a hora da clase dicindo parvadas para que os outros rían. Por iso, os parvos custa traballo crialos!*
217. **Para quen é o burro vale ben a albarda.** *ref.* Dise cando se lle ofrece a alguén algo de pouca calidade ou valor, pero que se considera abondo para a persoa beneficiaria. Xeralmente emprégase en sentido irónico, referíndose a unha persoa de moita confianza ou a un mesmo, pero tamén pode implicar certo menosprezo. – *Dálle outra*

cadeira, oh!, non ves que esa está coxa? – Para quen é o burro!

218. **Para un óso hai cen cans.** *ref.* Dise cando hai pouco que repartir entre moita xente. *Preséntome por presentarme, pero xa sei que non vou aprobar porque para un óso hai cen cans*.
219. **Pasou o día, pasou a romaría** *ref.* Úsase para expresar que xa é tarde para facer algunha cousa. *Antes non quixeches a torta e agora acabouse, pasou o día, pasou a romaría.* # romería.
220. **Quen che mandou cantar, meu frade, quen che mandou cantar que che pague.** *ref.* Dise cando alguén fai algo que un non lle mandou facer e espera que llo agradeza. – *Tróuxenche as sardiñas para o San Xoán e nin me deches as grazas. – Eu non chas encarguei, así que, quen che mandou cantar, meu frade, quen che mandou cantar que che pague.*
221. **Quen con rapaces se deita, mexado se levanta.** *ref.* Dise por unha persoa inconstante ou informal. *Fomos todos no seu coche á festa e despois veuse e deixounos quedar alá. A culpa xa foi nosa, porque quen con rapaces se deita, mexado se levanta*.
222. **Quen moito se apura pouco dura** *ref.* Dise para expresar que é mellor facer as cousas con calma e ben. – *Eu non dou acabado máis este traballo. – Non te preocupes e faino con calma, que quen moito se apura pouco dura.*
223. **Quen nunca tivo un porco (e ten un porquiño, anda sempre quiniño, quiniño).** *ref.* Dise cando alguén está moi contento e trata con moito coidado algunha cousa nova. – *Está todo o día arredor do coche, non fai máis que limpar nel. – Quen nunca tivo un porco e ten un porquiño*. # tuvo.
224. **Sempre un porco ruín encontra unha boa landra.** *ref.* Dise cando unha persoa atopa algo que, segundo o emisor, é mellor do que lle corresponde (parella, traballo). *Eu levo meses buscando e non dou atopado un traballo e a el, que non se preocupa por nada, xa lle ofreceron dous. É certo que sempre o porco máis ruín atopa a mellor landra*.
225. **Tres veces nada, cousa ningunha**. *ref.* Pouca cousa, que non serve para o que se precisa. *Primeiro levárono a unha clínica privada e logo foi a outra no estranxeiro, pero segue estando en cadeira de rodas. Tres veces nada, cousa ningunha*.

2.5. Dialoxismo

226. **A onde vas tolo? A onde van todos.** *dial.* Emprégase para xustificar que un acto se fai porque tamén o fan os demais. *Non lle facía falta ningunha mercar o piso, que tiña a casa dos pais, pero a onde vas tolo? A onde van todos.*

2.6. Wellerismo.

227. **A cada un o seu (, dicía o que roubaba)**. *wel.* HUM. Dise cando se lle devolve algo a unha persoa ou cando se reparte algo para facer notar que o reparto é xusto. A segunda parte acostuma dicila a persoa que recibe o obxecto, dando a entender que o acepta. –*Toma, os dous euros que me prestaches. – É igual, oh!, déixaos quedar. – Cólleos, se non outro día non chos pido, a cada un o seu*. – Dicía o que roubaba. # decía.

Fraseoloxía e paremioloxía galega anotada por José Pérez Ballesteros (1833-1918)

Galician phraseology and paroemiology noted by José Pérez Ballesteros (1833-1918)

Xesús Ferro Ruibal [1]

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Resumo. Edición dunha colección manuscrita de fraseoloxismos e paremias galegas realizada no final do século XIX polo folclorista José Pérez Ballesteros (ms. RAG-C-177-1).

Palabras chave: Fraseoloxía galega. Paremioloxía galega. Pérez Ballesteros.

Abstract. Edition of a manuscript collection of Galician phraseologisms and proverbs compiled at the end of the XIX century by the folklorist José Pérez Ballesteros (ms. RAG-C-177-1).

Keywords: Galician Phraseology. Galician Paroemiology. Pérez Ballesteros.

1. Breve nota biográfica

José Pérez Ballesteros (Santiago de Compostela 1833 – A Coruña 1918), xurista e filósofo de formación, filólogo e poeta de vocación, foi un importante estudoso do folclore galego en colaboración con Emilia Pardo Bazán e Antonio Machado, creador da Sociedad del Folklore Español. Participou na creación da Sociedad del Folklore Gallego (presidida por Pardo Bazán) e na súa conversión en Academia Gallega (en 1895) que, tras un decenio de sombra documental, renace en 1905 (presidida agora por Manuel Murguía) e que en 1906 adquire o rango de Real Academia Gallega.

Pérez Ballesteros iniciouse como poeta en 1853 co poema "Un soño", que presentaría ós Juegos Florales da Coruña en 1861 e que entraría no *Album de la Caridad* (López 1862:483-485); e en 1878 publicou *Versos en dialecto gallego* (Pérez 1878). Pero o

[1] Agradezo á Real Academia Galega a posibilidade de edición deste ficheiro e mailas imaxes dixitalizadas das papeletas; tamén agradezo a colaboración de Rebeca Lema Martínez.

que lle deu máis nome foi a súa dedicación á recolleita e edición da tradición oral de Galicia: na *Biblioteca de Tradiciones Populares Españolas* que dirixía Antonio Machado y Álvarez (Machado 1884) e no tomo IV, editado en Sevilla, publicou 15 colaboracións misceláneas de material recollido maiormente na bisbarra da Coruña (fraseoloxía de diversa estrutura e campo temático; pero tamén adiviñas, cantigas, romances, oracións e contos) (Pérez 1884); e nese mesmo medio (agora editada en Madrid) saíron os tres tomos do seu *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña* (Pérez 1886). O cancioneiro de Pérez Ballesteros, ó estilo da época na península ibérica, é un cancioneiro sen notación musical (tradición que romperán Inzenga e Casto Sampedro) pero é obra transcendente que saúdan Theophilo Braga nun entusiasta prólogo [2], Antonio Machado y Álvarez nun epílogo comparatista [3] e posteriormente publicaron recensións figuras senlleiras como Emilia Pardo Bazán, Menéndez Pelayo, Augusto González Besada, Leopoldo Pedreira ou Curros Enríquez, que axiña soña reunilo co cancioneiro de Arturo Vázquez e o de Benito Fernández Alonso (Alonso Montero 1979 s.p.) para crear o gran cancioneiro popular de Galicia.

O que aquí nos interesa de Pérez Ballesteros é a non menos importante (e de momento frustrada) faceta de paremiólogo galego. Sábese que en 1884 gañara un certame literario (quizá tamén chamado *Juegos Florales*) convocado na Coruña pola Reunión Recreativa de Artesanos "El Circo"; e mesmo se fala de que o premio (unha pluma de ouro) entregáronllo os reis Afonso XII e María Cristina. Na contraportada dun dos tomos do seu *Cancionero* di que tamén é autor de:

> Refranero gallego y en particular de la provincia de la Coruña, y diccionario analítico que comprende más de 3.000 referencias [4] por José Pérez Ballesteros. Esta obra fue premiada en el Certamen literario de la Coruña, de agosto de 1884, con la pluma de oro ofrecida por la Excma. Diputación Provincial [5].

Dado que este *Refranero* de 3.000 referencias recibiu un premio, tivo que ser unha obra acabada; non un proxecto. A ese dato de 1884, podemos engadir outro de 1911 que ofrece Eugenio Carré:

> Tiene también el señor Pérez Ballesteros, aunque sin publicar, un *Refranero gallego* premiado en los *Juegos Florales* de la Coruña de 1884 por ser la más excelente colección de las siete presentadas y por su perfecto método no menos que por la abundancia y curiosidad de sus referencias y noticias (Carré 1911:46).

---

[2] "Sobre á poesía popular da Galliza"; páxinas VII-XLV do primeiro volume.

[3] "Analogía entre algunas cántigas gallegas y otras coplas andaluzas, castellanas y catalanas"; páxinas 213-234 dese mesmo volume.

[4] Como carecemos do manuscrito, desta frase non podemos deducir se as *referencias* son 3.000 refráns ou 3.000 palabras definidas nese anexo dicionario analítico.

[5] Tamén cita, baixo a epígrafe "Obras dialectológicas publicadas por el colector", *Versos en dialecto gallego* (Madrid: Librería de Cuesta 1879) [sic] e, naturalmente, o *Cancionero.* Pero baixo a epígrafe "Próximas a publicarse", ademais do *Refranero*, outras tres: *Diccionario gallego-castellano, según el orden de las terminaciones del dialecto hasta el número de 9.000*, por José Pérez Ballesteros; *Poesías biblicas en gallego* por José Pérez Ballesteros e *Versos gallegos (segunda parte)* por José Pérez Ballesteros. Comprende algunos inéditos y otros publicados desde 1853 hasta 1884.

Esta noticia de 1911 é vintesete anos posterior ó Certame; pero dese *tiene... sin publicar* non podemos deducir, en lei dereita, que o manuscrito estivese aínda nas mans do seu autor Pérez Ballesteros. O certo é que nin se publicou nin se sabe onde para o manuscrito [6]. E, a pesar de que Pérez Ballesteros era fundador (ou refundador) e membro activo Real Academia Galega, tampouco hai nada que asegure que aquel manuscrito premiado puidese resultar incluído no *Diccionario* que esta institución empezou a publicar por fascículos en 1913.

A perda paremiolóxica é maior polo segundo dato que ofrece Carré: que a aquel Certame se presentaran outros seis *Refraneiros* dos que tamén nada sabemos. Así que eses sete refraneiros galegos extraviados a fins do século XIX únense ós materiais paremiolóxicos perdidos do P. Sobreira na Real Academia da Historia (no inicio do século XIX) e ós que posteriormente se perderían de Gumersindo Placer en Toledo (1936), do que xa deu conta nesta revista Lois Vázquez (2003,129-141).

2. O ms. RAG-C-177-1: un proxecto vivo nos últimos anos de vida

O arquivo da Real Academia Galega conserva aínda algúns mazos de fichas para libros que Pérez Ballesteros preparaba cando morreu en 1918: para un dicionario galego inverso (RAG-FICH-7), para un dicionario inverso de toponimia galega (RAG-FICH-5) e para un dicionario de fraseoloxía (ms. RAG-C-177-1). Deste último é do que vou dar noticia nesta recadádiva, con dúas advertencias previas: primeira, que, como simple mazo de fichas, isto non é obra acabada; era o material inicial para un traballo novo e distinto da obra rematada, premiada e datada en 1884; segundo, que estas fichas son posteriores a aquel *Refranero* premiado en 1884, pola simple razón de que aquí non só cita contextos de obras que el publicou posteriormente: o *Cancionero* (1885-1886) e o poemario *Foguetes* (publicado en 1888) senón tamén fragmentos do poemario *¡Ela!* que Urbano González Varela publicou en 1918 (véxase 35). Así que estas papeletas son verosimilmente o embrión dun proxecto novo no que el traballaba cando morreu con 85 anos: se cadra, o primeiro intento dun dicionario fraseolóxico galego.

É difícil saber cal era a estrutura da obra que pretendía facer, porque, se nestas fichas o material fraseolóxico leva moitas veces explicacións de carácter léxico (passim), gramatical (41, 80, 87) ou mesmo ortográfico (28, 40), é tamén certo que unha parte das fichas dese mesmo mazo non conteñen referencia ningunha que poidamos considerar fraseolóxica.

¿Como se entende esta intromisión de asuntos alleos á fraseoloxía? Podería ser que no amplo proxecto lexicográfico de Pérez Ballesteros os refráns entrasen como corpus contextual e semántico. Pero a maior parte da obra que publicou vai na dirección etnolingüística (Pérez 1884; Pérez 1885).

---

[6] Consultei sen éxito os bibliotecarios da Deputación Provincial da Coruña, do Círculo de Artesanos da Coruña, da Fundación Machado (de Sevilla) e mais da Institución Fernán González (de Burgos), onde está o fondo Manuel Machado.

2.1. O folklorista é un demiurgo, non un lingüista miniespecialista

O lector non galego debe saber que Pérez Ballesteros formaba parte dun grupo de intelectuais que vivían nunha sociedade que tiña o galego como lingua oral omnipresente (e exclusiva na sociedade rural maioritaria) pero que tódalas estruturas do Estado e da Igrexa lle negaban a esa lingua calquera funcionalidade no ámbito formal, oficial e urbano. A situación tiña unha inercia de 400 anos pero este grupo de intelectuais coñecían parte da inmensa obra inédita do P. Sarmiento (moita dela sobre temas lingüísticos galegos) e acababan de descubri-la trabe de ouro da poesía lírica medieval (profana e relixiosa) en lingua galega. Ante os seus ollos atónitos reaparecían naqueles anos milleiros de manuscritos medievais en lingua galega dos máis variados temas e rexistros. O *dialecto*, carente de toda oficialidade, fora lingua importante dentro e fóra de Galicia. ¿Como descubrirlles ós falantes esa dignidade?

Pérez Ballesteros, coma os grandes folkloristas de tódalas nacións, percibe que na tradición oral dunha lingua condenada a ser só oral hai elementos culturais diferenciais que tocan frebas sensibles de tódolos compatriotas e que forman parte da imaxe que cadaquén ten da súa tribu: recoller todo ese material é recolle-la alma colectiva e facela visible. Esta emoción é o primeiro carburante que fai posible o paciente traballo de recolleita de materiais folclóricos que require intelixencia, paciencia e xenerosidade, porque sempre é traballo sen ningunha compensación económica. Pero isto non é só emoción. Tras unha actividade puramente intelectual coma esta hai sempre unha idea de rexurdimento étnico. Itamar Even-Zohar, analizando a historia de moitas nacións europeas e non europeas, ten demostrado que, cando os folkloristas conseguen poñer en marcha actividades paralelas dos músicos e dos poetas, tras deles aparecen os lingüistas e os historiadores; detrás veñen os economistas estudando a mesma materia con outra óptica e finalmente aparecen os políticos que, por veces, conseguen artellar un movemento que ou se consolida nun Estado novo ou que lle dá ó Estado vello unha estrutura nova pero máis acorde coa diversidade cultural que contén (Even-Zohar 1993: 441-458). Pérez Ballesteros e a súa xeración non puideron coñece-la doutrina de Itamar Even-Zohar verbo do papel da cultura na construción nacional pero o profesor hebreo basea a súa doutrina en moitos casos coma o de Pérez Ballesteros e demais intelectuais. Os folkloristas como Pérez Ballesteros saben ben que están traballando nos alicerces da etnia; saben que modestamente conforman un demiurgo, e que as tarefas son heteroxéneas, porque os alicerces dunha columna teñen que ser sempre moito máis anchos có fuste desa columna: todos están a todo.

Pérez Ballesteros e aquela minoría de mulleres [7] e homes ilustrados querían que a xente vise en papel as palabras da lingua doméstica, coas que analizaban a realidade e expresaban os seus íntimos sentimentos, para que a amasen máis, para que non tivesen medo de sacala á vida pública. Pero aquela lingua (politicamente chamada *dialecto* [8]), que nunca deixara de se-la maioritariamente falada en Galicia, levaba case 500 anos ausente

[7] Emilia Pardo Bazán é peza esencial daquel movemento.

[8] Véxanse os títulos dos traballos citados na nota 5 e a obra publicada en 1878 (*Versos en dialecto gallego*).

do uso escrito; e, como é lóxico, presentaba na fin do século XIX diversos problemas de codificación.

E, cando poñen en papel as palabras e afectos da propia lingua para devolvérllelas ós falantes (quizais tamén para daren a ver en Madrid os seus primores), aquí coma nos *Versos* ou no *Cancionero*, Pérez Ballesteros moitas veces non só define palabras contidas nun dito, nun refrán ou nunha cantiga senón que fai consideracións de tipo gramatical ou ortográfico: cruza así as fronteiras que nós hoxe poñemos entre lexicografía, fraseoloxía, tradición oral, etnografía, gramática e ortografía. Todos andaban a todo.

Iso é o material que exhuma esta recadádiva.

Sigo e seguirei buscando ese *Refraneiro* de 1884 pero, como prenda, dou nesta recadádiva os 109 fraseoloxismos e mailas 147 paremias que Pérez Ballesteros deixou no arquivo da RAG, entre outros materiais que formaban o inicio dun dicionario, que aínda non se entende ben como estaba concibido.

2.2. Algúns primores desta recadádiva: formas únicas

Centrándonos no estritamente fraseolóxico, resulta interesante encontrar entradas luminosas coma estas: *herba do cego* (15), *herba dos carpinteiros* (18) e *tenda dos coxos* (29) *ter moitas conchas* (59). Primeiro proveito de facelas públicas agora.

Vemos tamén refráns que teñen simultaneamente estrutura de cantigas e que ocupan ese curioso espazo de cantigas que nunca se cantan, que só se din falando, e que teñen carácter aforístico ou que, por veces, funcionalmente son fórmulas, coma esta: *Costureira, pan na criba; tecelana, no tear; carpinteiro, mesa posta; canteiro, pote no lar.*

Se non podemos excluír que aquel *Refranero* premiado en 1884 vise a luz difuminado dentro de obras académicas posteriores, temos, en cambio, certeza de que estoutro ficheiro, que agora ve a luz, ninguén o usou ata hoxe, porque contén trece refráns que non apareceran en recadádivas anteriores nin apareceron nas posteriores: *Unha mosca, con ser pequena, fai rabear a un boi. Pequeno é o grilo e oise cantar lonxe. Donde vaia o máis, vaia o menos; mas donde vaia o mar, vaia tamén a area. N'hai que ter pía ós que fan moitos milagres. Os mocos non son para gardar. Os que nunca foron nada sempre dan a patada. Para un que dorme hai cen que teñen os ollos abertos. Rosmas moito!: culpa tes. Se durara máis o dia, máis duraba a romaría. San Bras de Orto? deixou sete e esganou oito. Si topas home morto, garda a palabra no corpo. Terqueou Varela e saleu con ela. Tan bo é Xan como Siprián.* Estes 13 refráns únicos representan o 8'84% do material e só iso faino sobradamente merecente de edición.

2.3. Unha nota da estrutura común co cancioneiro: as definicións léxicas

Nas 618 fichas hai case sempre palabras que se definen. E en 61 casos comprobei que son as mesmas palabras e as mesmas definicións que el xa puxera nos tres tomos do seu Cancioneiro. De xeito que, cando iso sucede, o lector pode encontra-la referencia exacta ó tomo e páxina do *Cancionero*: así na entrada 57 vese esta referencia [CPG: 3,172] que

quere dicir que a mesma definición está no tomo III páx. 172 do *Cancionero*: a tipografía Arial Narrow axuda a indicar sempre as intervencións do editor. Debo advertir que non tódalas papeletas (e, polo tanto, non tódalas definicións) ven a luz nesta recadádiva, porque máis da metade das fichas carecen de carácter fraseolóxico ou paremiolóxico e, en consecuencia, non forman parte desta edición.

3. Criterios de edición

A caracterización ortográfica e lingüística non é o obxecto dunha edición fraseolóxica [9]. Pero é seguro que haberá estudosos interesados en facer esa caracterización. Para facilitar iso, e como queda dito, as grafías diverxentes de Pérez Ballesteros (e só elas) aparecen nas notas a rodapé; pero as grafías das citas literarias doutros autores (Rosalía, Andrés Muruais, Marcial Valladares, Martínez Salazar etc.) quedan arriba no corpo do texto [10] para non mesturalas embaixo e facilitar, así, a consulta dun lector interesado na grafía de Pérez Pallesteros. A tal lector recoméndolle a detallada descrición e análise que dos materiais do *Cancionero* fai Sánchez Rei nun extenso capítulo (Sánchez 2006: 133-364), porque canto alí se di da lingua e da grafía das cantigas, repítese aquí na lingua e grafía dos fraseoloxismos e paremias: é natural que iso sexa así, porque estes materiais veñen probablemente das mesmas fontes e están pasados a papel pola man do mesmo colector.

A lingua galega ten hoxe un estándar consolidado do que hai cen anos carecía; hoxe hai hábitos de lectura que daquela non había. Por iso editar hoxe unha recadádiva fraseolóxica escrita hai cen anos debe ofrecer a lectores do século XXI o material de que se trata dunha maneira acorde cos hábitos gráficos de hoxe. Coma en ocasións anteriores nesta revista, procúrase un achegamento a eses hábitos, con dúas cautelas: primeira, non falsear nunca a variedade dialectal ou de rexistro do material que se edita e, segunda, ofrecer tamén a grafía do manuscrito en nota a rodapé, en tódolos casos nos que o texto manuscrito teña calquera diferenza coa edición.

A grafía da época non só acentuaba a preposición *á* ou *â* senón que incluía os apóstrofos para marca-la peculiar fonética sintáctica do vocalismo galego, que a ortografía actual do galego só conserva en moi contados casos. Prescindimos de reproducir aqueles casos de contracción das preposicións *de / en* co artigo, que oscila entre *d'o, d'a / d-o, d-a* e *n'o, n'a /n-o, n-a* e que a grafía actual xa reproduce aglutinados; isto afecta tamén á contracción das preposicións *a* (*ó, ô*), *de* (*d'él, d'eles*), *con* (*co-a*), ás do adv. *non* (*n-hai*) e das conx. *coma (com-a*), *que* (*qu-o*); nalgúns casos aparece o apóstrofo tamén cos pronomes átonos: *púidoll'o; manda-lo*. Mantemos, en cambio, o apóstrofo naqueles casos nos que non utilizalo pode desfigura-la fonética levando a hiatos de lectura que o colector expresamente

[9] Para a valoración da obra de Pérez Ballesteros na traxectoria da lingua e literatura galega hai xa importante bibliografía: Carme Hermida (1992a, 1992b), Ramón Mariño (1998, 2003), Freixeiro Mato e outros (2005). Verbo da lexicografía galega do século XIX, ademais do imprescindible manexo do *Dicionario de dicionarios* (Santamarina 2003) son importantes os traballos de Sánchez Palomino verbo do primeiro dicionario, do de F.J. Rodríguez, de Cuveiro, de Valladares e un traballo global publicado no 2003. Especialmente pertinente é o estudo de Sánchez Rei (2006) verbo da lingua no cancioneiro de Pérez Ballesteros.

[10] Supoño que a grafía destas citas ten neste caso menos interese e que reproducen as orixinais deses outros autores.

tentou evitar coa súa grafía: *frida d'ollo; perd'o timón; rífall'a vela; beb'auga d'herba rateira; férbell'as berzas.*

Coa segunda forma do artigo as grafías destas papeletas son variadas: *Todo-los; po-l-a / pol-o.* Neste caso reproducímola co sistema ortográfico actual.

O material fraseolóxico preséntase ordenado por estruturas: primeiro os substantivos compostos, colocacións e locucións (lixeiramente espaciadas por tipos); despois as fórmulas e finalmente os refráns (e un wellerismo). Deixamos fóra algunhas unidades monoléxicas porque aínda que funcionen en todo como fórmulas, non cumpren a condición básica de seren pluriverbais, mesmo se é habitual usalas repetidas (*¡Leria! ¡Leria!*) [11]. Deixo, en cambio, *¡Touporroutou!* porque esa onomatopea dos tambores que abrían certas marchas procesionais relixiosas ou festivas ben podería escribirse como varias palabras e así se encontra por veces. O mesmo acontece con *¡Malpocadiño!* que ben se podería escribir con dúas.

Pérez Ballesteros reproduce sistematicamente os refráns separando tema e rema en dous ou máis versos:

Terra negra
bo pan leva.

Nas notas a rodapé, que reproducen a exacta grafía das papeletas, os finais de verso márcanse cunha barra diagonal. Arriba reprodúcense como é habitual hoxe na paremioloxía.

En casos moi contados introduzo algúns comentarios como *Notas de edición*, que se identifican por esta marca: [N. de ed.: xxx]: aquí, coma nas citas do *Cancionero*, a tipografía Arial Narrow axuda a indica-la intervención do editor. Como queda dito, en 2.3., a referencia CPG remite ó *Cancionero Popular Gallego*... (1885-1886) con indicación do tomo e da páxina onde hai unha definición semellante ou idéntica.

O número final de cada entrada indica o número de orde no ficheiro da Real Academia Galega (ms. RAG-C-177-1) á que reitero a gratitude por poder divulgar estes materiais inéditos.

4. Edición

4.1. Substantivos compostos, colocacións e locucións

1. **danza de trencos**. Danza de patizambos. *Xa veño [...] á danza de trencos que se vai a armar.* (1).
2. **home vello**. Anciano. *Pensamento d'home vello / pra unha nena pouco val, / é, cal imaxe d'espello / sen azougue no cristal.* [Antonio Martinez Salazar]. (591).
3. **tempo das esfolladas**. De quitar la panoja al maiz. [CPG: 3, 230]. *O tempo das esfolladas, / non dá porveito a*

[11] ***¡Eixo!*** Interjección semejante á *¡Ea! ¡Eixo!, nenas, aquí todas / aquí m'habedes de dar / con pandeiros e ferreñas / dous cartos para gastar.* (375). **¡Leria! ¡Leria!** ¡Boba! ¡Bobería! *¿Que non podes? ¡Leria!¡Leria! / A isto o relós d-a vila / guindou zoando, n-a brétema / d'as doce en punto, d'a noite / a badalada primeira.* [Andrés Muruais (*O bautismo*)]. *Guindou*: lanzó. *Brétema:* brétema-niebla. *Badalada*: campanada. (95).

ninguén; / mandei a muller a elas / e nunca d'esfollar vén. [12] (170).

4. **terra negra** Tierra de color negro. *Terra negra bo pan leva.* (501).
5. **xesta varredeira** Escoba. [CPG: 1,41; 1,79; 3,216]. *Mala xesta varredeira / veña polas costureiras / porque comen as amoras / e destroien as silveiras.* [13] (194).
6. **estreliña da fartura**. Llaman así los campesinos al planeta Venus, que, generalmente se le denomina: *lucero del alba*, cuando aparece antes de salir el sol; y *estrella de la tarde* cuando brilla á la puesta de aquél. Se dice *fartura*, ó abundancia, porque los labradores creen en la influencia favorable de dicho astro sobre las cosechas, á medida que le divisan más al mediodía. *Aloméame, aloméame / estreliña da fartura; aloméame, aloméame / mentras que non vén a lúa.* [14] *Aloméame*: alúmbrame. (608).
7. **fariña do demo**. Harina del diablo. *Fariña do demo, toda se volve salvado.* [15] (459).
8. **feira dos novelos**. *Gracias a Dios qu'hoxe fumos / á feiriña dos novelos; / catro fumos, seis viñemos, / nin ganamos nin perdemos*. [16] *Novelos*: ovillos. *Catro fumos*: dos parejas. (165).
9. **frida d'ollo**. Mal de ojo: sospecha supersticiosa. (513).
10. **guedellas de lan** Nubes en vellones o aborregadas. *Ceo de guedellas de lan, ós dous días auga na man.* [17] (81).
11. **herba abelleira**. Melisa. (212).
12. **herba boa**. Menta. (213).
13. **herba da anduriña**. Ó de la golondrina (Celidonia). La celidonia menor se la conoce en gallego con el nombre de *herba das almorráns*.[18] [CPG: 2,64-65]. (214).
14. **herba da fame**. Especie de algarroba, que perjudica a la del trigo agarrándose a su tallo hasta llegar a inclinarle. Nota tomada del *Cancionero popular gallego* de Pérez Ballesteros. [CPG: 2,64-65]. (215).
15. **herba da solda**. Bálsamo de jardín. [CPG: 2,64-65]. (217).
16. **herba das paridas**. Hierba de San Juan (Prunella vulgaris). [CPG: 2,64-65]. (216).
17. **herba de Nosa Señora**. Artemisa. [CPG: 2,64-65]. (218).
18. **herba do cego**. Ortiga. [CPG: 2,64-65]. (219).
19. **herba do demo**. Estramonio. [CPG: 2,64-65]. (220).
20. **herba do gando**. Eléboro fétido. [CPG: 2,64-65]. (221).
21. **herba dos carpinteiros**. Porque éstos la aplican sobre las cortaduras (Achillea millefolium). [CPG: 2,64-65]. (222).
22. **herba leiteira**. Para aumentar la leche de las vacas. Entre otras hierbas la llamada triguera y la correola ó Llantén menor. [CPG: 2,64-65]. (223).

[12] O tempo d'as esfolladas, / non da porveito á ninguen; / mandéi a muller á elas / e nunca d'esfollar vén.

[13] Mala xesta barredeira / veña pol-as costureiras / porque comen as amoras / e destroyen as silveiras.

[14] Aloméame, aloméame / estreliña d'a fartura; aloméame, aloméame / mentras que non ven a lua.

[15] Fariña d'o demo / toda se volve salvado.

[16] Gracias á Dios qu'hoxe fumos / â feiriña d'os novelos; / catro fumos, seis viñemos, / nin ganamos nin perdemos.

[17] Ceo de guedellas de lan / ôs dous dias auga n'a man.

[18] herba d'as almorráns.

23. **herba rateira**. Euforbio. *Se qués andar á carreira, beb'auga d'herba rateira.* [19] (82).
24. **mal fado**. Mal hado. [(Divinidad mitologica obrando fatalmente sobre las demás divinidades) de Hadar en castellano]. *Mais, Galicia / se un mal fado / separarme vai de tí, / leva o corpo / porqu'a yalma / toda enteira / deixo aquí.* [Salvador Golpe (*Adiós á Galicia*)]. (605).
25. **navío do mar**. Ofrenda ó voto de recuerdo en algún santuario. Pastoriza. Santuario proximo a la ciudad de la Coruña. Entre los muchos votos ú ofrendas que los romeros ofrecen á la Virgen de Pastoriza en su santuario, figura algún barco de pequeño tamaño, á fin de colgarlo en la iglesia á guisa de lámpara. *A Virxe de Pastoriza / ten un navío do mar; / ¿quen llo dou? ¿quén llo daría? / quen llo dou púidollo dar.* [20] (341).
26. **(no) libro da mala lei**. En el libro de la malicia. *Estudiante que estudías / no libro da mala lei: / si ti sabes picardías, / picardías tamén sei.* [21] (164).
27. **ollos quedos**. Mirada firme. *Cando o piñeiro vai alto / no medio ten mil enredos; / o galán de moitas damas / nunca tén os ollos quedos.* [22] (168).
28. **ruxe, ruxe** *¡A cantos hai, risa dá! / i-o mesmo dérach'a ti... / o ruxe ruxe i-o ji ji, / reloitando co já já.* [23] [J. P. Ballesteros]. *Ruxe ruxe*: run run. *Reloitando*: jugueteando. El autor es partidario de que la J no tenga otra pronunciación que la castellana. (430).
29. **tenda dos coxos** La más cercana. *Como bo preguiceiro / fuch'á tenda dos coxos.* [24] (500).
30. **treina treina**. Ruido del molino. Palabras imitativas del ruido propio de piezas superiores del molino. [CPG: 3, 167]. *O muiño treina, treina / a auga faino treinar; / o fillo d'a muiñeira / tamen xa se quer casar.* [25] (188).
31. **xente de ben.** Gente honrada. *Tódolos que me marmulan / miren pola súa casa; / cando na miña fumea / na deles "fuego qu'abrasa".*[26] *Fumea*: humea. (193).
32. **xente de tralla**. Gente de tralla. *Xente de tralla, n'hai pior canalla.* [27] (469).
33. **zongue-zongue** Rumor acompasado. *Zoar dos piñeirales, / arrulos da arboreda, / zongue-zongue dos ventos / entr'os brazos titans da carballeira / ¡non fúchedes vosoutros! / ¡foi ela, foi ela!* [Urbano Gonzalez Varela (*¡Ela!*)]. *Carballeira*: robledal. [CPG: 2,33; 2,254]. (604).
34. **fervellasverzas**. Vivaracho imaginador. *-¿Ti que fas, férvellasverzas / ti que fas, férvellasfabas? / -Eu remendo os*

[19] Se qués andar â carreira / beb'auga d-herba rateira.

[20] A Virxe de Pastoriza / ten un navio d'o mar; / ¡quén ll'o dou! ¡quén ll'o daria! / quen ll'o dou púidoll'o dar.

[21] Estudiante que estudías / n-o libro d'a mala léi: / si ti sabes picardías / picardías tamén sei.

[22] Cando o piñeiro vai alto / n-o medio ten mil enredos; / o galán de moitas damas / nunca tén os ollos quedos.

[23] ¡A cantos hai, risa da! / y o mesmo dérach'á ti... / o ruxe ruxe y o ji ji, / reloitando cò-o já já.

[24] Como bo preguiceiro / fuch'â tenda d'os coxos.

[25] O muiño treina, treina / a auga faïno treinar; / o fillo d'a muiñeira / tamen xa se quer casar.

[26] Todo-los que me marmulan / miren po-l-a sua casa; / cando n-a miña fumea / n-a d'eles "fuego qu'abrasa".

[27] Xente de tralla / n-hai pior canalla.

meus calzós, / compoño as miñas polainas. [28] (68).

35. **mal mandado**. Desobediente. *Ó criado mal mandado, poñer a mesa e mandalo a algún recado.* [29] Escaso alimento por via de castigo. (479).
36. **[negra coma a] parrumeira** *Eres blanca como o pote / negra com'a parrumeira; / ¡se pola noite non campas, / de día n'hai quen te queira!* [30] *Parrumeira*: chimenea de aldea. *Non campas*: no eres aceptable. [CPG 1,63] (290).
37. **pouca cousa**. Persona de escaso valer. *Chamáchesme "pouca cousa" / parente de "mala gana"; / e por sobrenome teño: / "a min non se me dá nada".* [31] (175).
38. **que di veira** Situado a la vera. [CPG 3,279] *Tamén de día, pol-o sol queimado, / Pòn ús montós de toxos n-o valado, / que di veira ô camiño / por si cicáis ten mentres un veciño / de lle furtar o froito regalado / que dipindura n-o cepal d'a viña* [Valentín Lamas Carvajal: "Unha vindimia n-o Riveiro"). (416).
39. **que non sei** Frase corriente en gallego que equivale á "¡no hay más allá!", lo mismo en lo bueno que en lo malo respectivamente. *Tódolos mellores mozos / van indo a sirvir ó Rei; / o refugo que quedou / ¡ten un garbo, que non sei!* [32] (255).
40. **sin lei.** Sin constancia, sin fidelidad. *Escribín e non firmei: vale máis papel sin firma que non cariño sin lei.* El adverbio *máis* debe acentuarse. (296).
41. **quen ben sei**. Quien bien sé. Frase en la cual, "ben" se junta con un verbo; suele juntarse con adjetivos como: "elle ben alto"; con sustantivos y pronombres en igual acepción de muy o bastante. En el lenguaje castellano óyese a veces en Galicia *le es muy bueno; le me costó un duro; le es bien bonito*: *En esta calle hai un guapo: / que salla que o quero ver / qu'o sangre de quen ben sei / heillo de facer beber.* [33] (254).
42. **dá xenio**. Entusiasma. *Y-ainda gardo n-o fondo da hucha, / c'o mantelo qu'âs festas levei, / o refaixo y-o dengue encarnado, / y-a cofia branquiña / que dá xenio ver.* [Juan Garcia San Millán (A velliña)]. (597).
43. **[escarmentar] en cabeza allea**. En cabeza ajena. *Naide escarmenta en cabeza allea.* [34] (472).
44. **esbacalloa de gozo**. Hincha gozoso su cuerpo. (43).
45. **esvacallea de gozo**. Hincha su pecho de gozo. (511).
46. **[facer coma a] toupeira**. *Trocaches os ollos polo rabo: fixeches coma a toupeira.* [35] Topo. (566).

---

[28] Ti qué fás, férbell'as berzas / ti qué fás, férbell'as fabas. / -Eu remendo os meus calzós, / compoño as miñas polainas.

[29] Ô criado mal mandado: / poñer a mesa / e manda-l-o a algún recado.

[30] Eres blanca como o pote / negra com'a parrumeira; / ¡se pol-a noite non campas, / de día n-hai quen te queira!

[31] ... á min non se me da nada.

[32] Todol-os mellores mozos / van indo á sirvir ô Rei; / o refugo que quedóu / ¡ten un garbo, que non sei!

[33] En esta calle hai un guapo: / que salla que o quero ver / qu-o sangre de quen ben sei / heillo de facer beber

[34] Naide escarmenta / en cabeza allea.

[35] Trocaches os ollos pol-o rabo: /fixeches com-a toupeira.

47. **faite o xordo**. Hazte el sordo. *Come ben e ponte gordo e, si te chaman, faite o xordo.* [36] (59).
48. **fala o viño**. *Cando fala o viño, cala a boa lengua.* Del beodo. (60).
49. **latar da escola** Hacer novillos los escolares. *E como estaban de chola, / -Non sei que rapás no-o está- / Todo Dios maxinará / Deberon latar d'a escola / Co-o mentres d'ir â cibdá.* [J. P. Ballesteros (*Foguetes*)] (90).
50. **[facer] mal peito**. Desagrado *Traballo desfeito á todos fai mal peito.* [37] (106).
51. **marzo maiea**. *Cando marzo maiea, maio marcea.* [38] Marzo como Mayo. (115).
52. **porlle aquela**. Aquela (Defecto) *Degaros son, escollidos, / castañiñas d'a restela, / xuraréi que entr'os nasidos / non hai quen lles poña aquéla / á probar, pois, sin cumpridos.* [Marcial Valladares: *A Castañeira en Santiago*)]. [N. de ed.: Este é un caso no que co xénero gramatical a lingua marca calidades: *aquel* significa "cualidade, perfección" e *aquela* "defecto". Compárese coa cita de *ten certo aquel*]. (5).
53. **[ser dos que] limpan o cu coa tella**. *¡Ti, eres dos que limpan / o cu coa tella!* [39] El culo con la teja. [N. de ed.: Para podermos entender esta locución, cómpre lembrar este refrán *Quen limpa o cu cunha pedra, rasca o cu e deixa a merda.* (23911:285; MOREI1:44)] (124).
54. **[garda a] palabra no corpo**. Prudente silencio. (*Si topas home morto, garda a palabra no corpo.* [40] (134).
55. **rebenta de cheo**. Revienta de harto. *O que tén fillos / non rebenta de cheo.* [41] (554).
56. **saleu con ela**. Salió con la suya. [Perseverancia]. *Terqueou Varela, / e *saleu con ela.* (560).
57. **ten certo aquel** Tiene cierta perfeccion. [CPG: 3,172]. *Se deixo por Pedro á Xan / non me rifes, miña nai, / Pedriño ten certo aquel / que moita gracia me fai.* [42] (183). [N. de ed.: *Véxase porlle aquela*].
58. **ten que ver**. Tiene que chocar. *¡Ten que ver, home sin muller!* [43] (499).
59. **ter moitas conchas** Abundar en malicia. *Dis que teño moitas conchas, / cando, non son pelegrino; / eu digo: si foras outra / xogaras menos comigo.* (184).
60. **ter pía [a alguén]**. Mostrar confianza o asentimiento. *N'hai que ter pía ós que fan moitos milagres.* [44] (486).
61. **tiña por nome**. Se titulaba. *Di o doutor, largando un terno, / -¿Qué bebida diste al vasco? / -¡Que bebida!, a que n-o frasco / tiña por nome "uso externo".* [J. P. Ballesteros (*Foguetes*)]. (447).
62. **tirar a quen** [un mesmo] **é**. La condición ó caracter natural. *Nin por poñerse moi *majo, deixa un de tirar a quen é.* [El hábito no hace el monje]. (487).
63. **topar modo**. [Encontrar] Fácil manera. *Nunca topamos modo pra facer o que debemos.* (488).

---

[36] Cóme ben e ponte gordo; / e si te chaman, faite o xordo.
[37] Traballo desfeito / á todos fai mal peito.
[38] Cando Marzo mayea / Mayo marcea.
[39] ¡Ti, eres d-os que limpan / o cú co-a tella!
[40] Si topas home morto / garda a palabra n-o corpo.
[41] O que tén fillos / non reventa de cheo.
[42] Se deixo por Pedro á Xan / non me rifes, miña nai, / Pedriño ten certo aquel / que moita gracia me fai.
[43] ¡Ten que ver, / home sin muller!
[44] N-hai que tér pía / ôs que fan moitos milagres.

64. **úntalle o cu**. Untale el culo. *Úntalle o cu con aceite, / que, se non sana, / queda *reluciente.* [45] (490).
65. **a cachón** Grado máximo de hervor. *Tódal-as bágoas da miña vida, / a historia larga das miñas penas, / á cachón sinto qu'ô celèbre / fervendo chegan*. [Castor Elices (*Follas secas*)]. (573).
66. **co mentres**. Con el propósito. *E como estaban de chola, / -Non sei que rapás no-o está- / Todo Dios maxinará / Deberon latar d'a escola / Co-o mentres d'ir â cibdá.* [J. P. Ballesteros (*Foguetes*)] (90).
67. **[foxen] a un tempo**. [Huyen] á la vez. *O diñeiro, e o tempo: / foxen á un tempo.* (477).
68. **dabondo** En abundancia. *O mariñeiro no mar / ten sempre dabondo pena: / unha ves, perd'o timón; / outra ves rífall'a vela.* [46] *Rífall'a vela:* Se le enreda la vela por la fuerza el viento. (196).
69. **de cotío** Siempre, sin descanso. [CPG:3,289]. *A cidá vindes lixeiras / á face-lo voso avío; / e volvés ás vosas leiras / a traballar de cotío.* [Marcial Valladares (*A castañeira en Santiago*)]. (4).
70. **de meu me caio**. No me sostengo. *En abril, déixame dormir; que en maio, de meu me caio.* [47] (542).
71. **de querquenas** En cuclillas. *Ve craro salir un home, / de querquenas tras d-o valo; / e vai tras d'él a pillalo, / c'unha rabecha que o come.* [Benito Losada (*Quen fóra frade*)]. *Rabecha.* Rabieta. (8).
72. **de ves** Con arranque, de una vez. *Trocouse presto aquel xeito / ô chegar d-o inverno a inxuria / dispindo con negra furia / o ramalliño de vés.* [J. P. Ballesteros (*A Carmela*)]. *Dispindo*. Desnudando. (18).
73. **(estar) doito**. Cada día; constantemente. *Estou orfo de pai e nai, xa hai moito / sin topar meus hirmans á quen mirar / e non teño parentes n-o meu loito / nin amigos con quen me desfogar, / ¡ou! qué dorida a alma ha de estar dóito!* [Manuel Fernández Magariños (*Un orfo*)]. (23).
74. **en quente**. En caliente. *Tripas e casamento, en quente.* [48] (547).
75. **ó abrente**. Al abrir. *Irás ó abrente do día / a i-augua fresca catar, / da i-augua do paxariño / que saúde ch'ha de dar.* [49] [Romance popular (*Gaiferos de Mormantal*)]. [N. de ed.: Estes versos non parecen do discutido romance de Don Gaiferos de Mormantal senón do romance da mañá do día de san Xoán: *Día de San Xoán alegre, / meniña, vaite lavar;/pillarás auga do paxaro/ denantes de o sol raiar; / irás ó abrente do día / a auga fresca catar / da auga do paxariño / que saúde che ha dar./ Corre, meniña, vaite lavar / e a fresca auga / desta amañecida / cor de cereixa che ten que dar; / se arraiar, / se arraiará / todas as meigas levará, / xa arraiou, / xa arraiou, / todas as meigas levou. // Peladas eran / peladas serán / todas as meigas / que andan polo chan. // Peladas son, / peladas eran, / todas as meigas que andan pola terra.*] (586).

[45] Úntalle ó cú con aceite, / que, se non sana, / queda reluciente.

[46] O mariñeiro n-o mar / ten sempre d'abondo pena: / unha ves, perd'o timón; / outra ves rífall'a vela.

[47] En Abril déixame dormir; / qu'en Mayo, de meu me cayo.

[48] Tripas e casamento: / en quente.

[49] Irás ô abrente do día / a-y-augua fresca catar, / da y augua do pajariño / que saúde ch'ha de dar.

76. **ó teu mandado**. A tus órdenes. (345). **quedarás a teu mandado**. Frase equivalente a: Quedarás á tus propias órdenes, ó con toda independencia. *Agora que eu me vou / quedarás a teu mandado; / meterás a quen quixeres / no teu peito delicado.* [50] (253).
77. **[pola] semana adiante**. Resto de la semana. *Si sábado chove i-o domingo antes da misa, pola semana adiante ¡verás que risa!* [51] (563).
78. **pra comigo**. En mis adentros. (525).
79. **se por mal quer vir**. Si le da por venir mal. *Abril, se por mal quer vir, as portas non deixa abrir.* Alude á las nevadas en paises montañosos. (509).
80. **logo de**. Luego que. *Ó pasar a barca -díxom'o patrón: / "Pobre señorita -de *mi corazón". / Logo d'escoitalo -tanto del me rin, / que ó patronciño -nunca máis o vin.* [52] Logo de escoitalo, luego que lo escuché. A veces en gallego únese el *logo* con *dempois* y no falta quien le traduzca en castellano *luego después*; provincialismo sólo disculpable en personas poco cultas. (229).
81. **por que carga de allos**. Frase equivalente á "Porque tan sin motivo" (524).

4.2. Fórmulas

82. **¡A min non se me dá nada!** *Chamáchesme "pouca cousa" / parente de "mala gana"; / e por sobrenome teño: / "a min non se me dá nada".* [53] (175).
83. **¡A porta dez cas te traben; / malos gatos te rabuñen; / malas vacas t'esgorríen; / malos furaños te furen!** [54] *Esgorrien.* Topen o turren [CPG: 3,193]. *Furaños.* Hurones [CPG: 3,193]. (617).
84. **Como bo preguiceiro / fuch'á tenda dos coxos.** [55] *Tenda dos coxos*: la más cercana (500).
85. **¡Dio-los axude!** *Por aquí pasou un home, /non dixo: "Dio-los axude!"/ Por aquí ha de volver/ derreado e sin saúde.* [56] (s.v. derreado) [N. de ed.: É fórmula de saúdo que chegou viva no mundo rural ó final do século XX] (372).
86. **¡Ei! ¡Caracha!** Interjección de alegria. (493).
87. **¡eih! ¡jinojo!** Interjección de amenaza.*¡Eih! ¡Jinojo! abonda xa, / demoros, ¡se vou ahí!; / enchénose de ji ji / pra fartarse co-o ja ja.* [J. P. Ballesteros]. Se pronuncia como en castellano. La j con sonido igual al castellano. *Demoros*: diablos. [CPG: 2,82]. *Enchénose*: llenáronse (26).
88. **¡Heiche de virar o coiro co d'afora para dentro!** *Cara de pan barolento: / heiche de virar o coiro / co d'afora para dentro.* [57] *O coiro:* el pellejo. [CPG 3,214]. *Barolento*: lleno de moho o valor. [N. de ed.: *barolento* <*palorento < lat. *pallorem*)] (191).

---

[50] Agora qu-eu me vou / quedarás â teu mandado; / meterás a quen quixeres / n-o teu peito delicado.
[51] Si, sabado, chove / y-o domingo, antes d'a misa:/ pol-a semana adiante,/ ¡verás que risa!
[52] Ô pasar a barca -díxom'o patrón: / "pobre señorita -de mi corazón" / logo d'escoitalo -tanto d'él me rin / que ô patronciño -nunca máis o vin
[53] ... á min non se me da nada.
[54] A porta dez cás te traben / malos gatos te rabuñen / malas vacas t'esgorríen / malos furaños te furen.
[55] Como bo preguiceiro / fuch'â tenda d'os coxos.
[56] Por aquí pasou un home, /non dixo: "Diol-os axude!"/ Por aquí ha de volver/ derreado e sin saúde.
[57] Cara de pan varolento: / heiche de virar o coiro / co'o d'afora para dentro.

89. **¡Mama frade!** Frase de sorpresa agradable. *Andruco* - *¡Mama frade! non che hé mal subir: ¿con que, seis mil dun golpe?* [*Tertulia de Picaños* 1836]. (108).
90. **¡Maragota e media!** ¡Pescado escaso! *¡Tres, para tres: / maragota e media!* (113).
91. **¡Moito que lle digan!** Mucho que admirar tiene. (391).
92. **¡Moito viva!** Entusiasta saludo. *O baile de Rio de Quintas / ¡moito viva! quen o honra; / as nenas de Palavea / e mais as de Pedra Longa.* [A Pedra Longa]. [Los tres lugares citados pertenecen á la parroquia de Elviña, proximo á la Coruña]. (236).
93. **¡Non forma!** No acierta á discurrir. (397).
94. **Non fungue o moqueiro**. No estornude. (522).
95. **¡Vaiche boa!** ¡Donde va ya! *Recórde ben toda a-hestoria, / si, o que lle dín, què r pagarme. / -¡Vaiche boa! ¿Eu, acordarme? / ¡Hoxe, naide tén mamoria!* [Pérez Ballesteros (*Foguetes*)]. (453).
96. **¡Vivan +** (topónimos)**!** Saludo como en castellano. *Palavea i-o Portazgo / Pedralonga i-o Areal / ¡Vivan! con Rio de Quintas / ó pé do camiño real.* [58] Areal: Arenal del Pasaje. Lugares todos próximos al distrito de la Coruña. (307).
97. **[¡Tal día] faga un ano**. Afán de que se repita lo que pasó. *¡Tal día faga un ano!* Haga un año (58).
98. **¡Mala xesta varredeira veña por** [alguén]**!** *Mala xesta varredeira / veña polas costureiras / porque comen as amoras / e destroien as silveiras.* [59] *Xesta varredeira*: escoba. [CPG: 1,4; 179; 3,216]. (194).
99. **¡Mal raxo de Dios te fenda!** Maldición. (231).
100. **¡Malpocadiño!** *Algún día, algo, algo, / agora ¡malpocadiño!; / xa non me queren as nenas / porque vou acabadiño.* Desdichado. [CPG: 3,39]. (230).
101. **¡Moito ch'está** [subst]**!** Muy bien te está. [CPG: 1,182]. *Moito ch'está o sombreiro, / queridiño dos meus ollos, / moito ch'está o sombreiro / ¡non lle está así a todos!* [60] (235).
102. **Ña madre**. Madre mia. -*Ña madre, levaim'á vila / que din qu'hai moito que ver; / ña filliña, non te levo, / que te me podes perder.*[61] (167).
103. **Ña prenda**. Prenda mía. *Mais des que o amor quere voar, ña prenda, / E que lle cái a venda, / Forza é deixalo ire, / Que n-hai virtude nin poder que o prenda.* [Rosalía Castro (*Follas novas*)]. (398).
104. **[¡Vállate a] perdamá!** -*¿E tendremos logo, carretos? -¡Vállate a perdamá!, ainda viñéchedes carta feira de Villagarcía.* [*Tertulia de Picaños 1836*]. Especie de maldición. (588).
105. **¡Ti eres dos que limpan o cu coa tella!** [62] El culo con la teja. [N. do ed.: Lémbrese o refrán *Quen limpa o cu cunha pedra, rasca o cu e deixa a merda*. (23911:285; MOREI1:44)] (124).
106. **¡Touporroutou!** *Touporroutou, por*

[58] Palavea y o Portazgo / Pedralonga y o Areal / ¡Vivan! con Rio de Quintas / o pé d'o camiño real.

[59] Mala xesta barredeira / veña pol-as costureiras / porque comen as amoras / e destroyen as silveiras.

[60] Moito ch'está o sombreiro, / queridiño d'os meus ollos, / moito ch'está o sombreiro / ¡non lle está así á todos!

[61] -Ña madre, levaim'â vila / que din qu'hai moito que ver; / ña filliña non te levo, / que te me podes perder.

[62] ¡Ti, eres d-os que limpan / o cú co-a tella!

donde vai a noiva, / touporroutou, pola corredoira; / touporroutou qué vai á buscar / touporroutou un ferrado de sal. Estribillo de algun canto. (190).

107. **Úntalle o cu con aceite, que, se non sana, queda *reluciente.** [63] *Úntalle o cu*: Untale el culo. (490).
108. **¡Váite ó rollo!** [64] Vete á la mierda. (536).
109. **¡Vállate Xuncras!** Válgate Judas ó el diablo. Interjección. (280).
110. **¡[Inda] vayas que non volvas!** Maldición. *Inda vaias que non volvas / e desaparecido seas; / de noite, pártanch'as pernas / pola mañán cego veñas.*[65] [N. de ed.: *Inda* + vbo en subx. é a forma en que empezaban tradicionalmente en galego tódalas maldicións e aínda se oe así a algunhas persoas maiores nas aldeas. A forma *Me cago en* + *subst./pron.* é un castelanismo evidente e relativamente recente]. (305).

4.3. Refráns

111. **Abril, se por mal quer vir, as portas non deixa abrir.** [66] Alude á las nevadas en paises montañosos. *Se por mal quer vir*: Si le da por venir mal. (509):
112. **A unión é forza.** *Gallegos: máis unión; a Unión é forza, / e moitísma lle compre â nosa terra; / ben sabedes que hai xente que 'esforza / por facerlle croél e ruda guerra.* [Curros Enríquez (*Cartas ôs gallegos*)]. *Moitisma*: muchísima. (390).
113. **A vida dos vagamundos / é unha vida rayal; / de mozos, polas tabernas / e de vellos, no hespital.** [67] *Vagamundos*: Vagos. *Rayal*: real. [N. de ed.: 1. Este é un dos moitos refráns que teñen estrutura de cantiga (ou viceversa) que probablemente non se cantaba e non se canta e por iso aparece como refrán no dicionario de Valladares (1884:573). 2. Dos étimos latinos *regalem* (da realeza) e *realem* (da realidade), o francés distingue aínda *royal* e *réel*; e o catalán *reial* e *real*. O galego xa no XVIII reunira os dous conceptos en *real* e só aparecen esporadicamente reliquias nos refráns: a moeda coa efixie do rei chámase *raial (Hey dir unha noyte ás uvas, /anque me coste un raial, / heime de crellar do dono, / se me o bagullo fai mal),* ou chámase *ral* (*Non hai ral de plata que contente a todos*). Recentemente aínda se detectou o uso de *camiño reial.* Este refrán *vida raial* é outro exemplo, porque significa "vida de reis"). Valladares di *vida real*] (278).
114. **Bacoriño en celeiro non quer compañeiro.** [68] *Vacoriño*: cerdo; *celeiro*: dormitorio: (568).
115. **Bacoriño en celeiro non quer compañeiro.** [69] *Vacoriño*: cerdo; *celeiro*: encierro. (468).
116. **Cando a carballeira soa, sabe ben a broa.** [70] *Soa*: suena. *Carballeira*: robledal. [CPG: 2,33; 2,254]. *Broa*: borona, pan de maiz. [CPG: 2,85]. (504).
117. **Cando a raposa anda ós grilos, mal pola nai, mal polos fillos.** [71] *Raposa*: zorra. *Grilos*: grillos: (549).

---

63 Úntalle ó cú con aceite, / que, se non sana / queda reluciente.
64 ¡Váite ô rollo!
65 Inda vayas que non volvas / e desaparecido seas; / de noite, pártanch'as pernas / pol-a mañán cego veñas.
66 Abril, se por mal quer vir / as portas non deixa abrir.
67 A vida d'os vagamundos / é unha vida rayal; / de mozos, pol-as tabernas / e de vellos, n-o hespital.
68 Vacoriño en celeiro / non quer compañeiro.
69 Vacoriño en celeiro, / non quer compañeiro.
70 Cando a carballeira sôa / sabe ben a broa.
71 Cando a raposa anda ôs grilos / mal pol-a nai, mal pol-os fillos.

118. **Cando a ruliña rular, colle o fol e vai sementar.** [72] *Rular*: canto de la tórtola. *Ruliña*: tortolilla. *Sementar*: sembrar. (557).
119. **Cando abril recacha, queima a vella a maza**. [73] *recacha*: abre ó comienza. *Maza*: del lino: (552).
120. **Cando as estrelas non lepexan / lampexan, logo as nubes gotexan.** [74] *lepexar*: brillar ó alumbrar. (94).
121. **Cando che den a ovella, coller a corda e ir por ela.** [75] *ovella*: oveja (132).
122. **Cando chove por san Xorxe, de cen cereixas quedan catorce.** [76] *San Xorxe*: san Jorge. [San Xorxe, 23 de Abril]. (507).
123. **Cando *Dios dá, non é mingalleiro.** [77] *Mingalleiro*: migajoso. (116).
124. **Cando fala o viño, cala a boa lengua.** [78] *Fala o viño*: del beodo. (60).
125. **Cando fores ó [concello], acorda no teu e deixa o alleo.** [79] *Deixa o alleo*: deja lo ajeno. *Concello*: concejo: (540).
126. **Cando marzo maiea, maio marcea.** [80] *Marzo mayea*: marzo como mayo. (115).
127. **Canto máis doce é o mel, máis zugan as abellas nel.** [81] *Zugar*: chupar. [Refrán popular]. (584).
128. **Cávame tarde e réndame cedo, que eu che pagarei o que debo.** [82] [Personificacion de la tierra, que pide tardía la cava, y, á tiempo la recoleccion]. *Rendar*: cosechar. (553).
129. **Cegos, pegas e choias, dou ó demo estas xoias.** [83] *Xoyas*: joyas. Choyas: cluecas: (571).
130. **Ceo de guedellas de lan, ós dous días auga na man.** [84] Nubes en vellones o aborregadas. *Guedellas de lan*: guedejas: (81).
131. **Come ben e ponte gordo e, si te chaman, faite o xordo.** [85] *Faite o xordo*: hazte el sordo. (59).
132. **Costureira, pan na criba; tecelana, no tear; carpinteiro, mesa posta; canteiro, pote no lar.** [86] *Criba*. Alude al cribo destinado por costureras ambulantes á conservar utensilios de costura, retazos de tela y pedazos de pan. *Tecelana*: tejedora. *Pote*: olla de hierro de tres pies que ordinariamente sirve para hacer el caldo. [CPG 1,63, 148] *No lar*: en el hogar. [CPG 2,237]. [N. de ed.: Velaí un refrán que ten estrutura de cantiga ou que, se se quere, é unha cantiga das que se din e non se cantan porque teñen estrutura e función de refrán] (300).
133. **Da besta, a mular; e d'homes, o de pouco falar.** [87] *Mular*: ganado mular. (119).
134. **Déixame de castañetas, de ferreñas e de gaitas, qu'a mellor foliada é ter a barriguiña farta.** [88] *Ferreñas*: sonajas. *Castañetas*: castañuelas. (148).

---

72 Cando a ruliña rular, / colle o fol e vái sementar.
73 Cando Abril recacha, / queima a vella a maza.
74 Cando as estrelas non lepexan - lampexan / logo as nubes gotexan.
75 Cando che den a ovella / coller a corda e ir por ela.
76 Cando chove por San Xorxe / de cen cereixas quedan catorce.
77 Cando Dios dá non é mingalleiro.
78 Cando fala o viño / cala a boa lengua.
79 Cando fores o [sic] / acorda n-o teu / e deixa o alleo.
80 Cando Marzo mayea / Mayo marcea.
81 Canto máis doce é o mel, / máis zugan as avellas n-él.
82 Cávame tarde,/ e réndame cedo,/ qu'eu che pagarei / o que debo.
83 Cegos, pegas e choyas / dou o demo estas xoyas.
84 Ceo de guedellas de lan / ôs dous dias auga n'a man.
85 Cóme ben e ponte gordo; / e si te chaman, faite o xordo.
86 Costureira, pan n-a criba / tecelana, n-o tear / carpinteiro, mesa posta / canteiro, pote n-o lar.
87 Da besta, a mular; / e d'homes o de pouco falar.
88 Déixame de castañetas / de ferreñas e de gaitas, / qu'a mellor foliada é / ter a barriguiña farta.

135. **Dempois de que caseime, vinme e deseeime.** [89] *Dempois*: después. [N. de ed.: Curiosa a anomalía da colocación do pronome átono en *caseime* para consegui-la rima]. (543).
136. **Dend'as cereixas ós nabos ben estamos; dende os nabos ás cereixas, todas son queixas.** [90] Dende os nabos âs cereixas. Período de mayor escasez. *Queixas*: quejas. (147).
137. **D'hoxe para mañán podrece a mazán.** [91] *Podrece*: se pudre. (142).
138. **Do pan de meu compadre, grande rebanada ó meu afillado.** [92] *Rebanda*: rebanada. (551).
139. **Do seu pode cada un facer un pandeiro.** [93] *Pandeiro*: pandero. (135).
140. **Donde vaia o máis, vaia o menos; mas donde vaia o mar, vaia tamén a area.** [94] *O máis*: lo más. (126).
141. **Donde vivan soldados ou mariñeiros nunca se digan probes os tabarneiros.** [95] *Tabarneiros*: taberneros. (506).
142. **En abril, déixame dormir; que en maio, de meu me caio.** [96] *De meu me cayo*: no me sostengo. (542).
143. **En marzo, nazo; en abril, estou no cubil; en maio, xa saio; en San Xoán xa fuxo do can e en agosto, son xa bo raposo.** [97] *Raposo*: zorro. *Nazo*: nazco. *Sayo*: salgo. *Fuxo*: huyo. (550).
144. **En San Xoan a sardiña molla o pan.** [98] [Empieza á tener bastante grasa]. *Molla o pan*: moja el pan (118).
145. **En vindo maio, sea enxoito, sea mollado, millo ó agro.** [99] *Enxoito*: enjuto; *agro*: Campo: (40).
146. **Enxamio probe, si do inverno sale, en maio morre.** [100] *Enxamio*: enjambre. [Refr]. (510).
147. **Escribín e non firmei: vale máis papel sin firma que non cariño sin lei.** [101] *Sin lei*: sin constancia, sin fidelidad. *Máis.* El adverbio máis debe acentuarse: (296).
148. **Escudeiro e mancebo déitase tarde e levántase cedo.** [102] *Escudeiro*: escudero. (46).
149. **Facemos á derradeira o que non quixemos na primeira.** [103] *Derradeira*: lo ultimo. (10).
150. **Fariña do demo, toda se volve salvado.** [104] *Fariña d'o demo*: harina del diablo. (459).
151. **Fidalgo honrado, val máis velo morto que remendado.** [105] *Fidalgo*: hidalgo. (475).

---

89 Dempois de que caseime / vinme e deseéime.
90 Dend'as cereixas ôs nabos / ben estamos; / dende os nabos âs cereixas, todas son queixas.
91 D'hoxe para mañan / podrece a mazán.
92 D'o pan de meu compadre, / grande rebanada [sic] ô meu afillado.
93 D'o seu pode cada un facer un pandeiro.
94 Donde vaya o máis / vaya o menos, / mas donde vaya o mar / vaya tamén a area.
95 Donde vivan soldados / ou mariñeiros, / nunca se digan probes / os tabarneiros.
96 En Abril déixame dormir; / qu'en Mayo, de meu me cayo.
97 En Marzo -nazo / en Abril -estou n-o cubil; / en Mayo -xa sayo / en San Xoan -xa fuxo d'o can / e-en Agosto -son xa bo raposo.
98 En San Xoan / a sardiña molla o pan.
99 En vindo Mayo, / sea enxoito / sea mollado: / millo o agro.
100 Enxamio probe / si d'o inverno sale / en Mayo morre.
101 Escribín e non firméi: / ¡vale máis papel sin firma / que non cariño sin lei.
102 Escudeiro e mancebo / déitase tarde / e levántase cedo.
103 Facemos á derradeira / o que non quixemos n-a primeira.
104 Fariña d'o demo / toda se volve salvado.
105 Fidalgo honrado: / val máis vel-o morto / que remendado.

152. **Fillo es, pai serás: conforme fixeres, así atoparás.** [106] *Pai*: padre. (466).
153. **Hoxe o gano, hoxe o como: mañán *Dios dirá.** [107] *Mañán, Dios dirá*: mañana Dios dispondrá. (112).
154. **Mais *daños fai a gaita que o door de moas.** [108] *Door de moas*: dolor de muelas. (471).
155. **Mentras non acabes, non te gabes.**[109] *Non te gabes*: no te alabes. (482).
156. **Mentres teñamos fillos, quen nos enmeigue non ha de faltar.** [110] *Enmeigar*: embrujar. (474).
157. **N'hai que ter pía ós que fan moitos milagres.** [111] *Ter pía*: mostrar confianza o asentimiento. (486).
158. **Na casa do ferreiro, non tentar; e na botica, non probar.** [112] *Non tentar*: *non tentar*: No tactar: [p.ª no quemarse]. *Non probar* [para no envenenarse]. (483).
159. **Na mocedá e na roupa rachada todo engarra.** [113] *engarra*: prende ó se agarra. *Rachada*: rasgada: (473).
160. **Na ucha aberta o xusto peca.** [114] *Ucha aberta*: hucha abierta ó descuidada. [Tentación]. (489).
161. **Naide escarmenta en cabeza allea.** [115] *En cabeza allea*: en cabeza ajena. (472).
162. **Nin por poñerse moi *majo, deixa un de tirar a quen é.** [116] *Tirar á quen é*: la condición ó caracter natural. [El hábito no hace el monje]. (487).
163. **Non cura o diñeiro tódolos males que fai.** [117] *males que fai*: males que ocasiona. (480).
164. **Nunca topamos modo pra facer o que debemos.** [118] *Topamos modo*: fácil manera. (488).
165. **Ó criado mal mandado, poñer a mesa e mandalo a algún recado.** [119] *Mal mandado*: desobediente. Escaso alimento por via de castigo. (479).
166. **O diñeiro e o tempo foxen a un tempo.** [120] *Foxen á un tempo*: huyen á la vez. (477).
167. **O entroido coas maas artes botou a San Matías fóra do martes.** [121] *maas artes*: malas artes. *Entroido*: Antruejo ó carnaval. (478).
168. **O fiado leva a metá de clavo.** [122] *o Fiado*: lo prestado. (484).
169. **O lume é media mantenza; e, sobre da cea, mantenza enteira.** [123] *Mantenza*: alimento. (481).
170. **O mintir quer mamoria.** [124] *O mintir*: la mentira. (485).
171. **O pouco que *Dios me dou cabe nunha man cerrada; o pouco con *Dios é moito; o moito sin *Dios**

[106] Fillo és, / pai serás / conforme fixeres / así atoparás.
[107] Hoxe o gano; hoxe o como: / mañán, Dios dirá.
[108] Mais daños fai a gaita / que o door de moas.
[109] Mentras non acabes, / non te gabes.
[110] Mentres teñamos fillos, / quen nos enmeigue / non ha de faltar.
[111] N-hai que tér pía / ôs que fan moitos milagres.
[112] N'a casa d'o ferreiro, / non tentar; / e n-a botica / non probar.
[113] N-a mocedá / e n-a roupa rachada / todo engarra.
[114] N-a ucha aberta, / o xusto peca.
[115] Naide escarmenta / en cabeza allea.
[116] Nin por poñerse moi majo; / deixa un de tirar a quen é.
[117] Non cura o diñeiro / todol-os males que fai.
[118] Nunca topamos modo / pra facer o que debemos.
[119] Ô criado mal mandado: / poñer a mesa / e manda-l-o a algún recado.
[120] O diñeiro, e o tempo: / foxen á un tempo.
[121] O entroido co-as maas artes / botóu á San Matías / fora d'o martes.
[122] O fiado, / leva, a metá, de clavo.
[123] O lume é media mantenza; / e sobre d-a cea, mantenza enteira.
[124] O mintir, / quer mamoria.

n'é nada. [125] *N-é nada*: no es nada. (342).

172. **O que compra con diñeiro que non é seu, non diga que compra senón que vendeu.** [126] *Que non é seu*: que no es suyo. (146).
173. **O que con nenos se deita, mexado se levanta.** [127] *Nenos se deita*: niños se acuesta. (121).
174. **O que non chora, non mama.** [128] *O que non chora*: el que no llora. (125).
175. **O que paga a Xan e debe a Andrés, ten que pagar outra ves.** [129] *pagar outra ves*: repetir el pago. (133).
176. **O que paga criados e n'os vai a ver, venda, o que ten, para os manter.** [130] *N-os vai á ver*: no los vigila. (123).
177. **O que ten fillos non reventa de cheo.** [131] *reventa de cheo*: revienta de harto. (554).
178. **O roubado a naide empresta.** [132] *o roubado*: lo robado. (127).
179. **Os prados queren procuro /os labramios labrador; /propietario sin oficio /non pode ser gran señor** [133] . *Labramios*: terrenos labrantíos (176).
180. **Os fillos da miña filla todos meus netiños son; os fillos da miña nora, quezáis si ou quezais non.** [134]. [Quezais non. Alude á la posible infidelidad de la nuera]. *Netiños*: diminutivo de nietos. *Nora*: nuera [CPG 3,168] (163).
181. **Os mocos non son para gardar.** [135] *Pra gardar*: para guardar. (144).
182. **Os que nunca foron nada sempre dan a patada.** [136] *Patada*: coz. (138).
183. **Ou a *Dios ou ó demo ninguén deixa de sirvir ¡sint'os que sirven a entrambos!** [137] *Deixa de sirvir*: deja de servir. *Sint'os que*: sin contar los que. (9).
184. **Pan d'hoxe, carne de onte e viño de antano manteñen ó home sano.** [138] *Manteñen o home sano*: mantienen la salud. *Onte*: Ayer. [CPG 1, 161, 170; 2,45; 3,161] (110).
185. **Para cuñas, pau de toxo; para fungueiros, carballo; para conserva-los sapos, máis dunha mañán de orballo.** [139] *Fungueiro*: cada uno de los palos altos clavados en las carretas para dar firmeza á la carga. *Orballo*: niebla húmeda. [CPG 2,32] *Toxo*: aliaga ó aulaga. [CPG 1,108, 168; 2, 32, 92; 3,94] *Carballo.* Roble. [CPG 1, 7,129; 2,25,32; 3,15,124,153] (614).
186. **Para un que dorme hai cen que teñen os ollos abertos.** [140] *Ollos abertos*: ojos abiertos. (129).

---

[125] O pouco que Dios me dou / cabe n-unha man cerrada; / o pouco con Dios, e moito, / o moito sin Dios n-é nada.
[126] O que compra / con diñeiro que non é seu; / non diga que compra / senón que vendeu.
[127] O que con nenos se deita / mexado se levanta.
[128] O que non chora / non mama.
[129] O que paga, á Xan; / e debe, á Andrés / ten que pagar outra ves.
[130] O que paga criados / e n-os vai á ver: / vénda, o que tén, / para os mantér.
[131] O que tén fillos / non reventa de cheo.
[132] O roubado, / á naide empresta.
[133] Os prados queren procuro /os labrámios labrador; /propietario sin oficio /non pode ser gran señor.
[134] Os fillos d'a miña filla, / todos meus netiños son; / os fillos d'a miña nora / quezáis sí, ou quezais non.
[135] Os mocos, non son para gardar.
[136] Os que nunca fóron nada / sempre dan a patada.
[137] Ou á Dios; ou ô demo: / ninguén deixa de sirvir / ¡sint-os que, sirven á entrambos.
[138] Pan d-hoxe / carne de onte / e viño de antano; / manteñen, ô home, sano.
[139] Para cuñas pau de toxo / para fungueiros, carballo / para conserval-os sapos / máis d'unha mañan de orballo.
[140] Para ún, que dorme / hai cén, que teñen os ollos abertos.

187. **Pensa moito e fala pouco.** [141] *Fala pouco*: habla poco. (61).
188. **Pequeno é o grilo e oise cantar lonxe.** [142] *Lonxe*: lejos. (99).
189. **Peras e queixo, saben a beixo.** [143] *Queixo*: queso. *Beixo*: beso: (548).
190. **Perillo é moi pillo; Montrove é moi probe.** [144] *Moi pillo*: muy retuerto: Perillo e Montrove. Parroquias del ayuntamiento de Oleiros próximo a la Coruña. [N. de ed.: Santa Locaia de Perillo é parroquia; pero hoxe Montrove só é lugar da parroquia de Santaia de Liáns]. (117).
191. **Por Pascua de Resurrección tres cousas fora de razón: as sardiñas saladas, as castañas e a predicación.** [145] *Pascua de Resurrección*: pascua de Resurrección. (137).
192. **Por un clavo falla unha ferradura; e por unha ferradura falla un cabalo.** [146] *Ferradura*: herradura. *Falla*: falta: (66).
193. **Pouco aceite dan por un carto.** [147] *Pouco aceite*: poca cantidad de aceite. *Carto*: antigua moneda de cobre (143).
194. **Pouco se manea o que nunca soupo salir da aldea.** [148] *se manea*: se mueve. (562).
195. **Prendas de *gallego diñeiro valen.** [149] *Diñeiro valen*: valen dinero. (20).
196. **Quen erra e se enmenda a *Dios se encomenda.** [150] *Erra*: yerra. (42).
197. **Quen mellor aos empreados se confesa, máis grande penitencia leva.** [151] *Penitencia leva*: mayor penitencia. (141).
198. **Quen moito corre, logo para.** [152] *Logo para*: luego se detiene. (98).
199. **Quen non traballa, non ten mingalla.** [153] *Mingalla*: migaja. [Refrán popular]. (582).
200. **Quen vai en carro, nin vai a pé, nin vai a cabalo.** [154] *Vai en carro*: va en carro. (569).
201. **Rosmas moito!: culpa tes.** [155] *Rosmas moito*: ¡Charlas mucho en tu defensa! (556).
202. **San Bras de Orto? deixou sete e esganou oito.** [156] *San Bras*: ¿Abogado de los enfermos de garganta. [Incredulidad]. [N. de ed.: En Orto (Abegondo) o santo titular é San Martiño e hoxe non parece conservarse memoria do culto a San Brais nesa parroquia, quedando como única testemuña este refrán. As patoloxías da gorxa (incluídas as provocadas por espiñas) son de difícil e incerta terapia e quizais a iso alude o refrán, cando di que o santo avogoso desas enfermidades conseguiu salvar sete enfermos pero morréronlle oito. Este refrán é coñecido con pequenas variantes noutros lugares de Galicia]. (561).

141 Pénsa moito / e fála pouco.
142 Pequeno é o grilo; / e óise cantar lonxe.
143 Peras e queixo / saben á beixo.
144 Perillo, e moi pillo; / Montrove, e moi probe.
145 Por Pascua de Resurrección: / tres cousas fora de razón: / as sardiñas saladas, / as castañas, e a predicacion.
146 Por un clavo / falla unha ferradura; / e, por unha ferradura, / falla un cabalo.
147 ¡Pouco aceite, / dan por un carto.
148 Pouco se manéa o que nunca soupo salir d-a aldea.
149 Prendas de gallego: diñeiro valen.
150 Quen erra e se enmenda: / á Dios se encomenda.
151 Quen mellor á os empreados se confesa / máis grande penitencia leva.
152 Quen moito corre: / logo para.
153 Quen non traballa / non tén mingalla.
154 Quen vai en carro: / nin vai á pé, / nin vai á cabalo.
155 ¡Rosmas, moito!: /culpa tes.
156 ¿San Bras de Orto?: / deixóu sete e, esganóu oito.

203. **Se durara máis o día, máis duraba a romaría.** [157] *Romaría*: romería. (555).
204. **Se queres saber quen é o *galleguiño, dálle un mandiño.** [158] *Mandiño*: cargo de gobierno. (109).
205. **Se qués andar á carreira, beb'auga d'herba rateira.** [159] *Herba Rateira*: euforbio (82).
206. **Según o ven a un, así o tratan.** [160] [Alude al traje]. *O ven á un*: le ven á uno. (128).
207. **Si a noite de Navidá foi de escuro, sementa no *terreno duro; pro, se foi de luar, labra ben para sementar.** [161] *N-o terron duro*: en el terreno no labrado. *Luar*: luna [CPG 1,193] (122).
208. **Si sábado chove i-o domingo antes da misa, pola semana adiante ¡verás que risa!** [162] *Semana adiante*: resto de la semana. (563).
209. **Si topas home morto, garda a palabra no corpo.** [163] *Palabra n-o corpo*: prudente silencio. (134).
210. **Sin un ichavo non se fai un real.** [164] *Ichavo*: ochavo: ínfima moneda de cobre, antigua. (84).
211. **Sol de marzo queima á dona no pazo.** [165] *Pazo*: palacio. (139).
212. **Sol enloitado, tempo mollado.** [166] *Enloitado*: enlutado. *Mollado*. mojado: (546).
213. **Sol madrugadeiro non vai ó poleiro.** [167] *Madrugadeiro*: madrugador. (105).
214. **¿Solla de abril?: abre a man e déixaa ir.** [168] *Solla de Abril*: ¿solla de poco mérito para pescadores? (505).
215. **Tal terra andar, tal pan manxar.** [169] *Manxar*: comer. (111).
216. **Tan bo é Xan como Siprián.** *Siprián:* Ciprián (503).
217. **Tanto leva saco longo como saco redondo.** [170] *saco longo*: saco largo. (559).
218. **Tempos van, e tempos veñan; sufran os que penas teñan.** [171] *Tempos veñan*: tiempos vengan. [Resignación indispensable]. (498).
219. **¡Tén que ver, home sin muller!** *Tén que ver*: ¡Tiene que chocar! (499).
220. **Terqueou Varela e saleu con ela**. *Saleu con ela***:** salió con la suya. [Perseverancia]. (560).
221. **Terra negra bo pan leva.** [172] *¡Terra negra*: tierra de color negro. *Pan*: cereales. (501).
222. **Terra que dá o cardo, para min a gardo; a que dá o espiño, para meu viciño.** [173] *Para meu viciño*: para mi vecino. (136).

[157] Se durara máis o dia/ máis duraba á romaría.
[158] Se queres saber / quen é o galleguiño / dàlle un mandiño.
[159] Se qués andar â carreira / beb'auga d-herba rateira.
[160] Según o ven á un; / asi o tratan.
[161] Si a noite de Navidá foi de escuro / sementa n-o terreno duro; / pro se foi de luar; / labra ben para sementar.
[162] Si, sabado, chove / y-o domingo, antes d'a misa:/ pol-a semana adiante,/ ¡verás que risa!
[163] Si topas home morto / garda a palabra n-o corpo.
[164] Sin un ichavo, / non se fai un real.
[165] Sol de Marzo / queima â dona n-o pazo.
[166] Sol enloitado; / tempo mollado.
[167] Sol madrugadeiro / non vai ô poleiro.
[168] ¿Solla de Abril?: / abre a man / e déixaa ir.
[169] Tal terra andar / tal pan manxar.
[170] Tanto leva saco longo / como saco redondo.
[171] Tempos van, e tempos veñan / súfran os que penas teñan.
[172] Terra negra / bo pan leva.
[173] Terra que da o cardo, / para min a gardo; / a que da o espiño: / para meu viciño.

223. **Ti fiadeira i-el un nugalla, n'ha d'haber festa que se vos vaia.** [174] *[Un] nugalla*: holgazán. *Fiadeira*: hiladora: (166).
224. **Ti que me levas i-eu que m'axudo vámo-los dous ó cabo do mundo.** [175] *Eu que m'axudo*: yo que me ayudo. (57).
225. **Toda a carne lle sirve ó lobo, menos a súa, que a delambe.** [176] *Delambe*: relame. (541).
226. **Todo o mundo sabe o viño que eu bebo, pero naide sabe a sede que eu teño.** [177] *Viño qu-eu bebo*: vino que yo bebo. (570).
227. **Todo o que vai á sartén sabe ben.** [178] *Vai á sarten*: sirve para freir. (289).
228. **Tódolos que sirvimos, anque sempre traballemos, sempre nos din que durmimos.** [179] *Os que sirvimos*: los jornaleros y trabajadores de otras clases. (131).
229. **Torcer para dentro é torcer de trenco; torcer para fora, torcer que namora.** [180] *Trenco*: patizambo. [CPG: 2,92]. (567).
230. **Traballo desfeito á todos fai mal peito.** [181] *Mal peito*: desagrado (106).
231. **Tras da maa procura vén a sana ventura.** [182] *Maa*: mala. *Procura*: cuidado: (103).
232. **Trata en sardiña e comerás galiña.** [183] *Sardiña*: sardina. (508).
233. **Tres anos de can novo, tres anos de bon can, tres anos de can vello, tres anos de mal can.** [184] *Folgazán*: holgazán. (75).
234. **Tripas e casamento, en quente.** [185] *En quente*: en caliente. (547).
235. **Trocaches os ollos polo rabo: fixeches coma a toupeira.** [186] *Toupeira*: topo. (566).
236. **Un gran non fai graneiro pero axuda ó compañeiro.** [187] *Graneiro*: granero. (460).
237. **Un pai mantén cen fillos pero cen fillos non manteñen un pai.** [188] *Mantén*: mantiene. (462).
238. **Unha galiña con pitos ¡inseña a algúns pais!** [189] *Galiña con pitos*: Gallina con polluelos. (79).
239. **Unha mosca, con ser pequena, fai rabear a un boi.** [190] *Mosquiña*: mosquita. (463).
240. **Uns erguen a caza ¡outros a matan!** [191] *Erguen*: levantan. (41).
241. **Vaca de moitos, moi muxida e mal mantida**. [192] *Muxida*: ordeñada. (120).
242. **Vai buscar o pau á devesa para levar con el na cabesa.** [193] *Devesa*:

[174] Ti fiadeira -y él un nugalla / n'ha d'haber festa -que se vos vaya.
[175] Ti que me levas; / y eu que m'axudo / vámol-os dous / ô cabo d-o mundo.
[176] Toda a carne lle sirve ô lobo; / menos a sua, que, a delambe.
[177] Todo o mundo sabe / o viño qu'eu bebo / pero naide sabe / a sede qu-eu teño.
[178] Todo o que vai á sartén / sabe ben.
[179] Todol-os que sirvimos; / anque sempre traballemos / sempre nos din que durmimos.
[180] Torcer para dentro /é torcer de trenco; /torcer para fora,/ torcer que namora.
[181] Traballo desfeito / á todos fai mal peito.
[182] Tras d'a maa procura / ven a sana ventura.
[183] Trata en sardiña / e comeras galiña.
[184] Tres anos de can novo, / tres anos de bon can, / tres anos de can vello / tres anos de mal can.
[185] Tripas e casamento: / en quente.
[186] Trocaches os ollos pol-o rabo: /fixeches com-a toupeira.
[187] Un gran non fai graneiro; / pero, axuda ô compañeiro.
[188] Un pai mantén cen fillos / pero cen fillos non manteñen un pai.
[189] Unha galiña con pitos: / ¡inseña á algúns páis!
[190] Unha mosca con ser pequena / fai rabear á un boi.
[191] Uns erguen a caza; / ¡y outros a matan!
[192] Vaca de moitos: / moi muxida / e mal mantida.
[193] Vai buscar o pau â devesa / para levar con él n-a cabesa.

dehesa. [N. de ed.: Esta unidade forma parte dunha serie de refráns que tamén se poderían entender como locucións, se supoñemos que hai nelas un suxeito elíptico intercambiable. [Fulano] *Foi a devesa, e levou co pau na cabeza.* [Fulano] *Foi buscar o pau á devesa pra levar con el na cabeza.* [Fulano] *Foi a Cuba ganar prá hucha, e mandoulle cornos á muller*. Ben se ve que é caso distinto destes que teñen suxeito fixo: *Foi a negra ó baño e tivo que contar para un ano. Foise a vaca ás verzas e non deixou verdes nin secas. Foise a vella á voda e contou de cando foi noiva. Foise o boi ás verzas e non deixou verdes nin secas. Foise o paxaro e quedaron as plumas. Foise o día, acabouse a romería. Foi conta tasada, dixo a vella ó come-la barbada. Foi cousa tasada, dixo a vella ó come-la barbada.* Pero é tamén certo que teño constatado o uso desas "locucións" cun suxeito elíptico, inconcreto e xenérico, con fixación de persoa e tempo no verbo, e aplicado nunca a persoas senón a situacións. Nese sentido paréceme unha paremia]. (544):

243. **Val máis fillos probes que fillos orfos.** [194] *Orfos*: huérfanos. En castellano se pone h en *huérfanos*; pero no en *orfandad*. (465).
244. **Val máis fillos probes que orfos.** [195] *Orfos*: huérfanos. (130).
245. **Val máis pequena axuda que moita derruba.** [196] *Derruba*: destrucción. (13).
246. **Val máis pequena axuda que grande derruba.** [197] *Derruva*: destrucción ó desconcierto. (12).
247. **Val máis pequeno e agudo que grande e burro.** [198] *Axuda*: ayuda. [N. de ed.: A palabra definida non está no texto que se cita]. (288).
248. **Val máis saber que ter.** [199] *Saber*: ciencia. (558).
249. **Val máis saber que ter.** [200] *Ter*: tener ó poseer. (467).
250. **Val máis torto que morto.** [201] *Torto*: tuerto. (565).
251. **Val máis un toxo verde prantado na miña horta, que unha mala veciña d'arredor da miña porta.** [202] *Mala veciña*: Mala vecina. (461).
252. **Val máis unha boa enchente que sete lambiscadas.** [203] *Lambiscadas*: pequeñeces de alimento. [Refrán popular]. (583).
253. **Vén a morte e non se sabe de que sorte.** [204] *A morte*: la muerte. (287).
254. **Viúdo con gran tristeza, logo a namorar empeza.** [205] *Namorar*: enamorar. (464).
255. **Xente de tralla, n'hai pior canalla.** [206] *Xente de tralla*: gente de tralla. (469).

4.4. Wellerismo

256. ***¡Probiñas!: ábrenvos tarde e non comedes*- díxoll'o raposo ás galiñas** [207]**.** *¡Probiñas!*: ¡Pobrecitas! *Raposo*: zorro. (145).

[194] Val máis fillos probes, / que fillos orfos.
[195] Val máis fillos probes / que orfos.
[196] Val máis pequena axuda / que moita derruba.
[197] Val máis pequena axuda / que grande derruva.
[198] Val máis pequeno, e agudo; / que grande e burro.
[199] Val máis saber / que ter.
[200] Val máis saber / que tér.
[201] Val máis torto, / que morto.
[202] Val máis un toxo verde / prantado n-a miña horta / que unha mala veciña / d'arredor d-a miña porta.
[203] Val máis unha boa enchente, / que sete lambiscadas.
[204] Ven a morte / e non se sabe de que sorte.
[205] Viúdo con gran tristeza / logo á namorar empeza.
[206] Xente de tralla / n-hai pior canalla.
[207] ¡Probiñas!: ábrenvos tarde; / ¡e non comedes! / díxoll-o raposo âs galiñas.

5. Bibliografía

5.1. Bibliografía primaria

23911: ASOCIACIÓN XUVENIL "OS ESTRALOXOS" (2003): *Cántigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra*. Pantón: Concello de Pantón; 285.

MOREI1: MOREIRAS SANTISO, Xosé (1977): *Os mil e un refrás galegos do home*. Edición do autor. Lugo 1977; 44.

MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir) (1884): *Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas. Folklore gallego. Costumbres populares andaluzas*. Sevilla: Alejandro Guichot y Compañía, editores.

PÉREZ BALLESTEROS, José (1878): *Versos en dialecto gallego y correspondencia castellana de sus principales voces por ... con un prólogo por Juan A. Saco y Arce.* Madrid: P. Calleja y Ca.

(1884): "A semana d'a muller larchana" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 51-52.

(1884): "Adiviñas" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 67-69.

(1884): "Supersticiones" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 86-90.

(1884): "Coplas de cuna" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 94-95.

(1884): "Pregones" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 99-100.

(1884): "Modos de pedir limosna" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 102-103.

(1884): "Expresiones vulgares" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 110-112.

(1884): "Oraciones de niños" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 117.

(1884): "Oración contra la tempestad" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 119.

(1884): "Costumbres locales" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884):121-123.

(1884): "Los números" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 126-128.

(1884): "Piropos" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 130.

(1884): "Romance" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 136-137.

(1884): "Romance" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 138.

(1884): "Juegos de niños" en MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (dir.) (1884): 150-162.

(1885-1886): *Cancionero Popular Gallego y en particular de la provincia de La Coruña. Con un prólogo de Theophilo Braga y apéndice de Antonio Machado y Álvarez*. Biblioteca de Tradiciones Populares Españolas. T. VII (1885), T. VIII (1886), T. IX (1886). Madrid: Librería de Fernando Fé. Houbo reedición en dous volumes en 1942 (Buenos Aires: Emecé; col. Dorna) e reedición facsimilar (Madrid: Akal 1979) con prólogo de Xesús Alonso Montero.

VALLADARES NÚÑEZ, Marcial (1884): *Diccionario Gallego-Castellano*. Santiago de Compostela: Imp. y Enc. del Seminario C. Central.

5.2. Bibliografía secundaria

ALONSO MONTERO, X. (1979): "Xosé Pérez Ballesteros e a poesía popular galega" en PÉREZ BALLESTEROS, José (1885-1886): *Cancionero Popular Gallego y en particular de la provincia de La Coruña. Con un prólogo de Theophilo Braga y apéndice de Antonio Machado y Álvarez.* Biblioteca de Tradiciones Populares, T. VII (1885). (Prólogo sen paxinación) [208].

CARRÉ ALDAO, Eugenio (1911[2]): *Literatura gallega. Con extensos apéndices bibliográficos y una gran antología de 300 trabajos escogidos en prosa y verso de la mayor parte de los escritores regionales por*... Barcelona: Casa Editorial Maucci.

EVEN-ZOHAR, Itamar: "A función da literatura na creación das nacións de Europa" en *Grial* 120, 1993, 441-458.

FREIXEIRO MATO, X. R., SÁNCHEZ REI, X. M., SANMARTÍN REI, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. A Coruña: Universidade da Coruña.

HERMIDA, Carme (1992a): *Os precursores da normalización.* Vigo: Xerais.

(1992b): *A reivindicación da lingua galega no rexurdimento (1840-1891).* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

LÓPEZ CORTÓN, José Pascual (ed.) (1862): *Album de la caridad. Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos* contemporáneos. Edición costeada por Don José Pascual López Cortón a cuyas expensas se celebraron dichos Juegos Florales... Coruña: Imp. del Hospicio provincial. Reprod. facs. Madrid: Giner, 1989.

MARIÑO, Ramón (1998): *Historia da lingua galega.* Santiago: Sotelo Blanco.

(2003): *O idioma galego no limiar da súa renacenza*. A Coruña: Monografías da RGF.

SÁNCHEZ PALOMINO, María Dolores (2003): "O papel dos diccionarios na conformación e difusión da variedade estándar da lingua" en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María e GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto Xosé (eds).: *A Estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega - Instituto da Lingua Galega; 387-418.

SANTAMARINA, Antón (ed.): (2003): *Diccionario de diccionarios. Versión 3*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. [http://sli.uvigo.es/ddd/].

SÁNCHEZ REI, X.M. (2006): *A lingua galega no cancioneiro de Pérez Ballesteros.* Ames - Santiago de Compostela: Laiovento.

VAZQUEZ, Lois (2003): "'Refranero gallego'. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4,2003,143-171.

[208] Carré Aldao (1911:46 n.1) di que no mesmo ano houbo outra edición en tres tomos da Biblioteca Folk-lórica Española (Sevilla: A.Guichot y Cª) e que os tomos 1º e 2º conseguiran o primeiro accésit no Certamen de Pontevedra de 1884.

Recensións
Reviews

BÁRDOSI, Vilmos e GONZÁLEZ REY, María Isabel (2012): *Dictionnaire phraséologique thématique français-espagnol. Diccionario fraseológico temático francés-español*. Lugo: Editorial AXAC. ISBN 978-84-92658-19-0; 364 páxs.

A aparición dun novo dicionario fraseolóxico con participación galega ó 50% é unha magnífica nova que non só evidencia que hoxe se fai traballo conxunto Galicia-Hungría senón que volve situar Galicia (por mérito dunha xa ben acreditada investigadora do campus universitario de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela) no mundo da fraseografía internacional. Desta volta é un dicionario bilingüe francés- español, o que significa que se está traballando xa e con éxito no nivel de maior dificultade fraseográfica: a correspondencia interlingüística.

O *Dictionnaire-Diccionario* ábrese coa imprescindible introducción na que se explicitan os conceptos teóricos e prácticos que sustentan a estrutura do libro, as referencias bibliográficas que se toman como referentes e os signos, abreviaturas e símbolos de transcrición fonética.

Este *Dictionnaire-Diccionario* é útil para a lectura e comprensión e para iso ten no final uns índices alfabéticos dos fraseoloxismos franceses (319-336) e españois (337-364). Pero, mantendo esta utilidade, está pensado primordialmente para o uso activo das linguas, para a codificación; e por iso, no inicio da primeira parte, explicita cal é a rede conceptual que recolle a totalidade dos fraseoloxismos definidos e confrontados nas dúas linguas, rede que xa deu abondosos froitos en traballos conxuntos de Ettinger e Bárdosi. Nas páxinas 24-27 aparecen os 25 conceptos clave do dicionario: El hombre y su aspecto físico; el hombre y su aseo; la vida humana; los placeres de la mesa; el hombre en el trabajo y después del trabajo; El hombre en su modo de actuar y su comportamiento (3 series); el hombre en situaciones de fracaso; el hombre y los avatares de la vida; el hombre resolviendo los avatares de la vida; las relaciones humanas (4); la palabra; el hombre y su intelecto; los estados de ánimo (2); el hombre y los desplazamientos; el hombre y el dinero (2); el hombre y el universo (3). Cada un destes conceptos engloba aproximadamente uns seis temas, normalmente unívocos, aínda que algunha vez se agrupan cos seus antitéticos: así aparecen agrupados "Beauté-Laideur: Belleza-Fealdad" ou "Propreté-Saleté: Limpieza-Suciedad". Con esta rede conceptual, que xa utilizaron en 1992 Vilmos Bárdosi, Stefan Ettinger e Cécile Stölting (*Redewendungen Französisch-Deutsch. Thematisches Wörter- und Übungsbuch*. Tübingen und Basel: A. Francke Verlag) o usuario pode orientarse rapidamente na procura dos fraseoloxismos españois e franceses que contén o *Dictionnaire-Diccionario* para expresa-lo concepto que el quere expresar. Esta organización conceptual do material fraseolóxico é unha regalía que o lector adquire cando merca o dicionario sen saber, se cadra, que é un dos esforzos mentais maiores que o fraseógrafo tivo que facer. Pero esta rede conceptual xa está ben testada por Bárdosi (e S. Ettinger) en francés, alemán e húngaro e resulta eficaz no uso activo da lingua, sen que mingüe o valor na comprensión, por existiren índices alfabéticos ó final.

Dentro de cada apartado, a estrutura é esta: fraseoloxismo francés, definición, (ocasionalmente explicación etimolóxica ou de motivación feita en francés e español) e correspondencia en español. Onde procede, hai marcas de nivel e de rexistro; especialmente interesantes son as advertencias sobre cambios recentes nas locucións francesas e sobre os falsos amigos. Indícanse, sempre que procede, os actantes e outros elementos gramaticais ou contextuais necesarios e ofrécense ocasionalmente axudas á correcta pronuncia francesa para lectores españois.

Tódalas entradas (francesas) contan cunha información complementaria e moi valiosa: o índice de frecuencia de uso. Para isto utilízanse os dicionarios de referencia (probablemente para establece-las entradas) e Google (para medi-las referencias en internet nas páxinas francesas): a frecuencia exprésase con asteriscos, de xeito que **** indica máis de 5.000 ocorrencias en internet e * indica menos de 100 occorrencias. Ignoro se as citas fraseolóxicas de internet son sempre verdadeiros exemplos de uso ou se inclúen tamén debates sobre ese fraseoloxismo; en calquera caso é unha boa aproximación e ben se podía utilizar na parte española que nisto é asimétrica.

A proba de calidade encóntrase sobre todo nas correspondencias, porque sendo francés e español dúas linguas románicas e en contacto podería esperarse unha forte simetría imáxica e non sempre é así. Collo tres casos ó chou: *être gras comme un moine* correspóndese en español con *como una foca, una ballena / morsa, un elefante / cachalote*; para *être maigre comme un clou* ofrécese *estar* [algn] *en los huesos ; ser/estar* [algn] *delgado como un palillo; ser /estar* [algn] *delgado como un fideo*; para *Le marchand de sable est passé, Se está cayendo de sueño* (que en galego sería *Anda por aí Pedro Chosco*).

Outra proba de calidade é que, usando este dicionario, o usuario ten a impresión de que as correspondencias, tanto nunha lingua coma na outra, saben a lingua viva e actual (maiormente do lado español): así a loc. *être (pris) entre le marteau et l'enclume* podería entenderse en español coa mesma imaxe pero a correspondencia que se dá prefire as formas máis usuais: *encontrarse* [algn] *entre la espada y la pared; verse* [algn] *en medio* [de alg.]; *recibir* [algn] *palos /hostias de todas partes* (fam.). Casos semellantes *payer rubis sur l'ongle ~ pagar a toca teja; manger de la vache enragée ~ pasarlas canutas, moradas; être riche comme Cresus ~ ser más rico que el tío Gilito; à la Saint-Glinglin ~ cuando las ranas críen pelos; avoir un poil dans la main ~ ser más vago que la chaqueta de un guardia; laver la tête* [à qqn] *~ echarle una bronca, poner verde* [a alg.]; *Ce n'est pas diabolique ~No es nada del otro jueves.*

Este *Dictionnaire-Diccionario* parece ser un produto creado sobre a base dunha obra anterior de Vilmos Bárdosi de fraseoloxía maxiar-francesa: *Francia-magyar tematikus szólásszótár. Szólasmagyarázatok és gyakorlatok megoldókulccsal* (Budapest: Tinta Könyvkiadó; 2010); con todo incorpora a interesante e enriquecedora novidade de que numerosos fraseoloxismos levan unha explicación que revela a orixe ou motivación do fraseoloxismo francés e por veces tamén o xesto (*en avoir marre*). Que se explique a motivación dos fraseoloxismos franceses pero non a dos españois, parece indicar que se pensa prioritariamente en lectores españois. As explicacións axudan moito a descubri-

la motivación, moitas veces insospeitada e curiosa, de locucións como *parler dans le désert ~ predicar en el desierto* ou a de *prendre des vessies pour des lanternes ~ mezclar churras* [non churros] *con merinas; faire long feu ~ no dar en el clavo /blanco/diana.* Só unha vez (*Aliquando bonus dormitat Homerus*) vin unha imprecisión: cando se di que *attacher le grelot ~ ponerle el cascabel al gato* (X,13; p. 138) "tire son origine d'une fable de La Fontaine". A fábula do axóuxere do gato non aparece por primeira vez en La Fontaine: xa está nas *Fabulae* do cisterciense inglés Odo of Cheriton (c. 1185 – 1246/47) (54a. *De muribus et catto et cetera*: edición de Perry 613), pero a súa verdadeira orixe está no conto *O rei dos ratos* (de orixe persa ou quizáis indio) que aparece no *Calila e Dimna*, que no s. VIII traducira ó árabe Ibn Al-Muqaffa e que axiña se difundiu por toda Europa a xulgar polos moitos manuscritos árabes conservados: Odo of Cheriton puido coñece-lo *Kalila e Dimna*, que axiña tería tamén tradución ó castelán en Toledo (1261) e as fábulas de Odo of Cheriton deron, tamén en castelán, *El libro de los gatos* (1350-1400). La Fontaine, que publicou este conto da "Asamblea dos ratos" na primeira entrega das *Fables* en 1668, contribuíu co seu éxito literario a espallar aínda máis esta fábula e este dito; pero xa tiña séculos de circulación por Europa. E aínda está por descifrar de onde saíron versións en grego desa fábula que en época incerta aparecen en certas edicións das Fábulas de Esopo (620-560 a.C.).

E, coma en toda obra magnífica, sempre se pode tirar algún pequeno lixo: como cando para *filer à la anglaise* ("partir sans dire au revoir et sans être aperçu"), dáse a equivalencia *irse* [algn] *de rositas*, que non parece que sexa totalmente equivalente, xa que a loc. cast. significa "sen paga-lo que se debe ou sen recibi-lo castigo merecido"; "de balde, sen esforzo".

Pero sería incorrecto deducir destas dúas mínimas observacións a idea de que estamos ante unha obra pouco fiable. Todo o contrario. O *Dictionnaire-Diccionario* é unha obra ben concibida, metodicamente realizada e magnificamente informada. As dúas asimetrías sinaladas (frecuencia e motivación) seguramente estarán melloradas nunha segunda edición que probablemente o público non tardará en demandar.

É probable que axiña poderemos ve-la versión español-alemán e español-húngaro dado que é unha versión adaptada (pero parece que enriquecida) do dicionario fraseolóxico temático francés húngaro (*Francia-magyar tematikus szólásszótár. Szólasmagyarázatok és gyakorlatok megoldókulccsal*) de Vilmos Bárdosi (Budapest: Tinta Könyvkiadó; 2010). Se non tardasen en aparecer fraseólogos galegos que incorporasen a lingua galega a este circuíto de fraseoloxías políglotas de Bárdosi, Ettinger e González, xa sería filloas con mel.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

BARSANTI VIGO, María Jesús (2011): Los refranes en la traducción de El Quijote de Ludwig Tieck. Estudio paremiológico contrastivo español-alemán. Sarrebruck: Editorial Académica Española. 978-3-8454-9743-3; 451 páxs.

Nesta publicación, froito da tese de doutoramento de María Jesús Barsanti Vigo, a autora presenta unha análise paremiolóxica contrastiva da novela Don Quijote de la Mancha de Miguel de Cervantes e a tradución cara ó alemán realizada por Ludwig Tieck entre os anos 1799 e 1801, na época do Romanticismo albar alemán. O libro consta de tres partes claramente diferenciadas.

Na primeira, a autora leva a cabo un estudo tipolóxico e literario dos refráns, dado o seu papel predominante como recurso literario en *El Quijote cervantino*. Detense no concepto de refrán para poder delimitalo fronte a outras categorías paremiolóxicas como a frase proverbial. A análise lingüística do refrán, proverbio ou paremia – termos que son utilizados como sinónimos– permítelle á investigadora resalta-las súas propiedades morfosintácticas e semánticas distintivas. Logo de contrastar numerosas definicións, Barsanti Vigo chega á conclusión de que o refrán equivale a *"un enunciado autónomo, generalmente breve, genérico, sentencioso, de carácter popular, tendente al bimembrismo y al isosilabismo, con una estructura métrica considerada ésta no sólo la rima en su sentido clásico sino también, por ejemplo, la presencias de asonancias y además mínimo, no en lo relativo a su brevedad, sino en que no se puede dividir en dos o más enunciados con estructuras similares"* (cfr. páx. 37).

A segunda parte do volume está dedicada á tradución de *El Quijote de Tieck* dentro do seu contexto histórico: *Leben und Taten des Scharfsinnigen Edlen Don Quijote von La Mancha von Miguel de Cervantes Saavedra*. Trátase da primeira tradución cara ó alemán que ten como referente directo a obra orixinal en lingua castelá; noutras versións en lingua alemá tomáranse como punto de partida as versións traducidas cara ó francés.

Tras estes dous primeiros capítulos introdutorios, a terceira e última parte, a máis ampla e, polo tanto, a parte central deste estudo, está dedicada á análise paremiolóxica contrastiva de ambas obras. A partir dun corpus de refráns previamente seleccionado, que abarca un total de 155 refráns, a autora, dende unha dobre perspectiva tanto intrínseca como extrínseca, propón establecer unha tipoloxía do corpus paremiolóxico, da súa función no discurso conversacional, da súa relación sintáctica no contexto así como do papel que desempeña como recurso literario.

As paremias insírense de forma natural na novela cervantina e predominan, segundo Barsanti Vigo, especialmente na segunda parte da obra. Un dos moitos acertos de Cervantes na súa obra mestra é o uso do diálogo, a través do cal dota os seus personaxes de veracidade e autenticidade, ó mesmo tempo que contribúe a caracterizalos en gran medida. A autora detense precisamente neste aspecto, e a través da análise dos refráns utilizados polos personaxes de *El Quijote*, achega un estudo sociolingüístico dos personaxes con respecto á súa clase social –clase alta fronte a clase baixa– e o seu xénero biolóxico –homes fronte a mulleres–.

No que atinxe ós refráns, e de forma xeneralizada, a tradución de Tieck resulta ser válida en canto que intenta achega-lo lector á España do século XVI, ó mesmo tempo

que pretende reproducir *"el uso y abuso"*, en palabras da autora, dos refráns presentes en *El Quijote*. A análise contrastiva realizada revela que á hora de traducir refráns recollidos nos refraneiros, Tieck dá con equivalentes perfectamente válidos nas coleccións paremiolóxicas alemás. Cando non atopa frases proverbiais equivalentes en alemán, recorre á tradución literal, prevalecendo a súa intención de ser fiel na medida do posible ó texto orixinal. Maior é o desafío para o tradutor cando se enfronta a refráns modificados intencionadamente por Cervantes ou mesmo creados *ad hoc*, dentro de determinados contextos e cuns fins concretos. Tamén nestes casos, Tieck opta por mante-la estrutura lóxico-semántica dos refráns. Polo tanto, dende unha perspectiva intrínseca, Tieck intenta respecta-la tipoloxía do refrán do texto orixinal.

Por outra banda, no que á análise lingüística extrínseca se refire, Tieck fai prevalecer así mesmo a función textual da paremia orixinal, empregando unha técnica que Barsanti Vigo denomina *"técnica mixta"*, grazas á cal consegue salvagarda-la coherencia textual. Neste sentido, a maioría dos refráns do corpus –que se insiren, como xa avanzabamos, como actos de fala no discurso novelesco– cumpren unha clara función avaliativa, sobre todo a modo de argumento avaliativo.

En resumidas contas, trátase dunha publicación sen dúbida imprescindible para aquelas persoas interesadas en coñecer máis de preto o uso e a función das paremias na creación literaria cervantina e a súa posterior recreación nas versións traducidas a outras linguas, centrándose xustamente nos problemas específicos que presenta a translación das paremias castelás á lingua alemá.

Nely M. Iglesias Iglesias

Universidad de Salamanca

BERMÚDEZ BLANCO, Manuel e CID FERNÁNDEZ Alba (2011-2012): *Fraseoloxía Visual (Galega) 1* (21.12.2011); *Fraseoloxía Visual (Galega) 2* (30.12.2011); *Fraseoloxía Visual (Galega) 3* (10.9.2012). Santiago de Compostela: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela http://www.youtube.com/watch?v=Isn8Iso5UF4&feature=youtu.be

É sorprendente como a internet é xa a praza pública mundial, á que calquera cidadán de calquera país *baixa* e alí encóntrase e comunícase cos seus pares sen que os millóns de persoas presentes e as diferenzas de lingua impidan o encontro e nin sequera o retarden. Da mesma maneira misteriosa que as mensaxes que confiamos a esa rede intanxible pero eficaz encontran o destinatario de maneira tan misteriosa coma instantánea, a subida á internet dun material que se titula *Fraseoloxía visual* omite o adxectivo *galega,* que sería indispensable se a publicación se fixese en papel, e nós, os interesados na fraseoloxía galega damos con ela no instante. A internet xa se encarga de que o *x* da palabra *fraseoloxía* encontre lectores galegos. A internet oculta baixo esta

eficacia instantánea e marabillante o feito ambivalente de que hoxe todos temos unha segunda existencia virtual tan intensa coma a que ata hai pouco só tiñan as persoas profundamente relixiosas, as que realizaban unha actividade política clandestina e, en grao extremo, os místicos.

Entre decembro de 2011 e setembro de 2012 o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, que dirixe Manuel Singala, subiu á rede en You Tube tres breves pero traballados exercicios de didáctica da fraseoloxía galega. Son os seus autores Manuel Bermúdez Blanco e Alba Cid Fernández. A duración é de dous minutos cada un, aínda que o sistema permite parar momentaneamente unha imaxe para captar ben a información toda. O formato é o seguinte: sobre unha foto suxerente aparece impreso un fraseoloxismo galego, normalmente unha locución e por veces unha fórmula. No pé da foto danse tres ou máis fraseoloxismos alternativos máis ou menos sinónimos. Ocasionalmente en vermello e marcado cun asterisco ofrécese un fraseoloxismo que se rexeita por considerar que non é propiamente galego.

Na primeira serie Fraseoloxía Visual (Galega) 1 (21.12.2011) ofrécense estes 22 fraseoloxismos: *facer coma quen non ve*; *ser lista coma un allo*; *botar unha man*; *Manda chover na Habana!*; *estar de acordo*; *a mancheas*; *non ter un can*; *subir ao carro*; *estar podre (de cartos)*; *comer no mesmo prato*; *armarse un (bo) batifondo* (*armarse a gorda); *andar con pés de la*; a*ndar con pés de chumbo*; *non pegar ollo*; *levar un pau*; *ter moita fachenda* (*ser moi crido); *ser retorcido coma os cornos dun* **carneiro**; *chorar os sete chorares*; *a ollo* (*a ollo de bo cubeiro); *o ollo dereito*; *Vaiche boa!*

Na segunda serie Fraseoloxía Visual (Galega) 2 (30.12.2011) ofrécense estes 16: *ser un sarillo*; a*o bordo do abismo*; *poñerse feito unha fera*; *negro coma as ás do corvo*; *coas mans na allada*; *buscar unha agulla nun palleiro*; *ter boas tragadeiras* (inmotivado); *botar a lingua a pacer*; *custar caro* (imaxe de percebeiros); *anunciar con moito bombo* (*a bombo e platillo); *darlle sebo ós pés* (*poñer os pés en polvorosa); *afrouxar a faldriqueira* (*rañarse o peto; soltar a guita); *agarrar unha chea* (*pillar unha mona); *Xente busca xente* (*Deus críaos e eles xúntanse); *facer algo ó chou* (á lixeira); *pararlle os pés* (*plantarlle cara).

Na terceira serie Fraseoloxía Visual (Galega) 3 (10.9.2012) ofrécense estes 18: *Agora xa foi*, *Marica*, *non chores*; *a fume de carozo* (~ a todo filispín/ a toda leite); *estar na lúa* (*estar en Babia); *nin me vai nin me vén* (*nin fu nin fa); *contento coma un cuco ~ rulo*; *ser cuspidiñas* (*ser cravadas, ser dúas gotas de auga); *O meu can pillou unha mosca!*; *facer de alguén un pandeiro*; *ferver en pouca auga* (*afogarse nun vaso de auga); *ser un caguiñas* (*ser un gallina /un rajado); *meter os fociños en*; *ser máis vello ca Adán* (*ser máis vello ca Matusalén); *nin que me maten* (*nin de broma); *estar aniñada* (estar de cahoupiño); *saber que gorenta* (*estar de rechupete; estar de morrer); *andar teso coma un galo* (*ser un estirado); *sacar o paxaro a respirar* (*cambiarlle a auga ó canario)

O sistema é, coas súas luces e sombras, algo que hai que aplaudir, primeiro, porque lle abre ó tesouro da nosa fraseoloxía un espazo novo na didáctica da lingua galega ou na recuperación dela por parte dos neofalantes: a internet. É sabido que na didáctica das

linguas xermánicas a fraseoloxía forma parte da materia de estudo dende o primeiro capítulo do primeiro curso. Na das linguas neolatinas, en cambio, téndese a considerar que unha lingua non é máis ca gramática e léxico; e que a fraseoloxía é cousa secundaria, informal ou exclusiva dos vellos, da xente rural: en definitiva, algo accesorio. Por iso nas universidades aínda non hai cátedras de fraseoloxía. Por iso tamén a aprendizaxe da lingua oriéntase a prepararnos para contactar con xente nova ou de media idade pero sempre urbana, coa que esta didáctica supón que os contactos son sempre formalizados. Nada hai máis falso, porque, ben mirado, a fraseoloxía é sempre o nivel máis alto de competencia lingüística; o último que todos chegamos a dominar cando aprendemos unha lingua allea; e o que mesmo de vellos aínda nos garda tesouros nunca antes vistos e oídos: nunca se chega a ter pleno dominio da fraseoloxía da nosa lingua materna. Por iso esta nova achega á didáctica da fraseoloxía galega, realizada en formato electrónico e visual, merece aplauso e ulterior desenvolvemento; é dicir, continuidade.

Tamén merece aplauso a oportunidade de algunhas fotos. Non todas o conseguen pero nalgunhas, nas mellores, o fraseoloxismo acáelle á foto coma lle acaen os pés dun debuxo de Castelao, de Siro ou do Carrabouxo ós debuxos deles. Penso, coma tal, nunha foto de percebeiros, fuxindo dunha agresiva onda e que ilustra o fraseoloxismo *custar caro*; ou noutra na que un guiñol que move persoas leva o pé *facer un pandeiro de alguén*; ou unha guitarra escachada que ten ó pé a fórmula *Agora xa foi: Marica, non chores!*; ou mesmo un manifestante que se fotografía sorrindo nunha manifestación coa policía parada detrás del e que ten o pé desafiante *contento coma un cuco*. Bonita é tamén a imaxe que ilustra a locución *darlle sebo aos pés*: un neno que, vestido nunha praia, foxe da onda que o persegue; ou o pé *a fume de carozo* para a foto dunha nena correndo canto pode. Noutras, as mais, a imaxe pretende describi-la materialidade do dito: dúas irmás xemelgas e de pelo rubio son a imaxe de *ser cuspidiñas*; extremamente realista é a imaxe de *ao bordo do abismo.* Sei o difícil que é conseguir facer fotos significantes e que parezan (ou sexan) espontáneas e por iso aplaudo este esforzo.

Pero mesmo dentro das puramente descritivas, o material é rico, porque, un caso, *estar aniñada* ofrece sinónimos *estar anicada, anasada, aserada, en/de crequenas* e *de cachoupiño* e sempre hai algún sinónimo que nos sorprende porque ninguén ten o corpus léxico completo na cabeza: eu confeso que tiven que ir mirar no dicionario ese *de cachoupiño* porque non é do meu uso familiar e botei de conta que significaba outra cousa: proba de que nisto nunca paramos de aprender.

Noutras, en cambio, a imaxe é menos afortunada coma en 2: *botar a lingua a pacer* (un neno coa lingua fóra), porque esa locución non significa "bota-la lingua fóra" senón "falar moito, falar de máis, falar sen tino, imprudentemente, fala-lo que non se debe falar, falar mal de alguén, desvelar segredos, falar animaladas, blasfemar" e de feito a propia imaxe ofrece estes sinónimos: *contar un o seu e o alleo, ser a porta da aldea/vila, ser un cesto roto, librar o papo, dar o parte.* A mesma falta de relación entre imaxe e locución é a que se dá en *ter boas tragadeiras.* Problemática é a de 3 *sacar o paxaro a respirar* que, se non me engano, non é aplicable a mulleres.

Algúns dos fraseoloxismos, como dixen, márcanse en vermello e con asterisco para indicar – ou iso supoño – que non son verdadeiramente galegos. A maioría destas marcas parecen correctas. Pero nisto hai que ter en conta que non toda coincidencia entre galego e castelán é influencia do castelán no galego: a presión lingüística é hoxe maior nesa dirección pero a influencia foi de dirección contraria durante toda a Reconquista e, de non ser así, non sería posible a existencia de poetas galegos medievais fóra do noso territorio político nin a creación en Toledo das Cantigas de Santa María. As repoboacións fixéronse con xente do Norte, sempre houbo galegos que foron para a Corte e ata tempos recentes houbo migración andoriña á sega mesmo ata Andalucía: todo isto deixa marcas estables en tódolos recunchos da lingua e só así se entende, por poñer un caso, que encontremos sistematicamente apelidos indiscutiblemente galegos en determinadas provincias andaluzas (Almería, Sevilla, Cádiz), en Valladolid, Burgos e Madrid. Quere isto dicir que *estar en Babia* (que por parte está en León, ó pé da porta coma quen di) xa se documenta no uso escrito no séc. XIX, como sinónima de *estar nos biosbardos* (que tamén ten dous bes), e que, se cadra, está na etimoloxía de *babeco*: así que non necesariamente ten que ser unha frase que nos viñese de Madrid; o que seguramente nos veu da corte foi a explicación etimolóxica referida ós reis, que tamén o eran daquí.

Caso semellante de proscrición inxustificada é a de *ser máis vello ca Matusalén*, comparanza que procede da Biblia (Xénese 5,25-27) e que, polo tanto, é referencia homilética milenaria nas igrexas de Galicia, porque a relixión cristiá está documentada en Galicia polo menos dende o século IV (estela de Victorino en Tines, Vimianzo) e porque, como mínimo, a historia de Matusalén xa se conta na Xeneral Hestoria (1,31) que se traduciu ó galego entre 1300 e 1330.

Fago estas observacións por quitar un par de lixos dunha obra que non os precisa e que nunha edición visual se poden retirar de xeito máis doado ca nunha edición en papel. Quitado isto, a iniciativa merece, como dixen, un aplauso global e, sobre todo, debe continuar. *Fraseoloxía visual 1, 2, 3* abriu un camiño que pode e merece converterse en estrada ou autoestrada para ben da didáctica, da conservación e da depuración da fraseoloxía galega.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

DOYLE, Charles Clay (2012): *Doing Proverbs and Other Kinds of Folklore. Philological and Historical Studies.* Vermont: Proverbium e The University of Vermont. ISBN 978-0-9817122-9-1; 346 páxs.

Mentres en Europa os estudos fraseolóxicos e paremiolóxicos maioritariamente analizan as estruturas, a semántica, a pragmática das unidades e súa correspondencia con sinónimos noutras linguas, o libro que imos comentar afonda no substrato folclórico (cultura popular) do que nacen e do que esas unidades reciben a motivación, a significación e mesmo as connotacións. Este tipo de enfoque, en certa medida, diacrónico e multidisciplinar, que vemos noutros libros da mesma colección que dirixe W. Mieder, ten hoxe escasísimo cultivo en España, onde seguimos ancorados na obra erudita de Montoto Rautenstrauch *Personas, personajes y personillas que corren por las tierras de ambas Castillas*. (Sevilla: Librería de san José 1911-1912), da que se fala neste mesmo número de *Cadernos de Fraseoloxía Galega,* e da obra de Iribarren *El porqué de los dichos* (Madrid: Aguilar 1955). A rareza entre nós deste tipo de traballos é precisamente o que lle dá novidade a este libro para lectores europeos e o que fai suxerente a lectura. O libro obxecto desta recensión reúne vinte e dous artigos (algúns xa publicados anteriormente) de carácter misceláneo; e o lector fraseólogo europeo deberá contar con este feito, porque os lindeiros da especialidade nalgúns momentos esváense e fanse borrosos; pero no conxunto podemos dicir que é unha aproximación ás relacións entre fraseoloxía e o folclore.

No primeiro deles, "Bears in the Woods and Catholic Popes. Historical Observations on Sarcastic Interrogatives", o autor presenta unha escolma de preguntas sarcásticas (as dúas primeiras dan título ao artigo) con tradición no discurso oral. Segundo Doyle, estas preguntas son un novo tipo de refráns, pois utilízanse como resposta a algo obvio, como nun exemplo que pon de Dundes: Cando a unha persoa á que lle encanta o alcohol lle preguntan se quere beber algo e contesta: O papa é católico? Doyle tamén pescuda a orixe de algunhas destas preguntas e fornece exemplos de obras de teatro, cancións, etc.

No segundo capítulo, o autor fala dos "counter-proverbs" (contrarrefráns), é dicir, refráns que contradín a verdade que expresa outro refrán e distingue dos anti-proverbs (antirrefráns), que normalmente alteran ou descontextualizan outro refrán na procura dun efecto cómico. A continuación, Doyle comenta algúns exemplos de contrarrefráns como "One rotten apple spoils/does not spoil the whole barrel", "Think before you act/Act first, think later" ou "Size does (not) matter", aínda que nalgúns casos xa non está tan claro cal das dúas opcións é o contrarrefrán.

No terceiro artigo, Doyle comenta o refrán "*One tongue is enough for a woman*", atribuído ao poeta John Milton. Consonte fontes diversas, este, que quedara cego, mandáballes ás fillas que lesen para el en oito linguas, mesmo se só entendían o inglés, porque coidaba que para unha muller, unha lingua era suficiente. Ao longo dun percorrido cronolóxico, o autor contrasta a biografía de Milton con distintos fragmentos nos que aparece explícita ou implicitamente o refrán para descubrir se foi realmente así.

No cuarto capítulo, "Adam, Eve, Men, Women, Woe... and Folk Etymology" o autor analiza a suposta etimoloxía da palabra *woman: woe + man = woman*. Mediante a análise dunha serie de fragmentos nos que se fai referencia a esta relación, Doyle reflexiona sobre as intencións dos autores e sobre se "Woman is woe to man" é realmente un refrán.

No quinto artigo, Doyle analiza a expresión "*writ in water*", relacionada co poeta John Keats, ao que se lle atribuíu a petición da frase *Here lies one whose name was writ in water* para poñer na tumba. O autor tamén analiza as variantes da locución, como *writ on water*, ademais da evolución e incorporación desta a distintos contextos como o dereito.

No artigo número seis, "On Some Paremiological Verses**"**, o autor analiza a estreita relación entre paremioloxía e poesía, pois esta última serve de acubillo para moitos refráns, o que tamén condicionará o seu uso.

No sétimo capítulo, titulado "*Ex desuetudine amittuntur privilegia*. Rabelais, Urquhart, and *les clercs***",** Doyle comenta a frase de Rabelais "Aussi par non usaige sonte perduz tous privileges, ce disent les clercs" e como as distintas traducións do termo *clercs* tamén deron lugar a distintas realidades. Un exemplo moi claro é a tradución de Urquhart "*Ex desuetudine amittuntur privilegia*. Non-usage offentimes destroys ones Right, say the learned Doctors of the Law".

No oitavo artigo, titulado "The Legendary Hair and Beard of Sir Thomas More. With Special Reference to the Play '*Sir Tomas More'* and an Epigram by John Owen", o autor comenta como unha anécdota, o rexeitamento de More a ser afeitado antes da súa execución, dá lugar a unha metáfora.

No noveno capítulo, "The Ocular Wages of Sin. When a Joke Becomes Proverbial", Doyle explica que en moitas ocasións, os chistes acaban converténdose en unidades fraseolóxicas e comenta algúns exemplos. Un deles trátase dunha nai que pilla ao fillo adolescente masturbándose e lle di: Se non paras vas quedar cego!, ao que el contesta: Podo seguir ata que precise lentes? O éxito foi tal que comezou a utilizarse en diversas campañas publicitarias e mesmo deu orixe a outros chistes. Nun deles, unha muller que cantaba no coro sufriu unha caída que lle deixou as bragas a vista. O párroco ameazou dicindo que se alguén se viraba para mirala quedaría cego, ao que un fregués comentou: "Vou arriscar un ollo". Noutro, un médico díxolle a un paciente que adoitaba andar bébedo que se seguía bebendo ía quedar cego, ao que este contestou: "Xa vin de abondo".

No décimo capítulo, o autor comenta as consecuencias da imposibilidade de interrupción dun proceso xudicial consonte a common law e que deu lugar ao refrán de Alexander Pope, título deste artigo, "*Wretches Hang That Jury Men May Dine"*.

No décimo primeiro capítulo, titulado "*A Good Man Is Hard to Find*". Flannery O'Connor and the Proverb", o autor, na procura da orixe do devandito refrán, analizará a influencia que exerceu sobre este a difusión da canción do mesmo título e as súas

múltiples versións, especialmente entre o público máis novo, así como os antirrefráns aos que deu orixe como *A hard man is good to find*.

O décimo segundo capítulo, "The Legend of Anne Greene And Christopher Wren's First Published Work" narra a lenda da resurrección de Anne Greene, así como as curiosidades do poema que lle dedicou Christopher Wren.

No décimo terceiro capítulo, **"'**Tridky Dick' and Richard the 'Trichard'"**,** Doyle destaca a escaseza de diminutivos rimados, ademais de comentar a orixe dos que compoñen o título.

No décimo cuarto artigo, "Naming, Nicknaming, and Not-Naming In 'The Color Purple'", o autor analiza a importancia dos nomes dos personaxes da obra *The Color Purple* para facer ver que os nomes son moito máis que un xeito de identificar seres.

No décimo quinto capítulo, "Mute Witnesses. Faulkner's Use of a Popular Riddle**",** Doyle comenta a similitude entre unha parte do conto de William Faulkner "A Rose for Emily" e unha adiviña.

No décimo sexto artigo, "Title-Author Jokes. *Now and Long Ago"*, o autor explica os xogos de palabras nos títulos de libros que, ben de seu, ben ao xuntalos cos nomes dos autores, adoitan acadar connotacións obscenas e fai fincapé na antigüidade deste recurso.

No décimo sétimo capítulo, "The Power of Not Thinking. 'Possums, Bears, Elephants, and Toothache Cures'", Doyle explica o "poder" da mente. Un exemplo dos moitos que cita a imposibilidade de deixar de pensar en algo (como un hipopótamo, un oso ou un elefante) cando nos din que fagamos o contrario. Da mesma maneira, o feito de non pensar nunha dor, como a de moas, pode chegar a aliviala.

No décimo oitavo capítulo, "*Mulling over Mulle***.** A North Georgia Foodways Localism**",** Doyle explica o valor cultural e simbólico dun prato típico de Georgia chamado Mull.

No décimo noveno artigo, "Mosses Platt and the Regeneration of 'Barbara Allen', Doyle, xunto con Greg Kelley, analiza as mudanzas que leva a cabo Mosses Platt na súa versión da balada "Barbara Allen", así como a importancia destas e o seu resultado final.

No duodécimo capítulo, "'As the Hearse Goes By'. The Modern Child's *Memento Mori"***,** Doyle analiza a canción infantil *Hearse Song* cuxo tema central é a morte. O autor compáraa cunha serie de poemas antigos, cos que comparte unha alta carga simbólica (o verme, a sexualidade...) e fai pensar sobre os verdadeiros obxectivos desta.

No duodécimo primeiro artigo, "'I See Your Hiney'. The Avenging Voice from the Depths", o autor analiza unha serie de lendas relacionadas co asasinato dun neno (ou no seu defecto un símbolo deste, como un paxaro) e a súa posterior vertedura ao váter, a través do cal se manifestará para vingarse da persoa asasina cantando "I See Your Hiney..." nas súas múltiples versións.

No duodécimo segundo capítulo, "Pecos Bill and His Pedigree", Doyle recolle unha serie de testemuñas que dan pé a unha reflexión sobre a (in)existencia do famoso vaqueiro Pecos Bill e a súa condición folclórica.

Era ben que este tipo de investigacións tivesen entre nós maior dedicación, porque en boa parte descobren o efecto que na lingua teñen personaxes ou acontecementos recentes, que, diante dos nosos ollos ou dos nosos pais, fan nacer fraseoloxismos e paremias, sen que esteamos redactando para o futuro a acta de nacemento. E un fraseoloxismo non adoita nacer dunha abstracción senón dun feito que é o que lle dá a motivación, a significación e as connotacións.

Rebeca Lema Martínez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

LOSADA ALDREY, M. Carmen (2011): *El español idiomático da juego. 150 fraseologismos con ejercicios*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Ilustracións de Evaristo Corujo Martínez, Tito. ISBN 978-84-9887-705-2; 88 páxs.

El español idiomático da juego. 150 fraseologismos con ejercicios. Nivel umbral (B1) conforma o segundo volume publicado polo Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela dentro da colección *Cuadernos de español como lengua extranjera.* O primeiro xunto co segundo volume vense afiuzados pola ampla traxectoria no eido do español como lingua estranxeira da autora. Mentres que no primeiro volume se propuñan unha serie de actividades de comprensión audiovisual para os niveis B1 e B2, o segundo volume céntrase na adquisición ou aprendizaxe do vocabulario para o nivel B1. Como se desprende do título – por certo, un xogo de palabras que lle vén como anel ó dedo ó manual –, non se refire ó vocabulario en xeral, senón que se trata concretamente de unidades idiomáticas e, para sermos máis exactos, de unidades fraseolóxicas que presentan un alto grao de idiomaticidade. Neste sentido, esta obra contribúe a cubrir unha das carencias que presentan a maioría dos manuais de linguas estranxeiras en xeral, e do español como lingua estranxeira en particular.

El español idiomático da juego consta dun total de dez unidades temáticas, precedidas dun prólogo da recoñecida fraseóloga Carmen Mellado Blanco, profesora titular na Universidade de Santiago, así como dunha introdución da propia autora, M. Carmen Losada Aldrey, na que expón de forma breve e concisa os fundamentos teóricos e prácticos do seu manual. En cada unha das dez unidades temáticas, as expresións idiomáticas preséntanse ordenadas onomasiolóxicamente, ó redor dos seguintes conceptos: (1) accións do home como ser vivo, (2) descrición física e personalidade, (3) saúde, (4), estados e sentimentos, (5) relacións, (6) problemas e solucións, (7) comprensión e coñecemento, (8) comunicación, (9) cartos e (10) esforzo, éxito e

fracaso. As devanditas unidades compleméntanse cunha última unidade de repaso, na que se retoma o conxunto de unidades fraseolóxicas idiomáticas seleccionadas. Despois das unidades didácticas ordenadas conceptualmente van as solucións dos exercicios que achegan, así como un glosario alfabético ordenado por cada un dos compoñentes adxectivais, substantivais ou verbais das expresións idiomáticas, que á súa vez remiten a cada unha das unidades temáticas nas que se abordan. Ó final do manual figuran as referencias bibliográficas máis destacadas en torno á didáctica da fraseoloxía ou fraseodidáctica. Unha valoración positiva merécea a súa presentación en cinco apartados claramente diferenciados: *a saber, diccionarios, otras obras de consulta, libros de ejercicios, páginas web*, así como *bibliografía*, que inclúe as obras de referencia imprescindibles dende unha perspectiva máis ben teórica.

As chamadas unidades fraseolóxicas, idiomáticas no caso deste *Cuaderno*, son combinacións fixas de palabras que forman parte do léxico das linguas naturais. Porén, case non teñen cabida nos manuais de linguas estranxeiras, posto que ocupan no mellor dos casos un segundo plano, aínda cando moitas destas unidades fixas se compoñen de palabras (chave) que forman parte do vocabulario básico dunha lingua. Por norma xeral, tampouco os dicionarios souberon dar un tratamento lexicográfico e/ou fraseográfico axeitado, é dicir, un tratamento en función das necesidades dos aprendentes dunha lingua estranxeira nas súas fases iniciais (niveis A1, A2 e B1) verbo das unidades fraseolóxicas. E isto débese a que a maioría dos autores das devanditas obras obvian a importancia destas unidades á hora de conceptualizar, de comprehende-lo mundo que nos rodea. Se partimos do proceso de adquisición destas unidades na lingua materna, primeiro adóitanse adquiri-los significados rectos, literais dunha palabra e, posteriormente, a miúdo a partir deste significado recto ou literal, adquírese o correspondente significado idiomático desta mesma palabra dentro dunha unidade fraseolóxica. Obviamente, esta situación non é equiparable ó proceso de aprendizaxe e/ou adquisición dunha lingua estranxeira. O aprendente dunha lingua estranxeira xa pasou por esta fase cognitiva na súa lingua materna, de tal xeito que sabe como funcionan as unidades fraseolóxicas idiomáticas e qué as diferencia das unidades léxicas non idiomáticas, aínda que sexa inconscientemente. Este coñecemento debe trasladalo ó proceso de aprendizaxe e/ou adquisición da lingua estranxeira: velaquí a razón pola que as devanditas unidades non só poden, senón que deben estar presentes mesmo nos niveis iniciais nos manuais de linguas estranxeiras e nos dicionarios (bilingües). Polo tanto, nin é recomendable incluí-las expresións idiomáticas unicamente en niveis superiores, nin tampouco o é presentalas simplemente en forma de listas alfabéticas – é dicir, seguindo criterios de ordenamento semasiolóxico (e non onomasiolóxico) –, como se viña facendo ata o momento na maioría dos casos.

As unidades fraseolóxicas idiomáticas caracterízanse por estaren presentes en determinados contextos lingüísticos, sobre todo, na lingua falada, na linguaxe coloquial. Tamén por esta razón é de valorar moi positivamente que na presente obra a ordenación non sexa de tipo alfabética, senón onomasiolóxica. É dicir, pártese do concepto, da idea para chegar á forma lingüística correspondente e non á inversa, de tal forma que o aprendente en cada unidade pode atopa-los idiomatismos máis usuais do

español para expresar, poñamos por caso, os seus sentimentos (cfr. unidade 4). Desta maneira, dáselle pulo para establecer interrelacións semánticas intralingüísticas que, posteriormente, tamén poderá pór en relación interlingüisticamente, coa súa L1 e/ou outras linguas (estranxeiras) que coñece. Isto contribuirá a desenvolver non só a súa competencia lingüística e fraseolóxica, a súa competencia comunicativa, senón tamén a súa competencia intercultural, xa que moitos dos idiomatismos, debido ás imaxes e/ou símbolos implícitos a estes, son portadores de información extralingüística, algunhas veces de carácter universal, outras, pola contra, de carácter idiosincrásico. Esta información tramítese dentro deste manual, en notas ó rodapé de páxina ou ben en cadros informativos –trátase dun valor engadido que, por unha banda, facilita a adquisición das unidades léxicas de forma lúdica, por así dicilo, e por outra, achega información enciclopédica e/ou metalingüística que sen dúbida espertará aínda máis o interese dos aprendentes polas expresións idiomáticas.

As ilustracións, obra de Evaristo Corujo Martínez, Tito, cumpren, da mesma maneira, varios fins didácticos, entre eles destaca o de facilita-la comprensión das expresións xunto coa adquisición destas unidades, posto que cantas máis interrelacións se establezan, cantos máis sentidos interveñan no proceso de aprendizaxe e/ou adquisición, mellores serán cualitativa e cuantitativamente os resultados.

Como xa se afirmaba anteriormente, é de suma importancia ter en conta o contexto á hora de coñece-lo comportamento lingüístico das unidades fraseolóxicas. Neste manual, optouse por incluír exemplos procedentes de internet e da base de datos CREA, o que garante a autenticidade e actualidade destes. Trátase de criterios absolutamente básicos dende a perspectiva da investigación lingüística actual, posto que representan a lingua en uso. Precisamente, as unidades fraseolóxicas idiomáticas úsanse preferentemente na lingua falada, e como é sabido, tamén moitos dos textos en internet comparten gran parte dos trazos da lingua falada, especialmente os textos procedentes de foros e blogs.

No referente á tipoloxía de exercicios, en primeiro lugar, hai que valorar positivamente que se trata de tarefas moi variadas: de selección, substitución, clasificación, consulta, reflexión, contraste e conversa. Nunha primeira fase céntranse na recepción das novas unidades, relacionando a forma lingüística coa imaxe subxacente a esta, para culminar coa produción libre na última tarefa proposta, na que o aprendente debe activar tódolos seus coñecementos implicándose tamén emocionalmente na resolución desta. A secuenciación das tarefas, polo tanto, resulta totalmente coherente. Fomenta-lo uso do dicionario para a resolución dalgunha das tarefas (de consulta) –trátase dunha competencia transversal– fomenta a aprendizaxe autónoma, a aprendizaxe para toda a vida, estando en total consonancia cos principios pedagóxicos propulsados polo plan de Boloña.

Finalmente, e sen querer entrar en máis detalles, quixera resalta-lo bo criterio á hora de redacta-las definicións metalingüísticas correspondentes a cada unidade fraseolóxica (na segunda páxina de cada unidade). A devandita información semántica complétase coa información pragmática necesaria para un uso axeitado (o apartado *'registro y uso'*). Estas informacións adáptanse á perfección ó nivel lingüístico e ós coñecementos

extralingüísticos do aprendente medio e, asemade, permiten amplia-la súa capacidade expresiva, o seu vocabulario, os seus coñecementos xerais a través dos sinónimos propostos ou as paráfrases empregadas.

Resumindo, e como xa se dicía ó comezo, dada a falla xeneralizada en materia fraseolóxica dos manuais de linguas estranxeiras dispoñibles no mercado, este manual convértese nunha ferramenta indispensable para unha aprendizaxe e/ou unha adquisición óptima das unidades fraseolóxicas idiomáticas no ámbito do español como lingua estranxeira, nivel limiar B1.

Nely M. Iglesias Iglesias

Universidad de Salamanca

MARTINO RUZ, Xandru (2008): *Refraneru temáticu asturianu*. Xixón: Editorial Picu Urriellu. ISBN 978-84-96628-06-9, 212 páxs.

1. Estrutura xeral da obra

Este volume é unha compilación de refráns clasificados en 18 temas ordenados alfabeticamente e á súa vez divididos en subtemas do que dá idea o índice inicial da obra.

Logo do índice, veñen unhas palabras introdutorias que explican a motivación da edición deste refraneiro e unhas notas sobre os criterios que se seguiron para a súa publicación.

Cada tema leva un pequeno resumo aclaratorio relativo ao agrupamento de refráns que nel se inclúen. Por exemplo, en COMPORTAMIENTU lese:

> *Hai un refrán que diz "sabe más el diañu por vieyu, que por diañu". Abúltanos qu'esti refrán lleva venceyáu l'espíritu del refraneru. Ye dicir; la vida date una esperiencia que ye importante tresmitir d'una xeneración a otra. Si dalguna información ye importante tresmitir a los fíos, ye ensin dulda dala, la que cinca al comportamientu humanu. Esta información nel refraneru asturianu ocupa munchu espaciu. L'apartáu dedicáu a ella ye ún de los más grandes del refraneru. Ta estayáu en 24 partes que son* [...]
>
> *En cada estaya, metimos los refranes que tienen daqué que ver col títulu, bien seya en grau positivu, como en negativu; ye dicir, na estaya por exemplu de*

prudencia van apaecer los que tienen que ver con tener prudencia, y tamién con non tenela.

Hai que dicir que, ás veces, un mesmo refrán aparece máis dunha vez por estar adscrito a varios temas; é o caso, por exemplo, de *El que cueya la verbena la mañana de San Xuan, nun-y picará culiebra nin bichu que-y faiga mal* (páxina 48, **Los Reptiles**-ANIMALES e tamén na 161, **Praos**-MONTE), de *El que se casa nun asa castañes* (páxina 58, **El Casoriu**-CICLU VITAL e así mesmo na 91, **Vezos**-COMPORTAMIENTU) ou destoutro, *Si quies ver la muyer muerta, da-y zamborca* (páxina 34, **La Comida**-ALIMENTACIÓN e na 139, **Enfermedades**-MELECINA).

Contra o final do volume, nunha sección á parte, localízase a titulada "Cosadielles" onde, como xa se indica de inmediato, non se trata de refráns, mais si de ditos transmitidos oralmente e que supoñen un xeito de xogar ás adiviñas.

En notas a rodapé defínense aquelas palabras de pouco uso, que puidesen ter un significado escuro para o público en xeral ou danse explicacións que aclaran o significado dalgún refrán en particular.

Para rematar, a obra contén unha decena de referencias bibliográficas entre estudos, coleccións de ditos e dicionarios de asturiano.

2. Análise cuantitativa dos temas e subtemas

Atendendo ao número de páxinas, os temas que ocupan máis son COMPORTAMIENTU (30 páxinas), CRONOLOXÍA (24), METEOROLOXÍA (18), SOCIEDAD (15), ALIMENTACIÓN (15), GANADERÍA (14), AGRICULTURA (13), ANIMALES (12) e TRABAYU (10).

Onde máis subdivisións hai, con diferenza, é en COMPORTAMIENTU (24) seguido de SOCIEDAD e METEOROLOXÍA a cada 8.

TEMAS e número de subtemas	SUBTEMAS e número de refráns	Páxs.
AGRICULTURA (4)	Semar (82), Llabrar (118), La collecha (174), Los frutales (98).	13
ALIMENTACIÓN (4)	La Bébora (61), La Comida (393), La Fame (43), La Fartura (24).	15
ANIMALES (7)	Los Anfibios (9), Los Inseutos (46), Los Mamíferos (157), Los Páxaros (100), Los Pexes (52), Los Reptiles (10), Otros (3).	12
ASTROLOXÍA (4)	El Cielu (10), Les Estrelles (2), La Lluna (23), El Sol (7).	3
LA CASA (4)	La Cocina (33), Les Construcciones Auxiliares (25), El Cuartu (11), Otres Partes De La Casa (68).	5

CICLU VITAL (7)	El Casoriu (50), La Infancia (28), La Madurez (17), La Mocedá (24), La Muerte (55), La Nacencia (11), La Vieyera (59).	8
COMPORTAMIENTU (24)	Amistá (28), Avaricia (49), Bondá (13), Celos (5), Constancia (16), Cuciedá (63), Dilixencia (116), Engañu (79), Engarradielles (16), Envidia (6), Esperiencia (81), Folgazanería (78), Individualismu (40), Llinguatería (19), Maldá (22), Obediencia (22), Paciencia (6), Presunción (21), Previsión (97), Prudencia (83), Tochura (38), Vezos (80), Vicios (10), Xacíu (79).	30
CRONOLOXÍA (4)	Añu (87), Díes (348), Meses (409), Selmanes (6).	24
EL CUERPU (4)	Aspeutu (7), Defeutos (5), Partes (77), Sexu (25).	4
GANADERÍA (5)	Aves (70), Caballeríes (104), Gochos (62), Reciella (90), Vaques (125).	14
MELECINA (3)	Enfermedaes (59), Melecines (9), Salú (28).	4
METEOROLOXÍA (8)	Agua (77), Aire (35), Bon Tiempu (56), Calor (42), Fríu (69), Mal Tiempu (65), Ñeve (40), Previsión Meteorolóxica (237).	18
MONTE (6)	Caza (5), Frutos (7), Lleña (27), Praos (18), Puertos Y Altos (7), Vexetación (26).	4
PERSONES (6)	Amigos (13), Fíos (53), Homes (11), Muyeres (96), Parientes (44), Vecinos (22).	8
PESCA (2)	Mar (122), Ríu (26).	5
SOCIEDAD (8)	Economía (163), Fiesta (53), Poder (16), Probes (37), Relixión (159), Ricos (14), Tresporte (8), Vistíu (80).	15
TRABAYU (3)	Folganza (32), Oficios (143), Preseos (131).	10
OTROS (3)	Destín (9), Oportunidá (11), Utilidá (12).	2
Total		6.337

Son 16 os subtemas –pertencentes a tan só 10 categorías [AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, ANIMALES, COMPORTAMIENTU, CRONOLOXÍA, GANADERÍA, METEOROLOXÍA, PESCA, SOCIEDAD e TRABAYU]– que constan de máis de 100 refráns. En primeiro lugar está **Meses**-CRONOLOXÍA (409 refráns) seguido de **La Comida**-ALIMENTACIÓN (393); de novo **Díes**-

CRONOLOXÍA (348), **Previsión Meteorolóxica**-METEOROLOXÍA (237), **La Collecha**-AGRICULTURA (174), **Economía**-SOCIEDAD (163) e **Relixión**-SOCIEDAD (159).

No posto oitavo estaría **Los Mamíferos**-ANIMALES (157), a continuación **Oficios**-TRABAYU (143) e **Preseos**-TRABAYU (131). Seguiríanlle a estes **Vaques**-GANADERÍA (125), **Mar**-PESCA (122), **Llabrar**-AGRICULTURA (118). O décimo cuarto posto sería para **Dilixencia**-COMPORTAMIENTU (116), logo virían **Caballeríes**-GANADERÍA (104) e **Los Páxaros**-ANIMALES (100).

3. Valoracións

Sendo xa de difícil acceso a obra que Luciano Castañón publicou en 1962 (*Refranero asturiano*. Oviedo: Deputación de Oviedo, Instituto de Estudios Asturianos del Patronato José María Quadrado, C.S.I.C., 342 páxinas), agradécese dispoñer dun corpus duns 4.000 refráns asturianos (6337 contando as repeticións en temas diversos) que é unha base para os ulteriores e necesarios estudos cara a dentro e cara a fóra da propia cultura asturiana.

A aparición de moitos refráns aos que se lle coñecen equivalentes en linguas limítrofes axúdanos a percibir que Asturias forma parte da Romania e que o fondo paremiolóxico romance ten unha manifesta unidade interna, como deixan ver os estudos de paremioloxía romance aos que hoxe mesmo se pode acceder dende a Rede. Lembremos o traballo de Vicente Franco Anchelergues que analizou "Asturias, Navarra y Aragón en BADARE" (*CFG*13,2011,418). Lembremos que a obra de Elisabeth Piirainen **(**PIIRAINEN, E. (2012): *Widespread Idioms in Europe and Beyond: A Cross-linguistic and Cross-cultural Research Project*, New York, Bern, Berlin, Bruxelles, Frankfurt am Main, Oxford & Wien: Peter Lang) está poñendo en evidencia que esa unidade vai máis aló da propia Romania. Neste sentido, consideramos erróneo prescindir daqueles que tamén existen noutras linguas, porque, se ese for o criterio, a maior parte dos que aquí se ofrecen, teñen equivalencia plena ou case plena no refraneiro galego.

E esta romanidade asturiana vese tanto no que son observacións agudas e obxectivas (*Si ente pan i caldu te dan a escoyer, sopes has querer*; p. 33) como naqueloutras que son pura superstición (*Si Navidá cai en vienres, sema per onde pudieres; pero si cai en domingu, viendi los gües y métilo en trigu*; p. 11).

Neste refraneiro encóntranse algúns tan peculiares de Asturias (*El reteyador de Quirós, onde había una gotera dexaba dos*; p. 74, 194) que nas linguas limítrofes só se lle poden atopar paralelos equivalentes.

Nalgúns casos o autor inclúe como refráns os dialoxismos (*¿Ónde vais, llocos? Tres de los otros*; p. 90) e os wellerismos (*Dixo'l cazu a la caldera: Quita d'ehí negrera*; p. 84, 198), pero iso é cousa que antes nin todos separaban. Tamén se inclúe algunha frase proverbial procedente dunha fábula antiga aínda recoñecible (*Dixo la raposa que nun fue p'algamar les cereces: Nun les quiero, que tan amarguxes*; p. 40). Posiblemente sexa fórmula e non refrán *Nun se fexo'l dulzor pal focicu del rinchador* (p. 94) pero

claramente parecen locucións *Eso ye como dar voces en castañéu* (p. 89) e *Eso ye como mayar árgoma* (p. 89).

No asturiano, coma en todas as linguas do Norte da península ibérica, vívese despois de moitos séculos un proceso de normalización e compréndese que iso intensifique a busca do purismo lingüístico e a da afirmación dun estándar, pero esa lexítima preocupación polo estándar non debería actuar na recolleita paremiolóxica como un filtro que elimine canto non parece encaixar, convertendo o paremiólogo nun Procusto que elimina as diferenzas. A voz do pobo merece escoitarse mesmo cando non encaixa cos estándares lingüísticos de gabinete. E, por outra banda, que un refrán asturiano sexa idéntico ao dunha lingua limítrofe tampouco asegura que Asturias o importase: podería ser un caso de exportación ou –máis probable– un exemplo máis do fondo paremiolóxico románico, que hoxe aínda se empeza a perfilar (BADARE, por exemplo).

Está comprobado que un corpus paremiolóxico organizado ideoloxicamente é ferramenta que posibilita a circulación de refráns en ámbitos urbanos e o uso por persoas que xa carecen da experiencia rural ou mariñeira da que os refráns son fillos. A tradicional transmisión oral transfórmase en suxerencia escrita, que é unha nova forma de transmisión. Por iso, emprendido o traballo de organización ideolóxica dun corpus de certa entidade, era ben que se acometese un traballo de máis alento, recollendo sen prexuízos puristas todo canto ofrece o uso oral e organizando o corpus global das paremias asturianas deste cambio de milenio, tempo tan delicado para a tradición oral dos pobos de Europa. A obra de Xandru Martino Ruz é un bo pé.

Xacinta Varela Martínez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

MIEDER, Wolfgang (2012): International Bibliography of Paremiography. Collections of Proverbs, Proverbial Expressions and Comparisons, Quotations, Graffiti, Slang and Wellerisms. Volume 34 of Supplement Series of Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship. Vermont: University of Vermont, 362 páxs. ISBN 978-0-9846456-0-2; 362 páxs.

Entre 1965 e 1975 en Helsinki a Society for Finnish Literature publicou *Proverbium: Bulletin d'Information sur les Recherches Parémiologiques*. En 1983 colleu o testemuño a revista anual *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* que dirixe Wolfgang Mieder na Universidade norteamericana de Vermont. Os 29 números publicados de *Proverbium* fan deste anuario a referencia internacional. Por iso chegan á mesa do Dr. Mieder numerosos traballos que sobardan o espazo habitual dun artigo e iso fixo nacer, coma en moitas outras revistas, uns Anexos (*Supplement series*) que ofrecen maior espazo a un tema

monográfico: os publicados ata setembro 2012 son xa 34 e precisamente este número 34 lévao o texto que encabeza esta breve recensión.

Para a maior parte dos interesados na paremioloxía resulta difícil conseguir un exemplar das vellas bibliografías paremiolóxicas de Gratet-Duplesssis (1847), da de Bonser (1930), da de Moll (1958) e sobre todo da do bibliófilo polaco Ignaz Bernstein (1836-1909) que deu axuntado 4.761 coleccións de refráns que hoxe se custodian na Biblioteca Jagiellońska da Universidade de Cracovia (*Catalogue des livres parémiologiques composant la bibliothèque de Ignace Bernstein*. Varsovie: W. Drugulin; 1900). Afortunadamente podemos acceder ós dous volumes da *International Bibliography of Paremiology and Phraseology* que Wolfgang Mieder publicou en 2009 (Berlin: Walter de Gruyter) e que contén 10.027 referencias.

Pero W. Mieder, que manifesta unha gran admiración por Bernstein, non só reeditou o catálogo do bibliófilo polaco (Hildesheim: Georg Olms; 2003; 2 vol.), senón que segue o exemplo del e durante corenta anos foi arrecadando materiais paremiolóxicos do mundo enteiro; e así, peza a peza, formou en Vermont unha biblioteca persoal especializada en refráns, o *International Proverb Archives (IPA)*, que ten entre as pezas máis antigas algunhas do século XVI. O libro que comento é precisamente o catálogo dese requintado arquivo e resulta unha bibliografía paremiolóxica que chega ás 3.615 entradas (303 páxinas) con útiles índices de autores (35 páxs) e mesmo de temas (17 páxs.). O IPA de W. Mieder vai camiño de competir coa biblioteca de Ignaz Bernstein, xuntándose así na persoa de W. Mieder non só a condición de excepcional bibliófilo senón a dun dos máis finos analistas da materia paremiolóxica.

Di o refrán galego que *Sobre un ovo pon a galiña* e W. Mieder conseguiu crear unha rede de 80 informadores actuais repartidos por todo o planeta: isto, que xa evidencia o carácter referencial da súa persoa e da revista *Proverbium*, dálle ó seu Arquivo (*IPA*) e a esta súa *International Bibliography of Paremiography* unha dose de constante actualización que é difícil encontrar noutras bibliotecas.

A dificultade de organizar unha bibliografía paremiolóxica mundial faise evidente se pensamos que hoxe no mundo, segundo os cálculos de Ethnologue (http://www.ethnologue.com/), hai máis de 6.000 linguas vivas pero que na ONU sentan os representantes de 196 Estados soberanos: é dicir, hai moitas linguas e poucos Estados. É comprensible, polo tanto, que W. Mieder optase pola organización estatal das referencias: así aparecen xuntas as 22 referencias bibliográficas de tódalas linguas da India (452 segundo Ethnologue); e mesmo optou pola organización continental no caso de África, onde Ethnologue detecta 2.110 linguas vivas.

No caso das entradas bilingües, certamente numerosas, o colector optou por estibalas na casiña da primeira lingua que se analiza.

Interesante e multiplicador é xa o primeiro elenco dedicado precisamente a bibliografías paremiolóxicas ("Bibliographies"), con 140 referencias: latina, románica medieval, francesa antiga, portuguesa, española, francesa, italiana, alemá, inglesa, holandesa, danesa, finesa, magrebí, húngara, romanesa, eslavas (e soviéticas), rusa, eslovena, eslovaca, polaca, sefardí, turca, árabe, africana, persa, india, malaia,

hawaiana, americana e mexicana; hai tamén algunhas bibliografías temáticas (os refráns que conteñen nomes, os refráns na literatura, os wellerismos e asuntos similares). Neste conxunto, que podiamos chamar metabibliográfico, destacan as 26 entradas de traballos bibliográficos que dende 1967 vén publicando o propio W. Mieder sobre os máis variados temas, áreas e especialistas en paremioloxía e, dentro delas, os dous volumes, xa aludidos, da súa *International Bibliography of Paremiology and Phraseology*. Voluminoso é o conxunto de refráns comparados ("International Collections") con 215 referencias; e importante é a epígrafe de proverbios bíblicos (38 referencias) por seren fonte fraseolóxica e paremiolóxica para moitas linguas occidentais.

Percíbese claramente que W. Mieder ten numerosos informantes en España e iso explica as 106 entradas hispanas, (3% do total) maioritariamente referidas ó refraneiro castelán: corpus, explicacións, usos e equivalencias (maiormente inglesas, alemás e francesas) e unha especial atención ós proverbios do *Quixote* ou da *Celestina*. Debo salientar que desas 106 entradas da epígrafe "Spanish", 18 son do refraneiro galego, 2 do catalán, 1 do asturiano e 1 do aragonés; o vasco, en cambio, ten epígrafe propia e 1 entrada; e hai unha entrada que me parece descolocada (Costa Alves), que é refraneiro portugués. O portugués ten 22 entradas, ás que lle hai que sumar 4 baixo a epígrafe de brasileiro e a dita de Costa Alves. A presenza galega nesta bibliografía norteamericana é notable [1] e agradécese, porque entre nós, o elástico concepto de "español", cando se aplica ás ciencias lingüísticas, rara vez é inclusivo, conta só o que se vehicula en castelán: hai bibliografías españolas, que deixan invisibles o galego, o vasco, o catalán, o astur-leonés e o aragonés e que os reducen a unha mancha branca no mapa científico. Ó galego pásalle, ademais, outro tanto en Portugal, onde diversas unidades fraseolóxicas e paremiolóxicas serían inexplicables sen o galego.

Segue despois un conxunto de 215 referencias de refraneiros plurilingües comparados ("International Collections"). E a partir da entrada 357 empezan as referencias ordenadas por linguas ou grupos de linguas: son en total 119 conceptos lingüístico-políticos, porque a lingua oficial do Estado subsume o total da realidade lingüística dese Estado. Deste xeito, pola mesma razón que a paremioloxía galega e a catalá aparecen subsumidas no concepto "Spanish", a paremioloxía inglesa desdóbrase en "English" (Reino Unido), "Australian" e "American" e, nesta, aínda que a maior parte son referencias a refráns en inglés, entran tamén os refráns dos indíxenas (Indian proverbs) e os doutras etnias africanas, europeas, asiáticas etc. que arribaron a ese inmenso País.

Neste arquivo hai referencias paremiolóxicas de linguas das que non é habitual oír falar. E este fío merece que tiremos del, porque, se ese dato revela a apertura conceptual de Wolfgang Mieder, tamén destapa unha carencia da ciencia fraseolóxica e paremiolóxica, á que lle podemos poñer cifras: Ethnologue documenta 719 linguas vivas en Indonesia, 438 na India, 292 en China, 181 no Brasil ou 176 nos Estados

[1] Pasoulle desapercibida unha bibliografía paremiolóxica galega, que está nun número desta revista (4,2003,35-58) do que o propio Mieder extrae outras referencias; a perda non é moita, porque espero que axiña quede superada por unha completa e crítica bibliografía fraseolóxica e paremiolóxica galega que prepara Francisco García Gondar.

Unidos de América e unhas 6.000 en todo o mundo. Aínda que os criterios e datos de Ethnologue poidan ser revisables, cando pensamos en cantas e cales son as linguas con presenza nas bibliografías fraseolóxicas e paremiolóxicas, descubrimos que son un pequenísimo grupo de linguas privilexiadas do norte do hemisferio norte. Visto do outro lado, a fraseoloxía e paremioloxía da maior parte das linguas do mundo, é ágrafa; probablemente está sen recoller, sen codificar e sen estudar.

Sabemos que as sutilezas dunha paremia dan para longas e profundas reflexións diacrónicas e sincrónicas; para explicar concepcións profundas do ser humano e para debuxa-lo mapa de relacións históricas entre pobos diversos; pero como as paremias son unha realidade esencialmente oral e como a mellor fonte de información fraseolóxica é a xente humilde, resúltanos difícil artellar (e mesmo concibir) un movemento mundial para salvar esa inmensa parte do patrimonio inmaterial da humanidade.

Velaí como a *International Bibliography of Paremiography* de W. Mieder descobre unha eiva estrutural dos estudos fraseolóxicos e paremiolóxicos (e quizais de toda a lingüística) que sería inconcibible noutras áreas da ciencia. Se, como se di, outro mundo é posible, tamén é posible outra lingüística. Velaí unha verdadeira tarefa para organizacións internacionais como EUROPHRAS e a UNESCO.

Unha última cousa. Sei ben que os arquivos dos bibliófilos non están feitos só de intelixencia e de relacións públicas senón tamén de privacións económicas para conseguir salvar unha peza excepcional. Diso ten que saber, por forza, a xenerosidade W. Mieder. Felices os universitarios de Vermont que, polo exemplo (tamén maxisterial) de W. Mieder poden acceder a este Arquivo paremiolóxico mundial. Era ben que algunha institución pública ou unha xenerosa entidade privada patrocinase a dixitalización de todo ese arquivo, converténdoo así en ferramenta accesible ós estudiosos do mundo enteiro.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

MOGORRÓN HUERTA, e MEJRI, Salah (dirs.) (2010): *Opacidad, idiomaticidad, traducción. Opacité, idiomaticité, traduction.* Col. Encuentros mediterráneos. Rencontres méditerranéennes; 3. Alicante: Universitat d'Alacant - Universidad de Alicante. ISBN 9788497171311. 383 páxs.

O volume *Opacidad, idiomaticidad, traducción - Opacité, idiomaticité, traduction-*, editado en 2010 por Pedro Mogorrón e Salah Mejri, constitúe o terceiro número da colección "Encuentros mediterráneos. Rencontres méditerranéennes". Reúne un total de 21 estudos que analizan, dende distintos ángulos e perspectivas investigadoras, o tema da opacidade.

O centro de atención constitúeno as expresións fixas que se estudan aquí na súa dimensión significativa. O tema que vertebra o conxunto de traballos é a dicotomía "opacidade-transparencia" que se desenvolve coa tradución como telón de fondo. A maioría das contribucións buscan proxectar luz sobre a cuestión da opacidade relacionada coas secuencias fixas. É o caso, entre outros, dos artigos de Pedro Mogorrón "La Opacidad en las construcciones verbales fijas", de Monia Bouali "Opacité des locutions adjectivales", de Salah Mejri e Arianne Desporte "Opacité et idiomaticité des expressions figées: deux repères en traduction" ou de Julia Sevilla e Carlos Montero "Idiomaticidad y opacidad en la traducción de paremias (francés y español)".

Aínda así, tamén se rexistran traballos que examinan outros elementos que limitan a transparencia como poden ser os préstamos interlingüísticos –asunto que trata Mosbah Said na súa contribución "Opacité sémantique des emprunts ou la mémoire floue des mots en voyage"–, ou os procedementos de desautomatización que desenvolve Thouraya Ben Amor Ben Hamida no seu estudo "Le défigement un révélateur linguistique d'idiomaticité et d'opacité".

Os problemas do carácter non transparente dos elementos lingüísticos e culturais enfócase tanto dende unha perspectiva teórica como práctica. No metodolóxico, os autores recorren esencialmente á comparatística así como á análise estatística co fin de exploraren e comprobaren a validez das súas popostas iniciais e obteren uns resultados concluíntes. A aproximación ó tema lévase a cabo cun enfoque multidisciplinar e multilingüístico: por unha banda, a colección non só conta con estudos redactados en distintas linguas (francés e castelán), senón que o elemento comparatístico dos traballos amosa unha presenza acusada doutras linguas de traballo. Así, encóntranse estudos contrastivos bilingües como o de Alicja Hajok ("Comment traduire les determinants?"), no que se compara a configuración idiomática e a vertente translativa en relación cos determinantes nas linguas polaca e francesa; pola súa banda, Daniel Gallego propón unha análise trilingüe (inglés-francés-castelán), baseada nun amplo corpus traductográfico, sobre a transferencia das metáforas náuticas e o cumprimento ou non das expectativas translativas formuladas a priori; finalmente, Xavier Blanco, fundamenta a súa argumentación verbo dos frasemas composicionais pragmáticos con exemplos tomados dunha vintena de idiomas.

O volume ofrece unha importante variedade disciplinar –nalgúns casos mesmo dentro de cada artigo–, onde os autores poñen o acento ou ben na dimensión lingüística xeral,

a terminolóxica, semántica, pragmática, didáctica e, por suposto, traductolóxica. Tamén é variada a casuística dos artigos, xa que abranguen dende a linguaxe común, as linguaxes de especialidade (coma tal, a xurídica e a económica) e chegando ata a estética, representada na achega de Paola Masseau ("Les traducteurs en formation face à l'opacité des métaphores linguistiques en poésie"), que estuda a opacidade das metáforas no eido lírico. Lonxe de supor unha merma para a coherencia do estudo do tema no seu conxunto, a variedade de enfoques e a aproximación multidisciplinar supón unha fonte de riqueza que incrementa o valor científico do volume ó proporcionar unha imaxe máis completa e complementaria da realidade das expresións fixas así como dos problemas de comprensibilidade e tratamento translativo que conteñen.

A colección busca a aplicabilidade e transferibilidade dos resultados achegados polos diversos estudos. Estes proxéctanse sobre os eidos do ensino, da tradución (e interpretación) así como do tratamento automático da linguaxe. Amosa, con isto, un enfoque eminentemente práctico e pragmático, algo que, sen dúbida, se debe ó feito de que o traballo de investigación subxacente se está desenvolvendo no seo de distintos grupos e proxectos de investigación, organizados a nivel nacional e internacional, e unidos por un interese temático común. De feito, a colección de artigos é froito dun labor colaborativo que agrupa estes investigadores que proceden de varias universidades de España, Francia e Tunisia e que se integra en diversos proxectos de colaboración transnacional.

O volume brinda a posibilidade de nos adentrarmos, a través dos ollos de vinte e un expertos na materia, no tema das expresións fixas e de descubrírmo-las coincidencias e diverxencias na codificación e nas peculiaridades expresivas propias dos distintos ámbitos culturais recollidos no libro. O labor dos investigadores reunidos na colección logra ofrecer unha mirada ampla e profunda no estado actual dos estudos lingüísticos e traductolóxicos relacionados coas estruturas idiomáticas, tan unidas ó carácter particular dos pobos.

Juan Antonio Albaladejo Martínez

Universidad de Alicante

OLZA MORENO, Inés (2011): *Corporalidad y lenguaje. La fraseología somática metalingüística del español.* Frankfurt: Peter Lang [2]. ISBN 9783631609071; 331 páxs.

As teorías de base cognitiva vinculan de forma directa ao carácter corpóreo da nosa experiencia física (*corporalización*) no só o modo en que aprehendemos mentalmente a realidade, senón tamén o desenvolvemento do pensamento figurativo. Pola súa banda, a existencia xeneralizada en moitas linguas de expresións idiomáticas que conteñen un lexema referido a órganos e partes do corpo humano ou animal (*somatimos*) supón un dos indicios máis importantes da *corporalización* do pensamento e a linguaxe figurativa.

Virando ao redor destes dous eixos, Inés Olza pretende explorar as particularidades semánticas e figurativas da parcela acoutada de fraseoloxismos somáticos metalingüísticos do español, para mostrar como a actividade lingüística chega a entenderse figurativamente en termos corporais. A acción coherente de *patróns figurativos* analizables, explicitados en *metáforas* e *metonimias conceptuais* e en *esquemas de imaxes*, xera correspondencias sistemáticas entre o dominio fonte CORPORALIDADE e o dominio meta LINGUAXE.

A partir de dicionarios fraseolóxicos e xenerais do español, a autora constrúe un corpus de 336 unidades fraseolóxicas (UUFF) artelladas ao redor de 24 lexemas somáticos, que por grao de produtividade fan referencia á boca, lingua, oído(s)/orella(s), man(s), cara, beizo(s), cabeza, nariz/narices, ollo(s), corazón, pé(s), barba(s), dedo(s), dente(s), fronte, pelo(s), pescozo, garganta, ombreiro(s), puño(s), cabelo, cóbados e costas(s).

O corpus contén un conxunto maioritario de *fraseoloxismos descritivos* dalgún aspecto da linguaxe e unha porcentaxe menor de *fraseoloxismos de valor pragmático ou discursivo*. Entre os primeiros atópanse aspectos como o silencio (*coserse la boca, sellar los labios* (a alguien); a produción e articulación do discurso (*hablar (hasta) por los codos, murmurar entre dientes*); a recepción do discurso (*aguzar los oídos*); ou a interacción entre os falantes (*tirar de la lengua* a alguien). Entre os segundos, de valor

[2] A realización desta recensión está encadrada no proxecto de investigación *La estructura idiomática del alemán y el español. Un estudio cognitivo a partir de un corpus onomasiológico* (código HUM2007-62198/FILO), financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación con fondos FEDER e dirixido na USC por Carmen Mellado Blanco.

pragmático ou discursivo, atópase, por exemplo, *¿Te ha comido la lengua el gato?,* empregado polo falante para suxerir ao seu interlocutor que fale.

Como estamos ante a constante operación dalgún tipo de proceso figurativo sobre o significado das expresións, Inés Olza defende que todos os *somatismos* do seu corpus son fraseoloxismos idiomáticos (*semanticamente non composicionais*). En consecuencia, a súa análise semántica do corpus de fraseoloxismos somáticos metalingüísticos parte, en primeiro lugar, do exame da motivación figurativa subxacente (mediante ferramentas de corte cognitivista) e, en segundo lugar, procede a dar conta da dimensión metalingüística deses significados idiomáticos. Deste xeito, a análise semántica inicial acaba converténdose nunha análise semántico-pragmático que acentúa o potencial cognitivo que amosan esas UUFF.

O traballo que aquí presentamos destaca pola súa minuciosidade, claridade e sistematicidade. Expón de modo maxistral os conceptos básicos sobre os que sustenta a súa investigación e desenvolve as súas exposicións moi rigorosamente. A obra estrutúrase en tres grandes capítulos que rematan cun repertorio bibliográfico moi actualizado (formado por estudos, dicionarios e outras fontes na rede), así como un glosario moi útil que ofrece a relación alfabética das UUFF que constitúen o corpus e a localización do seu tratamento no volume.

O capítulo 1, (Unha esfera particular da fraseoloxía das linguas: os somatismos), aborda o caso da fraseoloxía somática atendendo aos fundamentos corporais do pensamento figurativo, detense no concepto de 'embodiment' (*corporalización*) e trata os *somatismos* atendendo á súa definición e prominencia dentro do universo fraseolóxico. Remata dando conta da cohesión semántica e figurativa manifestada en marcos semánticos e series fraseolóxicas.

O capítulo 2, (A fraseoloxía somática metalingüística do español), presenta o corpus e establece as pautas para a súa análise, inscrita no marco de investigacións relativas ao *metalingüístico* en español (a análise da metalinguaxe corrente das linguas). A autora expón os criterios seguidos na provisión e lematización dos *somatismos*; describe e xustifica o proceso de extracción do corpus a partir de dicionarios fraseolóxicos e xerais, así como as decisións tomadas na presentación formal de cada UF (referidas máis especificamente aos *actantes*, os *elementos do contorno* e ás *variantes*).

A autora emprega o inventario de lexemas somáticos organizados polo seu grao de produtividade. Así, atende a cada serie de expresións artellada sobre a súa base somática e combínaa co seu valor metalingüístico, de tal xeito que por unha banda distingue UUFF de *contido descritivo* (un total de 301) e, pola outra, un grupo menor de 35 expresións que desenvolven *funcións de tipo pragmático-dicursivo*. Ao mesmo tempo, ambos os grupos aparecen clasificados, respectivamente, segundo distintos *niveis* e *planos do falar* inspirados inicialmente no traballo de Eugenio Coseriu (1988).

O capítulo péchase co apartado "Algunhas reflexións ao corpus: produtividade das bases somáticas" no que se impón a distinción entre *lexemas somáticos primariamente*

metalingüísticos (os que denotan partes do corpo directamente implicadas na articulación e a recepción de discursos orais), como boca, lingua, beizos, nariz/narices, dentes, pescozo, garganta, oído(s) e orella(s) e lexemas que adquiren *secundariamente* un valor figurado conectado co dominio meta LINGUAXE, como son man(s), cabeza ou ollo(s), por exemplo. Cúmprese a expectativa de atopar a maioría dos primeiros en posicións especialmente prominentes da escala de produtividade.

O capítulo 3, (Estudo semántico (e pragmático) dos fraseoloxismos somáticos metalingüísticos do español) atende aos graos de idiomaticidade das expresións tendo en conta a existencia/ausencia de *homónimos literais*. Establece os *esquemas figurativos* subxacentes, as *metáforas* e *metonimias* conceptuais; incorpora os aspectos máis significativos da *fraseoloxía xestual* en cada serie de *somatismos;* e desenvolve o seu estudo de cada un deles a partir de criterios de clasificación do seu valor metalingüístico.

Partindo da proposta de Michael J. Reddy (1979), a autora emprega o concepto da *metáfora do conduto*, entendida como patrón de pensamento para o que, figuradamente, a linguaxe funciona como un *conduto* que transfire palabras nas que están inseridas ideas e pensamentos que deben chegar ao receptor. Así, os esquemas de imaxes imbricados no significado idiomático das UUFF estudadas están artellados de xeito analóxico e coherente arredor das metáforas de COLECTOR (ou RECIPIENTE), SUPERFICIE, OBXECTO, TRAXECTO, CANLE, RELACIÓN DENTRO/FORA, ORIFICIO e ELEMENTO SAÍNTE. Na mesma liña, nos usos fraseolóxicos dos compoñentes somáticos destaca a identificación metonímica do órgano co discurso mesmo. Así, entre as metonimias cabe sinalar O INSTRUMENTO DA ACCIÓN POLA ACCIÓN: O ÓRGANO DO FALAR (A LINGUA) POLO FALAR –como ocorre en *calentársele la lengua* a alguien, 'ter profusión de obxectos (palabras) movéndose nela' → 'falar moito' ou 'ter obxectos (palabras) quentes nela' → 'emitir un discurso alporizado'–; O ÓRGANO DO OUVIR (OS OÍDOS/AS ORELLAS) POLO OUVIR, como por exemplo en *hacer oídos sordos,* 'finxir que os órganos auditivos funcionan mal' → 'non prestar atención ou consideración a algo'; e O INSTRUMENTO DA ACCIÓN (A MAN) POLA ACCIÓN (A ESCRITURA), como en *cargar la mano* en algo [nunha crítica/artigo de opinión] → 'excederse niso'. Máis especificamente aparecen casos da sinécdoque A PARTE POLO TODO como sucede cos casos de A LINGUA É A PERSOA (*mala lengua*) ou CARA/A FRONTE É A PERSOA (*cara a cara, frente a frente*).

Entre os principais *valores simbólico-figurativos* das 24 bases somáticas do corpus na conceptualización (representación figurada) da actividade lingüística, a autora sinala os seguintes articulación oral dos discursos *–boca, lingua, beizo(s), dente(s), pescozo, gorxa–*; recepción dos discursos orais *–oído(s)/orella(s)–*; produción escrita dos discursos –man(s), puño(s)–; recepción dos discursos escritos *–ollo(s)–*; xestualidade – *man(s), pé(s), barba, dedo(s), dente(s), pelo(s), ombreiro(s)–*; identidade/control – *cara, fronte–*; ausencia de control *–costas(s)*; enfrontamento *–cara, fronte–*; orgullo/honra *–barba(s), pelo(s), cabelo(s)–*; mobilidade/estabilidade *–pé(s)* –;

sinceridade/conexión cos sentimentos –*corazón*–; e connotacións negativas –*nariz/narices*–.

A clasificación do valor metalingüístico das unidades do corpus atendendo ás unidades de natureza descritiva e ás unidades de valor pragmático-discursivo, así como a ordenación das primeiras segundo os *niveis* e *planos da linguaxe* permitiron corroborar una mesma tendencia xa detectada tamén por outras investigacións sobre o tema: a linguaxe aparece concibida nesta esfera da fraseoloxía do español como unha *actividade esencialmente pragmática e intencional* (ao redor dun 85% do total de 336 *somatismos* metalingüísticos). Pola súa banda, o valor metadiscursivo das outras 35 unidades fraseolóxicas pragmáticas do corpus (o seu 15%) concrétase na regulación da interacción entre os falantes (vinculada a expresións xeradas polos lexemas somáticos *primariamente* metalingüísticos) como *pedir por esa boca [Pide por esa boca]*, a organización discursiva (como ocorre con *besar la mano* y *quedar a los pies* de alguien, de uso pouco frecuente na actualidade), e a expresión da modalidade (subxectividade enunciativa por parte do emisor) vinculada a expresións xeradas polos lexemas somáticos *secundariamente* metalingüísticos, como sucede con *manda/tiene narices*, *jugarse el cuello [me juego el cuello (a que)]* ou *de (todo) corazón*.

Tense constatado que a fraseoloxía das linguas tende a destacar cognitivamente as accións humanas que se apartan da norma, do esperable ou aceptable como comportamento regulado. E este corpus de *somatismos* metalingüísticos do español vén ilustrar tamén esa tendencia, pois parte das súas unidades fan alusión a *comportamentos lingüísticos "desviados"* ou de *repercusións negativas*, tales como a emisión dunha cantidade excesiva de discurso (*comer lengua*), dun discurso inoportuno ou inadecuado (*no llevar/tener algo [un discurso] ni pies ni cabeza / (ser) algo [un discurso] sin pies ni cabeza*) ou o desenvolvemento dunha interacción problemática entre os interlocutores (*meterse la lengua donde a alguien le quepa/en el culo*). Trátase, en definitiva, de comportamentos lingüísticos que atentan contra a congruencia, a corrección e a adecuación dos discursos, así como contra o respecto á cooperación conversacional (p. 290-291).

As breves notas desta recensión son unha pequena mostra da riqueza que contén o volume *Corporalidad y lenguaje. La fraseología somática metalingüística del español* de Inés Olza. Estamos ante un traballo minucioso e moi ben documentado que ofrece unha nova visión do significado idiomático, agora completado cunha excelente descrición dos aspectos pragmático-discursivos dos *somatismos* tratados. Contribúe, pois, de modo moi significativo ao estudo da *cultura lingüística* que subxace implicitamente na lingua española e, polo tanto, é unha obra de consulta estritamente necesaria para futuros estudos semántico-pragmáticos da disciplina fraseolóxica do español.

Referencias bibliográficas

COSERIU, Eugenio (1988): *Competencia lingüística. Elementos de la teoría del hablar*. Madrid: Gredos, 1992.

REDDY, Michael J. (1979): "The Conduit Metaphor: A Case of Frame Conflict in our Language about Language", A. Ortony (ed.) (1993): *Metaphor and Thought*. Cambridge: Cambridge University Press, 164-201.

M. Carmen Losada Aldrey

Centro de Linguas Modernas.

Universidade de Santiago de Compostela

PÀMIES I RIUDOR, Víctor (2012): *En cap cap cap. Diccionari de dites i refranys sobre el cap.* Colección "Enciclopèdia paremiològica del cos humà", num 2. Vallromanes: ed. do autor. ISBN 978-84-615-8110-8 240; 240 páxs.

Congratulámonos da aparición dunha nova recompilación do prolífico paremiólogo Víctor Pàmies i Riudor. O 20 de xuño de 2012 presentouse no Institut d'Estudis Catalans a súa última obra en papel, de extravagante título, *En cap cap cap*, que xoga co triplo significado deste termo homófono. *Cap* significa en catalán "cabeza / cabo", "ningún/ha" ademais de se-la terceira persoa singular do presente de indicativo do verbo "cabre" (caber). A primeira recompilación levouse a cabo hai un par de décadas aínda que non saíu á luz ata agora, grazas ó peculiar mecenado de Verkami, do que falarei máis adiante.

Trátase do segundo libro da colección "Enciclopèdia paremiològica del cos humà", un estudo das partes do corpo humano e os sentidos a través dos refráns e a fraseoloxía popular. Tras *Amb cara i ulls. Diccionari de dites i refranys sobre l'ull* publicado en 2011, *En cap cap cap* recolle 1.415 paremias sobre a cabeza ordenadas alfabeticamente, con equivalentes idiomáticos, sinónimos, a explicación cando se trata de refráns e outros datos en forma de nota sobre a súa extensión xeográfica ou unha aclaración léxica. Conclúe a obra un índice inverso castelán – catalán e a extensa bibliografía consultada.

A sorprendente cifra de paremias recollidas inclúe o termo *cap* así como os seus derivados ou compostos: *cabut* (cabezudo), *capalt, caputxa* (capucha), *capgirar* (remexer, inverter), *capçalera* (cabeceira), etc. Un exemplo sería a locución adverbial *Al capdavall* 1, 2 e 3 que representa as entradas 68, 69 e 70 ou *Al capdavant* (71), disposta da forma seguinte:

> [definición] Al davant d'un grup, d'un moviment, etc.
>
> [sinónimos en catalán] SIN. A primera línia / Al davant / Al primer reng.

> [equivalentes en castellano] CAST. A (o en) la cabeza / Al frente de alguna cosa / Delante.

Os ditos e refráns abarcan todo o territorio de fala catalá, e informásenos da súa procedencia se se trata dunha paremia tópica. Así, a nota da entrada 164 (*Bernat, Bernat, pega´t al cap!*) reza: "Es diu al Matarranya" ou a 729 (*Ficar el cap entre cames*), "Es diu al País Valencià". Os ditos tópicos que inclúen topónimos, xeralmente referidos á meteoroloxía carecen, por descontado, de tradución cara ó castelán: *Quan Montjuïc fa capell, para-li el gibrell* (1047) ou esta punzante paremia que ridiculiza o cidadán de Barcelona (161): *Barceloní, cap de tupí, calces estretes, roba pessetes.*

As entradas en castelán están ordenadas alfabeticamente e conteñen o equivalente e número de entrada da paremia en catalán. Así, *De tal palo, tal astilla* aparece seguida da súa correspondencia en catalán: *A tal cap, tal barret*, 32; *Fill de gat, se li assembla dels peus al cap,* 734. A seguinte no elenco é *De un extremo a otro- De cap a cap* 1, 486.

Ocasionalmente inclúese o equivalente pre-existente noutras linguas, como latín, francés, inglés, italiano ou portugués. Nalgunhas sentenzas clásicas ou de uso extenso na civilización xudeo-cristiá, como é o caso da 1103 (*Qui renta el cap de l'ase (o del ruc, o del burro), perd lleixiu, temps i sabó*), Pàmies inclúe tres equivalentes en castelán, dous en latín, dous en portugués, un en francés e outro en italiano.

A introdución (páxinas 16-21), concisa e á vez moi completa, analiza de forma pormenorizada a metodoloxía, os obxectivos da compilación e os seus criterios. O propósito global que expresa Pàmies verbo da definición dos campos e a estrutura en xeral (p. 16) cumpriuse, ao meu entender, de sobra: a súa intención é que a erudición non se contradiga co sentido eminentemente popular e que o contido do traballo sexa accesible ó maior número posible de lectores. A devandita introdución non pasa por alto nin a menor xustificación a calquera decisión tomada na recompilación: que derivados e compostos de *cap* [a] incluír ou refugar, a grafía definitiva de refráns con múltiples variantes, clasificación alfabética, etc.

Como apuntamos, a estrutura de cada entrada é a seguinte: 1. Termo (en negriña) – 2. Categoría gramatical. 3. Definición. 4. Sinónimos. 5. Equivalente castelán. 4. Nota (en cursiva os últimos catro elementos). O campo de "Nota" é unha especie de caixón de xastre, e o seu contido pode incluír tanto información dialectal relativa ó lugar onde se pronuncia a paremia ("*Lloc*"), verbo da compilación máis antiga na que se atopa documentada ou ben da-la súa orixe, a súa equivalencia noutras linguas ou outros datos dispersos.

O preámbulo ó dicionario anuncia o carácter científico do traballo, elaborado con criterios de rigor e coa meticulosidade á que xa nos ten afeitos o autor. No "*Pròleg*" (páxinas 9-13), Joan Vilaseca i Canals perfila a traxectoria paremiolóxica de Pàmies e a súa repercusión potencial tan positiva na lingua e no ensino.

Efectivamente, mencionamos máis arriba o seu dicionario impreso de 2011, aínda que Victor Pàmies é coñecido sobre todo pola súa obra paremiolóxica en formato dixital. Convídoos a coñece-lo seu inxente traballo que dende hai algúns anos está dispoñible

na rede: *Paremiologia catalana* http://refranys.wordpress.com/ e da que se fala na recensión que segue a esta. Unha rápida ollada a esta web permite ve-la magnitude do labor de Pàmies e comprobar de novo que a súa devoción e acción no tratamento paremiolóxico nada ten que ver con tantos refraneiros afeccionados sen outra intención que a acumulación que circulan por Internet. O alcance e a categoría de *Paremiologia catalana* son froito dunha tarefa sistemática, dunha investigación incesante e intelixente, á que se une a proeza de ser unha obra practicamente unipersoal. Neste sentido, o noso autor foi "rebautizado" por algúns usuarios da rede como "Víctor Parèmies", cun fácil xogo de palabras co seu apelido. A citada páxina web remite a outras webs e blogs paremiolóxicos do mesmo autor, das que destaco, ao chou, *"Conferències paremiològiques", "Etimologies paremiològiques", "Paremiologia didáctica", "Paremiologia tòpica"* ou *"Paremiosfera"*.

Finalmente, tal e como apuntei ó comezo, o dicionario obxecto desta recensión posúe o mérito de ter sido financiado a través de crowdfunding (micro-mecenado) na plataforma Verkami. Esta é unha forma de financiar proxectos de creadores mediante a suma de micro-achegas individuais de público interesado.

Last but not least, a enciclopedia paremiolóxica catalá do corpo humano ten xa continuación: o compromiso do autor de publicar, mediante mecenado, un libro impreso ó ano que se concretará nunha atrevida recompilación de paremias escatolóxicas, a miúdo refuxiadas na oralidade e desterradas das fontes escritas.

Xus Ugarte Ballester

Facultat d'Educació, Traducció i Ciències Humanes, Universitat de Vic

Víctor Pàmies (2005-2012): *vpamies.dites.cat /// refranyer.dites.cat /// biblioteca.dites.cat /// diccitionari.blogspot.com /// didactica.dites.cat /// tematic.dites.cat /// polsim*. ditos. c*at /// frasesfetes.dites.cat /// enciclopedia.dites.cat /// etimologies.dites.cat /// conferencies.dites.cat /// topica.dites.cat /// ulls.dites.cat /// cap.dites.cat.*

Víctor Pàmies e a paremioloxía dixital é o asunto desta recensión. Nunha das bitácoras do lingüista Víctor Pàmies pódese ler:

> Els refranys són perles de saviesa, la filosofia del poble, els evangelis populars. Recullen ciència, història, ensenyaments i doctrina [3].

Non é unha afirmación sorprendente. A maior parte dos lectores cadrarán completamente de acordo con ela. Pero o que chama a atención en Pàmies, porque xa

[3] Os refráns son pérolas de sabedoría, a filosofía do pobo, os evanxeos populares. Recollen ciencia, historia, ensino e doutrina. Publicado o 10.5.2008 no blog dicctionari.blogspot.com.

non é tan habitual, é que para a difusión paremiolóxica el fai un uso relevante e de calidade das novas tecnoloxías. Na era da internet, os métodos e mailas posibilidades da investigación e da difusión aumentaron enormemente, mais segue sendo básico o traballo dos compiladores que poñen ó alcance de todo o mundo o enorme caudal cultural das paremias.

Víctor Pàmies i Riudor (Barcelona, 1963) licenciouse en Filoloxía Catalá na Universidade de Barcelona o ano 1996. No 2008 obtivo o Máster Online de Terminoloxía do Institut Universitari de Lingüística Aplicada da Universitat Pompeu Fabra de Barcelona e, dende a súa especialización paremiolóxica e terminolóxica, colabora dende hai tempo cos Servizos Lingüísticos da Universitat de Barcelona e co Máster de Llengua, Literatura i Cultura Catalanes da Universitat Rovira i Virgili, entre outras actividades. Publicou *Amb cara i ulls. Diccionari de dites i refranys sobre l'ull, Dites.cat. Locucions, frases fetes i refranys del català* e tamén *En cap cap cap. Diccionari de dites i refranys sobre el cap* [4].

En 1995, antes de remata-los estudos de lingüística, empezou a recompilar refráns, de fontes orais e escritas, en soporte informático, e inicia unha biblioteca paremiolóxica de apoio. Na actualidade, a súa base de datos supera os 386.000 rexistros (paremias) e a biblioteca, os 600 exemplares. Dende 2001, consciente das posibilidades das novas tecnoloxías e aproveitando a inxente cantidade de material que recompilaba, creou en Internet unha rede extensa sobre paremioloxía catalá -con traducións a outras linguas. Primeiro faino cun espazo persoal en Wanadoo, onde presenta recompilacións de ditos e un consultorio paremiolóxico onde resolver dúbidas sobre a orixe ou sobre como se din certas expresións. Dende o primeiro momento informa da bibliografía que utiliza. Sinalar as fontes, a orixe da información, é a norma nas súas bitácoras e iso fai patente a calidade con que se formula o traballo. Poucos anos despois empeza a utilizar a que será -e é- a súa plataforma principal de difusión paremiolóxica: as bitácoras de Internet, ferramentas que lle permiten unha gran variedade de presentación de información, inmediatez e actualización constantes e unha doada interacción coa xente. Este último aspecto é moi importante no labor de Víctor Pàmies. Así como miles de usuarios aproveitan todo o material fraseolóxico que este paremiólogo dixital vai colgando en Internet, el tamén aproveita a colaboración dos seus lectores para mellora-lo contido do material presentado.

A paremiosfera de Víctor Pàmies artéllase en dous dominios de Internet: ***refranys.com*** e ***dites.cat***. O primeiro é o máis antigo dos dous, pero os dous remiten á mesma as bitácora de Wordpress, unha páxina titulada ***Paremiologia catalana*** que principalmente informa dos lugares sobre paremioloxía que mantén, neste caso creados con Blogger. Outra forma de acceder a este mundo fraseolóxico é a través do portal *paremiosfera.dites.cat*, dende o que se ven as cinco últimas entradas das súas bitácoras.

[4] *Amb cara i ulls* foi o primeiro libro que se publicou en catalán con micromecenado dixital e fíxose na plataformaVerkami.

Esta é a porta deste universo refraneiro. Superemos agora o limiar e vexamos qué córpora conforman a constelación paremiolóxica de Víctor Pàmies. Ordenarémolos pola súa orde cronolóxica de aparición:

Raons que rimen (*vpamies.dites.cat*; existe dende o 08/2005). É a primeira, a máis persoal e a máis miscelánea das súas bitácoras. De entrada, o autor xa informa de que os seus intereses son o estado da lingua catalá, as súas lecturas, o mundo de Internet e, finalmente, aquilo que el considera a súa "gran paixón": a paremioloxía. Co tempo engádelle a actualidade de Vallromanes, o concello no que reside. Tamén é con esta bitácora coa que el realizou a súa participación -e, a miúdo, impulso inicial- en moitas homenaxes culturais da *catosfera* [5]. O nome do caderno provén da canción *Rhymes and reasons* de John Denver e é unha referencia ós refráns.

Refranyer català-castellà (*refranyer.dites.cat*; existe dende o 05/2007). Esta segunda bitácora nace da conciencia de que non existen en liña recompilacións bilingües catalán-castelán de refráns que teñan suficiente calidade. A ficha de cada refrán inclúe variantes e sinónimos cataláns, equivalentes en castelán, explicacións e as fontes de toda a información, que ás veces son do século XIX. Cada entrada está etiquetada por palabras clave. Tamén hai un índice alfabético de tódalas entradas. É un caderno moi utilizado e recomendado por profesores, alumnos e escritores en lingua catalá. E coma o resto das bitácoras, vaise facendo máis rica cada día cos comentarios dos lectores.

Biblioteca paremiològica (*biblioteca.dites.cat*; existe dende o 06/2007). Nela vai presentando recensións bibliográficas de libros sobre paremioloxía. Á parte da ficha da publicación, inclúense biografías dos autores, outras obras, a crítica do libro e enlaces a outras recensións. Tódalas fichas están etiquetadas por autor e ano e un índice lateral facilita a consulta.

Diccitionari (*diccitionari.blogspot.com*; existe dende o 06/2007). É un dicionario de citas e frases célebres con máis de 3.000 entradas. Inclúense nel datos básicos sobre o autor, equivalentes noutras linguas e a fonte da cita. Os rexistros indéxanse por autor e palabras clave. É unha bitácora creada por Pàmies e compartido actualmente cos bitacoreiros Marc Cortès, David Gálvez e Joan Puigmalet.

Paremiologia didàctica (*didactica.dites.cat*; existe dende o 06/2007). É un curso dixital de iniciación á orixe, á historia, ós recompiladores e ós repertorios de paremias da lingua catalá. Son leccións breves que serviron e serven de base dos cursos e conferencias do autor.

Refranyer temàtic (*tematic.dites.cat*; existe dende o 09/2007). Repertorio exhaustivo de refráns clasificados por temas e presentados en orde alfabética. A busca realízase a partir dun índice temático.

[5] É sabido que en Cataluña designan co nome de *catosfera* o conxunto das bitácoras das redes sociais catalás, escritas en catalán, e tamén a comunidade virtual que forman. O termo parece que o inventou Toni Ibàñez no 2005 na súa bitácora *Tros de Quòniam* [N. da Redacción].

Polsim de refranys (*polsim. ditos. cat*; existe dende o 12/2007). Bitácora que recolle os arquivos de audio e a transcrición do texto dun espazo sobre refráns e ditos que o autor presentaba quincenalmente en Radio Vallromanes. Son 20 programas que se emitiron entre decembro de 2007 e novembro de 2008.

Dites i frases fetes *(frasesfetes.dites.cat*; existe dende o 04/2008). Recompilación de locucións e de ditos cataláns con variantes, sinónimos, equivalentes en castelán, explicacións do significado e indicación das fontes da información. Os rexistros etiquétanse por palabras clave.

Enciclopedia paremiològica *(enciclopedia.dites.cat*; existe dende o 04/2008): Enciclopedia de termos da ciencia que estuda os refráns.

Etimologies paremiològiques (*etimologies.dites.cat*; existe dende o 08/2008): Bitácora que recolle etimoloxías e explicacións históricas da orixe de refráns e ditos, con indicación das fontes consultadas.

Conferències paremiològiques *(conferencies.dites.cat*; existe dende o 06/2010): Recompilación de materiais audiovisuais de conferencias do autor.

Paremiologia tòpica *(topica.dites.cat*; existe dende o 11/2010): Ditos sobre pobos dos concellos dos Países Cataláns. Bitácora integrada cun mapa de Google Maps.

Amb cara i ulls (*ulls.dites.cat*; existe dende o 04/2011): Bitácora en que se van colgando tódolos rexistros do primeiro libro do autor, un dicionario de ditos e refráns sobre o ollo, publicado previamente en papel.

En cap cap cap (*cap.dites.cat*; existe dende o 04/2012): Bitácora en que se van colgando tódolos rexistros deste libro do autor, un dicionario de ditos e refráns sobre a cabeza, publicado previamente en papel.

O catalán é unha lingua cunha presenza en Internet moi superior ó seu peso demográfico. Esta realidade é posible grazas ó traballo voluntario de xente coma Víctor Pàmies. Moita xente, en Cataluña, aprendeu o que son as paremias grazas a el, feito que lle valeu a presenza en medios de comunicación. En resumo, unha tarefa de divulgación lingüística exemplar.

Referencias bibliográficas

PÀMIES I RIUDOR, Víctor (2011): *Amb cara i ulls. Diccionari de dites i refranys sobre l'ull*. Vallromanes: autopublicat.

(2012a): *Dites.cat. Locucions, frases fetes i refranys del català*. Barcelona: Barcanova.

(2012b): *En cap cap cap. Diccionari de dites i refranys sobre el cap*. Vallromanes: autoedición.

PÀMIES, Víctor; PALOU, Jordi [No prelo]: *Els 100 refranys més populars*. Valls: Cossetània.

Referencias electrónicas: [Data de consulta en tódolos casos: 29/08/2012]

http://biblioteca.dites.cat	http://cap.dites.cat	http://conferencies.dites.cat
http://diccitionari.blogspot.com	http://didactica.dites.cat	http://dites.cat
http://enciclopedia.dites.cat	http://etimologies.dites.cat	http://frasesfetes.dites.cat
http://paremiosfera.dites.cat	http://polsim.dites.cat	http://refranyer.dites.cat
http://tematic.dites.cat	http://topica.dites.cat	http://ulls.dites.cat
http://vpamies.dites.cat	http://www.refranys.com	

Joan Puigmalet
INS Estany de la Ricarda (El Prat de Llobregat)

PIIRAINEN Elisabeth: *Widespread Idioms in Europe and Beyond. A Cross-linguistic and Cross-cultural Research Project.* [http://www.widespread-idioms.uni-trier.de/?p=sprachen&lang=en].

Nunca se acada a completa descrición do corpus fraseolóxico dunha lingua. Pero cos materiais acumulados, de maneira artesanal ou científica, en moitas linguas euroasiáticas xa é posible poñer en marcha investigacións de carácter comparativo. Entre os proxectos fraseolóxicos comparativos actualmente en marcha pero xa cun longo percorrido e con resultados tanxibles, un dos máis orixinais e ambiciosos é o que dirixe Elisabeth Piirainen, coñecido, na súa versión inglesa, como *Widespread Idioms in Europe and Beyond*. *Cross-cultural Research Project.* Trátase de ir facendo visibles os elementos comúns da fraseoloxía europea (comprendendo as súas diferentes familias lingüísticas, mesmo as non indoeuropeas), pero ampliando a observación máis aló da propia Europa. A ambición do proxecto mídese cuantitativamente pola cantidade de linguas analizadas (77 linguas europeas cuns 230 informantes e 16 non europeas con 19 informantes): non é, polo tanto, un proxecto eurocéntrico, senón un proxecto internacional concibido dende Europa. Isto, que para os filólogos de hai cincuenta anos só podía ser un desexo utópico, resulta hoxe factible porque existe a Internet e porque a informática creou ferramentas que permiten estibar cantidades xigantescas de información en potentes bases de datos e baleirar despois esas bases sobre cartografías dixitalizadas e finalmente facer circular despois de maneira case instantánea ese produto científico polo mundo enteiro, creando redes internacionais de colaboración e situando o debate científico nun nivel xa moi superior. Tamén nesta área filolóxica gozan os actuais investigadores de ferramentas de traballo e comunicación que son unha regalía. Pero, se esas novas circunstancias técnicas están aí para todos, compría unha mente senlleira coma a da Dra. Piirainen para concibir tamaña rede de

informadores de tantas linguas e compría o prestixio intelectual dela para dar montado esa rede na realidade.

Pero a medición deste proxecto non pode ser só cuantitativa. En primeiro lugar porque o propio número de linguas europeas xa revela unha visión moi real e pouco mercantil do concepto de Europa. Lonxe da atávica comodidade europea de privilexiar sucesivamente nas diferentes épocas unha determinada lingua única de comunicación internacional (latín, español, francés, inglés), feito que leva inconscientemente a pensar que só nesas linguas acontecen cousas cientificamente interesantes, Elisabeth Piirainen dirixe a súa mirada á totalidade do espectro lingüístico euro-asiático. Ten mérito, porque nos tempos que corren hai moitas linguas millonarias en falantes con dificultades para estaren presentes no mundo científico: por iso, que un proxecto de investigación asuma tantas linguas que ben poderían considerarse *menores*, quere dicir que na idea de Elisabeth Piirainen tamén nas linguas menores hai información relevante para sabermos que é iso de ser europeos. *And beyond*, porque a súa mirada, como xa queda dito, está libre de eurocentrismo e diríxese tamén a outras 15 linguas, fundamentalmente asiáticas, e ó esperanto. Dito doutro xeito: neste caso a cantidade é xa un primeiro indicio da calidade.

En segundo lugar, porque resultaba indispensable dispoñer de claridade conceptual e metodolóxica. O *Widespread Idiom* (abreviadamente WI) designa un fraseoloxismo que, tendo en conta o desenvolvemento histórico e cultural concreto, existe en varias linguas coa mesma ou parecida estrutura léxica e que en todas elas ten un significado co mesmo núcleo figurativo, mesmo se esas linguas son xeografica ou xeneticamente distantes.

Dentro desta mirada cualitativa, os lectores de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* xa tiveron ocasión de acceder a dúas entradas do que é ese atlas fraseolóxico euroasiático, porque a propia investigadora honrou esta revista con estas dúas mostras: "Locucións espalladas por Europa e máis alá" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, 2007,173-193 [http://www.cirp.es/pub/docs/cfg09.pdf]; e "Ditos espallados por Europa e máis alá dela: O substrato máis antigo do 'Lexicon of Common Figurative Units'" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 13, 2011, 227-246 [http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg13.pdf]. A iso hai que engadi-la reseña publicada do libro DOBROVOL'SKIJ, D.; PIIRAINEN, E.: *Figurative Language*: *Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives* redactada por Cristina Veiga Novoa (*Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 2006, 334-337) [http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg08.pdf]. No primeiro artigo, E. Piirainen presentou o proxecto e deu algunhas mostras. No segundo incluso nos agasallou coa primicia de desvelarnos xa cales son os 50 fraseoloxismos euroasiáticos máis extendidos (230-234) e tamén os máis extendidos que proceden da Biblia (236-238). No terceiro libro conxunto, os dous autores explicitan o marco teórico do que se nutre este proxecto de xeografía fraseolóxica.

Nos resultados amósase que a existencia de locucións equivalentes en distintas linguas non depende só da proximidade xenética. E neste mesmo número (páxs. 83-98) Patricia Buján dá boas mostras seguindo, entre outras, a doutrina de E. Piirainen. Tamén se

revelan novas fontes para a constitución de locucións a partir de elementos de culturas alleas e explícanse diferenzas entre linguas maioritarias e minoritarias.

No apartado MAPAS recóllense tres exemplos de locucións espalladas (*to swim against the tide/stream; to add fuel to the flames; to bury the hatchet*) xunto co seu significado e a súa primeira documentación histórica. As linguas nas que estas locucións están presentes aparecen marcadas nun mapa e clasificadas por familias nunha lista.

Os cuestionarios inclúen un total de 350 fraseoloxismos en inglés (e, de ser posible, alemán, francés e ruso) para que os usuarios-colaboradores completen cos equivalentes na súa lingua materna e coa tradución palabra por palabra. Velaquí un exemplo:

> (2) English *to give sb. the green light*
> German *jmdm. grünes Licht geben*
> French *donner le feu vert à qqn*.
> Russian *дать зеленый свет кому-л.*
>
> 'to give sb. permission to do sth. that they were planning to do' / 'jmdm. die Erlaubnis geben, etwas zu beginnen' / 'donner autorisation, permission' / ‚дать кому-л. разрешение на начало чего-л.'
>
> Your language:

Hai neste proxecto unha regalía oculta: os silencios, as asimetrías. Sabemos que non hai linguas impermeables nin herméticas; que tódalas linguas viven nunha osmose constante coas linguas da contorna física, política ou económica. Pero sabemos tamén que esa osmose nunca é equilibradamente bidireccional e por iso é moi probable que Europa (e dentro de Europa as linguas con poder económico e político) sexan máis emisoras do que receptoras de fraseoloxía. Existe, polo tanto, o perigo de que o informante dunha lingua menor constate que alguén dixo algunha vez tamén na súa lingua menor *un lobo con pel de ovella* (de orixe bíblica) ou *loitar contra muíños de vento* (de orixe literaria) pero que esqueza informar, se se der o caso, de que a forma orixinal de expresar eses conceptos na súa lingua menor é outra diferente e asimétrica. Ese perigo existe, cando a pregunta é moi concreta. Pero o certo é que, observado o publicado vemos que en moitos items hai casas baleiras, hai silencios. Eses silencios probablemente indican a existencia de asimetrías ou diverxencias fraseolóxicas. Estes enigmáticos silencios conteñen tanta ou máis información cás coincidencias, porque estas teñen case sempre unha explicación simple, mentres que os silencios (as asimetrías) téñena moito máis complexa e enriquecedora.

En certa medida, esta é tamén a páxina persoal de Elisabeth Piirainen: nela o visitante encontrará a referencia ás súas publicacións dende 1971 ata 2012: 8 libros, 97 artigos (máis 8 no prelo), 7 edicións (máis 1 no prelo) e 33 recensións. O volume de traballo desta investigadora centrada na fraseoloxía fai que teña unha das visións máis amplas e complexas deste fenómeno lingüístico. Véxase o que se di neste mesmo número (399-

400) doutro proxecto multinacional que a Dra. Piirainen comparte con Anna Idström (*Endangered Metaphors*).

O proxecto *Widespread Idioms in Europe and Beyond* pode estar sendo xa, se ben se mira, o nacemento dun atlas fraseolóxico mundial. Resulta moi grato convida-los lectores desta revista a visitar esa páxina, na que a autora ofrece parciais pero numerosas e ben significativas mostras dos resultados obtidos e dos novos debates que esta base de datos levanta. Estamos seguros que esta visibilidade mundial que lle ofrece a Rede fará que se sumen novos informantes e, polo tanto, representará un novo acelerador e enriquecedor do proxecto.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

SCHEMANN, Hans (2012): *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten. 2. Auflage, erweitert um eine Einführung in die 'Synonymie und Idiomatik'*. Unter Mitarbeit von Renate Birkenhauer. Berlín/Boston: de Gruyter; ISBN 978-3-11-021788-9; 428 páxs.

Atopámonos ante a segunda edición dunha obra publicada orixinariamente en 1989, na editorial Straelener Ms.-Verlag, e posteriormente en 1992 na editorial Klett (PONS). Esta obra constituíu daquela, e segue sendo a día hoxe, a obra lexicográfica máis completa de sinonimia fraseolóxica do alemán. Trátase dun dicionario que segue unha ordenación onomasiolóxica e é con diferenza o máis completo dentro do conxunto de obras similares sobre fraseoloxía alemá, como son o dicionario *Redensarten. Kleine Idiomatik der deutschen Sprache*, de H. Görner (1979), o dicionario temático de 500 entradas *Mit anderen Worten. Deutsche Idiomatik. Redensarten und Redeweisen*, de H. Griesbach & G. Uhlich (1993), así como o dicionario *Deutsche Redewendungen. Ein Wörter- und Übungsbuch für Fortgeschrittene*, de St. Ettinger e R. Hessky (1997), con 1.200 entradas (accesible en internet con algunhas mudanzas dende 2009).

Unha das grandes vantaxes desta clase de dicionarios onomasiolóxicos, que van da idea á palabra, fronte aos dicionarios idiomáticos alfabéticos, atópase no eido didáctico. Os estudantes dunha lingua estranxeira teñen a posibilidade de aprenderen os fraseoloxismos (FR) de maneira asociativa, facilitando a súa memorización e propiciando o seu uso activo. Tamén para tradutores, xornalistas, escritores e para calquera persoa que utilice o dicionario como ferramenta de codificación de textos, os tesauros onomasiolóxicos brindan a posibilidade de escoller entre varios FR que designan o mesmo referente, pero con matices e connotacións diferentes, atendendo á máxima latina *variatio delectat*. O feito de que o dicionario conte cun rexistro alfabético, con remisións ao bloque onomasiolóxico, facilita enormemente o seu manexo. Así mesmo, os arquiconceptos, como 'enfado', 'envexa', etc., tamén se poden consultar nunha terceira parte do dicionario e remiten ao bloque concreto do dicionario onde están inseridos.

O volume que nos ocupa está dividido en varias partes:

I. Introdución científica sobre o fenómeno da sinonimia na fraseoloxía (180 páxinas).
II. Instrucións de uso do dicionario.
III. *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten* (o corpo do dicionario en si).
IV. Rexistro alfabético.
V. Rexistro de conceptos clave.

A estrutura exposta xa nos fai ver que estamos ante unha obra completa que unifica excelentes fundamentos teóricos, expostos nos apartados I e II, cun dicionario innovador e excepcional no seu xénero (apartado III, IV e V).

Na introdución científica (apartado I), o autor afonda dende unha perspectiva lingüístico-filosófica nos seguintes campos:

(1) As características semánticas e formais dalgúns campos conceptuais produtivos en fraseoloxía, como son 'morte/morrer', 'golpe/golpear', 'sorpresa/asombro/susto', 'estar tolo'.

(2) Análises pormenorizadas dalgúns bloques de FR sinónimos:
  (2a) aglutinados ao redor de fenómenos semánticos como o eufemismo, a personificación, así como da estrutura comparativa dentro dos FR;
  (2b) ordenados por criterios relacionados cos actos de fala que desempeñan os FR, como LEDICIA, IRA, MANDATO, REXEITAMENTO, APROBACIÓN, etc.;
  (2c) FR que responden ao esquema estrutural do CAMIÑO (*path*);
  (2d) esquemas estruturais proclives a xerar series fraseolóxicas, do tipo *j. wäre / hätte am liebsten*..., como expresión de irrealidade;
  (2e) esquemas estruturais non proclives á sinonimia.

(3) A dimensión espiritual da sinonimia, da man dos campos conceptuais 'rir' e 'chorar', que son estudados non só nunha perspectiva lingüística, senón tamén filosófica.

(4) Análise da motivación, da hipérbole, do "grotesco" e das imaxes das series sinonímicas.
(5) Sinonimia idiomática e non idiomática.
(6) Táboa de todos os bloques de sinónimos do dicionario representados polo menos por cinco FR.
(7) Bibliografía.

Nesta introdución, o profesor Schemann soubo plasmar de maneira maxistral a súa visión madura da fraseoloxía partindo da experiencia da práctica lexicográfica, que o avala como un dos maiores lexicógrafos do alemán do século XX e o que levamos do XXI. Despois de 35 anos de labor lexicográfico, Hans Schemann ten hoxe no seu haber case unha ducia de dicionarios fraseolóxicos, monolingües do alemán e bilingües entre o alemán e outras linguas europeas como inglés, francés, italiano, portugués, español [6]. Por outra banda, o longo e completo capítulo da introdución destaca por abordar cuestións de pragmática dos FR, como é o tema dos actos de fala e as súas implicacións, o que a converte nunha obra moderna e innovadora, cun enfoque dinámico da fraseoloxía. Na visión do profesor Schemann é o contexto, efectivamente, o que marca o contorno semántico de cada unha das unidades (vid. páx. 169 da introdución), motivo polo que nos dicionarios semasiolóxicos de Schemann os exemplos de uso revelan un posto central na microestrutura do dicionario.

Especial atención merecen as páxinas dedicadas á vinculación entre actos de fala e construcións sintácticas (páxs. 57-65), nas que se analiza de maneira pormenorizada a relación existente entre esquemas sintácticos produtivos (que xeran series de sinónimos de FR, moitos deles de contido basicamente pragmático) e determinados actos de fala como LEDICIA, IRA, MANDATO, AMEAZA, REXEITAMENTO ou ACORDO. Pola súa banda, tamén é digno de mención o capítulo dedicado aos esquemas sintácticos e á creación de FR sinónimos a partir de diversas técnicas como son a modificación dun compoñente do FR ou da imaxe, ben sexa total ou parcialmente. Tendo en conta o anterior, a introdución deste dicionario do profesor Schemann pode resultar realmente útil para o futuro estudo de cuestións de fraseopragmática en combinación co tema dos esquemas estruturais, tendo como marco máis xeral por exemplo a Gramática de Construcións.

Verbo da ordenación onomasiolóxica do dicionario, a estrutura xeral de campos conceptuais é a seguinte:

A: Mundo exterior (espazo, tempo, movemento)
B: Mundo orgánico (vida, morte)
C / D / E / F: O home
C: Fisionomía do home

[6] O dicionario semasiolóxico *Deutsche Idiomatik. Wörterbuch der deutschen Redewendungen im Kontext* (publicado por segunda vez en 2011 pola editorial de Gruyter) serviu de base para a elaboración dos distintos dicionarios bilingües, contando con equipos especializados de lexicógrafos en cada un dos países: alemán-inglés, alemán-francés, alemán-italiano, alemán-portugués, alemán-español. Os dicionarios foron reeditados ou publicados na editorial alemá Buske entre 2011 e 2012.

D: O home en contacto co mundo e outros homes
E: O home como ente social. Postura do home cara aos seus semellantes
F: O home na sociedade coa súa importancia persoal e material: influencia do home sobre outros, poder, posesión
G: Situación crítica, perigo, enfrontamento do home con outros
H: A perspectivización do mundo (a través do home: as súas preferencias)
I: Categorías da perspectivización (cantidades, calidades, relacións)

A estruturación onomasiolóxica do dicionario axústase á idiosincrasia temática da fraseoloxía, na que principalmente se ten como referente o home, a súa caracterización física, os seus defectos morais, a súa relación con outros homes (sempre subxectiva) e a súa percepción do mundo exterior. Trátase, por tanto, non dunha visión obxectiva ou neutra do mundo, senón esencialmente antropocéntrica, a diferenza doutras realizadas para o inglés, alemán ou español. Porque, aínda que Schemann se inspira nalgúns aspectos doutras clasificacións coñecidas das linguas europeas, coma a de Peter Mark Roget (*Thesaurus of English Words and Phrases*, 1852, 1882), a de Daniel Sanders (*Deutscher Sprachschatz*, 1873-1877) e a de Julio Casares (*Diccionario Ideológico de la Lengua Española*, 1959), el defende a súa clasificación fronte a aquelas por diversos motivos. Algúns dos campos conceptuais de Schemann, como B, G e H non aparecen nas clasificacións citadas, ademais, a proposta del caracterízase polo seu dinamismo, por amosar o home en relación co medio e sempre en interacción cos seus semellantes. Nas outras clasificacións pártese máis ben dunha estrutura con clases lóxicas e non dinámicas, que se deduciu aprioristicamente e aplicou, ou, mellor dito, que se superpuxo á lingua. A ordenación de Schemann é moi moderna porque é indutiva, tendo como base o propio material fraseolóxico, do que xorde de maneira natural, despois de analizar a súa semántica e pragmática.

A clasificación de Schemann non se rexe sempre por principios lóxicos provenientes da observación do mundo exterior [7] (como nas mencionadas clasificacións), senón a maioría das veces tamén por unha intuición "pre-lóxica" que reflicte o home en contacto co mundo que o rodea, cos seus "pre-xuízos" e coas súas "pre-ferencias".

Os FR aparecen agrupados e numerados por bloques en cada un dos campos onomasiolóxicos, indicando a distancia de interliñado a afinidade entre os distintos bloques: a menor distancia, maior afinidade. Este sistema ten a vantaxe de ser visual e conceptualmente moi claro. Unha desvantaxe que se pode presentar para certos tipos de usuarios do dicionario é a ausencia de definición dos FR, xa que aínda que aparecen agrupados por campos conceptuais e se deduce facilmente o seu arquilexema definidor, falta unha descrición individualizada do significado concreto de cada FR. Esta característica do dicionario reduce o ámbito de usuarios, que deberán ser nativos ou cun nivel de alemán como lingua estranxeira C1/C2 e polo tanto coñecer polo menos

[7] A clasificación de Casares, por exemplo, non sería idónea para a fraseoloxía porque presenta categorías lóxicas como "El Universo: mundo orgánico: Física y Química", etc. que non teñen absolutamente ningunha representación en fraseoloxía. Esta clasificación, ademais, réxese segundo Schemann (páx. XXVI) por unha imaxe cristiá do home.

pasivamente cada expresión. Desta maneira garántese un uso activo do dicionario enfocado á codificación de textos, e no só á descodificación.

Para concluír queremos destacar o alto valor científico, así como a grande utilidade para tradutores, lingüistas e escritores, do *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten*, froito de longos anos de experiencia lexicográfica do autor e dunha dilatada reflexión sobre os referentes que abarca a fraseoloxía, o porqué destes e a finalidade pragmática dos FR. Confiamos en que esta obra inspire a creación doutras similares para as linguas europeas que aínda non contan con dicionarios onomasiolóxicos desta calidade.

Carmen Mellado Blanco [8]

Universidade de Santiago de Compostela

[8] A presente recensión xurdiu no marco do proxecto de investigación HUM2007-62198/FILO sobre fraseoloxía contrastiva alemán-español, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación.

Novas
News

NOVAS

1. Libros, revistas ou artigos

ADEYEMI, Lere (2012): "Proverbs and Anti-proverbs in Ọladẹjọ Okediji's 'Rẹ́rẹ́ Rún': A Marxist Perspective" en *Paremia* 21, 2012, 207-218. [http://www. *Paremia*.org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

AGUILAR, Manuel José (2012): "Neologismos fraseológicos como palabras diacríticas en las locuciones en español" en *Paremia* 21, 2012, 47-57. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

AMAHJOUR, Aziz (2012): "Aproximación semiótica a unidades fraseológicas españolas de temática mora y morisca" en *Paremia* 21, 2012, 177-186. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

ARSENTEVA, Elena e KAYUMOVA, Albina (2012): "Translation Possibilities of Occasional Contextul Modifications of Phraseological Units" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 1-12.

BASHIR, Amina A. e IDRIS AMALI, Halima O. (2012): "Women Against Women: The Sociolinguistics of Hausa Proverbs" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 13-24.

BRŇÁKOVÁ, Jana (2011): "Expression versus locution: á la recherche d'une discrimination" en *Studia Romanistica* 11, 1, 2011, 19-26.

BURGER, Harald (2012). Véxase FILATKINA, Natalia (2012).

CAMERON, Krista (2012). Véxase VAN LANCKER SIDTIS, Diana (2012).

CATALÀ GUITART, Dolors (2012): "Figement et défigement comme outil didactique du FLE" en *Paremia* 21, 2012, 59-66. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

CAZAL, Françoise (2012): "Los refranes en el 'Auto de Caín y Abel' de Jaime Ferruz: frontera entre texto dramático y enunciado proverbial" en *Paremia* 21, 2012, 21-32. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

COPPENS D'EECKENBRUGGE, Monique (2012): "Errare humanum est" en *Paremia* 21, 2012, 197-205. [http://www. *Paremia*.org/index.php?option=com_content &view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

DELAHUNTY, Gerald (2011): "Contextually Determined Fixity and Flexibility in "Thing" Sentence Matrixes" en *Yearbook of Phraseology* 2, 2011, 109-135.

DETRY, Florence (2012): "Estrategias de aprendizaje e iconocidad fraseológica: claves cognitivas para el estudio de expresiones idiomáticas en una LE" en *Paremia* 21, 2012, 97-106. [http://www.*Paremia*.org/index.php?option= com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij O. (2012): "Are free word combinations really free? (Lexical co-ocurrence of the Russian degree modifier č*rezvyčajno*)" en *Yearbook of Phraseology* 3, 2012, 57-86.

DOYLE, Charles Clay (2012): *Doing Proverbs and Other Kinds of Folklore*. Philological and Historical Studies. Vermont: University of Vermont, 344.

DOYLE, Charles Clay, MIEDER, Wolfgang e SHAPIRO, Fred R. (2012): *The Dictionary of Modern Proverbs*. Yale: Yale University Press, 312.

DRÄGER Marcel (2012). Véxase FILATKINA, Natalia (2012).

ETTINGER, Stefan (2011): "Einige kritische Fragen zum gegenwärtigen Forschungsstand der Phraseodidaktik", en SCHÄFER, Patrick; SCHOWALTER, Christine (ed.) (2011): *In mediam linguam. Mediensprache-Redewendungen-Sprachvermittlung. Festschrift für Heinz-Helmut Lüger*. Verlag Empirische Pädagogik; 321-250.

(2012): "Phraseologische Faux Amis des Sprachenpaares Französisch-Deutsch unter phraseografischen und translatorischen Gesichtspunkten", en PRINZ, Michael; RICHTER-VAPAATALO, Ulrike (eds.) (2012): *Idiome, Konstruktionen, "verblümte rede". Beiträge zur Geschichte der germanistischen Phraseologieforschung*. Stuttgart: Franz Steiner Verlag, 357-373.

FAGAPANE, Federica (2011): "La traducción de la fraseología en los diccionarios bilingües español-italiano italiano-español" en *Epos,* XXVII, 2011; 49-69.

FALCONER, Carolyn (2012). Véxase VAN LANCKER SIDTIS, Diana (2012).

FILATKINA, Natalia, KLEINE-ENGEL, Ane, DRÄGER Marcel, BURGER, Harald (eds.) (2012): *Aspekte der historischen Phraseologie und Phraseographie*. Winter Universitätsverlag: Heidelberg.

FILATKINA, Natalia; MÜNCH, Birgit Ulrike; KLEINE-ENGEL, Ane (Hrsg.) (2012): *Formelhaftigkeit in Text und Bild. Band 2 der Reihe Trierer Beiträge zu den Historischen Kulturwissenschaften*. Wiesbaden: Reichert-Verlag; ISBN 978-3895008139; 312 páxs.

FRAGUAS, Antonio (2012): "Breves verdades" en *El País*. 12.5.2012. Babelia 1068.

FREDDI, Maria (2011): "Phraseological Approach to Film Dialogue: Film Stylisticas Revisited" en *Yearbook of Phraseology* 2, 2011, 137-162.

GALLEGO HERNÁNDEZ, Daniel (2012): "Traducir en tiempos de crisis: estudio comparativo de la traducción francés-español de colocaciones en el lenguaje de los negocios" en *Paremia* 21, 2012, 151-162. [http://www. *Paremia*

.org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

GARCÍA PAGE, Mario (2009): "La Fraseología en España: de Casares (1950) a la Nueva Gramática de la Real Academia (2009) en ORTIZ ÁLVAREZ, María Luísa y HUELVA UNTERNBÄUMEN, Enrique (organizadores) (2011) *Uma (re)visão da teoria e da pesquisa fraseológicas*. Instituto de Letras.

(2010): "Norme et usage des expressions idiomatiques de l'espagnol: leur manipulation dans le discours" en ARAÚJO CARREIRA, Maria Helena (dir.) e TELETIN, Andreea (col.) (2010): *L'idiomaticité dans les langues romanes.* Série Travaux et documents 48,2010; 407-430. Paris: Université Paris 8 Vincennes Sant-Denis.

(2010): "Les études sur les expressions idiomatiques en Espagne" en ARAÚJO CARREIRA, Maria Helena (dir.) e TELETIN, Andreea (col.) (2010): *L'idiomaticité dans les langues romanes.* Série Travaux et documents 48,2010; 431-456. Paris: Université Paris 8 Vincennes Sant-Denis.

(2011): "Collocations complexes (application à l'espagnol) (2011) en *International Journal of Linguistics and Language Resources*. Lingvisticae Investigationes 34,2011, 1,68-111.

(2011): "Hombre clave, hombre rana', ¿un mismo fenómeno?", en *Verba* 38,2011,127-170.

(2011): "Los otros 'falsos amigos' de la fraseología: variantes genuínas y variantes espurias" en GONZÁLEZ ROYO, Carmen y MOGORRÓN HUERTA, Pedro (eds.) (2011): *Fraseología contrastiva. Lexicografía, Traducción y análisis de corpus".* Alicante: Publicaciones de la Universidad de Alicante.

(2012) "Esquemas sintácticos de formación de locuciones adverbiales de contenido espacial y temporal" en SINNER, Carsten, TABARES PLASENCIA, Encarnación, MONTORO DEL ARCO, Esteban T. (eds.) (XXX): *Tiempo, espacio y relaciones espacio-temporales en la fraseología y paremiología españolas.* München: Peniope; 142-152.

(2012): "El nombre propio proverbial en la comparación estereotipada" en PAMIES, Antonio, PAZOS BRETAÑA, José manuel, LUQUE NADAL, Lucía (eds.): *Phraseology and Discourse: Cross Linguistic and Corpus-based Approaches.* Schneider Verlag Hohengehren GmbH.

GARDELLE, Laure (2011): "Whoop Her up, Hit It, Go it Alone: The Role of the Personal Pronoun in the Fossilization Process" en *Yearbook of Phraseology* 2, 2011, 163-178.

GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (2012): "De la didáctica de la fraseología a la fraseodidáctica" en *Paremia* 21, 2012, 67-84. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

GOTTHARDT, Zoltán (2012). Véxase HRISZTOVA-GOTTHARDT, Hrisztalina (2012).

GUTIÉRREZ-COLÓN, Mar e PLADEWALL, Elisabeth: "Fórmulas lingïísticas en la producción escrita de aprendices de inglés" en *Cuadernos de Investigación Filológica* 35-36, 2009-2010, 77-104.

HOEKSEMA, Jack; SAILER, Manfred (2012): "Literal and nonliteral meaning in placename idioms" en *Yearbook of Phraseology* 3, 2012, 127-142.
HRISZTOVA-GOTTHARDT, Hrisztalina e GOTTHARDT, Zoltán: "Sprichwörter im bulgarischen nationalen Korpus" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 25-36.
IDRIS AMALI, Halima O. (2012). Véxase BASHIR, Amina A. (2012).
IDSTRÖM, Anna (2012 a, b, c). Véxase PIIRAINEN, Elisabeth (2012 a, b, c).
IGLESIAS OVEJERO, Ángel (2010): "Apotegmática: hechos y dichos tradicionales de El Rebollar" en *Cahiers du P.R.O.H.E.M.I.O*. XI, 2010, 381-410.
IGLESIAS OVEJERO, Ángel et alii (2011): *Cancionero y formulario lúdico de tradición infantil en El Rebollar y otros lugares del occidente salmantino.* Con la colaboración de Françoise Giraud y Cécile Iglesias. Salamanca: Diputación de Salamanca; 258 páxs.
ILINÁ, Natalia (2009-2010): "La fraseología como cosmovisión colectiva" en *Mundo Eslavo: Revista Iberoamericana de Estudios Eslavos* 8-9, 2009-2010, 25-36.
JESENSEK, Vida (2010): "Sprichwörter multilingual. Sprachliche Munster – kommunikative Einheiten –kulturelle Symbole" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 373-380.
JUSKA-BACHER, Britta (2011): "Helvetismen: Nationale und areale Varianten? Kodifizierung ung sprachliche Realität", en *Yearbook of Phraseology* 2, 2011, 71-108.
(2012). Véxase SCHREIBER, David (2012).
KAYUMOVA, Albina (2012). Véxase ARSENTEVA, Elena.
KING, Jeanette e SYDDALL, Caroline (2011): "Changes in the Phrasal Lexicon of Maori: *Mauri* and *Moe*" en *Yearbook of Phraseology* 2, 2011, 45-69.
KLEINE-ENGEL, Ane (2012). Véxase FILATKINA, Natalia (2012).
KOMENDA-EARLE, Barbara (2012): "Wann hätte man einem ein bad zurichten können? –Zu Prozessen der Entstehung und des Schwundes von Redensarten en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 37-66.
KONSTANTINOVA, Anna (2012): "Proverbs in an American Musical: A Cognitive-Discursive Study of "'The Full Monty'" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 67-94.
KOUGENTAKIS, Katherine M. (2012). Véxase VAN LANCKER SIDTIS, Diana (2012).
LYAZIDI, Rachid (2012): *Animal* Proverbs *and Auotes Kingdom. Volume 1: Domestic Animals.* Denver, Colorado: Outskirts Press.
MAC COINNINGH, Marcas (2012): "Syntactic Structures in Irish-Language Proverbs" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 95-136.
MADYJEWSKA, Katarzyna (2011): "Las alusiones a la Literatura española en Internet como palabras aladas-Reto para el traductor extranjero" en *Epos,* XXVII, 2011; 353-363.
MAHLOW, Cerstin (2012). Véxase SCHREIBER, David (2012).

MAHMUDOVA, Sabina (2012): "Analyse syntaxique des proverbes azerbaïdjanais" en *Paremia* 21, 2012, 129-140. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

MARCON, Mario (2012): "Mieux vaut n-gram qu'introspection. 'Google Ngram Viewer' et parémiologie" en *Paremia* 21, 2012, 85-95. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

MARTINEZ, Erika (2011): *Lenguaraz (aforismos).* Valencia: Pre-Textos. 84 páxs.

MARTINS, Pedro (2012): "Dura lex sed lex: Traces od Latin proverbs in the Portuguese contemporary Law" en *Paremia* 21, 2012, 33-38. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article id=182&Itemid=06&lang=es].

MEJRI, Salah (2008). Véxase MOGORRÓN HUERTA, Pedro (2008).

MEL'ČUK, Igor (2012): "Phraseology in the language, in the dictionary, and in the computer" en *Yearbook of Phraseology* 3, 2012, 31-56.

MIEDER, Wolfgang (2012): *International Bibliography of Paremiography. Collections of Proverbs, Proverbial Expressions and Comparisons, Quotations, Graffiti, Slang and Wellerisms*. Volume 34 of *Supplement Series of Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship.* Vermont: University of Vermont, 362 páxs.

(2012). Véxase DOYLE, Charles Clay (2012).

(2012). Véxase NOLTE, Andreas (2012).

(2012): *Proverbs. A Handbook.* Nova York: Peter Lang Publishing. 328.

(2012): *Proverbs Are never out of Season.* Nova York: Peter Lang Publishing. 304.

(2012): "Think Outside the Box: Origin, Nature, and Meaning of Modern Anglo-American Proverbs" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 137-196.

MOGORRÓN HUERTA, Pedro & MEJRI, Salah (dirs). (2008): *Las construcciones verbo-nominales libres y fijas. Aproximación contrastiva y traductológica.* Encuentros Mediterráneos. Rencontres Méditerranéennes. Alicante: Universidad de Alicante, Université Paris 13, Université de Sousse; ISBN 978-84-7908-974-0; 221 páxs.

(2009): *Fijación, desautomatización y traducción. Figement, défigement et traduction*. Encuentros Mediterráneos. Rencontres Méditerranéennes. Alacant: Universitat d'Alacant. Universidad de Alicante; ISBN 978-84-7908-488-2; 279 páxs.

(2010): *Opacidad, idiomaticidad, traducción. Opacité, idiomaticité, traduction.* Encuentros mediterráneos. Rencontres méditerranéennes, 3. Alicante: Universitat d'Alacant - Universidad de Alicante. ISBN 9788497171311. 383 páxs.

(2012): *Lenguas de especialidad, traducción, fijación. Langues spécialisées, figement et traduction.* Encuentros Mediterráneos. Rencontres Méditerranéennes. En homenaje al Prof. Pierre Lerat. Alacant: Universitat d'Alacant. Universidad de Alicante; ISBN 978-84-9717-209-7; 212 páxs.

MOKIENKO, Valerij (2012). Véxase RUIZ-ZORRILLA CRUZATE, Marc (2012).
MONTEIRO, George (2012): "Archer Taylor to a Young Literary Folklorist: An Exchange of Letters", en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 197-212.
MORVAY, Károly (2012): *Els Bons usos es perden: petit diccionari fraseològic cerdanià*, Barcelona: Institut d'Estudis Catalans.
MÜLLER, Gerhard (2012): "Roter Faden": Sprachgeschichtliche Anmerkungen en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 213-222.
MÜNCH, Birgit Ulrike (2012). Véxase FILATKINA, Natalia (2012).
NEGRO ALOUSQUE, Isabel (2009-2010): "The Figurative Language of Corporate Alliances" en *Cuadernos de Investigación Filológica* 35-36, 2009-2010, 49-61.
NOLTE, Andreas (2012): "Gesagt ist gesagt": Die Sprichwörter im Werk von Max Frisch" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 223-264.
NOLTE, Andreas e MIEDER, Wolfgang (2012): *Zu meiner Hölle will ich den Weg mit guten Sprüchen pflastern.* Hildesheim: Georg Olms Verlag, 496.
NOOTEBOOM, Sieb (2011): "Self-Monitoring for Speech Errors in Novel Phrases and Phrasal Lexical Items" en *Yearbook of Phraseology* 2, 2011, 1-16.
NWACHUKWU-AGBADA, J. O. J. (2012): "The African Proverb and the Living Present: A Paradigm from Recent Igbo Paremiology" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 265-290.
PEETE, Phor (2012): "Fielding's Proverbs: A Cautionary Tale" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012,291-306.
PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2012): *Gramática y semántica de las locuciones.* (UAH Monografías – Humanidades 42). Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá. ISBN 978-84-15595-76-2; 333 páxs.
PERMUY HÉRCULES DE SOLÁS, Iris C. (2012): "Análisis comparativo de diccionarios monolingües de *Paremia* s en inglés como herramienta traductológica" en *Paremia* 21, 2012, 107-115. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].
PIIRAINEN, Elisabeth (2012a): *Widespread Idioms in Europe and Beyond: A Cross-linguistic and Cross-cultural Research Project*, New York, Bern, Berlin, Bruxelles, Frankfurt am Main, Oxford & Wien: Peter Lang. (= Series International Folkloristics 3). [http://www.widespread-idioms.uni-trier.de/].
(2012b) "Idioms from a historical etymological perspective: Benefit for cross-linguistic studies?" en FILATKINA, Natalia, KLEINE-ENGEL, Ane, DRÄGER, Marcel, BURGER, Harald (eds.): *Aspekte der historischen Phraseologie und Phraseographie.* Heidelberg: Universitätsverlag Winter, 167-197.
(2012c) "'Luchsäugig, hundserbärmlich' und '(kirchen)mausarm': Kommen alle Volkssuperlative wirklich vom Volk?" en OEBEL, Guido: *Intensivierungskonzepte bei Adjektiven und Adverbien im Sprachvergleich.*

Crosslinguistic Comparison of Intensified Adjectives and Adverbs. Hamburg: Verlag Kovač, 249-268.

(2012d) "Manifestation von Kultur in der Phraseologie: ein Ansatz zur Beschreibung weit verbreiteter Idiome" en FILATKINA, Natalia, MÜNCH, Birgit Ulrike, KLEINE-ENGEL, Ane (eds.): *Formelhaftigkeit in Text und Bild.* Wiesbaden: Reichert Verlag, 61-79.

(2012e) "Metaphors of an endangered Low Saxon basis dialect – exemplified by idioms of STUPIDITY and DEATH" en IDSTRÖM, Anna e PIIRAINEN, Elisabeth (eds.): *Endangered Metaphors.* Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins (= Cognitive Linguistic Studies in Cultural Contexts 2), 339-357.

(2012f) "La recherche en phraséologie dans une perspective européenne: de nouvelles missions pour la linguistique européenne" en BEGIONI, Louis et BRACQUENIER, Christine (eds.): *Sémantique et lexicologie des langues d'Europe. Théories, méthodes, applications.* Rennes: Presses Universitaires de Rennes, 355-372.

PIIRAINEN, Elisabeth e IDSTRÖM, Anna (eds.) (2012a): *Endangered Metaphors.* Amsterdam/ Philadelphia: John Benjamins (= Cognitive Linguistic Studies in Cultural Contexts 2). [Véxanse nesta mesma sección as páxs. 399-400].

(2012b) [e IDSTRÖM, Anna]: "The wolf – an evil and ever-hungry beast or a nasty thief? Conventional Inari Saami metaphors and widespread idioms in contrast" en *Metaphor and the Social World* 2/1, 87-113.

(2012c) [e IDSTRÖM, Anna]: "Endangered Metaphors: Introduction" en PIIRAINEN, Elisabeth e IDSTRÖM, Anna (eds.): *Endangered Metaphors.* Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins (= Cognitive Linguistic Studies in Cultural Contexts 2), 15-19.

PINSON, Mathilde (2011): "The Paradoxical Success of Can (-ed) Not Help but V: When the Extragrammatical Meets the Non-Compositional" en *Yearbook of Phraseology* 2, 2011, 17-43.

PLADEWALL, Elisabeth (2009-2010). Véxase GUTIÉRREZ-COLÓN, Mar (2009-2010).

PONCE MARTÍNEZ, Nuria (2011): "El arte de traducir expresiones idiomáticas: la finalidad de la funcionalidad" en *Hermēneus* 13,2011, 127-149.

PRADO, Benjamín (2012): *Pura lógica (500 aforismos)*. Madrid: Hiperión. 114 páxs.

ROBLES I SABATER, Ferran: *Aspectes de fraseologia contrastiva alemany-català: fraseologismes de la producció verbal*. Biblioteca Catalànica Germànica 9. Aachen: Shaker Verlag.

RUIZ-ZORRILLA CRUZATE, Marc, WALTER, Harry, MOKIENKO, Valerij (2012): "Sobre la estructura del nuevo 'Diccionario paremiológico ruso-español'" en *Paremia* 21, 2012, 39-45. [http://www. *Paremia*.org/index.php?option= com_content view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

SAILER, Manfred (2012). Véxase HOEKSEMA, Jack (2012).

SALDAÑA GASCÓN, Carmen (2012): "Estudio paremiológico intergeneracional en la familia de Gascón Bernal" en *Paremia* 21, 2012, 187-196. [http://www.

Paremia .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

SARDELLI, Maria Antonella (2012): "Análisis narratológico, semiológico, temático y fraseológico de 377A, madera de héroe de Miguel Delibes" en *Paremia* 21, 2012, 163-176. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

SAVATER, Fernando (2012): *Tirar de la cuerda*. Selección de Andrés Neuman. Granada: Cuadernos del Vigía. 104 páxs.

SCHREIBER, David, MAHLOW, Cerstin, JUSKA-BACHER, Britta (2012): "Phraseologische Neologismen: Identifikation und Validierung" en *Yearbook of Phraseology* 3, 2012, 3-30.

SHAPIRO, Fred R. (2012). Véxase DOYLE, Charles Clay (2012).

SHURGAIA, Tea (2012): "The Earliest Printed Collection of Persian Proverbs" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 307-330.

SIDTIS, John J. (2012). Véxase VAN LANCKER SIDTIS, Diana (2012).

SMITH, John B. (2012): "Traditional Sayings as Reflexes of Household, Barn, and Byre" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 331.340.

SOLANO, Mª Ángeles (2012): "Las unidades fraseológicas del francés y del español: tipología y clasificación" en *Paremia* 21, 2012, 117-128. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

SYDDALL, Caroline (2011). Véxase KING, Jeanette (2011).

TEIXEIRA, José (2011): "Futebol, inferno, jogo e guerra: As realizações linguísticas do jogo como metáfora nas capas dos jornais desportivos portugueses" / "Football, Hell, Game and War: Linguistic Expressions of the Game as a War Metaphor on the Covers of Portuguese Sports Newspapers" en *Diacrítica: Revista do Centro de Estudos Humanísticos*. Universidade do Minho, 25/1, 2011, 283-317.

TOBÓN BECERRA, Adriana (2012): "La filosofía como método de estudio para la paremiología: la visión de Gonzalo Soto Posada" en *Paremia* 21, 2012, 13-20. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

TREMBLAY, Antoine (2012): "Empirical evidence for an inflationist lexicon" en *Yearbook of Phraseology* 3, 2012, 109-126.

UGARTE BALLESTER, Xus (2010): "'Les vins d'Anjou, les couilles de Lorraine et les Gentilz qui furent buveurs eternels': ambivalencia y sociocentrismo lúdico en los blasones populares del 'Pantagruel' de Rabelais, con muestras de versiones en varias lenguas" en *Cahiers du P.R.O.H.E.M.I.O*. XI, 2010 323-333.

(2012): "Parler petit nègre: una pincelada fraseológica y léxica de la visión de la lengua del otro" en *Paremia* 21, 2012, 141-150. [http://www. *Paremia* .org/index.php?option=com_content&view=article&id=182&Itemid=106&lang=es].

WAGENSBERG, Jorge (2012): *Más árboles que ramas. 1116 aforismos para navegar por la realidad*. Barcelona: Tusquets. 264 páxs.

(2012): "Pretexto para un texto fuera de contexto" en *El País*. 12.5.2012. Babelia 1068.

WALTER, Harry (2012). Véxase RUIZ-ZORRILLA CRUZATE, Marc (2012).

VAN LANCKER SIDTIS, Diana; KOUGENTAKIS, Katherine M.; CAMERON, Krista; FALCONER, Carolyn; SIDTIS, John J. (2012): "*Down with* _____": The linguistic schema as intermediary between formulaic and novel expressions" en *Yearbook of Phraseology* 3, 2012, 87-108.

WOLLIN, Carsten (2012): "Die Sprichwörten und Epigramme des Ulgerius von Angers" en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29, 2012, 341-372.

1.1. Recensións

ALEXIADIS, Minas Al. (2011): *Entipa mesa epikoinonias kai laikos politismos. Neoterika laografika*. Atenas: Instituto toiu Bibliou. Recensión de Wolfgang Mieder, en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29:2012, 381-384.

BUJÁN, Patricia (2012). Véxase MELLADO, Carmen (2012).

BURGER, Harald (2010): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*, 4, neu bearbeitete Auflage (Grundlagen der Gemanistik 36). Berlin: Erich Schmidt. Recensión de Sylvia Jaki, en *Yearbook of Phraseology* 2, 2011, 182-186.

CARBONELL BEVIÁ, José Ramón (2011): *Refranero de la Música. Temático.* Alicante: Gráficas Pe.com. Recensión de José María de Jaime Lorén, en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29:2012. 385-388.

ČERMÁK, František (ed.) (2012): *Slovník české frazeologie a idiomatiky I-IV* [Dictionary of Czech Phaseology and Idiomatics I-IV]. Prague: Leda. Recensión de Peter Durčo, en *Yearbook of Phraseology* 3, 2012, 169-172.

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij e PIIRAINEN, Elisabeth (2012): *Zur Theorie der Phraseologie. Kognitive und kulturelle Aspekte* [On Phraseological Theory: Cognitive and Cultural Aspects]. Tubingen: Stauffenburg Verlag. Recensión de Andreas Langlotz, en *Yearbook of Phraseology* 3, 2012, 156-160.

DOMÍNGUEZ BARAJAS, Elías (2010): *The Function of Proverbs in Discourse: The Case of a Mexican Transnational Social Network.* Berlín: De Gruyter Mouton. Recensión de Peter Unseth, en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29:2012, 389-396.

FERRO RUIBAL, Xesús (ed.) (2012): *Cadernos de Fraseoloxía Galega*. [Journal of Galician Phraselogy]. Santiago de Compostela: [Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades] Galigraf. Recensión de Alexandra Mateu Martin, en *Yearbook of Phraseology* 3, 2012, 161-168.

FOURCAUD, Christine (2009): *Prhaseologie und Sprachtransfer bei Arte-Info* (Im Medium fremb Der Sprachen und Kulturen 15). Bern, Berlin, Bruxelles, Frankfurt am Main, New York, Oxford & Wien: Peter Lang. Recensión de Tamás Kispál, en *Yearbook of Phraseology* 2, 2011, 191-194.

GIBSON, Walter S. (2010): *Figures o Speech, Picturing Proverbs in Renaissance Netherlands.* Berkeley, California: University of California Press. Recensión de Wolfgang Mieder, en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29:2012, 397-404.

HERRERO, Claudia (2012). Véxase MELLADO, Carmen (2012).

HOUSTON HALL, Joan, ed. (2012): *Dictionary of American Regional English. Volume V, SI-Z.* Cambridge, Massachussetts: The Belknap Press of Harvard University Press. Recención de Wolfgang Mieder, en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29:2012, 405-410.

HRISZTOVA-GOTTHARD, Hrisztalina (2010): *Vom gedruckten Sprichwörterbuch zur interaktiven Sprichwortdatenbank.* Bern, Berlin, Bruxelles, Frankfurt am Main, New York, Oxford & Wien: Peter Lang. Recensión de Britta Juska-Bacher, en *Yearbook of Phraseology* 2, 2011, 179-182.

IGLESIAS, Nely (2012). Véxase MELLADO, Carmen (2012).

INCHLEY, Valerie M. (2010): *Sitting in My House Dreaming of Nepal. Epal Through the Eyes of Its Proverbs*. Nepal: Ekt Books. Recensión de Wolfgang Mieder, en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29:2012, 411-418.

JI, Meng (2010): *Phraseology in Corpus-Based Translation Studies* (New Trends in Translation Studies 1). Bern, Berlin, Bruxelles, Frankfurt am Main, New York, Oxford & Wien: Peter Lang. Recensión de Lucja Biel, en *Yearbook of Phraseology* 2, 2011, 186-191.

KORHONEN, Jarmo (2012): *Phraseologie und Lexikographie. Phraseologismen in ein- und zweisprachigen Wörterbüchern mit Deutsch* [Phraseology and Lexicography. Phraseological Expressions in Monolingual and Bilingual Dictionaries with German as One of Their Languages]. Burlignton, Vermont: University of Vermont. Recensión de Regula Schmidlin, en *Yearbook of Phraseology* 3, 2012, 147-152.

MANSILLA, Ana (2012). Véxase MELLADO, Carmen (2012).

MAWR, E. B. (2011): *Analogous Proverbs in Ten Languages [English, Romanian, French, German, Italian, Spanish, Dutch, Danish, Portuguese, Latin]*. (London 1885). Rpt. Ed. By C. G. Sandulescu and Lidia Vianu. Bucarest: Contemporary Literatury Press. Recensión de Anca-Mariana Pegulescu, en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29:2012, 419-422.

MELEROVICH, A. M. e MOKIENKO, V. M. (2010): *Жиэнб русской фразеологии в художественной речи / The Life of Russian Phraseology in Artistic Speech*. Kostroma, Rusia: N. A. Nekrasov Kostroma State University. Recensión de Kevin J. McKenna, en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29:2012, 423-426.

MELLADO, Carmen; BUJÁN, Patricia; HERRERO, Claudia; IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2012): *La fraseografía del s.XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán* [Phraseography of the 21st century. New proposals for Spanish and German]. Berlin: Frank & Time. Recensión de Berit Balzer, en *Yearbook of Phraseology* 3, 2012, 143-146.

MIEDER, Wolfgang (2012): *"Sein oder Nichtsein". Das Hamlet-Xitat in Leteratur, Übersetzungen, Medien und Karikaturen* ["To Be or Not to Be": The Hamlet-Quote in Literature, Translation, Media, and Caricatures]. Wien: Praesens Verlag. Recensión de Regula Hohl Trillini, en *Yearbook of Phraseology* 3, 2012, 153-155.

MOKIENKO, V. M. (2010). Véxase MELEROVICH, A. M. (2010).

PIIRAINEN, Elisabeth (2012). Véxase DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2012).

REZNIKOV, Andery (2012): *Russian Anti-Proverbs of the 21st Century: A sociolinguistic Dictionary*. Vermont, University of Vermont. Recención de Kathleen Scollins, en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29:2012, 427-430.

SCHELLBACH-KOPRA, Ingrid (2011): *Zwei Finnen brauchen keinen Dolmetscher. Finnische Sprichwörter*. Berlín: Frank & Timme. Recensión de Pekka Hakamies, en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* 29:2012, 431-434.

